Comarcas de Galicia

Comarcas

1

Suplemento de El Correo Gallego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado por el Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial.
Número de presentación.
1 de Abril de 1995



LA COMPARTIMENTACIÓN DEL TERRITORIO DA LUGAR A COMARCAS NATURALES MUY CONTRASTADAS

PARTE DEL EQUIPO REDACTOR DEL SUPLEMENTO DEDICADO A LAS COMARCAS GALLEGAS

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo,
Catedrático de Geografía Humana de la Universidad de Santiago de Compostela
Coordinación: Eugenio Caeiro González, Luis Pousa Meréns y Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz y Fernando García Pazos
Rutas: José Manuel Salgado Mosquera

Diseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: Manolo Blanco
Coordinación técnica: Domingo Otero
Infografía: Teresa Tojo
Digitalización fotográfica: Francisco Mirás

Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encuaderna: Encuga, S.L.
Dep. Legal: PO-93/95

PLAN DE LA OBRA

EL conocimiento de Galicia a través de sus comarcas ha despertado - desde siempre- la curiosidad de muchos gallegos. Entre lo mucho que de cada una podría escribirse, hemos optado por seleccionar aquellos aspectos que podían tener un interés más general, siempre dentro de la brevedad y la sencillez, puesto que no se trata de un trabajo de erudición, sino de una obra divulgativa. En el texto dedicado a cada comarca se exponen –del modo más sucinto posible– las características geográficas, históricas y socioeconómicas, y -previamente a ellas- se presenta una explicación justificativa de la delimitación comarcal propuesta. No se trata, todavía, de una división comarcal de Galicia con carácter oficial-aunque en ello estamos trabajando- porque la que así sea ha de surgir de los cauces participativos previstos y adoptar una forma legal precisa. Exponemos la división comarcal en el estado actual de elaboración, según los estudios y los planes hasta ahora realizados. Pero creemos que, por encima de las muchas y legítimas opiniones, estamos ante una delimitación comarcal basada en factores objetivables, y que es fruto de un largo proceso de análisis, contrastación, divulgación, participación- formal e informal- y de un consenso necesario de los agentes sociales. Posiblemente estemos muy cerca de esa versión definitiva, pero - como antes dijeno le corresponde todavía asignarle esa condición. En los primeros fascículos haremos una introducción sobre el complejo tema de la Comarcalización, porque atañe a cuestiones que surgen a diario en los medios de comunicación y en la calle, y que - por eso- conviene conocer sus contenidos. La Comarca y el Plan de Desarrollo Comarcal constituyen el contenido de dos capítulos iniciales, a los que seguirá cada una de las comarcas, empezando por las del interior, las menos conocidas.

Pero, por encima de las cuestiones citadas, hay un objetivo preferente: difundir los recursos comarcales, y en especial los susceptibles de utilización turística, para que ese mejor conocimiento que todos los gallegos debemos tener de nuestra tierra, se una a un fomento de las relaciones entre los habitantes de la ciudad y del campo, de la costa y de la montaña, del norte y del sur. Será ese conocimiento mutuo un buen camino para superar tantos inútiles localismos- rurales unas veces, pero urbanos otras- y también un vehículo eficaz para contribuir al desarrollo de las comarcas menos favorecidas, para lo cual el fomento del turismo interior puede constituir un factor desencadenante. Itinerarios comarcales, alojamientos, datos generales, pueden servir de ayuda y estímulo para promover ese intercambio entre todos los gallegos, y también una oportunidad para que los que no lo son puedan conocernos más.

Andrés Precedo Ledo

La comarcalización, una estrategia de futuro

En búsqueda de soluciones para una compleja realidad territorial

EL término comarca, que alude a la existencia de un territorio dentro de un marco común, que engloba a todas las entidades que en él se incluyen, es, por su naturaleza, un espacio que tiene como rasgo definitorio la cohesión interna de los grupos sociales y de los modos de vida, dando lugar a "un pequeño mundo", diferenciado y diferenciador. Toda comarca, por lo tanto, constituye un marco concreto de relación e intercambio para la población que habita en su territorio.

Su vigencia a lo largo de la historia -y muchas veces por encima de artificiosas divisiones administrativas- se debe a la conformación de una "conciencia territorial de grupo", a un cierto sentido de pertenencia basado en el arraigo al terreno. Pero si el concepto resulta claro, menos lo es poner ese marco al territorio; primero, porque, en general, los límites territoriales pecan siempre de artificiosos, ya que en la realidad los cambios espaciales obedecen más a fenómenos transicionales que a "marcos" lineales.

Por eso, allí donde determinados hechos geográficos han funcionado como elementos limitativos a la actividad de las personas -sierras elevadas o cañones fluviales, por ej.- el problema se ha resuelto; pero donde las notas comunes derivan de factores históricos o socioeconómicos, los límites están siempre sujetos a un cierto grado de arbitrariedad. Como escribió Pau Vila, en 1890, a propósito de la división comarcal catalana que él mismo realizó "no existe ninguna comarca inmutable. Precisamente su movilidad es lo que ha creado todas las confusiones del comarcalismo histórico. Las comarcas al fín y al cabo, han sido creadas por el hombre".A propósito de ello, varios autores han sostenido que toda división territorial debe interpretarse a la luz de las circusntancias históricas del momento, hagan referencia a aspectos económicos y culturales o a cuestiones sociopolíticas. Así por ejemplo, en el momento actual la comarcalización es, en todas partes, un aspecto crucial en un debate que afecta al fortalecimiento de los municipios de un lado, y al debilitamiento demográfico y socioeconómico de los mismos, por otro. Entramos así en una dimensión de la comarca excesivamente compleja, como para ser resuelta por una decisión unilateral y en un momento de tiempo determinado.

Sin embargo, la comarca existe en la realidad. Y es, posiblemente, el marco territorial más cotidiano en la percepción de sus habitantes, sea considerado en su aspecto social, convivencial; o como un espacio funcional, en el que se articulan redes locales de intercambio y de relación. Es también, el espacio con una dimensión más adecuada para promover fenómenos de cohesión social y asociacionismo, tan necesarios para alcanzar un mayor grado de solidaridad territorial y de dinamización de la sociedad civil.

Todo ello hace de la comarca una entidad en donde lo multifuncional prevalece sobre una concepción sectorial, de la cual la univocidad no puede predicarse por tratarse de un término polisémico, es decir que tiene una pluralidad de significados y que, por eso, admite diversidad de contenidos. De ahí que para unos, hablar de comarca implica referirse a una realidad geográfica; para otros, a una organización ➪

Mapa da división de Galicia en partidos xudiciais, segundo o decreto do 3 de marzo de 1820

EL MAPA DE PARTIDOS JUDICIALES DE 1820 ES UNA BUENA REFERENCIA DE COMARCALIZACIÓN HISTÓRICA

administrativa; también algunos ven en ello una estrategia de gestión territorial y, a menudo, como un modelo de evaluación del territorio. Otras veces - y ya en el lenguaje coloquial- se habla de comarca para referirse a una zona determinada, a escalas muy diferentes, o a un ámbito espacial donde las relaciones económicas y personales son más frecuentes que en cualquier otro. Y todos ellos son contenidos correctos, porque la comarca es un término -como antes dije- multifuncional. De ahí que a lo largo del tiempo se hayan elaborado diferentes modelos conceptuales de la comarcalización, entendida en su acepción más básica, pero también más fundamental y primaria: la delimitación de las áreas comarcales. Tanto es así, que se ha desarrollado una doctrina dentro de la teoría espacial, referente a la definición de los límites comarcales.

¿Para qué sirve la comarcalización?.

Básicamente se pueden diferenciar cuatro tipos de comarcalización, atendiendo a sus fines:

1.- La comarcalización político-administrativa.

El tamaño demográfico y económico excesivamente reducido de muchos municipios, resulta inadecuado para una gestión administrativa ajustada a las necesidades actuales y futuras, máxime cuando la despoblación de amplias zonas rurales y la concentración de la población en áreas urbanas- las áreas metropolitanas o las aglomeraciones urbanas-introducen una nueva estructura territorial, que es la manifestación espacial de un cambio económico y social más profundo. El debate entre autonomistas, provincialistas, municipalistas y comarcalistas recobra en la actualidad especial vigencia- por las nuevas realidades espaciales- para la administración local. Los servicios judiciales, los distritos electorales, la recaudación fiscal son -entre otras-algunas de las razones que demandan este tipo de comarcalización. No cabe duda que, por sus implicaciones, es la más compleja, y tal vez sea por eso porque ninguna de las experiencias iniciadas recientemente en España haya avanzado, y que la única comarcalización de este tipo vigente -la catalana- esté siendo cuestionada, al no lograr evitar-cuando no acrecentar- los problemas implícitos de vertebración territorial, duplicación de servicios y cargos, burocracias repetidas, aumento de coste ..., y también porque la delimitación comarcal utilizada no se adapta a la realidad del territorio y de las áreas metropolitanas.Lo mismo ha ocurrido en Europa, donde -tras el fracaso de las políticas de agrupación por decreto de los municipios –los programas de reorganización administrativa del territorio implican largos procesos, con una duración media de veinte años– salvo que se hayan adoptado por separado los programas de organizacion territorial y los de reestructuración de las competencias administrativas.

2.- La comarcalización para la ordenación del territorio.

Las políticas de gestión (amenagement) y planificación (regional planning) del territorio llevadas a cabo por los países europeos, se han encaminado, en unos casos, a la ordenación de los usos del suelo y los problemas medioambientales; y, en otros, se ha puesto más énfasis en la corrección de los desequilibrios territoriales y en la mejora de la calidad de vida, incluyendo aspectos económicos y sociales. La reflexión sobre estas realidades ha puesto también de manifiesto la necesidad de adoptar una concepción integrada de las dimensiones ambientales, de las económicas y de las propiamente sociales, lo cual resulta coherente con las demandas que la sociedad futura nos está haciendo. Normalmente, tales políticas territoriales encuentran en la comarca la escala de actuación más



LA RED URBANA PROPORCIONA UN SOPORTE BÁSICO PARA LA ORGANIZACIÓN FUNCIONAL DEL TERRITORIO

adecuada para alcanzar esa necesaria integración, en cuyo caso los planes comarcales son la versión parcial de las directrices de ámbito regional, y a su vez el marco referencial de los planes municipales de ordenación del territorio.

3.- La comarcalización como estrategia de desarrollo endógeno.
Las políticas regionales convencionales, basadas en modelos macroeconómicos y orientadas a la inserción en los mercados internacionales de capital y tecnología, han mostrado una cierta incapacidad para corregir los desequilibrios regionales, cuando no han contribuido a acrecentarlos, y menos aún en las regiones periféricas, donde la capacidad de competencia e innovación y de captación de recursos exógenos es muy reducida. Es más, en los casos en que tales políticas han sido eficaces, los procesos de crecimiento estuvieron asociados a fenómenos de concentración urbana, o limitados a los ejes económicos más competitivos. Por todo ello, hemos sido muchos -cada vez más- los que planteamos la necesidad de adoptar un modelo complementario de desarrollo endógeno que, utilizando la teoría del desarrollo local, ascendente y descendente, permitiera fijar y mantener las capacidades relacionadas con los recursos existentes. Y para ello, el municipio es demasiado reducido y la provincia o la región excesivamente grandes, de ahí que la comarca -estable y estructurada internamente- constituya la escala espacial más eficaz para la búsqueda de un mejor equilibrio territorial y, lo que es más importante, para una mayor cohesión social, y el marco idóneo para promover el asociacionismo y las iniciativas de promoción individual. Las políticas de desarrollo local "desde la base", puestas en marcha durante las últimas décadas, han demostrado ser insuficientes, porque en muchas áreas se carece del estímulo endógeno necesario para que lleguen a ser un modelo alternativo y complementario de desarrollo.

4.- La comarcalización como ámbito de planificación sectorial.
Son cada día más los planes de intervención que necesitan actuar o promover sus objetivos cerca de los usuarios o administrados. La descentralicación, favorecida por las nuevas tecnologías, especialmente la telemática y la electrónica, es un objetivo común a las administraciones y también a muchas empresas. Por eso, en todas las regiones existen múltiples servicios públicos que adoptan su particular sistema de comarcalización: comarcas sanitarias, comarcas educativas, comarcas para servicios sociales, fiscales, laborales etc. Naturalmente que tal multiplicidad de servicios conduce a una desorganizacion creciente del territorio, que afecta negativamente a la propia población que han de servir, obligándola a costosos e innecesearios desplazamientos de uno a otro lugar. La necesidad de una comarcalización estable es cada vez más sentida, aunque haya de compaginarse con una agrupación flexible, que permita adaptar el tamaño de las áreas en que se implanta el servicio a las exigencias que su naturaleza imponga, para no caer en una distribución ineficaz de los recursos.

Comarcas administrativas, comarcas de ordenación territorial, comarcas para el desarrollo o para la administración de los servicios son, por tanto, diferentes formas de entender el sentido de la comarcalización. Todas ellas son de interés, y por ello su integración pudiera parecer lo más adecuado, pero en la realidad no siempre es posible, por lo que caben diversas formulaciones intermedias. Pero esta diferencia de acepciones, aunque complementarias ya que no contrapuestas, no es la única diversidad presente, porque, si una vez que hemos comentado los fines, atendemos a la naturaleza espacial de la comarca, es



LA COMBINACIÓN DE LAS RIAS Y LAS PENÍNSULAS DA LUGAR A ALTERNATIVAS DE COMARCALIZACIÓN DIVERSAS

decir, a la división comarcal del territorio, nos encontramos de nuevo con diferentes opciones.

¿Cuántos tipos de Comarcas hay?

Son abundantes en el lenguaje coloquial las expresiones que se refieren a la comarca como a un determinado ámbito espacial que se supone conocido por el interlocutor, y así se oye decir o se lee en los periódicos formas tales como: "mi comarca", "en la comarca de", "a toda la comarca", "en otras comarcas". Sin embargo, ni todos tienen el mismo referente espacial en la mente, ni siempre se invoca el término para referirse al mismo territorio. Unas veces es una pequeña zona geográfica diferenciada, otras un municipio, otras un espacio supramunicipal. Se carece de una concrección espacial del concepto.

Y lo mismo ocurre en la gestión, así por ej. las mancomunidades de servicios, que agrupan a varios municipios, tienen , por su función, un ámbito comarcal, y sin embargo son muchos los casos en que un ayuntamiento forma parte de varias mancomunidades a la vez. Y ello es porque en ocasiones se trata de uniones voluntarias con finalidades diferentes, en cuyo caso esa multipertenencia resulta lógica; pero en otros es porque se carece de la indentificación territorial precisa. Y no es extraño que así sea, porque -como al principio decíamos- los límites territoriales siguen una línea definida y los cambios de los factores, que sirven de base para definir territorios e intereses comunes, se producen de forma gradual, a modo de transición; y los lugares situados en los bordes suelen presentar problemas de indefinición no fáciles de resolver. Esta dificultad aumenta cuando hay que partir de límites administrativos prefijados que no se adaptaron, en todos los casos, a la realidad del territorio, aunque siempre tengan una razón de ser. Por eso, cuando se emprende la tarea de delimitar las comarcas los problemas se multiplican. No es por tanto extraño que, en algunos casos, varios expertos lleguen a conclusiones distitntas, más aún cuando se adoptan posiciones conceptuales divergentes.

Podemos establecer una clasificación de las divisiones comarcales en cinco tipos o clases: comarcas naturales, comarcas históricas, comarcas geográficas, comarcas funcionales y, como caso especial, las llamadas comarcas homogéneas. Aquellos casos en que todas estas divisiones se superpongan en un mismo territorio, y cuyos límites sean coincidentes, es cuando nos encontramos ante el hecho comarcal mas asentado, y también -por eso- mejor y más intensamente percibido por la población.

Viene a cuento ahora decir que una condición indispensable, para que una división comarcal adquiera permanencia es que entre la población exista un sentimiento mayoritario de pertenencia, y aún de consenso, y también es así en lo que a su denominación se refiere. No olvidemos que los referentes territoriales -marcos o topónimos- figuran entre los de mayor fijación mental, tanto que probablemente puedan incluirse entre las coordenadas vitales básicas de una persona, como los localismos -tantas veces estériles por mal encauzados- ponen continuamente en evidencia.

Todos necesitamos sentirnos arraigados a un lugar, pero haciéndolo compatible con una escala ascendente de subordinación: lo local debe subordinarse al bien del pais a que se pertenezca, y el interés del país al más general; de lo contrario el "localismo" se puede convertir en un fenómeno antisocial y limitante de horizontes, cuya amplitud enriquece a la persona. También la agrupación voluntaria en una comarca requiere una superación de lo local, aunque a veces las dificultades no son tanto por razones psicológicas o

LA DISPERSIÓN DEL HÁBITAT REQUIERE LA DESCENTRALIZACIÓN DE LOS SERVICIOS PÚBLICOS

culturales, como por intereses personales o de grupo referidos a determinadas prácticas de control social. Pero, volviendo a los tipos de comarcas, daremos una breve explicación de cada una de ellas.

Las comarcas naturales fueron los primeros intentos de delimitación con criterios científicos, basados en las corrientes ambientalistas y fisiográficas decimonónicas. Se trataba de definir comarcas claramente individualizadas por hechos naturales; montes, valles, ríos, etc. Dentro de este tipo, la que tuvo más auge fue la que se basó en las cuencas hidrográficas, buscando una solución al problema de los extensos espacios "acomarcales" que las formas de relieve dejaban, porque no siempre la naturaleza dibuja formas tan nítidas como para ser consideradas marcos indiscutibles; además, dada la diferente dimensión de las unidades de relieve, la comarcalización resultante era muy irregular. Pero tampoco las cuencas hidrográficas aportaron una solución convincente; pues con demasiada frecuencia no existía coincidencia entre los resultados obtenidos y lo que la población percibía como su ámbito de relación. Había que considerar otros fenómenos.

2.- Comarcas históricas.

La existencia de un espacio comarcal diferenciado es casi siempre resultado de un largo proceso de conformación social, el cual, por su duración en el tiempo, permitió fijar el marco territorial propio de una comunidad local. Esa permanencia-condición para que la comarca arraigue- no es, de todos modos, un factor automático, sino una consecuencia en el tiempo. Los factores configuradores son muy diversos; puede ser el asentamiento inicial de un grupo étnico diferenciado cuya memoria pervivió en el tiempo; pudo ser el territorio sometido a un señor feudal, a un noble, a un monasterio; pudo ser un espacio económico singular basado en la explotación de un recurso localizado; otras veces, el alfoz de la villa, su área de jurisdicción, o también ese área desde donde acudian al mercado y a la feria local. Se trata muchas veces de factores comunes a los que se utilizan para definir las comarcas desde las otras categorías señaladas, pero la historia añade el tiempo; y su duración, la permanencia y el sentido de pertenencia, siendo lo más específico del hecho histórico -en lo que a la división comarcal se refiere- su dimensión social. El problema es que muchos de esos hechos históricos perdieron vigencia ante el cambio socioeconómico posterior.

3.- Comarcas geográficas.

El avance de los conocimientos geográficos y el interés de dar respuesta a las relaciones existentes entre el hombre y el territorio, dieron lugar, en el S.XIX, a la formación y rápido desarrollo de la ciencia geográfica, que pronto pasó de ser una descripción de lugares a convertirse en una explicación de procesos espaciales. Por su objeto, adoptó un enfoque sintético, englobando las interrelaciones existentes entre el medio físico y el hombre. Es lógico que, en este contexto, ya los primeros geógrafos se interesaran por la comarca, como plasmación básica de esas interrelaciones. Aunque hay una gran diversidad de enfoques, el más genuinamente geográfico es el que adoptó como criterio la variación espacial de los paisajes geográficos, teniendo en cuenta los cambios bioclimáticos, del uso del suelo, de los tipos de asentamientos y de los modos de vida. Como es lógico, bajo un enfoque tan amplio, no fácil de sintetizar, los resultados casi nunca eran coincidentes, existiendo tantas divisiones comarcales como autores se propusieron hacerlo, siendo incluso frecuente que un mismo autor hiciera varias divisiones a lo largo del tiempo, según la óptica predominante en cada momento.



EL CRECIMIENTO DE LAS CIUDADES ALTERÓ LA ANTERIOR ORGANIZACIÓN DEL TERRITORIO, COMO EN LA COMARCA DE VIGO

⇨ *4.- Comarcas funcionales.*

Se asigna este término a la organización del espacio que resulta de proyectar el área de influencia de un centro-generalmente villa o ciudad- hacia el exterior, siendo los límites del área de influencia-definidos por los puntos de ruptura - los que dan lugar a una comarca funcional. De algún modo, todo lo dicho antes tiene una dimensión funcional; la cuenca hidrográfica es un espacio funcional desde un punto de vista natural, el área del mercado rural también lo es; asimismo la jurisdicción de un órgano administrativo, religioso o de poder; y, funcional es también, un hecho social.

Pero cuando en la teoría espacial se aplica el término funcional, se circunscribe a una concepción económica del espacio, surgida a partir de una teoría clásica en este tipo de estudios, la de los "lugares centrales". Según esta, el espacio se organiza mediante la sucesiva integración de los lugares centrales (así se llama a los centros de mercado local) en centros económicos de rango superior (las villas en nuestro lenguaje), y éstos a su vez en los centros urbanos, que son los nodos rectores de un sistema espacial jerarquizado, de acuerdo con el área de distribución de las funciones económicas. En consecuencia, las comarcas funcionales resultantes pueden abarcar espacios internamente heterógeneos desde el punto de vista natural, geográfico o social, pero que se insertan en un área unificada mediante los vínculos funcionales de naturaleza económica.

Esta formulación aportó un soporte conceptual más acabado, pero dió lugar a divisiones comarcales excesivamente "científicas"; más alejadas de la realidad cuanto más sofisticadas eran las técnicas estadísticas de tratamiento de las variables empíricas. Se trataba con ello de salvar el carácter subjetivo de las otras divisiones y llegar a una propuesta "matemáticamente objetiva" y, por ello, casi indiscutible. Ni que duda cabe que tal propósito no se logró, aunque permitió introducir un principio de objetividad en la ordenación del territorio, muy útil cuando otros están ausentes o perdieron su vigencia, o cuando se quiere aplicar un criterio unificador a todo el territorio.

5.- Las comarcas homogéneas.

Aunque tienen menor entidad que los modelos anteriores, podemos añadir este tipo de comarca por haber sido utilizada en la planificación sectorial. Su naturaleza es pragmática, su fin unívoco (comarcas agrarias, comarcas económicas, comarcas sociales) y sus límites trazados según criterios de uniformidad referidos a una determinada variable, que es la que interesa estudiar o planificar.

Nuestras comarcas: todas iguales, todas distintas.

Diversidad según los fines, diferenciación espacial según los criterios, la comarca se nos muestra ahora en toda su complejidad. Pero, por encima de esas disquisiciones académicas, más o menos científicas o técnicas, la comarca es una realidad inscrita en el territorio. Hay que detectarla, pero no inventarla. Por eso, es frecuente escuchar "hay que ir a la comarca natural", no tanto pensando en la naturalista que antes comentamos, sino como oposición a la "comarca artificial", producto de análisis realizados "desde fuera" y que dan lugar a resultados no asimilados por la población afectada. Y, en Galicia, esa "comarca natural" presenta enormes variedades. Unas veces responde a una comarca histórica, como las que llevan la denominación de "Terra de" (un monasterio en Celanova, un poder señorial en el Valle de Lemos o en el país caldelán, etc), aunque tal denominación también puede referirse a un hecho geográfico (Terra Cha, por su planitud). En otros casos son comarcas funcionales, coincidentes con el área de ⇨

➪ influencia de un centro de mercado, y entonces llevan el nombre de la villa en donde tal se celebra (Sarria, O Carballiño, Betanzos, Ordes). Las hay que tienen su origen en un hecho geográfico, como un río (Xallas), un valle (O Salnés, O Ribeiro) la montaña (Terra de Montes) o una planicie, como en el caso ya citado de Terra Cha. A menudo son el área de influencia de una ciudad, y por tanto de naturaleza multifuncional (Ourense, Lugo, Ferrol, Tui). En ocasiones, al reafirmarse un núcleo sobre los demás, o por su mayor centralidad geográfica, se produce también un predominio de una jurisdicción histórica, inicialmente más reducida, sobre las circundantes (caso del Deza o de la Terra de Soneira). No faltan comarcas asociadas a los grupos étnicos originarios (A Limia); y las hay en donde todos estos factores se combinan; como ejemplo, las de Bergantiños y Verín, donde a un marco natural específico, la cuenca de un río, se añade una diferenciación étnica inicial y la atracción de un centro de mercado unificador, que hace de cabecera, y a ello se suma, en el caso de Verín, un dominio señorial. Variedad de situaciones que, aunque puedan en apariencia dificultar una solución inmediata, en realidad aportan una consistencia al proceso, por un hecho tan enriquecedor como el reforzamiento de la variedad, que en sí mismo puede ser valorado como una dimensión cultural más, y que no puede tampoco olvidarse.

La Comarcalización como un proceso abierto, susceptible de incorporar nuevos contenidos, y la división comarcal, como un marco territorial armónico y equilibrador, son dos aspectos de una misma realidad que, para su mejor coordinación, deben caminar conjuntamente, aunque ello implique mayor lentitud, más tiempo, porque los cambios estructurales son siempre a largo plazo, y éste lo es.❡

Andrés Precedo Ledo

A CORUÑA


VILALBA


LALÍN

FERIAS Y MERCADOS DE GALICIA



Las ferias y mercados de Galicia a finales de los años sesenta, según el estudio de Miralbés Bedera, proporciona un marco funcional en la Galicia rural

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

2

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordenado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Maio do 1995

O P.D.C. ten como finalidade fundamental a implantación dun modelo territorial equilibrado baseado na dinamización dos recursos comarcais

COMARCA DE BERGANTIÑOS



INSTALACIÓNS DO SISTEMA DE INFORMACIÓN TERRITORIAL (S.I.T.G.A.)

O DÍA DA INAUGURACIÓN DA SOCIEDADE DE COMARCALIZACIÓN

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo,
Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela
Coordinación: Eugenio Caeiro González, Luis Pousa Meréns e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz e Fernando García Pazos
Rutas: José Manuel Salgado Mosquera ;

Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea
Dixitalización fotográfica: Francisco Mirás

Edita: Editorial Compostela
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ;

O Plan de Desenvolvemento Comarcal

FOI en 1991 cando, por un acordo da Xunta de Galicia, púxose en marcha o Plan de Desenvolvemento Comarcal (P.D.C.); antecedéulle unha fase de estudio e reflexión sobre o grao de aplicabilidade a Galicia doutras experiencias semellantes. Despois, nos catro anos transcorridos, fóronse poñendo en marcha os instrumentos necesarios para converter en realidade os obxectivos formulados en dito acordo. Son xa vinte as Comarcas nas que, tralas catro primeiras experimentais, o P.D.C. se está a aplicar, e que cobren o 42'3% da superficie total de Galicia, aínda que só vivan nela o 22'47% da poboación. Datos estes que nos revelan un feito importante: comezouse polo máis difícil, pero onde era máis necesario, ó tratarse de Comarcas deprimidas, a maioría de montaña. Xa nos primeiros escritos se dicía que este Plan había que entendelo como un proceso aberto, máis que como o resultado dunha determinada disposición administrativa. Un proceso que se anunciaba tamén como gradual e participativo; gradual, porque ó ser innovador –no concepto e na forma– requiría unha prudencia constante na súa posta en marcha; e participativo porque asumimos desde o principio que o desenvolvemento ha de acadarse coa participación activa de todos, principalmente daqueles a quen vai destinado. Aberto, gradual e participativo, pero tamén voluntario. Un proxecto coma este non podía implantarse por decreto. Era necesaria unha etapa –aínda só iniciada– de convencemento, na que os destinatarios recibisen as súas vantaxes. Era o noso principal compromiso e preocupación. O tempo dirá se o alcanzamos. Logo, viñeron consultas a

AS 3 DIMENSIÓNS DO PDC

1 PLANIFICACIÓN

- ANÁLISE DOS RECURSOS EXISTENTES → AXUSTES
- DIAGNÓSTICO DOS RECURSOS POTENCIAIS → POSIBILIDADES
- PARTICIPACIÓN
- INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS ACTUAIS → I. E. PREVISTOS → I. E. NECESARIOS → OBXECTIVOS
- AXUSTES + POSIBILIDADES → OBXECTIVOS DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO
- OBXECTIVOS DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO + OBXECTIVOS → VANTAXES COMPARATIVAS → OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

2 DESENVOLVEMENTO

1 COORDINACIÓN DAS ACTUACIÓNS DAS ADMINISTRACIÓNS

2 DINAMIZACIÓN DO TEXIDO SOCIAL

- XERENTES DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL
- FUNDACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL
  - AXENTES ECONÓMICOS
  - AXENTES POLÍTICOS
  - AXENTES SOCIAIS
- SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL

3 PROMOCIÓN E COMUNICACIÓN

1 CENTROS DE EXPOSICIÓN DE RECURSOS	PR. INTERNA
2 AXENTES DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL	
3 REDE TELEMÁTICA APLICADA Ó DESENVOLVEMENTO (CETADEC)	PR. EXTERIOR

expertos, a súa difusión en foros nacionais e europeos, a súa presentación na Comisión Permanente de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa e a súa exposición ante un grupo de expertos en xestión do territorio do Arco Atlántico. Así xurdiron novas ideas, proporcionáronse solucións e, á vez, levóuse o nome de Galicia ós máis sobresaíntes foros especializados. Neles atopamos tamén unha constatación de que o camiño emprendido era non só bo, senón que a súa aplicación podería ser útil para outras rexións. E así se estableceu un fructífero cambio de pareceres e de aplicacións.

En todo momento, o P.D.C. foi concibido como un modelo complementario de desenvolvemento, plenamente inserto nas tendencias da sociedade posindustrial á que nos encamiñamos. Uns percíbeno baixo a súa óptica económica; algúns como instrumento de cambio social; outros como un modelo de xestión do territorio ou como unha política medioambiental; e moitos como un plan rexional de desenvolvemento local; é dicir, que utilizando a filosofía e os métodos do desenvolvemento local se deseñou unha estratexia de ámbito superior. Puidera parecer, así formulado, un proxecto 'omnicomprensivo' ou 'excesivamente amplo', pero en realidade non o é, porque a variedade de temas e enfoques non é outra cousa que a constatación do carácter multisectorial que debe ter todo modelo que se chame integrado, e que realmente o sexa. Estamos, polo tanto, ante un proxecto complexo, difícil de explicar nunha síntese, nunha fórmula breve e de fácil captación polos interlocutores. Levamos catro anos intentándoo e, aínda que non o logramos totalmente, son moitos os indicios de que amplos sectores da sociedade galega pensan que é un proxecto conveniente. É, en todo caso, un proxecto feito desde Galicia, pensando en Galicia, pero proxectando a súa realidade cara a unha sociedade moderna.

O CONSELLO DE EUROPA

Pensamos nun futuro distinto, no que o campo e a cidade, a cidade e o campo, deixen de ser mundos contrastados, para convertérense nun territorio integrado, artellado, cohesionado, onde a urbanización do campo poida ser un obxectivo a lograr. O Plan de Desenvolvemento Comarcal, (P.D.C.), é, máis ca un instrumento, unha estratexia. Se con el se consegue dinamiza-las iniciativas individuais e os demais recursos endóxenos, algo conseguiriamos, porque o que importa é a finalidade que pretendemos, non as dificultades do comezo.

Os fundamentos do P.D.C.

A dinámica recente dos sistemas territoriais ponnos cada vez máis de manifesto a discordancia existente entre os

obxectivos das políticas rexionais de crecemento e a consecución do equilibrio territorial, resultante da distribución harmónica da poboación e das actividades no territorio. De feito, os procesos económicos actuais, e moitas das políticas tradicionais de planificación territorial, tenden a reforza-lo modelo de concentración espacial, aínda a pesar da crecente flexibilización da producción. Iso introduce disfuncións no mesmo modelo de actividade, e debilita as potencialidades de desenvolvemento que algúns territorios puidesen posuír. É preciso, polo tanto, aborda-lo deseño dunha política complementaria para promove-la cohesión económica e social, especialmente nas rexións periféricas.

Neste contexto, o P.D.C. quere ser un instrumento estratéxico para a coordinación e a articulación das accións de desenvolmento territorial, mediante a aplicación dun modelo voluntario de planificación integrada e participativa.

O Plan baséase na dinamización dos recursos locais ou endóxenos, mediante a creación de órganos intermedios de coordinación, a través dunha definición de obxectivos e accións prioritarias.

A comarca como unidade estratéxica para a planificación

A comarca –como agrupación de municipios– é, en Galicia, o espacio funcional básico para a organización territorial, e constitúe un dos seus marcos tradicionais de convivencia e asentamento.

A comarca dentro do ámbito do P.D.C. é unha agrupación territorial estable de municipios e de parroquias. A súa función é servir como unidade estratéxica para a coordinación das actuacións territoriais, sexan do sector público ou do privado, e a súa natureza asociativa descansa na agrupación voluntaria, é dicir, que procede dun consenso voluntariamente aceptado, podendo acada-los seus obxectivos sen necesidade de introducir novos entes locais, nunha estructura xerárquica xa de por si extraordinariamente complexa.

A comarca é, ademais, polas súas dimensións, a realidade territorial máis axeitada para pór en práctica os modelos de planificación integrada. Ademais, no caso de Galicia, danse unha serie de características xeográficas que inducen a pensar na comarca como ámbito ideal para a implantación dun proceso de desenvolvemento descentralizado: dispersión do hábitat, a diversificación dos recursos locais, a existencia dunha rede urbana descentralizada de vilas ou pequenas cidades; a falta de cohesión social e a carencia de vida asociativa.

O P.D.C. contempla a existencia de 4 tipos de comarcas; clasificadas, desde o punto de vista funcional, en Metropolitanas, Urbanas, Rururbanas e Rurais.

Os obxectivos do P.D.C.

Os obxectivos fundamentais do P.D.C. son –segundo o antedito acordo da Xunta– os seguintes:

a) Estandariza-los equipamentos públicos a cargo das distintas administracións.
b) Promove-lo desenvolvemento social da comarca nos seus ámbitos formativos, culturais e sociais.
c) Incluí-la comarca nos sistemas xerais de comunicación, producción, comercialización, promoción, así como noutros relativos ó desenvolvemento económico e funcional da comarca.
d) Determina-las distintas aptitudes e usos do solo en función das súas capaciddes productivas e do seu valor medioambiental.
e) Crear e mellora-las infraestructuras e servicios locais que favorezan a descentralización productiva, a capacidade de innovación e o uso de novas tecnoloxías, para competir nun mercado aberto.

FUNDACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA



A NOVA ÁREA DE ACOLLIDA FACILITA A VISITA Ó SANTUARIO DAS ERMIDAS NA COMARCA DE VALDEORRAS

⇨ *f)* Artella-lo Sistema de Asentamentos potenciando os niveis intermedios, é dicir, os Centros e Subcentros Comarcais de Desenvolmento, como núcleos de crecemento.
g) Proporcionar unha busca de alternativas no sector primario.
h) Promove-la creación e potenciación de mancomunides voluntarias, para a prestación de servicios na totalidade ou en parte dos concellos que integran a comarca.
i) Propicia-la creación e potencialización de organizacións intermedias de dinamización interna, é dicir, promove-lo asociacionismo dos axentes económicos.
k) Implantar unha estructura descentralizada, adaptada á dispersión do hábitat, co fin da achegarlle á poboación os servicios que a sociedade moderna demanda.
l) Racionalizar unha desconcentración flexible dos servicios administrativos, para conseguir unha mellor relación entre os mesmos e as necesidades locais.

Todo iso, cremos, redundará na mellora da calidade de vida, na oferta do emprego, e –fundamentalmente– na posibilidade de fixa-la poboación no territorio, e isto dada a situación de crise demográfica de tantas comarcas, merece unha primordial atención.

Os plans de desenvolvemento de cada comarca

É obxectivo común de tódolos instrumentos de planificación territorial a busca dun maior equilibrio, reforzando a articulación interna. Un obxectivo tan amplo e de carácter tan global coma este, implica á súa vez, a articulación de cada un dos seus compoñentes constitutivos: por iso, é tan fundamental a integración das accións sectoriais e a coordinación das iniciativas e dos investimentos. A devandita ⇨



MAQUETA DO CENTRO DE EXPOSICIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS COMARCAIS DA COMARCA DO DEZA, EN LALÍN

articulación e coordinación atopa na comarca un marco específico, que integra a ordenación territorial, o desenvolvemento local, a descentralización administrativa, a racionalización dos servicios públicos e a cohesión social; todo iso encamiñado a promover un Desenvolvemento Comarcal integrado.

Para conseguilo, realízase para cada comarca un Plan Estratéxico de Desenvolvemento, que ten como obxectivo concretar no territorio os fins xenéricos asignados ó P.D.C. Estes obxectivos estratéxicos, obtidos mediante a participación dos axentes sociais e económicos, servirán despois de marco de referencia para aglutina-las iniciativas e reforza-las complementariedades, obténdose así resultados máis eficaces cun esforzo menor.

A filosofía destes plans está regulada polos seguintes principios:

1º. Minimiza-los custos de implantación, procurando que a descentralización non supoña un incremento excesivo do gasto.
2º. Maximiza-lo acceso á información e ós servicios.
3º. Cordina-los criterios de localización dos servicios públicos, aproveitando as economías de escala que se obteñan da toma conxunta de decisións.
4º. Aplica-lo principio de compatibilidade ecolóxica, para conseguir un aumento da calidade de vida no seo dunha natureza mellorada.

A estructura dos instrumentos de planificación

O Plan de Desenvolvemento de Galicia materialízase, como estamos a dicir, nos Plans de Desenvolmento de cada comarca. Estes plans articúlanse segundo a seguinte estructura:

1º. Estudio socioeconómico.
2º. Estudio do medio físico.
3º. Determinación das vantaxes comparativas e das disfuncionalidades existentes.
4º. Definición de obxectivos estratéxicos.
5º. Programación de accións de promo ción e desenvolvemento comarcal.

Os órganos de planificación e coordinación

Para a coordinación e xestión do P.D.C. creáronse os seguintes órganos:

a) **O Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial**: É un órgano dependente do Presidente da Xunta de Galicia, que ten asignadas as funcións de elaboración, coordinación e seguimento do P.D.C.
b) O Consello Comarcal: Ten como obxecto propoñer e avalia-los obxectivos e accións de Desenvolvemento Comarcal, na elaboración do cal participan activamente. A súa actividade está circunscrita ós procesos de planificación e seguimento.
c) A Comisión de Comarcalización: Ten carácter de órgano coordinador interconsellerías, e a súa finalidade é a avaliación e verificación dos obxectivos propostos polo Consello Comarcal, o seguimento destes obxectivos e a execución do Plan. Funciona en Pleno e en Grupo de Traballo.
d) As Unidades Técnicas Comarcais: Son órganos técnicos de planificación das Deputacións respectivas. Están coordinadas polo Gabinete de Planifica-ción e Desenvolvemento Territorial.

Os instrumentos de promoción e desenvolvemento

A experiencia acumulada nas últimas décadas demostra que os investimentos en equipamentos e infraestructuras non son suficientes –aínda que si necesarios– para asegurar un proceso de



DESDE O MIRADOIRO DE SANTA IRENE CONTÉMPLASE A LAGOA DE BALDAIO, NA RUTA DA COSTA DA MORTE

C E T A D E C

¿QUE É?

O **CETADEC** é o Centro Telemático aplicado ó Desenvolvemento Comarcal de Galicia

¿QUE OBXECTIVOS SE PERSEGUEN CO CETADEC?

– **Establecer unidades** avanzadas de teletraballo par os Xerentes de Desenvolvemento Comarcal..

– **Promocionar productos** de cada comarca a través de redes informáticas e bancos de de datos no resto de Galicia, de España e de Europa.

– **Ofrecer servicios** cualificados e información específica á comarca.

– **Acercar a oferta e a demanda** de servicios e productos, salvando o efecto da distancia e a perificidade.

– **Conecta-las comarcas** galegas á rede de autopistas da información internacional



desenvolvemento. Por esta razón o P.D.C. puxo en marcha, xunto cos órganos de planificación e coordinación, os instrumentos precisos de dinamización e promoción, nos que participan os axentes públicos e privados de cada comarca.

Son as seguintes:

1) As Fundacións para o Desenvolvemento das Comarcas: Son entes xurídicos creados e vinculados ó Consello Comarcal respectivo. Á fronte deles está, como responsable executor, un xerente de desenvolvento comarcal. Teñen como obxecto a dinamización das iniciativas locais e a promoción dos recursos endóxenos. Polo tanto, a súa función consiste en poñer en marcha, promover e executa-las accións xenéricas enunciadas nos P.D.C., deseñando programas e incentivando a participación dos sectores ós que vai dirixido.

2) A Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia: É un órgano técnico de elaboración de estudios, planificación, xestión territorial e promoción e dinamización do desenvolvemento comarcal. Mediante un convenio coas Fundacións, encárgase de asistir e apoia-las mesmas e mailo labor dos xerentes, pois tamén é responsable da súa formación continuada.

Ademais das tarefas directamente relacionadas co P.D.C., a sociedade é un centro europeo de investigación aplicada, oficialmente recoñecido, e nesta condición colabora con programas experimentais de ámbito comunitario para a aplicación de novas tecnoloxías ó desenvolvemento. Así mesmo, é unha empresa de servicios avanzados de información e planifica-ción territorial, que presta a súa actividade ó servicio de tódalas Consellerías da Xunta de Galicia, doutros organismos públicos e do sector privado.

3) Os Centros de Exposición e Promoción de Recursos Comarcais: Son centros de promoción que deben cumprir unha triple función:

a) O intercambio e a dinamización das iniciativas.
b) O impulso e promoción dos recuros endóxenos.
c) A innovación tecnolóxica ó servicio da información.

Todo iso, para que os habitantes teñan un mellor coñecemento da comarca e dos seus recursos e para dar a coñece-lo potencial endóxeno de cara á atracción dos investimentos, do turismo e a promoción de actividades. O Centro de Exposición estructúrase nas seguintes áreas: área de recepción e información, área de exposición e promoción comarcal (inclúe recursos económicos dos sectores productivos, recursos naturais e medioambientais, recursos turísticos, artesanía, etnografía e patrimonio histórico-cultural, gastronomía, oferta de lecer, deporte e tempo libre), área de venda de productos comarcais, área de xestión e de negocios e o Centro Telemático aplicado ó Desenvolvemento Comarcal (C.E.T.A.D.E.C.).

Desenvolvemento comarcal e desenvolvemento local

Todos estes órganos de planificación e promoción adquiren a súa plena xustificación e eficacia ó introducilos nunha estratexia de dinamización das iniciativas locais, dentro do contexto dos dous modelos básicos de desenvolvemento local.

a) Desde un primeiro punto de vista, o desenvolvemento endóxeno é un proceso global, integrado e sostible, baseado no aproveitamento dos recursos humanos, materiais, naturais, financeiros e sociais existentes.

b) Pero como non tódalas comunidades teñen os requisitos axeitados para emprenderen por si mesmas este proceso, necesítase un estímulo deliberado, que impulse a poboación para emprender

ese movemento de desenvolvemento dos seus recursos.

É neste segundo sentido no que debe considerarse o Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia, e nesa filosofía inclúense os instrumentos de planificación e promoción que acabamos de enumerar.

A modo de resumo

O P.D.C. é, pois, un instrumento innovador e cun adecuado potencial para solucionar boa parte dos problemas de desenvolvemento territorial que Galicia ten plantexados. A súa eficacia dependerá da capacidade que teñamos –entre todos– de utilizar esas potencialidades que posúe. ¡



O P.D.C. pretende potenciar a oferta de servicios descentralizados. A carretera de A Estrada a Forcarei contribuiu ó artellamento da Comarca de Tabeiros e Terra de Montes



OFICINA ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA EN VILALBA

¿QUE É O PLAN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL (P.D.C.)?

En síntese, o P.D.C. é o seguinte:
1. Un plan de coordinación administrativa e dos investimentos públicos.
2. Un plan integrado que permite relaciona-lo sistema productivo, o medio ambiente e as iniciativas locais.
3. Un plan que detecta, orienta e estimula a iniciativa individual, dos grupos e asociacións.
4. Un plan que permite racionaliza-los investimentos en infraestructuras e equipamentos.
5. Un plan que lles dá solución ós problemas de desenvolmemento, complementando os modelos baseados primordialmente nas infraestructuras e na intervención do sector público.
6. Un plan que fai viable que pequenos municipios poidan atende-las demandas futuras de desenvolvemento.
7. Un plan que introduce a participación directa no desenvolvemento.
8. Un plan que, de abaixo a arriba, complementa e favorece, en consonancia cos investimentos infraestructurais, o desenvolvemento integrado dos territorios onde se aplica.
9. Un plan capaz de xerar pequenas empresas, emprego e atraer investimentos, promocionando os productos locais nun mercado internacional.

¿QUE PODE ACHEGA-LO P.D.C. NO FUTURO DE GALICIA?

O P.D.C., ó ser un plan que contempla as tres fases de desenvolvemento (planificación, dinamización e promoción) nun modelo integrado, pode favorecer un cambio estructural beneficioso para Galicia, porque:
1. é un instrumento para racionaliza-los investimentos, en parroquias e municipios afectados pola crise demográfica
2. é un medio para cohesiona-los axentes locais (económicos e sociais) en función dos intereses da súa comunidade territorial, facéndolles ve-la importancia da súa participación, e integrando así a sociedade civil no desenvolvemento de Galicia
3. é un plan que fornece e equilibra a rede urbana, xa que sen retraer investimentos necesarios para as grandes cidades, que son de feito motores de crecemento pola importancia da súa capacidade empresarial e productiva, potencia as pequenas cidades e vilas
4. crea as condicións obxectivas para poder fixa-la poboación no territorio, principalmente nas vilas
5. é, cara ós dirixentes locáis, un instrumento de reflexión sobre o futuro, xa que ofrece unha concepción moderna da acción para o desenvolvemento e benestar
6. pode proporcionar solucións para os problemas das aglomeracións urbanas, sen crear estructuras administrativas novas, e sen necesidade dun novo apartado de competencias

O PARQUE FLUVIAL DO ARNOIA NA COMARCA DE CELANOVA

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

3

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordenado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xunio do 1995

O Ribeiro

Vista nocturna de Ribadavia

José Salgado

A Comarca do Ribeiro

A porción máis occidental da provincia de Ourense, está O Ribeiro, denominación proveniente –segundo algúns– do viño, e que se fai extensiva á terra. É esta a formada polos fértiles vales ou Ribeiros do Miño –no seu curso medio–, do Avia e do Arnoia ó que se lle une o val alto de Avión, sendo estas as unidades naturais en que se divide a comarca. Limita ó norte coa comarca do Carballiño, ó leste coa de Ourense e Terra de Celanova, ó oeste coa Paradanta na provincia de Pontevedra e con Portugal no extremo meridional. Estas unidades naturais corresponden ós municipios de Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Padrenda, Pontedeva e Ribadavia.

Ribadavia é o centro histórico do Ribeiro, e esta bela cidade aglutina as prinipais funcións administravas, comerciais, de servicios públicos e privados, e pola súa posición foi tradicionalmente o centro da rede de comunicacións da comarca. Sen embargo, hai outros centros que exercen, anque parcialmente, a súa influencia sobre algunhas zonas da comarca: O Carballiño, no norte, e Celanova e Bande (este último en menor grao), no sur. O nivel de base está formado polas cabeceiras municipais, que son centros de mercado dos seus propios termos a algunhas delas insírense nas áreas de influencia externas á comarca debido á súa posición periférica. Deste modo, a comarca do Ribeiro queda formada –funcionalmente– polas seguintes áreas:

1) **Área de integración máxima** en torno a Ribadavia formada por: Ribadavia, Melón, Beade, Cenlle, Arnoia, Castrelo de Miño, Carballeda de Avia e Leiro. ➪

Vista de Beresmo dende o Coto do Castro, en Avión J.S.

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González, Luis Pousa Meréns e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, Carlos Deaño e José Manuel Salgado Mosquera ¶

Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea e Teresa Tojo
Dixitalización fotográfica: Francisco Mirás

Edita: Editorial Compostela
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ¶

⇨ 2) **Subáreas de integración media.** Cortegada con Padrenda e Pontedeva, dun lado, e doutro Avión, que bascula entre Ribadavia e O Carballiño.

A superficie do territorio comarcal é de 472,80 quilómetros cadrados, sendo o municipio máis extenso o de Avión, con 123,10 quilómetros cadrados e os máis pequenos Beade e Pontedeva con 7,00 quilómetros cadrados, respectivamente. A poboación de dereito, en 1994, era de 28.438 habitantes e a súa densidade de 60,14 habitantes por quilómetro cadrado.

Desde o punto de vista topográfico a comarca sitúase entre a marxe oriental da Serra do Suído, que actúa de límite entre as provincias de Pontevedra e Ourense, e os bordes da Depresión Ourensá.

A orografía confírelle un carácter accidentado da paisaxe, que se acentúa no sector montañoso occidental pero que caracteriza toda a comarca, onde alternan vales encaixados, que obrigan ó cultivo en bancais, con vales abertos de amplas terrazas fluviais.

A altitude descende de oeste a leste, desde a Serra do Suído e o Faro de Avión ata os vales de Arnoia, do Avia e do Miño, localizándose asmáximas alturas en Pena Corneira (568 m) e Faro de Avión (1.100 m) e as menores, no fondo dos vales; este é o caso de Ribadavia e Arnoia, cunha altitude de tan só 97 m sobre o nivel do mar.

O Miño entra na comarca polos municipios de Castrelo de Miño e Cenlle, formando parte do seu curso medio, e despois percorre os termos de Cortegada, Pontedeva e Padrenda, marcando a división entre España e Portugal. Os afluentes máis importantes ó seu paso pola comarca son os ríos Avia e Arnoia que teñen unha gran importancia económica, ó seren as áreas onde se localiza o cultivo do 'Viño do Ribeiro'. O clima caracterízase pola transición do dominio oceánico ó mediterráneo. As temperaturas medias anuais son elevadas, superiores ós 14 graos, con invernos frescos e veráns moi cálidos e secos. As precipitacións son pouco cuantiosas, non sobrepasando os 1.000 mm anuais, o que as sitúa entre as máis baixas de Galicia. En consecuencia achámonos ante un microclima local, que vén determinado pola posición dos vales en abrigo pluviométrico. Todo isto fai da comarca un ámbito axeitado polo cultivo do viñedo e os productos da horta. ❦



Vista do Miño dende Cenlle J.S.

A capital do Adiantado de Castela

A Comarca do Ribeiro é xa unha realidade plenamente diferenciada desde os primeiros séculos da Idade Media.

E non se trata só dunha diferenciación xeográfica, senón dun feito social e económico que os propios detentadores do señorío feudal e incluso os seus habitantes recoñecen de xeito implícito o esplícito nos documentos e nas súas actuacións cotiáns.

Tres eixos

Tres argumentos son os eixos fundamentais que explican a articulación da comarca. O primeiro deles é o natural, e que reflecta que se trata dunha comarca na que as características naturais delimitan unha superficie especialmente dotada para unha esecialidade agrícola como é a viticultura. Pero tamén unha situación xeográfica idónea para servir de punto de referencia nas comunicacións.

Fagamos un exercicio de repaso histórico. Durante a Idade Media O Ribeiro foi un núcleo de atracción para tódolos detentadores do poder xurisdiccional en Galicia. Desde a Sede Episcopal Compostelana, ata as institucións eclesiásticas, e os nobles que eran os que daquela detentaban o poder señorial e efectivo, todos estaban interesados en ter un control sobre as terras e a producción de viño, en controla-lo territorio.

Pensemos nas institucións eclesiásticas que daquela marcaban a pauta no sur de Galicia e poucos será os que falten á lista: por proximidade, Melón, San Clodio, Oseira, Montederramo, Ramirás (logo asimilado a San Paio de Antealtares), a Orde de San Xoán de Xerusalén, o Cabildo Ourensán, a Catedral de Tui... E tampouco faltan mencións doutras institucións máis alonxadas, que aínda que en menor medida, tamén posuían algun dominio territorial.

O viño, as rentas que producía e os beneficios que se derivaban do comercio eran o suficentemente atractivos como para poñer en marcha unha actividade económica de gran calibre, tan importante como reflectan as mencións de camiños que recolle a documentación medieval e que convirten a Ribadavia, o innegable núcleo articulador da comarca, e no punto final ou de partida de toda a rede viaria. Tamén se reflecta, na oficina de pesas e medidas, onde as había de tódalas dimensións que as precisaba o seu entorno inmediato. Para paga-los foros, os bucios, as tegas, a maior parte das dimensións calibrábanse ''por medida dereita de Ribadavia''.

As delimitacións xeográficas non eran as mesmas que existen na actualidade, pero Arnoia, Beade, Carballiño (daquela Orcellón), Carballeda de Avia, Avión, Cenlle, Melón, por citar algúns nomes que reflecta a documentación daquelas épocas son testemuña da singularidade e importancia da comarca.

Unha importancia e singularidade que non se lle escapou os delegados do goberno en Galicia daquela: os Sarmientos. No seu nomeamento se lles incluía o señorío de Ortigueira; pero elesprefiriron sentar blasones e solar en Ribadavia.

Ben comunicada e próspera, capaz de soportar crises que noutros puntos da Península conduciron á ruína, centro comercial no que a gandería –reducida–, pero sobre todo o viño convertíase en mercancía.

Os cabildos de Ourense, Tui e Santiago; os mosteiros de Melón, San Clodio, Montederramo, Oseira, Ramirás, ou Celanova; e tamén a Encomenda de Beade mantiñan as súas propiedades, aínda que o señorío xurisdiccional xa pertencía ós Sarmientos, e incluso as súas posibilidades de obter algún tipo de beneficio a través de intercambios económicos de viño por vil metal. ➪

Calvario situado no concello de Beade J.S.

As mencións da presencia dos 'xudeus' no Ribeiro son un tanto esaxeradas, pero moi significativas. Lonxe das distorsións dalgúns cronistas, o que é certo é que existían casas nas que os comerciantes de etnia hebrea pernoctaban con certa regularidade, para garanti-lo fluxo comercial do viño ourensán cara ó exterior por vía terrestre ou fluvial, e que o negocio parecía ofrecer fortes beneficios.

Expedientes da Inquisición e traballos de investigación de eruditos dan conta de que esta actividade comercial foi interrompida, e que incluso os seus practicantes foron víctimas da Lei e da lenda, e se a segunda adoece de rigor, a primeira foi foi aplicada rigorosamente. Aínda que o viño seguíu a se-lo principal cultivo, a froita, a explotación madeireira, e tamén os xacementos pétreos de Pena Corneira foron articulando a economía comarcal.

O impulso que fixo do Ribeiro unha das comarcas máis prósperas durante a Idade Media, e boa parte dos séculos posteriores, deulles paso a outros modelos económicos e unha articulación baseada noutros puntos de referencia. Algún historiador apunta a teoría de que o peche do comercio cos países protestantes, ordenada por Felipe II, puido se-la causa da victoria comercial do viño portugués do Porto, fronte ós caldos do Ribeiro.

O que ninguén discute é que era apreciado, e baste lembra-la anéctoda do asedio de Ourense polo Duque de Láncaster. Segundo lembra Froissart, o duque quixábase de que os soldados aproveitaban as pausas do asedio para beber viño da zona, co resultado de que ó día seguinte poucos estaban 'en estado de revista'. ¶

Castelo dos Condes de Ribadavia J.S.

Desde 1950 a comarca perde poboación

DE 1900 a 1991 a poboación da comarca do Ribeiro pasou de 43.559 habitantes a 27.902, o que representa un decrecemento en termos relativos do 36 por cento. Demograficamente, a zona rexistra dúas etapas ben diferenciadas e contrapostas. Desde principios do século XX ata case mediados, a poboación aumenta de xeito ininterrompido nos catro primeiros decenios, ata situarse nos 47.648 habitantes, cifra máxima non superada polo de agora. A partir de 1950, o Ribeiro inicia unha fase de perda progresiva de habitantes, cifrada en case 20.000 persoas, que se traduce nunha caída do 41,5 por cento. Doutra maneira, de 1940 a 1991 a comarca perdeu poboación a un ritmo medio de 395 habitantes cada ano.

Pirámide envellecida

En 1991 a pirámide de poboación (ver o gráfico correspondente) presenta un aspecto abombado que describe unha sociedade envellecida e, ademais, a base descobre un debuxo á inversa nos últimos vintecinco anos, froito dunha caída da taxa de natalidade e dun aumento da taxa de mortandade, de modo que o crecemento vexetativo é aceleradamente negativo. Dous exemplos: de 1981 a 1986 foi do -3,9 % e de -6 % entre 1986 e 1991.

Máis mulleres

Por sexos, o número de mulleres (14.969) é maior có número de homes (13.467), o que se traduce para 1991 nunha taxa de masculinidade para a zona do 90 por cento, algo por debaixo da que lle corresponde á provincia de Ourense (92,9 %) e a Galicia (93,5 %). Respecto ós datos de 1986, a taxa de masculinidade da comarca cae 3,5 puntos e confirma unha tendencia de maior crecemento da poboación feminina. No que fai referencia á fecundidade, a taxa (26,78) está tamén por debaixo da provincial (30,32) e da galega (32,66). E o número de mulleres situadas entre a idade de 15 e 49 anos é de 5.675 para o conxunto dos doce municipios que conforman a comarca do Ribeiro.

Un dato tamén alarmante é que aumenta fortemente a taxa de dependencia senil e diminúe a correspondente a dependencia xuvenil. No primeiro caso, o índice pasou do 29,6 en 1986 ó 39 en 1991, e no segundo baixou do 24,9 en 1986 ó 22,1 en 1991. Estes índices axudan por outra parte a subliñar a tendencia progresiva ó envellecemento xa apuntada pola pirámide de poboación.

No que se refire ó nivel de instrucción, soamente o 5,06 % dos habitantes do Ribeiro son analfabetos. O 32,64 por cento ten estudios de primeiro grao, o 20,07 % de segundo grao e o 2,1 alcanza un nivel superior. ➪





➪ Por municipios, Ribadavia é o máis poboado con 5.946 habitantes no ano 1991, seguido de Castrelo de Miño (3.593) e Avión (3.419). Pontedeva e Beade, por esta orde, son os municipios menos poboados, con 819 e 868 habitantes, respectivamente. Padrenda (2.881) e Leiro (2.235) sitúanse no tramo entre os 2.000 e 3.000 habitantes. E Arnoia (1.027), Carballeda de Avia (1.879), Cenlle (1.834), Cortegada (1.566) e Melón (1.835) forman parte do grupo que está por riba dos 1.000 habitantes e por debaixo dos 2.000.

En 1940, o Ribeiro tiña unha densidade de 100,77 habitantes por quilómetro cadrado, superior á que presentaba no comezo do século, con 92,13 habitantes. En 1991 é só de 59,01 habitantes por km. cadrado. ❡



POBOACIÓN OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE 1981

	% SECTOR PRIMARIO	% SECTOR INDUSTRIA	% SECTOR CONSTRUCCIÓN	% SECTOR TERCIARIO
ARNOIA	60,17	8,35	10,49	20,99
AVION	87,3	1,68	2,33	8,69
BEADE	98,58	0	0	1,42
CARBALLEDA DE AVIA	60,81	18,28	8	12,91
CASTRELO DE MIÑO	92,52	1,07	1,12	5,29
CENLLE	72,79	7,84	4,14	15,23
CORTEGADA	39,56	22,37	21,93	16,14
LEIRO	66,89	14,85	6,02	12,24
MELON	62,81	13,67	8,32	15,2
PADRENDA	44,98	6,1	29,89	19,03
PONTEDEVA	61,79	10,77	16,41	11,03
RIBADAVIA	25,59	27,82	12,99	33,6
TOTAL COMARCAL	61,48	12	10,47	16,05

POBOACIÓN OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE 1991

	% SECTOR PRIMARIO	% SECTOR INDUSTRIA	% SECTOR CONSTRUCCIÓN	% SECTOR TERCIARIO
ARNOIA	45,97	15,22	17,31	21,5
AVION	80,98	1,57	8,82	8,63
BEADE	74,6	4,44	8,46	12,5
CARBALLEDA DE AVIA	50,32	21,63	12,82	15,23
CASTRELO DE MIÑO	75,14	7,45	3,8	13,61
CENLLE	47,11	19,39	9,52	23,98
CORTEGADA	50,17	8,48	18,51	22,84
LEIRO	64,17	7,19	9,35	19,29
MELON	46,17	15,11	17,87	20,85
PADRENDA	40,24	8,78	27,26	23,72
PONTEDEVA	48,9	3,59	27,35	20,16
RIBADAVIA	14,89	24,1	12,41	48,6
TOTAL COMARCAL	52,47	11,91	12,53	23,09

O viñedo como gran motor da agroindustria

O cultivo do viñedo e a producción de viño e augardentes, xunto ó cultivo de productos de horta, foron conformando a vocación económica preferencial da comarca do Ribeiro desde hai moitos séculos. Se o clima e a auga favoreceron a implantación e cultivo das vides, o desenvolvemento dunha cultura productiva vitivinícola constitúe hoxe un dos factores imprescindibeis para comprender a modernización emprendida nun dos subsectores máis especializados da agroindustria galega. O Viño do Ribeiro, que ten mellorado moito a calidade ata conseguir estar presente nas mesas máis esixentes, é hoxe por hoxe o mellor cartel publicitario da comarca e unha das denominacións de orixe que identifica a Galicia en todo o mundo.

Para medir a importancia das adegas na economía da comarca, abonda con sinalar que entre as 22 empresas de maior nivel de facturación en 1993, as dúas primeiras corresponden a este epígrafe. En conxunto, as adegas productoras de Ribeiro facturaron no devandito ano máis de 2.300 millóns de pesetas. Convén sinalar que unha parte importante deses 2.300 millóns de pesetas foron parar ós bolsos dos cultivadores de viñedos. Así como, que iso mantén a implantación de empresas auxiliares que axudan a completar o ciclo productivo que vai desde a plantación das cepas ata a comercialización do viño.

Seguindo co sector agrario, a producción vinícola complétase, en beneficio das explotacións familiares, cunha triple alianza productiva de froitas, cultivos de horta e gandería extensiva de vacún con base no pasto, tanto para leite como para carne, se ben esta actividade ten unha importancia menor. Esa conxunción de vocacións productivas, unida á experiencia do caso do viño, poderían provocar a ampliación cara a unha industria alimentaria, con oferta de novos productos para mercados exteriores con alta capacidade de consumo.

Fábricas de ataúdes

As outras dúas actividades empresariais con maior forzas atópanse na construcción e na industria da madeira, centrada na fabricación de mobles e ataúdes. As empresas da construcción moveron en 1993 sobre 2.000 millóns de pesetas, e a industria da madeira facturou preto de 500 millóns de pesetas. Vencellado á minería, se ben directamente relacionado coa construcción, está a explotación de rochas industriais, no que se refire a lousa e granito. Esta actividade extractiva está limitada, non obstante, polo respecto ó medioambiente.

A industria madeireira, especializada en fabricar sobre todo ataúdes, ten a característica de ser unha industria das chamadas de enclave, cunha finalidade claramente exportadora e dotada de teconoloxía punta. A anécdota de que durante a pasada Guerra do Golfo representantes de Estados Unidos se puxeron en contacto cos fabricantes de ataúdes da comarca ilustra o antes apuntado.

Servicios e turismo

Nesta descripción xeral da actividade económica no Ribeiro convén descatar tamén a importancia relativa do sector servicios, que vai aumentando o seu peso, se ben a un ritmo lento que lle impide alcanzar aínda os niveis dunha sociedade desenvolvida. Ribadavia concentra case a metade da oferta comercial da comarca e a maioría dos servicios administrativos.

A falta de iniciativas concretas, tanto públicas coma privadas, impediu ata agora o desenvolvemento dun turismo cultural e ecolóxico que pode axudar a elevar a renda da comarca e xerar numerosos postos de traballo. ➪

Feira do viño do Ribeiro J.S.





⇨ Por sectores de actividade, o Ribeiro presenta unha economía predominante agraria, cunha dependencia productiva do sector primario máis acentuada ca na provincia de Ourense e por suposto Galicia. En 1981, o sector primario ocupaba o 61,48 por cento da poboación activa da comarca, unha porcentaxe que se reduciu en 1991 ó 52,47 por cento. O feito é que na data apuntada, 44 de cada 100 homes e 67 de cada 100 mulleres, da poboación total ocupada da comarca, traballaba na agricultura e na gandería. A dependencia económica deste sector era case absoluta, en 1981, nos municipios de Beade e Castrelo de Miño, onde a porcentaxe de poboación ocupada no campo era do 98,58 e do 95,50 por cento, respectivamente. En 1991, esta porcentaxe redúcese para os dous concellos, 74,60 % en Beade e 75,15% en Castrelo de Miño. Nos dous casos se observa un trasvasamento de xente cara ó sector servicios, e unha singularidade: en Beade é maior a porcentaxe de persoas que se pasan á construcción e menor a que se vai á industria; en Castrelo de Miño, polo contrario, a poboación ocupada na industria é o dobre da dedicada á construcción.

Avión, máis agrario

En 1991, Avión convértese na entidade local, de todas as que compoñen a comarca, na que o sector primario é máis predominante, case o 81 por cento da poboación ocupada. Un feito digno de subliñar é tamén Cortegada, a única zona onde o sector agrario medra de 1981 a 1991, pasando de ter o 39,56 por cento ó 50,17 dos ocupados. En Arnoia, Carballeda de Avia, Cenlle, Melón, Padrenda e Pontedeva o peso do sector primario redúcese ata situarse por debaixo da media comarcal, pero aínda están lonxe das medias provincial e galega. Dos doce municipios, Ribadavia dá a nota polo escaso peso (14,89 %) que teñen a agricultura e maila gandería na actividade económica do municipio e o salto que en dez anos experimentou o sector servicios, que pasa de rexistrar o 33,61 % ó 48,60 por cento da poboación ocupada, unha porcentaxe que está por riba da media galega e que sinala unha vila cunha estructura de actividade moi moderna.

Sector industrial

A importancia do sector industrial é comparativamente pequena respecto do primario, pero mantén o 12 por cento da poboación ocupada, unha proporción que se repite desde 1981. Sen embargo, desde o 81 ó 91 prodúcense algúns cambios de signo nos municipios do Ribeiro dignos de mención. Se ben Ribadavia continúa sendo o máis industrializado, nos oitenta Arnoia duplica a poboación ⇨



ocupada na industria, Cenlle multiplíca por dúas veces e media e Castrelo de Miño anota unha mínima presencia. Ó revés, Cortegada pasa de ter en 1981 o 22,37 por cento de poboación industrial ó 8,48 en 1991; en Leiro redúcese á metade neses dez anos e en Pontedeva case a unha terceira parte.

Medra a construcción

Nos anos oitenta a construcción ten un lixeiro crecemento na comarca, coincidindo ademais coa posta en marcha da administración autonómica e, consecuentemente, coa entrada en escena dunha nova oferta pública de obras e vivendas. Nesa década, Padrenda perde o seu papel de municipio con maior número de persoas ocupadas na construcción e o relevo cólleo Pontedeva. No coxunto, esta actividade medra en nove dos doce municipios que integran a comarca. No caso de Ribadavia, apenas se produce variación.

O peso deste sector no conxunto da economía da zona é moi semellante á media galega e provincial.

CUALIFICACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS (1991)



EMPRESAS E EMPREGOS POR SECTORES (1991)



Sector servicios

O sector terciario, se ben moi lonxe da importancia que ten nas sociedades modernas e desenvolvidas, é o único que experimenta un crecemento estimable de 1981 a 1991. De novo Ribadavia volve presentar unha imaxe máis desenvolvida, abonde con dicir que de 1981 a 1991 a poboación que traballa no sector terciario pasa do 33,61 ó 48,60 %, unha porcentaxe superior á media de Galicia (45 por cento). No resto dos municipios o crecemento medio sitúase algo por riba dos 5 puntos, coa excepción de Pontedeva e Avión que foi de 9 e 11 puntos respectivamente.

Descripción xeral

Dunha maneira descriptiva pódese sinalar que, por actividades productivas, o sector agrario ten un peso indiscutible na economía do Ribeiro. Neste sentido a modernización das adegas e o retorno a especies de uva autóctona –torrontés, treixadura e godello–, como

POBOACIÓN DE FEITO DE 1900 A 1991 COMARCA DO RIBEIRO

CONCELLO	1991	1981	1970	1960	1950	1940	1930	1920	1910	1900
A ARNOIA	1.027	1.274	1.528	1.971	2.129	2.106	2.286	2.577	2.894	2.963
AVIÓN	3.419	3.991	3.178	4.617	5.450	5.583	5.186	5.183	5.090	4.923
BEADE	868	1.204	1.044	1.313	1.250	1.212	1.225	1.690	1.797	1.738
CARBALLEDA DE AVIA	1.879	2.820	2.517	2.975	3.312	3.634	3.449	3.519	3.618	3.463
CASTRELO DE MIÑO	3.593	5.027	5.383	4.832	4.951	5.179	4.845	4.605	4.447	4.378
CENLLE	1.834	2.274	2.340	4.092	5.334	5.224	5.115	4.646	4.292	4.047
CORTEGADA	1.566	1.989	2.882	2.722	3.321	3.496	3.498	3.288	3.498	3.524
LEIRO	2.235	2.483	2.800	3.406	4.197	4.380	4.470	5.111	4.933	4.973
MELÓN	1.835	2.124	2.485	2.915	3.315	3.461	3.408	3.333	3.465	3.324
PADRENDA	2.881	4.121	4.520	4.741	4.887	4.983	4.038	3.979	4.242	4.142
PONTEDEVA	819	829	1.107	1.321	1.429	1.359	1.161	1.312	1.379	1.296
RIBADAVIA	5.946	6.622	6.181	7.571	7.369	7.031	6.341	5.114	4.903	4.788
TOTAL COMARCAL	27.902	34.758	35.965	42.476	46.944	47.648	45.022	44.357	44.558	43.559



Pazo de Mein, dedicado a turismo rural J.S.

⇨ o proceso de estandarización do viño, están a dar bos resultados e, sen dúbida, veñen provocando aumentos sucesivos da renda agraria por persoa. Medra tamén a producción de augardentes e licores como unha actividade complementaria dentro do sector vitivinícola.

Paralelamente, a horticultura, fruticultura e floricultura esténdense pola maioría dos municipios da comarca con especialidades concretas, caso dos pementos de Arnoia, impulsado todo iso polo uso do invernadoiro. Se na década dos setenta a posta en marcha de granxas avícolas, ligadas ó grupo Coren, lle deu un pulo á comarca, a fonda crise dos anos oitenta neste sector reduciu a producción. Doutra banda aumentou o número de explotacións leiteiras nas zonas máis altas nas que o pasto substitúe a base forraxeira de épocas anteriores e de recría de xatos.

Case de pasada merece mencionar polo menos a importancia que tivo anos atrás a pesca nos ríos que bañan O Ribeiro, unha actividade que comezou a desaparecer a raíz da construcción do encoro de Castrelo de Miño. Entre as variedades máis apreciadas que se pescaban na zona están a boga, barbo, troita, lamprea, anguía e salmón.

Dentro do sector primario, hai que citar ademais a explotación de rochas industriais de granito e lousas. En parte relacionadas coa construcción, un sector intensivo en man de obra que semella que recuperou o pulso mercede á obra pública e á renovación do parque de vivendas.

A industria da madeira, principalmente as fábricas de ataúdes en Ribadavia, constitúe un sector punteiro na economía da zona, complementado por algunha fábrica de mobles e pequenos serradoiros. As actividades comerciais e de servicios públicos e privados constitúen a base económica de Ribadavia que, ademais, goza dun patrimonio artístico de relevante importancia cultural e histórica. Doutra parte, a presencia dos ríos Miño, Avia e Barbantiño danlles orixe a paraxes naturais dunha beleza senlleira que xunto a un variado patrimonio artístico son aspectos moi acaídos para o desenvolvemento de iniciativas de turismo rural.

Taxas de actividade

A división segundo taxas de actividade por sexos e por idades revela unha estructura predominantemente rural, coa consabida excepción de Ribadavia. A taxa total de actividade é do 46,01. Os homes representan o 65,36 e as mulleres o 30,35. En municipios como Cenlle e Avión, a participación da muller no proceso productivo alcanza índices por riba do 40 por cento. Entre o 40 e 30 sitúanse Carballeda de Avia, Cortegada e Pontedeva e por debaixo do 30 ata o 20, Arnoia, Castrelo de Miño, Cenlle, Melón, Padrenda e Ribadavia.

A taxa menor de actividade da muller tena o muni- ⇨

cipio de Beade cun 12,23.

Por grupos de idades, a división da taxa de actividade é como segue: de 16 a 24 anos, 40,78; de 25 a 54 anos, 66,69; de 55 a 65, 58,99 e de 65 anos en diante, 11,32. A taxa presenta algunhas diferencias notables entre os doce municipios do Ribeiro. No grupo de 16 a 24 anos, Cortegada e Pontedeva presentan un rexistro do 52; entre 40 e 50 están Avión, Carballeda de Avia, Leiro, Melón e Padrenda; de 30 a 40, Arnoia, Beade Castrelo de Miño, Cenlle, e Ribadavia, que ten a taxa máis baixa deste grupo co 34,06.

Na idade comprendida entre os 25 e os 54, considerada a de maior rendibilidade productiva, destacan en primeiro lugar Cortegada e Leiro, cunha taxa por riba do 72. Oscilando entre unha taxa de actividade de 60 a 70 están Arnoia, Avión, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Melón, Pontedeva e Ribadavia. Por debaixo do 60 e por riba do 50 aparecen Beade e Padrenda.

No tramo de idade comprendido entre 55 e 65 anos, xa ás portas da xubilación, Avión amosa unha taxa de actividade do 80,11, Pontedeva do 76,15 e Leiro do 70,40. Por debaixo de 70 e ata 60, sitúanse Arnoia, Carballeda de Avia, Cortegada e Melón. Nunha taxa de 50 a 60 está Castrelo de Miño, e debaixo de 50 Beade, Cenlle, Padrenda e Ribadavia.

No caso de 65 e máis anos, a taxa de actividade deste grupo está por riba do 30 en Avión e Leiro, acada un valor de 21,66 en Pontedeva e oscila entre o 2 e o 9 no resto dos municipios.

En termos xerais Avión, Leiro e Pontedeva ostentan a mellor taxa de actividade, superior ó 50. Arnoia, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cortegada e Ribadavia roldan o 40 e Beade, Cenlle, Melón e Padrenda andan por un 38.

Apartamentos turísticos no camping de Leiro J.S.

Evolución do paro

A evolución do paro rexistrado na comarca do Ribeiro desde 1984 a 1991 presenta unha figura en dentes de serra e un comportamento desigual nos doce municipios. Evidentemente eses cambios obedecen a situacións conxunturais e son propios de sociedades cunha poboación moi envellecida e con taxas negativas de crecemento vexetativo.

De 1988 a 1991, a comarca presenta unha evolución do paro rexistrado próxima ó pleno emprego, se ben cuns fortes contrastes entre as distintas vilas. De 1985 a 1987, a evolución do paro apunta unha fonda crise para o conxunto que se resolve ó ano seguinte.

Nas décadas dos anos 50 e 60, a zona rexistra fortes movementos emigratorios cara a Europa –Alemaña, Holanda, Francia, Suíza...–, cambiando a traxectoria americana dos decenios anteriores, tan visible en localidades como Avión. Se ben a renda per cápita é máis baixa cá galega, a xa citada perda de poboación e o tipo de actividade agraria abren a posibilidade dunha oferta de traballo estacional, como pode ser por exemplo a recollida da uva cara ó remate do verán.

Por todo isto non hai que descartar que nos vindeiros anos ata o 2000 apareza un movemento migratorio transfronteirizo desde as poboacións próximas do norte de Portugal cara ó Ribeiro, favorecido polo maior nivel de renda da comarca ourensá e a posibilidade que dá a libre circulación de persoas na Unión Europea. Có cal e por máis que pareza un paradoxo incrible, pasará de ser unha área que outrora era terra de emigrantes a recibir inmigrantes. Ese é o futuro. ❦

Como tantas outras cousas na vida, a Comarca do Ribeiro non nos ofrece unha soa cara, unha única realidade. Existe unha imaxe arquetípica de viñas soleadas e casonas antigas ás beiras dun río. Este Ribeiro existe, é certo, pero a realidade, variada e coral, reborda con moito o 'cliché'.

Duas rutas

UNHA boa maneira (que non á única) de sumerxirse no paisaxe e no espírito da Comarca é distinguir entre un Ribeiro que alenta nas bocaribeiras do Avia e do Miño, e outro Ribeiro descoñecido para moitos, montesío, agreste e segredo, ó das alturas do Faro de Avión e da Serra do Suído. Vaiamos, entón, por partes.

As veiras do Avia e do Miño

Dende o norde, o municipio de Leiro é o primeiro en acoller ós visitantes. A igrexa de Gomariz, preto da estrada OR-210 é o primeiro monumento que se avista. De feituras románicas, ó seu lado ten o fermoso pazo de Arauxo. Non lonxe de eiquí, atópase un dos edificios máis espléndidos de toda a comarca: o mosteiro de San Clodio, hoxe pendente de restauración, pero que conserva aínda todo o seu esplendor monumental. Cerca de alí abríu as súas portas no ano 94 un establecemento de turismo rural, Viña Mein, vello edificio que se acocha nun penedo e se rodea de viñas.

A capital do concello, Leiro, creceu á beira do río Avia, nun fermosísimo paraxe, asombrado polas árbores. Alí hai hoxe unha ponte colgante, un área recreativa e un camping, que conta con seis apartamentos turísticos. Augas abaixo, agarda outro símbolo do Concello: a ponte de San Clodio, do século XV, sita no antigo Camiño Real que ía de O Carballiño a Ribadavia. Dende Leiro sae unha pequena estrada que nos leva a localidade de Berán onde se atopa un fermoso balneario.

A paisaxe ábrese no minúsculo Concello de Beade, vasta extensión de viñedos culminada na igrexa parroquial. Románica é a sua orixe e dun elegante barroco a súa face actual. Nas cercanias esta o célebre Calvario retratado por Castelao.

Dende Beade ó Avia continúa o seu camiño, bordeando San Cristovo de Regodeigón, e chega, por fin, á pre-romana Abobriga, é decir, Ribadavia, vila chea de misterio e encanto. A súa xudería, os restos da Sinagoga, a igrexa de San Xoán, a de Santiago, a Magdalena, o Castelo dos Condes..., sen dúbida, tras Compostela, esta é unha das zonas vellas de Galicia que mellor conserva o seu sabor primitivo. Emporiso, non terminan eiquí os atractivos que a vila ofrece. Ribadavia ofrece cultura viva: unha mostra internacional de teatro que se celebra cada ano en xullo e fai da vila un 'Avigñon' en pequeno; a vibrante Festa da Istoria e a cultura do viño, alma desta comarca, presente nas súas vellas bodegas, como 'O Papuxas' (toda unha institución) ou a Feira anual do Viño do Ribeiro. Moi cerca de Ribadavia, pera completa-lo conxunto da vila, escóndese unha xoia do arte prerománica. Tratase da igrexa de San Xes de Frascelos, De influencias asturianas.

Nestos lugares o Avia fúndese nun Miño que discurre cara terras portuguesas. Augas arriba queda o Concello de Cenlle (coas igrexiñas románicas de Razamonde e Esposende, o Balneario de Laias, e espléndidos pazos como o de Lentille) e Castrelo donde o Miño se encora ós pés da igresa de Sta. Mª de Sampaio. Este encoro, co seu complexo deportivo é o lugar que moitos escollen para a práctica dos deportes náuticos: o ''windsurf'', o piragüismo, etc.

E vai o Miño cara ó lonxano océano. Antes de segui-lo seu cauce compre visitar ó Concello de Melón, e algunha das súas pequenas maravillas. A primeira, indo pola N-120 é o puebliño de Quins, a súa igrexa parroquial e o seu calvario. Dende eiquí unha estradiña leva a Vivenzo, nas estribacións da serra do Faro de Avión. Ten este lugar un aspecto antiquísimo, angostas calellas e casa de pedra labrada fai séculos. No máis alto do pobo atópase un singular conxunto de ''cabazos'', primitivas construccións para garda-lo grao. De volta, preto de Quins, atópanse a fervenza e pozas do Cerves, lugar idílico, todo auga e vexetación, para darse un baño ou perderse ó solpor. E chegando xa á vila de Melón, a esquerda da estrada nacional agarda o principal monumento do concello: o mosteiro de Sta. María, románico e do que se conservan o templo e parte dos claustros.

Se retomamos o curso do Miño dende Ribadavia, axiña se pisan terras de Arnoia polas que fluen as augas do río homónimo. Quizáis o monumento de máis importancia sexa a igrexa de San Salvador. Existen tamén algunhas capelas, como a de San Miguel, na aldea abandonada do mesmo nome, na aba do coto de Novelle. Unha ruta de sendeirismo vai desde Reza (donde hai unha casa de turismo rural ''A Cancela''), pasa por Arnoia e sobe ata este pobo abandoado, San Miguel. Nas belidas terras de Cortegada existen uns manantiais de augas medicinais moi célebres e no pazo de Merens luce os seus cuarteis no maior blasón de Galicia. Pontedeva, concello de pouca extensión ten ó seu maior potencial turístico no río Deva, co seu coto troiteiro e os seus umbrosos recunchos. E por fin, lindando xa con Portugal, Padrenda, cuio territorio municipal tende a elevarse cara ó sur, na serra de Leboreiro. Existen eiquí algúns edificios notables: a igrexa de San Roque ou a da Frieira, sobre o encoro do mesmo nome. As crónicas din que eiquí, nas terras de Padrenda foi abatido o último oso galego, fai máis de catro décadas.

A outra face do Ribeiro

Fronte á dozura dos vales do Miño e do Avia, do Deva e o Arnoia, coas súas imaxes de pueblecíños empoleirados, frutais e viñas, elévase outro Ribeiro, o do profundo val de Avión, dos penedos infinitos de Carballeda de Avia, das serras do Faro,onde nace o Avia, e do Suído. Paisaxe máxica e insospeitada que racha cos ➪

⇨ tópicos. Quizais o símbolo mellor destas paisaxes sexa a inconfundible Pena Corneira, un enorme penedo de vinte metros no paso do Concello de Carballeda ó de Avión. O Padre Sarmiento na súa viaxe por Galicia cita a enorme mole pétrea, xa famosa daquela. Dúas rutas levan cara a ela: unha dende Leiro, visitando as fermosas igrexas románicas de Lebosende, San Salvador de Serantes e Lamas. A outra cruza a capital municipal de Carballeda, coa súa magnífica igrexa barroca, e pasa tamén por Abelenda das Penas. O templo de Abelenda, románico, perteneceu á Encomenda dos Cabaleiros Hospitalarios de San Xoán de Xerusalén. E toda esta máxica paisaxe de vellas igrexas, bosques e penas culmina na Portela de Pena Corneira, onde houbo no medievo un castelo, do que non quedan pegadas. Superado este paso, ábrese a paisaxe do val de Avión, co seu encoro de Albarellos. Lonxe, a capital do concello, con esa fermosa xoia que é a parroquial de San Xusto. Moi preto de aquí atópase o Couto do Castro, cos seus restos da época prerromana. E, diante do pobo de Avión levántase a serra do Faro, onde o río Avia ten o seu berce e mais a serra do Suído. Para ir ó Suído, cómpre encamiñarse a Abelenda e de alí a Casar do Nabo e Rodeiro.

Unha pista asfaltada leva ó alto da serra (Edreira) onde aínda perviven algúns 'chouzos', como o de San Miguel, construcción de pedra onde os pastores e o gando se protexían da friaxe da noite e do ataque do lobo. Hoxe en día segue a haber gando na serra, vacún e cabalar, na soidade desta alta chaira, unha das paisaxes máis impresionantes da nosa terra. ❦

Festa da Istoria, en Ribadavia J.S.

A Festa da Istoria

A Festa da Istoria de Ribadavia é, sen dúbida, un acontecemento sen paralelos na nosa comunidade e, seguramente, no resto de España.

Perante todo o ano os veciños da vila (a través dunha coordinadora) participan na preparación da Festa. Confeccionanse os traxes de época, acúñanse maravedíes (a única moeda válida ese día) e dase forma ós diverso actos que teñen lugar nas rúas e prazas: o pregón, un xadrez xigante, o baile medieval, diversos concertos de música desta época, xustas de cabaleiros, unha voda xudea ou unha opípara cea medieval. Faise tamén tódolos anos unha obra de teatro que representa feitos históricos acaecidos na vila no ano 1450.

Así, cando xa avanzado o verán ten lugar a Festa o visitante síntese, gracias a tan xentís anfitrións, transportado a vellos tempos cando Ribadavia foi capital do Reino de Galicia.

Esta singularidade única da Festa da Istoria atrae ano tras ano a máis persoas. No ano 1994 chegaron a oito mil os que disfrutaron mesturándose entre mercaderes, artesáns, nobres e vilanos. Outro dato é significativo: nese mesmo ano cambiáronse na 'Ahóndiga', o banco, máis de quince millóns de maravedíes. A equivalencia é de 1 maravedí: 1 peseta.

Deste xeito esta celebración, que data alomenos de fins do século dazasete, medra ano tras ano e acrecenta os atractivos destas vellas terras do Ribeiro. ❦


CHOUZOS
EDREIRA
SERRA DO FARO AVIÓN
COTO DO CASTRO
AVIÓN
SERANTES
LAMAS
PAREDES
PENA CORNEIRA
GOMARIZ
LEBOSENDE
SAN CLODIO
BERÁN
PORTELA DA CRUZ
CAMPOSANCOS
ESPOSENDE
BEADE
CARBALLEDA DE AVIA
RIBADAVIA
SAN XES DE FRANCELOS
CASTRELO DE MIÑO
POZAS DO CERVES
MELÓN
COTO DE NOVELLE
ARNOIA
CORTEGADA
PONTEDEVA
SERRA DO LEBOREIRO
Ruta 1
Ruta 2
Mosteiro
Igrexa
Capela
Balneario
Pena Corneira
Complexo Náutico-Deportivo
Miradoiro
Camping

Actuacións a promover na comarca cara ó futuro

O monocultivo da vide, as granxas avícolas e porcinas, algunhas cooperativas gandeiras, a transformación industrial da madeira e numerosas empresas familiares dedicadas á explotación do granito, constitúen, hoxe por hoxe, a base productiva desta comarca.

Ante o futuro, as súas posiblidades de desenvolvemento son evidentes. Unha síntese delas, entresacadas dos estudios que se están realizando para a redacción do Plan de Desenvolvemento Comarcal, son as seguintes:

1º. Creación de explotacións vitivinícolas de maior tamaño e incorporación de mozos agricultores á propiedade das mesmas.

2ª. Hai que resalta-las boas condicións da comarca para a plantación de árbores froiteiras e de productos da horta nas terras do val, e a gandería extensiva de carne nas áreas máis montañosas.

3º. Aproveitamento das terras e montes comunais.

4º. Racionaliza-la explotación de rochas industriais e impedir posibles impactos medioabientais.

5º. Fortalecer e incrementa-la infraestructura turística da Comarca para aproveita-las notables potencialidades turísticas que presenta a Comarca, pola súa atractiva riqueza etnográfica, artística e paisaxística. Neste sentido, o turismo rural ofrece moitas posibilidades, favorecido pola existencia de balnearios, encoros, ríos para a pesca, caza, itinerarios de sendeirismo, miradores naturais e un senfín de mostras interesantes de pazos e de arquitectura popular. ¶

Afluente do río Avia, en Avión J.S.

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

4

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xullo do 1995

O Carballiño

O mosteiro de Oseira

José Salgado

Comarca do Carballiño

A comarca que actualmente se denomina do Carballiño é unha das áreas comarcais máis características de Galicia. A súa consistencia interna non descansa tanto nun feito xeográfico –trátase dunha zona de transición entre a Terra de Montes e a Ribeira do Avia– senón en razóns históricas, administrativas e funcionais. De feito, a orixe da actual delimitación comarcal está no partido xudicial creado no ano 1834, aínda que nas propostas de división de partidos anteriores non se incluía o actual Concello de Beariz, que tradicionalmente pertenceu á comarca histórica de Terra de Montes, pero que trala división provincial de 1833 pasou integrarse no devandito partido xudicial; este partido estableceu a capitalidade no antigo núcleo do Señorín, o actual Carballiño, pola súa situación no centro da comarca e no cruzamento das vías de comunicación. Dende entón, este núcleo converteuse no principal centro económico e social, aínda que xa no século XVIII consta que se celebraba no Carballiño unha feira mensual da cal o ámbito de influencia marcaba a comarca actual; nel estableceronse tamén os servicios públicos e así, a comarca alcanzou a unidade funcional e económica actual, aínda que os concellos do bordo manteñan vencellos coas comarcas próximas. Os concellos que integran a comarca son os seguintes: Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, S. Amaro e S. Cristovo de Cea. A paisaxe da comarca presenta unha variación altitudinal organizada en tres niveis morfolóxicos: as serras que bordean polo norte (comprendidas entre os 700 e os 1000 m. de altitude), os vales e interfluvios intermedios (entre os 300 e os 700 m. de altitude) e os vales baixos que se dispoñen en torno ós afluentes máis inmediatos do río Miño (por debaixo dos 300 m. de altitude). Todo isto corresponde en gran parte á gradación topográfica que condiciona os microclimas locais, desde as terras frías e húmidas da Serra do Suído, cubertas de matorral e espacio forestal en retroceso, ata as amesetadas terras centrais e a penichaira na que se sitúan as antigas terras cerealistas e gandeiras onde, hoxe en día, se localizan os núcleos de poboación, polo que a transformación da paisaxe foi moito maior. Nestas unidades de relevo inscríbese a rede hidrográfica, xa que nelas se instala a cabeceira do Avia que, no bordo meridional, descende en forte desnivel cara ás terras baixas do Ribeiro. Aquí, as profundas canles dos ríos, deron lugar a empinadas e soleadas pendentes, con ladeiras dispostas en terrazas que forman unha paisaxe de sucalcos cubertos de viñedos. Os ríos máis importantes son Arenteiro, Barbantiño, Avia, Cardelle e Viñao. ¶



O castro de San Cibrao das Las J.S.

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González, Luis Pousa Meréns e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, PilarPatiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Teresa Tojo, Antonio Maneiro, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización fotográfica: Francisco Mirás e Chicho Seoane

Edita: Editorial Compostela
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ¶

Di o refrán que para carne, pan e viño, O Carballiño



O refrán de que ''para carne, pan e viño, O Carballiño'', reflecte con claridade a riqueza agraria dunha comarca na que os seus productos alcanzaron fama, incluso fóra de Galicia, mesmo no caso do polbo á feira malia que ningún dos concellos da zona ten mar, e que eran comercializados nu- nhas concorridas feiras, que son parte da vida económica e social da zona. Xa no século XVIII, baixo o señorío dos monxes de Oseira, O Carballiño e Cea son escenarios dun tráfico comercial que neste século foi potenciado pola posta en marcha da rede ferroviaria Santiago-Ourense-Zamora.

O Rei Sancho IV o Bravo, concedeulle en 1286 á parroquia de San Paio de Ventosela o privilexio de celebrar unha importante feira en Cea, de periodicidade mensual, á que concorrían xentes de toda a comarca co compromiso de pagarlle ó convento unha taxa por mercadorías, outra por cabalgaduras e o portádego. No terceiro tercio do século XVIII, sobre o ano 1767, os monxes de Oseira comezaron a celebrar outra feira no Carballiño. A vila conta cun parque municipal de 32 hectáreas de superficie con predominio do piñeiro e mailo eucalipto, pero no que tamén hai unha rica variedade de especies forestais autóctonas, ó igual que nos parques de Longoseiro e Astureses.

O Carballiño conta co templo de Vera Cruz, que segundo Chamoso Lamas constitúe unha das obras de máis orixinidalidade monumental entre as construídas en España no século XX. O proxecto é obra do arquitecto Antonio Palacios e a súa construcción, principiada en 1943, correu a cargo do mestre de obra Adolfo Otero. Con 1.080 metros cadrados e unha torre de 52 metros de altura, estreouse ó culto en 1952. ❦



A igrexa da Vera Cruz no Carballiño J.S.

A poboación concéntrase no Carballiño

FRONTE ó que sucede nas maioría das zonas da provincia de Ourense, que rexistran un decrecemento da poboación a partir dos censos de 1940 e 1950, a comarca do Carballiño ten ó seu favor que alomenos a capitalidade municipal medra ininterrompidamente en número de habitantes desde comezos do século XX. En 1990, o Concello do Carballiño rexistraba 8.447 habitantes e en 1991 alcanzaba a cifra de 11.017, se ben esta cifra está algo por debaixo das 11.551 persoas anotadas en 1986.

Xusto ó contrario, o resto de municipios que compoñen a comarca foron perdendo poboación década a década ata chegaren ós anos 90 cun censo de habitantes que supón a metade do que tiñan a principios de século. Son os casos de Beariz (1.839), Boborás (3.825), Irixo (2.534), Maside (3.577), Piñor (1.808), Punxín (1.048), San Amaro (1.640) e San Cristovo de Cea (3.781).

A comarca do Carballiño, que no ano 1900 anotaba 46.949 habitantes, alcanzóu o seu maior número de poboación en 1940 cun rexistro de 48.739 almas, e a partir desta data vai descendendo –sobre todo de 1960 a 1970 que perde algo máis de 9.000 habitantes– para en 1991 presentar un censo de 31.069 persoas.

Dependencia senil

Na liña da maioría das zonas do interior galego, O Carballiño amosa unha pirámide de poboación envellecida, cunha base pequena nos dous tramos de idade comprendidos desde os acabados de nacer ata os de 9 anos. Por sexos é maior o número de mulleres –se ben de 1986 a 1991 cae de 20.328 a 16.666– que o de homes, 18.845, e a taxa de masculinidade descende do 92,7 % en 1986 ó 88,8 por cento en 1991, catro puntos máis baixa que a media provincial. Entre 15 e 49 anos, existían en 1991 6.251 mulleres e a taxa de fecundidade era do 21,76. O crecemento vexetativo é negativo en 6 puntos, debido a que a taxa de mortalidade para o período 1986-91 (11,3) é máis do dobre que a taxa de natalidade (5,1). No mesmo sentido avanza o índice de dependencia senil que neses cinco anos aumenta do 30,7 ó 40,1, mentres que se reduce lixeiramente o índice de dependencia xuvenil, do 23,6 ó 22,2. En termos xerais a taxa de reemprazo, na poboación que está entre os 15 e os 39 anos e a situada entre os 40 e os 64 é do 0,88 para a comarca, se ben é preciso subliñar que no caso do municipio do Carballiño é favorable nun 1,08. Por nivel de instrucción, só o 3,76 % da poboación é analfabeta; o 41,73 carece de estudios; case o 30 por cento conta con certificado de primeiro grao; o 22 ten estudios de segundo grao e o 2,6 superiores. ¶









Os balnearios e o impulso do sector forestal

A economía da comarca do Carballiño apunta as posibilidades de desenvolvemento que ten o aproveitamento da riqueza natural, empezando pola agricultura e gandería, seguindo pola actividade forestal e rematando no aproveitamento das súas augas medicinais como factor fundamental para o asentamento dun puxante sector turístico e de ocio. O pan de Cea, a carne, as troitas, o viño, os licores, as fábricas de curtidos, a industria de distintos productos madeireiros, os mananciais de augas termais e curativas conforman unha base productiva integrada que aproveita o valor engadido que se xera nas distintas fases do proceso. Por todo iso nada ten de estraño que de 1981 a 1991 a distribución de poboación ocupada por sectores a penas mudara para o conxunto da comarca, de xeito que o peso do sector segue a estar nun 48 por cento, e a industria continúa en torno ó 10 %. Neses dez anos hai un lixeira variación na poboación ocupada na construcción, que cae do 14,98 ó 13,64 %, e no sector terciario, que medra do 26,01 ata o 27,51 por cento. Por municipios, a distribución por sectores da poboación ocupada sinala distintas vocacións productivas. Un dato chamativo é que de 1981 a 1991, crece a poboación agraria nos concellos de Beariz (68,70 %), Piñor (47,56 %), San Amaro (47,98%) e sobre todo no do Irixo, que duplica, e pasa do 43,89 por cento ó 89,53. No caso do sector industrial, o maior crecemento para esa década teno o municipio de Punxín que máis que duplica ó saltar do 12,33 ó 26,65 por cento da poboación ocupada.

No caso concreto do municipio do Carballiño advírtese unha tendencia de perda de peso do sector primario e a favor do terciario. De 1981 a 1991, o poboación ocupada no campo cae do 28,21 por cento ó 24,23, mentres que para esas mesmas datas medra a destinada no sector servicios, que pasa de representa-lo 41,60 ó 46,53 por cento. Unha porcentaxe que está por riba da medida provincial (40,53) e da media galega (45). Tamén Maside apunta posibilidades de desenvolvemento no sector servicios. ❦

Nobres monumentos de norte a sur

As terras desta comarca albergan un bo número de magníficos edificios, vella arte doutros séculos que, como en Oseira, Pazos de Arenteiro ou San Mamede de Moldes, se ven rodeados por un contorno que non mudou en anos.

PRINCIPIANDO polo norte, no Concello de San Cristovo de Cea, a solemne presencia do mosteiro de Oseira, ós pés desa serra montesía que é a Martiñá. Montaña de arte pétrea entre montañas de pedra, e felizmente reconstruído, o mosteiro ofrécelles ós visitantes sublimes mostras da arte: o refectorio, os claustros, a igrexa monasterial, ou a espléndida Sala Capitular, tamén coñecida como 'das palmeiras'. Rodeando o mosteiro espállase a pequena vila de Oseira, xentil e coñecida, agóchase entre árbores tralo mosteiro; a 'fervenza de Stª Mª'.

A seguinte referencia é Cea, poboación cunha importante zona vella. Berce de panadeiros sen número, conserva varias ducias de fornos antigos, todo pedra negra e afumada, onde aínda se segue a cocer o pan tan soado. Algúns, coma o 'Forno da Buraca' datan, alomenos, do século dezasete.

Cara ó sur, O Carballiño, o centro da comarca. No seu núcleo urbano atópase o templo modernista da Veracruz, obra do arquitecto Palacios. Cómpre tamén non esquecermos a súa feira, e mailo seu afamado polbo, ou dos balnearios do Carballiño e Partovia. Dentro da oferta turística, moi preto da vila atópase o señorial Pazo da Almuzara.

Nos arredores da vila consérvanse un bo número de monumentos: o vello mosteiro e o castro de Lobás, pontes antergas coma as do Marañao ou a Veiga, bos exemplares do románico, coma as igrexas de Asturese, Cameixa ou San Mamede de Moldes, que ten a particularidade de erguerse sobre a 'croa' dun castro.

No sur da comarca, lindando coas terras do Ribeiro, o fermosísimo conxunto de Pazos de Arenteiro, pobo de nobres casonas, alí onde confluén os ríos Arenteiro e Avia. Destacan as dúas pontes, a igrexa, construída polos cabaleiros hospitalarios no século XIII e restaurada recentemente polos veciños, sen esquece-lo pazo de Cervela ou o da Encomienda.

Cara ó leste aínda quedan sorpresas: o modesto templo románico de Maside Vello ou as minas romanas do 'Puzo do Lago', preto de Maside. E como remate, falar do máis vello e espectacular monumento. Trátase das ruínas de Lansbriga, é dicir, 'A Cidade' de San Cibrao das Las, coas súas grandes proporcións, a súa triple muralla e unha atmosfera na que flotan os espíritos da vella Gallaecia. ¶

O Balneario de O Carballiño J.S.

RUTAS TURÍSTICAS





Pazos de Arenteiro, en Boborás J.S.

Actuacións a promover na comarca cara ó futuro

O turismo termal, a abundancia de recursos forestais de calidade e a presencia de numerosos afloramentos graníticos propiciou a formación dun importante tecido empresarial, concentrado basicamente no polígono da Uceira.

A existencia desta base industrial permite dota-la comarca dun mínimo potencial de crecemento que debe complementarse, segundo o Plan de Desenvolvemento Comarcal, aprobado recentemente para esta comarca, coa consecución dos seguintes obxectivos estratéxicos:

1º. Moderniza-las instalacións dos balnearios e incrementa-la oferta turística da comarca, incentivando a participación da iniciativa privada naqueles proxectos que sexan innovadores. Neste sentido, cabe considera-la posibilidade de crear un Instituto Termal.

2º. Intensifica-lo aproveitamento dos recursos forestais, especialmente nas áreas máis montañosas, e implantar cultivos intensivos especializados na parte máis meridional do territorio comarcal.

3º. Orienta-lo aforro dos emigrantes retornados cara a aquelas actividades empresariais que poidan contribuír ó desenvolvemento dos recursos endóxenos da comarca. A creación da Casa do Emigrante, como arquivo documental e centro de estudios sobre a emigración galega, podería ser unha actuación emblemática para a comarca.

4º. Establecer un conxunto de medidas correctoras encamiñadas a protexer, conservar e promociona-los espacios naturais e os importantes recursos turísticos existentes na comarca, tendo como finalidade a diversificación e cualificación da oferta existente, para complementa-la especialización en turismo termal que posúe a comarca.

5º. Mellora-lo grao de formación profesional, favorecendo a súa inserción no mundo laboral mediante a implantación de cursos axeitados á demanda empresarial da zona. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

5

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Celanova

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xullo do 1995

Claustro do mosteiro de San Rosendo de Celanova

José Salgado

Celanova

A Comarca de Terra de Celanova, O País de Celanova do que fala Otero Pedrayo, é a suma dun feito xeográfico e de feitos históricos. Dende o primeiro punto de vista a comarca coincide coa cunca do río Arnoia que aflúe cara ó Miño, e historicamente a súa unidade está relacionada coas terras que dominaban os mosteiros de Celanova e Ramirás, ámbolos dous dentro da comarca. En Celanova, ó redor do mosteiro, consolidouse un importante centro comercial, onde xa no século XVIII se celebraba un concorrido mercado, ó que acudía a poboación de toda a comarca, e no cal a actividade se acrecentaba na feira mensual, que e tamén de antiga orixe. A esta capitalidade económica engadiuse no século XIX a administrativa ó ser creado o partido xudicial que tivo aquí a súa sede e que como tal figuraba en tódalas propostas iniciais, aínda que logo con posterioridade se suprimiu, pero vólvese restablecer. Situada ó suroeste da provincia de Ourense está formada polos municipios da Bola, Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Quintela de Leirado, Ramirás e Verea contabilizando un total de 21.343 habitantes en 1994, que acadan unha densidade de 48,2 habitantes por quilómetro cadrado. Polo demais, o territorio presenta unha gran unidade xeográfica, distinguíndose as terras baixas do val do Arnoia, (afastado nunha profunda falla ensanchada pola acción erosiva deste) e as terras altas dos cordais montañosos que as circundan a ámbolos dous lados (con alturas entre 600 e 1200 metros). O límite sur da comarca está ben marcado polo interfluvio que separa a cabeceira do Arnoia da cunca do Limia, no seu tramo baixo. Pola súa posición meridional toda a comarca goza dun clima cálido de interior con acusada seca, nun estío caloroso e alongado e nun inverno máis frío, aínda que relativamente seco, condicións que se acentúan nas terras altas. Os valores térmicos oscilan entre os 14º C ó norte e os 9º C ó sur. O inverno frío acada unhas temperaturas arredor dos 3º C, mentres que en época estival se achega ós 30º C.

A precipitación media anual establécese entre os 900 e os 1.000 mm., aínda que no sector suroccidental, máis chuvioso, supera os 1.300 mm. A paisaxe actual amosa o efecto da deforestación debida ó pastoreo (foi sempre terra de gando ovino) e a outras prácticas tradicionais. ¶



Vista de Quintela de Leirado J.S.

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González, Luis Pousa Meréns e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, PilarPatiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Teresa Tojo, Antonio Maneiro, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización fotográfica: Francisco Mirás e Chicho Seoane

Edita: Editorial Compostela
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ¶

Unha terra de santos que deu grandes poetas

SE alguén ousase definir dun xeito breve a historia da comarca de Celanova probablemente podería facelo cunha curta pero intensa frase: unha terra de santos que deu grandes poetas. A fundación do mosteiro de San Salvador en 936 vai ser determinante na vida desta comarca que logo será mundialmente coñecida por se-la terra nai de dous do máis significados poetas galegos, Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro; e na que os seus dous primeiros abades, Franquilia e Rosendo, foron santos.

San Rosendo, que tiña sangue real e era bispo de Dumio, fundou primeiro o mosteiro de San Xoán de Caaveiro en terras de Pontedeume que lle dá nome a unha das fragas máis belas de Europa, e logo erixiu o mosteiro de Celanova en terras que pertencían ó seu irmán o conde Froilán Gutiérrez.

Invasores normandos

San Rosendo foi o primeiro bispo que rexentou a diócese de Mondoñedo, sede á que renunciou no ano 940, e tamén o foi de Santiago de Compostela, trala morte do bispo Sisnando cando este loitaba contra as tropas normandas que invadiran Galicia. Neses datas, o santo celanovense tivo que facerse cargo do mando de Galicia, por delegación do rei Ramiro III, para libera-lo país, coa axuda do conde Gonzalo Sánchez, dos invasores. San Rosendo morreu no ano 977 no mosteiro de Celanova e en 1601 foron exhumados os seus restos, sendo colocados nunha urna, nun dos lados do altar maior.



A mediados do século XVI comezou a construcción da igrexa actual, unha das máis fermosas de Galicia, conservándose da vella unha capela mozárabe do século X, dedicada a San Miguel. O templo, obra de Melchor de Velasco, foi inaugurado no ano 1687.

Os poderes do mosteiro de Celanova abrangueron boa parte da provincia de Ourense, nas terras de Ramirás, Arnoia, Bande, Esgos, Verín e Xinzo de Limia. A presencia dos monxe de Celanova nas terras bañadas polo Miño, no extremo occidental de Arnoia, foi vital para a economía daquela zona en canto que fomentaron o cultivo do viño en toda a comarca e a pesca, co emprego dun tipo de aparellos construídos por eles mesmos, contribuíndo claramente ó desenvolvemento da actividade agraria e pesqueira, así como ó comercio.

A historia da comarca de Celanova está pois directamente vinculada co nacemento do mosteiro e o papel que chegou a xogar no crecemento da vila.

Unha curiosidade é que a comarca tivo seis municipios máis: Freás de Eiras e Vilameá de Ramirás, agora integrados no de Ramirás; Moreiras, pertencente a Xinzo de Limia; Vilanova e Acebedo do Río, absorbidos polo de Celanova e Canedo, integrado no Concello de Ourense. ¶

Xacemento de Castromao J.S.

Perdeu 22.834 habitantes de 1940 a 1991

NO ano 1991 a comarca de Celanova rexistraba algo menos da metade da poboación que tiña en 1940 e un crecemento vexetatitvo negativo de case o 9 por cento (-8,8). Desde o principio do século XX ata 1940, a poboación medra e pasa de 36.099 a 43.644 habitantes, sen embargo hai que distinguir nestes corenta anos dous períodos distintos: nos primeiros vinte anos a poboación mantense algo por debaixo dos 36.000 habitantes e nas dúas décadas seguintes medra. O ano 1940 marca a fronteira cara a unha caída ininterrompida do número de habitantes da zona, agás os municipios de Cartelle e Gomesende que incrementan lixeiramente a poboación na década dos corenta. Entre 1940 e 1991, Celanova perde 22.834 habitantes e pasa dos xa citados 43.644 a 20.810.

Poboación envellecida

A pirámide de poboación presenta un aspecto abombado que describe unha sociedade moi envellecida, e unha base moi pequena que denuncia a forte caída da taxa de natalidade que rexistra a comarca. Na década dos anos oitenta acelérase o crecemento vexetativo negativo, que se de 1981 a 1986 era do -4,2 de 1986 a 1991 sitúase en máis do dobre, -8,8. A taxa de reemprazo xeracional está nun 78 por cento e con tedencia a decrecer.

En canto á estructura por sexos, se ben é certo que tanto a poboación masculina coma a feminina descenden, ó número de mulleres segue a ser maior có de homes e aumenta o peso daquelas sobre estes. En 1991, a comarca de Celanova tiña 11.122 mulleres e 9.986 homes. E de 1986 a 1991 a taxa de masculinidade caeu do 94,9 ó 89,8, aumentado o diferencial coa media provincial e galega. O número de mulleres que se atopan entre os 15 e os 49 anos, sumaban 3.725 en 1991, e a taxa de fecundidade nese ano foi do 28,46 para o conxunto dos oito municipios que conforman a comarca.

Por municipios, Celanova é o máis poboado e é o unico da comarca que ten agora máis habitantes (5.902) que en 1900 (4.895), pero está moi lonxe dos 9.834 que tivo en 1940. O segundo municipio en importancia demográfica é Cartelle (4.037 habitantes) que a principios de século era o máis poboado da comarca (7.236). Quintela de Leirado é o de menos habitantes con 1.044, e logo están Gomesende (1.409), A Bola (1.723) e Verea (1.847). Ramirás rexistra 2.115 habitantes e A Merca 2.733.

Por nivel de instrucción da poboción, o 6,47 % é analfabeta, o 45,62 por cento non ten estudios, o 26 % certifica o primeiro grao, o 20 por cento o segundo e o 2,2 estudios superiores. ❦









O turismo pode se-lo motor do crecemento

SE ben o peso do sector primario segue a ser determinante na economía da comarca, os servicios apuntan posibilidades de convertérense no motor do desenvolvemento na Celanova do 2000, sobre todo no que fai referencia á explotación turística dun moi rico patrimonio cultural, así como á súa situación estratéxica nas comunicacións viarias entre Galicia e Portugal. Os cambios operados no sector agrario nos últimos anos camiñan en favor do subsector gandeiro e da conformación dunha industria alimentaria derivada de productos lácteos e cárnicos. A vide e as froitas son outras dúas ramas de actividade agraria a subliñar, ademais dos numerosos serradoiros que salpican a comarca. Todo iso apunta en conxunto ás posibilidades de integración que existen entre o campo e unha industria alimentaria e forestal derivada que axuda a que a zona se aproveite do valor engadido que xere.

De 1981 a 1991, o sector primario é o único que perde poboación ocupada e pasa de representar 66,13 por cento ó 50,29. Malia a perda de 16 puntos que experimenta o sector é inegable que a metade da poboación ocupada da comarca de Celanova se dedica á actividade agraria e define meridianamente a súa principal vocación productiva.

Nesa década, a industria, a construcción e os servicios aumentan o seu peso no conxunto da actividade económica comarcal. O sector industrial pasa de representa-lo 7,15 por cento poboación ocupada ó 10,08, a construcción medra en termos semellantes desde o 10,09 ata o 13,91 %, pero sobre todo o sector terciario experimenta o salto máis grande ó pasar do 16.63 ó 25,72 por cento. Por municipios, A Bola, Cartelle, Gomesende, Quintela de Leirado e Verea teñen unha forte dependencia do sector primario con máis do 50 % da poboación ocupada. Só Celanova amosa un cambio espectacular na súa estructura productiva, ó reducir á metade (33,46%) en dez anos a poboación que tiña no sector agrario en 1981, duplica-la correspondente ó sector industrial e construcción e alcanza-lo 40% nos servicios. ❦

Hai dúas maneiras, distintas pero igualmente satisfactorias, de mergullarse na alma desta fermosa comarca, que se ondula e levanta cara ás terras lusitanas. Por unha banda cabe visitar e desfrutar da contemplación de importantes monumentos. Xunto con isto, as terras celanovesas ofrecen natureza, moita natureza, altiva e maxestuosa ás veces, como a Serra do Leboreiro, e belísima e íntima outras, como na Ponte Nova, nas beiras do Arnoia.

Camiñando pola intimidade de Celanova

É no corazón da comarca, no centro da vila de Celanova, onde se atopa o edificio máis importante e emblemático da comarca: o mosteiro de San Salvador de Celanova. As súas orixes son do século X, pero hoxe a súa faciana é gótica e barroca, coa súa igrexa, magnífica, os seus coros alto e baixo, os seus claustros, a biblioteca... ademais, unha parte do mosteiro acolle hoxe diversos servicios civís: a casa do concello, un instituto de bacharelato. E nun recanto, a carón da mole monasterial, está agochada unha pequena xoia da arte prerrománica: a capela mozárabe de San Miguel.

Celanova ten ademais currunchos feiticeiros, como a rúa da Botica, a praza do Millo ou a rúa de Abaixo e os seus nobres edificios.

Pero esta é só unha parte do que se pode visitar nesta comarca. Moi preto dela elévase Vilanova das Infantes, poboación medieval dominada pola torre da homenaxe do vedraño castelo. Moi cerca e vixiando todo o contorno Castromao, xacemento prerromano no que se fixeron importantes descubrimentos.

Polo norte da comarca, no Concello da Merca atópase a igrexa románica de San Pedro da Mezquita, magnífico edificio construído, segundo as lendas, sobre o predio dun santuario musulmán.

Na Merca existe tamén un moi interesante conxunto de hórreos.

Nas terras veciñas de Cartelle érguese aínda a solitaria torre de Sande e poden destacarse a igrexa de Sta. Baia de Anfeoz e a ponte romana de Freixo, onde existe unha acolledora área recreativa.

O santuario de Nosa Sra. do Val é un dos monumentos máis destacados no Concello de Gomesende. Ramirás, pola súa banda, alberga o fermoso mosteiro de San Pedro, de fábrica románica e gótica e maila pintoresca ermida de San Paio dos Pitos, co seu inmellorable mirador sobre a comarca.

Quintela de Leirado, e moi especialmente Verea, teñen gran interese pola súa paisaxe, ós pés mesmos da Serra do Leboreiro, e as súas pintorescas aldeas, como as de Bangueses de Arriba e Abaixo.

Aínda queda por citar na Bola o mosteiro de San Munio da Veiga, e outros repartidos pola comarca pero sería ocioso citalos todos. Unicamente lembrar un dos lugares, xunto coa Serra do Leboreiro de maior valía paisaxística. Trátase da área recreativa e maila ruta de sendarismo da Ponte Nova, nas beiras umbrías do Arnoia, a cabalo entre Cartelle e Ramirás. Un recuncho de natureza para perderse, metaforicamente, seguírmo-lo sendeiro e desfrutarmos intensamente das terras de Celanova. ❦

Casa de turismo rural 'A Fábrica' J.S.

RUTAS TURÍSTICAS

Monasterio · Casa rural · Ponte romana · Torre

Igrexa · Castro celta · Mirador · Ruta de senderismo

Capela · Conxunto de hórreos

SITGA

O futuro de Celanova

AS actividades máis sobranceiras da base productiva da Comarca de Terra de Celanvoa están ligadas a actividades tradicionais (gandería para leite e carne, explotacións forestais) que se orientan cara ós recursos locais, complementado cun sector terciario que ten en Celanova o seu nucleo central de servicios e equipamentos, ademais de se-lo centro da rede comarcal de comunicacións.

Con vistas ó futuro, a comarca ofrece amplas posibilidades de desenvolvemento, tal e como se reflecte no Plan de Desenvolvemento Comarcal aprobado pola Xunta de Galicia, do cal entresacámo-los seguintes obxectivos:

1. Partindo da clara vocación agropecuaria da Comarca se debe potenciar unha diversificación da producción gandeira, orientándoa non só á de carne de vacuno, senón tamén á gandeira ovina, de larga tradición na Comarca.

Asimesmo, un mellor aproveitamento da riqueza forestal constitúe un obxectivo fundamental.

2. Aumenta-lo grao de cohesión comarcal a través dunha mellora das redes de infraestructura básicas, además de mellora-la súa accesibilidade.

3. Fortaleçemento do texido empresarial en base ós recursos existentes. A instalación dun Parque Empresarial comarcal pode ser un factor positivo para a articulación económica.

Praza maior de Vilanova das Infantes J.S.

4. A situación da Comarca a medio camiño entre a fronteira portuguesa e a capital de provincia, lle confire un alto potencial turístico, co núcleo de Celanova á cabeza como centro cultural de primero orde. O acondicionamento de diversas rutas de sendeirismo e áreas recreativas, así como a rehabilitación de monumentos emblemáticos emplazados por todo o territorio comarcal, están encamiñados a lograr unha potenciación destes recursos. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

6

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Agosto do 1995

Ourense

Praza Maior de Ourense

José Salgado

Comarca de Ourense

INCLÚE ademais da capital (e pola cal así se denomina), os municipios de Amoeiro, Barbadás, Coles, Nogueira de Ramuín, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, S. Cibrao das Viñas, Toén e Vilamarín, que teñen un total de 137.728 hab. (en 1994) distribuídos en 564,26 km2 e cunha alta densidade: 244,08 hab/km2. Limita coas comarcas de Terra de Caldelas, Allariz-Maceda, Terra de Celanova, O Ribeiro e O Carballiño, e coas lucenses de Chantada e Terra de Lemos. A comarca aséntase nunha depresión topográfica na parte central da cal, onde confluúe o Barbaña co Miño, se localiza a cidade; está rodeada de elevacións montañosas de superficie chá (estribacións da Serra da Martiñá, que se alza sobre os 700 m., e Cabeza de Meda con 1321 m.) que, aínda deixando espacio entre elas para o grandioso espectáculo da confluencia dos tres ríos (Miño, Sil e Búbal) nos Peares, actúan como peches da depresión polo norte e leste; polo sur continúa a depresión de Allariz-Maceda e polo oeste, encontramos a área coñecida como Os 'Chaos' de Amoeiro e Vilamarín, a cal foi singularizada por Otero



Casa Museo de Otero Pedrayo J.S.

Pedrayo en dúas unidades naturais como tamén o fixo con outras unidades do resto da comarca. A unidade comarcal mais arraigada reside na relación existente entre a capital provincial e mailo resto dos municipios, dado que Ourense tivo sempre un rango xerárquico superior, sendo xa no antigo Reino de Galicia, sede episcopal. Co paso do tempo a súa designación como capital provincial converteríaa no principal centro de toda a provincia e de forma particular do territorio adxacente. A división en Partidos Xudiciais contribuíu a darlle unha maior cohesión ó devandito espacio. Na actualidade, o sistema de vías de comunicación, a distribución dos servicios públicos e privados, a localización das actividades económicas ou os recentes hábitos no uso residencial afianzaron e reforzaron as relacións internas comarcais. O río Miño é o principal curso de auga que baña a Comarca cruzándoa de nordeste a suroeste e recollendo as augas de tódolos afluentes que, polas dúas marxes, van morrer a el, entre os que destacan o Sil, o Barbantiño e o Barbaña.Como en case toda Galicia, o clima da Comarca de Ourense é oceánico, pero cunhas características específicas debidas ó afastamento do mar e a súa posición xeográfica no centro-sur de Galicia que lle dan uns tintes mediterráneos. As temperaturas son suaves, se ben a oscilación térmica é máis elevada, con invernos fríos e veráns calorosos que ofrecen unha temperatura media anual que rolda os 14ºC e unhas precipitacións que non alcanzan, polo xeral, os 800 mm. anuais. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González, Luis Pousa Meréns e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, PilarPatiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez¶

Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Teresa Tojo, Antonio Maneiro, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización fotográfica: Francisco Mirás e Chicho Seoane

Edita: Editorial Compostela
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ¶

Nó clave da unión viaria de Galicia ca Meseta



OURENSE capital é un nó clave, un punto estratéxico, na rede viaria de comunicacións –por ferrocarril e por estrada– que conecta a Galicia con o resto de España a través da Meseta de Castela. Nese senso, a morfoloxía da ciudade vai estar condicionada polo doble feito da construcción da estrada nacional de Vigo a Villacastín –realizada entre o ano 1860 e o 1863–, logo o enlace entra a estrada de Vigo a Ponferrada, e a implantación da rede ferroviaria, que tamén vai afectar ó conxunto da comarca por ser centro de confluencia dos convois procedentes do norte e do sul de Galicia cara Madrid. En consecuencia, o mesmo sucedeu con as sucesivas transformacións da rede viaria ata a década dos oitenta, e inevitablemente sucederá nos próximos anos con a entrada en servicio da autovía do sur, Vigo-Benavente, e a proxectada construcción da autoestrada Santiago-Ourense.

Urbanización

Esa circunstancia de ser centro neurálxico do transporte terrestre en Galicia e a única auténtica ciudade con que conta a provincia, fai que Ourense e a súa área de influencia crezca demográficamente e provoque unha urbanización progresiva do seu entorno, o que, á súa vez, introduce modificacións no sector agrario, dando orixe ó nacemento dun grupo estimable de traballadores simbióticos, que conxilían o cultivo do viñedo, patacas, mainzo e productos de horta, xunto ó gando, con o traballo na ciudade.

O desenrolo de Ourense como un centro administrativo, comercial e, en menor medida, industrial actúa de factor de atracción sobre os habitantes de toda a provincia, pero sobre todo do sureste galego, además da xente que proveniente da emigración no extranxeiro se instala na capital. ¶

Eirexa de Sta.Eufemia e ambente nocturno J.S.

A poboación da capital medrou máis do 700 %

DESDE inicios do presente século ata o ano 1991, a poboación da comarca de Ourense pasou de 61.465 a 136.651 habitantes, o que representa un crecemento demográfico do do 222 por cento. Sin embargo, este dato pode resultar enganoso en canto que ise incremento ven provocado case en exclusiva polo municipio de Ourense. En 1900, a ciudade das Burgas tiña 15.194 hbaitantes, que supoñína case a cuarta parte do total da comarca; en 1991, a súa poboación acadaba as 108.382 personas, que representan perto do 80 por cento do habitantes da zona. No que vai deste século, a capital ourensana multiplicou algo más de 7 veces o número de habitantes.

Cae a poboación

O resto dos municipios que conforman a comarca presenta un comportamento demográfico distinto á capital, pero mui semellante á maioría das vilas e pobos da provincia. En términos xerais, a poboación crece ata mediados da presente centuria, e, a partir daí, comenza a decrecer: excluida a ciudade de Ourense, o resto da poboación da comarca era de 46.334 personas en 1950 e de 28.269 en 1991, o que representa o 60 por cento dos habitantes que tiña fai 40 anos. De 1940 a 1991, Amoeiro pasou de 4.720 a 2.538 personas; Barbadás, de 4.397 a 4.056; Coles, de 4.978 a 3.233; Nogueira de Ramuín, de 7.791 a 2.728; Pereiro de Aguiar, de 6.953 a 4.691; A Peroxa, de 6.461 a 2.868; San Cibrao das Viñas, de 4.152 a 3.409; Toén, de 4.329 a 2.748 e Vilamarín, de 4.040 a 2.218.

Gracias ó municipio de Ourense, a comarca amosa unha pirámide de poboación bastante ben proporcionada, se ben nótase un descenso relativamente alarmante no grupo de idade de 0 a 9 anos, que conforman a base na que se asenta o triángulo, debido ó forte descenso da tasa de natalidade na década dos 80 e principios dos 90, e que da como resultado un crecemento vexetativo negativo do -4 por cento para o período 1986-1991. No caso concreto da capital ourensana, si ben o crecemento vexetativo segue sendo positivo (1,8 %) de 1986 a 1991, seu ritmo é moito menor que no lustro anterior, de 1981 a 1986, que foi do 4,2 por cento.

En canto a estructura da poboación por sexos, a tasa de masculinidade baixou lixeiramente de 1986 a 1991, ó pasar do 94,3 ó 93,9. En 1991, a comarca de Ourense tuña 68.696 mulleres e 62.220 homes. Ourense capital ten a tasa de masculinidade (89,9) más baixa da comarca e Toen a maís (98,0). A tasa de fecundidade para o conxunto da zona é do 32,59 por cento, que ten a 32.618 mulleres na idade comprendida entre os 14 e os 49 anos. ❦



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



Crece o sector servicios e cae a agricultura

UN rasgo definitorio da actividade económica na comarca é a primacia case total do sector terciario e a perda de entidade do sector primario. En dez anos, de 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector agrario descendeu á mitade, pasando de representar o 16,28 por cento da poboación ocupada ó 8,95. Polo contrario, o peso do sector servicios é cada vez maior, como o atestigua o dato de que en 1981 tiña o 54,38 por cento da poboación ocupada da zona e dez anos despois esta cifra subiu ata o 60,11 %.

Evidentemente, o peso de Ourense capital é definitivo: o sector terciario acolle ó 67,47 por cento poboación ocupada; o 17,84 correspóndelle á industria; o 11,74 á construcción e o sector primario apenas se acada o 3 por cento.

Estructura productiva

Non obstante, nesa década de referencia téñense producido algún cambios dignos de mención na estructura productiva da comarca, con reduccións do peso do sector primario mui relevantes. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario en Barbadás pasou de representar o 36,73 ó 11,80 %, o que supón unha reducción de máis do 300 por cento; en Nogueira de Ramuín descendeu do 60,67 por cento ó 33,20; en Pereiro de Aguiar caeu do 43,29 ó 24,03 por cento; na Peroxa do 73,53 ó 45,54 % e en Toen do 61,20 ó 30,09 por cento.

Mención á parte merece o feito de que en San Cibrao de Viñas, crezca a poboación ocupada no sector agrario na mesma proporción que decrece no industrial. De 1981 a 1991, o sector primario pasa de representar o 35,67 ó 40,01, e a industria descende do 25,81 ó 20,75. Tamén resulta interesante o brinco que da o municipio de Barbadas cara a súa terciarización, pois aumenta a poboación ocupada do 38,21 ó 47,71.

En canto ó nivel de instrucción, só o 1,48 por cento da poboación é analfabeta. O 24,19 no ten estudos; o 31,56 por cento acada o nivel de primeiro grao; a poboación con estudos de segundo grao é do 34,74 por cento e con estudios superiores representa o 8,0 %. ¶



Coñecido é o crecemento que ten experimentado Ourense nos últimos anos. A anterga cidade que fundaron os romanos vólvese cada día máis cosmopolita e toda a súa Comarca, o seu entorno, imprégnase dese espírito.

Propostas variadas en Ourense

DESTE xeito, os ourensáns buscan cada día máis o ocio e xurden propostas, instalacións, ánimos que fan esta Comarca máis acolledora.

E todo comezou fai uns dous mil anos, en torno a unha fonte, hoxe coñecida como As Burgas, da que manaban augas ferventes e salutiferas.

Ó seu redor creceu a incipiente urbe. Seguramente a afición ós baños termais é unha das primeiras mostras que deu a civilización grecolatina que estima polo benestar corporal.

En torno ás Burgas creceu Ourense, primeiro latina, logo medieval ata os tempos modernos, traendo polo camiño a Ponte Vella, ese románico, as súas igrexas de Sta. Mª Madre, Sta. Eufemia e outros moitos monumentos. Naturalmente, Ourense non ten tan só valores monumentales. É tamén unha cidade da cultura, dos concertos, das representacións teatrais (especialmente na súa Semana Grande, a das festas do Corpus) e do ocio. Disfruta de modernas instalacións como as piscinas na praia fluvial de Oira ou o complexo deportivo de Monterrei. Moi preto deste último lugar existe unha pista de karts e atópase o Club de Golf Montealegre. Nesa zona pódese disfrutar da equitación e o mesmo acontece na Hípica Barbadás en Loiro, donde se organizan rutas a cabalo por diversos puntos da Comarca. En Barra de Miño, pola súa banda, as remansadas augas do río permiten a práctica de actividades como o esquí acuático.Como remate a esta reseña dos atractivos comarcais, non se poden esquecer os valores do patrimonio histórico e monumental.

Poden eiquí lembrarse entre outros monumentos as igrexas de Moreiras ou de San Cibrao das Viñas (de feituras renacentistas estas última), a torre de Pereiro de Aguiar, o pazo-castelo de Vilamarín ou o Pazo-Museo de Trasalba, en Amoeiro, donde viveu un dos pais do galeguismo, don Ramón Otero Pedraio. Sen embargo, o que quizáis sexa o monumento máis importante (incluso é o máis grande en dimensións) é o mosteiro de San Estebo de Ribas do Sil en Ramuin, colgado nesa simpar paisaxe do cañon do Sil. Os seus claustros, as súas estancias, as súas pedras labradas falan dun pasado de traballos, de oración e de esplendor, esplendor que se recobrará cando remate a reconstrucción deste edificio, un dos máis notables de Galicia. ❦



Mosteiro de San Estebo de Ribas de Sil J.S.


COMARCA DE
OURENSE
Río Búbal
CARBALLEDO
540
SAN CRISTOVO DE CEA
Vilamarín
VILAMARÍN
525
Río Barbantiño
A PEROXA
A Peroxa
A Peroxa (S. Xes)
Moura
Ribas de Sil
Luintra
Pombar
Barra do Miño
COLES
MASIDE
AMOEIRO
NOGUEIRA DE RAMUÍN
PUNXÍN
Trasalba
OURENSE
Ourense
Pereiro de Aguiar
PEREIRO DE AGUIAR
CENLLE
ESGOS
Río Loña
120
Sta. Mariña do Monte
TOÉN
BARBADÁS
Belmonte
Barbadás
Moreiras
San Cibrao das Viñas
PADERNE DE ALLARIZ
CASTRELO DE MIÑO
Río Barbaña
Loiro
SAN CIBRAO DAS VIÑAS
CARTELLE
TABOADELA
525
540
A MERCA
SITGA
Límite comarcal
Límite municipal
Pazo
Catedral
Igrexa
Mosteiro
As Burgas
Ponte romana
Restos de castelo
Polígono industrial
Rede estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria
Ferrocarril
Casa Museo de Otero Pedrayo
Mámoas
Praia fluvial
Piscinas
Deportes náuticos
Campo de golf
Complexo deportivo
Turismo ecuestre
Monumento ó Afiador



Club de golf Montealegre, en Ourense J.S.

A comarca cara ó futuro

A cidade de Ourense, principal asentamento urbano da Comarca e da provincia, configúrase, na actualidade, como unha área urbana en constante crecemento e expansión e como auténtico motor da dinamización socioeconómica provincial, demostrando unha importante capacidade de atraccción empresarial localizada fundamentalmente no polígono industrial de San Cibrao das Viñas.

A recente construcción do Parque Tecnolóxico de Galicia (550.000 m.2), a instalación dunha terminal de colectores de RENFE, dun pavillón de exposicións, a posta en marcha dun centro de distribución de mercancías por estrada e a construcción dun hipermercado, son as actuacións máis inmediatas e de maior envergadura que se están levando a cabo no ámbito comarcal, e coas que a Administración Autonómica, cun investimento inicial superior ós 6.000 millóns de pesetas, espera contribuír ó desenvolvemento tecnolóxico e empresrial da Galicia interior. A todo isto, cabe engadir a inmediata construcción da autovía Benavente-Ourense-Vigo, que está chamada a desempeñar un papel decisivo na futura organización funcional e territorial da cidade de Ourense e da súa Comarca.

Xunto coa culminación das grandes obras de infraestructura xeral e de equipamentos básicos a nivel municipal, o futuro desenvolvemento desta comarca pasa tamén, entre outros, polos seguintes obxectivos:

1. Corrixi-los impactos medioambientais que se están detectando nos principais asentamentos urbanos, xerados polo potencial das iniciativas en marcha.

2. Controla-lo crecemento da periferia suburbana establecendo un plan racional de vivendas e de servicios complementarios capaces de absorbe-la demanda existente.

3. Mellora-los accesos ós distintos núcleos da periferia Comarcal, co fin de favorece-la desconxestión do centro e a radiación do crecemento cara ás áreas máis deprimidas e con certas posibilidades de crecemento real.

4. Diversifica-lo sistema productivo, incorporando novas tecnoloxías que permitan fortalece-lo sistema empresarial comarcal e provincial.

Todo isto contribuirá a reforzar ese papel de centro de equilibrio que a capital provincial ourensana desempeña na rede urbana rexional. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

7

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Agosto do 1995

Allariz Maceda

Os Milagros de Monte Medo, en Maceda — José Salgado

A comarca de Allariz-Maceda

ESTA Comarca esténdese ó longo da metade oriental da Depresión Ourensá e por toda a Depresión de Maceda ata os bordos que encerran ámbalas dúas unidades. Limita coas Comarcas ourensás de Terra de Caldelas, A Limia, Terra de Celanova e Ourense. Os municipios que a compoñen son: Allariz, Baños de Molgas, Esgos, Maceda, Paderne de Allariz, Taboadela, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo, ocupando unha superficie de 445,86 km2 na que se reparten (en 1994) 20.781 hab., cunha densidade media de 46,60 hab/km2. O alto val de Arnoia confire a unidade territorial a esta comarca, na que se individualiza a Terra de Maceda, chamada así por Otero Pedrayo, e que é unha depresión topográfica drenada polo río do mesmo nome. A duplicidade desde o punto de vista xeográfico é paralela á que se deriva da existencia de dous núcleos con renome: Allariz, por unha parte, e Maceda, por outra. Ata tal punto isto foi así, que o partido xudicial constituído en 1834 denominouse de Allariz porque en dito núcleo estaba a capital; sen embargo, en época inmediatamente anterior, a capital estaba en Maceda e o partido chamábase Maceda de Limia. Ámbolos dous núcleos foron tradicionalmente importantes centros de mercado, atraendo á población dun amplo contorno ás feiras de categoría comarcal que alí se celebraban. A súa singularidade desde o punto de vista topográfico é a alternancia entre zonas fundidas e outras elevadas que as encerran, tales como Cabeza de Meda e Serra de S. Mamede, onde se dan as maiores alturas, en torno ós 1.600 m. A Comarca de Allariz-Maceda reparte o seu territorio entre dúas concas fluviais: a do río Arnoia na conca do río Miño, que abarca a maior parte da superficie comarcal e a conca do río Limia, que unicamente recolle as augas do extremo meridional dos municipios de Allariz e Xunqueira de Ambía. É polo tanto o Arnoia a corrente fluvial máis importante deste territorio, atravesándoo de leste a oeste e recolectando a auga de tódolos regueiros que o bañan. O clima caracterízase, en liñas xerais, por un dominio oceánico de transición mediterránea nas áreas fundidas, e dun oceánico con carácter de continentalidade nos rebordos montañosos. Polo tanto, as temperaturas son suaves, máis frescas en inverno segundo nos achegamos á parte oriental, cunha temperatura media duns 11–C; as precipitacións varían entre a parte oriental, onde se poden recoller ata 1.700 mm anuais, e a occidental onde diminúen ata 1.000 mm. ¶





Bodegón Portovello no Museo do Coiro J.S.

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González, Luis Pousa Meréns e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, PilarPatiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Teresa Tojo, Antonio Maneiro, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización fotográfica: Francisco Mirás e Chicho Seoane

Edita: Editorial Compostela
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ¶

Dos doces 'reais' de Allaríz á cerámica de Maceda



A importancia agrícola e gandeira da comarca non pode facer esquencer a calidade da reposteria de Allariz ou a cerámica de Niñodaguia feita con arcilla da zona de Maceda. Da artesanía do século XVIII ven a alta calidade do chuculate de Allariz e ás Damas de San Clara hai que agradecerlles as ben gardadas fórmulas das distintas gamas de doce real que constituen a boa oferta confiteira alaricana: tarta real, almedrados, roscas de xema, rosquillas do cazo e almendras do pino.

Pero antes dos postres, Allariz pode ofrecer boas carnes de terneira, cordeiro ou polo, uns dos mellores chourizos de Galicia; caza en abundancia –coello, lebre , perdiz e codorniz–. E para empezar a facer boca troitas e anguías.

Os curtidos

Sin esquencer as patacas, as alubias ou os grelos da comarca. De entre as froitas, as fresas. E de viño, a *purrela,* de baixa gradación e con certa agulla, así como un inmellorable oruxo.

Allaríz foi tamén famoso polos seus curtidos, calificados como es mellores de España no seu tempo gracias ós sistemas hebreos empregados, que desapareceron por falla de capitalización e dunhas instalacións axeitadas que desenvolveran unha incipiente industria de calzado. Tamén tivo certo pulo a fabricación de paos de zoco en madeira de aliso ou abedul e a confección compreta dos zocos. E foi decaendo a artesanía de ferros forxados para balcóns. Tras a revolución industrial, a comarca perdeu a producción de lenzo de liño que levaba o nome de *allariz* e os encaixes de palillos.

No caso de as terras de Maceda, unhas das súas características máis dominantes son as *agras,* cercados nos que se agrupan varias parcelas destinadas ó cultivo do maínzo, patacas e hortalizas, como un variante dentro de vocación gandeira da zona.

Si ben a mineira redúcese na actualidade ás canteiras de arcilla para a fabricaicón de ladrillos e cerámica, no hai que esquencer que na depresión de Maceda xerouse unha gran artesanía de cerámica que tiña como centros productores a Loña, Niñodaguía, Tioira e Triós. Entre a deácada dos treinta e a dos coarenta tivo a súa importancia a extracción de estaño e wolfram.

As feiras

En términos xerais, a comercio de Allariz-Maceda sofre a influencia que lle provoca a proximidade de Ourense capital. Pero de todos os xeitos as feiras quincenais –se celebran o 1 e 15 de cada mes– converten a Allariz nun centro de atracción de xentes procedentes de distintos puntos da provincia. Os mercados dos mércores, nos que se comercializaba gran parte do grao de A Limia desapareceron xa fai moitos anos. ¶

O castelo de Maceda J.S.

En dez lustros perde a mitade dos habitantes

DESDE o ano 1900 ó 1940 a poboación da comarca de Allaríz-Maceda crece década a década, e pasa de 34.711 a 38.030 habitantes. A partir de mediados de século, o número de personas descende a un ritmo de case 5.000 por década, ata quedar nos 20.408 que rexistra o padrón de 1991. Noutras palabras, en dez lustros a poboación de Allaríz-Maceda reduce case a mitade dos habitantes. Doutra parte todos os municipios teñen hoxe menos habitantes que a principios do século XX.

Allaríz, con 5.218 almas, segue sendo o municipio máis poboado e, a continuación, lle siguen Maceda (3.477) e Baños de Molgas (3.208); Xunqueira de Ambía está por riba das dúas mil personas (2.351) e o resto por debaixo: Taboadela, 1.816; Paderne de Allariz, 1791; Esgos, 1.394 e Xunqueira de Espadañedo, 1.153.

De 55 a 69 anos

A pirámide de poboación presenta unha figura irregular: do grupo de idade dos 55-59 ó de 85 e máis anos é triangular; de 10-14 anos a 50-54 ten forma rectangular. E, en todo caso, a parte máis numerosa de poboación da comarca ten entre 55 e 69 anos, e a menos numerosa se sitúa entre os 0 e 9 anos.

Seguindo a tónica dominante no medio rural galego, a zona de Allariz-Maceda presenta un tasa de masculinidade decrecente que en 1991 era do 93 por cento. No curto espacio de tempo que vai de 1986 a 1991, a comarca perdeu case o mesmo número de homes (3.930) que de mulleres (3.869) para quedarse nun total de 9.941 e 10.864, respectivamente. A tasa de fecundidade é de 25,28. En 1991 só naceron 96 persoas, e o número de mulleres comprendidas entre os 15 e os 49 anos só é de 3.798.

Na década dos oitenta, a tasa de natalidade foi descendendo ata chegar ó 4,1 en 1991. Para o mesmo período de tempo, a tasa de mortandade tamén caeu ata situarse nun 9,6. O dato alarmante está en que a tasa de mortandade máis que duplica a tasa de natalidade, e polo mesmo o retroceso demográfico é evidente. O diferencial entre a tasa de natalidade e a tasa de mortandade da un crecemento vexetativo negativo para os oito municipios da comarca, que no caso de Paderne acada un índice de -11,4. O municipio de Allariz rexistra un -6,5. En Baños de Molgas só rexistrou un nacemento no ano 1991, o que supón un tasa de fecundidade de 1,57. Doutra parte, de 1986 a 1991 aumentou o índice de dependencia senil de comarca, ó pasar de do 30,3 ó 45,2, e descendeu o índice de dependencia xuvenil, que retrocedeu para as mesmas datas de referencia do 24,2 ó 21,6. ¶









A forza todavía viva dunha zona gandeira

A comarca de Allaríz e Maceda representa a forza todavía viva dunha economía agrícola e gandeira que da traballo ó 43,25 por cento da poboación ocupada e que rexistra un crecemento estimable do sector terciario na última década, ó pasar do 18,66 por cento en 1981 ó 27,56 por cento en 1991, o que representa un crecemento de 8 puntos. Nese mesmo período de tempo a industria e a construcción crecen lixeiramente e acadan un porcentaxe de poboación ocupada do 13,62 e 15,57, respectivamente.

Avicultura

Allariz-Maceda é unha zona de clara vocación gandeira, no que fai referencia a gando de carne e gando de leite e a especialización na avicultura, con decenas de granxas salpicadas pola xeografía da comarca.

Sin embargo, elo non impide constatar os cambios que se están producindo nos sectores productivos. De 1981 a 1991, a sector primario caeu do 56,26 por cento da poboación ocupada ó 43,25, unha porcentaxe que, non obstante, aínda está por riba da medida provincial (30,60) e, por suposto, da media galega (23,71).

Neses dez anos, destaca a perda de poboación agraria que sufriu Maceda, que pasa do 74,29 ó 40,37 %; Esgos, do 67,31 ó 32,53 por cento e Taboadela, do 50,79 ó 24,48 %. Tamén perderon poboación ocupada agraria, Allaríz (38,07 a 30,40); Xunqueira de Ambia (67,02 a 61,01), Xunqueira de Espadañedo (41,93 a 30,45) e Paderne (52,28 a 47,67). Só Baños de Molgas representa a excepción, de modo que a importancia do sector agrario crece do 53,1 ó 56,35 por cento. No caso do sector terciario, o crecemento da importancia relativa dos servicios non é homoxéneo. Nesa década, o peso deste sector apenas se varia no caso de Allariz (29,79 e 30,57), municipio no que aumenta a importancia da industria –en 1991 acolle ó 20,12 % da poboación ocupada que en 1991 era do 16,63 %– e da construcción. E outro tanto sucede con Xunqueira de Ambia. Polo contrario, o terciario acrecenta a súa importancia en Esgos, Xunqueira de Espadañedo, Maceda e Taboadela. ¶



Descubrindo o pasado, ollando ó futuro

Allariz-Maceda descubriu nos últimos anos o gran potencial que para o turismo ten o seu pasado: as súas vilas, que habitaron reis, os seus valores artísticos e etnográficos e o seu entorno natural. Todo o conxunto da forma a unha variada oferta de ocio, cun dos seus puntos fortes no chamado turismo activo.

NESTE senso, temos en Allariz o paradigma de todo o antedito. A que fora corte dos monarcas suevos ten pasado en poucos anos de languecer no esquecemento a converterse (así o testemuña o premio concedido pola Unión Europea) do bo facer dun rico patrimonio.

Nos últimos tempos rehabilitamos rúas e vellos muiños. As ribeiras do Arnoia foron rehabilitadas. Igualmente, as tradicionais Festas do Corpus rexurdiron coa recuperada Festa do Boi.

Esta tradición instaurouna cando ceibou un boi diante da procesión do Corpus para escorrentar ós xudeos impíos. As carreiras polas rúas dos mozos e o cornúpeta son o máis vistoso dos festexos.Ademais, hoxendía Allariz conta cun parque etnográfico (consta do Muiño do Burato, o Museo do Liño e mai-lo Museo do Coiro, no que actualmente traballa Ernesto Sánchez, artesán). As beiras do Arnoia, que abrazan a vila, téñense convertido nunha fermosa paraxe para o paseo e o descanso. Nesas beiras ubícanse o Restaurante Acea da Costa e o Bodegón Portovello, encravados respectivamente nun muiño fluvial e na fábrica de curtidos. Queda aínda por falar de máis cousas: do Museo do Xoguete, dese casco antigo alaricano, coas súas seis igrexas que foron once noutro tempo, do antigo cárcere ou do convento de Sta. Clara, onde se conserva a "Virxe Abrideira", figuriña de marfil do século XIII, que pertenceu ó rei Fernando o Santo. Todo, praciñas, igrexas, rúas, manteñen un vello aroma de séculos.

Nos arredores de Allariz téñense levado iniciativas para desenvolver o turismo verde.

Ademais dun cámping e unha casa de turismo rural (o Muiño do Briñal), existe unha cuadra de cabalos para percorrer a comarca cual cabaleiro medieval. Unha delas vai ata Sta. Mariña de Augas Santas, outra recorre as marxes do Arnoia, visitando case unha trintena de muiños rieiros. O Putra sube ata as estrañas formacións de Penamá.

E aínda quedan razóns de sobra para visitar estas terras.

A vila de Maceda, por exemplo, co seu castelo, onde pasou a nenez o rei Alfonso X, e o seu casco vello no que perdura aínda algún artesán guarnicioneiro. O concurrido santuario dos Miragres de Monte Medo, ben visible dende o mirador do Alto do Rodicio. Nen lonxe, en Esgos, consérvase o cenobio alto-medieval de San Pedro de Rocas e algúns talleres alfareiros de Niñodaguia.

Hai que falar tamén do Mosteiro de Xunqueira de Espadañedo e da colexiata de Xunqueira de Ambía, da minúscula igrexia prerrománica de Sta. Eufemia de Ambía ou da vila termal de Baños de Molgas.

E xusto en Baños de Molgas, na parroquia de Vide, encrávase unha escola de pilotaxe de ultralixeiros onde os visitantes poden te-lo seu bautismo aéreo e albiscar desde as alturas tódalas xoias naturais e monumentais que ofrece esta comarca. ❦

A ponte de Vilanova, en Allariz

J.S.



Mosteiro
Santuario
Igrexa
Castelo
Torre en ruinas
Penedos
Termas romanas (restos)
Castro celta
Balneario
Igrexa prerrománica
Miradoiro
Museo etnográfico
Área recreativa
Deportes acuáticos
Rutas a cabalo
Escola de ultralixeiro
Camping
Museo do coiro
Festa do boi
Artesanía
Rede Estatal
Rede Primaria
Primaria Complementaria
Secundaria complementaria
Ferrocarril
Ruta de sendeirismo

O futuro da comarca

A Comarca de Allariz-Maceda estableceu tradicionalmente as súas actividades económicas nos recursos máis básicos do contorno: gandería, agricultura e sector forestal, anque sen perder de vista outros recursos naturais como foron as canteiras de granito e a arxila existente, que deu lugar a unha das cerámicas máis prestixiosas de Galicia: Niñodaguia. Todo isto foise complementando paulatinamente cunha industria artesanal: coiros, producción de curtidos, zocos, calzado en xeral, que hoxe en día perdeu aquela importancia. Tamén o sector forestal trouxo consigo a creación dun bo número de serradoiros.

Todos estes factores xunto coas calidades paisaxísticas, arquitectónicas, medicinais e gastronómicas do contorno, que ten o seu eixe central es Allariz, fan que pase por aquí o futuro da Comarca, é dicir, potenciar aquelas parcelas con posibilidades reais de éxito, como poden ser dentro da agricultura, a producción de cultivos rendibles economicamente: neste caso frutais, amorodos e productos hortofructícolas, ou un bo aproveitamento do monte, cultivándoo de forma equilibrada. Outra actividade a potenciar é a producción de carne de vacún de calidade, introducíndose en mercados extrarrexionais, de forma intensiva, igual que a producción avícola e o gando porcino. Non se poden esquece-las favorables características naturais existentes na zona para potenciar un turismo de calidade e centrándose na vila de Allariz, que en 1994, conseguiu o Premio de Planificación Urbanístico e Recuperación Arquitectónica, concedido polo Consello Europeo de Urbanismo; isto axudará a potenciar esa atracción turística, que irá acompañada pola excelente gastronomía da zona e pola tradicional artesanía popular (traballo do coiro, artesanía do calzado, de ferro forxado, cerámica, etc...) así como pola riqueza termal da área (Baños de Molgas) completando todo isto a oferta presente na Comarca. Pola sua proximidade de Ourense, Allariz é xa un núcleo residencial alternativo e esta función tenderá a incrementarse. ¶

As rutas a cabalo, en Allariz J.S.

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

8

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Setembro do 1995

Bande

Cascada da Fecha, no Parque Natural do Xurés

José Salgado

A comarca de Bande

A Comarca de Bande o Limia Baixa, entre A Limia e a Terra de Celanova, forma un claro entrante da provincia ourensá no veciño país de Portugal. Sobre algo máis de cincocentos quilómetros cadrados (526,99) aséntanse 11.624 habitantes (1994), pertencentes a cinco municipios: Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muiños. Coma no resto da provincia, a densidade ten un valor medio baixo (22,05 hab/km2).

Este territorio está organizado en torno ó río Limia, a partir do punto no que esta corrente fluvial se encaixa e profundiza o seu caudal (municipio da Porqueira), en contraste co caudal divagante e a paisaxe de formas suaves que caracteriza o tramo do río ó seu paso pola depresión da Limia, na comarca do seu nome. Se a rede fluvial é o eixo vertebrador da comarca, os rebordos montañosos son os elementos limitantes. Así, na vertente noroccidental, os Montes do Quinxo (con alturas superiores ós 1.100 m.) e a Serra do Leboreiro (con cotas que superan os 1.200 m.) non só delimitan a comarca ou a Serra do Xurés (con altos como Pico Nevosa, de 1.503 m.) fan





Campamento romano J.S.

outro tanto; aínda que menos acusados, tamén no NE as zonas montañosas están presentes, tal é o caso do Alto do Vieiro (850 m.), neste caso, ademais, divisoria de augas coa conca Miño-Arnoia. Estes rebordos montañosos son lugar de nacemento dos múltiples ríos e regueiros que van desaugar ó Limia, engrosando de novo unha caudal que diminuíra tralo seu embalsamento nas Conchas; de todos eles, o Salas é o afluente principal, tamén cun embalse (o do seu nome).

Esta individualidade xeográfica é a que lle dá unidade á comarca, o que non impediu manter relacións con outros centros próximos como Celanova, relacións que xa foron intensas no pasado porque parte destas terras estaban baixo a xurisdicción do Mosteiro. No século pasado, constituíuse o partido xudicial de Bande (que hoxe deixou de existir) e que, practicamente, correspondía ó que hoxe é o territorio comarcal. Tamén tivo un papel importante na cohesión interna a capacidade aglutinadora de Bande que foi un dos centros relativamente importantes do sistema rural de asentamentos de Galicia. Na actualidade, nesta comarca intensificáronse as relacións co país veciño, por medio de dous puntos de paso; un deles o de Lindoso e outro o de Portela d'Home.

Ó igual có resto do sur ourensán, o clima da Limia Baixa é un oceánico de transición cara ó mediterráneo. Sen embargo, ten unhas condicións locais que o modifican en gran medida. Por unha banda a altitude, o que fai descende-las temperaturas e eleva-las precipitacións; e, pola outra, as masas de auga dos encoros que elevan o grao de humidade e propician a formación de néboas. Como termo medio, a temperatura media anual é suave (13,1 graos centígrados) e a máxima rexístrase en agosto (20,7). As precipitacións son moi variables segundo a zona da que se trate, pero cun denominador común: a súa escaseza no verán, que só rexistra en torno ó 8% das mesmas. ❦

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González, Luis Pousa Meréns e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, PilarPatiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Teresa Tojo, Antonio Maneiro, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización fotográfica: Francisco Mirás e Chicho Seoane

Edita: Editorial Compostela
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ❦

Unha natureza dominada pola aridez estival



Santa Comba de Bande J.S.

As limitacións productivas mesmo dentro do sector agrario que padece en términos xerais a comarca de Bande non son alleas a unha natureza difícil, cuns solos pobres, mui pouco desenvoltos e cunha media de case 80 xiadas entre os meses de novembro a marzo, así como a escasez de precipitacións acuosas no verao o que orixina unha forte aridez estival, que obrigou a unha forte implantación do regadios en terras cuia superfície representa o 60 por cento da adicada a cultivos herbáceos.

Nestas terras destaca pola su extensión o mainzo, que se sementa durante varios anos seguidos para logo cambia-lo cultivo por unha colleita de patacas, e volver de novo ó mainzo.

En conxunto a maioría das terras adícanse ó forraxe, alimento básico dunha importante cabaña de gando bovino tanto para carne como para leite. E de xeito xenérico se pode asegurar que a economía da comarca ten os seus tres pilares na agricultura, gandeiría e monte. Existe tamén unha pequena porción de viñedo, localizado no val do Grou e Caldo.

En canto o monte; o seu papel tradicional de ampliar a superfície cultivada como lugar de pasto e como proveedor de estrume está en absoluto retroceso. Seu aproveitamento se realiza de forma comunal polos veciños das aldeas á que pertenece cada monte, mediante un acordo verbal recoñecido entre eles, tratando cada un de aterse ós seus dereitos. Doutra parte, o pastoreo e ampliación do terreo cultivable e a necesidade de madeira son algunhas das causas que detectaron os especialistas como provocadoras da case desaparición do bosque climax, degradado nun brezal.



No municipio de Bande se celebra feira dos días 13, 22 e 28 de cada mes. Hai caza maior e menor e nos seus ríos se pescan boas troitas. Desde o punto de vista turístico quizaís conveña lembrar que polo sur, remontando a marxe dereita do Limia pasaba a vía romana de Astorga a Braga.

E xa na época romana se utilizou a estación termal de Baños de Bande, como o proba a inscripción de Boelio Rufo que se conserva no Museo provincial de Ourense.

No actual Baños se asentaba a terceira mansión da vía, *Aquis Originis,* dotada dos servicios e instalacións necesarias para o avituallamento dos vixaeiros. ❡

A metade dos habitantes que tiña en 1940

A comarca de Bante ten hoxe en día a mitade dos habitantes que tiña en 1940, ano en que acada o mellor rexistro do que vai deste século, con 22.986 personas. Desde 1900, en que tiña 20.930 habitantes, a comarca crece demográficamente nas catro décadas seguintes, e a partir daí inicía unha caída en picado. A excepción de Lobios que o conquire en 1950 (5.221 personas), todos os municipios anotan o maior número de habitantes en 1940: Bande, 6.275; Entrimo, 3.778; Lobeira, 3.402 e Muiños, 4.452. E todos os municipios, sin excepción, rexistran en 1991 menos habitantes que en 1900: Bande, 2.617 e 5.721; Entrimo, 1.553 e 3.389; Lobeira, 1.405 e 3.040; Lobios, 3190 e 4.201 e Muiños 2.236 e 4.579.

Figura irregular

A pirámide de poboación amosa un figura irregular: entre os grupos de idade de 55 a 59.anos ata 85 e mais, a figura é un triángulo de amplia base; entre os grupos de idade de 25 a 29 anos ata 50 a 54, semella un rectángulo y entre os grupos de idade de 0 a 4 anos ata o de 20 a 24 anos, a figura é un triángulo invertido. En consecuencia, amosa con claridade o unha estructura de poboación mui envellecida.

Por sexos, o número de mulleres e superior ó de homes, polo que a tasa de masculinidade se situaba en 1991 no 90,4, case 4 puntos menos que a de 1986, que foi de 94,1. Nese período de cinco anos (de 1986 a 1991), o número homes cae de 9.292 a 5.497 e o de mulleres ten un comportamento parecido, ó pasar de 9.879 a 6.083.

De 1981 a 1991 descendeu a tasa de natalidade, pasando do 6,4 para o quinquenio 1981-86 ó 5,2 para o 1986-91. E o contrario a tasa de mortalidade aumenta desde o 11,0 ó 12,7. A consecuencia inmediata de este comportamento demográfico é que aumenta o crecemento vexetativo negativo, que pasa do -4,6 ó -7,5.

O número comprendidas entre oa 15 e os 49 anos era de 2.068 en 1991, ano no que se rexistraron 63 nacementos o que arroxa unha tasa de fecundiade do 30,46.

En 1991 o índice de dependencia xuvenil era do 21,5 e o de dependencia senil, 48,4. Segundo o nivel de instrucción da poboación, o 6,83 da poboación da comarca de Bande carece de estudios; o 42,09 conta con estudios primarios; o 33,18 por cento ten certificado de primeiro grao; o 15,25 por cento conta con estudios de segundo grao e só o 2 por cento acada estudos superiores. No caso de Entrimo e Lobios chama a atención o alto porcentaxe de poboación sen estudios que teñen: 10,09 e 9,78, respectivamente. A menor proporción de analfabetos a ten Bande. ❦









O gando é a principal fonte de ingresos

O gando é a principal fonte de ingresos dunha comarca na que as súas condicións climáticas e de solo non axudan ós cultivos agrarios, pero que non semella contar con moitas alternativas. Pese a que nos últimos anos a importancia do sector primario cae a pasos axigantados e crece a terciarización de economía, a zona segue dependendo do sector primario como actividade que da emprego a un maior número de personas. En 1981, a poboación ocupada no sector agrario representaba o 75,06 por cento do total e o sector servicios acollía ó 13, 71 %; en 1991, se aprecia un forte cambio na tendencia en canto que a poboación ocupada na agricultura cae ata o 54,53 por cento e, sin embargo, aumenta a adicada a traballar no sector servicios, 24,78 %.

Por municipios

Na década dos 80, o sector industrial experimenta un leve crecemento, de modo que entre 1981 e 1991, pasa do 3,14 ó 5,96. Maior relevancia adquire a construcción que si no ano 81 daba ocupación ó 8,09 da poboación activa, dez anos despois esta porcentaxe é do 14,73 por cento, case o doble.

Por municipios, Muiños é o que ten maior número de poboación ocupada no sector primario., 68,29 por cento e o que menos no sector industrial, 3,96 %. O maior descenso na actividade agraria dentro da comarca tivo lugar en Lobios, que pasou de ter o 94,91 % da poboación ocupada ó 54,64 por cento, o que representa unha perda de 40 puntos. Pola mesma circunstancia, Lobios ten o maior crecemento dos municipios da comarca no sector terciario, que en 1981 ocupaba o 4,69 por cento da poboación activa e en 1991 o 24, 39 por cento, e na construcción, donde pasa de prácticamente ningunha persona traballando neste sector ó 15,12 por cento. Entrimo é o municipio da comarca con maior peso da construcción, o 20,96 por cento da poboación ocupada. No caso de Bande, o 33,63 por cento da poboación ocupada pertenece ó sector servicios, que aumentou seu peso na economía local 9 puntos desde o ano 1981. ¶

A comarca de Bande comparte co norte de Portugal un dos máis importantes enclaves naturais do norte da Península: o Parque Natural do Xurés, ou da Peneda Gerés, como se lle coñece pola banda lusitana. Unido a este enclave, toda a comarca ten valores paixasísticos e monumentais, o que a fan idónea para o sendeirismo, a pesca ou mesmo os deportes náuticos.

Rutas

ESTES últimos poden-se practicar se a climatoloxía o permite nas augas dos encoros de Salas e Muiños. Neles non é raro ver cruzar fugaces ós "windsurfistas". Recentemente, tamén se habilitaron sete rutas de sendeirismo na comarca. Se o visitante é máis dado ó reposo que ó descanso, existen diversas áreas recreativas, no Alto do Vieiro, o Corro do Mouro ou en Mugueimes perfectamente acondicionadas e moi concorridas cando o calor do verán aperta. Entre algunhas das festas que se celebran está a do "Porco de San Antón", na que un destes animais é criado por tódolos veciños e logo deixaselle vagar libre polas rúas. Lamentablemente, esta tradición vaise perdendo en moitas localidades.

Naturalmente, cando se fala das terras fronteirizas de Bande non se poden esquecer unha serie de monumentos que, xunto co Parque Natural do Xurés, son os símbolos identificativos da zona.

Estamos a falar dos miliarios romanos de Portela do Home, xa na "raia" con Portugal, do campamento romano de "Aquis Quequernis", dos "dólmenes" do encoro de Salas e da igrexiña visigoda de Sta. Comba de Bande.

Existe outro monumento, que, quizáis por ser máis moderno, se esquece moitas veces ó falar da comarca. Trátase do magnífico templo barroco de Sta. María la Real de Entrimo, preto de onde existe un aloxamento de turismo rural.

Así pois, estando nunha zona apartada de Galicia, a comarca de Bande non deixa de ter suficientes atractivos para visita-la, percorre-la a pé e disfruta-la intensamente. ¶

Santa María La Real de Entrimo

J.S.


COMARCA DE BANDE
Primaria básica
Secundaria
Ferrocarril
Límite comarcal
Límite municipal
Castelo
Igrexa
Capela
Casa de turismo rural
Anta megalítica
Campamento romano
Parque natural
Área recreativa
Miradoiro
QUINTELA DE LEIRADO
VEREA
RAIRIZ DE VEIGA
Alto do Vieiro
Bande
Limia
Río
BANDE
PORQUEIRA
LOBEIRA
Ermida de San Bieito
Lobeira
Aquis Querquerins
Igrexa prerrománica de Santa Comba de Bandé
Encoro das Conchas
Migueimes
CALVOS DE RANDÍN
Entrimo
ENTRIMO
Casa d'asperelo
Salas
MUIÑOS
Maus de Salas
Río
Encoro de Salas
LOBIOS
Xurés
do
Serra
PORTUGAL
Miliarios de Portela do Home
Ermida do Xurés
Ruta de sendeirismo
Castro celta
Anta megalítica
Miliarios
SITGA

O casal de Asperelo, en Entrimo J.S.

Actuacións a promover na comarca cara ó futuro

A Comarca de Bande conta cun nivel de infraestructuras e de equipamentos básicos bastante satisfactorios, en ralación coa media doutras comarcas de Ourense. Se a isto lle sumamos as substanciais melloras levadas a cabo na rede de vías de comunicación que enlazan esta comarca co Norte de Portugal (C-540), podemos afirmar que está en condicións de afronta-lo seu futuro. Para iso, os axentes públicos e privados da Comarca, deben prestarlles especial atención ás seguintes liñas de actuación:

1. Pór en marcha un plan de promoción e divulgación dos recursos da área, así como dos seus valores máis característicos e significactivos que permitan diferenciar esta Comarca con respecto ás demais.

2. Aproveitamento dos recursos turísticos da zona, centrándose especialmente na modernización das estacións balnearias (Lobios, Muiños e Bande), no deseño de rutas en torno a Serra do Xurés e os Montes de Quinxo, no acondicionamento dos embalses da zona (Lindoso, Salas, As Conchas) para a práctica de deportes acuáticos e na creación dunha rede de casas de turismo rural.

3. Mellora-la estructura productiva interna existente, dotándoa dunha axilidade e capacidade que lle permita afronta-la competencia dos novos sistemas de organización empresarial.

4. Creación de equipamentos sociais e de servicios que contribúan a fixa-la poboación no ámbito comarcal.

En resumo, podemos afirmar que esta comarca, polas súas condicións ecolóxicas, conxuntos paisaxísticos, recursos enerxéticos e forestais, así como pola súa notable reserva hídrica, ten unha enorme vantaxe cara ás esixencias do vindeiro século. Nela está o parque natural do Xurés que é continuación do que existe nas terras portuguesas. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

9

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

A Limia

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Setembro do 1995

Torre de A Pena, en Xinzo de Limia

José Salgado

A comarca de A Limia

A Limia débelle o seu nome ó principal río que a cruza, nominado polos clásicos Limaea ou Belionis. Limita coas Comarcas de Bande, Terra de Celanova, Allariz-Maceda, Terra de Caldelas e Verín, así como con Portugal.

Esta Comarca do sur de Ourense está formada por dez municipios: Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmirás, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia, e anque a súa superficie é elevada (algo máis de 800 km2, equivalente ó 11% provincial), a poboación só é de 29.263 habitantes (1994); en consecuencia, a densidade media é baixa (36,56 hab/km2), froito sobre todo do despoboamento, aínda que tamén dunhas condicións ambientais adversas, polo menos en parte do territorio comarcal. Quizais un dos rasgos que singularizan á Limia sexa a súa gran unidade tanto desde o punto de vista xeográfico como desde o histórico, os dous, por outra banda interrelacionados. Efectivamente, a maior parte do territorio da Limia é unha depresión de orixe tectónica, formada na era terciaria, drenada polo río Limia no



seu curso alto e pola rede dos seus afluentes; a altitude media desta superficie está en torno ós 620-640 metros, mentres que os rebordos montañosos que a limitan son moito máis elevados, o que lle dá unha disposición de espacio pechado. Así, polo leste, Arcuzelos (1.089 m.) actúa de divisoria de augas co Támega; no sector meridional son a Serra de Larouco (con alturas superiores ós 1.300 m.) e a da Pena (con máis de 1.200 m.) as que pechan a depresión; e polo oeste, Penamá, Alto de Forriolo e Congosto (en torno ós 800-900 m.) son divisoria coa conca do Miño. Polo norte, sen embargo, non hai ningún destacado rebordo montañoso, aínda que algunha elevación de arredor de 700 m. forme a divisoria das concas do Limia e do Arnoia, unha pequena parte desta última pertencente á comarca. Desde o punto de vista histórico, este territorio asóciase ó pobo dos 'Límicos', o que fai pensar nunha certa unidade de partida. Por outra banda, o núcleo de Xinzo foi un dos centros importantes dentro do sistema de mercados de Galicia, base para a organización do sistema de asentamentos; no século XVIII, Larruga cita unha feira, e no século actual, a de Xinzo era unha das principais de Galicia (como a de Monterroso, Monforte ou Verín, por citar algúns exemplos). Todo iso facía que un amplo contorno se aglutinase ó redor desta cabeceira. Na mesma liña cabe entende-la constitución dos partidos xudiciais; así, o de Xinzo foi un deles ata a súa supresión en 1965, anque posteriormente se repuxo. Este acontecer histórico, xuntamente cuns rasgos territoriais, foille dando entidade á Limia, e tódolos autores a consideran coma unha clara comarca natural, que incluso se utilizou para diferentes planificacións. O núcleo de Xinzo segue contribuíndo á cohesión comarcal, debido a que é un importante nó de comunicacións: algunhas de entrada a Galicia, outras, de conexión coas comarcas veciñas e as últimas, de unión coa súa propia comarca; pero sempre, actuando como centro de influencia. Hai dous factores globais que explican o clima deste territorio; por unha parte, a situación meridional e, pola outra, o afastamento da costa e, en consecuencia, da influencia marítima. ❦

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González, Luis Pousa Meréns e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, PilarPatiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Teresa Tojo, Antonio Maneiro, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización fotográfica: Francisco Mirás e Chicho Seoane

Edita: Editorial Compostela
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ❦

O fruto dunha reforma agraria peculiar

A Limia foi un dos poucos sitios en Galicia no que o Estado programou un modelo de reforma agraria que se iniciou en 1958, ano de posta en marcha do Plan de Estabilización económica para toda España, coa desecación da lagoa de Antela, e sua posterior parcelación en fincas de aproximadamente 9 hectáreas e distribución entre os paisanos. Consecuencia delo, as reformas levadas a cabo polo desaparecido Instituto de Reforma y Desarrollo Agrario (IRYDA) provocaron variacións substantivas nalgúns aspectos da comarca, pero só en áreas mui concretas e de xeito preferente en Xinzo.

Doutro xeito, tanto a adecuación da Lagoa de Antela para o cultivo agrario como as sucesivas concentracións parcelarias levadas a cabo na zona no foron capaces de rematar con o minifundismo dominante e a dispersión das fincas e propiedades.

A pataca

A producción de pataca e a principal actividade de A Limia xunto con gando bovino. En ambos casos a zona conta cunhas mínimas estructura de comercialización que canalizan estos productos cara os mercados exteriores.

Seguno os técnicos agrarios, a comarca e apta para implatación de pradeiras sempre que se poñan en marcha regadíos mecánicos, e para o cultivo de froitas de hortalizas, sobre todo a colifror e o repolo. Nalgúnha zonas mui concretas dase o cultivo de tabaco de excelente calidade. Segundo os últimos anuarios agrarios, A Limia segue sendo unha das comarcas de Galicia con maior nivel de mecanización.



Dos municipios que conforman a comarca –Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairíz de Veiga, Sandiás, Sarreaus; Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo– só este último amosa unha estructura de carácter urbano, si ben enfocada cara a actividade agropecuaria: venda e reparación de maquinaria agrícola, venda pensos, abonos, sementes, fertilizantes e productos fitosanitarios e de sanidade animal, e almacéns concentradores de oferta da pataca, así como o desenvolvemento duns servicios de transporte acaídos a actividade agrogandeira.

Xinzo conta ademáis cunha variada oferta comercial de todo tipo de bens de consumo para toda a comarca, así como distinto servicios administrativos, sanitarios e educativos. Nesta vila celébranse duas feiras de gando mensuais que concentran a oferta de toda a comarca e que foron revalorizadas tras a construcción dun moderno recinto ferial, cunhas instalacións apropiadas ás esixencias sanitarias e comerciais.

Miliarios en Vilariño (Sandiás) J.S.

Estudios

Na actualidade o nivel de instrucción da comarca é baixo e presenta unha estructura con certas diferencias. O porcentaxe medio de poboación analfabeta para a comarca é do 5,86 por cento con diferencias que van desde o 1,36 de Vilar de Barrio, que marca o mínimo, ata o 11,95 por cento de Trasmiras, que marca o máximo. Esas diferencias danse tamen no caso de poboación sen estudios que é do 42,27 para toda a zona, si ben con diferencias dignas de mención entre os municipios.

En porcentaxe de poboación con estudios de primeiro grao, Calvos de Randín ocupa o primeiro posto con un 63,72 por cento e Vilar de Santos o último con o 6,32 por cento. En canto a poboación con estudios de segundo grao esté representa o 19,99 por cento. E con estudios superiores só o 2,2 por cento. ¶

Por debaixo dos 30.000 habitantes

A comarca de A Limia xa está por debaixo dos 30.000 habitantes nesa perda continuada de poboación que leva emprendida desde 1950, ano en que acada o maior número de personas, 44.496, ata 1991, 28.773 habitantes.

Salvo en 1920, a poboación da comarca crece ata mediados do presente século: 1990, 35.539 habitantes; 1910, 37.548 habitantes; 1920, 36.648 personas; 1930, 39.871 personas; 1940, 43.102 almas, e 1950, 44.496. A partir desa data se inicia a fase de decrecemento demográfico: 1960, 41.839 habitantes; 1970, 40.428 habitantes; 1981, 38.996 habitantes; 1986, 35.835 personas y 1991, 28.773 personas.

Maior decrecemento

Pero o maior decrecemento da poboación dase entre 1981 e 1991. Neses dez anos, A Limia perde máis de 10.000 habitantes o que supón o 26 por cento da poboación de feito e que sube ó 30 por cento no caso da poboación de dereito.

O certo é que todos os municipios que conforman a comarca, a excepción de Xinzo, teñen menos habitantes hoxe que a principios de século: Baltar, 1.861 e 3.134; Os Blancos, 1,271 e 2.550; Calvos de Randín, 2.028 e 3.650; Porqueira, 1.293 e 3.058; Rairíz de Veiga, 2.363 e 4.084; Sandiás, 1.928 e 2.388; Sarreaus, 2.683 e 3.640; Trasmiras, 2.280 e 2.679; Vilar de Barrio, 2.592 e 3.220; Vilar de Santos, 1.404 e 1.514 e Xinzo de Limia, 9.070 e 5.622.

A pirámide poboación presenta o abonbamento clásico das poboacións envellecidas. A figura tende a representar dous triángulos simétricos: entre o grupo de idade de 55 a 59 anos e 85 e máis anos a figura describe unha pirámide de ampla base; desde o grupo de idade de 0 a 4 anos ata o de 20 a 24 anos, a figura é un triángulo invertido, que tería a base formada polos de maior idade e a cúspide polos máis xoves.

A tasa de masculinidade e do 97,2 en 1991, case tres puntos máis baixa que en 1986. Como curiosidade, os concellos de Calvos de Randín (102,8), Vilar de Barrio (100,5) e Vilar de Santos (102,8) teñen un tasa de masculinidade por riba do cento por cento, o ter máis homes que mulleres. Para o conxunto da comarca, o ano 1991 rexistra 14.344 homes e 14.750 mulleres.

De 1981 a 1991, a tasa de natalidade descende ata situarse no 4,8 e a tasa de mortalidade crece levemente e acada o 9,6. De resultas de todo elo o crecemento vexetativo é negativo en -4,7, e duplica o valor acadado en 1986 (-2,1).

A comarca ten 5.628 mulleres comprendidas entre os 15 e os 49 anos, cunha tasa medida de fecundidade do 25,94. ¶





SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A economía agraria, en retroceso

A actividade agraria, que segue sendo a principal vocación productiva da comarca está en franco retroceso en A Limia. En dez anos o peso do sector primario caeu de ter o 76,15 por cento da poboación ocupada ó 46,87, o que representa un merma de 30 puntos. Esa reducción é especialmente chamativa en municipios como Vilar de Santos, que en dez anos pasou de ter o 97,41 por cento da poboación ocupada no sector primario ó 45,83 %; en Trasmiras, que baixou do 90,86 por cento ata o 43,17 % ou en Baltar, que descendeu do 90,70 por cento ó 56,11 %.

Paralelamente, Vilar de Santos veu crecer a importancia da construcción desde prácticamente cero ata ter o 32,65 por cento da poboación ocupada, e algo semellante pasou con os servicios que no 81 daban traballo ó 1,04 da poboación ocupada e en 1991 ó 18,55 por cento; Trasmiras pasou de ter o 2,13 % de poboaación ocupada na construcción ó 25,24 e os servicios pasaron do 5,11 ó 23,33; en Baltar os trasvase de poboación ocupada cara a construcción (20,35 por cento) e os servicios (20.0 %) foi case mitade por metade.

En canto a Xinzo, centro comercial e de servicios da comarca, presenta un estructura máis equilibrada dentro obviamente da preponderancia xeral da actividade agraria. En dez anos, sin enbargo, pasou de ter o 62,68 por cento de poboación ocupada no sector agrario ó 29,20 %, o que representa unha reducción de máis do cento por cento. Para esas mesmas datas a actividade industrial medrou e a poboación ocupada nese sector creceu do 6,11 por cento ó 10,62, outro tanto ocurreu coa construcción, actividade na que a poboación ocupada pasou do 8,61 ó 17,28 por cento. Mención á parte merece o comportamento do sector terciario, na medida en que nunha década Xinzo mudou de ser un municipio agrario a unha vila de servicios: en 1981 o sector terciario tiña o 22,61 por cento da poboación ocupada, en 1991 o 42,89 por cento. Para a conxunto da comarca hai un avance evidente da industria e a construcción, pero por riba de todos dos servicios. ¶



A máxica depresión da Limia

Xa as lexións de Roma viron no río Limia, o antigo Lethes, unha barreira máxica: o chamado 'río do olvido', unha barreira máxia e estraña. Isto resulta dunha paisaxe moi peculiar, inconfundible e sen paralelos en Galicia. Unha chaira que paga a pena coñecer, por natureza, festas e monumentos.

Destes últimos, os que máis destacan, pola súa verticalidade que se opón a unha paisaxe horizontal, son as súas vellas torres medievais, a de Sandiás, a da Pena da Portela, a da Porqueira e a da Sainza.

Da torre da Pena da Portela parte unha ruta de sendeirismo que leva a outros dous monumentos señeiros destas terras: o mosteiro do Bo Xesús de Trandeiras, felizmente rehabilitado por unha escola-taller.

Existen tamén na comarca testemuñas do pasado remoto.

A máis singular é a Pedra Alta, a "antela", pedra ergueita prehistórica que deu nome á lagoa Antela, lagoa que foi en tempos a máis grande de Galicia.

Outros vestixios do pasado son os restos da calzada e a ponte romana que se atopan en Arnuide (Vilar de Barrio) ou o oratorio paleo-cristiano que apareceu en Ouvigo (Os Blancos).

Na comarca consérvanse tamén fermosas igrexas como a de Trasmirás, a de Codesedo (Sarreaus) ou a de Sandiás (interesante construcción con portada gótica).

Sen embargo, os dous puntos fortes da comarca recaen na súa peculiar natureza e nas tradicións conservadas, especialmente no célebre Antroido de Xinzo.

A natureza da Limia polo norte deixa de ser chaira infinita, e se eleva cara o cumio do San Mamede en Vilar de Barrio, nun lugar ideal para unha ruta de sendeirismo, ou a mesma natureza que deixa cae-las augas na fervenza da Porqueira.

Tamén as pistas que cruzan a lagoa Antela son ideais para o cicloturismo.

En canto á etnografía, recollida no Museo da Limia (Calvos de Randín), esta ten a súa máxima expresión no Antroido de Xinzo de Limia.

Sen esquecer a batalla de moros e cristiáns que se celebra na Sainza (Rairiz da Veiga), polas rúas de Xinzo, as 'pantallas' cos seus albos atuendos e o ambiente festeiro é, sen dúbida, a imaxe que a maior parte dos galegos (e non galegos) teñen destas terras tan singulares. ¶

'Pantalla' do Antroido J.S.

	Mosteiro		Restos de Oratorio paleocristián		Refuxio cinexético
	Igrexa		Pedra Alta		Festa dos Cigarróns
	Igrexa singular		Forno tradicional		Festa de mouros e cristiáns
	Torre		Museo etnográfico		Fervenza
	Ponte medieval e calzada romana		Escola de ultralixeiro		Ruta de sendeirismo

A comarca cara ó futuro

Nesta comarca eminentemente agrícola e gandeira localízase a maior concentración de lignito terciario de toda España. Sen embargo, a súa explotación mineira, pese a que podería facerse a ceo aberto para xerar enerxía eléctrica, non é rendible aínda debido ó custo dos investimentos necesarios así como á baixa cotización internacional do carbón.

Polo contrario, a area extraída da Lagoa de Antela converteuse nun importante recurso económico que abastece, non só o mercado local, senón tamén numerosos constructores lusos, principais clientes dos areeiros limianos. A este potencial productivo hai que engadirlle o que se deriva do cultivo da pataca, moi estendido por tódolos municipios da comarca, e dalgunhas explotacións gandeiras intensivas en capital.

Con vistas a potencia-lo desenvolvemento económico e favorece-lo aproveitamento dos seus recursos, sería conveniente formula-los seguintes obxectivos xerais no ámbito comarcal:

1. Elaborar un plan integral de regadío para a Comarca, mediante o aproveitamento de augas subterráneas ou a construcción de pequenos encoros.

2. Potencia-lo cooperativismo no sector da pataca, co fin de establecer canles de comercialización conxuntos que posibiliten a introducción do producto en novos mercados. Paralelamente débense buscar cultivos alternativos que eviten a excesiva dependencia da pataca.

3. Potencia-lo polígono industrial de Xinzo como núcleo aglutinador das iniciativas empresariais da comarca. Neste sentido, a construcción da autovía Rías Baixas, cun trazado que atravesa esta comarca, deberá de contribuír ó fortalecemento do tecido empresarial da zona.

4. Dete-las agresións medioambientais que afectan a Lagoa de Antela e ó río Limia. ¶



Mosteiro do Bó Xesús de Trandeiras J.S.

XUNTA DE GALICIA

10

Comarcas

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Outubro do 1995

Terra de Caldelas

Vista xeral de Castro Caldelas

José Salgado



Caldelas, a natureza variada

POUCAS comarcas cunha extensión tan reducida, uns valores naturais tan exuberantes e variados, que van do Canón do Sil e as montañas do San Mamede, ós bosques de castiñeiros e amplas chairas, lugares todos eles ideais para desfrutar de variados deportes na natureza. O accidente xeográfico máis importante é, sen dúbida o Canón do Sil, unha das paisaxes máis imponentes de toda Galicia. No seu bordo mesmo, agóchase o mosteiro de Stª Cristina de Ribas de Sil, no medio dun antiquísimo souto de castiñeiros. Este romántico enclave é un bo punto de partida para unha ruta de sendarismo cara a Parada e a Teixeira. En Parada, terra de 'barquilleiros' atópase o mirador denominado 'Os balcóns dos mouros', que ofrece unha visión vertixinosa dos cincocentos metros de caída vertical que ten o canón. Cara ó leste chégase a Castro Caldelas, a cabeza comarcal, situada no alto dun niño de aguias, co castelo dos Lemos sobresaíndo sobre o vello caserío e a fermosa praza do Toural. No castro consérvase unha curiosa tradición, a do 'Irrio Peliqueiro', curioso personaxe que nas mañás das Festas dos Remedios (primeiros de setembro), sae cuberto cunha masca de madeira e un frac negro, e persegue e bate nas pernas de mozos e mozas. A orixe do 'Irrio' descoñécese polo de agora. Non lonxe da vila de Caldelas, no encoro de S. Estebo está un dos embarcadoiros de catamaráns que sucan as augas do Sil. Tamén nos arredores de Castro Caldelas poden practicarse diversos deportes de natureza, como o parapente ou o á delta, o barranquismo no río Cachón ou descansar pracidamente en praias fluviais como a da Ponte das Táboas. O Concello de Montederramo mira máis cara ós cumios do San Mamede que cara ó Sil, pero igualmente ofrece unha variada oferta de turismo verde. Na capital municipal, onde se alza o vello mosteiro de Stª María atópase un albergue xuvenil aberto todo o ano. Montederramo é un bo punto de partida para rutas de sendarismo, ecuestres ou en bicicleta de montaña. Existen tamén restos dunha vía romana en Vilariño Frío pero os valores naturais non perden en ningún momento o seu protagonismo. A Terra de Caldelas ofrece moitas oportunidades para o desfrute dese contorno. ❦

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ❦

Desde a montaña ó gran fondo do val ribeireño

Mosteiro de Montederramo J.S.

A Terra de Castro Caldelas presenta unha gran variedade xeográfica, que se expresa na sua variada producción agraria, e que vai desde os altos cumes montañosos ata os profundos vales ribeireños, dando orixe a un variedade de cultivos –castiñeiros, prados, labradíos de centeo e patacas, hortas e viñedos–, moitos dos cales están a piques de desaparecer. Pero convén deixar constancia que, malia o seu baixo nivel de desenvolvemento, a economía campesiña desta comarca era de policultivo e equilibrada.

Entre a montaña baixa e os praderíos repártese unha abundante cabana. No caso do bovino, a Terra de Caldelas tiña unha variedade autóctona, a *raza caldelá,* que son reses de color marrón escura cunha franxa máis clara no espiñazo e que cumprían a dobre función de seren una forza de transporte e dar unha carne de excelente calidade. As zonas máis altas estaban dedicadas ó gando ovino.

Tamén existía unha abundante cabana de porcino, e o feito de que na súa alimentación entrasen as castañas favorecía a producción dun xamóns de extraordinairo sabor, así como doutro tipo de chacinas.

Caldelas é terra de bo comer. E ós productos cárnicos únese un pan de insuperable calidade, as empanadas, as anguías e as troitas dos ríos da comarca, así como as tortas ou bicas de manteiga. O viño é frouxo mais aromático e o licor café continúa preparándose con fórmulas artesanais de moita antigüidade. O carácter medieval da vila de Castro Caldelas representa un forte incentivo turístico para toda a zona. No alto da citada vila érguese o castelo dos Condes de Lemos (agora casa de Alba), e ó seu redor agrúpase un antigo caserío, o que conforma un atractivo conxunto. Na base do promontorio atópase a praza principal de Castro Caldelas. Preto dela, nunha lomba, está o barrio do Toural, e ámbalas beiras de estrada de Ourense a Ponferrada está o santuario da Virxe dos Remedios, patroa da vila, que data do ano 1820, e máis alá o barrio das Laguiñas. Desde a praza, coñecida como O Prado, parten varias rúas cara ó castelo e rematan na Cima da Vila. Neste lugar as casas están cimentadas en roca viva, a maioría con galerías de cristal e con tellados de cerámica ou pizarra. Todo un espectáculo. ¶



Un tercio dos habitantes que tiña en 1900

A comarca de Terra de Caldelas ten hoxe a terceira parte dos habitantes con que contaba a comezos do século XX. Desde o ano 1900 ó 1991, a poboación pasou de 15.075 persoas a 5.073, pero a maior perda prodúcese na década dos anos oitenta, na que a zona perde 4.130 habitantes, unha cifra que cuadruplica o ritmo medio de caída da poboación nas décadas anteriores.

En conxunto, a Terra de Caldelas ten un lixeiro crecemento demográfico ata 1920, e a partir de aí inicia un retroceso imparable que afecta os catro municipios que integran a comarca. En 1991 tódolos municipios sen excepción teñen menos da metade dos habitantes rexistrados en 1900: Castro Caldelas, 1.946 a 5.441; Montederramo, 1.401 e 4.076; Parada do Sil, 1.083 e 3.287 e Teixeira, 643 e 2.271.

Menos mulleres

A pirámide de poboación é invertida, se ben sinala un pequeno 'boom' demográfico a finais dos anos sesenta e principios dos setenta. A imaxe, en calquera caso, corresponde á dunha poboación moi envellecida.

Un dato relevante é que a Terra de Caldelas é probablemente a única comarca ourensá na que o número de homes supera o de mulleres, un cambio que se produciu nos últimos anos. Aínda en 1986, a comarca rexistraba 4.590 mulleres e 4.530 homes, sen embargo, en 1991 cambia a tendencia e o número de homes, 2.747, é xa maior có de mulleres, 2.718. En consecuencia, neses cinco anos a taxa de masculinidade evolucionou do 98,7 ó 101,1.

De 1981 a 1991 cae a taxa de natalidade, pasando do 4,0 no quinquenio 1981-86 ó 3,1 no período 1986-91. Este descenso é especialmente chamativo en Montedorramo, do 7,1 ó 4,8, e na Teixeira, do 2,4 ó 0,9. No mesmo sentido, a taxa de mortalidade cae lixeiramente do 12,8 ó 12,3, e correspóndelle a Montedorramo a máis alta para os dous períodos, 19,0 e 18,8 respectivamente.

A consecuencia de todo iso é que o crecemento vexetativo neses dez anos é negativo. De 1981 a 1986, o saldo é de -8,9 e de 1986 a 1991 rexistra un índice de -9,2. E iso explícase porque se na primeira metade da década dos oitenta, a taxa de mortalidade é pouco máis do triple cá de natalidade, nos cinco anos seguintes aquela case cuadruplica a esta.

O número de mulleres comprendidas entre 15 e 49 anos é de 815, e en 1991 rexistráronse 32 nacementos, dos cales case a metade (15) lle corresponden a Castro Caldelas. Nese ano A Teixeira só rexistra un nacemento. A taxa medida fecundidade para a comarca en 1991 foi do 39,26. ¶





SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



Entre o sector primario e o sector servicios

A economía da comarca da Terra de Caldelas evoluciona entre a reducción do peso do sector agrario e o aumento dos servicios. De 1981 a 1991, a porcentaxe de poboación ocupada no sector agrario pasou de representa-lo 76,67 por cento da poboación ocupada ó 51,39. Este proceso de perda de peso do sector primario é xeneralizable ó coxunto dos catro municipios que integran a comarca, pero ten moita máis forza nos municipios de Castro Caldelas –pasou do 74,50 ó 39,61– e Parada do Sil que caeu do 90,95 ó 57,09.

Terciarización

Os datos de poboación ocupada, sinalan un lixeiro aumento do sector industrial, en tanto que a porcentaxe sobe do 4,48 ó 6,77 para a comarca. Por municipios, o avance do sector industrial é máis relevante no caso de Parada do Sil, que en 1981 representaba o 3,05 da poboación ocupada e dez anos máis tarde acadaba o 12,59 por cento.

O sector da construcción tamén aumentou a súa importancia económica na comarca na década do oitenta. De modo que se en 1981 representaba o 3,58 por cento do poboación ocupada, en 1991 a porcentaxe era do 11,03. Por municipios a evolución da construcción, entre 1981 a 1991, foi como segue: Castro Caldelas, do 7,01 ó 15,38; Montedorramo, do 4,64 ó 9,86; Parada do Sil, do 0 ó 8,16 e A Teixeira, do 1,42 ó 7,09.

Como xa apuntabamos ó principio, o sector terciario é o que experimenta un maior crecemento na comarca, e pasa nos dez anos de referencia de 13,74 % da poboación ocupada ó 30,81 por cento. Por municipios, Montedorramo é a excepción, en canto que de 1981 a 1991, perden peso os servicios e caen de representa-lo 30,46 ó 22,76 por cento. Polo que respecta ós outros tres concellos, Castro Caldelas pasa de te-lo 14,10 da súa poboación ocupada no servicios ó 38,63 por cento; Parada do Sil salta do 6,0 por cento ó 32,31 % e a Teixeira avanza do 13,74 ó 30,81 por cento.

En canto a nivel de instrucción o 3,61 % da poboación é analfabeta e 39,5 ten estudios primarios. ¶



Entre o encaixado val do Sil, ó norte, e os somontes das masivas serras orientais –Serra de San Mamede e de Queixa–, ó sur, esténdese a Comarca da Terra de Caldelas (Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil e A Teixeira). Estas dúas unidades de relevo delimitan os 314,74 km2 que abrangue esta comarca, sobre os que se asentan 3.943 habitantes.

Caldelas

DIFERENCIADA por Otero Pedrayo como comarca natural, ten en Castro Caldelas –antes Bonoburgo de Caldelas e Castro de Caldelas–, o seu principal centro. Na distribución dos partidos xudiciais de 1820, Castro Caldelas foi cabeceira do partido do seu nome, que abranguía as comarcas de Terra de Caldelas e Terra de Trives. Pero en 1834 a capitalidade pasou a ser Trives. Na época de vixencia dos xulgados comarcais, Castro Caldelas tivo o seu, englobando o territorio que conforma a comarca actual. É terra de montaña e de ribeira, de singular beleza, drenada por unha abundante rede hidrográfica que segue as liñas de fracturas, creando paisaxes tan inigualables coma o Canón do Sil, e someténdose a unha intensa acción antrópica, como evidencian os encoros existentes (Edrada, Leboreiro, Santo Estevo).

A configuración xeográfica determina uns contrastados matices climáticos.

Os trazos oceánicos recrúan nas áreas de maior altitude, mentres que a suavidade predomina nas zonas ribeirás do Sil, o Mao e mailo Edo, –principais cursos fluviais–, nas que incluso se aprecian riscos mediterráneos. A vexetación de ribeira (bidueiros, salgueiros), vai cedéndolles paso, coa altitude, ós castiñeiros, carballos e amplas extensións de matogueira. ❦

Vista da Teixeira

J.S


COMARCA DE
TERRA DE CALDELAS
PROVINCIA DE LUGO
MONFORTE DE LEMOS
SOBER
SOBER
RIBAS DE SIL
SITGA
Encoro de Santo Estebo
Santa Cristina de Ribas de Sil
Os Balcóns dos Mouros
SAN XOÁN DE RÍO
CASTRO CALDELAS
Abeleda
Río Sil
Parada de Sil
NOGUEIRA DE RAMUÍN
Castro Caldelas
Río Mao
A TEIXEIRA
PARADA DE SIL
Río Edo
Serra de Meda
Encoro de Edrada
Encoro de Leboreiro
Encoro de Guistolas
Serra do Burgo
A POBRA DE TRIVES
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
Vilariño Frío
MONTEDERRAMO
Río de Rabal
Río Alaverche
Montederramo
Río Navea
Encoro de Chandrexa de Queixa
Río Mao
MACEDA
Río Grande
CHANDREXA DE QUEIXA
Río Tioira
Río de Queixa
Río das Casas
Serra de San Mamede
VILAR DE BARRIO
LAZA
VILARIÑO DE CONXO
Ruta de sendeirismo
Castelo
Mosteiro
Casa Rural
Albergue Xuvenil
Ponte romano
Embarcadoiro de Catamarans
Miradoiro
Irrio peliqueiro
Monumento conmemorativo (o barquilleiro)
Rutas ecuestres
Rutas en bici
Sendeirismo
Escalada
Parapente

Actuacións cara ó futuro

OS condicionantes bioclimáticos e morfolóxicos supoñen unha limitación á actividade humana, pero o medio natural pode constituír un recurso económico de primeira orde, e se-lo piar dun proceso de desenvolvemento local, harmónico, coherente e sostido. A construcción dos encoros dinamizou, relativamente, a economía comarcal que contaba cun sistema relacional que se apoiaba nas feiras, en especial a de Castro Caldelas, principal centro de mercado, que gozou de rango comarcal. Actualmente, este núcleo, agrupado en torno ó Castelo dos Condes de Lemos, a pesar das relacións de dependencia con centros máis afastados, aglutina os principais servicios e dotacións comerciais. Pero cara ó futuro, a comarca necesita buscar novas fontes xeradoras de emprego, tomando como punto de partida os recursos endóxenos. A progresiva perda de poboación, consecuencia da emigración e da evolución do crecemento natural, desembocou nun alto índice de envellecemento, unhas baixas taxas de ocupación e unha densidade media de valores alarmantemente baixos (12 hab/km2). En consecuencia e paralelamente, a situación económica deteriorouse. Non obstante, estas terras altas conservan unha arraigada vocación gandeira. O bovino, coa existencia de razas autóctonas, e as granxas avícolas e de porcino, de Coren, son as especies máis importantes da habenza gandeira. A agricultura é practicamente un complemento. Carne, viño –con denominación de orixe 'Ribeira Sacra'–, e as castañas son as producións agropecuarias máis relevantes. Ante este panorama e cara ó futuro, poden presentarse diversos obxectivos para evitar unha maior deterioración e favorece-la mellora das condicións actuais. O maior desafío é frea-lo proceso de despoboación e fixa-la poboación no medio rural, facilitando e incentivando a súa instalación. Indubidablemente, o eixo de desenvolvemento pasa pola ordenación racional das potencialidades turísticas que a comarca posúe (riqueza paisaxística e medioambiental, patrimonio artístico e etnográfico), e o aproveitamento rendible das producións agropecuarias. Hai que investigar usos alternativos do extenso espacio forestal e novos productos; dun modo especial, crear un ''producto turístico'' propio, estructurando unha oferta da ribeira –como a ruta dos encoros que funciona desde hai varios anos–, e unha oferta de montaña en colaboración coa próxima Estación Invernal de Cabeza de Manzaneda. É fundamental dota-lo territorio de infraestructuras viarias adecuadas, de equipamentos sociais e de servicios, para satisface-la calidade de vida da poboación. Esta especialización turística da comarca, na que debe implicarse activamente a poboación local, en relación cunha adecuada transformación, promoción e comercialización dos productos agrícolas é, tal vez, o desafío futuro deste territorio. ¶



Canón do Sil (a zona de Parada do Sil) J.S.

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

11

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Outubro do 1995

Terras de Trives

Ponte Navea, en Trives

José Salgado



A Terra de Trives

A Terra de Trives, coas súas alturas e a súa paisaxe de montañas desgastadas teno todo para facer dela meta de escapadas, de desfrute e de afastamento da vida trafegada deste final de século. Coñecida maiormente pola súa estación invernal, esta comarca permite facer moitas máis cousas que esquiar. Por exemplo, nestas terras consérvanse importantes restos da cultura romana, sobre de todo das infraestructuras viarias que estenderon os confíns do imperio romano. No alto da Cerdeira, ás beiras da estrada N-120 consérvanse catro miliarios da Vía Militar XVIII do Itinerario Antonino. Perduran igualmente a espléndida Ponte Bibei, sobre o río do mesmo nome, a Ponte Cabalar e a Ponte Navea, nun pintoresco recuncho do río Navea. Ese río Navea que pode máis adiante albiscarse desde un outro mirador. Correndo os tempos, fóronse os romanos e chegou o Medioevo e maila Idade Moderna. De ámbalas dúas épocas quedan pegadas as igrexas románicas de San Salvador de Trives, a de Sobrado ou a de Argás, así mesmo vellas e historiadas casonas, algunhas hoxe convertidas en aloxamentos de turismo rural. Unha delas, a chamada 'Casa Grande', situada no centro da vila de Trives foi o primeiro establecemento deste tipo que abriu as súas portas na nosa comunidade. As outras dúas son o Pazo Paradela, en Barrio, e o 'Casal de Dadros', edificio que data do ano 1620. Falando destas terras trivesas non se pode esquecer, claro está, Manzaneda, ou mellor, as dúas Manzanedas: a vila medieval e maila estación de inverno. A primeira conserva restos das súas vellas murallas e a segunda asóciase sempre co esquí, a neve e maila invernía, aínda que a Estación ofrece moito máis, rutas a cabalo, apartamentos para pasa-lo verán, etc. Resta falar das rutas de sendarismo e cicloturismo que nos últimos tempos se axeitaron e sinalizaron para que cadaquén, segundo os seus ánimos e forzas, percorra e desfrute estas terras do oriente ourensán: a ruta da Fraga, en río, e as dos Pazos, a de Montaña ou a ruta Monumental, que conducen ós visitantes por estes vellos cumios e vales. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ¶

A Serra de Queixa, máis cerca do ceo que do inferno



A Terras de Trives está situada nunha das zonas máis altas de Galicia, dominada pola Serra de Queixa e o pico de cabeza de Manzaneda, que acada unha altitude de 1.778 metros sobre o nivel do mar. O factor altitude condiciona fortemente o clima da comarca, en canto afecta as temperaturas e as precipitacións. Durante medio ano, as temperaturas medias non sobrepasan os 10 graos centígrados, de modo que os invernos son longos e fríos e os veráns curtos e suaves, coa excepción dalgúns abrigados vales que teñen características semellantes ó mediterráneo.

Aridez estival

Os solos, se ben con características moi dispares, teñen como risco común as súas grandes limitacións para os cultivos. Unha parte deles teñen estructura areosa co que teñen moita facilidade para a desecación o que, á súa vez, os fai moi sensibles á aridez estival. Nos altiplanos, a escasa pendente provoca o estancamento das augas, orixinándose turbeiras, polo que o solo é case inexistente. En xeral, a escasa profundidade dos solos en boa parte do territorio da comarca fai que estes sexan pouco aptos para o desenvolvemento de especies arbóreas, polo que os arbustos dominan o manto vexetal. A partir dos mil metros de altitude, domina o prado en parte substituído pola repoboación de bosques de coníferas.

En consecuencia, a altitude e a pobreza do solo supoñen importantes obstáculos para o desenvolvemento da agricultura que, na práctica, se reduciu a centeo, pataca e nabo complementada cunha vocación gandeira que combina o bovino co ovino que pasta nos montes comunais.

Desde 1972, Terra de Trives conta cun complexo para a práctica de deportes de inverno en Cabeza de Manzaneda, se ben a falta de neve nalgúns anos condiciona o seu papel como estación invernal de Galicia.



Pazo do Souto, adicado a turismo rural J.S.

En calquera caso, o turismo de carácter ecolóxico pode converterse nunha fonte de riqueza para a zona. A serra de Queixa, situada máis cerca do ceo que do inferno, ten un atractivo evidente para os que aman a natureza. O círculo glaciar do río San Lázaro, os encaixados vales do Navea e Bibei, os cumes xelados de Manzaneda son parte dun itinerario ecolóxico, sen esquecer no monte baixo o espectáculo dunha vexetación na que xunto ás distintas especies do brezal atlántico –uces, carqueixas, crapazas, toxos e xestas– irrompen outras de tipo mediterráneo, como o romeu, a lavanda e as *jaras*. Entre as especies arbóreas cabe destaca-lo cerquiño, o castiñeiro e o bidueiro.

A ponte do Bibei

En canto ó patrimonio histórico e arqueolóxico, é de siñalar que a comarca estaba atravesada por unha das vías romanas que unían Braga con Astorga, a Vía Nova ou 18 do Itinerario de Antonino e atravesaba o río Bibei, non sen antes salva-las fortes pendentes gracias ós chamados *codos de Larouco*. En relación con esta vía existe un miliario atopado en Ponte Navea, da época de Vespasiano, e outro na ponte do Bibei, adicado a Tito e Domiciano, que indicaban a distancia ata Astorga. A ponte que salva o Bibei, ben conservada, é unha das obras máis importantes da vía romana. Construído con grandes pedras de cantería de granito que descansan directamente na roca que aflora na canle do río, está formado por tres arcos de desigual amplitude. Neste tramo asentábase tamén a mansión de Nemetobriga destinada a albergue e avituallamento para viaxeiros e soldados. ❦

Acelérase a despoboación da montaña

OS últimos datos demográficos dan a entender que se acelera o proceso de despoboamento da alta montaña. En efecto, de 1981 a 1991, a Terra de Trives perdeu case o mesmo número de habitantes, 4.218, que desde 1900 a 1981, 4.295. E nin sequera Pobra de Trives, que ata principios da década dos oitenta se viña mantendo por riba dos 5.000 habitantes foi capaz de soporta-la sangría. En 1981 este municipio tiña aínda 5.527 almas, pero cinco anos máis trade, en 1986, rexistra 3.441 e en 1991, 3.077. A principios do século XX, a comarca tiña 15.403 habitantes e máis ou menos mantense nesta cifra nas catro primeiras décadas, para a partir de aí iniciar un ininterrompido descenso: en 1950, 14.596 persoas; 13.023 en 1960; 12.806 en 1970; 11.108 en 1981 e 6.890 en 1991.

Menos mulleres

A pirámide de poboación denuncia unha estructura envellecida, e curiosamente tamén, ó igual que sucede na Terra de Caldelas, o número de homes e agora superior ó de mulleres. En 1991, a comarca de Trives rexistraba 3.591 mulleres e 3.602 homes. A taxa de masculinidade para esa mesma data é do 100,3.

No quinquenio 1981-86, a taxa de natalidade era do 5,2 e nos cinco anos seguintes, 1986-91, cae ó 4,9. Ó contrario, na primeira metade dos oitenta, a taxa de mortalidade era do 9,4 e a finais da década subira ata ó 12,7. A consecuncia é que o crecemento vexetativo, que xa era negativo, avanza desde o -4,2 ata o -7,7.

Por concellos, e referido ó período 1986-91, Chandrexa de Queixa tivo un crecemento vexetativo negativo do -9,4; Manzaneda do -8,9; Pobra de Trives do -5,9 e Río do -9,2.

O número de mulleres situadas entre os 15 e os 49 anos acadaba no ano 1991 a cifra de 1.235. Nese mesmo ano o número total de nacidos na comarca foi de 37, repartíndose como segue: 2 Chandrexa de Queixa; 9 Manzaneda; 23 Pobra de Trives e 3 Río. A taxa media de fecundidade para a zona é do 29,96. O índice de dependencia senil é do 53,4 e de dependencia xuvenil do 20,9.

En termos xerais, Pobra de Trives segue sendo o muncipio máis poboado da comarca con 3.077 persoas en 1991. A continuación están Manzaneda, 1.439, Río, 1.351, e Chandrexa de Queixa, 1.023.

En canto ó nivel de instrucción, só o 3,37 por cento da poboación é analfabeta. O 24,49 por cento non teñen ningún tipo de estudios. Case o 50 por cento conta con estudios de primeiro grao e o 19,41 % acada os de segundo grao. No que fai referencia a estudios superiores, só o 3,2 por cento da poboación acada este nivel. ¶

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900 - 1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A gandería é aínda a base económica

A gandería segue a ser aínda a base económica dunha comarca con solos pouco aptos para os cultivos agrarios. En 1981, a poboación ocupada no sector primario representaba o 54,45 por cento do total, e dez anos máis tarde (1991), esa porcentaxe de ocupación descendera ó 45,73.

Chandrexa de Queixa mantén case a mesma porcentaxe de poboación destinada no sector agrario en 1991, 69,72, que en 1981, 70,69, e un comportamento semellante ten Manzaneda, que rexistra o 49,09 % en 1991 e o 53,21 en 1981. A importancia do sector primario descendeu de forma estimable en Pobra de Trives, ó pasar do 42,99 en 1981 ó 31,42 por cento en 1991. E a perda maior dáse en Río, ó retroceder, para as mesmas datas, do 69,69 ó 47,97 por cento.

Menos industria

Na década do anos oitenta a Terra de Trives tamén acusa un retroceso do sector industrial, que pasa de te-lo 11,32 % da poboación activa ó 9,76. Por municipios, o peso do sector industrial en cada un deles é o seguinte. Chandrexa de Queixa, 6,57; Manzaneda, 11,64; Pobra de Trives, 12,39 e Río 4,57.

Crece lixeiramente o peso do sector da construcción, ó pasar do 12,05 ó 13,15. O avance máis importante prodúcese no municipio de Río, onde pasou de representa-lo 11,98 por cento da poboación ocupada ó 16,50, e logo en Pobra de Trives que pasa do 12,11 ó 15,15 %. A construcción perde algo de forza en Manzaneda, ó descender do 14,11 ó 13,45, e cae notablemente en Chandrexa de Queixa, do 9,22 ó 5,40.

De 1981 a 1991, aumenta o peso do sector terciario na economía da comarca, que pasa de te-lo 22,28 por cento da poboación ocupada ó 31,35 %. Este cambio é xeral para os catro concellos que conforman a Terra de Trives, pero con ritmos moi distintos.

En Chandrexa crece lentamente do 15,37 ó 18,31. En Manzaneda aumenta en 8 puntos a importancia dos servicios, de 17,50 a 25,82. Pero é en Pobra de Trives, do 29,6 ó 41,04, e en Río, do 14,17 ó 30,96, onde o crecemento é considerable. ¶



A Comarca Terra de Trives, situada no sector centro oriental da provincia de Ourense, e cunha extensión de 432,6 quilómetros cadrados, está formada polos municipios de Chandrexa de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río. Estas son as súas rutas máis evidentes.

Encadramento territorial de Trives

A Terra de Trives, comarca natural e histórica, xa denominada así por Otero Pedrayo, está formada polas serras ourensás de Queixa e San Mamede, drenadas polo Navea. Os vales encaixados, os elevados cumes e as terras altas caracterizan a súa paisaxe.

O illamento dos núcleos de poboación, determinado por unhas condicións topográficas adversas, propiciou un sistema relacional apoiado nas feiras e mercados que se desenvolvían en centros como Chandrexa, Manzaneda ou, por suposto, Trives, e que están documentados en fontes dos séculos XVIII e posteriores. A división en partidos xudiciais realizada no século pasado aglutinaba esta comarca e maila de Caldelas, aínda que a capitalidade estaba na Pobra de Trives, que foi cabeceira de xulgado comarcal coincidente coa división comarcal actual, á que se engadía o municipio de Larouco (hoxe de Valdeorras). Arestora, a disposición das vías de comunicación e a distribución dos servicios públicos e privados reforzan esta división territorial. Configura un espacio dotado dunha grande unidade física, definida por marcados relevos montañosos que actúan de límites comarcais. A Serra de Queixa, de aspecto masivo e aplanado, domina toda a comarca, na que sobrancea o cume de Cabeza Grande de Manzaneda (1.782 m). Todo este conxunto orográfico, ó que se unen polo sur os montes de Invernadeiro, actúan como un nó de dispersión e divisoria de augas entre os ríos das cuncas do Sil, do Miño e do Doiro. Unha segunda unidade topográfica fórmana as superficies de achandamento (en torno ós 600-800 metros) que ocupan a maior parte do territorio comarcal, alternándose nela as pequenas vagantas, outeiros de cumes suaves perfectamente individualizados e vales profundamente encaixados. No último lugar sitúanse os grandes vales do Bibei e do Navea, que serven de comunicación entre as dúas unidades citadas anteriormente, debido á súa disposición perpendicular, sendo os elementos naturais que articulan o territorio. O seu clima reflicte esta graduación altitudinal e, ademais, a disposición dalgúns vales crea condicións de microclimas moi específicos. Nas zonas máis elevadas domina un clima oceánico de montaña, nos vales abrigados un oceánico mediterráneo, mentres que na superficie de achandamento existe unha transición entre os dous.

A temperatura media oscila entre os 7,2ºC e 11,1ºC, predominando os invernos duros e longos, con temperaturas baixas (2-3ºC) e xeadas frecuentes.

O verán é suave (18º-19ºC). As precipitacións aumentan coa altura, oscilando entre os 874 mm. do fondo de val e os 1.176 mm. da montaña. ¶



Aldea de Chao, en Chandrexa de Queixa J.S.


COMARCA DE
TERRA DE TRIVES
SITGA
RIBAS DE SIL
PROVINCIA DE LUGO
Encoro de Sequeiros
QUIROGA
SOBER
Encoro de Santo Estevo
A RÚA
CASTRO CALDELAS
SAN XOÁN DE RÍO
Argás
Encoro de San Martiño
Encoro de Montefurado
PETÍN
A TEIXEIRA
Ponte Navea
Alto de Cerdeira
LAROUCO
Trives (Sta. María)
Encoro de Guistolas
Sobrado
Manzaneda
O BOLO
MONTEDERRAMO
Dadros
A POBRA DE TRIVES
Encoro de San Miguel
Celeiros
Cabeza de Manzaneda
MANZANEDA
Encoro de Chandrexa de Queixa
CHANDREXA DE QUEIXA
LAZA
VILARIÑO DE CONXO
Ruta de sendeirismo
Igrexa
Casa rural
Museo (etnográfico)
Restos arqueolóxicos
Ponte romana
Miradoiro
Casco histórico (centro de información)
Montañismo
Esquí (est. invernal)
Rutas a cabalo
Rutas en bicicleta
Rutas de senderismo
Festa da bica (postre típico)

Futuro da comarca

ACTUALMENTE, a estructura productiva da Comarca de Terra de Trives está moi pouco diversificada, sendo os seus piares fundamentais o turismo e mailo sector primario, o cal se sustenta na explotación dos recursos endóxenos. Ante o futuro, para o fin de diversificar e amplia-la súa base productiva, a comarca presenta vastas potencialidades, que se poden sintetizar nas seguintes:

◆ Dentro do sector gandeiro debe buscarse unha optimización da cabana bovina cara á orientación cárnica, de acordo coas expectativas favorables que presenta dentro do mercado, sendo o seu obxectivo prioritario a consecución da denominación de orixe de Tenreira Galega. Faise tamén necesario moderniza-lo proceso de producción e supera-los niveis actuais de primeira transformación mediante a creación de empresas que abrangan todo o proceso productivo.

Por outra parte, a explotación dos recursos forestais, paralela cunha intensa repoboación, pode ser outra actividade económica importante, pero ha de terse en conta o interese que ten a protección do bosque autóctono nunha comarca coma esta. Por último, cómpre salienta-la producción de castaña como un dos productos emblemáticos da comarca, susceptible dun aproveitamento máis amplo mediante a consecución de productos derivados dela, así como a mellora das canles de comercialización.



Bungalows en Cabeza de Manzaneda J.S.

◆ Así mesmo, a comarca posúe unha importante vantaxe na súa beleza paisaxística e a presencia da Estación de Inverno de Manzaneda, o que lle confire un grande atractivo e potencialidade turística, que pode completarse co turismo rural, para o que xa conta con magníficas instalacións. Sen embargo, de cara á consecución destas expectativas deberá superar dous problemas básicos (ademais do envellecemento e o escaso volume da súa poboación), como son: a súa difícil accesibilidade e a estacionalidade da demanda turística. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

12

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Novembro do 1995

Verín

Castelo de Monterrei

José Salgado



A comarca de Verín

Ó sur da provincia ourensá e fronteira con Portugal, a Comarca de Verín está formada polo municipio deste mesmo nome ademais dos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós e Vilardevós que contabilizan un total de 28.813 hab., que se reparten sobre 1.005,2 km2, cunha densidade de 28,6 hab/km2.

A conca do Támega, que percorre pola ampla e chá fosa tectónica de Chaves, e as aliñacións montañosas que a circundan (vertentes suestes da serra de Larouco e as serras de San Mamede, do Fial das Corzas e das Penas Libres) son as unidades xeográficas que dan singularidade e unidade a todo o territorio comarcal, indistintamente denominado val de Monterrei ou val de Verín (terra de Varonceli na Alta Idade Media).

A considerable altitude da orla montañosa (que nalgúns puntos supera os 1.500 m.) confírelles ás terras altas un clima frío, de cru inverno e verán fresco, con elevadas precipitacións, algunhas delas en forma de neve. Sen embargo, no fondo da fosa tectónica aparecen trazos de mediterraneización, requentándose os veráns e reducíndose o volume de precipitacións. Ademais destas razóns xeográficas, existen lazos históricos que lle dan unha gran cohesión. Coa creación dos partidos xudiciais, os municipios da actual comarca incluíanse no mesmo, sen que se desen cambios, excepto o propio nome, xa que o inicial partido de Monterrei pasou a chamarse despois partido de Verín. Na actualidade, a súa posición excéntrica na súa provincia, o arredamento respecto da capital, o ser intersección de comunicacións tanto de entrada a Galicia como cara a Portugal, fixeron de Verín un importante centro comercial e de servicios,reforzándose así a súa centralidade na comarca. ¶

Casa do Asistente J.S

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ¶

Un espacio económico entre Galicia e Portugal



Vista da vila de Verín J.S

A desaparición do posto fronteirizo de Feces parece que acelerou os pasos cara á conformación dun espacio ecómico e social integrado entre a Comarca de Verín e a área de influencia portuguesa que ten o centro do seu eixe en Chaves. Este proceso levará probablemente a que Verín se converta nunha das vilas galegas dotada de mellores servicios. Unha tendencia que xa apunta agora claramente.

En conxunto, a comarca dependeu economicamente do sector agrario, tanto na producción da vide, patacas e maínzo, como nunha gandería en base a pasto debido á existencia de boas praderías. A finais dos anos sesenta cobra forza a producción de viño coa formación de Cooperativa de Monterrei, que elabora e comercializa os caldos –branco, rosado e tinto– de maior graduación de Galicia. E tamén hai un desenvolvemento evidente das fábricas das augas minerais, producto dunha calidade extraordinaria, pero que non acaba de adentrarse no mercado español e comunitario. O Val de Verín e tamén un dos grandes centros de atracción de turismo interior durante o verán, o que conleva o mantemento dunha oferta hoteleira e de restauración relevante que noutrora gozou de moita sona polas súas augas mediciñais e os seus balnearios. En menos palabras, a vila de Verín era un dos puntos de Galicia onde a xente ía ''toma-las augas''. Doutra parte ó referirse á Comarca de Verín hai que lembrar a importancia da fortaleza de Monterrei, que xogou un papel destacado nas loitas de Pedro I e seu irmán, e que trala constitución do Condado de Monterrei, van xurdir en torno a ela varias fundacións relixiosas, entre elas o Colexio dos Xesuítas, un dos centros máis notables da Galicia renacentista. En 1777, as posesións da Casa de Monterrei comprendían a parte sur da provincia de Ourense, desde a ribeira esquerda do río Limia ata Baños de Molgas e a Gudiña, así como outros territorios illados en terras do Carballiño, Castrelo de Miño, Vilanova dos Infantes e Cambados. En Monterrei naceu a imprenta que produciu o primeiro incunable galego coñecido, e precisamente no seu honor fundouse no ano 1950 en Vigo Edicións Monterrey, filial de librería anticuaria do mesmo nome creada por Xosé María Álvarez Blázquez. ❦



Verín gaña poboación e o resto pérdea

Verín é o único municipio dos oito que conforman a Comarca de Verín e un dos poucos da provincia de Ourense no que a súa poboación segue crecendo. Algo así como un oasis, nun mapa dominado polo vaciamento poboacional. De 1900 a 1991, a poboación do municipio de Verín pasou de 4.968 habitantes a 11.018, o que supón un crecemento do 222 por cento. Mentres que a principios de século, a súa poboación representaba o 15,5 % da total comarcal, neste momentos supón o 38,2.

En termos xerais a comarca crece demograficamente ata o ano 1960, no que acada o seu mellor rexistro do século con 43.285 habitantes, e a partir de aí inicia un descenso que se acelera na década dos anos oitenta, de 1981 a 1991, perde 8.097 persoas e pasa de 36.910 a 28.813 habitantes.

Como xa indicabamos máis arriba, a excepción de Verín, o resto dos municipios da zona non só perden poboación senón que teñen menos habitantes agora ca en 1900: Castrelo do Val, 1.461 e 2.975; Cualedro, 2.563 e 3.097; Laza, 2.303 e 4.405; Monterrei, 3.603 e 4.233; Oímbra, 2.088 e 2.682 ; Riós, 2.520 e 4.664; e Vilardevós, 3.224 e 4.695.

Menos nacementos

En 1986, a comarca tiña máis homes que mulleres, exactamente 18.903 fronte a 18.746, o que daba unha taxa de masculinidade do 100,8. Non obstante, esta tendencia inverteuse en cinco, pois en 1991 o número de homes era de 14.551 e do mulleres de 14.782, o que dá unha taxa de masculinidade do 97,8.

No que fai referencia á taxa de natalidade, a década dos oitenta rexistra unha caída continua dividida en dúas etapas, de 1981 a 1986 é do 7,5 e de 1986 a 1991 é do 6,3. Polo contrario, a tasa de mortaldade aumenta e pasa para os mesmos períodos do 9,8 ó 11,3.

A consecuencia que se deriva dese maior crecemento das defuncións que os nacementos é un crecemento vexetativo xenativo, que se no período 1981-86 se sitúa no -2,4, de 1986 a 1991 decrece o dobre e rexistra un -5,0. A principios da década dos anos 90, ata Verín presenta un crecemento vexetativo negativo, -2,8, se ben é menor que o que padecen o resto dos municipios. Castrelos, -9,1; Cualedro, -4,4; Laza, -9,8; Monterrei, -5,1; Oímbra, -7,1; Riós, -4,1; e Vilardevós, -6,5. En 1991, a Comarca de Verín tiña 5.577 mulleres en idades comprendidas entre os 15 e os 49 anos. Nese mesmo o ano o número de nacementos rexistrados na zona foi de 197, do cales 93 corresponderon ó municipio de Verín. A taxa de fecundidade é do 35,32, por riba da media provincial e da comunidade autónoma. ❦









A perda de identidade do sector agrario

Nos últimos dez anos, unha das primeiras conclusións que se extrae da evolución económica da Comarca de Verín é a importante perda de peso que sofre o sector primario, de modo que en 1991 a porcentaxe de poboación ocupada no campo, 32,86, é a metade da que rexistraba en 1981, 65,15.

Evidentemente, este cambio non é homoxéneo, pero a tendencia é semellante para os oito municipios que conforman a comarca. Deixando a un lado o caso da vila de Verín, polo súa estructura productiva completamente diferenciada do resto, a reducción da poboación ocupada no sector agrario é un feito incuestionable entre 1981 e 1991: Castrelo do Val, do 53,78 ó 46,76; Cualedro, do 74,28 ó 50,66; Laza, do 63,12 ó 30,43; Monterrei, do 80,29 ó 36,37; Oímbra, do 89,62 ó 67,03; Riós, do 67,88 ó 49,79; e Vilardevós, do 94,92 ó 54,87.

No caso de Verín, o descenso da poboación no sector primario, do 26,10 ó 9,31, e o aumento da ocupada no sector terciario, do 43,59 ó 53,46 por cento, presenta unha vocación productiva polos servicios equiparable a calquera cidade europea, e superior á media ourensá (36,04) e galega (40,53). Co cal se pode afirmar que Verín é un dos munipicios cunha estructura productiva máis modernizada da provincia de Ourense e de Galicia.

É moi probable que nos próximos anos esa terciarización da economía avance aínda máis, pois haberá que comprobar o efecto que ten sobre a comarca e a súa capitalidade a desaparición da fronteira con Portugal e o proceso de formación dun espacio económico e social integrado que se vén fraguando nos últimos anos.

Doutra parte, de 1981 a 1991 nótase un avance do sector industrial e máis da construcción no conxunto da comarca. Neses dez anos, a industria pasa de ter o 7,29 por cento da poboación ocupada ó 12,49, e a construcción duplica a súa importancia relativa, desde o 9,82 ó 18.61 por cento. Entre os muncipios o caso máis vistoso é o de Vilardevós, que tiña 1,28 % da poboación na Construcción e agora ten o 18,08. ¶



Na comarca de Verín albíscanse os esplendores de imperios idos hai tempo. O máis antigo, o romano, do que aínda se atopan pegadas, parte dunha vía militar que ía de Verín ata a cidade lusa de Chaves. Hoxe en día, un dos miliarios atopados no seu trazado pode contemplarse no adro da igrexa de San Salvador de Vilaza, nas proximidades da capital comarcal.

Verín-Monterrei, lembranzas imperiais

QUIZABES tamén sexan aquelas xentes vidas do Lacio as responsables de que sexan estas unhas terras xenerosas en bo viño. En calquera caso, a presencia romana mestúrase coa da cultura castrexa, a que fortificou importantes castros na comarca (verbigracia, o de San Millao ou o de Seceda).

O outro imperio, máis próximo no tempo, é o español, o dos fortes castelos, o do Século de Ouro... O primeiro libro impreso en Galicia, o 'Misal Auriense' saíu dun prelo en Monterrei. A acrópole de Monterrei, no outeiro do antigo castro de Verín, é das máis fermosas de Galicia, e o monumento máis visitado da comarca. O paseo e maila Torre das Damas, a robusta Torre da Homenaxe, o antigo hospital e a fermosísima igrexia románica de Sta. María de Gracia forman un conxunto dificilmente imitable, a carón do cal se ergue o moderno Parador Nacional de Turismo. Desde moi lonxe, no Alto das Estivadas, divísase o castelo altivo e forte. Véndoo, enténdese ben a súa importancia nas guerras con Portugal. Actualmente, o monumento é visitable todolos días da semana, excepto luns e martes.

Aos pés do castelo, a puxante vila de Verín, cos seus fermosos recunchos, o convento dos Mercedarios, nobres casas brasonadas como a 'Casa do asistente', ou o río Támega, a carón do que existe unha praia fluvial.

Con todo, se a comarca ten sona por algo é polo seu Entroido, o de Verín e Laza, máis urbano o primeiro e máis xenuíno o segundo, nun medio rural. O personaxe central desta manifestación folclórica, o 'cigarrón', coa súa face de cores vivas, é a imaxe máis característica que tanto dentro como fóra de Galicia se ten da comarca e, case, do Entroido galego (con permiso dos de Xinzo de Limia e Viana do Bolo). De calquera xeito, a oferta da comarca non remata aquí. Nos arredores de Verín atópanse os afamados balnearios de Cabreiroá, Sousas e Fontenova. Igualmente paga a pena visitar lugares intorescos como o de Vilaza, onde perdura unha singular torre románica. Pode que outros prefiran achegarse ata a igrexiña prerrománica de Sta. María de Mixós, Monumento Histórico-artístico Para os amantes do sendeirismo e do desfrute da naturaleza existen diversas posibilidades, especialmente nos concellos máis montañosos. Hai rutas sinalizadas como a chamada 'Ruta dos Carboeiros', no concello de Castrelo do Val, que vai desde Campobecerros ata a capital municipal. En calquera caso, coñecer a comarca require unha pausada visita. ❦

Parador nacional de turismo de Monterrei J.S


COMARCA DE VERÍN
Conxunto arquitectónico e torre
Igrexa
Castelo
Balneario
Restos arqueolóxicos (Necrópolis romana)
Castro
Petroglifo
Antroido
Sendeirismo
Ruta de sendeirismo
VILAR DE BARRIO
Río das Casas
Serra do Fial das Corzas
Río Casarelo
VILARIÑO DE CONS
Alto de Baroncello
▲1.412 m
Encoro de Portas
SARREAUS
LAZA
Cerdedelo
Río Camba
Campobecerros
XINZO DE LIMIA
Río Trez
Laza
A GUDIÑA
Río Tramias
Retrota
CASTRELO DO VAL
Río Faramontaos
TRASMIRAS
Río Rubín
Castrelo do Val
Cualedro
Mixós (Sta. María)
Riós
RIÓS
Río Marcelín
BALTAR
Vilaza
Monterrei
Río da Serranova
Río Arzoa
Sousas
MONTERREI
Verín
Abedes
Osoño
CUALEDRO
Cabreiroa
Requeixo
Río Castro
Medeiros
Vilardevós
Chas
S. Millao
Río Bubal
Oímbra
VERÍN
VILARDEVÓS
OÍMBRA
OÍMBRA
PORTUGAL
SITGA

Futuro da comarca de Verín

A Comarca de Verín rexistrou nos últimos anos unha importante diversificación económica, anque o sector primario segue prevalecendo en moitos municipios. O núcleo de Verín é o centro aglutinador da maior parte das empresas tanto pola súa posición nuclear dentro da Comarca, como por ser un municipio cun importante desenvolvemento demográfico, englobando na actualidade o 39% da poboación comarcal. Ademais, constitúe o centro comercial e de servicios de toda a Comarca, cun denso comercio fronteirizo con Portugal.

O sector productivo da Comarcaposúe diversas actividades con amplas posibilidades de futuro e, sobre todo, susceptibles dunha potenciación importante.

Neste senso, sería de grande interese a recuperación das instalacións termais dos mananciais de Fontenova e Cabreiroá en Verín, ademais da de Vilaza en Monterrei, de tal modo que lle sirvan de complemento ó actual desenvolvemento turístico, apoiado nunha importante oferta monumental, cultural e natural, na que destaca a impoñente fortaleza de Monterrei, os abundantes poboados castreños de Cualedro, o entroido de Laza ou o espacio natural da Serra de Queixa-Montes de Invernadeiro, que se estenden por Castrelo de Val e Laza.

A construcción das novas infraestructuras de acceso incrementará o valor de posición de Verín, ó converterse nun nodo de conexión das vías rápidas entre a Meseta, o sur de Galicia e o Norte de Portugal.

Entroido en Verín J.S

A racionalización das explotacións de vide e de pataca, así como un mellor aproveitamento industrial da madeira, son factores que poden contribuír ó desenvolvemento comarcal. Pero, para lograr unha mellor calidade de vida, tamén é necesario corrixi-los fortes desequilibrios socioeconómicos entre os diferentes municipios da Comarca. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

13

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Novembro do 1995

Viana

Vista de Viana. O encoro

José Salgado



Trazos xeográficos

ESTA comarca agluti-na dous conxuntos xeográficos: as altas terras da Mezquita e A Gudiña –As Frieiras, de Otero Pedrayo– e o alto val do río Bibei - o País do Bolo.

A Gudiña actúa de nexo entre ambos, dándolle unidade a esta zona, percorrida por unha densa rede fluvial que é tributaria de dúas concas: a do Sil (curso alto do Bibei e os seus afluentes Camba, Conso...) e a do Douro portugués (ríos Pereira, Cadavós, Mente...).

Enmarcada nas serras ourensás, esténdese polas caídas orientais do Complexo Serra de San Mamede –Queixa e dos montes do Invernadeiro, a depresión do río Bibei e unha ancha faixa de lombas desgastadas que pecha o concello en límites con Zamora e con Portugal.

Esta situación determina as características físicas e xeográficas que a definen.

Terras altas de carácter serrano que superan os 1.000 m. de altitude, vales estreitos e profundamente encaixados coma os eixes do río Bibei e Camba, e superficies de aplanamento a distintas alturas, constitúen as unidades de relevo da Comarca de Viana.

As diferencias orográficas matizan localmente os trazos dinámicos, encadrados en climas oceánicos de montaña, de invernos fríos, con neve, xeadas e chuvias abundantes (1.500–2.000 mm. anuais) e veráns secos e frescos (temperatura media ca. 18ºC).

A vexetación contribúe a diversificar unha paisaxe, na que as masas forestais de 'castiñeiros', piñeiros e carballos coexisten con amplas superficies de matagueira –nas zonas máis elevadas–, e con terras de cultivo, prados e nalgúns enclaves bancais de viñedo, nas abas próximas ós cursos do río Bibei, marcados tamén por unha exhuberante vexetación de ribeira (salgueiros, freixos, bidueiros).

Viana, a través da Gudiña e A Mezquita, é porta de entrada a Galicia desde Castela –por Ponferrada e Puebla de Sanabria- e Portugal.

Os límites da Comarca de Viana coinciden co antigo partido xudicial de Viana do Bolo.

Actualmente este vello partido desapareceu, quedando distribuído entre Trives e Verín. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ¶

Unha despensa da enerxía eléctrica en Galicia

A comarca de Viana é unha das despensas da enerxía hidroeléctrica de Galicia, cos encoros que recollen as augas do río Bibei e seus afluentes. O embalse de Bao-Ponte Bibei, contruído en 1960, aproveita o desnivel do río entre a cota 652 e o embalse de Montefurado, na 290, e ten unha capacidade de 238.300.000 metros cúbicos, con 15 quilómetros de lonxitude; a súa reserva de enerxía acada 269.700.000 Kw/h. A este hai que unir o salto de San Sebastián, San Agustín, Porto e Prada.

A zona é tamén famosa pola existencia da mina de estaño Olga de Penouta, formada por 64 hectáreas e situada nos somontes da Serra de Ramilo, a un quilometro do lugar de Penouta, e pertencente ó municipio de Viana do Bolo. Se ben non existe unha documentación fiable sobre a súa antigüidade, as compañías dinamarquesas e inglesas que a explotaron fai anos aseguran que se trata dunha mina romana.

Ata tempos non moi arredados a comarca tiña unha forte economía de subsistencia que chegaba por exemplo ó feito de desenvolver unha pequena industria artesán para a confección de roupa, sendo a do liño a máis importante.

Una curiosidade digna de mención é que no val das Ermidas existe unha pequena plantación de oliveiras, as olivas da cal eran utilizadas para producir aceite nun



rudimentarios muíños que foron moi utilizados na pasada Guerra Civil.

Na comarca elabórase unha augardente de uva que logo é utilizada para preparar diversos licores, entre eles o característico licor-café. A comarca de Viana tamén era famosa pola elaboración de manteiga a partir do leite de vaca, e o requeixo tiña tamén moita sona e facíase case exclusivamente o día 15 de agosto, festa patronal de Viana de Bolo. Outra dedicación moi estendida na zona era a explotación apícola, que daba lugar a mel de boa calidade.

Nesa economía pechada, unha actividade digna de ser lembrada era a fabricación dos chamados *galochos,* calzado feito de pel de becerro e base de madeira que era moi utilizado polos montañeses.

Para os amantes da natureza e da montaña, a comarca de Viana distínguese pola coordinación de vales en torno a grupos de *medas* como a de San Mamede, Serra da Queixa, Cabeza de Meda ou o Invernadeiro, e polo medio o discorrer dos ríos Bibei, Xares e Camba.

O Bibei, que tan bo aprovietamento hidroeléctrico ten, nace nunha pequena lagoa da provincia de Zamora, a 1.891 metros de altura, co nome de arroio de Piornales, cerca da vila de Viana incorpóraselle o Camba e, un pouco máis adiante, o Couso e o Xares. El logo busca a súa confluencia co Sil a través dunha barreira montañosa e formando meandros. ¶

Encoro do Bao J.S

Só naceron 52 persoas no ano 1991

Dous aspectos resaltan á hora de face-la análise demográfica da comarca de Viana, a baixa taxa de natalidade e o feito de que haxa máis homes que mulleres.

No primeiro aspecto, en 1991 a zona rexistrou un total de 52 nacementos, repartidos entre Viana do Bolo, 27; A Gudiña 9; A Mezquita, 9; e Vilariño de Conso, 7. O número de mulleres comprendidas entre os 15 e os 49 anos para esa data era de 1.794, e a taxa de fecundidade situábase no 28,99, por debaixo da provincial (30,32) e galega (32,66).

No segundo aspecto, se ben no quinquenio 1986-1991 o número de homes descende en maior porporción que o de mulleres, 1.236 fronte a 1.195, a taxa de masculinidade continúa situándose por riba do cento –106,1 no ano 1986 e 104,6 no ano 1991–, pois en total hai 4.854 homes e 4.640 mulleres.

Na década dos oitenta tamén se produce un descenso da taxa de natalidade, que pasa do 8,3 ó 6,2, esto fai que a pesar de que a taxa de mortaldade decreza lixeiramente, do 10,7 ó 10,6, o crecemento vexetativo sexa cada vez máis negativo e pase do -2,4 ó -4,3.

Perda de poboación

A principios deste século, a comarca de Viana tiña 16.002 habitantes, e desde esa data presenta lixeiras variacións cara abaixo pero en ningún caso sen caer da barreira dos 15.000 habitantes, de feito en 1960 o censo é de 15.831 persoas. Co inicio da década dos ano sesenta, que coincide con comezo da fase emigratoria cara ós países europeos máis desenvolvidos, a zona empeza a perder poboación de forma continuada e no ano 1970 rexistra xa 12.331 habitantes, que logo serán 11.260 en 1981 e 9.171 no ano 1991. É decir, en trinta anos perde o 42 por cento da súa poboación.

O municipios máis poboado da comarca é Viana do Bolo, que principiou o século con 8.016 haitantes, acadou o seu máximo en 1960, con 9.062, e anda agora polos 4.432, menos da mitade das persoas que tiña trinta anos atrás.

En calquera caso, o resto dos municipios tamén seguiron a mesma tendencia de decrecemento da poboación. Do ano 1900 ó ano 1991, A Gudiña pasou de 2.697 persoas a 2.017; A Mezquita de 3.033 a 1.085 e Vilariño de Conso de 2.256 a 917.

En canto á pirámide de poboación, esta presenta unha dobre figura. Dos 55 ós 85 e máis anos presenta unha base ampla que decrece harmonicamente ata que alcanza a cota de superior idade. Entre os 35 e os 55 anos a base estréitase tanto polo lado dos homes como das mulleres. E dos 34 anos ós acabados de nacer a pirámide invértese. ❦





SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



Sen grandes cambios na súa economía

Ó contrario que a gran maioría das comarcas ourensás, a de Viana non presenta grandes alteracións na súa estructura productiva, de modo que en 1991 tiña case a mesma distribución da súa poboación ocupada por sectores que dez anos atrás, aínda que a nivel de cada municipio se producisen cambios máis estimables.

Por municipios hai que significar que mentres A Gudiña parece decidirse por unha vocación productiva claramente vencellada ó sector terciario, no que inflúe a súa situación estratéxica na estrada que une Galicia coa Meseta polas portelas da Canda e o Padornelo, mentres que Viana do Bolo acentúa o peso do sector primario.

Para o conxunto da comarca, a distribución da poboación ocupada era a siguinte en 1981 e 1991, respectivamente: sector primario, 49,33 por cento e 49,08; sector industrial, 14,01 e 6,50 por cento; sector construcción, 7,71 % e 15,55; e sector terciario, 28,96 e 28,87 por cento.

No caso da Gudiña, na década dos oitenta continúa a tendencia e afianzamento do sector servicios que pasa de ter o 41,08 por cento da poboación ocupada ó 48,95. Prodúcese un salto moi notable na construcción que pasa do 8,14 por cento ó 21,15. E, pola contra, cae fortemente a poboación industrial, do 18,32 por cento ó 6,99, e o sector primario segue na súa liña de ceder protagonismo, e baixa de ter o 32,46 % da poboación ocupada ó 22,90.

Na Mezquita mantense o peso do sector primario arredor do 50 por cento da poboación ocupada, cede algo o sector industrial, que pasa do 7,43 % ó 5,30, sobe un pouco a construcción, do 5,50 ó 6,66 % e cae de xeito significativo o sector servicios, de 34,96 ó 29,58.

En Viana do Bolo gaña protagonismo relativo o sector primario, do 54,51 ó 56,09 % da poboación ocupada, redúcese á metade a industria, do 16% ó 7, aumenta lixeiramente a construcción do 10 ó 11 por cento e permanece estancado no 22 % o sector terciario.

En Vilariño de Conso, o sector primario sítuase no 51 % e soben os servicios ata ó 33 por cento. ¶



A paisaxe desta comarca ten algo especial. No Penedo dos tres reinos tócanse as terras de Zamora e Portugal coas galegas. O ermo de Tras os Montes e Zamora dotan dunha atmosfera singular a comarca, converténdoa nun mundo montesío, rural, dunha natureza fermosa e case virxinal.

Terra de Viana, terra solitaria

BO exemplo diso podería se-la parte montañosa do concello de Vilariño de Conxo.

Nesta área, no sector sudoriental da Serra da Queixa, perviven aldeas case perdidas no medio de estrañas paisaxes desgastadas polos xeos das glaciacións cuaternarias. Castiñeira, Mormentelos ou, sobre todo, Chaguazoso ilutran ben este aserto. Nesta última parroquia, situada a 1.290 metros sobre o nivel do mar (é a poboación situada a maior altitude de Galicia) consérvanse aínda moitas vellas casas cos seus teitos de palla, sobre travesas de rebola.

Os amantes da etnografía sorprenderanse destas construccións singulares, reliquias dun tempo a piques de esbaecerse.

Outro do eixes paisaxísticos, que ofrecen, xunto coa Serra da Queixa, moitas posibilidades para a práctica do sendeirismo, é o País do Bibei, que vaga encaixado por estas terras, preto do lugar no que nos tempos da romanización se ergueu o Forum Bibalorum dos textos clásicos. Son moitos os que cren que esa poboación primitiva non é outra que a actual Viana do Bolo, que domina o encoro do Vao desde as alturas do seu castelo.

Viana é unha 'vila que mantén o sabor dos séculos, cunha interesante zona vella.

No alto, a torre, resto da fortaleza medieval. A igrexa parroquial presenta o interese dos seus restos prerrománicos.

E a poucos quilómetros da poboación atópanse uns restos moi interesantes: as 'Médulas' de Caldesiños, explotacións mineiras romanas a ceo aberto.

Ademais da natureza propiamente dita, hai que falar dos encoros que transformaron algúns vales angostos en lagos artificiais. Na época estival, os encoros do Vao ou das Portas son lugares ideais para a práctica da pesca, do esquí náutico ou, mesmo, para darse un baño. Os visitantes que chegan a Galicia pola vella ruta de Castela, cruzando a Portela da Canda, atoparán, entrando na vila da Gudiña, unha oficina de información turística pertencente á Xunta de Galicia que os informará pormenorizadamente de cal é a oferta completa da comarca, os aloxamentos, as súas paisaxes, e os monumentos, como as igrexas, as dúas dedicadas a San Martiño, da Mezquita e da Gudiña (renacentista a primeira e barroca a segunda), entre outras cousas.

O que non debe, a ser posible, perder ninguén que visite a comarca nas datas axeitadas é o Entroido de Viana do Bolo.

Os tradicionais 'Felós', coas suas máscaras mouras e os seus atuendos cheos de cor, animan as estreitas rúas de Viana nas vésperas da Cuaresma.

Sen dúbida o Entroido é unha boa proba de que o tradicional segue moi vivo nesta afastada comarca. ❡



Casas en Chaguazoso (Vilariño de Conso) J.S


COMARCA DE VIANA
SITGA
MANZANEDA
Río Comado
O BOLO
Encoro de Prada
A VEIGA
Río Corzos
CHANDREXA DE QUEIXA
Encoro de Cenza
Mormentelos
Chaguazoso
Encoro de Bao
Río Cenza
Viana do Bolo
Río Cerveira
Vilariño de Conxo
Río Casarelo
VIANA DO BOLO
Montes do Invernadeiro
LAZA
VILARIÑO DE CONXO
Caldesiños
Río Bibei
Encoro das Pías
Río Camba
Encoro de Portas
Río Bibei
Serra do Canizo
PROVINCIA DE ZAMORA
Río Camba
A Gudiña
Centro de información
Igrexa
Castelo
Pazo
Vila de interés
Restos arqueolóxicos
Castro
Antroido
Fervenza
Montes
Penedo
Río da Ribeiriña
A GUDIÑA
Monte do Castelo
Santigoso
A Mezquita
A MEZQUITA
Cádavos
Penedo dos Tres Reinos
Manzalvos
RIÓS
Río Marcelín
PORTUGAL
VILARDEVÓS

Actuacións cara ó futuro

PARA sinala-los eixes de actuación que poden ser prioritarios para o desenvolvemento desta Comarca, hai que considerar factores como a accesibilidade, e capacidade de adaptación e, á súa vez, de loita contra o determinismo que impón o medio físico, as potencialidades e os recursos propios desta zona que tratamos.

É esta unha comarca rural de montaña e periférica, dado o seu afastamento dos principais centros económicos e de decisión e pese a ser cruzamento de camiños e porta de entrada a Galicia. Aquí vive unha poboación cada vez máis escasa (con 12,7 hab/km2 de densidade media), o que dibuxa un dos baleiros demográficos máis notables de toda Galicia.

As dificultades do modelo económico tradicional estreitamente unidas á dureza orográfica e ás condicións climáticas, provocaron un forte movemento emigratorio. As consecuencias foron un marcado envellecemento poboacional e fortes perdas demográficas.

A construcción dos encoros das Portas, de Edradas de Bao e das Pías, induciu neses momentos un notable movemento nas economías locais.

A actividade extractiva foi tamén relevante, pero o peche das minas, supuxo un duro revés concretamente en Viana do Bolo. En cambio o clima é adecuado para o pasto estacional de primavera e verán. Ademais, a abundancia de terreo e o feito de que as unidades agrarias non presentan, en xeral, problemas dimensionais, son factores que favorecen a tradicional actividade gandeira, especialmente de ovino-caprino (Vilariño de Conso posúe unha das maiores cabañas de Galicia). Esta gandería extensiva, cunha carne que goza de merecido renome, é un dos elementos que deben potenciarse. Será necesario, non obstante, adaptarse a novas condicións de producción e de mercado para alcanzar unha explotación rendible.


Castelo de Viana J.S

O espacio forestal ofrece tamén amplas posibilidades nestes momentos infrautilizadas para a explotación madeireira. A existencia de grandes extensións de montes veciñais, xunto cunha política adecuada de repoboación e en estreita relación coa investigación de novas especies arbóreas adaptadas ás características xeoclimáticas da zona, son un punto de partida nada desdeñable para rendibilizar este recurso, e á súa vez xeraría empregos nas economías locais. Este debería se-lo principal obxectivo do desenvolvemento local na comarca.

É evidente que fixa-la poboación e atraer efectivos é necesario; pero tamén o é que as economías domésticas se diversifiquen e amplíen o abano de productos e actividades xeradoras de ingresos.

Aínda cando a situación espacial non lle foi favorable, o paso pola Comarca de eixes viarios como a N-525 Ourense-Benavente, e o seu carácter fronteirizo con Portugal poden estimula-los servicios hosteleiros e comerciais.

Esta oferta relaciónase tamén coas posibilidades que brinda o medio natural para a caza, o ocio e o deporte de montaña, pero sempre como actividades económicas complementarias, xa que de por sí non son suficientes para evitar a regresión económica da comarca, que ten, como queda dito, na gandería de carne e na explotación racional do monte os seus recursos de desenvolvemento local. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

14

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Decembro do 1995

Valdeorras

As Ermitas do Bolo — José Salgado

A comarca de Valdeorras

TRAZOS xeográficos. Na porción máis oriental da provincia de Ourense, ocupando unha superficie de 972,1 km2, sitúase a Comarca de Valdeorras, acceso natural a Galicia, ó longo do val do Sil. É precisamente o val deste río o que lle dá unidade a este territorio, a terra que Otero Pedrayo denominou País de Valdeorras.

En 1834 constituíronse os Partidos Xudiciais, entre eles o denominado de Vilamartín de Valdeorras que, dous anos despois se denominou Partido Xudicial de Valdeorras trasladándose a súa capitalidade a O Barco.

Os límites iniciais coincidían cos actuais da Comarca, a excepción de Larouco que pertencía ó Partido Xudicial de Trives.

Son varios os factores que dotan a esta comarca dunha forte cohesión e que a configuran como un territorio claramente diferenciado no contexto territorial de Galicia.

Por un lado os factores físico - xeográficos como son o carácter mediterráneo do seu clima, a



FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez.

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95

Ponte de Portomourisco, en Petín J.S.

➪ composición litolóxica e a súa perfecta delimitación física. Doutra banda a ocupación do solo e a ordenación económico-social resultante.

Efectivamente, a súa localización excéntrica respecto da capital provincial, propiciou a descentralización de servicios de rango superior. As condicións ambientais e os recursos naturais favoreceron o desenvolvemento dunha base productiva diversificada e un importante crecemento económico. Así mesmo, a súa proximidade á provincia de León aproximouna a espacios extrarrexionais. Todo iso, xunto coa existencia dunha serie de núcleos de poboación de rango xerárquico medio na rede urbana galega, contribúe pois a dotar este conxunto territorial dunha singularidade propia dentro de Galicia. Esta comarca configúrase como unha depresión tectónica que ten a súa orixe no xogo de bloques e fracturas



que xeraron unha profunda fosa. Nesta, o Sil, norte, xogou un papel estelar, encaixándose ou debuxando vales perfectos, xunto cos seus afluentes, o Bibei e o Xares, ó sur. Circundando esta cunca topográfica, a modo de paredóns de altura que van desde os 700 m ata os 2.000 m, dispóñense unha serie de aliñacións montañosas, que rexistran a máxima altitude en Pena Trevinca (2.124 m). Ó norte localízanse as estribacións de Montouto e Cabezón; ó leste a Serra do Eixe, e a Serra da Calva e Segundeira ó sureste. Estes fortes contrastes de relevo maniféstanse tamén nos caracteres climáticos, na vexetación natural e nos cultivos, cunha forte presencia do viñedo. Chove pouco (ca. 800 mm. anuais) e rexístranse aquí valores extremos (mínimos e máximos) de temperatura anual para toda Galicia. Sen embargo, pese ás abundantes néboas, de predominio matinal, que se concentran en torno ós ríos e encoros, son estes sectores os que gozan dun particular microclima e amosan unha elevada potencialidade productiva. A dicotomía montaña-val permítenos diferenciar tres zonas de vexetación en relación coa altitude. Nas zonas altas (por riba de 900 m) o intenso frío limita o desenvolvemento vexetal, aínda que é posible o aproveitamento silvopastoral e cinexético. Entre os 900 e os 300 m desenvólvense aciñeiras, oliveiras, sobreiras, carballos, castiñeiros e piñeirais de repoboación; unha vexetación na que se entremesturan formacións atlánticas e mediterráneas. ¶

As posibilidades dunha comarca moi romanizada

Valdeorras é unha das comarcas mellor definidas de Galicia desde hai moitos séculos e cun sistema económico integrado a partir dos recursos propios xerados na agricultura e na minería. No aspecto físico, trátase dun amplo val percorrido polo Sil e dividido en trez áreas que se unen por angostas gargantas: a do Barco, que é a máis extensa, a de Vilamartín de Valdeorras, considerada como a máis fértil; e a da Rúa. A presencia do Sil, que recibe as augas do Casaio, pola esquerda, e as do Entoma, pola dereita, foi aproveitada para a construcción dos encoros de Pumares, Santiago e San Martiño.

Un elemento fundamental na romanización desta comarca é o paso polas súas terras da vía que unía Braga con Astorga, e que no seu percorrido polo val valdeorrés tomaba a denominación de Vía Nova, terminada de construír no ano 80 e dedicada a Tito Vespasiano. Non hai que esquencer que os romanos furaron o Monte Furado e mantiveron as explotacións mineiras das Medulas con 60.000 escravos. A partir do século V comeza o establecemento dos suevos na zona. E é durante a Idade Media cando as terras valdeorresas se converten nunha unidade que constitúe unha demarcación –condado, tenencia e señorío– sometida, segundo cada etapa, ós reis de Galicia, León e Asturias, aínda que durante todo ese tempo estivesen dominádas polos condes de Lemos, o seu castelo de Castro dáballe protección á vía entrada a Galicia. A finais do século XV os Reis Católicos concédenlle ó Conde de Ribadavia o señorío e xurisdición de Valdeorras, con sede ''en la villa de El Castro'', é dicir no Barco, pola axuda daquel nobre galego na conquista de Granada. Segundo os cronistas, Valdeorras foi a primeira comarca galega que se opuxo á invasión das tropas francesas.

O Barco de Viloria

O nome de O Barco, a principal vila da comarca e dos motores da súa economía xunto a Petín e A Rúa, provén da instalación, na época romana dunha barca na localidade de Viloria, mesmo a carón da Vía Nova, que tiñan como función comunicar entre si as localidades ribeireñas a un e a outro lado do Sil. En torno ó que nun principio foi a caseta dos barqueiros e ó longo da calzada romana foron xurdindo construcións que logo constituirían o grupo urbano do Barco de Viloria, que logo no século XVI pasaría a chamarse O Barco de Valdeorras.

Un espacio económico

A romanización, a presencia dunha importante vía de comunicación, a fortaleza da etapa feudal e o feito de que se trata dunha zona fronteiriza con Castela e León son tamén factores que axudaron á conformación de Valdeorras como un espacio económico e social integrado, ademais do seu potencial en materias primas e o proceso de acumulación de capital que iso fixo posible.

Xa no século XVIII, Lucas Labrada, describía a vocación productiva da comarca significando que tiña ''viño branco e tinto de moi boa calidade, moita castaña, pataca, algunha améndoa, aceite, seda e froitas, e moi pouco gran así de trigo como de centeo''. De feito, os cereais hoxe en día están case en proceso de desaparición salvo algúns casos illados na zona de montaña. Hai tamén un efecto de substitución do millo polos prados naturais e artificiais, o que vén explicado polos cambios que se teñen operado a partir de mediados dos anos setenta dunha gandería intensiva cara a unha gandería extensiva en base a pasto. Ben entendido que o subsector gandeiro non é precisamente forte, inda que aumentara a producción de leite de vaca.

No caso de gando ovino e caprino é destacable o forte retroceso que sufriu ata o punto de que o número de cabezas representa hoxe menos do 10 por cento do que era cincuenta anos atrás. ➪

'Alvariza' en Rubiá J.S

Nese proceso de cambio productivo, case desapareceron tamén a amendoeira e a oliveira, mentres que as froitas gañan terreo a medida que van mellorando as canles de comercialización, en especial a mazá, pera, melocotón e o amorodo. Pero, dentro do sector agrario, o producto que máis destaca é a vide, na medida en que Valedorras é un dos centros máis importantes de producción de viño de Galicia e dunha calidade contrastada en brancos e tintos, con denominación de orixe.

Os terreos dedicados ó cultivo de vides ocupan unhas 4.000 hectáreas no fondo da depresión, sobre solos pedregosos que non son aptos para outros cultivos, e esténdense ata a parte baixa dos vales secundarios, tendo como enclaves vinícolas básicos O Barco e A Rúa.

En termos xerais, a Comarca de Valdeorras conta cunha vexetación na que predominan os breixos, os toxos e as xestas ademais de distintas variedades forestais que van desde a sobreira ata o piñeiro negral, pasando polas aciñeiras, castiñeiros e carballo.

Riqueza forestal

Nas ladeiras dos vales do Sil aparecen extensas masas de piñeiro silvestre que na solaina e por altitudes algo máis baixas se combina e é substituído, ás veces, polo piñeiro marítimo, asociado por debaixo dos 600 metros a carballos e castiñeiros. Isto cumpre o papel adicional de loita contra a erosión. Na vertente da Umbría as masas de castiñeiro alcanzan grandes superficies que aproveitan o val do arroio Baludo para ascender ata os 900 metros de altitude. Con todo non existe unha industria da madeira con entidade para conformar un subsector productivo. ¶

Viñas en Vilamartín J.S.

O Barco gaña poboación e o resto pérdea

Só O Barco gaña poboación entre os nove municipios que conforman a Comarca de Valdeorras, e o resto pérdea. En 1991, tiña 10.379 habitantes, o que representa o 37,18 por cento do total de habitantes que rexistraba a zona (27.913). A primeiros deste século, O Barco contaba con 5.321 habitantes, sendo o segundo municipio de Valdeorras máis poboado, detras da Veiga (6.977) e seguido moi de cerca polo Bolo, que de feito o superará en número de habitantes nos censos de 1910 e 1920.

De 1930 a 1950, a poboación do Barco medra a un ritmo aproximado de mil persoas por década e sitúase nos 8.081. A partir desa data o número de habitantes cae, debido fundamentalmente á emigración, e empeza a medra de novo co inicio dos anos setenta. Sen embargo, o maior crecemento deste coincide na década dos oitenta, de xeito que de 1981 a 1991, O Barco pasa de 9.179 habitantes a 10.379, exactamente 1.200 máis. Esta etapa de aumento demográfico coincide coa consolidación económica do municipio e co afianzamento dos sectores industrial e de servicios.

A segunda vila en importancia demográfica na comarca de Valdeorras e A Rúa, cun rexistro de 4.933 habitantes en 1991. Este municipio presenta un crecemento demográfico constante desde o ano 1900, en que tiña 2.411 habitantes, ata 1981 en que alcanza os 5.712 poboadores.

A maior perda

O caso de maior perda de entidade demográfica na comarca prodúcese no municipio da Veiga que desde inicios do presente século (6.977 persoas) cede habitantes de forma continuada ata chegar ós 1.595 do ano 1991. Noutras palabras, A Veiga ten hoxe 5.382 habitantes menos dos que tiña en 1900, o que representa un descenso de poboación do 77 por cento.

No resto dos municipios, o número de habitantes é hoxe a metade dos que tiñan no inicios desta centuria. O Bolo acada o seu mellor resultado en 1940 (5.640 persoas), e a partir de aí inicia un descenso seguido ata o ano 1991, en que anota 1.893 habitantes. No ano 1940 tamén obtén o seu rexistro demográfico máis alto o municipio de Carballeda con 4.294 habitantes, que irán reducíndose para ser 2.615 en 1991. En Larouco, o maior número de persoas rexístrase no ano 1920, con 1.845, e desde esa data empeza a perder poboación década tras década ata os 673 habitantes que ten na actualidade.

Petín alcanza os 3.220 habitantes no censo do ano 1960, e nas tres décadas seguintes perderá 2.000 persoas, para anotar 1.225 no correspondente 1991.





O municipio de Rubiá e outro dos que obtén o seu resultado máis favorable en 1940, con 4.456 habitantes. A partir dese censo, sen embargo, inicia un retroceso que se acelera nos anos setenta, datas en que perde 1.188 habitantes, que o leva ás 2.154 persoas de 1991. En 1940, Vilamartín de Valdeorras alcanzaba os 4.313 habitantes que quedaran en 2.446 en 1991.

A pirámide de poboación presenta dúas figuras contrapostas. Entre os grupos de idade que van desde 55 anos ata 85 e máis anos, a figura presenta unha base ancha e unha cúpula pequena. Xusto case ó revés, desde o grupo dos 0-4 anos ata o correspondente ó de 30-34 anos, a figura é invertida, máis pequena pola base.

Estructura e taxas

En canto á estructura por sexos da poboación da comarca, de 1986 a 1991 prodúcese un feito destacable, Valdeorras pasa de ter máis homes (16.793) ca mulleres (16.747) a máis mulleres (14.417) ca homes (14.271), respectivamente.

O Sil en Covas J.S.

E, en consecuencia, a taxa de homes descende do 100,3 ó 99,0.

En conxunto para a zona, a taxa de natalidade cae do 7,6 para o período 1981-86 ó 7,2 para o 1986-91, e medra lixeiramente a taxa de mortaldade que, para os mesmos períodos, sobe do 9,9 ó 10,1. O que supón que o crecemento vexetativo se fai cada vez máis negativo, -2,3 e -2,9.

En 1991, a comarca de Valdeorras contaba con 6.089 mulleres conprendidas entre os 15 e os 49 anos e rexistrou 202 nacementos, dos que xustamente a metade (101) corresponderon a O Barco. A taxa de fecundidade para a zona é do 33,17, superior á media galega. ¶

DATOS RELATIVOS A SECTORES DE ACTIVIDAD EN 1981.

MUNI	% SECTOR PRIMARIO	% SECTOR INDUSTRIA	% SECTOR CONSTRUCCION	% SECTOR SERVICIOS
BARCO DE VALDEORRAS (O)	9,90	34,09	13,10	42,91
BOLO (O)	47,49	8,72	14,31	29,48
CARBALLEDA DE VALDEORRAS	11,56	71,56	1,81	15,08
LAROUCO	35,62	14,25	20,58	29,55
PETIN	28,44	18,78	21,65	31,13
RUA (A)	17,12	21,26	20,52	41,10
RUBIA	26,36	31,02	11,69	30,92
VEIGA (A)	53,21	8,20	17,38	21,20
VILAMARTIN DE VALDEORRAS	39,50	20,64	10,68	29,18
TOTAL COMARCAL	25,83	27,07	14,28	32,82

DATOS RELATIVOS A SECTORES DE ACTIVIDAD EN 1991.

% SECTOR PRIMARIO	% SECTOR INDUSTRIA	% SECTOR CONSTRUCCION	% SECTOR SERVICIOS
5,27	36,92	12,75	45,06
46,13	11,72	13,47	28,68
10,98	71,92	2,18	14,92
47,75	8,11	18,92	25,23
23,34	16,72	26,13	33,80
8,03	21,31	17,90	52,77
28,91	30,42	14,29	26,39
60,50	5,58	13,36	20,56
31,64	26,84	14,69	26,84
18,09	31,96	13,36	36,59

Un dos 'oasis' industriais da Galicia interior

A comarca de Valdeorras constitúe un dos poucos *oasis* industriais da Galicia interior, cun alto grao de aproveitamento dos recursos que proporciona o sector primario, ben en agricultura e gandería ben en minería. A lousa e, en xeral, a extracción e manipulación de pedras ornamentais constitúe un dos subsectores clave no despegue económico nos últimos anos dunha zona que conta con case 40 empresas que facturan ó ano máis de 60 millóns de pesetas, e entre as que cabe destacar o grupo alimentario Gadisa, cunha facturación de 4.500 millóns de pesetas e 206 empregos directos, e CEDIESA, complexo electroquímico dedicado á producción de carburo de calcio, acetileno e abonos nitroxenados, cunha facturación de 2.045 millóns de pesetas e 105 postos de traballo, datos todos eles referidos ó exercicio económico 1993.

Tamén no sector agrario, a comarca tendeu a especialización productiva encardinada nunha puxante industria de viños e licores, fortalecida pola denominación de orixe Valdeorras, unha variada oferta cárnica e o cultivo de froitas de temporada.

En termos xerais pódese dicir que a Comarca de Valdeorras presenta unha estructura productiva por grandes sectores que se afasta do clásico modelo galego e se aproxima á dos grandes focos industriais da península Ibérica. Abonde con sinalar que o sector industrial acolle o 32 por cento da poboación ocupada, mentres que no caso de Galicia esta porcentaxe rolda o 18,3 % e só alcanza o 14,7 por cento no ámbito provincial. Pero, ademais, a importancia da industria en Valdeorras vai en aumento, ó pasar de ter o 27,07 % da poboación ocupada en 1981 ó 31,96 por cento en 1991. En cifras absolutas, a industria ocupa a 2.787 persoas, das cales 2.373 son homes e 414 mulleres.

Ocupación por sectores

No resto dos sectores parecen tamén confirmar esa tendencia modernizadora da estructura productiva. Así o sector primario perdeu entidade nos últimos anos, e perde poboación ocupada desde o 25,83 que rexistraba no ano 1981 ata o 18,09 que anota en 1991, é decir ocupa a 1.573 persoas: 772 homes e 801 mulleres. A construcción non presenta grandes cambios na década dos oitenta, de modo que para os anos de referencia baixa lixeiramente do 14,28 ó 13,36 por cento da poboación con traballo, o que en termos absolutos supón 1.114 homes e 51 mulleres. E no sector terciario dáse un pequeno avance desde o 32,82 ó 36,59, se ben o peso do servicios non alcanza os niveis medios da provincia (40,53) ou da media galega (45,0), iso non é tanto froito de supostas carencias no mesmo como efecto da maior forza que ten a actividade industrial no conxunto da comarca. Os servicios da ocupación a 3.191 persoas, das que 1.869 son homes e 1.322 mulleres.

En calquera caso, é previsible que ó remate da década dos 90, Valdeorras presente un sector terciario máis fortalecido polo mesmo proceso de transformación que se está operando nas economías occidentais, incluso nas menos desenvoltas.

En conxunto, a actividade económica na comarca ocupa a case 9.000 persoas, das que 2.600 son mulleres, a metade das cales traballa no sector terciario, 801 no campo e o resto entre os demais sectores.

Taxa de actividade

Por grupos de idades a taxa de actividade é do 44,05 por cento no situado entre os 16 e os 24 anos; do 68,45 % no segemento que acolle as persoas situadas entre 25 e 54 anos; entre 55 e 64 anos a taxa de actividade é do 44,44 por cento e só do 4,66 por cento no grupo maior de 65 anos.

En total a taxa de actividade por grupo de idades, a partir do 16 anos, é do 44,53 por cento. O que quere dicir que de cada cen persoas, 55 non traballan. ¶

Oulego, en Rubiá J.S.



➪ Como é lóxico as vocacións productivas dos nove municipios que conforman a Comarca de Valdeorras non son semellantes, nuns o campo segue sendo o motor da economía local, e noutros a industria ou os servicios. Se ben ó interrelacionalos entre eles dase un elevado grao de complementariedade.

O BARCO. Podíase nominar a locomotora da Valdeorras polo seu dinamismo económico e comercial. Entre o sector industrial e o terciario concéntrase a actividade empresarial, na medida en que acollen o 82 por cento da poboación ocupada. Nos dous casos tamén se rexistra un avance paulatino do seu peso entre 1981 e 1991, así a industria pasa de representar o 34,09 por cento ó 36,92 e os servicios do 42,91 ó 45,06 por cento. O sector da construcción mantense case nas mesmas porcentaxes en 1991 (12,75 %) que en 1991 (13,10%). Pero o dato quizais máis sobranceiro, polo que supón dentro do contexto productivo galego, é que a reducción da importancia do sector agrario alcanza niveis homologables ós grandes centros urbanos europeos e de xeito moi progresivo. Así se en 1981, o campo representaba o 9,90 por cento da poboación ocupada do municipio, dez anos máis tarde acollía só o 5,27 %, o que significa unha reducción de practicamente a metade.

En consecuencia, poderíase afirmar que, en realidade, o Barco afiánzase como o gran centro urbano da comarca, polo que inevitablemente tenderá nos próximos anos a un maior crecemento dos servicios e a un maior grao de terciarización da súa economía.

O BOLO. A súa división productiva é moi estable, de modo que parece que alcanzou un punto equilibrio no peso dos seus sectores. O sector económico máis importante segue sendo o agrogandeiro, sen a penas variacións na porcentaxe da súa poboación ocupada en 1981 (47,49) e 1991 (46,13). Outro tanto sucede nos servicios, con variacións insignificantes neses dez anos, pasou de representar o 29,48 % ó 28,68, e coa construcción que oscila do 14,31 de 1981 ó 13,47 do 1991. A variación máis significativa prodúcese na industria, onde a poboación ocupada crece 3 puntos, desde 8,72 por cento ó 11,72 %.

CARBALLEDA tamén se distingue pola estabilidade das súas actividades productivas nos últimos dez anos, e de case monocultivo da industria da lousa e pedras ornamentais. De feito, a porcentaxe de poboación ocupada na actividade industrial permanece fixada en case o 72 por cento que xa tiña en 1981. Unha situación que se repite nos outros sectores, ó comparar as cifras referidas a 1981 e 1991: campo, 11,56 e 10,98; ➪



⇨ construcción, 1,81 e 2,18; e servicios, 15,08 e 14,92.

LAROUCO. A importancia que vén alcanzando nos últimos tempos a producción vinícola, sobre todo desde que os viños de Valdeorras teñen denominación de orixe, acentuou o monocultivo da vide no municipio menos poboado da comarca, compaxinada cos cultivos de patacas e hortalizas, así como os intentos por dedicarse á froita de temporada. A falta de terra apta para a agricultura provocou o cultivo intensivo e a posta en servicios de novas terras gañadas ó monte, os chamados *sucalcos* que, a modo de escaleiras, ascenden pola ladeiras dos ríos Bibei, Xares e Sil.

Por iso mesmo, a importancia do sector primario en canto a poboación ocupada aumentou nos últimos dez anos, ó pasar de representar o 35,62 en 1981 ó 47,75 por cento en 1991. Polo que fai referencia ó resto dos sectores productivos, un trazo común a todos eles é a súa perda de entidade. Así a industria cae do 14,25 por cento ó 8,11; a construcción pasa do 20,58 ó 18,92 % e os servicios descenden 29,55 ó 25,23 por cento.



J.S.

PETÍN. Aínda que sen grandes alteracións nos sectores productivos, este municipio presenta unha lixeira caída da actividade agraria, compensada pola construcción e o sector terciario. Petín é tamén unha das despensas de vide de Valdeorras. Das súas terras, moi parceladas, saen os apreciados viños *Godello* e *Mencía.* Tamén cabe mencionar o cultivo da castaña, ó que se dedican unha 100 hectáreas, e nas zonas máis altas do municipio a gandería.

En 1981, o sector primario tiña unha poboación ocupada do 28,44 por cento que dez anos máis tarde era do 23,34. Para ese mesmo período, a actividade industrail caeu algo, do 18,78 por cento ó 16,72. Pola contra rexístrase un lixeiro aumento na poboación ocupada na construcción e nos servicios.

Na construcción, pasa do 21,65 por cento ó 26,13 e o peso do sector terciario aumenta do 31,13 ó 33,80 por cento.

POBOACIÓN DE FEITO DE 1900 A 1991 DA COMARCA DE VALDEORRAS

	1.991	1.981	1.970	1.960	1.950	1.940	1.930	1.920	1.910	1.900
BARCO DE VALDEORRAS (O)	10.379	9.179	7.769	7.695	8.081	7.041	5.930	5.404	5.155	5.321
BOLO (O)	1.893	2.477	3.634	4.667	5.285	5.640	5.550	5.505	5.355	5.204
CARBALLEDA	2.615	3.266	3.425	4.005	4.024	4.294	3.806	4.085	4.100	4.018
LAROUCO	673	986	1.126	1.420	1.576	1.742	1.813	1.845	1.562	1.618
PETÍN	1.225	1.615	2.903	3.220	2.669	2.729	2.887	2.689	2.607	2.568
RÚA (A)	4.933	5.712	5.242	4.526	4.096	4.040	3.224	2.822	2.626	2.411
RUBIÁ	2.154	2.731	3.919	4.090	4.220	4.456	4.164	3.566	3.554	3.738
VEIGA (A)	1595	2927	4332	5330	6357	6357	6742	6927	6910	6977
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	2446	2917	3252	3902	4059	4313	4190	4120	4222	3866
TOTAL COMARCAL	**27.913**	**31.810**	**35.602**	**38.855**	**40.367**	**40.612**	**38.306**	**36.963**	**36.091**	**35.721**

Extracción de lousa J.S.

⇨ **A RÚA.** Se ben segue sendo un dos grandes centros productores de vide e de viño, A Rúa é o municipio da comarca de Valdeorras que presenta un maior crecemento do sector servicios e unha reducción do sector primario en valores próximos ó Barco. Historicamente a súa actividade económica centrouse case exclusivamente entre a gandería e a agricultura. A primeira na montaña, dedicada ó gando vacún e producción de castaña, e a segunda no val, especializada na vide e nos cultivos de horta e de árbores froiteiras. A producción de viño deu orixe a un movemento cooperativo de certa entidade con participación de agricultores dos municipios de Vilamartín e Petín.

Como xa apuntabamos ó inicio, na década dos oitenta a transformación da Rúa –segundo municipio en canto a número de habitantes da comarca– céntrase nos cambios que se operan no sector primario e máis no sector servicios. Así mentres a actividade agraria decrece, e pasa de ter o 17,12 da poboación ocupada do municipio ó 8,03, medra a importancia dos servicios que saltan de ter o 41,10 por cento da poboación ocupada ó 52,77.

Pola súa banda, o sector industrial non sofre variacións e segue mantendo o 21 por cento da ocupación, e a construcción cae lixeiramente do 20,52 en 1981 ó 17,90 % en 1991.

RUBIÁ. As terras deste municipio sempre foron ricas en minerais. A caleira e o volframio de Pardellán tiveron o seu auxe na segunda Guerra Mundial, gracias as grandes importacións que realizaron os alemáns. Ten tamén xacementos de antimonio, ferro e cobre, pero a materia prima fundamental da zona é a lousa, sobre todo de Trones, e o mármore vermello de Biobra.

Na agricultura, a vide e o viño son os reis deste sector, trala revalorización e reposición das variedades autóctonas mencía, garnacha e godello. Hai tamén unha gran tradición no cultivo das castaña, e conta con certa importancia a madeira de piñeiro, chopo e castiñeiro.

Por sectores, o industrial segue mantendo a súa hexemonía co 30 por cento da poboación ocupada. A continuación sitúanse os servicios que de 1981 a 1991 sufriron un lixeira caída, ó pasar do 30,92 por cento da poboación ocupada ó 26,39. O sector agrario aumenta o seu peso en canto á poboación ocupada do 26,36 por cento en 1981 ó 28,91 % en 1991. E a actividade na construcción tamén aumenta, e pasa do 11,69 por cento ó 14,29.

A VEIGA. Dos nove municipios da Comarca de Valdeorras, A Veiga é o que presenta unha maior proporción de poboación ocupada no sector primario. Gandería, silvicultura e agricultura son, por esta orde, as principais actividades da zona, cunha tendencia cada vez máis acusada cara á producción de leite de vaca. O armentío bovino ⇨

vai en retroceso, non chega ás 5.000 cabezas cando non hai moito sumaba máis de 50.000.

O caso é que se en 1981 a poboación ocupada no sector primario era do 53,21 por cento, dez anos máis tarde subía ata o 60,50 por cento. A industria segue a esmorecer, ó caer desde 8,20 ó 5,58 por cento. E o mesmo acontece coa construcción que perde poboación ocupada, e pasa do 17,38 en 1981 ó 13,36 en 1991. O sector servicios mantén a súa importancia relativa en torno ó 21 por cento, pese á atracción que exerce O Barco neste campo de actividade.

VILAMARTÍN DE VALDEORRAS. En Vilamartín hai un certo repunte do sector industrial e da construcción en detrimento da agricultura e dos servicios. O cultivo de viñedo volve ser neste caso unha das principais actividades desta área, concentrado sobre todo no val, compartido coas froiteiras. A Denominación de Orixe Valdeorras facilitou a recuperación de variedades de uva autóctona como moza fresca ou godello e a consolidación do movemento cooperativo. No aspecto forestal hai abundancia de castiñeiros e de piñeiros, pero sen que poida falarse dunha actividade productiva pensada como tal.

Por sectores, o primario perde forza no municipio e se en 1981 tiña case o 40 por cento da poboación ocupada, en 1991 rexistra o 31,64. Tamén perde entidade o sector terciario, que cae do 29,18 ó 26,84 para o período citado. Polo contrario, o sector industrial incrementa o seu peso en canto á poboación ocupada, e sobe do 20,64 por cento en 1981 ó 26,84 % en 1991. A construcción tamén presenta un lixeiro avance, e pasa do 10,68 ó 14,69 por cento da poboación ocupada.

Verbena na Praza de O Bolo J.S.

Nivel de instrucción

Un dos elementos fundamentais á hora de valorar as posibilidades de desenrolo da comarca é o nivel de instrucción da súa poboación. En conxunto, a comarca ten baixa porcentaxe de poboación analfabeta, 3,96 por cento, un pouco por debaixo da media da provincia de Ourense (4,0) e case un punto arriba da media galega (3,06). A poboación sen estudios alcanza o 37,75 por cento, superior á media porvincial (34,7) e galega (28,13). A xente con estudios de primeiro grao supón o 28,88 por cento e a que alcanza o nivel de segundo grao o 25,35 por cento.

Nos dous casos tamén, as porcentaxes están por debaixo do nivel provincial e galego. En canto ós estudios superiores, a media comarcal é do 4,1 por cento, un punto por debaixo da media galega.

Por municipios, o nivel de instrucción varía moito e está en consonancia case milimetricamente co nivel de desenvolvemento de cada localidade. No apartado de poboación con estudios superiores non é por casualidade que as porcentaxes máis altas se dean no Barco (5,79), Petín (4,64) e A Rúa (6,25), mentres que no resto dos municipios, a excepción de Larouco (2,47), non acadan o 2 %. Esta tendencia repítese no apartado da poboación con estudios de segundo grao: O Barco, 32,88; Petín, 23,03; A Rúa, 31,01 e os demais municipios varían entre o 15 e 18, salvo Larouco que chega a case o 20. No apartado de poboación con nivel de estudios primarios, a distribución sofre algúns cambios: O Barco, 39,50; Vilamartín, 31,18; A Veiga, 27,42; A Rúa 24,77; Petín, 24,11 e Larouco, 18,98. O muncipio con menos analfabetos é O Barco, 1,72 %. ¶

Valdeorras, fendida polo Sil

Valdeorras ten, nas súas áreas máis montañosas, un verdadeiro potencial de cara ó turismo e ó ocio. Nin que falar hai da Pena Trevinca, que constitúe cos seus 2.124 m., o cumio máis alto de Galicia. Este é un dos escasos lugares de referencia para os amantes dos deportes brancos na comunidade.

A Comarca de Valdeorras, a vella terra dos 'Guigurri', é, no seu val do Sil, o máis doado paso a Galicia, dende as terras de Castela. Por aquí penetraron os romanos, creando vías e implantando a súa cultura. Boa parte dos atractivos da comarca teñen algo que ver con eles. Entre os monumentos a destacar, a ponte romana da Cigarrosa, na Rúa, é quizais a testemuña máis evidente.

Tamén na Rúa Vella, xunto á igrexa de Santo Estevo, consérvase unha lápida votiva romana. Outras pontes, a de Sobradelo ou a de Entoma falan tamén daquelas épocas pretéritas.

Outro importante lugar monumental, que serve así mesmo de perfecto mirador sobre as terras de Petín, a Rúa e Vilamartín é o Castro de Valencia do Sil, xacemento prerromano situado nun outeiro.

O espírito señorial dos valdeorreses apréciase aínda nos seus pazos de terra verrmella.

De entre todos eles, merece destacarse o de Viloria, actualmente en período de restauración. Nas vilas do Bolo e no Castro de Valdeorras consérvanse interesantes conxuntos de feitura medieval, coroados por senllas torres.

Tamén nas rúas da zona vella do Barco se respiran os aromas da vella fidalguía, xunto á beira do Sil, preto do paseo de chopos.

Outro dos elementos que constitúen a alma da comarca é o viño.

As vides adornan coas súas cores cambiantes a paisaxe, e a cultura do viño, tan viva e tan antiga, renovoulles a face' ás vellas covas-bodegas ou mesmo á antiga encomenda dos cabaleiros de Malta, coñecido hoxe como mosteiro de Xagoaza, convertido en bodega e que conserva unha interesante igrexa románica.

Naturalmente, a relixiosidade galega ten excelentes mostras nesta comarca. As dúas máis salientables son os restos dunha vía secundaria do camiño de Santiago e o espléndido santuario barroco das Ermidas do Bolo, que conta cunha gran devoción por parte de moitos galegos.

Xunto ás Ermidas atópase un elemento máis mundano, pero que hai que sinalar: unha recente área recreativa que permite desfrutar das fermosas ribeiras do río Bibei, un dos espacios naturais da comarca. Outras áreas fluviais interesantes son as de Vilamartín ou a Rúa, lugares aptos para a práctica de deportes naúticos como 'wind-surf' ou o piragüismo. E, nunha comarca tan extensa e variada, hai que facer un apartado especial para falar da montaña valdeorresa. Naturalmente, en Pena Trevinca, na Pena Survia e noutros moitos lugares poden gozar os amantes do alpinismo e da escalada. Outro punto no que practican este último deporte afeccionados vidos das catro provincias é nos singulares 'Penedos de Oulego', en Rubiá, case nos límites coas terras leonesas.

Rubiá, precisamente, conta cunha oferta interesantísima para os amantes de espeleoloxía.

Abundan neste lugar numerosas 'palas' ou covas que, cun maior ou menor grao de dificultade se poden visitar para coñecer os misteriosos mundos subterráneos.

Estas covas concéntranse principalmente nas parroquias de Biobra e Covas.

No concello de Carballeda, que agacha tesouros tan interesantes como a Teixadal de Casaio, existe un completo proxecto para instalacións invernais, nas que se desenvolverían diversas modalidades de esquí, incluído o de fondo.

Curiosamente, Carballeda conta tamén cunha magnífica e inesperada piscina olímpica.

Nas terras da Veiga, que conta co encoro de Prada como importante centro de deportes acuáticos na época estival, existen sinalizadas varias rutas de sendeirismo, unha das cales leva ata dous dos escasísimos lagos de orixe glaciar que existen en territorio galego.

A estas rutas acompáñaas a posibilidade de aloxamento nalgúns establecementos de turismo rural que abren as súas portas no concello. Na fermosísima vila de Xares, atópase outro complemento á oferta turística da Veiga: o hotel de tres estrelas 'El Ciervo', que xunto coas súas excelentes instalacións posúe o máis grande couto de caza maior que existe en Galicia, cunha extensión de 2.000 hectáreas, no que é posible organizar monterías e abater preciados trofeos como veados, corzos ou muflóns.

Non rematan aquí os atractivos da montaña. Dende O Barco de Valdeorras parten tamén varias rutas de sendeirismo que permiten coñecer recunchos escondidos do Barco e os concellos limítrofes.

Obviamente, toda esta oferta complétase coa amplitude e fermosura das paisaxes de montaña, co seu aire puro e o seu silencio, valores fuxidíos que cada día se valoran máis. ❦

J.S.


COMARCA DE VALDEORRAS
Igrexa
Fortaleza
Albergue Xuvenil
Casco medieval
Ponte
Castro
Cova
Miradoiro
Ferrocarril
Río Soldón
QUIROGA
LUGO
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
RUBIÁ
O BARCO DE VALDEORRAS
Oulego
Rubiá
Encoro de Penarrubia
Encoro de Sequeiros
A RÚA
Vilamartín de Valdeorras
O Castro
Encoro de Pumares
LEÓN
Encoro de San Martiño
A Rúa
O Barco de Valdeorras
Sobradelo
Encoro de Casoio
Río Casoio
Encoro de Montefurado
Petín
PETÍN
Carballeda
LAROUCO
Larouco
Río Xares
Encoro de Santa Baia
CARBALLEDA DE VALDEORRAS
Río Sollia
Río Valborras
Portomourisco
Río Bibei
O Bolo
Encoro de Prada
Santa Cruz
MANZANEDA
O BOLO
As Ermidas
Encoro de San Miguel
Vilanova
Serra do Eixe
A Veiga
A VEIGA
Río Xares
2.124 m
Pena Trevinca
Serra Calva
Río Corzos
Encoro do Bao
VIANA DO BOLO
ZAMORA
Teixedal
Lago glaciar
Penedo
Praia fluvial
Piscina olímpica
Coto de caza
Casa de Turismo rural
Sendeirismo
Rutas de sendeirismo
SITGA

Actuacións na comarca cara ó futuro

A poboación de Valdeorras concéntrase principalmente no corredor central do Sil, onde as condicións topográficas son máis favorables, mentras que as zonas de montaña experimentan unha evolución máis negativa. Así, O Barco e A Rúa son os dous centros urbans máis importantes.

A base productiva comarcal non é exclusivamente agraria. A escala espacial pódense distinguir tres áreas desde o punto de vista das actividades económicas: Unha área diversificada e máis evolucionada no fondo do val do Sil (O Barco e A Rua); un concello especializado na minería da pizarra (Carballeda) e cun soporte agrario forte; e o resto dos concellos, con excesiva representación dun sector primario pouco desenvolvido. Pode decirse que a explotación das pizarras, a industria química, a comercialización dos viños con denominación de orixe Valdeorras, e a producción hidroeléctrica, constitúen as bases da economía comarcal.

Valdeorras debúxase como un área emerxente no contexto galego, na que os contrastes intracomarcais, non supoñen un freo á elevada capacidade de iniciativa empresarial; antes ben, esta capacidade de iniciativa e organización dos recursos humáns, e a existencia de recursos comarcais son dous pilares básicos das accións de desenvolvemento que cara ó futuro poden acometerse. Neste senso a posición da comarca nos eixes intrarrexionais de comunicacións constitúe un importante apoio.

Para evita-la desertización das áreas máis montañosas precísase acometer unha política favorecedora do equilibrio territorial e que axude a fixar a poboación nestas áreas débiles demográficamente pero que posúen un alto nivel de potencialidades. Pola contra, a forte presión demográfica urbana e industrial que padecen as áreas de val, require, como se sinala no Plan de Desenvolvemento Comarcal de Valdeorras, a posta en marcha de mecanismos de protección para evita-lo proceso de degradación de recursos non renovables.

Se ben a diversificación económica está lograda, debe apuntarse ahora hacia unha especialización territorial, asinando actividades económicas específicas a cada parte do territorio e potenciando as compatibilidades. A abundancia de espacios naturais de alto valor paisaxístico e medioambiental é un recurso de primeiro orden que debe conservarse e potenciarse, acometendo acción nas que se vexan implicados como axentes activos, tanto as administracións como os cidadáns.

O potencial forestal é considerable tanto para a producción de madeira como de novos productos (setas, froitos silvestres...) aínda por explotar. Para recupera-la paisaxe e obter unha productividade ➪

Piragüismo en O Barco de Valdeorras J.S.



A Rúa. Área fluvial J.S

económica hai que realizar repoboacións forestais. Deberá acometerse a explotación comercial do castiñeiro e a súa mellora xenética.

Estreitamente unida ó monte, pódese desenvolver unha gandería ovina -favorecida polos trazos submediterráneos do medio natural-, e bovina que hoxe en día está moi por debaixo das súas posibilidades.

As excelentes condicións para o turismo rural, deportivo e de montaña, permiten pensar na implantación da actividade turística como alternativa ou complemento das economías locais, dun xeito especial nos concellos de montaña que son, na actualidade, os menos desenvolvidos. Preservación e fomento da caza e pesca, fomento dos deportes náuticos, particulamente nos encoros, promoción de rutas ecuestres, sendeirismo, áreas recreativas e itinerarios turísticos, rehabilitación de patrimonio histórico - artístico, recuperación do camiño medieval de peregrinación ás ermidas, mellora das infraestructuras básicas, viarias e de servicios, creación de aloxamentos turísticos de calidade, promoción de festas..., son algúns dos obxectivos que se deben ter en conta e que se sinalan no Plan de Desenvolvemento Comarcal.

No ámbito do sector agrario cómpre incentiva-la calidade dos productos agrarios, potenciar e promocionar cultivos especializados e fomenta-la transformación dos mesmos in situ, creando empresas agroindustriais. Hai que traballar na mellora do sector vitivinícola e incrementa-la súa competitividade, vencellandoo estreitamente coa investigación e fomentando o cooperativismo.

O prezo da riqueza económica xerada polas lousas non debe se-la degradación medioambiental. E cara a gozar dunha boa calidade de vida e a aproveitar no futuro as posibilidades que o medio brinda, hai que mante-la calidade dos recursos naturais evitando a deterioración e corrixindo os impactos ambientais, porque unha verdadeira política de desenvolvemento local non dicotomiza o económicamente rendible do socialmente necesario, senón que debe contribuír a reequilibra-lo contorno. Neste senso é básica a sensibilización da poboación e a súa educación no respecto e preservación do patrimonio natural do que hoxe pode desfrutar.

Hai que promover un desenvolvemento sostible, é dicir, satisface-las necesidades do presente sen poñer en perigo a capacidade das xeracións futuras para satisface-las súas propias necesidades.

Pero á vez hai que sacarlle a máxima rendibilidade a ese ouro negro que é a lousa, mellorando as técnicas de explotación, transformación e a súa promoción, e acometendo un plan de aproveitamento dos subproductos da lousa, apoiándose na investigación.

O Centro Tecnolóxico da Pizarra, sito en Sobradelo (Carballeda) constitúe un punto de partida importante neste proceso. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

15

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xaneiro do 1996

Lemos

Torre do Homenaxe do Castelo de Monforte

José Salgado

A comarca de Lemos

A comarca de Lemos sitúase na área de transición de Galicia das penechairas á dos relevos abruptos, e da Galicia atlántica á que xa amosa trazos de orientalización.

Os 962,40 Km2 pertencen ós seis municipios que a integran (Monforte de Lemos, Bóveda Saviñao, Pantón, Sober e Pobra do Brollón) que, en conxunto tiñan 39.533 habitantes en 1991.

O país de Lemos, chamado así por Otero Pedrayo, é unha comarca individualizada no sur do territorio lucense, tanto por factores naturais como polos históricos ou funcionais.

TOPOGRAFICAMENTE, constitúe unha depresión terciaria, atravesada pola rede de Cabe, e cuns límites tan nítidos como son os os cursos encaixados do Sil e do MIño, polo sur e polo oeste, respectivamente, ademais dos relevos montañosos formados polas serras orientais lucenses e polos bloques elevados que separan esta depresión da de Sarria ou da meseta ⇨



FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L.
Depósito Legal: PO-93/95 ¶

Alfas de Gundivós J.S

➪ lucense. Esta localización, unida á situación na zona de transición da Galicia setentrional coa meridional, configura uns trazos climáticos específicos: elevada oscilación térmica ou néboas de inversión, que extreman as temperaturas invernais.

Os Condes de Lemos exerceron dominio non só sobre estas terras, senón tamén sobre outras veciñas, pero a localización da fortaleza en Monforte vaino definindo como un centro singular e de elevado rango, con xurisdicción sobre o seu contorno.

Coa creación, na primeira metade do pasado século, dos partidos xudiciais, constitúese o de Monforte que, a excepción da Pobra de Brollón, coincidía coa comarca actual; posteriormente, nos cambios realizados, incluíuse ese municipio, ademais doutros colindantes.

Outro tipo de servicios, que tamén implican unha organización territorial, debuxan áreas de dependencia coincidentes coa comarca, e a disposición das vías de comunicación reforzan as relacións do centro principal –Monforte– coas terras da depresión.

Todos estes factores, ríxidos uns, cambiantes outros, contribúen a formaren un nítido espacio comarcal. ❡

Un dos berces da Galicia monacal e nobiliaria

MONFORTE é un dos berces da Galicia máis autenticamente monacal, feudal e mobiliaria e incluso cunhas orixes que poden remontarse a poboadores anteriores ás tribos celtas. Plinio cita como primeiros moradores destas terras ós Lemavos, tamén chamados Lemavi, Lemavus, Lemovios e Lemaborus que tiñan por capitalidade o castro Dactobio, embrión da futura cidade de Monforte. A teoría da orixe celta do nome e tribo dos Lemavos foi desenvolta por Murguía, sen embargo esta idea non é compartida por Ruben García Álvarez, para quen é posible a existencia de pobos indíxenas anteriores ós *celtici*.

Pobra de Monforte

Outro feito decisivo na formación e desenvolvemento da futura cidade é o establecemento da comunidade benedictina no monte de San Vicente, lugar onde se localizaba o castro Dactonio. A comezos do século XII, os condes de Galicia Ramón de Borgoña e dona Urraca concédenlle a Froila Díaz e á súa dona Estefanía Sánchez, señores de Lemos, a refundación de Monforte, tarefa para a que contará coa axuda do abade de San Vicente Miguel II, que cede os terreos do mosteiro situados na falda do monte. En virtude do diploma da fundación, de data 10 de abril de 1104, Ramón de Borgoña creaba a Pobra de Moforte no antigo castro. E manda que ''ó mesmo tempo houbese mercado e feiras, para maior comodidade dos habitantes de Lemos, co fin de que concorresen e habitasen na vila novamente fundada as persoas que quixeran''.

O 30 de xaneiro de 1139, Alfonso VII, a súa dona Berenguela e seus fillos Sancho e Fernando, en recompensa pola terras cedidas polo cenobio para a repoboación da vila, outorgáronlle á comunidade benedictina un privilexio polo que se recoñece a súa xurisdicción sobre todas as igrexas de Monforte, as existentes e as que se levanten no futuro. Alfonso IX, que estivo varias veces en Monforte, e foi moi xeneroso co mosteiro de San Vicente, outorgoulle a este, en 1204, novos beneficios, coa aprobación da cidade, co fin de impedir as desavinzas entre o convento e o concello. Os benedictinos desfrutaron longo tempo do privilexio de nomear alcalde ordinario da vila e de todos os estados de Lemos. Outro capítulo importante na historia monfortina é a chegada e asentamento dunha importante colonia xudía, que aínda se recorda hoxe na rúa das Xuderías. Os xudeos establecidos en Monforte dedicáronse principalmente ó comercio de sedas, panos e praterías e ó exercicio de profesións como a avogacía e a mediciña. Tiveron so eu propio barrio con sinagoga.

Un feito de suma importancia para a cidade foi a construcción e a posta en funcionamento do Colexio de Nosa Señora a Antiga –coñecido tamén pola Compañía–, baixo o pradroado do cardeal monfortino Rodrigo de Castro. Segundo a vontade do seu fundador terá principalmente unha finalidade pedagóxica, de modo especial para os fillos da comarca de Monforte, e será rexentado por xesuítas. Contará con cátedras de Latín, Moral, Arte, etc., ademais dunha escola de nenos de primeiras letras. A escritura de dotación é do ano 1591 e dous anos despois chegaron os xesuítas a Monforte, establecéndose provisionalmente nunha casa, á espera de que as obras de Colexio lle permitisen iniciar o seu labor docente. A Compañía acabou de construírse en case a súa totalidade no ano 1622. Nela interviñeron, primeiro Xoán de Tolosa, arquitecto da escola herreriana de Valladolid. Á morte do cardeal Rodrigo de Castro foi chamado o arquitecto das Angustias de Valladolid, Xoán de Nates, e por último a dirección das obras recaeu no mestre santanderino Simón de Monasterio, que completou o edificio, salvo o patio do século XVIII.

O edificio consta da igrexa, que ocupa a parte central, e de dúas ás, ➪

A castaña, producto típico da comarca J.S

cos seus respectivos patios, un a cada lado do templo. Entre os numerosos tesouros artísticos da Compañía hai que citar dous cadros de El Greco, cinco tallas de Andrés del Sarto, o sepulcro do fundador, de estilo italiano, o retablo principal, obra de Moure, con imaxe de Abraham, a Adoración dos pastores, a Asunción, etc. Consérvase tamén unha copia do cadro de Van Der Goes vendido a un museo alemán. Merece tamén mención a capela das Reliquias, de estilo barroco. Outros edificios destacables son o convento de Santo Domingo, cun claustro toscano, e o de franciscanas descalzas de Santa Clara.

Condado de Lemos

Ineludiblemente no caso de Monforte hai que referirse ó Condado de Lemos, título que segundo Fernández de Bethencourt tivo ''un lustre e unha consideración que ningunha outra casa da grandeza excedeu e que só os maiores igualaron''. O condado de Lemos pode ser así considerado, cos de Trastamara e Sarria, como á máis antiga dignidade nobiliaria concedida polo monarcas da dinastía castelá-leonesa. O primeiro conde de Lemos, Trastamara e Sarria foi Alvar Núñez Osorio, señor de Cabrera e Ribera, camareiro e mordomo maior do Rei Alfonso XI, e seu gran privado. A actual e XXII Condesa de Lemos é María do Rosario Cayetana Fitz-James Stuart y Silva, filla única dos anteriores condes, XVIII Duquesa de Alba, XI de Berwick y de Liria y Jérica, Duquesa de Arjona y de Hijar, Condesa-Duquesa de Olivares, Marquesa de San Vicente del Barco, del Carpio, de Coria, de Eliche, de la Mota, etc, dezasete veces grande de España. ❦

Casa típica en Couso, na Pobra de Brollón J.S

Monforte loita por recuperar poboación

PESE ós distintos avatares económicos que sufriu nos últimos corenta anos, Monforte loita de novo por volver á senda do crecemento demográfico. De feito, no censo de 1991 é o único municipio dos seis que conforman a Terra de Lemos que rexistra un número de habitantes, 20.510, superior ó anotado en 1981 (19.382).

Desde o punto de vista demográfico, o municipio de Monforte presenta tres etapas diferenciadas no que vai deste século. Xusto na primeira metade, a poboación aumenta intermitentemente, e así pasa de ter 12.912 habitantes en 1900 a 21.682 en 1950, o que supón en termos relativos unha taxa de crecemento do 68 por cento. Xusto ó pasar a raia do medio século, a cidade do Cabe empeza a sufrir unha perda de poboación continuada, provocada por distintas crises económicas locais e máis pola explosión da emigración en todo o país galego; iso fai que de 21.682 habitantes que tiña en 1950, Monforte pase a 19.382 en 1981. E, a partir de aquí, rompe a tendencia negativa e inicia un camiño de recuperación, axudadó polos movementos migratorios internos dentro da propia comarca e coincidentes coas tendencias urbanas das novas xeracións.

Crecemento negativo

Como xa apuntabamos ó inicio, o resto dos municipios da comarca de Terra de Lemos ten un crecemento demográfico negativo. Bóveda tiña 4.398 persoas no ano 1900, consegue o seu mellor resultado en 1940 (4.752) e a partir de aí inicia unha caída que o leva a rexistrar 2.320 habitantes no ano 1991. Pantón era a principios do século XX o municipio máis poboado da comarca, con 12.988 persoas, unha cifra tres veces e un cuarto maior que a actual, 4.005 habitantes. Pobra de Brollón inicia o século con 7.992 habitantes e tras unha serie de pequenas alteracións para arriba a para abaixo, en 1950 obtén o seu mellor rexistro con 8.116 persoas, pero a partir de aquí comeza un descenso continuado ata os 3.244 habitantes de 1991. O Saviñao pasa tamén por tres etapas distintas. Nas tres primeiras décadas mantense en torno ós 11.000 habitantes, nas tres décadas seguintes está por riba dos 12.000, e de 1970 a 1991 cae en picado ata as 5.773 persoas. En Sober a poboación aumenta con lixeiras oscilación ata 1940, ano en que ten o seu mellor rexistro, 10.022 habitantes, e de aí en adiante vai perdendo poboación ata os 3.681 do censo de 1991.

En conxunto, Terra de Lemos pasa por dúas etapas, medra demograficamente desde 1900 (58.592) ata 1940 (66.562) e perde poboación ata 1991, que anota 39.533 habitantes. ➪





Mazorcas en Eire, Pantón J.S

⇨ En canto á estructura de poboación por sexos, a comarca presenta un descenso da taxa de masculinidade, ó pasar do 95,0 por cento en 1986 ó 93,6 en 1991. Para esas mesmas datas de referencia, Terra de Lemos anota 21.747 homes e 19.211, respectivamente, mentres que o número de mulleres é de 22.902 e 20.458. Nos dous casos, descende o número de persoas, se ben o dos homes en maior proporción có de mulleres.

Dentro da tónica xeral que amosa a demografía galega, a taxa de natalidade presenta un descenso estimable na última década. De 1981 a 1986 a taxa de natalidade para Terra de Lemos é do 7,3 e de 1981 a 1991 rexistra o 5,8. No caso de Monforte tamén se produce un descenso, do 9,2 ó 7,0, se ben este índice segue estando por riba da media comarcal e provincial.

Nos mesmos períodos sinalados, a taxa de mortaldade aumenta lixeiramente do 13,3 ó 13,7. E é particularmente elevada no municipio de Sober, 17.1. En Monforte a penas hai variacións, 12,2 e 12,3. A consecuencia dunha taxa de mortaldade superior á taxa de natalidade é un crecemento vexetativo negativo, que pasa do -6,0 ó -7,9. No caso específico de Monforte, as cifras de crecemento vexetativo negativo (-5,3) indican que o municipio a compensa coa chegada de xente procedente doutras zonas da comarca. De feito, Monforte concentra o 52 por cento da poboación total de Terra de Lemos, unha comarca cunha taxa de fecundidade do 29,81.

En 1991, o número de mulleres comprendidas entre os 15 e os 49 anos era de 7.312 e o número de nacidos nese mesmo ano foi de 218, en Monforte 133. ¶

POBOACIÓN DE FEITO DE 1900 A 1991 COMARCA DE TERRA DE LEMOS

CONCELLO	1.991	1.981	1.970	1.960	1.950	1.940	1.930	1.920	1.910	1.900
BÓVEDA	2.320	3.244	3.144	3.733	4.143	4.752	4.629	4.583	4.199	4.398
MONFORTE DE LEMOS	20.510	19.382	19.528	20.741	21.682	21.264	15.453	14.076	13.838	12.912
PANTÓN	4.005	5.823	6.954	8.439	10.010	10.797	10.217	12.279	12.407	12.988
POBRA DE BROLLÓN (A)	3.244	3.338	3.995	5.444	8.116	7.132	6.864	7.372	7.672	7.992
SAVIÑAO (O)	5.773	7.261	8.534	12.083	12.144	12.595	10.771	11.207	11.138	11.182
SOBER	3.681	4.786	6.818	8.064	9.127	10.022	9.413	9.095	9.352	9.120
TOT COMARCAL	39.533	43.834	48.973	58.504	65.222	66.562	57.347	58.612	58.606	58.592

A terciarización dunha economía agroalimentaria

A mediados deste século, Monforte era un dos enclaves industriais de Galicia, favorecido pola penetración do ferrocarril na comunidade autónoma, a instalación dos Talleres de Renfe, e o desenvolvemento dunha industria chacinera, do calzado e da cerámica, vencellada ó sector primario. Co traslado dos Talleres de Renfe a Ourense, iníciase un ronsel de crises sucesivas ata case finais da década dos anos oitenta, que irán provocando cambios profundos no seu sistema económico. Esta situación viuse agravada polo feito de que non existise unha iniciativa empresarial de relevo e pola falta dunhas boas vías de comunicación que conecten o Val cos grandes centros de decisión do resto de Galicia e de España, segundo xa ten apuntado Xosé Manuel Rey Nóvoa en distintos traballos realizados sobre a Terra de Lemos.

Vías de comunicación

Toda esta situación leva a que a mediados da década dos oitenta se inicie un lento proceso de readaptación dos sectores productivos no que dous aspectos parecen dominar con claridade: dunha banda, acentúase o papel nuclear para a comarca da cidade de Monforte como centro comercial e de servicios administrativos e doutro a producción agraria e gandeira dos outros cinco municipios que conforman Terra de Lemos vira cara á especialización en función da demanda da industria agroalimentaria. Evidentemente, este novo impulso de desenvolvemento precisa da axuda da mellora definitiva das comunicacións viarias da comarca co exterior, a Galicia Atlántica e a Meseta, como tamén ten apuntado Rey Nóvoa.

En termos xerais, pois, o sector primario e o sector servicios acollen o 80 por cento da poboación ocupada, se ben cunha tendencia diverxente en ámbolos dous, pois mentres o primeiro perde entidade o segundo auméntaa. De 1981 a 1991, o campo pasa de ter o 56 por cento da poboación ocupada ó 42,47. En valores absolutos, o sector primario dálles traballo 5.592 persoas, das que as máis son mulleres (2.804). Para esas mesmas datas de referencia, o sector terciario evoluciona do 27,96 por cento da poboación ocupada ó 37,94, co que na actualidade acolle máis de 5.000 persoas, das que 1.822 son mulleres e 3.181 son homes.

No sector industrial a penas se produciron variacións en canto ó número de poboación ocupada: en 1981, a porcentaxe era do 9,69 e dez anos máis tarde do 9,53. A industria dálles traballo a 1.256 persoas, das que 1.021 son homes.

A Construcción gaña peso no conxunto. En 1981 ocupaba o 6,28 por cento e en 1991 o 10,06. En total, 1.327 persoas, das que só 43 son mulleres.

En total, a poboación ocupada en actividades económicas na Terra de Lemos é de 13.186 persoas, das que 8.282 son homes e 4.904 son mulleres. Das mulleres, máis da metade –o 57 por cento– traballa no campo e unha parte cada vez maior no sector servicios, o 37 por cento. No caso dos homes, a maoría está nos servicios (38 por cento), relegando ó segundo posto o sector agrario (34%).

Taxa de actividade

A taxa de actividade por grandes grupos de idade concéntrase nas persoas comprendidas entre os 25 e 54 anos, que representan o 71,17 por cento. A continuación está o grupo comprendido entre as persoas que teñen entre 55 e 64 anos, cunha taxa do 56,71. Entre 16 e 24 anos, a taxa de actividade é do 38,64, bastante por debaixo da media provincial (45,31). A taxa de actividade do grupo maior de 65 anos non chega ó 12 por cento, pero en todo caso duplica a media galega (5,55) e, de xeito particular, é moi alta nos municipios do Saviñao (23,69) e no de Sober (35,35). A taxa total de actividade é do 45,15, tamén por debaixo da media provincial (50,47) e galega (49,18).

Diomondi, no Saviñao J.S

SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



⇨Obviamente, dentro da tendencia xeral das vocación productivas predominantes en Terra de Lemos –campo e servicios– existen variacións segundo o municipio de que se trate.

BÓVEDA. Entre 1981 e 1991 prodúcense cambios de relevo na súa estructura productiva, cunha perda da importancia do sector agrario e, proporcionalmente, un incremento do peso dos otros sectores. Na agricultura, a poboación ocupada cae do 59,55 por cento ata o 46,05; desa perda de trece puntos resultan máis favorecidos o sector terciario, que avanza do 22,98 por cento da poboación ocupada ó 28,47 e a construcción que pasa do 2,96 ó 8,45 por cento. A industria tamén medra algo, do 14,50 ó 17,03 %. Na actualidade traballan no campo 338 persoas, das que 176 son mulleres. Na industria hai 125 persoas, das que 109 son homes. A construcción ocupa 62 persoas, 4 delas mulleres. Os servicios dánlles traballo a 128 homes e a 81 mulleres. En total, a poboación ocupada é de 734 persoas, 457 homes e 277 mulleres. Por grupos de idades, a taxa de actividade é moi superior na poboación con idades comprendidas entre os 25 e 54 anos, cun 70,27, seguida a continuación polos situados entre 55 e 64 anos, 58,66. Entre 16 e 24 anos, a taxa é do 40,40 e para os maiores de 65 anos rexistra un 4,01. En total a taxa de actividade é do 40,59.

MONFORTE. Tradicionalmente, a cidade do Cabe sempre distinguiuse por ser o centro comercial da comarca, pero a importancia do sector terciario viuse aumentada nos últimos anos pola oferta dunha variada gama de servicios públicos, entre os que hai que subliñar o Hospital Xeral. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector servicios pasou de representar 50,20 por cento ó 63,47. Esa terciarización da economía monfortina estivo emparellada cunha perda de entidade do sector agrario, que para a década citada pasou de ter o 26,80 por cento da poboación ocupada ó 12,28. Un dato que fala por si só, na medida en que a media da provincia de Lugo está no 43,35 e a galega no 23,71. O sector industrial sufriu un pequeno retroceso, desde 13,51 por cento ó 11,72. Pola contra, a construcción presenta un lixeiro avance: do 9,49 ó 12,53 por cento.

En termos absolutos, os servicios ocupan a 3.607 persoas, das que 2.335 son homes e 1.272 son mulleres. O sector agrario dálles traballo a 402 homes e a 291 mulleres. Na industria, das 666 persoas que ocupa 110 son mulleres. E na construcción hai unha maioritaria presencia de homes, 696 das 712 persoas que nel traballan. En total, a actividade económica en Monforte dálles ocupación a 5.683 ⇨



persoas, das que 3.994 son homes e 1.689 mulleres. A taxa de actividade concéntrase no grupo de idade comprendido entre os 25 e 54 anos, 66,98, seguido dos que teñen entre 55 e 64 anos, 44,55. Na poboación comprendida entre 16 e 24 anos, a taxa de actividade é do 34,87 e só do 3,27 nos que teñen máis de 65 anos. A taxa total de actividade sitúase no 41,60.

PANTÓN. Na década dos anos oitenta sofre un dos máis fortes procesos de desagrarización dos municipios da comarca, de modo que a súa poboación ocupada cae do 82,91 por cento ó 59,00, case 24 puntos menos. Parellamente cobran importancia os servicios e a construcción. Na construcción, pasa de ter o 5,01 por cento da poboación ocupada ó 12,88. E nos servicios, salta do 6,69 ó 21,17 %. A industria ten un lixeiro incremento do 5,39 por cento ó 6,95. En valores absolutos, o campo dálles traballo a 747 persoas, das que 382 son homes e 365 mulleres. Os servicios ocupan na actualidade a 268 persoas, repartidas por sexos en 152 homes e 116 mulleres. Na construcción traballan 163 persoas, das que só 7 son mulleres. E a industria dálles ocupación a 69 homes e a 20 mulleres. En total, a actividade económica en Pantón ocupa 1.266 persoas, das que 758 son homes e 508 son mulleres.



Santo Estevo de Ribas de Miño J.S

O grupo de idade con maior taxa de actividade e ó comprendido entre os 25 e 54 anos, con 70,76. Para os situados entre os 55 e 64 anos, a taxa de actividade é dun 58,61 e do 40,50 para o grupo de idade entre 16 e 24 anos. Nos maiores de 65 anos, a taxa queda nun 7,29. A taxa de actividade total para o municipio de Pantón supera lixeiramente o 40.

P. DE BROLLÓN. Os cambios de importancia na estructura productiva no caso da Pobra de Brollón son semellantes ós xa apuntados con Pantón.

É dicir, perde entidade o sector primario e gáñana o sector servicios e máis a construcción, pero pese a todo iso segue sendo un municipio eminentemente agrario, no plano

COMARCA DE LEMOS

CONCELLO	POBOACIÓN OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE 1981				POBOACIÓN OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE 1991			
	% SECTOR PRIMARIO	% SECTOR INDUSTRIA	% SECTOR ONSTRUCCIÓ	% SECTOR TERCIARIO	% SECTOR PRIMARIO	% SECTOR INDUSTRIA	% SECTOR CONSTRUCCIÓN	% SECTOR TERCIARIO
BÓVEDA	59,55	14,5	2,97	22,98	46,05	17,03	8,45	28,47
MONFORTE DE LEMOS	26,8	13,51	9,49	50,2	12,28	11,72	12,53	63,47
PANTÓN	82,91	5,39	5,01	6,69	59	6,95	12,88	21,17
POBRA DE BROLLÓN (A)	86,14	4,17	0,7	8,99	61,12	7,83	6,66	24,39
SAVIÑAO (O)	80,09	3,59	4,11	12,21	73,9	4,87	6,87	14,36
SOBER	58,68	14,31	6,13	20,88	67,65	9,28	7,71	15,36
TOT COMARCAL	56,06	9,69	6,29	27,96	42,47	9,53	10,06	37,94

Colexio da Compañía, en Monforte J.S.

económico como social. De 1981 a 1991, o sector primario pasou de ter o 86,14 por cento da poboación ocupada ó 61,12, o que supuxo unha perda de 25 puntos, a maior da comarca. Para ese mesmo período de tempo, o poboación ocupada no sector terciario medrou do 8,99 ó 24,39 por cento e a construcción pasou de a penas ter presencia a darlle traballo ó 6,66 por cento. O sector industrial medrou algo, do 4,17 por cento ó 7,83. En termos absolutos, agricultura e gandería danlles ocupación a 678 persoas, das que 352 son homes e 326 mulleres. Nos servicios traballan 161 homes e 110 mulleres. Na construcción, das 74 persoas que ocupa só 4 son mulleres. En na industria hai 72 homes e 15 mulleres. En total, o municipio de Pobra de Brollón dálles ocupación a 1.111 persoas, das que 656 son homes e 455 mulleres. Os comprendidos entre 25 e 54 anos teñen unha taxa de actividade do 76,42, mentres que o grupo que vai dos 55 ós 64 anos e do 65,77. Para os situados entre 16 3 24 anos, a taxa de actividade é do 39,80 e para os maiores de 65 anos do 3,19, a máis baixa de Terra de Lemos. A taxa de actividade total sitúase no 43,69.

O SAVIÑAO. Nos dez anos que van desde 1981 a 1991, as cifras de poboación ocupada confirman que o sector agrario a penas perde protagonismo no municipio do Saviñao: se en 1981 tiña unha poboación ocupada do 80,09 por cento, dez anos máis tarde esta é do 73,90. Consecuencia desta estabilidade é que o resto dos sectores avanzan pouco. O terciario pasa de ter o 12,21 por cento da poboación ocupada ó 14,36; a construcción pasa do 4,11 ó 6,86 por cento e o sector industrial gaña peso do 3,59 ó 4,87 por cento. En valores absolutos, o sector primario ocupa 1.970 persoas, nas que o número de mulleres (988) é superior ó número de homes (982). O sector servicios dálles traballo a 237 homes e a 146 mulleres. A Construcción ocupa a 193 persoas, das que só 5 son mulleres. E a industria acolle 89 homes e 41 mulleres. En total a actividade económica no municipio do Saviñao dálles ocupación a 2.667 persoas, das que 1.487 son homes e 1.180 son mulleres. En canto á actividade por grandes grupos de idade, O Saviñao alcanza a maior taxa para os comprendidos entre os 25 e 54 anos, cun 83,01, superior ó resto dos municipios que conforman a comarca de Terra de Lemos. A taxa de actividade é tamén alta no grupo de idade entre 55 e 64 anos, 74,88 e outro tanto pode dicirse para o grupo comprendido entre os 16 e 24 anos, cunha taxa do 55,44, igualmente superior ó resto dos municipios da comarca. Para os maiores de 65 anos, a taxa é comparativamente alta, sitúase no 23,69. A taxa de actividade total do municipio doO Saviñao alcanza o 56,76, sendo a maior de Terra de Lemos.

SOBER. Fronte ó resto dos municipios de Terra de Lemos, Sober presenta unha diferencia digna de mención, a importancia do sector primario medra na década dos anos oitenta e pasa de ter o 58,68 por cento da poboación ocupada en 1981 ó 67,65 en 1991, case nove puntos máis. Ó mesmo tempo, Sober é o único municipio da comarca onde para este período a importancia do servicios cae e pasa de ter o 20,88 por cento da poboación ocupada en 1981 ó 15,36 por cento en 1991. Igualmente, a industria perde protagonismo, pois se en 1981 tiña o 14,31 por cento da poboación ocupada, dez anos máis tarde dálle traballo a só o 9,28. A construcción, sen embargo, medra lixeiramente ó pasar do 6,12 ó 7,71 por cento da poboación ocupada.

En termos absolutos, o sector agrario acolle unha poboación ocupada de 1.166 persoas, sendo a maioría mulleres (658) que homes (508). Nos servicios traballan 265 persoas, das que 168 son homes e 97 mulleres. Das 133 persoas ás que lles dá ocupación a construcción, só 7 son mulleres. E na industria traballan 127 homes e 33 mulleres. En total, a actividade económica do municipio de Sober dálles ocupación a 1.725 persoas, das que 930 son homes e 795 mulleres.

Por grupos de idades, o comprendido entre os 25 e 54 anos alcanza unha taxa de actividade do 75,89 por cento, situándose a continuación o que vai dos 55 ós 64 anos con 72,17. No caso do grupo maior de 65 anos, Sober ten a taxa maior da comarca con 35,35, que multiplica por cinco a media provincial e por sete a galega. Para os comprendidos entre os 16 e 24 anos, a taxa de actividade é do 35,62. A taxa de actividade total para o municipio de Sober é do 45,15.

Paisaxe en Pobra de Brollón J.S

Nivel de instrucción

Á hora de valorar as posibilidades de desenvolvemento da comarca un dos datos a ter en conta é o nivel de formación da súa poboación, medido no seu nivel de instrucción. Terra de Lemos ten unha baixa porcentaxe de poboación analfabeta (3,60 por cento), se ben algo superior á media provincial (3,24) e galega (3,06). O 40,33 por cento da poboación da comarca no ten estudios; o 29, 21 por cento ten certificado de estudios de primeiro grao; o 22,92 por cento da poboación ten un nivel de segundo grao e o 3,9 alcanza un nivel de estudios superiores, por debaixo da media provincial (4,5) e galega (5,1 por cento).

Por municipios, en Bóveda o 1,83 por cento de poboación é analfabeta, o 55,15 % está sen estudios, o 17,16 alcanza o nivel de primeiro grao, o 23,13 de segundo grao e o 2,73 por cento de terceiro grao. En Monforte, o 2,41 por cento da poboación é analfabeta; o 22,76 no ten estudios; o 40,11 conta con estudios de primeiro grao; o 29,01 alcanza o nivel de segundo grao e o 5,71 da poboación –a porcentaxe máis alta da comarca– alcanza o terceiro grao. En Pantón, o 6,22 por cento de poboación é analfabeta, o 64,19 non ten estudios, o 12,42 ten estudios primario, o 15, 19 ten estudios de segundo grao e o 1,98 de terceiro grao. En Pobra de Brollón o 3,93 por cento da súa poboación é analfabeta; o 51,84 % está sen estudios; o 17,08 ten estudios de primerio grao e o 17,45 de segundo grao; e só o 2,89 conta con estudios superiorres. En o Saviñao o 7,19 da súa poboación é analfabeta; o 51,84 non ten estudios; o 22,88, de primeiro grao. En Sober o 2,12 da súa poboación é analfabeta e o 61,83 no ten estudios. ❦

A variedade de Lemos

Comarca de paisaxes variadas, igualmente Lemos ten unha boa diversidade de atractivos para os visitantes, artesanía, sendeirismo, viaxes nun catamarán ou mesmo a contemplación da arte.

A fortuna fai desta comarca un bo compendio do que ofrece a terra de Galicia

QUIZABES é mellor encomezar falando da cabeza de comarca, Monforte, que xurdiu sobre o outeiro da vella cidadela de Dactonium, que cita Ptolomeo.

Precisamente ese outeiro, emerxente entre a vila moderna, xa mais urbana, é a imaxe máis coñecida sen ningunha dúbida da comarca.

Alí atópanse dous dos seus monumentos máis importantes: o mosteiro de San Vicente do Pino e restos do antigo castelo dos Lemos, nos que destaca a fermosa torre da homenaxe.

Nese lugar tense previsto a futura rehabilitación dun parador nacional de turismo. Na parte baixa desta vila continúan as agradables sorpresas.

O chamado, con motivo, 'Escorial galego', o Colexio da Compañía (S.XVI), que impresiona polas súas dimensións e elegancia arquitectónica.

No recollido convento das Clarisas atópase un interesante Museo de Arte Sacra, a carón da Ponte Vella, din que de orixe romana, que atravesa o río Cabe nun fermoso recuncho da vila.

Quedan cousas por ver, toda a zona vella, a praza de España, con algúns vellos casaróns nobiliarios e máis cousas que sempre é mellor descubrir in situ.

Para quen despois de ter percorrido as rúas e recunchos monfortinos desexe coñecer o resto da comarca, decidir o punto cardinal cara ó que encamiñarse pode ser un sarillo.

Quizais sexa bon comezar polo norte, polos concellos de Bóveda da Pobra de Brollón, quizais menos coñecidos ca outros, pero cuns importantes valores, sobre todo paisaxísticos. Polo noroeste os dous concellos se converten en montañosos, intrincados, íntimos.

AS augas que traen os ríos veñen do Incio, do Caurel. Nos dous municipios téñense acondicionado recentemente rutas de sendeirismo para coñecer diversos montes e aldeas, castro e bosques, que permanecen no olvido. Acompañando a isto, existen dúas casas de turismo rural, na Pobra (a 'Salanova', en Salceda) e en Bóveda ('A Forxa', próxima á súa apertura). A Forxa acaba de facer a restauración dun vello mazo hidráulico, similar ao célebre de Compludo, nas montañas leonesas. Hai que recomendar pois a visita destes municipios, a paisaxe de Bóveda, a singularidade da Pobra de Brollón, que se atopa nunha illiña, casaríos coma o de Parada de Montes ou a ponte romana sobre o río Lor o merecen.

De volta a Monforte seguen quedando diversas posibilidades. Amén da célebre 'Ribeira Sacra', da que se fará mención especial, pode o visitante tirar cara a Sober e descubrir os oficios de antaño: o de facer bo viño, tal é o caso dos veciños de Amandi, as súas vides, din, eran xa apreciadas na decadente Roma antiga. E para ter o viño fresco, nada mellor que unha xarra das que fan en Gundivós, pequeno reducto alfareiro, peculiar por ser dos últimos en España que traballan cun torno de man, e polo aspecto mouro das 'olas', 'escorrecubas' e demais. En Sober, tamén abriu as súas portas a 'Casa grande de Rosende', fermoso establecemento de turismo rural que acolle aos viaxeiros. Tamén no Saviñao, nas beiras miñotas se faimoi bo viño, rival sempre do de Chantada. Este municipio, ademais dos monumentos inscritos na 'Ribeira Sacra' conta con algúns interesantes atractivos: A Pousada Torre Vilariño, fermoso edificio dedicado a turismo rural, 'Casa Vilamor' (tamén turismo rural) a praia fluvial de Acova, no Miño, fronte ao 'Cabo do Mundo', nun amplo meandro do río. Antes de falar da 'Ribeira Sacra', por último, recordar que aquí non se esgotan as moitas cousas por ver na comarca, o fermosísimo Pazo de Tor, a igrexiña de Seteventos... nin as actividades lúdicas, un paseo en catamarán polo Miño ou o Sil ou quizais o parapente nas altas serras de Bóveda ou na Pobra de Brollón.

A chamada 'Ribeira Sacra', que non só abrangue a comarca de Lemos, senón tamén as de Chantada, Ourense e Caldelas principalmente é unha especie de fenómeno máxico, unha unión sublime entre as paisaxes de enorme fermosura: os canóns do río Miño e do Sil, e a arte románica, o románico galego-compostelán, ás veces rústico pero igualmente interesante outras. Comezando por Santo Estevo de de Miño, que semella suspendido sobre o río, emerxendo entre un vello souto de castiñeiros, indo cara ó sur, Diomondi, Acova, Pantón, co seu castelo e o monasterio de Ferreira... San Miguel de Eire, construcción realmente singular nun conxunto singular, Atán, Pombeiro, Lobios...

A lista é moi longa. O número de monumentos visitables, perfectamente sinalizados supera doadamente as varias decenas. Xunto a esta explosión de arte medieval, que ten que coñecerse paso a paso, ábrense diversos miradoiros sobre a indescritible beleza do canón do Sil, con centenares de metros de caída sobre o curso nalgúns tramos.

Igualmente, para os que gusten do sendeirismo, en toda a Ribeira Sacra existen rutas sinalizadas que unen uns monumentos cos outros. Para o que vaia escaso de tempo podería recomendarse un dos sendeiros, o que vai, entre máxicos castiñeiros de Sto .Estevo de Ribas de Miño a Diomondi, e despois baixa ata Belesar por un camiño enlousado que se cre é unha vedraña calzada que os romanos deixaron no noso país. ❡


COMARCA DE
TERRA DE LEMOS
SITGA
PARADELA
SARRIA
TABOADA
Embalse de Belesar
O INCIO
SAMOS
Encoro de Vilasouto
Remesar
Teilán
Penacova
Río Sarridelo
O SAVIÑAO
Aiaz
BÓVEDA
Santo Estevo de Ribas de Miño
Bóveda
Río Pesqueira
Serra da Trapa
C - 533
CHANTADA
San Paio de Diamondi
O Saviñao
Río Mao
A POBRA DE BROLLÓN
FOLGOSO DO COUREL
San Xoán da Cova
Coureiro
Río Miño
Cabe
Colexio do Cardenal
San Pedro de Ribasaltas
A Pobra de Brollón
Paramedela
Río
Convento das Clarisas
Río Lor
Castillón
San Miguel de Eiré
"Augas Santas"
Monforte de Lemos
PANTÓN
Río Cabe
O COUREL
Pantón
Real Mosteiro das Bernardas Cistercienses
MONFORTE DE LEMOS
CARBALLEDO
Encorno de Os Peares
Santo estevo de Atán
San Fiz de Cangas
Sober
N - 120
San Vicente de Pombeiro
Gundivós
Santa María de Laparte
RIBAS DE SIL
SOBER
Santa María de Proendos
(Sober)
Río Sil
Cañón do Sil
Santuario de Cadeiras
San Salvador de Lovios
Amandi
OURENSE
Encoro de Santo Estebo
NOGUEIRA DE RAMUÍN
CASTRO CALDELAS
SAN XOÁN DE RÍO
PARADA DE SIL
A TEIXEIRA
Mosteiro
Igrexa
Pazo
Casa de turismo rural
Torre
Ponte
Fonte
Artesanía
Miradoiro
Praia fluvial
Catamaráns
Piragüismo
Sendeirismo
Parapente
Bodegas
Ruta do románico da Ribeira Sacra
Ferrocarril
Estatal
Primaria complementaria
Resto de estradas
Primaria básica

Actuacións na comarca cara ó futuro

UNHA das maiores restricciónsó desenvolvemento que ten Terra de Lemos é o continuo despoboamento que vén rexistrándose de modo continuado nos últimos anos. Por outra parte, a perda da función de Monforte como centro ferroviario, ou a falta de adecuación dun tecido empresarial ás novas demandas do mercado contribuíron así mesmo a frea-la actividade económica da comarca. Sen embargo todo iso, debe servir de incentivo e de acicate para utilizar adecuadamente as vantaxes diferenciais de Lemos –que non son poucas– e diversifica-la súa base económica, pero no marco das novas demandas do mercado.

A elevada accesibilidade desta comarca é unha das vantaxes de Terra de Lemos. Esta vénlle dada pola confluencia en Monforte do acceso central a Galicia (Valdeorras - Lalín - Santiago) co eixe norte-sur, que enlaza Asturias con Portugal a través de Lugo e de Ourense. A iso hai que uni-lo ferrocarril, como outro dos modos de conexión Galicia-Meseta.

Esta singularidade debe converterse en factor de atracción para actividades onde a distribución sexa importante, beneficiándose así das características deste territorio.

O carácter urbano de Monforte é igualmente outra vantaxe a aproveitar. Por unha parte, complementa o aspecto anterior, xa que non só cabe falar de accesibilidade senón tamén da existencia dun centro que, polo seu rango no sistema de asentamentos de Galicia está preparado para acolle-las potenciais actividades económicas. Xa actualmente esta cidade é centro de equilibrio rexional, e conta con servicios especializados foito da descentralización á que se está asistindo nestes últimos anos.

Nesta liña, e para que estas vantaxes se estendan a toda a comarca, é preciso consolida-la rede comarcal de asentamentos, o que levará a mellora-la calidade de vida da poboación e a favorece-lo acceso ós servicios.

A tradición industrial de Monforte en determinadas ramas de actividade deu lugar á existencia tanto de empresarios como de man de obra cualificada e aínda que neste momento xa non se adecua ás novas demandas que o mercado esixe, constitúen uns activos ➪

Torre Vilariño no Saviñao J.S

Vista do Miño na Coba J.S

➪ que é preciso aproveitar por medio da reciclaxe, a formación e a información sobre novas posibilidades empresariais.

Nese marco de referencia, Terra de Lemos ten un recurso potencial de particular importancia. Referímonos ó turístico. A valoración que hoxe se fai dos espacios rurais por parte da pobación urbana converte esta comarca nun territorio de especial interese, por reunir unha riqueza histórica e monumental impresionante, nun marco paisaxístico singular: a Ribeira Sacra. Deben aunarse esforzos co fin de establecer un plan conxunto de actuacións, e 'vender' así este producto artístico, non só no ámbito rexional senón superando as fronteiras: actuacións tales como sinalización, descrición de itinerarios, oferta hoteleira de diferentes categorías, centros de información e guías, organización de actividades complementarias e outras deben formar parte dun producto único para a súa promoción e venda.

Estas posibilidades, unidas a un mellor aproveitamento dos recurso primarios (preferentemente o forestal), servirán para diversifica-la base económica de Terra de Lemos de cara ó futuro. ❡

XUNTA DE GALICIA

16

Comarcas

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Febreiro do 1996

Ulloa

Castelo de Pambre

José Salgado



A comarca da Ulloa

A Ulloa é unha comarca situada no corazón de Galicia, na confluencia das provincias de Lugo –á que pertence–, Pontevedra e A Coruña. Fórmana só tres municipios –Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla– pero a súa extensión é considerable (447,6 km2), mentres que non ocorre o mesmo coa súa poboación, xa que en 1991 contaba con 12.912 habitantes, distribuídos en algo máis de 500 entidades de poboación, a maioría delas de moi pequeno tamaño; a gran dispersión do hábitat reflectida nestes valores é un dos trazos da comarca, que segue as pautas de poboamento características da provincia de Lugo.

A principal singularidade que fai deste territorio un conxunto integrado é o constituí-lo nacemento do río Ulla, nas altas terras da Dorsal Gallega. Por iso, Otero Pedrayo a denomina País do Alto Ulla ou Ulloa, comarca xeográfica constituída polos tres municipios ós que antes se fixo mención. Topograficamente, estas terras dispóñense a xeito de anfiteatro aberto cara ó oeste polo val do Ulla. Os montes de Vacaloura (ó leste) sepárana da Terra de Lugo; os somontes da serra do Faro fano da Terra de Chantada e do Deza (ó sur); e o alto val do Ulla –entre as serras de Careón e Farelo– comunica A Ulloa coa Terra de Melide. Ese conxunto de elevacións actúa de divisoria de augas entre as concas do Miño e do Ulla.

Esta corrente fluvial, que lle dá nome á comarca, recibe as augas de numerosos regueiros que van engordando a súa canle, e en terras de Palas recolle o Pambre, converténdose así nunha das principais arterias de Galicia.

A Ulloa é terra de castelos e pazos que exerceron dominio sobre a zona. Pambre é na actualidade a fortaleza máis representativa da comarca, e son múltiples os pazos que aínda hoxe conservan o seu porte señorial. O norte desta terra está percorrido polo Camiño de Santiago, o que lle deu un gran esplendor no medievo. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío Barreiro
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

A vocación gandeira dunha área con boas feiras

A comarca da Ulloa, que abrangue a conca alta do Ulla, distínguese hoxe en día polo desenvolvemento da súa gandería e polas boas feiras mensuais que se celebran en Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla, onde ás transaccións comerciais se une unha boa oferta culinaria, a base dos pratos máis típicos do interior de Galicia, no que á caza se suman as carnes e os peixes de río.

Se xa antes da romanización da comarca, a súa base económica era fundamentalmente agropecuaria, nos últimos vintecinco anos esta tendencia decantarase en prol das explotacións gandeiras, entre as que destaca o gando bovino e o porcino. A Ulloa é unha das zonas onde aínda poden contemplarse as vacas de raza rubia galega, pese a que cada vez é maior a presencia doutras razas como a frisona e a pardo alpina. En porcos, a maioría das cabezas divídense entre as especies industriais, como a Landrace e Large-White.

Camiño de Santiago

Nos anos oitenta aumentou o cultivo do maínzo e mais do trigo e diminuíu o do centeo, así como o da pataca.

Historicamente, algúns autores sinalan a explotación de recursos metálicos ferruxinosos nalgúns puntos do val de Ferreira, coa romanización, e o establecemento de ferrerías que alongarán a súa actividade ata a Idade Media.

Sartego en Vilar de Donas J.S



Precisamente coa Idade Media principiará un período longo de prosperidade para a comarca ó converterse nun lugar de paso dos peregrinos que van cara a Santiago e, en consecuencia, integrarse no seu Camiño. Froito diso son os hospitais de peregrinos de Ligonde (Monterroso) e Gresulfe (Palas de Rei) e o florecemento do románico rural en toda a zona que quedará plasmado en case corenta igrexas entre as que cómpre destacar a de Vilardonas e a capela de San Lourenzo de Pedraza, arquitectonicamente relacionada coa obra que logo desenvolveu o Mestre Esteban na catedral de Santiago de Compostela. En consecuencia o rexurdir do Camiño xacobeo é un factor positivo para a comarca. ❦

A metade da poboación que tiña en 1940

A comarca da Ulloa sofre desde o ano 1940 unha perda de poboación continuada, de xeito que hoxe ten a metade de poboación, 12.680 habitantes, que tiña 50 anos atrás, 24.164 persoas. Esta etapa de decrecemento vese precedida por unha de crecemento, pois desde principios deste século, en que arranca con 20.733 habitantes, a zona medra demograficamente ata 1940.

Por municipios, Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei coinciden no feito de ter hoxe menos habitantes dos que anotaban no ano 1900. Sen embargo, as series de datos demográficos apuntan tendencias distintas entre os citados municipios.

Antas empezar a perder poboación na década dos cincuenta e mantense en cifras próximas ata 1981, data a partir da cal experimenta o máis forte retroceso do século: en dez anos, pasa de 4.146 persoas ás 3.122 rexistradas en 1991.

Monterroso presenta unha curva demográfica sen grandes oscilacións ó longo do século. No ano 1990 tiña 5.524 habitantes, en 1940 acada 6.444, o seu mellor rexistro, pero o dato máis relevante está en que a súa poboación crece de 1981 a 1991, década na que pasa de 4.692 a 4.746 persoas.

Palas de Rei tiña 9.800 habitantes no ano 1900, e en 1940 anota 12.189, data a partir da cal comeza a decrecer a poboación de forma continuada, só de 1981 a 1991 perde 1.511 habitantes e sitúase en 4.812.

Menos homes

Na estructura de poboación por sexos, de 1986 a 1991, prodúcese un cambio na comarca en canto que A Ulloa pasa de ter máis homes que mulleres a máis mulleres que homes. En 1986 había 7.850 homes e cinco anos máis tarde 6.408, para o mesmo período o número de mulleres é 7.616 e 6.504, respectivamente. A taxa de masculinidade pasa do 103,1 ó 98,5.

En 1991 o número de mulleres comprendidas entre 15 e 49 anos é de 2.322, das que 857 corresponden a Monterroso, 821 a Palas de Rei e 644 a Antas de Ulla. Nese ano, Monterroso anota 34 nacementos e unha taxa de fecundidade do 39,67, Palas 24 nacementos e unha taxa de fecundidade do 29,23 e Antas 21 nacementos e unha taxa de fecundidade do 29,23.

De 1981 a 1991, cae a taxa de natalidade da comarca, do 7,9 ó 6,4, e tamén a de mortalidade, do 11,2 ó 11,0, sen embargo ó ser maior o número de defuncións que de nacementos o crecemento vexetativo é cada vez máis negativo, e pasa do -3,3 ó -4,6. Por concellos, Palas de Rei ten no ano 1991 o crecemento vexetativo máis negativo, -6,8, e a continuación séguena Antas de Ulla co -3,8 e Monterroso co -2,5. ❦









O aguante dun sector agrario que perde peso

A finais do século XXI o sector agrario aínda segue a ser predominante na estructura económica da Ulloa. Os cambios que se veñen producindo na última década na demografía, na tecnificación e reorientación da producción agraria e nas aspiracións laborais da xuventude están provocando unha perda continuada do peso do sector primario no mantenemento do emprego pero, sen embargo, a economía campesiña aínda aguanta as embestidas.

En 1981, o sector agrario tiña o 81,34 por cento da poboación ocupada da comarca. Nos dez anos seguintes prodúcese unha perda de vinte puntos, de modo que en 1991 a poboación ocupada é do 59,58 por cento. Nese mesmo período, a industria pasa de te-lo 2,61 ó 4,94 por cento da poboación ocupada. A construcción case triplica a súa poboación ocupada, ó crecer desde o 3,66 ó 9,09 %. Globalmente, o maior crecemento corresponde ó sector terciario que máis que duplica a súa poboación ocupada ó saltar do 12,39 ó 26,39 por cento.

Antas de Ulla. O sector agrario segue sendo a súa principal actividade económica, se ben na década dos oitenta pasa de representa-lo 78,47 por cento da poboación ocupada ó 60,55. A industria crece moi pouco, desde o 3,70 ó 5,11 %; a construcción faino en maior proporción, en 1981 tiña o 3,32 por cento de ocupados e dez anos máis tarde o 8,86, e o servicios case duplican a poboación ocupada, do 14,51 ó 25,48 por cento.

Monterroso. Dos tres municipios da Ulloa é o que máis poboación ocupada perde na agricultura –cae do 80,99 % ó 53,69 %– e gáñaa nos servicios –pasa do 12,39 ó 32,02 por cento–. A poboación industrial a penas crece, do 2,51 ó 4,63 % e a construcción avanza do 4,11 ó 9,66 por cento.

Palas de Rei. De 1981 a 1991, perde poboación ocupada no sector primario e pasa do 83,61 ó 64,88 %, e gáñaa sobre todo no terciario, ó crecer desde o 10,89 ó 21,33 por cento. Na industria os ocupados pasan de representa-lo 1,91 por cento ó 5,13. E a construcción gaña peso, desde o 3,60 ó 8,67 por cento. ❦



As moitas faces da Ulloa

A Ulloa caracterízase pola súa riqueza paisaxística, histórica e monumental. O Camiño Francés a Compostela pasa pola comarca, a través dos concellos de Monterroso e Palas. Aí fican o cruceiro de Ligonde, Vilar de Donas, mosteiro de orixe románica cos seus interesantísimos frescos na cabeceira, Meixide, outra igrexa románica e, claro está, o propio camiño, ás veces cuberto de asfalto, outras seguindo coma sempre: á sombra das árbores.

ASÍ mesmo, co rexurdir do camiño nesta fin de século habilitáronse novos albergues na comarca para acolle-los moitísimos peregrinos. Pero ademais do Camiño Francés, a ruta máis coñecida, polas terras ulloenses cruza tamén o Camiño do Norte ou de Oviedo, que vén da Fonsagrada por Lugo. Atravesa por Leboreira, Merlán, Casacamiño, o Hospital das Seixas e pola serra do Careón pasa á Terra de Melide, onde se xunta co devandito Camiño Francés. É esta unha parte da comarca pouco coñecida, máis íntima, pero igualmente fermosa. Ten a particularidade esta ruta de que moitos estudiosos a consideran a máis primitiva de todas, xa que na orixe da peregrinación foron os monarcas astures os impulsores da mesma. Por riba disto, existen tamén sospeitas de que parte do camiño teña unha orixe prerromana xa que moitos castros se sitúan ás súas beiras. Os castros; por toda a comarca divísanse nos outeiros de máis valor estratéxico. Na Idade de Ferro o poboamento na Ulloa debeu ser moi grande, vista a cantidade de cidadelas. Máis tarde, ó chegar á Idade Media, o románico encheu estas terras de fermosas igrexiñas, moitas das que (Marzá, Merlán, mesmo Vilar de Donas) aínda conservan interesantes frescos nos seus muros. E non foron poucas as que se construíron no mesmo curuto dun castro: a de Sucastro, a de Sta. Mariña ou a orixinalísima igrexa de Novelúa, exemplo senlleiro de románico rural.

Séculos máis adiante, as casas de morgado, castelos, pazos, amosan a puxanza destas terras, sometidas por diversos señores. Na súa obra 'Os Pazos de Ulloa' a escritora coruñesa Emilia Pardo Bazán reflectiu, cunha historia ficticia, o devir da clase dominante. Hoxe, por toda a comarca mantéñense estes fermosos edificios, o Pazo de Sta. Mariña, coa súa espectacular balconada, o de Chorexe, o de Mariñao, a Torre de Penas con frescos no seu interior, o pazo de Laxe, en Monterroso ou o de Ulloa. Xunto a eles consérvanse dúas espléndidas fortalezas: a de Sta. Mariña de Castro de Amarante e o Castelo de Pambre, quizais o máis sobranceiro do seu estilo en Galicia. Ironías da vida, os rexos muros do castelo resistiron os embates das revoltas irmandiñas, pero, nembargantes, estiveron a piques de seren derruídos a primeiros deste século. Felizmente, o castelo é hoxe un dos símbolos da comarca. Outro símbolo, aínda que dun tipo distinto é o tan soado queixo da Ulloa. O tempo dos queixos feitos a carón do lume, sen garantías sanitarias de ningunha caste está a pasar, pero nas modernas queixerías da comarca manteñen e potencian ese delicado padal do queixo, que tanto lle debe á humilde nabiza. E xa postos a falar de gastronomía, non hai que esquecer nin o pan da Ulloa, nin as súas castañas, ou o polbo que nas feiras (especialmente de Monterroso) hai que degustar, mantendo o rito. Como rito é o peculiar e tradicional 'entroido' de Casadenaia, resto dunha fonda tradición que esmorece. E se os homes lle deron co decorrer dos séculos, a personalidade que ten a comarca, a natureza agarimosa parece querer mantelo todo coma sempre, verde e fermoso. O Ulla, que nace en Olveda, Antas, cruza estas terras poboadas de castiñeiros, carballos e, cousa curiosa, de abondosos bidueiros. Nas serras (o Careón, o Farelo, coas súas lendas de antigos 'aquelarres', o Corno do Boi...) o arborado desaparece e son excelentes as vistas desta comarca. É posible tamén montar a cabalo e percorrer esta terra como os señores de antano. E claro, a caza e a pesca son outras actividades para o desfrute que a comarca ofrece. Nun marco natural pouco degradado, a guinda parecen poñela os establecementos de turismo rural que, no medio de fermosas paraxes, abren as súas portas ós visitantes. 'Casa Blanco' e 'Casa da Ponte' se chaman estes coidados establecementos. Pero na Ulloa, por moito que se queira, sempre quedan cousas por ver ou descubrir, vellas mámoas no Careón ou Ligonde, petroglifos, igrexiñas prerrománicas (San Lourenzo de Pedraza) ou pontes romanas (Ponte Ferreira). Os encantos desta comarca parecen fluír incesantes, coma as augas do Ulla, e non rematar endexamais. ❦

Queixos da Ulloa J.S


COMARCA DA ULLOA
SITGA
FRIOL
LUGO
Hospital
TOQUES
Pazo do Monte
Castro de Seixas
Leboreira
Seixas
Irago
Serra de Careón
Casacamiño
Careón
802 m
PROVINCIA DE A CORUÑA
GUNTÍN
San Vicente
Ferreira
Río Ferreira
PALAS DE REI
Laia
MELIDE
Leboreiro
Vilar do Monte
Vilar de Donas
Montecalvo
San Pedro de Meixide
Vilacendoi
Mato
Parrote
Rosario
Palas de Rei
Lestedo
Río de Iríxe
SANTISO
Río Seco
Ulloa
Marzá
Sambreixo
Castelo de Pambre
Serra de Ligonde
Ligonde
PROVINCIA DE PONTEVEDRA
MONTERROSO
Río Ulla
Chorexe
Novelúa
O Corgo
PORTOMARÍN
Ponte Merced
Santa Marina
San Miguel de Penas
AGOLADA
Moreira
Serra do Farelo
Río Peizal
Monterroso
Ponte Pedriña
Vilane
Antas de Ulla
Seixós
Castro de Amarante
Casa de Naia
Gümil
ANTAS DE ULLA
San Félix
Santiso
Sucastro
Verín
Amoexa
Fonte do río Ulla
RODEIRO
Camiño de Santiago
Camiño Norte
Petroglifo
Mámoa
Castro
Ponte
Cemiterio de pelegríns
Albergue de pelegríns
Refuxio de pescadores
Igrexa
Castelo
Pazo
Casa de turismo rural
Torre
Muiño
Feira
Conxunto de fervenzas
Área recreativa
2.000 m
0
2
4
6
8 Km

Actuacións cara ó futuro

A Ulloa é un territorio que forma parte da Galicia interior e, polo tanto, comparte un conxunto de trazos comúns a esta. O despoboamento por efecto da emigración, primeiro, e do envellecemento, despois, é unha das maiores debilidades nos recursos humanos e que afecta, loxicamente, ó sistema productivo. Sen embargo, tamén conta cunhas vantaxes comparativas que, ben orientadas e utilizadas, poden e deben converterse en claves para o desenvolvemento.

OS factores ambientais (climáticos, edáficos, topográficos) da Ulloa son favorables para o aproveitamento agrario, no que principian a detectarse cambios de tendencia cara á capitalización e innovación nas explotacións, a profesionalización dos xefes de explotación ou o interese polas posibilidades de 'extensificación' da agricultura para abaratar custos de producción e reduci-lo impacto ambiental.

A implantación de novos cultivos asociados a cambios de uso de solo (forestal por agrario), a un sistema específico de xestión (arrendamento de montes comunais) e a un proceso de primeira transformación poden supoñer un importante 'efecto demostración' para diversifica-la base económica da comarca.

A capacidade de iniciativa da poboación da Ulloa púxose de manifesto ante os problemas derivados da cota láctea, que empurraron ós gandeiros a realiza-la transformación artesanal do leite en queixo, seguindo a tradición da zona e conseguindo un producto diferenciado e de calidade.



Pazo de Santa Mariña de Antas J.S

Unha importante potencialidade da comarca é o conxunto de recursos susceptibles do aproveitamento turístico.

Efectivamente, pola Ulloa pasa o Camiño de Santiago, ó longo do cal hai monumentos de especial relevancia; o patrimonio artístico e monumental conta con valiosas mostras de arquitectura relixiosa, civil e popular, e a todo iso únese un marco paisaxístico excepcional, debido á escasa transformación que sufriu. É, en conxunto, unha paisaxe 'humanizada', que constitúe unha excepcional mostra da Galicia rural.

A este conxunto de recursos capaces de diversifica-la base económica da Ulloa, únese a elevada accesibilidade en relación a Galicia, derivada tanto da súa situación no centro da rexión, como da rede viaria que a afecta. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

17

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Chantada

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Febreiro do 1996

Vista de Chantada

José Salgado



Chantada

NO extremo suroccidental da provincia lucense localízase a Comarca de Chantada, formada polo municipio do seu mesmo nome, Carballedo e Taboada, que teñen un total de 15.288 habitantes distribuídos en 462,23 km2, cunha moi baixa densidade (33 hab/km2) reflexo da súa forte atonía demográfica, cunha constante perda de efectivos provocada por unha intensa emigración e un alto envellecemento.

AÍNDA que Otero Pedrayo debuxou dúas comarcas xeográficas para esta zona: a comarca de Chantada e a de Taboada, a topografía da Comarca, situada entre o río Miño e os somontes da Dorsal Gallega, confírenlle unha gran unidade xeográfica a todo o actual territorio comarcal. Os montes da Vacaloura sepárana da comarca da Ulloa, continuando cara ó sur pola Serra do Faro e pechada ó leste pola ribeira do Miño, servindo a superficie de aplanamento, chamada 'superficie de Chantada' de unión entre ámbalas dúas unidades morfolóxicas.

A capital comarcal actúa como lugar central sobre o que xiran tódolos municipios que forman a comarca, ó estar situada nela os principais centros comerciais, ademais dos servicios especializados. Esta primacía das actividades mercantís ten a súa orixe na súa feira gandeira (días 5 e 25 de cada mes), que remonta as súas raíces ó século XVIII, e é unha das máis sobranceiras da provincia. ¶

Carballeira J.S

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traducións: Andrés Tarrío Barreiro
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Unha das despensas de enerxía eléctrica de Galicia

A comarca de Chantada é unha das despensas de enerxía eléctrica de Galicia, co Salto de Belesar e a subestación transformadora de Vilela da que parten liñas a diferente tensión cara á Coruña, Lugo, Ponferrada, así como a que fai a interconexión coa Central de Peares. Se a auga do pai Miño é un elemento clave na economía da zona, a agricultura, con especial referencia ó subsector gandeiro, parece se-lo seu sector fundamental. As explotacións de vacún, ovino, caprino, porcino e aves, en ocasións de forma mesturada, conteñen unha variada cabana destinada tanto á producción de leite como de carne nas súas distintas variedades o que, ó mesmo tempo, deu orixe ó nacemento dunha industria alimentaria que se especializou en productos lácteos e cárnicos.

A superficie destinada a cultivos gandeiros é a máis importante, sobre todo no caso dos prados naturais e dos pastizais con e sen árbores, ademais dalgúns centos de hectáreas dedicadas ó maínzo forraxeiro.

Cultivo das vides

Xunto a todo isto hai que referirse tamén ós viños da zona, especialmente tintos. O cultivo das vides faise en terrazas artificiais, formadas polos chamados *socalcos,* que aproveitan as faldras e ladeiras das montañas que baixan ata os ríos, o que obriga na época da recolleita a transporta-la uva a ombreiros ata as partes altas. Os que fan este duro traballo son chamados os *acarrexadores* e os cestos especiais que transportan reciben o nome de *culeiros.*



Os *socalcos* son tamén aproveitados para cultivos hortícolas, que se unen a unha producción agrícola de maínzo, centeo, trigo, pataca e distintas variedades froiteiras.

Mención á parte merece a calidade que teñen as troitas dos ríos que sucan a comarca de Chantada, moi apreciadas polos amantes da boa mesa. Todo iso fai que na zona exista un sector hosteleiro en auxe, formado por restaurantes e casas de comida, que ofrecen os productos da terra.

Noutro plano, a maior parte da actividade comercial da comarca céntrase na vila de Chantada, dotada de distintos servicios públicos e privados, que ademais celebra dúas feiras ó mes. ¶

Capela da Nosa Señora do Faro J.S

A metade da poboación vive en Chantada

A perda da poboación que sofre a comarca desde 1940 hai que lle unir un proceso interno de concentración dos habitantes no municipio de Chantada, que alomenos conseguiu manter case o mesmo número de habitantes en 1991 que dez anos atrás.

De 1900 a 1940, o número de habitantes da comarca crece algo e así pasa de 32.946 a 33.774. Entre 1940 e 1960 cae a poboación, se ben se mantén por riba das 31.000 persoas, pero a maior perda prodúcese na década dos anos sesenta en que a zona rexistra case 9.000 habitantes menos debido á emigración. O censo de 1970 anota 22.440 habitantes que serán 20.444 en 1981.

Por municipios, Carballedo ten hoxe menos da metade dos habitantes (4.145) que tiña ó iniciarse o presente século (9.804); Chantada que desde 1900 ata 1960 se mantivo entre os 14.000 e os 15.000 habitantes rexistra 9.754 en 1991, e Taboada está agora en 4.854 persoas, lonxe xa das 8.162 que tivo en 1940 ou das 8.139 de 1900. En 1991, había na comarca de Chantada 9.570 homes e 9.915 mulleres o que daba unha taxa de masculinidade do 96,5, medio punto por debaixo da rexistrada cinco anos atrás, 97,0. A maior taxa de masculinidade rexístraa Carballedo (99,0) e a menor Chantada (94,8).

Poucos nacementos

Nos anos oitenta decrece a taxa de natalidade do 7,4 ó 4,6 e, ó mesmo tempo, descende a taxa de mortalidade do 12,7 ó 11,8. Sen embargo, dado que esta segue sendo superior a aquela, o crecemento vexetativo é máis negativo, do -3,9 pasa ó -5,8. Dos tres municipios que conforman a comarca, Chantada ten as taxas máis altas de natalidade (7,2) e de mortalidade (12,8).

Segundo o censo de 1991, a comarca ten 3.766 mulleres comprendidas entre os 15 e os 49 anos, e ese ano rexistráronse 111 nacementos (17 en Carballedo; 71 en Chantada e 23 en Taboada). A taxa de fecundidade comarcal é do 29,47, se ben hai que subliñar que a do municipio de Chantada (34,55) é moi superior á de Carballedo (22,22) e Taboada (24,31).

Os datos sobre nivel de instrucción da poboación indican que só o 2,94 por cento da poboación é analfabeta. O 38,74 % non ten certificado escolar. O 32,06 por cento acada o nivel de estudios primarios e o 22,07 de segundo grao. O 4,2 ten estudios superiores.

No caso concreto do municipio de Chantada, só o 2,67 por cento da poboación é analfabeta; o 42,07 non ten estudios; o 25,31 acada o primeiro grao; o 24,77 dos habitantes teñen estudios de segundo grao, e o 4,2 % superiores. ❦





SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



Sen grandes cambios na súa economía

Nos últimos anos a situación económica da comarca de Chantada non presenta grandes cambios na súa estructura productiva, pese a que o sector primario perde algo de entidade en canto a poboación ocupada e gáñaa o sector servicios. En 1981, o campo tiña o 64,78 por cento da poboación ocupada e dez anos máis tarde o 60,19. Esa diferencia porcentual foi compensada polo incremento habido no sector servicios, que pasou do 21,11 ó 25,54 por cento. A industria perde poboación ocupada, do 8,41 ó 6,17, mentres a construcción a gaña, do 5,69 ó 8,11 por cento.

En termos absolutos, o sector primario ocupa a 5.007 persoas, das que son maioría mulleres, 2.645. Na industria traballan 513 persoas e 675 na construcción, das que 22 son mulleres. E o sector servicios da ocupación a 2.125 persoas, das que 1.226 son homes. En total a poboación ocupada da comarca é de 8.321 persoas, das cales 4.633 son homes e 3.688 mulleres.

Carballedo. De 1981 a 1991 a poboación ocupada no sector primario descendeu do 76,56 ó 66,67 %; pola contra a industria gañou peso e pasou do 2,94 ó 6,06; a construcción permaneceu en torno ó 6 % e a poboación ocupada no sector servicios aumentou, pasando do 14,41 ó 20,75.

Chantada. Pese a que ten o sector servicios máis forte da comarca, ocupa ó 33,12 por cento da poboación activa, a agricultura segue tendo un forte peso na economía do municipio como o demostran os datos, en 1981 o sector primario tiña o 52,70 % da poboación ocupada e en 1991 o 48,75. Nese mesmo período, a industria perde protagonismo e baixa do 13,01 ó 8,17, mentres que a construcción sobe do 6,30 ó 9,95 por cento da poboación ocupada.

Taboada. Nos dez anos que van desde 1981 a 1991, o sector agrario a penas perdeu forza e permanece en torno ó 73 por cento da poboación ocupada; cae o sector industrial do 5,69 ó 3,31 %; sobe algo a construcción, do 4,61 ó 6,43 e crece moi lixeiramente a poboación ocupada no sector terciario que pasa de representa-lo 16,09 ó 17,50 por cento. ¶

Un paso cara ó Miño

A paisaxe das terras de Chantada é un fermoso chanzo dunha escaleira natural que vai desde o alto Monte Faro (1.182 metros sobre o nivel do mar) ata se precipitar dun xeito abrupto e moi espectacular sobre o pai Miño, pasando antes polas singulares penichairas da Terra Chá.

UN percorrido pola comarca pode principiar no cume do monte Faro. Aquí a súa ermida é referencia obrigada para a paisanía que, secularmente, celebra tódolos oito de setembro unha romaría. Desde a área recreativa, o visitante pode desfrutar dunha vista de amplísimo horizonte. Ó leste, a comarca chairega. O viaxeiro antes de emprender rumbo a ela, ha de explora-la serra do Faro. Aínda poderá descubrir unha variada fauna animal e especies vexetais como o piñeiro, o carballo, o cerquiño ou o branco bidueiro. Cando emprenda o desecenso, divisará ó lonxe as pequenas aldeas da montaña, construccións en pedra de cantería, envoltas nun silencio omnipresente. Seguindo de cara ó nacente, a comarca amosa toda a súa vasta extensión. O medievo deixou pegada nestas terras emparentadas, en certa medida, coa Ribeira Sacra. O románico salpica de sinxeleza e esplendor monumentos como San Salvador de Asma ou Camporamiro onde refiren as crónicas que aquí houbo unha feroz loita entre cristiáns e normandos (ou 'lordomani' como aparecen nas crónicas medievais). A igrexa de Fornas, lugar onde se atopou un estraño sepulcro antropomorfo escavado na rocha granítica, é outro monumento que paga a pena visitar. Moi cerca de Taboada, a vila do carballo centenario, cómpre deterse neste acubillo da igrexiña románica de San Pedro de Bembribe, parroquia na que ademais se ergue un magnífico pazo propiedade aínda hoxe dos condes de Taboada.

De tódolos xeitos, avanzando cara á veiga do Miño, a chamada Ribeira Sacra, atopamos os templos máis coñecidos: Pesqueiras, Nogueira, Chouzán... No municipio de Carballedo, preto da carballeira de Cartelos e da bocarribeira do Bubal (hoxe dous espacios naturiais protexidos) descobre o camiñante unha igrexiña máis. A súa pequenez fai pensar nun primeiro momento que non ten maior interese. Mais estamos ante un lugar de antigos vestixios que domina a igrexa parroquial de Temes. Aquí foi atopado un sartego que, ó parecer, foi encargado a un obradoiro de Roma por un terratenente galaico - romano, aló polo século cuarto despois de Cristo. Isto é, o personaxe en cuestión era xa cristián. Estamos, pois, ante o testemuño cristián máis temperán en Galicia.

O visitante pode albiscar desde Temes as paisaxes dos Peares e o pai Miño. Se estamos no verán, a vista pódese completar coa navegación polo río nun catamarán. O canón polo que discorre o Miño engade á súa beleza as fervenzas que forman as augas da comarca ó se precipitar no río. As máis espectaculares son as do Penedo das Augas altas, na parroquia de Pedrafita, e a Fervenza de Santa Lucía, na que o río dese mesmo nome se funde no Miño en Belesar.

Precisamente aquí, en Belesar, unha ruta de sendeirismo coincide co trazado dunha calzada romana. A ruta arranca de Líncora e baixa entre os penedos e rochas de paisaxes escarpadas ata chegar a Belesar. Cruza o Miño e sobe polos chamados cóbados de Belesar, a procura de Diomondi xa na comarca de Lemos.

O pai Miño pode tamén engaiola-lo visitante, cando leva pouca auga, ó deixar ve-los asulagados vestixios de Castro Candad. Pazos en mellor ou peor estado de conservación, son outro atractivo da comarca. O nomeado de Bembribe, o de Cartelos, o de Arcos, nas proximidades da ruínas do castelo de igual nome. A propiedade foi dunha familia nobre do lugar, os Temes.

A descrición estaría incompleta sen un breve apuntamento sobre a vila de Chantada, cabeceira da comarca. Os visitantes poderán descubri-los pequenos tesouros que lle ofrece a quen se detén nela: os bos viños ou, se estamos na época, as saborosas castañas. Un paseo pola zona vella descobre a súa silandeira tranquilidade. Tamén o viaxeiro atopa descanso nas ribeiras do Asma, na área fluvial de Campo de Saguñedo, onde reina a paz, case monástica, da que secularmente está imbuída a comarca de Chantada. ❦

Polbeira en día de feira J.S


COMARCA
DE CHANTADA
SITGA
Monterroso
Frameán
Meixón Frío
Río Porto da Breira
Río Ulla
Arxíz
Verín
ANTAS DE
ULLA
Torre
Bembibre
Montes de Bouzón
Igrexa
de Bouzón
Insua
Olveda
Taboada
TABOADA
Moreda
Río Pequeño
Taboada dos
Freixes
Río de Moreda
Castelo
Mato
Vilela
Segán
Currelos
Vilaesteva
Adá
Arcos
Argozón
Río Rodeiro
Río de Leiras
Pedrafita
Sabadelle
O SAVIÑAO
Santa María
de Pesquerías
Muradelle
Encoro de
Belesar
Xuvencos
RODEIRO
Laxe
CHANTADA
Santuario do
Faro de Chantada
Chantada
Asma
(San Fiz)
San Estevo de
Ribas de Miño
Piñeiro
Vilatán
Brigos
Asma
(S. Salvador)
Belesar
Diomondi
Camporramiro
Bermún
Pereira
Riba
Asma
Castro
Cartelos
Carballeira
de Cartelos
Río Miño
Fión
Confurco
Nogueira
de Miño
Río Oseira
Laxas
A Barrela
Encoro dos
Peares
SAN
CRISTOVO
DE CEA
O Castro
Erbedeiro
Chouzán
Río de San Marnede
Carballedo
CARBALLEDO
Río Bubal
PANTÓN
Vilaquinte
Besteiros
Río Miño
A PEROXA
Temes
Desembocadura
do río Bubal
Os Peares
2.000 m
0
2
4 Km
Espacio natural
protexido
Ruta de
sendeirismo
Fervenza
Área recreativa
Carballo milenario
(500 anos)
Restos
arqueolóxicos
Mosteiro
Pazo
Vila de interés
Igrexa
Torre
Castro
Catamarán
Miradoiro

Futuro da comarca

A base económica da Comarca de Chantada está directamente ligada ó modelo económico tradicional de tipo agrario, aínda que coñeceu nos últimos anos unha importante intensificación da actividade gandeira onde se fixo notorio o aumento de cabezas de bovino e porcino. Para aprofundar nesta especialización faise necesario intensifica-lo fertilizado e consumo de pensos, mellora-la habenza gandeira introducindo novas razas que a faga máis rendible, ademais de mellora-las instalacións gandeiras. Como complemento destas melloras, deberíanse potencia-los matadoiros da comarca, desenvolvendo e ampliando as canles de comercialización. Por outra banda a agricultura, orientada actualmente cara a productos gandeiros (praderías artificiais, remolacha, nabos e cabazas forraxeiras, alfalfa, etc.), deberá aprofundar nesta especialización para conseguir unha xeneralización das praderías artificiais.

FÓRA do ámbito gandeiro, e dentro do sector primario, existen productos autóctonos de calidade que se deberían de potenciar. A castaña constitúe un producto emblemático da comarca; incentiva-la producción e a creación dunha industria de transformación derivada dela, pode constituír un instrumento eficaz para o desenvolvemento da comarca. Ademais, os factores ambientais (clima benigno, xenerosidade do solo) que caracterizan as terras ribeireñas do Miño permiten obter saborosos caldos, entre os que destaca o tinto de escasa acidez, alta graduación e gran potencial aromático. Mellora-la súa elaboración e presentación, así como xunta-los viticultores en torno á Denominación de Orixe Ribeira Sacra debería de servir para potencia-la súa producción e consegui-la apertura de novos mercados. A variedade paisaxística, a riqueza monumental, gastronómica e lúdico-festiva da comarca permite propoñerse a ampliación do segmento da demanda e da oferta turística, potenciando o turismo rural da Ribeira Sacra e os deportes náuticos en torno ós seus encoros. ¶

Carballo centenario en Chantada J.S

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

18

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Sarria

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Marzo do 1996

Fachada do mosteiro de Samos

José Salgado

A Comarca de Sarria

NA parte suroriental da provincia de Lugo, formando parte das chairas, depresións e relevos residuais da Galicia centro-oriental, encontrámo-la Comarca de Sarria, apelativo que lle vén dado polo municipio que leva o seu nome, a capital do cal exerce de cabeceira comarcal. Ademais deste municipio, a comarca está constituída polas do Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Portomarín, Samos e Triacastela. Conxuntamente forman unha extensión de 951,31 km2, na que se asenta unha poboación de 27.932 habitantes.

As características físicas e funcionais da comarca fan dela unha unidade propiamente dita, aínda que Otero Pedrayo fala de dúas divisións: País do Incio como comarca xeográfica polas súas características montañosas e Terra de Sarria como comarca natural.

Se temos en conta os partidos xudiciais, o de Sarria, constituído en 1834, xa recollía seis dos oito municipios que conforman esta comarca; Portomarín e Triacastela, pola súa parte, pertencían ó de Chantada e ⇨



FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

⇨ Becerreá, respectivamente. No caso de Portomarín, podíaselle achacar á separación que representaba un río á hora de interrelacionarse; hoxe en día isto non é así e Portomarín está moi vencellado tanto á capital comarcal, Sarria, como á provincial, Lugo. Triacastela sofre máis directamente unha diverxencia funcional entre Sarria e Becerreá segundo o tipo de funcións a realizar.

Sen ningunha dúbida, a vila de Sarria é o centro indiscutible da comarca, funcionando como centro económico e administrativo, ademais de ser un importante nodo de comunicacións, tanto por estrada como por ferrocarril. Este é un factor básico na articulación do espacio funcional, con importantes redes de intercambio e de relación entre os distintos municipios, aínda que tamén axuda ás relacións extracomarcais con vilas ou cidades cómo poden ser Lugo, Becerreá, Monforte ou Monterroso. A Comarca de Sarria limita coas lucenses da Ulloa, Lugo, Os Ancares, O Courel, Terra de Lemos e Chantada.

A súa unidade funcional compleméntase cunha unidade física, representada no territorio dentro da meseta lucense pola depresión de Sarria (dito nun sentido morfolóxico) e polas serras e altas terras que a rodean, cos montes de Vacaloura polo oeste, as estribacións da serra de Puñago no nordeste, a serra de Illoa, os montes da Albela, serra de Oribio e montes de Lóuzara polo leste, as altas terras de Paradela, Sarria e norte do Incio, que actúan de división coa depresión de Monforte, polo sur e polo norte o límite está nos municipios de Láncara e O Páramo en contacto coa meseta lucense.

A topografía confírelle un carácter aplanado polo norte e centro da comarca e abrupto en toda a parte oriental, rematada cara ó sur polas altas terras, froito da superficie de aplanamento eóxena. A superficie descende de SE a NO, desde os 1.443 m da serra do Oribio e 1.304 m de Cima de Pías (nas estribacións das serras orientais galegas) ós 350 m dos vales dos ríos Miño e Neira no NO da comarca.

Paisaxe de Láncara J.S

Os dous ríos, son os máis destacados; atravesa o Miño o extremo NO, actuando en parte como divisoria comarcal coa veciña de Lugo e, en parte, separando o municipio de Portomarín dos de Páramo e Paradela. Os cursos de auga restantes son pequenos regueiros que drenan as terras, fértiles para o cultivo. Podemos nomear, por teren o seu nacemento nestas terras, o Mao, o Cabe e o Lóuzara. O clima é oceánico, cun claro matiz continental polo seu afastamento do mar, a altitude destas terras e a súa proximidade ás serras orientais galegas; a primeira consecuencia disto son unhas temperaturas máis contrastadas e unhas precipitacións abundantes, aínda que inferiores ás das áreas próximas ó mar. A temperatura media anual da comarca oscila entre os 10º-12ºC variando segundo a localización, pois nas serras e nas súas estribacións, as temperaturas extrémanse en inverno e modéranse en verán.



As precipitacións, aínda que inferiores ás recollidas na costa, son aínda importantes, froito da proximidade das serras orientais galegas, onde as borrascas do oeste, procedentes do atlántico, descargan os restos de humidade. A precipitación anual rolda os 1.000-1.200 mm, existindo un máximo invernal (entre o 30% e o 40% da precipitación anual total) e un mínimo estival que a penas excede o 10% da precipitación rexistrada durante o ano. ¶

A influencia das comunicacións no nivel de vida

SITUADA na ruta de Camiño de Santiago, a Comarca de Sarria e, fundamentalmente a súa cabeceira, experimentou un apreciable crecemento económico a partir de melloras das infraestructuras viarias. A mediados do século XIX escribe Pascual Madoz que os camiños tanto municipais como os que levaban á cidade de Lugo e vereas reais, atopábanse en moi mal estado o que lles causaba un enorme prexuízo á agricultura e ó comercio.

Por aquelas datas as principais producción agrarias da comarca centrábanse en centeo, trigo, maínzo, patacas, legumes, froita e liño. E, en canto á gandería, en vacún e porco. Abundaban os muíños e os teares. O comercio era máis ben escaso e case se limitaba ás feiras que se celebraban con regularidade e que seguen celebrándose na actualidade.

Madoz tamén denuncia a lamentable situación en que se atopa a instrucción pública, paliada en boa parte mercé ó labor filantrópico de Matías López que no seu testamento doou en 1891 110.000 pesetas para a construcción dunha escola pública de nenos e nenas.

Crecemento económico

A finais do século XIX a vila de Sarria experimenta un importante crecemento económico e urbanístico debido á posta en servicio do ferrocarril, primeiro coa cidade da Coruña e logo con Monforte. Posteriormente as estradas tamén serán melloradas. Toda esta transformación en infraestructuras trae consigo o cambio da agricultura, gandería e silvicutura de autoconsumo, desenvolvidas con técnicas arcaicas, cara á producción para os mercados. A partir de mediados do século XX, iníciase unha transformación dos procesos productivos agrarios, sobre todo na medida en que a alimentación do gando con base cerealística vai mudando en favor da forraxeira e do pasto. No plano gandeiro, da década dos sesenta en diante iso leva parello a substitución da raza rubia galega por vacas foráneas de mellor aptitude leiteira, caso da frisona. A comarca rexistra, ademais, unha forte auxe do gando porcino que forma parte da explotación agraria. En todo isto ten a súa orixe o nacemento dunha próspera industria alimentaria, e mención especial merecè a industria do moble que sitúa a Sarria como o primeiro municipio da provincia de Lugo dedicado a esta actividade.

Sarria ten tamén un pasado unido ó Camiño de Santiago e recuperado agora coa potenciación desta ruta xacobea como un dos símbolos da identidade cultural europea. Entre as anécdotas históricas que vinculan a Sarria con Santiago de Compostela hai que subliñar a morte na vila lucense do rei Afonso IX, no ano 1230, víctima dunha grave enfermidade que lle afectou cando peregrinaba cara a Compostela para da-las gracias pola reconquista de Mérida. O seu cadáver foi levado, seguindo os seus desexos, á catedral de Santiago para se enterrado a carón do restos do seu pai.

Para darlles descando ós peregrinos foi construído en torno ó ano 1200 o convento da Magdalena, fundado polos agostiños ata a desamortización do século XIX, para a partir de aí ser rexentado por mercedarios. A este convento chegábase pola rúa Maior de Sarria, coroada por aquelas datas polo hospital de Santo Antón, no que se lles ofrecía cama e asistencia médica ós peregrinos, e tivo gran sona na historia das peregrinacións xacobeas, avalada por diversas bulas pontificias.

Despois de Sarria vén o mosteiro de Barbadelos, citado no *Códice Calixtino* como *Barbadelius,* que foi anexionado a Samos no ano 1009 e tamén Aymeric de Picaud na súa *Guía del Liber Sancti Jacobi.* ➪

Núcleo histórico de Sarria J.S

Aymeric describe Barbadelo como centro frecuentado por emisarios hosteleiros composteláns que pretendían engana-los peregrinos con promesas de hospitalidade. No *Códice Calixtino* é citada a feira de Barbadelo á que tamén ían os hosteleiros composteláns, xudeus, cambistas e todo tipo de quincalleiros. O templo deste mosteiro é un digno exemplar románico; a súa porta principal está decorada con zoomorfos e vexetais e tamén son de interese a frontis e a porta lateral norte. A importancia que tivo o Camiño de Santiago para Sarria deu nacemento a un apreciado patrimonio artístico e cultural, como as igrexas de Corvelle, Vilar de Sarria, Requeixo, Albán, Belante e Biville.

No aspecto nobiliario, en 1501 a raíña Isabel A Católica concerta que Rodrigo Enríquez Osorio, conde de Lemos, case a súa filla Beatriz de Castro con Dionís de Portugal, levando o matrimonio, entre outros títulos, o señorío de Sarria. En 1543, o señorío de Sarria, xa convertido en marquesado, foille outorgado por Carlos V a Fernando Ruiz de Castro, cuarto conde de Lemos, fillo de Beatriz de Castro. A partir deses momento, a sucesión dos Castro, conde de Lemos, á fronte do marquesado de Sarria é continua ata 1777. Nese ano, por non deixar sucesión o decimoterceiro conde de Lemos, Xaquín Álvarez López de Zúñiga Sotomayor e Mendoza Fernández de Castro e Portugal, a casa de Lemos e o marquesado de Sarria, pasou ós condes de Gelves e máis tarde á casa de Berwick e de Alba. No século XVIII, o alcalde de Sarria tiña xurisdicción sobre 27 freguesías e as probas de Triacastela, Neira de Xusá, San Xulián e Adai. ¶

Castelo de Sarria J.S

Sarria contén a perda crecente de habitantes

O municipio de Sarria contén a perda crecente de habitantes que vén experimentado a comarca desde 1950. A evolución demográfica deste municipio pasa por distintas etapas. Nos primeiros dez anos do século XX, experimenta o maior crecemento ó pasar de 11.998 a 14.933 habitantes. De 1910 a 1930, perde poboación e queda en 13.891 persoas. Nas décadas dos anos trinta e corenta, aumenta de novo o número de habitantes ata situarse no rexistro máximo desta centuria, 16.142. A partir de 1950, a poboación comeza a decrecer, víctima do proceso emigratorio, ata acada-la cifra máis baixa en 1981 con 12.000 habitantes. Nos anos oitenta, Sarria detén a caída demográfica e incluso crece lixeiramente para acadar 12.437 habitantes en 1991, debido sobre todo a que recibe xentes procedentes doutros municipios da comarca, seguindo o proceso de concentración na vila dotada de mellores servicios que se vén dando no conxunto de Galicia.



Perdas continuas

O resto dos muncipios que conforman a Comarca de Sarria sofren perdas continuadas de poboación. O Incio, que en 1900 tiña 8.137, ve minguar o número de habitantes, con algunhas lixeiras oscilacións, ata os 2.902 que rexistra en 1991, a penas o 36 por cento dos que tiña o comeza-lo século. En Láncara hai que distinguir dúas fases: unha que vai de 1900 a 1940, na que a poboación crece desde 5.169 habitantes ata os 6.542 e outra que abrangue desde 1940 ata 1991, na que o número de habitantes vai descendendo paulatinamente para quedar en 3.530. Paradela aumenta algo a súa poboación entre 1900 e 1960, con oscilacións arriba e abaixo, e pasa dos 4.875 ós 5.174 habitantes. Na década dos sesenta padece a maior caída demográfica e rexistra en 1970 3.511 persoas. En 1991 ten 3.141. Desde 1900 a 1930, O Páramo mantense en torno ós 3.700 habitantes. Gaña algo na década dos anos trinta, 3.901 habitantes en 1940, e a partir de aí inicia o retroceso que o leva ós 2.074 habitantes de 1991. Samos é un dos municipios da comarca que ten un maior decrecemento demográfico no que vai de século: en 1900 anota 7.507 persoas e cae ata 6.101 en 1920, a partir dese ano crece durante os vinte anos seguintes e chega a 7.187 habitantes no censo de 1940. Nas décadas seguintes perde poboación a ritmo acelerado e queda en 2.324 habitantes en 1991. Triacastela tiña 2.584 persoas ó principia-lo século e vai perdendo xente ata 1930, 1985 habitantes. Nos anos trinta experimenta o maior aumento e chega a 2.609 persoas, e a partir desa data cae ata rexistrar 962 no ano 1991. ➪





Capela de Biduedo J.S

⇨ En canto ós datos para o conxunto, a Comarca de Sarria tiña 44.013 habitantes en 1900 e sitúase por riba dos 45.000 nos vinte primeiros anos. A continuación perde poboación, e no censo de 1930 rexistra 43.917 persoas. Na década dos anos trinta experimenta o maior crecemento do século ata acadar 47.961 habitantes. A partir de 1940, a zona sofre unha perda continua de poboación, que se acelera nos anos cincuenta, para quedar en 27.370 persoas en 1991, das cales o 50,45 por cento son homes e o resto mulleres.

De 1981 a 1991 a taxa de natalidade retrocede do 9,3 ó 6,7 e, ó contrario, a taxa de mortalidade avanza do 12,3 ó 12,9, como consecuencia diso o crecemento vexetativo é negativo e pasa do -3,0 ó -6,2. Por concellos, a taxa máis alta de natalidade tena Sarria cun 7,6 e a máis baixa O Incio cun 4,3, mentres que Triacastela (16,1) ten a taxa máis alta de mortalidade e Láncara (12,2) a máis baixa. O Incio e Samos son os dous municipios con menor crecemento vexetativo, -9,6 e -9,5, respectivamente.

En 1991, a Comarca de Sarria tiña 5.455 mulleres comprendidas entre os 15 e os 49 anos e houbo 167 nacementos, de modo que a taxa de fecundidade foi do 30,61. O Incio, con 7, e Triacastela, con 9, tiveron o menor número de nacidos da zona e o municipio de Sarria foi o que máis nacementos tivo, 96, que representan máis da metade do total. Sen embargo, a maior taxa de fecundidade correspóndelle a Triacastela, cun 48,39, e a máis baixa ó Incio, 15,18.

Nos últimos anos advírtese un lixeiro aumento do índice de dependencia senil en detrimento do índice de dependencia xuvenil. De 1986 a 1991, o índice de dependencia xuvenil pasou do 24,5 ó 23, e o de dependencia senil do 35,7 ó 37,9 para o coxunto da comarca. ¶

POBOACIÓN DE FEITO DE 1900 A 1991 COMARCA DE SARRIA

CONCELLO	1,991	1,981	1,970	1,960	1,950	1,940	1,930	1,920	1,910	1,900
INCIO (O)	2,902	4,003	4,512	5,712	6,253	7,433	7,010	7,440	7,344	8,137
LÁNCARA	3,530	4,209	4,284	5,308	5,513	6,542	6,113	6,222	5,269	5,169
PARADELA	3,141	3,311	3,511	5,174	4,808	5,122	5,062	5,251	5,154	4,875
PÁRAMO (O)	2,074	2,422	2,546	3,074	3,724	3,901	3,689	3,710	3,767	3,743
SAMOS	2,324	3,145	3,970	4,436	6,203	7,187	6,167	6,101	7,182	7,507
SARRIA	12,437	12,000	12,052	14,759	16,142	15,167	13,891	14,243	14,933	11,998
TRIACASTELA	962	1,129	1,367	1,632	1,975	2,609	1,985	2,256	2,342	2,584
TOT COMARCAL	27,370	30,219	32,242	40,095	44,618	47,961	43,917	45,223	45,991	44,013

Unha industria derivada do sector primario

A Comarca de Sarria ten a virtude de que soubo promover unha industria de enclave derivada do sector primario, que se concentra nos municipios do Incio e de Sarria, de modo que a agricultura, gandería e silvicultura aportan as materias primas que precisan a industria alimentaria e a industria do moble, dúas actividades con futuro se as empresas son capaces de readaptarse plenamente para competir en mercados abertos.

En termos xerais, a comarca aínda segue dependendo en gran medida do sector agrario, se ben desde 1981 a 1991 a poboación ocupada pasou de representa-lo 73,76 por cento ó 58,50. Ese descenso de 15 puntos no sector primario compénsase co aumento que experimentan o resto dos sectores productivos, pero por riba de tódolos servicios, que saltan do 13,32 ó 23,29 da poboación ocupada. A industria crece desde o 9,36 ó 10,82 e a construcción pasa do 3,56 ó 7,22.

A taxa de actividade

Comparativamente con outras zonas, a Comarca de Sarria aínda conserva un predominio superior do sector agrario tanto sobre a media provincial (43,35) como rexional (23,71) e a terciarización da economía está tamén moi por debaixo. Das 9.516 persoas que rexistra a poboación acupada, 6.058 son homes e 3.458 son mulleres. En Agricultura e Gandería hai 2.867 homes e 2.343 mulleres. Das 1.147 persoas que se dedican á industria, só 140 son mulleres. A poboación ocupada pola construcción (731 persoas) está composta maioritariamente por homes, 698. E nos servicios hai unha maior aproximación: 1.483 homes e 940 mulleres.

A taxa de actividade por grandes grupos de idade concéntrase entre as persoas que teñen entre 25 e 54 anos (77,25) e entre 55 e 64 (63,28). Para a xente comprendida entre os 16 e os 24 anos, a taxa de actividade e de 48,80 de cada 100 e para os maiores de 65 anos descende a un 13,35 por cento. A taxa de actividade total para a comarca é 53,33 persoas ocupadas por cada 100, excluíndo o conxunto de poboación que ten menos de 16 anos.

O INCIO. Entre 1981 e 1991 o sector primario perde case 27 puntos en poboación ocupada e pasa do 80,13 ó 53,58. Na industria presenta un crecemento de 10 puntos, espectacular para os tempos que corren, desde o 8,20 ó 18,46 por cento da poboación ocupada. A construcción crece case 7 puntos, do 1,58 ó 8,05. E o sector terciario tamén avanza en semellante porcentaxe á industria, e pasa do 10,09 ó 19,91.

Das 994 persoas que constitúen a poboación ocupada do Incio, 567 son homes e 327 mulleres. No sector primario o número de mulleres é maior que o de homes, 242 e 237, respectivamente. A poboación ocupada na industria é de 165 persoas, das que 148 son homes. Das 72 persoas que traballan na construcción, só 4 son mulleres. E nos servicios hai 114 homes e 64 mulleres.

En canto á taxa de actividade por grupos de idade, 72 de cada 100 persoas comprendidas entre 25 e 54 anos traballan e o 60 por cento das que van dos 55 ós 64 anos. Entre 16 e 24 anos teñen ocupación o 50,9 por cento e con máis de 65 anos, só o 2,32. A taxa de actividade total para O Incio é do 43,17 %, a máis baixa da comarca.

En nivel de instrucción o municipio non ten analfabetos (0,19 por cento), a media para a comarca é do 2,11; o 47,57 por cento da poboación carece de certificado de estudios; o 31,65 % acada o primeiro grao e o 18,25 ten estudios de segundo grao. Só o 2,33 por cento da poboación ten estudios superiores. ¶



Ponte de Carracedo, na Pobra de San Xiao J.S





➪ **LÁNCARA.** O sector agrario segue a domina-la actividade económica deste municipio. De 1981 a 1991 a poboación ocupada no campo a penas variou, pasando de representa-lo 83,37 por cento ó 75,69. Nesa década a actividade industrial aínda se reduciu máis, do 5,10 ó 3,21 por cento da poboación ocupada. A construcción creceu algo, desde o 1,22 ó 5,81. E o sector terciario tamén aumentou a proporción de ocupados, 10,31 en 1981 e 15,28 en 1991.

En relación á poboación ocupada por sexos, O Incio rexistraba en 1991 1.072 homes e 701 mulleres. Das 1.342 persoas que traballan na agricultura e na gandería, 582 son mulleres e 760 homes. Dos 57 ocupados en industria só 11 son mulleres. Na construcción traballan 90 homes e 13 mulleres. E nos servicios 95 mulleres e 176 homes. A taxa de actividade concéntrase nos grupos de idade comprendidos entre os 25 e 54 anos (83,66 por cento) e entre os 55 e 64 anos (73,96). De cada cen persoas situadas no grupo de idade que vai dos 16 ós 24 anos están ocupadas 52,56, e 23,85 no caso dos que teñen máis de 65 anos. A taxa de actividade total acada o 60,64 por cento.

Con data de 1991, O Incio rexistraba un 2,55 por cento de poboación analfabeta. O 53,83 % da poboación carece de certificado de estudios primarios; o 24,07 ten o nivel de primeiro grao; o 18,14 o nivel de segundo grao e conta con estudios superiores o 1,41 por cento.

PARADELA. O peso do sector agrario na economía deste municipio é indiscutible pese a que en 1981 tiña o 90,52 por cento da poboación ocupada e o 77,64 % dez anos máis tarde. Neses dez anos rexistra un lixeirísimo aumento de ocupados na actividade industrial, pasa do 3,08 ó 4,41 por cento, e tamén na construcción, do 1,38 ó 5,93 %. O incremento maior prodúcese no sector servicios, que se en 1981 tiña o 5,02 por cento da poboación ocupada, en 1991 anota o 12,02, pero en calquera caso presenta un grao de terciarización da economía aínda moi baixo.

En Paradela, a taxa de actividade para o grupo de idade comprendida entre os 25 e 54 anos afecta a case 90 persoas de cada 100, esa proporción é algo menor no suposto dos comprendidos entre 55 e 64 anos, con 82,38 por cada 100. No grupo entre os 16 e 24 anos, este municipio acada a taxa de actividade máis alta da comarca, 63,44 por cento. No que se refire a maiores de 65 anos, a taxa é do 33, 68 %. Paradela ten a segunda taxa total de actividade máis alta dos municipios de conforman a Comarca de Sarria co 69,55 por cento. A media comarcal é de 53 activos por cada 100 persoas maiores de 16 anos. ➪

⇨ No que fai referencia ó nivel de instrucción da poboación, Paradela tiña en 1991 un 2,82 por cento de analfabetos. Neste municipio de cada 100 habitantes 61 non teñen certificado de estudios primarios, 20 acadan o nivel de primeiro grao, 18 o de segundo grao e 1,4 teñen estudios superiores.

O PÁRAMO. Pese a que o sector agrario perdeu peso na década dos oitenta, case trece puntos, e pasou de te-lo 94,44 por cento da poboación ocupada ó 81,48, aínda conserva o récord de se-lo municipio con maior dependencia da economía campesiña de toda a comarca. O sector industrial, inexistente en 1981, ocupa ó 3,20 por cento dez anos despois. E case o mesmo se pode dicir da construcción que en 1991 anota o 3,90 da poboación ocupada. No sector terciario hai un pequeno avance ó pasar do 4,42 por cento dos ocupados ó 11,41 no ano 1991.

A poboación total ocupada no Paramo era de 954 persoas, das cales 638 son homes e 361, mulleres. Na agricultura e gandería traballan 316 mulleres e 497 homes; na industria, 32 persoas, e só 6 delas son mulleres; a construcción non lle dá ocupación a unha soa muller e acolle 39 homes. E nos servicios a relación é 75 homes e 39 mulleres.

Vacas frisonas no Incio J.S

A estructura da taxa de actividade por grupos de idades sinala que a maior concentración se dá entre os 25 e os 64 anos. Así no grupo comprendido entre 25 e 54 anos, a taxa de actividade é de 82 de cada 100 e de 64 de cada 100 para as persoas situadas entre os 55 e os 64 anos. No grupo correspondente ós maiores de 65 anos a taxa é do 11,22 por cento. Para as persoas situadas entre os 16 e 24 anos, o numero de ocupados é de 60 de cada cen, moi alta se se considera que a media para a comarca é do 48,80 por cento.

No Páramo, de cada cen persoas só 2,58 son analfabetas; 58 non teñen certificado de estudios primarios e 18 acadan o nivel de primeiro grao. Case 19 de cada cen teñen certificado de segundo grao e cerca do tres por cento, exactamente o 2,68, conta con estudios superiores. ⇨

COMARCA DE SARRIA

POBOACIÓN OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE 1981

CONCELLO	% SECTOR PRIMARIO	% SECTOR INDUSTRIA	% SECTOR CONSTRUCCIÓN	% SECTOR TERCIARIO
INCIO (O)	80.13	8.2	1.58	10.09
LÁNCARA	83.37	5.1	1.22	10.31
PARADELA	90.52	3.08	1.38	5.02
PÁRAMO (O)	94.44	0.43	0.71	4.42
SAMOS	85.56	4.69	1.28	8.47
SARRIA	44.91	21.08	8.31	25.7
TRIACASTELA	76.62	1.56	8.05	13.77
TOT COMARCAL	73.76	9.36	3.56	13.32

POBOACIÓN OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE 1991

	% SECTOR PRIMARIO	% SECTOR INDUSTRIA	% SECTOR CONSTRUCCIÓN	% SECTOR TERCIARIO
	53.58	18.46	8.05	19.91
	75.69	3.21	5.82	15.28
	77.64	4.41	5.93	12.02
	81.48	3.2	3.91	11.41
	64.84	9.55	5.47	20.14
	35.55	18.28	9.73	36.44
	76.35	1.64	7.23	14.78
	58.5	10.82	7.39	23.29

Hospital do Incio J.S

➪ **SAMOS.** A forte caída que sofre a actividade agraria na década dos anos oitenta, case 21 puntos, ó pasar do 85,56 por cento ó 64,84 de poboación ocupada parece indica-lo inicio dun proceso acelerado de transformación da estructura productiva deste municipio, no que o sector servicios experimenta o maior crecemento dentro da comarca. En 1981, o sector terciario tiña unha poboación ocupada do 8,47 por cento e dez anos máis tarde do 20,14. Tamén crece a industria que pasa do 4,69 ó 9,55 por cento da poboación ocupada e a construcción que salta do 1,28 en 1918 ó 5,47 % en 1991.

Samos ten un total de poboación ocupada de 859 persoas, das que 532 son homes e 327 son mulleres. Á agricultura e gandería dedícanse 292 homes e 263 mulleres. Das 82 persoas que hai na industria, 74 son homes e o resto mulleres. Só unha muller está na construcción das 47 persoas que traballan neste sector. E nos servicios hai 119 homes e 54 mulleres.

Samos é un dos municipios da Comarca de Sarria con menos taxa de actividade, 2,47 por cento, no grupo de idade de persoas maiores de 65 anos. Entre 25 e 54 anos a porcentaxe de ocupados é do 78 por cento e de 57 de cada 100 persoas para o grupo de idade situado entre 55 e 64 anos. No grupo dos que van dos 16 ós 24 anos, a ocupación é de 48 de cada 100 persoas. En conxunto a taxa de actividade total para a xente maior de 16 anos é de case o 46 %, a segunda máis baixa da comarca.

Polo que fai referencia ó nivel de instrucción da poboación, segundo datos referidos a 1991, Samos ten un 3,01 por cento da poboación analfabeta. De cada cen persoas, 51 non teñen certificado de estudios primarios; 25 acadan o nivel de primeiro grao e case 19 o de segundo grao. Só o 1,46 da poboación ten estudios superiores.

SARRIA. Cabeceira da comarca, Sarria presenta unha estructura productiva moi distinta á do resto dos municipios da zona, que pode resumirse nun proceso crecente de terciarización da súa economía cunha perda acelerada de peso do sector primario e o mantemento dun tecido industrial básico, vital para a conformación do seu Producto Interior Bruto.

De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario pasou do 44,91 ó 35,55 por cento, oito puntos por debaixo da media para a provincia de Lugo. A industria caeu levemente e pasou de te-lo 21,08 por cento da poboación ocupada en 1981 ó 18,28 en 1991. A construcción a penas modifica a súa correlación de forzas co resto dos sectores, e pasa do 8,31 ó 9,72 por cento. O avance máis representativo, como xa apuntabamos, dáse no sector servicios que en 1981 tiña o 25,70 % da poboación ocupada e dez anos máis tarde rexistra o 36,44 por cento da mesma, once puntos máis. ➪



Serra do Oribio J.S

➪ En consecuencia, a importancia do sector primario na economía de Sarria é tan patente que a súa poboación ocupada é superior xa á do sector agrario. En total, o municipio ten 4.382 persoas con ocupación, das que 2.891 son homes e 1.491 mulleres. En agricultura e gandería traballan 755 mulleres e 822 homes. A industria dálles ocupación a 801 persoas, das cales só 96 son mulleres, pero tamén convén saber que Sarria ten neste sector o 70 por cento do que emprega a comarca. Na construcción traballan 411 homes e 15 mulleres. E no sector servicios 952 homes e 645 mulleres.

A maior taxa de actividade por grupos de idade corresponde ó situado entre 25 e 54 anos, con 71 de cada 100 persoas. A continuación está o comprendido entre os 55 e os 64 anos, dos que están ocupados case 55 de cada 100 persoas. A taxa de actividade dos maiores de 65 anos é do 6,78 por cento. E para os que teñen entre 16 e 24 anos do 42,04 %. En total, están ocupadas 49 de cada 100 persoas maiores de 16 anos.

Como é lóxico, Sarria ten o maior nivel de instrucción da comarca no que se refire ó primeiro grao, segundo grao e estudios superiores. A porcentaxe de poboación analfabeta no municipio e baixa, 1,76. Un 38,62 por cento dos habitantes non teñen certificado de estudios primarios. Cerca do 30 por cento posúe estudios de primeiro grao e case un 26 por cento de segundo grao. Con estudios superiores atópase o 3,86 por cento da poboación, a maior porcentaxe da comarca, pero sen chegar ó 4,5 % de media provincial.

TRIACASTELA. Dá a impresión como se a estructura productiva deste municipio fose allea ó transcorrer do tempo, pois a penas se produciron cambios na poboación ocupada dos distintos sectores na década dos anos oitenta. En 1981, o sector primario tiña unha poboación ocupada de 76,62 por cento e dez anos máis tarde do 76,35 %. Para o mesmo período de tempo, a poboación industrial pasou do 1,56 ó 1,64 por cento. A construcción rexistrou unha leve caída, ó pasar do 8,05 en 1981 ó 7,22 por cento de poboación ocupada en 1991. O maior crecemento prodúcese no sector servicios, se ben non chega a ser de 1 punto: en 1981, a poboación ocupada era do 13,77 por cento e dez anos despois do 14,78 %.

En total hai 609 persoas ocupadas, das que 358 son homes e o resto mulleres. A gandería e agricultura dálles traballo 259 homes e 205 mulleres. A industria emprega a 10 persoas, das que 2 son mulleres. A construcción non ocupa a ningunha muller e a 44 homes. E no sector servicios traballan 47 homes e 43 mulleres.

Por grupos de idades a taxa de actividade é superior nos comprendidos entre os 25 e 54 anos, con 92 de cada 100, o que supón a porcentaxe máis alta de toda a comarca. O mesmo sucede no caso do grupo de idade que vai dos 55 ós 64 anos, no que a taxa de actividade acada o 83,44 por cento. No caso dos comprendidos entre 16 e 24 anos, a ocupación é do 56 de cada 100. E sorprende a alta taxa de actividade que amosa o grupo que lles corresponde ás persoas maiores de 65 anos, en canto que ocupa a case 47 de cada 100, moi superior á media da comarca, 13,35 por cento. A taxa de actividade total é do 71,40 %.

Triacastela ten a porcentaxe máis alta de poboación analfabeta, 4,82. O 59 por cento non posúe o certificado de estudios primarios, mentres que o 16,54 % acada o primeiro grao e o 17 por cento o segundo. ¶

Sarria, terra de peregrinos e cabaleiros

O monumento máis importante desta comarca e que contribuíu máis ó seu desenvolvemento histórico, non é nin a magnífica abadía de Samos, nin o castelo de Sarria, nin San Fiz de Hospital, nin calquera outro. O Camiño Francés, o Camiño a Compostela que baixa das alturas do Cebreiro, a porta de Galicia, cara a Triacastela, é o maior atractivo desta terra.

NAS súas beiras os peregrinos desde hai séculos mergúllanse nunha paisaxe definitivamente amable, despois de cruzar tódalas montañas de León e pasar a Galicia. Tras moitos esforzos a doce veiga sarriá amósalle-lo chan galego en toda a súa beleza. O Camiño entra na comarca desde o alto de Fonfría. Ó pouco atópase a que din é a igrexiña máis pequena da ruta: a sinxela capela de Biduedo. Os peregrinos seguen por solitarias paraxes cara a Triacastela, onde aínda se conservan restos dun antigo mesón e hospital de peregrinos. Hoxe, nembargantes, os que van a Compostela teñen abertas as portas dun confortable albergue nesta vila. Algo máis adiante, o Real Mosteiro de San Xiao de Samos, agachado nun estreito val. A carón súa consérvase a 'capela do ciprés' construcción prerrománica de estilo visigótico. O Camiño segue cara á vila de Sarria. Resulta curioso que o Codice Calixtino, a célebre obra do francés Picaud nin mencione sequera a capital comarcal e se refira á próxima localidade de Santiago de Barbadelo, onde se erixiu un fermoso templo románico. A pesar do esquecemento de Aymeric Picaud, Sarria ten unha alma marcadamente 'xacobea'. O actual mosteiro da Magdalena foi noutro tempo hospital de peregrinos. Neste edificio mestúranse elementos arquitectónicos románicos, góticos, platerescos e manuelinos. Tamén en Sarria, moi preto da torre dos condes, no alto da zona vella perdura a igrexa do Salvador, románica. Tras Sarria e Barbadelo a 'vía francíxena' deixa a comarca cruzando as terras de Paradela cara a Portomarín.

Pero con ter unha importancia indiscutible (foi declarado Itinerario Cultural Europeo polo Consello de Europa no ano 1987) no é dende logo o único aliciente para visitar esta comarca rica e variada na súa oferta turística. Ó norte dela, en Láncara, cómpren visitarse entre outros lugares as igrexas de Toirón (século XI) e Neira de Cabaleiros, o Pazo de Láncara e a ponte medieval de Carracedo que salva o curso, cheo de beleza, do río Neira. No Concello do Páramo agardan algúns exemplares de sinxelo románico rural, tal é o caso do templo parroquial de Friolfe, que ostenta no seu tímpano unha cruz dos cabaleiros de Malta. Outros exemplos de románico atópanse en Grallas, Vilarmosteiro e Gondrame. De entre as casas nobres pode destacarse o Pazo de Neira. Paradela tamén é rica en monumentos románicos, San Facundo de Ribas de Miño, Sta. Mª de Castro de Rey de Lemos, Vilaragunte (topónimo de resonancias xermánicas) e Loio. Por último a igrexa de Sta. Mª de Ferreiros, ó pé mesmo do camiño a Compostela. Completando as paisaxes do Páramo e Paradela, o Miño que embelece co seu curso de augas tranquilas as terras destes dous concellos.

Os concellos do leste da comarca, O Incio, Samos e Triacastela, ofrecen unha paixase distinta máis montañosa. No Incio, concello no que existe a posibilidade de realizar variadas rutas de sendeirismo, tanto a paisaxe natural coma a humana cambia, xorden as aldeas de casas empoleiradas (é o caso de Ferreria de Incio) que se apoian unhas noutras. Abundan tamén as explotacións, hoxe abandonadas, mineiras e de forxa.

En Ferreria, ademais, consérvase, aínda que en estado regular o célebre balneario de augas ferruxinosas. Non lonxe, noutro val estreito levántase un dos máis fermosos conxuntos románicos da comarca e quizais de Galicia: San Pedro Fiz de Hospital, cunha igrexa, torre defensiva e panteón funerario construídos polos cabaleiros de San Xoán de Xerusalén en mármore azul. Outros dous monumentos de singular importancia no concello son Sta. Mª do Viso, na parroquia na que Afonso II expulsou os musulmáns das terras galegas, e Sta. Mª do Mao, igrexa restaurada pola Xunta de Galicia que desde febreiro de 1996 ofrece un novo e mellor aspecto. No templo, que ten a necrópole cuberta polas ás do tellado consérvase a monumental tumba de San Eufresio, xusto no medio da nave. E no Incio os visitantes descubrirán tamén a Serra do Oribio, vestíbulo da do Courel e o máxico val do río Louzara, paraxes naturais, os dous de gran interese. As infraestructuras turísticas na comarca son cada día que pasa máis atractivas. Sarria é o centro co seu parque-área fluvial do Chanto cos seus hoteis e coutos de caza, pero no resto da comarca hai xa interesantes establecementos de turismo rural. Concretamente, tres en Triacastela, dous en Samos, un en Sarria e outro no Incio que ofrecen, en conxunto, cerca dun cento de prazas hosteleiras. Concluíndo, esta é unha comarca para un desfrute vagaroso da paisaxe e da aquitectura rural (románica na maior parte dos casos) xunto coa gastronomía e as actividades na natureza, sendeirismo, caza, pesca ou parapente (dende as abas do Oribio). E para o sacrificado peregrino xacobeo, pisar estas terras significa enche-lo corazón de ledicia, tras deixar atrás a dureza das etapas anteriores e intuír xa, ó lonxe, as torres da catedral de Compostela. ¶



O Incio J.S


COMARCA
DE SARRIA
SITGA
Rio Neira
Maceda
GUNTÍN
O CORGO
BARALLA
BECERREÁ
Toirán
Pobra de
S. Xulián
Carracedo
Láncara
LÁNCARA
Lamas
PORTOMARÍN
O PÁRAMO
AS NOGAIS
Friolfe
Vileiriz
SARRIA
Sarria
Rio Sarria
Loio
Sarria
TRIACASTELA
San Facundo
Barbadelo
Encoro
de Belesar
Ribas de
Miño
Castro
Tiacastela
Reiriz
Samos
Lusío
PARADELA
SAMOS
Santa
Marina
Sta. María
do Mao
Rio Mao
O INCIO
Nogueirido
Encoro de
Vilasouto
Santalla
Bóveda
Hospital
Rio Sardiñeira
Mao
FOLGOSO
DO COUREL
O Saviñao
Ferreria
2000 m. 0 2000 4000 6000 8000 m.
Ferrocarril
Camiño de
Santiago
Contorno
comarca
Torre
Casa de turismo rural
Mosteiro / Convento
Casco vello
Igrexa
Pazo
Albergue de pelegrins
Antigua feira
Ponte
Balneario
Praia fluvial
Cova

Futuro da Comarca de Sarria

A Comarca de Sarria estableceu tradicionalmente as súas actividades económicas nos recursos máis básicos do seu contorno: agricultura, gandería e subsector forestal, sen esquecer outros recursos naturais como a minería, da que se derivan hoxe en día, as empresas máis importantes da comarca; neste ámbito son as calcarias, os mármores e os minerais metálicos e non metálicos as principais materias primas extraídas.

Tamén o subsector forestal foi sempre fonte de riqueza, dado que gracias á abundancia de especies de alto valor adquisitivo, se creou unha das máis importantes industrias lucenses do moble, a de Sarria, que pode ter un exitoso futuro se amplía a súa producción con diferentes deseños, que lle aporten un novo mercado e, polo tanto, un maior abano de vendas.

A agricultura e a ➪



Igrexa de Santa María do Mao, no Incio

J.S



Casa Grande de Romariz, no Incio J.S

gandería, non por tradicionais se estancaron totalmente senón que, polo contrario, foise producindo unha tendencia clara de orientación da agricultura cara á gandería, tendo en conta a especialización que se produciu nesta última.

ISTO pode se-lo punto de partida para unha maior producción cárnica, dada a alta calidade do seu producto, se se presenta a consecución de apertura de novos mercados extrarrexionais de cara a unha maior rendibilización deste subsector.

POR último, débense sinala-las favorables condicións naturais existentes en toda a comarca de cara ó turismo, onde se xuntan cualidades paisaxísticas, arquitectónicas, medicinais e gastronómicas, entre as que destacan importantes conxuntos arquitectónicos como o de Hospital do Incio, o Balneario deste mesmo municipio –cunha curta actividade estival–, o Mosteiro de Samos, o núcleo de Portomarín, etc... e unha morea de lugares que pagan a pena ser visitados. Todo isto, débese potenciar de cara ó gran desenvolvemento que o turismo rural está conseguindo en Galicia e que pode ser un forte apoio para a economía baseada no sector primario, tan desenvolvida na Comarca de Sarria.

TODOS estes factores, orientan o futuro da comarca, potenciando as actividades que teñen xa un bo rendemento e que son incrementables cunha boa xestión laboral. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

19

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Abril do 1996

Os Ancares

Castelo de Doiras

José Salgado

A comarca dos Ancares

A Comarca dos Ancares sitúase no sector oriental da provincia de Lugo constituíndo, xunto coa veciña Comarca da Fonsagrada e do Caurel, a alta montaña lucense.

COMPÓÑENA os municipios de Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro, ocupando unha extensión de 907,47 Km2 nos que se asentaba, en 1994, unha poboación de 12.848 habitantes.

OS Ancares forma parte do que podería considerar unha gran Comarca interrexional (Galicia, León e Asturias), cunhas peculiaridades naturais e etnográficas que a distinguen das áreas veciñas.

A articulación do espacio comarcal en torno ás vías de comunicación (N-VI e C-535 fundamentalmente), permite así mesmo a articulación de cada un do municipios da Comarca entre si e, en particular, con Becerreá. Esta vila, centro de actividades comerciais e mais de ⇨



FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

⇨
Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

⇨ servicios, actúa como cabeceira comarcal, aínda que moitas parroquias manteñan vinculacións parciais con outras áreas próximas da Fonsagrada, Sarria e Quiroga.

O territorio comarcal articúlase entre as serras orientais lucenses e as súas caídas occidentais, que enmarcan o curso do río Navia, que atravesa a Comarca de SO a NE.

ENTRE a aliñacións das Serras Orientais destacan as formadas pola Serra dos Ancares, que separa a Comarca de Asturias, no extremo setentrional, e de León, no resto da franxa oriental (as principais cotas correspóndelles a Penarrubia, con 1.821 m., El Mustallar, con 1.924 m., e Pena Longa, con 1.842 m.); as de Pedruñales e de Mera ó norte da anterior, actuando de límite xunto co val do Navia na confluencia co seu depositario, o Suarna, polo norte; e as do Piornal e Rañadoiro, ó sur, cos montes de Lóuzara e o val do río Lor, que a separan da Comarca do Caurel.

O límite occidental póñeno as Serras do Oribio, os Montes da Albela e maila Serra de Puñago.

O val do río Navia segue no seu nacemento a dirección estructural do terreo (SE-NO) ata a súa confluencia co río Ferreiros, no que o seu trazado toma a dirección SO-NO, que é a dominante no resto do curso.

OS seus principais afluentes son os ríos da marxe dereita, entre os que destacan o Valdeparada, Cervantes ou Quindous.

Na marxe esquerda os regachos teñen moito menor

Palloza no Piornedo J.S

percorrido. Outro río que ten a súa orixe na Comarca é o Lor, que nace en Pedrafita do Cebreiro, xa no límite coa provincia de León e, a continuación, sae da Comarca para adentrarse polas terras do Caurel cara ó Sil. Como consecuencia, as aliñacións serranas occidentais fan de divisoria de augas entre o Cantábrico, a onde aflúe o Navia, e o Atlántico, ó que chegan a través do curso Sil-Miño.

O clima encádrase dentro do oceánico de montaña, froito da altitude e do seu arredamento da costa, con invernos longos, fríos e de elevadas precipitacións (2.000 mm. anuais) frecuentemente en forma de neve, e veráns curtos e frescos; a temperatura media anual non adoita supera-los 8-9ºC e a oscilación térmica alcanza os 13ºC. ❦

Área ecolóxica que favorece o turismo rural

OS Ancares é unha das comarcas de Galicia con moitas posibilidades de que a conservación do seu contorno ecolóxico sexa o seu mellor atractivo para un turismo rural no que o desfrute da natureza o é todo. Os Ancares ten un gran interese na súa flora por se-lo límite entre diversas variedades de especies cántabras e pirenaicas. Aténdose á vexetación, os expertos trazan unha división en dúas zonas: a occidental, na que predominan as uceiras, de tipo mediterráneo continental, e a oriental, claramente continental, con vexetación de tipo nemoral e as ladeiras das montañas cubertas de bosque. Entre os 1.000 e os 1.400 metros sobre o nivel do mar, existe o que se deu en chamar o ''piso do carballo'', pois a súa vexetación sería unha longa franxa de bosques de carballeiras, das que aínda existen núcleos importantes que se salvaron das brutais cortas realizadas a principios deste século, no 1917, e a mediados, entre os anos 45 e 50. Por riba das zonas de carballos sitúanse os bosques de faias, que nos Ancares non conforman un piso continuado, senón que se reúnen en fragas, e despois veñen as áreas do bidueiro, visitadas por grandes aves. E a modo de orla que envolve os bosquiños de bidueiros están as acivreiras, que xogan un papel transcendental no equilibrio ecolóxico da serra durante o inverno.

Xa por riba do 1.600 metros de altura sobre o nivel do mar hai que falar das uceiras e dos piorneiros que, xunto ás xesteiras, cumpren o impagable papel de cubrir e protexe-lo solo dos ventos, e fortes chuvias e nevadas, axudando á vez a fixa-lo nitróxeno.

No que respecta á fauna, Os Ancares cumpren o importante papel de ser refuxio de moitas especies que foron exterminadas na Terra Chá. Así, na práctica, as montañas desta comarca atesouran os restos en Galicia de especies como o corzo, xabarín, rebeco, urogalo, tamén coñecido como a 'pita dos montes'.

Aspecto humano

No aspecto humano, o illamento da Comarca dos Ancares dos grandes centros urbanos deu orixe a un sistema económico autónomo e, en parte, autosuficiente, baseado na agricultura e na gandería, así como na explotación moi selectiva do bosque. E de xeito engadido hai que cita-las pallozas prerromanas como vivenda característica e que aínda se conservan da zona.

En canto ás características singulares dos distintos municipios que conforman a comarca, Becerreá representa dalgún xeito o centro administrativo da zona. Por esta vila pasaba a vía romana que comunicaba Lugo con Astorga. Entre os restos históricos do municipio destacan a Igrexa de Oselle, que é do século XII, o convento de Penamaio que é do século XV, e a ponte romana de Gatín.

No municipio de Cervantes, na localidade de Piornedo dos Ancares consérvase o tipo máis representativo da palloza. Merece a pena cita-lo santuario da Virxe de Tarnas, no que o 20 de maio de cada ano se celebra unha romaría con peregrición. A presencia nestas terras dos señores de Cervantes ou Saavedra levou a establecer relacións de parentesco entre eles e o autor do Quixote. Entre as distintas fortificacións que salpica a zona, cómpre cita-lo Castelo de Doiras e as ruínas do convento da Dorna, antigo mosteiro dos templarios.

Entre as lendas que existen, brilla de xeito especial a que se refire á muller cerva. Cóntase que unha fermosa doncela desapareceu nos montes, sen que os familiares fosen capaces de atopala, polo que acabaron por dala por morta. Tempo despois, un día en que o irmán da moza estaba cazando ➪

Bidueiro a carón de Becerreá J.S

por aquelas cordilleiras, deulle morte a unha cerva branca, á lle que cortou unha das súas patas dianteiras e a levou no seu zurrón como trofeo. Xa no castelo o mozo dispúxose a baleira-lo saco, e cal non sería a súa sorpresa ó ver que en lugar da pata do animal había unha esbelta man de muller, envolta en sangue, que lucía nun dos seus dedos o fermoso anel que noutro tempo levara a súa irmá desaparecida. Volveu ó monte de présa, e con moita tristura puido comprobar que a cerva branca se convertera no corpo sen vida da súa irmá.

En parte a historia de Navia de Suarna está vencellada ós condes de Altamira, que accederon ó condado a finais do século XV. Ademais de nomea-lo xuíz e o escribán, o conde tiña acoutados no río catro pozos de pescadería e un caneiro. En termos xerais, o dominio do conde sobre o municipio era absoluto, tanto no plano da administración civil como no da economía, e ata no plano eclesiástico. Nas Nogais ten un evidente atractivo cultural a igrexa parroquial de San Andrés, que conserva restos prerrománicos. Bouza Brey sinalou o gran valor etnográfico que teñen as pinturas que decoran o interior da igrexa, e o expertos consideran que as ornamentacións poderían ser pintadas e non gravadas. Na bóveda da ábsida representouse no ceo, a lúa e as estrelas, nunha visión panteísta. No caso de Pedrafita o atractivo do Mesón-Hospital que lles deu acubillo a corpos, almas e lendas das peregrinacións xacobeas, a igrexa prerrománica de Santa María conserva o cáliz e a patena onde se produciu o milagre do Cebrerio: a hostia convertida en carne e o viño en sangue. Ten tamén interesantes tallas. ¶



Santuario do Cebreiro J.S

Unha zona con alta taxa de masculinidade

A comarca dos Ancares é unha das zonas con máis alta taxa de masculinidade na provincia de Lugo e no conxunto de Galicia. Á parte das cuestións biolóxicas é un feito contrastado que durante moitos lustros, dos Ancares saíron centos de mulleres cara a grandes cidades como Madrid, Barcelona e Bos Aires contratadas como amas de cría.

A principios de século, a comarca tiña 32.278 habitantes e experimenta un lixeiro crecemento ata o ano 1910, en que rexistra 32.954. A partir de aí, comeza a perder poboación se ben nos anos trinta consegue manterse por riba dos 30.000 habitantes. Desde o censo de 1950 en diante, Os Ancares ve decrece-la súa poboación a un ritmo medio de case 4.500 habitantes por década, ata situarse nos 12.470 que anota en 1991.

Dos cinco municipios que conforman a comarca, Becerreá é na actualidade o que ten maior número de habitantes, con 3.992. A principios deste século, o citado municipio rexistraba case o triple de xente, 9.153 persoas. En 1991 Cervantes tiña 2.372 habitantes, case a terceira parte do que anotaba no ano 1900, 7.181. De 1900 a 1991, Navia de Suarna perdeu case o 70 por cento da poboación ó baixar de 6.670 a 2.136 persoas. Nas Nogais, a caída demográfica é tamén moi semellante, e neses 91 anos pasa de 5.057 a 1.867 habitantes. Con tódalas condicións adversas, Pedrafita aguanta algo mellor a perda de poboación, que se reduce á metade de 1900 (4.217) a 1991 (2.103).

Crecemento negativo

Como xa adiantabamos ó inicio, na estructura por sexo da poboación Os Ancares presenta unha taxa de masculinidade moi alta, 112 en 1991, cando a media da provincia está no 96 e a media galega en 93,2. No caso concreto de Cervantes, a taxa de masculinidade acada o 121,8. En 1991, Os Ancares anotaba 6.937 homes e 6.196 mulleres cinco anos atrás, en 1986, había 8.456 homes e 7,435 mulleres, pero aínda na actualidade en ningún dos municipios as mulleres superan os homes: Becerreá, 2.100 e 2.026, respectivamente; Cervantes, 1.430 e 1.174; Navia de Suarna, 1.230 e 1.073; As Nogais, 1.029 e 927 e Pedrafita, 1.148 e 996.

En toda a situación descrita algo ten que ver unha taxa de natalidade en descenso e unha taxa de mortalidade alta que se mantén. O que en consecuencia causa un crecemento vexetativo negativo.

Entre 1981 e 1986 a taxa de natalidade da zona era do 8,0 e a taxa de mortalidade do 12,8 o que provocou un crecemento vexetativo negativo do -4,8. Desde o ano 1986 ó 1991, a taxa de natalidade cae ata o 5,9 ➪





e a taxa de mortalidade sitúase no 12,3. Pero o lixeiro descenso da mortalidade neses cinco anos non compensa a forte caída dos nacementos e, en consecuencia, o crecemento vexetativo negativo acada un rexistro do -6,4.

Por municipios, e referidos os datos ó período que vai de 1986 a 1991, Becerreá ten unha taxa de natalidade do 6,8, unha taxa de mortalidade do 12,2 e un crecemento vexetativo do -5,6; Cervantes, unha taxa de natalidade do 5,1, unha taxa de mortalidade do 13,4 e un crecemento vexetativo do -8,3; Navia de Suarna ten unha taxa de natalidade do 4,6, unha taxa de mortalidade do 10,3 e un crecemento vexetativo do -5,8; As Nogais, taxa de natalidade do 6,9, taxa de mortalidade do 14,4 e crecemento vexetativo do -7,5; e Pedrafita anota unha taxa de natalidade do 6,5, unha taxa de mortalidade do 11,9 e un crecemento vexetativo do -5,3.

En 1991, Os Ancares tiña 2.273 mulleres comprendidas entre os 15 e os 49 anos e o número de nacidos nese ano foi de 68, co cal a taxa de fecundidade foi do 29,92. Dentro da comarca, o maior número de nacementos rexistrouse en Becerreá, 23 para 768 mulleres, e o menor en Navia de Suarna, 9 para 350 mulleres. En Cervantes, o número de nacidos foi de 14 para 400 mulleres; nas Nogais anotaron 10 nacementos a repartir entre 342 mulleres e 12 en Pedrafita do Cebreiro para 413 mulleres que están en idade de procrear.

O índice de dependencia xuvenil pasou do 22,2 en 1986 ó 21,8 en 1991. O índice de dependencia senil subiu do 34,7 en 1986 ó 45,6 en 1991. O índice de dependencia xuvenil máis alto teno o municipio de Becerreá cun 24,2 e o máis baixo, Navia de Suarna cun 17,1. O índice máis alto de dependencia senil rexístrao Navia cun 54,4, e o máis baixo Pedrafita, 39,9. ❦

Muíño preto de Ponte Gatín J.S

POBOACIÓN DE FEITO DE 1900 A 1991 COMARCA DOS ANCARES

CONCELLO	1.991	1.981	1.970	1.960	1.950	1.940	1.930	1.920	1.910	1.900
BECERREÁ	3.992	5.034	5.762	7.753	7.015	7.776	7.864	8.100	8.689	9.153
CERVANTES	2.372	3.069	4.294	5.570	7.952	7.011	7.245	8.412	7.557	7.181
NAVIA DE SUARNA	2.136	3.745	4.995	5.711	6.546	7.174	6.633	6.913	7.034	6.670
NOGAIS (AS)	1.867	2.283	2.518	3.239	4.149	4.412	4.463	4.699	5.072	5.057
PEDRAFITA DO CEBREIRO	2.103	2.500	2.861	3.423	3.858	4.185	4.171	4.188	4.602	4.217
TOT COMARCAL	12.470	16.631	20.430	25.696	29.520	30.558	30.376	32.312	32.954	32.278

A súa maior riqueza está no medio natural

A maior riqueza económica da Comarca dos Ancares está no seu medio natural e polo mesmo na súa conservación como unha das grandes reservas ambientais de Galicia, pero de modo que o chamado turismo ecolóxico se faga compatible cunha actividade agraria e gandeira de alta montaña. Tradicionalmente, os municipios da comarca centraron a súa actividade económica no sector primario cun modelo de explotación que combinou os cultivos agrarios coa gandería –bovino, ovino e porcino–. Hai tamén que facer mención á explotación de recursos mineiros, se ben como unha actividade simplemente extractiva. Pero, en calquera, a emigración foi o recurso que tiveron miles de persoas desta zona para intentar mellora-las súas opcións a un mellor nivel de vida.

En termos xerais, o peso do sector primario segue a ser decisivo na actividade económica da comarca, pese a que desde 1981 a 1991 pasou de te-lo 84,80 por cento da poboación ocupada ó 63,25, respectivamente. No caso da industria, na década dos oitenta prodúcese un lixeiro aumento da súa capacidade e pasa de te-lo 2,52 por cento da poboación ocupada ó 5,53. Na construcción, a porcentaxe de ocupación crece desde o 2,08 en 1981 ata o 6,91 dez anos despois. O avance prodúcese no sector servicios, que na citada década pasa de representa-lo 10,60 por cento da poboación ocupada ó 24,31 %.

Ocupación feminina

En canto á relación de poboación ocupada por sexos, esta divídese en 3.175 homes e 1.584 mulleres. Por sectores, das 3.009 persoas que teñen ocupación na agricultura e gandería, 1.906 son homes e o resto mulleres. Na industria traballan 227 e 36 mulleres. Das 329 persoas que traballan na construcción, só 12 son mulleres. E nos servicios o reparto é de 725 homes e 432 mulleres. En resumo a forza de traballo feminina concéntrase nos sectrores primario e de servicios, ó sumar 1.535 mulleres, o que representa o 97 por cento do total.

No que fai referencia ó nivel de instrucción da poboación dos Ancares, o 5,03 por cento é analfabeta: unha das porcentaxes máis altas de Galicia. A poboación sen certificado de estudios é do 47,17 por cento. O 28,09 ten estudios de primeiro grao e o 17,58 de segundo grao. Só o 2,1 por cento acadou estudios superiores.

BECERREÁ. Na década dos oitenta, Becerreá sofre un importante cambio na súa estructura productiva, pese a que a actividade agraria segue sendo predominante no municipio. En 1981, o sector primario tiña unha poboación ocupada do 80,74 por cento e en 1991 do 53,83 %, é dicir case 27 puntos menos. Esa perda de indentidade agraria foi compensada, fundamentalmente, por un proceso de terciarización da economía: neses dez anos, os servicios pasaron de te-lo 14,09 ó 32,92 por cento da poboación ocupada. A industria crece algo, e pasa do 2,08 por cento dos ocupados ó 4,09. Na construcción dáse un crecemento apreciable, ó pasar de representa-lo 3,09 ó 9,17 por cento da poboación ocupada.

En total, a poboación ocupada en 1991 era de 1.516 persoas, divididas por sexos en 1.023 homes e 493 mulleres. No sector primario traballaban 521 homes e 295 mulleres. Das 62 persoas ocupadas na industria, 50 eran homes. Na construcción só había 5 mulleres e o resto dos ocupados ata o total de 139 eran homes. No servicios o reparto estaba en 318 homes e 181 mulleres.

En 1991, o 4,43 da poboación de Becerreá era analfabeta; o 44,40 non tiña certificado de estudios; o 26,01 por cento acadaba o nivel➪

Aldea do Cebreiro J.S

SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



➪ e o 22,39 ten estudios de segundo grao. O 2,76 por cento da poboación acada o nivel de estudios superiores, a porcentaxe máis alta de toda a comarca.

En resumo pódese dicir que Becerreá camiña cara a converterse nunha vila especializada en ofrecerlles servicios de todo tipo –públicos e privados– ó conxunto dos habitantes da comarca. De feito contabiliza 115 das 251 licencias comerciais da zona, o que supón o 46 por cento do total. A celebración de dúas feiras ó mes –os días 3 e 19– e o paso pola vila da estrada N-VI axudan a esa especialización comercial.

CERVANTES. A economía deste municipio é fundamentalmente gandeira, gracias ós bos pastos que ten e que fan posible a existencia dunhas explotacións leiteiras en réxime extensivo. As outras dúas fontes principais de ingresos para os habitantes son a silvicultura e un incipiente turismo de inverno, atraído polos deportes da neve.

Entre 1981 e 1991, o sector primario perdeu peso na economía local e a poboación ocupada descendeu do 90,18 por cento ó 72,34. Deses case 18 puntos perdidos, 12 foron recuperados polo sector servicios, que para as mesmas datas de referencia creceu desde o 7,58 por cento ata o 19,21. Na década dos oitenta, a industria a penas modificou a súa práctica inexestencia como actividade económica, e se en 1981 tiña o 1,52 por cento da poboación ocupada, dez anos máis tarde rexistraba un modestísimo 2,51 %. No caso da construcción, hai unha mellora apreciable e de 1981 a 1991, crece 5 puntos en canto a número de ocupados.

En total, a poboación ocupada en Cervantes cífrase en 958 persoas, das cales 621 son homes e 337 son mulleres. No sector agrario traballan 426 homes e 266 mulleres. Das 24 persoas ás que lles dá ocupación a industria, só 4 son mulleres. Na construcción, o total dos traballadores (57) son homes. E nos servicios, os 284 postos de traballo repártense en 66 para as mulleres e 118 para os homes.

En conxunto, case o 80 por cento das mulleres ocupadas pertencen ó sector agrario, mentres que no caso do home esta porcentaxe baixa ata o 69 por cento.

Cervantes ten a porcentaxe máis alta de poboación analfabeta da comarca dos Ancares, cun 8,53 por cento –a media está no 5,03 %–. Case o 56 por cento dos habitantes non ten certificado de estudios primarios. O 20,31 % acada unha instrucción de primeiro grao. O 14,07 por cento dos habitantes teñen certificado de segundo grao. E só o 1,41 por cento da poboación acada un nivel de estudios superiores; o máis baixo dos cinco municipios que conforman a comarca. ➪

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



⇨ NAVIA DE SUARNA. No seu conxunto, a actividade económica do municipio está centrada no sector agrario, se a capital do mesmo, A Pobra de Navia, ten unha vocación comercial e administrativa que lle vén de vello, á que hai que uni-la celebración de concorridas feiras que lle dan vida ó comercio local. Despois de Becerreá, se ben a moita distancia deste, Navia e o segundo municipio da comarca en canto a número de licencias comerciais (46). Dentro do sector primario, a actividade gandeira céntrase no porcino e dentro do vacún hai unha tendencia histórica en favor da producción de carne antes que do leite, se ben nos últimos anos a cousa vai cambiando de sino.

O Piornedo e cumios nevados en Cervantes J.S

En 1981, o sector primario tiña una poboación ocupada do 86,29 por cento e en 1991 esta procentaxa rebaixárase ó 72,99. Deses 14 puntos perdidos en ocupación, 10 foron parar ó sector servicios que na década apuntada pasou de te-lo 9,91 ó 19,56 por cento da poboación ocupada. Como no caso da maioría dos municipios da comarca, o sector industrial a penas existe en Navia, e continúa movéndose con pouco máis que o 2 por cento da poboación ocupada. Na década dos oitenta a construcción tivo un pequeno crecemento e pasou de te-lo 2,10 por cento dos ocupados do municipio ó 4,89 %.

O número total de persoas ocupadas no municipio é de 859, delas 545 son homes e 314 son mulleres. No sector primario traballan 384 homes e 243 mulleres. Na industria só hai 2 mulleres entre os 22 ocupados que ten este sector. E na construcción, dos 42 traballadores que ten só 1 é muller. No servicios a cousa repártese entre 100 homes e 68 mulleres. Das 314 mulleres que teñen ocupación, o 77 por cento está na agricultura e o 19 % no sector terciario. No que fai referencia ó nivel de instrucción dos habitantes do municipio, Navia ten unha poboación analfabeta do 3,89 por cento, por debaixo da media comarcal. Case a metade da poboación (49,51%) non ten certificado de estudios primarios. O 30,64 por ⇨

POBLACION OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDAD EN LOS AÑOS 1981 Y 1991.

****

Cod: 0025 - - Comarca de: ANCARES (OS)

****

MUNICIPIOS	% SECTOR PRIMAR.81	% SECTOR PRIMAR.91	% SECTOR INDUSTR.81	% SECTOR INDUSTR.91	% SECTOR CONSTR.81	% SECTOR CONSTR.91	% SECTOR TERCIAR.81	% SECTOR TERCIAR.91
BECERREA	80.74	53.83	2.08	4.09	3.09	9.17	14.09	32.92
CERVANTES	90.18	72.34	1.52	2.51	.72	5.95	7.58	19.21
NAVIA DE SUARNA	86.29	72.99	1.71	2.56	2.10	4.89	9.91	19.56
NOGAIS (AS)	86.02	57.81	2.54	6.75	1.78	9.28	9.66	26.16
PEDRAFITA DO CEBREIR	84.63	64.76	5.35	14.97	1.71	3.50	8.31	16.78
TOTAL.....	84.80	63.25	2.52	5.53	2.08	6.91	10.60	24.31
TOTAL COMARCAL	84.80	63.25	2.52	5.53	2.08	6.91	10.60	24.31
TOTAL PROVINCIAL	57.97	43.35	9.88	11.45	6.21	9.22	25.94	35.98
TOTAL REGIONAL	36.16	23.71	18.19	18.28	10.22	13.01	35.44	45.00

FINAL DE LA TABLA

.STOP1+servih91+serv # M

10.60

24.31

Vista de Vilarello J.S

cento acadou estudios de primeiro grao. Case o 14 por cento ten certificado de estudios de segundo grao e o 2,04 acadou o nivel de estudios superiores.

AS NOGAIS. Tamén neste caso as principais actividades económicas se moven en torno á explotación agraria, na que a agricultura, a gandería e, en menor medida a silvicultura, se mesturan e complementan. O paso por este municipio da N-VI, provocou unha concentración de poboación nas beiras da estrada cunha abundante oferta de establecementos comerciais. Nos últimos vinte anos apréciase, ademais, un cambio na vocación productiva gandeira en favor do gando de leite e en detrimento do gando de carne, con vistas á fabricación de queixos.

En termos relativos, As Nogais é o municipio da comarca dos Ancares no que máis peso perdeu o sector agrario nos últimos tempos. De 1981 a 1991, a actividade agrícola e gandeira pasou de ter unha poboación ocupada do 86,02 por cento ó 57,81 %, o que representa unha caída de 28,21 puntos. Esa perda foi compensada por un forte crecemento do sector servicios, que neses dez anos case triplicou o número de ocupados, ó pasar do 9,66 ó 26,16 por cento. Aínda que sen chegar ás cifras rexistradas no sector terciario, a industria creceu e pasou de te-lo 2,54 por cento da poboación ocupada ó 6,75 % e outro tanto sucedeu coa construcción que se en 1981 tiña o 1,78 por cento dos ocupados do municipio, dez anos máis tarde anotaba o 9,28 %.

Das 711 persoas que suma a poboación ocupada das Nogais, 457 son homes e 254 son mulleres. Na agricultura e gandería traballan 240 homes e 171 mulleres. Das 48 persoas que se dedican á industria, 9 son mulleres e o resto homes. E dos 66 traballadores que rexistra a construcción, só 5 son mulleres. No sector servicios o reparto dos postos de traballao é de 117 para os homes e 69 para as mulleres. En total, o 67 por cento das mulleres que traballan fano no sector agrario e o 27 por cento no sector servicios. Unhas porcentaxes que sitúan As Nogais como o municipio da comarca que experimentou unha tendencia máis modernizadora na súa estructura productiva na década dos anos oitenta.

Por nivel de instrucción, As Nogais ten un 3,65 por cento da poboación analfabeta, o que o converte no municipio dos Ancares con menos porcentaxe de analfabetos. Sen embargo, a poboación sen certificado de estudios achégase ó 60 por cento do total. Case o 17 por cento da poboación ten estudios de primeiros grao. Preto do 19 por cento dos habitantes das Nogais contan con estudios de segundo grao. E no apartado de estudios de nivel superior, só o 1,96 por cento da poboación do municipio chega a este nivel, se ben a cifra se achega á media para o conxunto da comarca, que é do 2,1 por cento. ¶

⇨ **PEDRAFITA.** Pedrafita do Cebreiro está situada nunha das zonas máis elevadas de Galicia, o que lle confire un aspecto claro de alta montaña. Á súa vez, o nome de Pedrafita está ligado a un dos pasos máis lendarios e difíciles de superar nas comunicacións viarias entre Galicia e Castela, como se pon de relevo no caso da construcción da autovía do noroeste. É de supoñer que a apertura destas modernas vías de transporte provocará cambios na estructura productiva do municipio, e ata incluso da comarca, e suporá unha oportunidade para eleva-la renda e mellora-las condicións de vida dos seus habitantes.

A economía do municipio está dominada polo sector agrario, cunha vocación nidiamente gandeira. Comparativamente ó resto de Galicia, as explotacións agrarias de Pedrafita do Cebreiro son máis grandes, e máis do 70 por cento das mesmas superan as 10 hectáreas. Desde 1977 e durante os quince anos seguintes, aproximadamente, os importantes xacementos mineiros de Rubiais, ricos en chumbo e zinc, animaron a actividade económica na zona. E nos últimos vai incrementándose o turismo de montaña e principiando unha oferta hoteleira rural que era practicamente inexistente.

'Cortín' preto de Murias de Rao J.S

Cambio acusado

Pese a que Pedrafita conserva o seu carácter productivo agrario, de 1981 a 1991 rexístrase un cambio acusado, en canto que pasa de te-lo 84,63 por cento da poboación ocupada ó 64,76, cunha perda de 20 puntos, dos cales case a metade os absorbe o sector industrial, que nesa década crece desde o 5,35 ata o 14,97 por cento da poboación ocupada, e a outra metade foi parar ó sector servicios, que en 1981 tiña o 8,31 por cento dos ocupados e dez anos máis tarde o 16,78 %. No caso da construcción o seu crecemento foi máis modesto e pasou do 1,71 % en 1981 ó 3,50 por cento no ano 1991. Paradoxalmente, Pedrafita do Cebreiro é o municipio con maior poboación industrial da comarca dos Ancares, e case triplica a media comarcal.

En termos absolutos, o número de persoas ocupadas nos distintos sectores económicos sitúase en 715, das cales 529 son homes e 186 mulleres. Na actividade agraria e gandeira traballan 335 homes e 128 mulleres. Das 107 persoas que ocupa o sector industrial 9 son mulleres e o resto son homes. Na construcción só traballa unha muller, e 24 homes. O sector servicios dálles ocupación a 72 homes e 48 mulleres. A modo de resumo pode dicirse que o 69 por cento das mulleres que traballan o fan no sector agrario e o 26 por cento no sector terciario. Tamén en Pedrafita parece que se confirma a tendencia de que o sector servicios vai incorporando paulatinamente a muller ó mundo do traballo en detrimento da actividade agraria e da distribución tradicional dominante por sexos.

No que fai referencia ó nivel de instrucción dos habitantes desta zona, o 4,36 por cento da poboación de Pedrafita do Cebreiro é analfabeta, unha porcentaxe que vén situarse por debaixo da media da comarca. O 28,26 por cento dos habitantes non posúe certificado de estudios primarios.

Case o 50 por cento da poboación alcanzou o nivel de ensino de primeiro grao, e o 16 por cento da mesma o de segundo grao. O número de persoas con estudios superiores representa o 2,03 da poboación, unha porcentaxe que se aproxima á da media da comarca dos Ancares. ¶

Os Ancares, a Montaña Máxica

A comarca lucense dos Ancares é un deses recunchos xeográficos atraentes para os visitantes anhelosos de paisaxes insólitas. A súa fermosura, combinada cunhas características etnográficas moi singulares (compartidas coa Fonsagrada e as veciñas montañas de León e Asturias), como son a súa vivenda tradicional, a palloza, erradamente cualificada coma prerromana, ou a antiga transhumancia estacional ás 'alzadas' (aldeas de ocupación exclusiva no verán)... dánlle-la oportunidade ós que se achegan á comarca de albiscar, case apalpar, os ritmos vitais da Europa medieval.

NA comarca pode desfrutarse alomenos de tres xeitos distintos, aínda que non excluíntes. Por unha banda, aproveitando o que a natureza, tanto dentro coma fóra dos confíns do 'Parque Natural de Ancares', ofrece para a práctica do sendeirismo ou o montañismo. Etnografía, costumes, e o paso do Camiño de Santiago son os outros dous eixes que atraen máis viaxeiros e turistas. O Camiño Francés a Compostela entra na comarca e en Galicia polo Cebreiro, o 'Mons Cebruarii' do Códice Calixtino. Sen dúbida, esta é a aldea dos Ancares mellor coñecida polos non galegos. Nela, onde o aire aparece máis limpo, consérvase un interesante conxunto de pallozas, a antiga hospedería e igrexa de Stª Mª a Real (século XI), onde segundo a tradición se custodia o Santo Grial das lendas artúricas. Ademais, o Cebreiro é unha das localidades da comarca onde se atopan establecementos de turismo rural (dous neste caso). O Camiño francés deixa a aldea e baixa cara ó Alto de Poio, Fonfría, Triacastela... a outra vía importante que cruza a comarca é o antigo Camiño de Carlos III á actual N-VI. Ó segui-la estrada chégase a Doncos, parroquia que conserva un fermoso pazo e o castelo da Grupa. Máis adiante, As Nogais, cabeza de concello que agacha nas súas proximidades a igrexiña, prerrománica na súa orixe, de Sto. Andrés. Mais aló das Nogais, Becerreá, vila de certa importancia e cunha feira de gando á que paga a pena asistir. Nos arredores desta localidade o turista ten dous lugares que pode visitar: Cruzul, coa súa ponte e o seu aciñeiral (espacio natural protexido), e Penamaior, cos restos dun mosteiro cisterciense.

Becerreá coñécese popularmente como a 'porta dos Ancares'. A vila é punto de partida cara ás partes máis remotas da comarca. Na Ponte de Gatón o camiño bifúrcase. Os visitantes han de escoller entre a estrada de Doiras (onde se alza o soado castelo do mesmo nome) ou a de San Román de Cervantes. Ó cabo, as dúas vías de comunicación xúntanse de novo na golada da Campa da Braña, xunto ó albergue do Club Ancares. Desde alí queda pouco xa para chegar ás pintorescas aldeíñas de Vilarello, Xantes, Robledo ou Piornedo, esta última a máis visitada da zona. Nela perviven aínda bastantes pallozas (unha delas museo) e hai varios aloxamentos de turismo rural e un hostal.

Por riba de Piornedo, só a montaña. Desde esta localidade princípianse moitos dos percorridos e ascensións ós cumios máis altos, o Penarrubia, o Mustallar, Os tres Bispos... paraxes nas que, de cando en vez, se atopan pegadas dalgún oso erradío que nos visitan desde o occidente asturiano coma un recordo dun pasado no que estes pacíficos animais habitaban nestas serras.

E non lonxe de Piornedo as terras de Navia de Suarna teñen atractivos semellantes. De camiño, iso si, convén visitar Quindous e o seu peculiar pazo-fortaleza. Na vila de Pobra de Navia destacan do conxunto apertado de casiñas o mouro castelo dos Condes de Altamira e a 'Ponte Vella' de traza medieval pero de alicerces romanos. Tamén neste concello cómpre visita-la Braña de Pandozarco, na parroquia de Murias de Rao, onde se conserva a única palloza que sobrevive nunha 'alzada' (os poboados usados unicamente no verán) nos Ancares galegos.

Os tesouros destas terras complétanse cunha gastronomía non por sinxela menos interesante. O Queixo do Cebreiro, que conta con denominación de orixe, a androia e o botelo son viandas que non se deben rexeitar. En torno a elas xiran varias feiras e festas anuais. Se a isto se lle suma a hospitalidade das xentes, os atractivos establecementos de turismo rural, o folclore, as lendas de 'lucumáns' (lobishomes) e osos, e doado supor que quen veña a estas terras sucumbirá ós seus feitizos e non se irá defraudado. ¶

J.S

COMARCA
DOS ANCARES
SITGA
A FONSAGRADA
BALEIRA
ASTURIAS
Río de Pé
Proba de Navia
Rao
Coro
NAVIA DE SUARNA
Quintá
Baralla
BARALLA
Casares
Garganta de Rao
Vilaquinte
BECERREÁ
Porto de Ancares
Penamaior
A Borquería
S. Román
Quindous
Cereixal
As Pontes de Gatín
Becerreá
Cruzul
Pazo de Quindous
CERVANTES
Piornedo
Degrada
Albergue Club Ancares
Serra dos Ancares
Sarria
A Ferrería
As Nogais
LEÓN
Doiras
Torre de Torés
AS NOGAIS
Torre de Doncos
Castelo
TRIACASTELA
Noceda
Pintinidoira
Samos
Porto Do Portelo
Chancia
Pedrafita do Cebreiro
O Cebreiro
PEDRAFITA DO CEBREIRO
Madrid
Ruta de sendeirismo
Límite comarcal
Límite municipal
Estrada nacional
Estradas principais da comarca
Estradas secundarias
Camiño de Santiago
Autovía (en proxecto)
Límite reserva nacional de caza
Sede da Fundación Comarcal
Castelo-fortaleza
Castelo
Torre
Casa de turismo rural
Albergue
Albergue de pelegrins
Mosteiro
Igrexa
ermida
Consunto de pallozas
Ponte
Festa gastronómica
Paraxe natural

Futuro da comarca dos Ancares

A Comarca dos Ancares estivo sempre sometida a un grande illamento, que aínda se mantén nalgúns casos, e que repercutiu nos xeitos de vida da poboación e, indirectamente, na grande emigración que afectou a Comarca desde os anos 60. Nisto tamén influíu o grande atraso do sector primario que, cun carácter basicamente de autoconsumo, aínda segue a se-lo soporte económico da Comarca. Esta deficiencia é necesario minguala, rendibilizando a gandería e mailo sector forestal, recursos que, convenientemente aproveitados, poden resultar nun futuro próximo un dos alicerces básicos para a consecución dun maior nivel de renda dos habitantes da Comarca. Débese ter en conta que o paso da N-VI por este territorio e a próxima autovía que cruzará a Comarca, lle ofrecen xa unhas boas vías de comunicación que son parte fundamental para a expansión dun producto cara ó resto de España e mais cara ó exterior, que serán fundamentais para a atracción de visitantes que buscan zonas de alta calidade paisaxística e medioambiental, caso evidente na área que nos ocupa que, por mor, entre outras cousas, do devandito illamento, conserva un privilexiado ecosistema natural, considerado entre os máis preciados do continente, cunha fauna e unha flora ➪

Braña preto de Pandozarco J.S

de especial singularidade e calidade. A isto súmaselle unha primitiva cultura, representada nunha arquitectura popular onde as pallozas (antiquísimas vivendas de pedra e de palla) son as raíñas da atracción turística. Nun futuro próximo, se os habitantes saben sacarlle proveito ó potencial turístico que teñen entre mans, comprometéndose na súa conservación e implicándose nun turismo rural de calidade, este recurso pode converterse no segundo grande apoio económico da área. Mais para iso deben corrixirse os impactos existentes e mellora-los servicios e mailas construccións, para que non alteren a paisaxe e, especialmente, a conservación das pallozas.

CORRIXIR estes problemas precisa da colaboración dos seus habitantes. A Xunta de Galicia está a traballar nun Plan de Rehabilitación de Piornedo e, co Plan de Desenvolvemento Rural, a través da Fundación, está a acometer interesantes actividades de sendeirismo, de promoción de productos comarcais, especialmente artesáns, e doutras tarefas. A aprobación da Iniciativa LEADER II de desenvolvemento rural, de ser adecuadamente xestionada, pode supor tamén un excelente sorporte.

En definitiva, a gandería e mailo sector forestal teñen grandes posibilidades de desenvolvemento, ademais de aproveita-lo auxe do turismo rural, concibíndoo non só coma un simple aloxamento, senón coma promotor de actividades. ❦



Navia de Suarna J.S

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

20

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Maio do 1996

Lugo

Muralla e torres da catedral

José Salgado

A Comarca de Lugo

A Comarca de Lugo sitúase no centro da provincia, organizándose en torno á capital. Intégrana os municipios de Baralla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei, Portomarín e Rábade, e ten unha gran superficie: 1.503,8 km2, que en cifras relativas supón o 5,1% da provincia. En 1991 tiña 113.219 habitantes, dos cales, 83.242 eran do municipio de Lugo.

O afastamento do mar (máis de 50 km) e os sistemas montañosos que se interpoñen entre a comarca e a costa, danlle ó clima un carácter continentalizado en relación ó que é o oceánico galego; por iso, as precipitacións son moderadas (en torno ós 1.000 ml anuais) e a amplitude térmica considerable (ó redor de 12 graos centígrados), balance entre uns invernos rigorosos e uns veráns suaves. Outro trazo deste clima é a abundancia de néboas.

Desde o punto de vista do relevo, son dous os rasgos característicos desta comarca. O primeiro deles, a planitude, debido á súa situación na penichaira fundamental de Galicia. ⇨



FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ❦

Praza Maior de Lugo J.S

➪ O segundo, a integración de todo o seu territorio na conca do Miño, arteria que percorre a comarca en sentido meridiano; os abundantes afluentes do curso principal discorren pola penichaira.

UNHA serie de rebordos montañosos limitan o territorio comarcal, aínda que non coa mesma nitidez en tódolos casos.

EFECTIVAMENTE, no leste, as estribacións das Serras Orientais lucenses serven de transición cara ás comarcas montañosas da Fonsagrada e dos Ancares; o límite suroriental está formado polas altas terras do Páramo que o separan da depresión de Sarria; xa no sur, o monte Acebedo e as estribacións dos montes da Vacaloura son a barreira entre a Comarca de Lugo e a depresión de Chantada, onde entra o Miño xa encaixado; no oeste, a Dorsal Galega separa esta comarca da Ulloa, na conca do Ulla, e de Terra de Melide, tamén na do Tambre.



O límite menos preciso é o setentrional, é dicir coa Terra Chá, xa que as dúas zonas se integran na penichaira e pertencen á mesma conca fluvial.

A rede viaria conflúe no centro principal –Lugo– o que reforza a cohesión dos distintos núcleos coa capital.

EN canto ás organizacións territoriais establecidas en función dos diferentes servicios administrativos, e dos intercambios comerciais, o espacio organizado pola capital está fortemente interrelacionado.

Agora ben, a proximidade de centros como Monterroso, Chantada ou Becerreá dá lugar a que algúns municipios dos bordes manteñan vinculacións con eses núcleos. ¶

O sosego, a fortaleza e o recollemento

O médico e humanista X. Rof Carballo deixou escrito que Lugo ''é a cidade perfecta. Os seus pés, o deus das augas, tódolos días desde hai milenios e milenios, domesticado, tranquilízaa, soségaa. O forte cinto de pedra leva no seu interior un recinto sagrado, a catedral, entraña onde a devoción se abriga, onde nace o recollemento. Estas tres cousas: o sosego, a fortaleza, o recollemento, forman unha estructura dinámica, a armazón viva da cidade ideal. Agora, os arquitectos modernos buscan o plano da cidade ideal; uns na razón, na racionalización das necesidades humanas; outros decátanse dunha cidade, que por moderna que sexa, é sempre recinto sagrado, símbolo, mito. Nese senso non creo que haxa unha cidade máis perfecta que Lugo. Co seu centro, no que habita o recollemento; co seu círculo taumatúrxico que a empapa de fortaleza; coa paisaxe amplísima, inmensa, que ten por corazón o curso sosegado das augas que nos tranquilizan de que o gran mito celta, o das augas desbordadas, non vai repetirse nunca máis''.

Probablemente, na súa morfoloxía, a descrición que fixo Rof Carballo non reflicta exactamente o Lugo de hoxe en día, mais a alma da primeira cidade que tivo Galicia segue sendo así.

Os expertos consideran que Lugo foi inicialmente unha densa carballeira, e que os romanos fixeron unha gran corta para instalar o campamento que deu logo orixe á cidade. Un *lucus* era unha área limpa de árbores no medio dun bosque sombrío. Probablemente *Lucus Augusti,* en principio un campamento romano nas guerras cántabras, foi fundado como cidade no transcurso desas guerras ou con posterioridade ás mesmas. A muralla romana parece que é obra do século III, se ben aínda non existe unha explicación satisfactoria da súa enormidade e das dificultades que houbo que vencer para a súa construcción. Como ten escrito Celestino Fernández de la Vega, ''a historia de Lugo, despois de ser unha historia de romanos, é, esencialmente, unha historia de bispos. Na cidade de Santa María e do Santísimo Sacramento houbo toda caste de bispos: ortodoxos, priscilianistas, arrianos, bispos con dúas dióceses (Braga-Lugo), metropolitanos, non metropolitanos, dous bispos ó alimón, bispos con señorío temporal e bispos sen señorío temporal, etc. Unha historia complexa, confusamente documentada, e o obxecto de interminables disputas entre eruditos e historiadores''.

Interior da catedral J.S

A chegada do tren

No plano do densenvolvemento económico da zona un dos elementos determinantes vai se-la chegada do ferrocarril, en canto que vai provocar cambios nas explotacións agrarias en favor da cría de gando –vacas, porcos, galiñas...– para comercializar nas grandes urbes españolas. O historiador Raymond Carr tense referido a esta cuestión ó sinalar que a gandería en Galicia non conseguiu despegar ata que ''o ferrocarril conectou o centro mercantil de Lugo cos centros masivos de consumo de Madrid e Barcelona''. Existe constancia de que o 25 de outubro de 1860 chegaron a Lugo os enxeñeiros ingleses James Wallace e William J. M. Cockbum comisionados por investidores londinenses para informar do proxecto do ferrocarril en Galicia.

En termos xerais, a Comarca de Lugo segue tendo unha vocación económica fundamentalmente agraria, se ben ultimamente enfocada de xeito decidido cara á industria alimentaria e, de maneira máis concreta, ós productos lácteos e cárnicos. Loxicamente iso non pide que a capital sexa unha cidade entregada en torno ó comercio ➪

e, en xeral, sobre a oferta de todo tipo de servicios, incluídos os administrativos.

A partir dos anos oitenta, os cambios na producción gandeira de vacún aceléranse e a mestizaxe que se dera na década anterior, froito da introducción de novas especies alleas, dá os pasos definitivos cara á especialización en función de criterios netamente productivos, sexa de leite ou de carne. A avicultura segue a súa marcha de producción industrial de aves e ovos. E no caso do porcino, se ben aínda persiste a cría familiar para autoconsumo, existen granxas nas que a ceba, segundo o tipo de raza, está plenamente dirixida á demanda.

No aspecto industrial a posta en marcha dos polígonos axudou a concentrar espacialmente unhas factorías dispersas e de escasa entidade, sen embargo o problema da atomización segue a se-la falta de integración e conexión entre as distintas actividades, o que fai que non se poidan completa-los ciclos productivos.

O comercio, en xeral, está ben abastecido e ofrece productos de calidade, se ben a competencia dalgunhas grandes superficies existentes na Coruña provoca distorsións na oferta e reduccións nas vendas. Lugo segue sendo un dos centros máis atractivos de Galicia na celebración de feiras e mercados, pese a que este tipo de actividade comercial perdeu aquel carácter tradicional no que o negocio se mesturaba coa festa.

E no apartado do turismo, é esta unha faceta que aínda queda moito por desenvolver, pese á calidade que ofrece en canto ó patrimonio cultural e artístico. Cas novas tendencias do turismo, Lugo pode resultar moi atractivo para un número maior de visitantes. ❡

Fachada da catedral J.S

Lugo ten o 75% da poboación da comarca

Dos 116.886 habitantes que tiña a Comarca de Lugo segundo o censo de 1991, o 75 por cento concéntrase no municipio de Lugo que para esa mesma data de referencia rexistraba 87.605 persoas. Sen embargo, non era esa a proporción a principios deste século XX: en 1990, a cidade das murallas tiña 26.969 habitantes, que representaban o 38 por cento do total para a zona. De 1900 a 1991 prodúcese un proceso inverso entre o municipio de Lugo e o resto dos municipios que conforman unha área comarcal –Baralla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei, Portomarín e Rábade–, de modo que mentres o primeiro crece continuamente década a década, os demais perden poboación lustro a lustro. O saldo desas dúas realidades demográficas diverxentes é, non obstante, positivo para o conxunto, pois a comarca pasa de 71.700 habitantes en 1900 a 116.886 en 1991.

Nas vilas da comarca, dáse un comportamento semellante na gráfica de poboación, en canto de que desde principios do século ata mediados do mesmo crecen e a partir de aí inician o descenso. Baralla pasa de 5.995 a 7.148 e a partir de aí cae ata os 3.768; Castroverde aumenta de 6.189 a 9.017 e vai perdendo habitantes ata os 3.797 actuais; O Corgo crece de 6.813 a 8.544 e decrece ata 4.768; Friol pasa de 6.813 persoas a 8.544 e descende a 5.138; Guntín crece lixeiramente de 6.319 a 7.207 e reduce poboación ata os 3.824 de hoxe. Outerio de Rei a penas varía a súa poboación nos primeiros cincuenta anos deste século, manténdonse en torno ós 6.000, e logo vai perdendo entidade ata as 4.135 persoas. Portomarín baila entre os 4.000 habitantes, uns centos arriba ou abaixo, e perde case a metade da poboación nos últimos corenta anos, en 1991 rexistra 2.159. E Rábade, un municipio novo, tiña 989 habitantes no ano 1930 e seis décadas máis tarde anota 1.692.



Taxa de masculinidade

En 1986, a Comarca de Lugo tiña 54.564 homes e 56.019 mulleres o que daba unha taxa de masculinidades do 93,8 por cento. Nesa data, Lugo capital rexistraba a taxa máis baixa de masculinidade, 90,7, de tódolos municipios da zona, que tiñan como media o 93,8, e tamén unha das máis baixas comporativamente á media de Galicia (94,2). En 1991, o número de homes era 54.629 e o de mulleres de 58.590, o que aumentaba algunhas décimas a proporción de mulleres sobre homes e, en consecuencia, reducía a taxa de masculinidade ó 93,2. Os municipios de Baralla, Castroverde, Corgo, Friol, Portomarín e Rábade teñen máis homes que mulleres. ➪



Pazo de Gaioso, en Outeiro de Rei J.S

Entre 1981 e 1991, hai que distinguir dous períodos no que se refire ás taxas de natalidade e mortalidade, así como ó crecemento vexetativo. Entre 1981 e 1986, a taxa de natalidade é do 11,5 e a taxa de mortalidade é do 10,8, o que produce un saldo positivo no crecemento vexetativo de case un punto. En troques, se ben entre 1986 e 1991 permanece invariable a taxa de mortalidade no 10,8, a caída da taxa de natalidade ata o 9,0, cunha perda de dous puntos, provoca un crecemento vexetativo negativo de -1,8.

Nestes cambios teñen un peso decisivo o que ocorre no municipio de Lugo, que de 1981 a 1991 pasa dunha taxa de natalidade do 12,6 ó 9,8 e dunha taxa de mortalidade do 9,8 ó 9,9, co resultado que pasa dunha taxa de crecemento vexetativo positivo do 2,8 a unha de crecemento vexetativo negativo do -0,1.

Taxa de fecundidade

En 1991, a Comarca de Lugo anotaba 26.696 mulleres en idades comprendidas entre os 15 e os 49 anos. Nese mesmo ano, o número de nacidos foi de 964, o cal dá unha taxa de fecundidade do 36,11, superior en case tres puntos á media provincial e rexional.

Lugo capital aporta case o 80 por cento das mulleres da comarca, concretamente 21.132, en idade comprendidas entre 15 e 49 anos, e 760 nacidos en 1991 (79 por cento do total), o que dá unha taxa de fecundidade do 35,96. Non obstante, a maior taxa de fecundidade rexístrana os municipios de Friol (46,70) e Guntín (44,51), mentres que as máis baixas corresponden ó Corgo (31,39) e Castroverde (23,42).

En canto ó índice de dependencia xuvenil descendeu desde 1986 a 1991, pasando do 29,4 ó 26,2, e o índice de dependencia senil aumentou desde o 25,1 en 1986 ó 26,8 en 1991. O índixe xeral está no 53.0. ❦

POBOACIÓN DE FEITO DE 1900 A 1991 COMARCA DE LUGO

CONCELLO	1.991	1.981	1.970	1.960	1.950	1.940	1.930	1.920	1.910	1.900
LUGO	87.605	73.986	63.830	58.264	53.743	42.805	31.137	28.346	35.726	26.959
BARALLA	3.768	4.463	4.968	5.896	7.148	7.129	6.345	6.645	6.531	5.955
CASTROVERDE	3.797	4.548	5.256	8.054	8.122	9.017	7.173	7.276	6.934	6.189
CORGO (O)	4.768	5.001	5.454	7.399	8.544	8.065	7.775	8.031	7.288	6.813
FRIOL	5.138	5.724	7.196	9.110	10.037	10.667	10.176	9.815	8.879	8.865
GUNTÍN	3.824	4.351	4.914	6.243	6.188	7.207	7.557	7.271	6.729	6.319
OUTEIRO DE REI	4.135	5.108	5.093	6.031	5.795	6.037	6.255	5.829	5.851	5.903
PORTOMARÍN	2.159	2.499	2.961	3.604	4.079	4.139	3.841	4.132	5.022	4.697
RÁBADE	1.692	1.858	1.814	1.758	1.566	1.347	989	-	-	-
TOT COMARCAL	116.886	107.538	101.486	106.359	105.222	96.413	81.248	77.345	82.960	71.700

Unha vocación pola industria alimentaria

A Comarca de Lugo, coa súa capital á cabeza, presenta unha clara vocación pola industria alimentaria, que xira fundamentalmente en torno ó subsector gandeiro. As industrias cárnicas e leiteiras, a fabricación de pensos compostos para o gando, así como as empresas de construcción de mobles ou as dedicadas a maquinaria agrícola conforman un tecido empresarial interrelacionado en función das prioridades productivas.

Sen embargo o peso do sector agrario en termos de poboación ocupada descendeu moito nos últimos anos. En 1981, a economía agraria dáballe traballo ó 35,89 por cento da poboación ocupada na zona, e dez anos máis tarde esta porcentaxe era do 26,55. Esa proporción de ocupados no sector primario xa non corresponde á imaxe típica que se ten de Lugo e dos municipios da súa área de influencia máis directa, sobre todo se se compara coa media de poboación ocupada no sector agrario para o conxunto da provincia, 43,35 por cento; está máis próxima á media galega, 23,71 %.

Ese cambio na estructura productiva faise patente no fortalecemento do sector servicios que desde 1981 a 1991 pasa de te-lo 45,95 por cento da poboación ocupada ó 54 %, unha porcentaxe superior á media provincial (35,98 %) e tamén á media galega (45,0 %).

Na década dos oitenta, perde forza o sector industrial, de feito neses dez anos cae do 11,47 por cento da poboación ocupada ó 10,93 %, por debaixo da media provincial (11,45 por cento) e moi afastado da media da comunidade (18,28%). Unha perda que é compensada polo sector da construcción, ó crecer desde o 6,70 ó 8,52 por cento da poboación ocupada.

Ocupación feminina

En total, a actividade económica na Comarca de Lugo dálles ocupación a 41.326 persoas, das que 25.627 son homes e 15.699 son mulleres. No sector servicios traballan 22.317 persoas; 9.547 mulleres e 12.770 homes. Habería que subliña-la importancia do sector terciario na incorporación da muller ó traballo fóra da casa, pois o número delas no mesmo representa o 61 por cento do total.

Na agricultura e gandería laboran 5.597 homes e 4.973 mulleres, sendo o segundo sector que ocupa a maior número de mulleres e no que a proporción cos homes máis se aproxima. O sector industrial dálles ocupación a 4.516 persoas, das que 3.565 son homes e o resto, mulleres. E dos 3.523 ocupados na construcción, só 218 son mulleres.

En canto ó nivel de instrucción, a Comarca de Lugo anota unha porcentaxe de poboación analfabeta do 2,70. As persoas sen certificado de estudios representan o 30,86 por cento; un 26,44 teñen certificado de estudios de primeiro grao e un 32,06 % de estudios de segundo grao. O 7,9 por cento acada o nivel de posesión de estudios superiores.

LUGO. No municipio de Lugo a actividade do sector primario tende a ser xa minoritaria e a tempo parcial. En 1981 o sector primario tiña o 13,10 por cento dos ocupados e dez anos máis tarde está porcentaxe caía xa por debaixo do 10 por cento, concretamente o 9,96 por cento. O sector servicios, concentra cada vez máis a actividade económica da capital, e se en 1981 tiña o 63,90 por cento da poboación ocupada, dez anos máis tarde rexistraba o 68,73 %. O que supón unha evidente terciarización. Neses anos a ocupación industrial perdeu folgos e caeu desde o 14,90 ó 12,10 por cento da poboación ocupada. E no caso da construcción deuse un lixeiro crecemento, desde o 8,10 ata o 9,21 por cento da poboación ocupada. ➪



Río Ladra, en Rábade J.S

SECTORES DE ACTIVIDADE (1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE (1991)



⇨ A poboación ocupada na capital lucense é de 41.326 persoas, das que 25.627 son homes e 15.699 son mulleres. No caso da agricultura o número de mulleres ocupadas (1.415) semellante ó dos homes (1.432). Das 3.494 persoas que traballan na industria, 2.741 son homes e o resto mulleres. E dos 2.658 ocupados que rexistra a construcción, só 180 son mulleres, e o resto son homes. O sector servicios dálles ocupación a 11.213 homes e 8.628 mulleres; neste sector está o 79 por cento do total das mulleres que traballan fóra da casa no municipio de Lugo.

BARALLA. O sector primario continúa tendo moita forza en Baralla: en 1981 rexistraba o 68,03 por cento da poboación ocupada e en 1991, o 62,96 %. Neses dez anos avanzou algo a ocupación no sector servicios: pasou do 17,40 ó 22,94 por cento. Na construcción descendeu a porcentaxe de ocupados desde o 8,90 ó 6,66 por cento. E na industria produciuse un pequeno aumento, en 1981 a poboación ocupada era do 5,67 por cento e en 1991 do 7.44 %.

No municipio de Baralla hai 1.277 ocupados, dos que 945 son homes e 332 son mulleres. A maior presencia feminina dáse no sector primario, que ocupa a 229 mulleres –o 69 por cento do total das ocupadas– e a 572 homes. Na industria traballan 95 persoas, das que 84 son homes e 11 son mulleres. E das 95 persoas que ten a construcción, só 4 son mulleres.

CASTROVERDE. O sector agrario aínda é moi claramente dominante na actividade productiva de Castroverde, se ben de 1981 ó 1991 perdeu forza ó pasar de te-lo 83,37 por cento da poboación ocupada ó 69,07 %. Nesa década aumentou a importancia do sector terciario, que creceu do 11,90 ó 18,06 da poboación ocupada. En certa medida tamén o sector industrial deu un salto cara a diante, e pasou de te-lo 1,72 por cento da poboación ocupada ó 6,40 %. A porcentaxe de ocupados no sector da construcción, desde 1981 (3,01) a 1991 (6,46), duplicouse.

En total a poboación ocupada na actividade económica no municipio de Castroverde era de 1.578 persoas en 1991, das 1.001 eran homes e 577, mulleres. Na agricultura e gandería traballan 654 homes e 433 mulleres, cifra que representa o 75 por cento do total das mulleres ocupadas. Das 101 persoas que teñen a súa ocupación na industria, 74 son homes e o resto mulleres. E dos 102 ocupados na construcción, só 6 son mulleres. No sector servicios traballan 285 persoas, das que 175 son homes e 110 son mulleres. O sector servicios dálle ocupación a case o 20 cento das mulleres de Castroverde que traballan fóra da casa. ⇨

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



O CORGO. Dos nove municipios que conforman a Comarca de Lugo, O Corgo é no que máis peso perdeu o sector agrario. De 1981 a 1991, a poboación ocupada na agricultura pasou 73,49 ó 58,12 por cento. Esa perda compensouse con crecementos relativos da poboación ocupada nos outros sectores nesa década: a industria creceu do 9,07 ó 13,22 por cento; a construcción pasou do 2,93 ó 6,64 %; e o sector servicios, o que máis medrou, saltou do 14,51 ó 22,02 por cento.

A poboación ocupada no Corgo é de 1.762 persoas, das que 1.171 son homes e 591 mulleres. Na agricultura e gandería hai 1.022 ocupados, que se dividen por sexos en 642 homes e 380 mulleres, unha cifra que supón o 64 por cento da poboación feminina ocupada do municipio. A industria dálles traballo a 189 mulleres e 44 homes. Das 117 persoas que ocupa a construcción, só 9 son mulleres. E o sector servicios acolle a 230 homes e 158 mulleres. En conxunto, agricultura e servicios dan traballo ó 91 por cento das mulleres ocupadas no Corgo.

Casa típica en Outeiro de Rei J.S

FRIOL. A economía agraria segue sendo predominante en Friol: o sector primario tiña o 86,60 por cento da poboación ocupada en 1981, e dez anos máis tarde esa porcentaxe era do 75,67. Nese mesmo período de tempo, o sector industrial pasou de representa-lo 2,29 por cento da poboación ocupada ó 5,73; a construcción creceu desde 2,51 ata o 5,05 da poboación ocupada; e os servicios adquiriron maior protagonismo ó pasar do 8,60 ó 13,55 por cento da poboación ocupada.

A actividade económica en Friol dálles ocupación a 2.199 persoas, das que 877 son mulleres e 1.322, homes. Na agricultura e gandería traballan 912 e 751 mulleres. Das 126 persoas que ocupa a industria, 108 son homes e o resto son mulleres. Das 111 persoas que traballan na construcción, só 10 son mulleres. E nos servicios a división por sexos é dunha ocupación de 200 homes e 98 mulleres. Entre o sector primario e o terciario suman unha poboación ocupada feminina de 849, o 97 % do total. ❦

POBLACION OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDAD EN LOS AÑOS 1981 Y 1991.

Cod: 0019 - - Comarca de: LUGO

MUNICIPIOS	% SECTOR PRIMAR.81	% SECTOR PRIMAR.91	% SECTOR INDUSTR.81	% SECTOR INDUSTR.91	% SECTOR CONSTR.81	% SECTOR CONSTR.91	% SECTOR TERCIAR.81	% SECTOR TERCIAR.91
LUGO	13.10	9.96	14.90	12.10	8.10	9.21	63.90	68.73
BARALLA	68.03	62.96	5.67	7.44	8.90	6.66	17.40	22.94
CASTROVERDE	83.37	69.07	1.72	6.40	3.01	6.46	11.90	18.06
CORGO (O)	73.49	58.12	9.07	13.22	2.93	6.64	14.51	22.02
FRIOL	86.60	75.67	2.29	5.73	2.51	5.05	8.60	13.55
GUNTIN DE PALLARES	89.24	79.17	2.48	3.20	1.29	5.36	6.98	12.27
OUTEIRO DE REI	64.57	54.94	9.61	9.99	9.30	10.10	16.51	24.96
PORTOMARIN	80.60	70.21	4.02	8.19	1.50	7.92	13.88	13.68
RABADE	17.84	7.34	20.27	21.85	7.57	11.01	54.32	59.79
TOTAL.....	35.89	26.55	11.47	10.93	6.70	8.52	45.95	54.00
TOTAL COMARCAL	35.89	26.55	11.47	10.93	6.70	8.52	45.95	54.00
TOTAL PROVINCIAL	57.97	43.35	9.88	11.45	6.21	9.22	25.94	35.98
TOTAL REGIONAL	36.16	23.71	18.19	18.28	10.22	13.01	35.44	45.00

Torre de San Paio de Narla, en Friol J.S

⇨ **GUNTÍN DE PALLARES.** Dentro da Comarca de Lugo, Guntín segue sendo o municipio máis proporcionalmente dependente da actividade agraria, pese a que na década dos anos oitenta perdeu 10 puntos porcentuais de ocupados, ó pasar de ter unha poboación ocupada do 89,24 por cento en 1981 ó 79,17 % en 1991. Nese mesmo período a industria evolucionou do 2,48 ó 3,20 por cento da poboación ocupada; a construcción pasou do 1,29 por cento de ocupados ó 5,36%; e os servicios creceron desde o 6,98 por cento ata 12,27 % da poboación ocupada.

Das 2.127 persoas ocupadas nalgunha actividade económica en Guntín, 1.170 son homes e 957 son mulleres. No sector primario, o número de homes (844) e de mulleres (840) ocupados é case igual. Dos 67 ocupados que hai na industria, 56 son homes e o resto mulleres. Das 114 persoas que traballan na construcción, só 2 son mulleres. No sector terciario hai 158 homes e 103 mulleres. A suma das mulleres no sector agrario e mailo servicios dá 943 ocupadas, o que representa case o 99 por cento do total.

OUTEIRO DE REI. A rebaixa da importancia do sector agrario no municipio de Outeiro de Rei vaino aproximando a unha porcentaxe de ocupación próxima ó 50 por cento. En 1981 o sector primario tiña unha poboación ocupada 64,57 por cento e en 1991 do 54,94 %. Neses dez anos a poboación ocupada na industria non variou e mantívose nunha cifra próxima ó 10 por cento. Outro tanto pódese dicir da construcción, que se en 1981 lle daba traballo a un 9,30 por cento do total, dez anos máis tarde anotaba 10,10 por cento da poboación ocupada. A variación máis importante en sentido positivo deuna o sector servicios, que pasou do 16,51 por cento da poboación ocupada en 1981 ó 24,96 por cento en 1991.

En Outeiro de Rei o número de persoas empregadas nalgunha actividade económica é de 1.821, das que 1.082 son homes e 749 son mulleres. Outeiro é o municipio da Comarca de Lugo en que o número de mulleres (542) supera o número de homes (462), en canto a poboación ocupada no sector primario. Agricultura e gandería danlle traballo ó 72 por cento da poboación ocupada feminina. Das 163 persoas que traballan no sector industrial, 142 son homes e 43 son mulleres. Dos 185 ocupados na construcción, só tres son mulleres, e o resto son homes. No sector servicios a poboación ocupada en Outeiro de Rei é de 457 persoas, das que 294 son homes e 163 son mulleres, segundo sector en canto a ocupación feminina.

Entre o sector primario e o sector terciario traballan 705 mulleres fóra da casa, o que en termos porcentuais supón que estas actividades económicas concentran un nivel de ocupación de 94 de cada 100 mulleres. ⇨

PORTOMARÍN. A actividade agraria segue sendo predominante en Portomarín. En 1981 o sector primario tiña unha poboación ocupada do 80,60 por cento e dez anos máis tarde caera ó 70,21 %. Curiosamente, é o único municipio da Comarca do Lugo no que a poboación ocupada no sector servicios descende na década dos oitenta, e pasa do 13,88 en 1981 ó 13,68 en 1991. Sen embargo, aumenta o peso do sector industrial, que neses dez anos pasa do 4,02 ó 8,19 por cento da poboación ocupada. E a mesma tendencia dáse na construcción, de 1981 a 1991 crece do 1,50 ata o 7,92 por cento da poboación ocupada. En resumo poderíase dicir que Portomarín é uns dos poucos municipios de Galicia no que o proceso de terciarización que se dá no conxunto se interrompe ó inicio da década dos noventa.

Das 1.111 persoas ocupadas en distintas actividades económicas no municipio de Portomarín, 659 son homes e 452 son mulleres. Na agricultura e gandería traballan 415 homes e 365 mulleres, o que representa o 81 por cento da poboación ocupada feminina do municipio. Das 91 persoas ocupadas na industria 68 son homes e o resto son mulleres. E na construcción só traballan 2 mulleres, mentres que o número de homes ocupados nestas actividade é de 86. No sector servicios hai 62 mulleres e 90 homes, nunha proporción por sexos máis aproximada. O 94 por cento das mulleres ocupadas no municipio de Portomarín están no sector agrario e no sector servicios.

Concello de Lugo J.S

RÁBADE. Proporcionalmente, o municipio máis industrializado e menos dependente do sector primario dos que conforman a Comarca de Lugo é Rábade. En 1981, tiña unha poboación ocupada no sector primario do 17,84 por cento e en 1991, só 0 7,34 %, un dos índices máis baixos de Galicia. Para esas mesmas datas a poboación industrial pasou do 20,27 ó 21,85 por cento da poboación ocupada. O sector da construcción evolucionou desde o 7,57 por cento da poboación ocupada en 1981 ata o 11,01 % en 1991. No caso do sector servicios, Rábade é o segundo municipio, despois de Lugo, que presenta un maior proceso de terciarización da súa economía local. Loxicamente a moderna estructura productiva desde municipio non se entende sen subliña-la súa proximidade á cidade de Lugo, e a súa situación privilexiada na estrada N VI, que une A Coruña con Madrid. Dous factores case determinantes na súa actividade.

Unha segunda curiosidade estatística é o baixo número de persoas que rexistra a relación da poboación ocupada por actividade económica en Rábade, consecuencia tamén do feito de que moitas das súas empresas dependen de Lugo. Das 538 persoas ocupadas, 392 son homes e 180 son mulleres. Das 42 persoas que aparecen anotadas na agricultura e gandería, 18 son mulleres e 24 son homes. Das 125 persoas que traballan na industria, 103 son homes e 22 son mulleres. Na construcción, un sector caracterizado pola pouca presencia feminina, dálles ocupación a 61 homes e a só 2 mulleres. O sector servicios é o que máis oportunidades de traballo ofrece ás mulleres, de xeito que nel a poboación ocupada feminina é de 138 persoas, mentres que o número de homes é de 204. A diferencia dos outros municipios da comarca, en Rábade a maioría das mulleres traballan no sector servicios e na industria, suman 160, que representa o 89 por cento do total. ❦

Lugo e maila súa comarca semellan aos ollos dun forasteiro un lugar de transicións e mudanzas. A paisaxe non acaba endexamais de ser montaña ou chaira. Os camiños romanos encontrábanse na vella 'Lucus Augusti', que era unha importante encrucillada e, co decorrer do tempo, os peregrinos xacobeos cruzaron, e cruzan aínda, estas terras por dúas vías de peregrinación: A 'Vía Francixena' ou 'Camiño Francés' e o 'Camiño de Oviedo' que vén pola Fonsagrada, baixa por Castroverde e entra en Lugo.

Unha visita a Lugo

LUGO, a máis vella capital de Galicia, semella tamén estar ancorada a medio camiño entre os tempos modernos e un punto indeterminado do seu pasado. A nuralla romana cingue un núcleo vello no que a atmosfera parece tan pétrea como os rexos muros da catedral. A catedral lucense, coas súas torres dominando o casarío lugués, é unha fermosa xoia, na que se funden influencias e estilos arquitectónicos distintos. No seu interior respírase a silente devoción dos lucenses, especialmente pola venerada 'Virxe dos Ollos Grandes'. Nos seus arredores atópase a Praza Maior, con soportais, tendas e cafés no que os lucenses desfrutan do seu tempo de ocio. Presidíndoa, a Casa do Concello. Na zona vella abundan os recunchos recoletos, as casas historiadas e importantes monumentos do pasado, como a Igrexa de San Francisco (hoxe en día de San Pedro). Xunto ao Miño, 'extramuros' álzase o Balneario que conserva restos dos baños termais romanos. Os peregrinos que pasan pola cidade teñen nela unha especie de pequena Compostela antes de saír pola Porta de Santiago, camiño de San Román da Retorta e Vilamaior do Negral, dirección a Compostela.

Son tamén pintorescas mostras de románico rural, tal é o caso das parroquias de Berselos, San Miguel ou Covas, ou pazos como os de Aranza ou Vilamaior, entre outros.

Quedan moitas cousas no tinteiro á hora de falar da Comarca de Lugo, pero cómpre recomendar, por último a visita inescusable ao, sen dubida, monumento máis singular da bisbarra: o templo romano ou páleo-cristián de Santa Olalla de Bóveda, sobre o que aínda quedan moitas incógnitas, e na que algúns afirman, máis ben especulan, con que esta sexa a tumba do herexe Prisciliano. ❦

Vivenda rural J.S


COMARCA DE LUGO
SITG
PROVINCIA DE A CORUÑA
FRIOL
BEGONTE
GUITIRIZ
RABADE
OUTEIRO DE REI
COSPEITO
CASTRO DE REI
POL
RIBEIRA DE PIQUÍN
A FONSAGRADA
BALEIRA
CASTROVERDE
LUGO
GUNTIN
PALAS DE REI
O CORGO
BARALLA
O PÁRAMO
LÁNCARA
PORTOMARÍN
MONTERROSO
SARRIA
SAMOS
Guitiriz
Begonte
Gaioso
Rábade
Outeiro de Rei
Bonxe
Mira
Anxeri
Cova 838m
S. Paio de Narla
Cota
Frio
Guimarei
Boved
Castro de Rei
Ribeira de Piquín
A Fonsagrada
Pol
Castroverde
Vilabade
Soutomerille
Baleira
Lugo
Mota
Neira
Láncara
O Páramo
O Páramo 877m
Portomarín
Castromaior
Palas de Rei
Ferreira de
Sarria
Triacastela
Vilouzán
Montes da Albela 1202m
Mirallos
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Diputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Camiño de Santiago
Clube recreativo
Balneario
Casco histórico
Casa de turismo rural
Catedral
Igrexa
Mámoa
Castelo
Murallas
Mosteiro
Restos templo romano
Pazo
Torre
Ponte
Artesanía
Festas gastronómicas
Penedos
Paraxe natural
Feira
Área recreativa

Futuro da Comarca de Lugo

FRONTE a outras, a Comarca de Lugo ten unha singularidade que lle vén dada por ter como centro a capital provincial, núcleo de población que conta cunha gran capacidade de atracción non só sobre a comarca senón tamén sobre o resto da provincia. O desenvolvemento dos servicios especializados é un obxectivo a acadar.

SEN embargo, pola amplitude do territorio comarcal non todo se reduce á oferta urbana, xa ue nos concellos circundantes existe unha interesante diversificación productiva que debe aproveitarse de cara ó desenvolvemento da zona. A dedicación gandeira é unha das principais nos municipios desta comarca, dedicación propiciada por unhas condicións ambientais e unha estructura agraria axeitadas. Neste sentido, tódalas actuacións encamiñadas á innovación, mellora e diversificación do producto redundarán en beneficio da base económica.

Por outra parte, o trazo principal do subsector industrial é a súa vinculación ás materias primas. Potenciar este tipo de industrias permitirá que gran parte da producción agraria se transforme nas industrias da propia comarca, co subseguinte aumento do valor engadido.

A función universitaria que Lugo asumiu ultimamente, e a tendencia cara á especialización en ensinanzas relacionadas coa alimentacin, a agricultura ou a ➪

Igrexa das Negradas, en Friol J.S

gandeira, é outra vantaxe diferencial que contribúe a incorporar innovacións tecnolóxicas nos sectores que forman a base económica desta comarca. En definitiva, a complementariedade entre producción, investigación e transformación constitúen o reto de futuro para esta zona.

TAMPOUCO pode esquecerse un gran potencial desta comarca: o turístico, pero é precisa unha maior promoción.

OS recursos monumentais da propia capital, os paisaxísticos de toda a zona, os fitos senlleiros, o Camiño de Santiago ou a existencia de balnearios son base suficiente para desenvolver unha oferta turística diversificada, complementaria e acorde cunha demanda de calidade.

QUIZAIS o maior esforzo deba facerse na creación dun producto turístico atractivo que faga que o turismo da Comarca de Lugo deixe de ser de paso, facendo desta unha zona acollida. ¶



San Xoán de Portomarín J.S

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

21

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

A Fonsagrada

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xuño do 1996

Cascada en Folgoso

José Salgado

A Comarca da Fonsagrada

NUN marco territorial claramente excéntrico con respecto ós principais centros de desenvolvemento rexional, encádrase a Comarca da Fonsagrada, que ocupa 679,5 quilómetros cadrados, no extremo nororiental da provincia de Lugo, limitando xa co Principado de Asturias. Baleira, A Fonsagrada e Negueira de Muñiz son os tres concellos que integran este conxunto comarcal, dos que a cohesión interna se ve favorecida pola existencia dunha importante vía de comunicación: a C-630, que articula os puntos de maior vitalidade económica e social.



Unha das características máis salientables desta comarca é a baixa densidade de poboación, orixinada por un escaso continxente poboacional (9.137 habitantes en 1995), que se asenta sobre unha ampla superficie case baleira. Neste senso, sobresaen os concellos de Negueira de Muñiz e A Fonsagrada; o primeiro, por ser o menos poboado de Galicia (339 habitantes), e o segundo por ser o de maior extensión de Galicia (442,8 km) e mesmo un dos maiores de toda España.

Na rede de asentamentos, o núcleo da Fonsagrada, que segundo parece lle debe o seu nome á antiga Fonte Sacram venerada polos peregrinos, consolidouse como o principal centro de servicios, que exerce unha intensa atracción sobre o espacio circundante.

É esta unha comarca de relevo accidentado, por ser as lousas os materiais dominantes. Estas dificultan a alterabilidade do modelado e orixinan unha paisaxe de fortes pendentes e acusados contrastes altitudinais entre os vales (por debaixo dos 200 metros) e as cotas máis elevadas, que superan os 1.000 metros: Busbeirón (1.283 m), Monte dos Vales (1.062) Pradairo (1.034), Monte Restelo (1.013 m.), etc. A comarca é un conxunto montañoso que marca a transición dende a liña de cumes que fai de divisoria con Asturias ata a meseta de Lugo. A Serra da Vaqueriza pecha o conxunto polo Oeste. A resistencia das rochas fronte á erosión e a composición mineralóxica dos materiais dan lugar á formación de solos de escasa profundidade e fenómenos de inestabilidade nas abas. Polo que respecta á hidrografía, este é un espacio de diverxencia de augas, xa que está drenado por afluentes do Miño (en Baleira nace o Neira) o por ríos da vertente cantábrica, ben sexa da conca do Navia (onde está o encoro de Salime) ou do Eo, que tamén mana en Baleira.

En termos xerais, é unha zona interior de montaña onde a influencia oceánica se atenúa, o clima é extremado, cunha temperatura media anual de 8,8 C no observatorio da Fonsagrada, como consecuencia das frecuentes xeadas, o intenso frío invernal e un curto período tépedo que só abrangue dende xullo a agosto. As precipitacións, en ocasións, son en forma de neve, pero a tendencia xeral vese modificada polos trazos orográficos locais (pendente, orientación e altitude), que marcan diferencias microclimáticas.

Estas condicións fan que a comarca sexa un verdadeiro compendio de paisaxes de montaña. As aldeas son belísimas e hai enclaves naturais de excepción. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traducións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

A moderna gandería do antigo Concello de Burón

OS hoxe municipios da Fonsagrada e Negueira de Muñiz –creado a principios deste século– formaron ata 1833 o chamado Concello de Burón, que pertencía á xurisdicción dos condes de Altamira. Historicamente, os buroneses libraron unha longa loita contras as cargas e tributos que tiñan que pagar. O primeiro preito data do ano 1.485, porque segundo dicían os veciños, dona Urraca Moscoso impoñíalles máis servicios dos debidos. O preito pasou á Real Chancelería de Valladolid que dictou que o concello, e polo tanto os veciños, deberían pagar 12.000 maravedís cada ano, ir un día ó ano de serventía á fortaleza da Proba de Burón e acudir á guerra cando se chamasen, así como cada doce veciños darlle a dona Urraca seis carneiros e cando o cabeza de familia morrese pagar un carneiro de luctuosa. Os buroneses negáronse a acatar a sentencia e a pagar os atrasos dos catro anos que durou o preito, polo cal, dona Urraca lles solicitou ós Reis Católicos unha *carta executoria,* que o concello se viu obrigado a pagar. Mediante este preito, dona Urraca tratou de se resarcir dos efectos da rebelión irmandiña, nos que participaron uns 10.000 homes de Burón e Navia ó mando de Pedro Osorio e destruíron o castelo de Burón que logo tiveron de reedificar.

Ata a Lei de Redención de Foros de 1925, a maioría dos campesiños da Comarca de Fonsagrada tiñan as terras que cultivaban en foro ou en arrendo ou subarrendo. En moitos casos a emigración da década do sesenta e setenta serviu para que moitas familias puidesen mercar para si as terras arrendadas ou subarrendadas. Co paso do tempo a actividade económica agraria da comarca foise centrando na gandería, sobre todo de vacún, que se foie modernizando no aspecto de xestión e técnico, axudada pola existencia de abundantes pastos de montaña. Na vila de Monterroso concéntranse ós servicios administrativos e o comercio, e o primeiro e terceiro sábado de cada mes celebra un importante mercado que favorece as explotacións agrarias da zona. Sen embargo, non ten boas comunicacións. ¶

Conca do río Rodil J.S



Perdeu o 60% da poboación desde 1900

A Comarca da Fonsagrada perdeu desde o ano 1900, en que rexistra 22.070 persoas, ata o 1991, en que anota 8.817, 13.253 habitantes, o que supón un descenso demográfico do 60 por cento. Nos tres primeiros decenios do século XX, a poboación da zona mantense en torno ás 22.000 almas, co mellor resultado no censo do 1920, en que acada 22.707. En 1940, cae lixeiramente por debaixo dos 20.000 (21.803), e a partir de aquí inicia un descenso poboacional en picado, máis acelerado entre 1960 e 1970, en que perde 4.124 habitantes, a consecuencia da forte onda emigratoria que se produce cara ó centro Europa.

Por municipios, A Fonsagrada marca a tónica descendente da comarca: en 1900 tiña 17.302 habitantes, en 1920 rexistra 17.750, e dende esa data de referencia vai perdendo poboación ata que en 1991 a cifra de habitantes é de 6.507. Semellante sorte corre Baleira que pasa de 5.164 persoas en 1910, o seu mellor rexistro, a 2.024 en 1991. E peor aínda é o caso de Negueira de Muñiz que se en 1940 anotaba 1.570 habitantes, cincuenta anos máis tarde a cifra só é de 286.

Menos mulleres

Por sexos, en 1986 a Comarca da Fonsagrada repartíase entre 5.949 homes e 5.340 mulleres. En 1991, o número de homes é de 5.014 e do mulleres, de 4.496. Neses cinco anos mantense na mesma proporción a alta taxa de masculinidade da zona: 111,5.

Polo que fai referencia á taxa de natalidade, de 1981 a 1991, cae do 6,5 ó 5,6, mentres que a taxa de mortalidade aumenta do 11,1 ó 11,6. Nesa década, o crecemento vexetativo acentúa a súa tendencia negativa e pasa do -4,6 ó -6,0. O caso é especialmente alarmente en Negueira de Muñiz, que en 1991 anota un crecemento vexetativo do -10,4.

En 1991, o número de mulleres da comarca comprendidas entre os 15 e os 49 anos era de 1.773 e o número de nacidos foi de 57, o que dá unha taxa de fecundidade do 32,15. Por municipios, Baleira anota 364 mulleres no grupo de idade comprendido entre os 15 e os 49 anos, 18 nacidos en 1991 e unha taxa de fecundidade do 49,45 unha das máis altas de Galicia nese ano. A Fonsagrada tiña 1.436 mulleres entre 15 e 49 anos de idade, rexistra 38 nacementos e unha taxa de fecundidade do 28,53.

E Negueira de Muñiz só rexistra un nacemento nese ano de referencia, tendo 63 mulleres comprendidas entre os 15 e os 49 anos, e unha taxa de fecundidade do 15,87. En 1986, o índice de dependencia xuvenil para a zona era do 17,5 e en 1991 do 17,9. Para as mesmas datas, o índice de dependencia senil pasa do 25,5 a 35,5. ❦





SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



Unha riqueza dependente do sector agrario

A vida económica da Comarca da Fonsagrada segue dependo case absoluatmente do sector primario, sobre todo do subsector gandeiro, propio por outra parte dunha zona de montaña. De 1981 a 1991, o peso do sector agrario en canto á poboación ocupada descendeu do 80,60 ó 70,31 por cento, aínda así esta porcentaxe é moi alta se se compara coa media da provincia de Lugo, 43,35, de seu eminentemente agraria. Para ese mesmo período, a actividade industrial pasa de ocupar o 2,58 por cento dos activos ó 3,56, e a construcción sobe do 4,52 por cento ó 6,75. O maior avance dáse no sector terciario, no que a poboación ocupada crece do 12,30 ó 19,37 por cento.

Por sexos, a comarca dálles ocupación a 2.521 homes e 1.299 mulleres. Na agricultura e gandería traballan 1.696 homes e 984 mulleres; na Industria 125 son homes e 11 son mulleres; das 258 persoas que se dedican á construcción, só 4 son mulleres; e nos servicios o reparto é de 442 homes e 298 mulleres.

A Fonsagrada. Na década dos oitenta, o sector primario pasa do 78,61 ó 69,73% da poboación ocupada. O sector industrial crece lixeiramente do 2,59 ó 3,22 por cento. Na construcción a poboación ocupada pasa do 5,41 por cento ó 7,76. E nos servicios crecen os ocupados desde o 13,39 ó 19,28 por cento.

Baleira. O sector primario tiña unha poboación ocupada en 1981 do 85 por cento e do 74 en 1991. A industria aumenta a poboación ocupada do 2,88 ó 4,37%. A construcción permanece estacionada cerca do 3 por cento. E os servicios aumentan a súa presencia ó pasar do 9,38 ó 19% da poboación ocupada.

Negueira de Muñiz. É o municipio da comarca no que o número de ocupados no sector primario descende máis e, pola contra, aumenta máis no sector servicios. De 1981 a 1991, a poboación ocupada na actividade agraria cae do 86,71 ó 62,16 por cento. A poboación industrial pasa de ser inexistente ó 7,21 por cento, e outro tanto se pode dicir da construcción cun 5,41%. Os servicios dobran poboación do 13 ó 25 por cento.¶

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Fonsagrada, cara ás terras astures

As terras da Comarca da Fonsagrada teñen moito en común cos da veciña Asturias: certos usos na fala, semellanzas na arquitectura tradicional, unha paisaxe esplendida. O Eo, río fronteirizo, ten as súas fontes no Concello de Baleira, na parroquia de Fonteo. Perduran aquí algunhas pallozas perdidas no medio dun mundo rural en proceso de cambio. Montaña, bosque e prado, Fonsagrada destaca polos seus horizontes abertos e afastados.

OS maiores alicientes turísticos céntranse na natureza e no patrimonio etnográfico. O incipiente turismo rural nesta comarca (dous establecementos só, en Freixo e Negueira de Muñiz) ten diante de si un enorme potencial, como xa ten acaecido nas veciñas terras astures; os montes fonsagradinos son ideais para as excursións de sendeirismo ou ecuestres. Existen xa algúns recunchos axeitados para o lecer como a praia fluvial de 'A Pena do Inferno' ou as áreas recreativas da 'Loma da Pergua' e 'O Pastizal'.

De todos os xeitos, a 'estrela' cara ó futuro no eido do turismo pode ser o 'Camiño de Oviedo', segundo a maioría dos estudiosos o máis antigo dos Camiños de peregrinación a Santiago, ou sexa, o 'primitivo' Camiño. Esta ruta, aínda hoxe moi frecuentada desde Asturias penetra na comarca polo alto do Acebo, onde houbo en tempos un hospital de peregrinos, o de Cuíña, e vai vindo cara á vila de Fonsagrada e A Pobra de Burón, pasando antes por Fonfría onde tamén houbo outro hospital. O Camiño bifúrcase para pasar un ramal pola Pobra de Burón (antiga cabeza do concello, onde se conservan restos da fortaleza dos Condes de Altamira) e outro pola actual capital municipal. Os dous ramais conflúen no monte de Montouto, onde subsisten as ruínas do Real Hospital de Santiago de Montouto, fundado polo rei Pedro I o Cruel, aló polo século XIV. O conxunto, sito a carón dunha anta megalítica ben merecen unha axeitada restauración. A ruta segue por fermosas soidades ata Paradavella, a Lastra e pasa ao municipio de Baleira. Baixa pola Fontaneira (onde hai pouco se derrubou a última palloza da aldea), O Cádavo para continuar cara a terras de Castroverde.



Capela en Lamas de Moreira J.S

PARA os amantes da conservación do medio, a comarca ten algunhas sorpresas, pequenos recunchos de importante valor ecolóxico. Ese é o caso da fraga de Estornín ou da de Sanxes, ou os fermosos bosques de Carballido e maila Marronda, este último o enclave máis occidental en Europa no que se atopan faias.

A etnografía fonsagradina, xa citada arriba, merece tamén unha atención especial. Na cabeza de comarca existe un Museo Etnográfico no que se amosan todas as facetas da vida tradicional nestas montañas, coas súas manifestacións materiais adaptadas ao duro medio. Os restos visibles deste tradicional xeito de vida encóntranse aínda espallados pola comarca, anque corren risco de desaparecer en moitos dos casos: hórreos de planta cuadrangular e cuberta piramidal, pallozas, as máis delas camiño da ruína, un hábitat concentrado en pequenas aldeíñas... Resulta curioso que para o gran público a montaña lucense se vexa reducida aos arquhicoñecidos Ancares e Caurel, quedando outras zonas (caso da Fonsagrada por exemplo) totalmente esquecidas cando os seus atractivos son igualmente grandes. ❦

COMARCA
DA FONSAGRADA
SITGA
RIOTORTO
A PONTENOVA
MEIRA
RIBEIRA DE PIQUÍN
POL
BALEIRA
NEGUEIRA DE MUÑIZ
A FONSAGRADA
NAVIA DE SUARNA
BECERREÁ
ASTURIAS
Xudán
Bidueiro
Miño
Eo
Lea
De Pol
Marín
A Veiga
Pontigón
Rodil
Corno do Freixo
Peniide
Bosque de Carballido
Maderne
De Sto. Estevo
Praia fluvial "Pena do Inferno"
Antiguas minas de Penas Apañadas
Serra de Invernal
Serra Follabal
A Pobra de Burón
A Fonsagrada
Loma da Pergua
Antiguo Hospital de Fontiña y fuente
Real Hospital de Montouto
Bosque da Marronda
Paradavella
Alto de Cerredo
Santiso
Mazo da Portelliña
Buarna
Fervenza da Semeira
Serra de Liñares
Navalo
Casa Vizcaín
Negueira de Muñiz
Encoro de Salime
Bustbeirán
1263
Serra de Uría
Cuiás
Serra de Cuiás
Vilar de Cuiña
Navia
Serra de Fonfaraón
Serra de Fonfría
Serra de Fonculberta
Alto de Fontaneira ▲ 930
Fraga de Estorón
A Bacariza
O Cádavo
De Castelo
Casa da Fonte
De Castiosa
Corneas
De Lamas
Eurellais
Penside
Serra de Liouxas
De Mosteiro
De Queizán
De Rao
De Bullán
Navia
Viarpandil
Mola
Mera
De Donsal
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Camiño de Santiago
Fundación Comarcal
Casa de turismo rural
Cruceiro
Igrexa
Anta
Castelo
Restos arqueolóxicos
Palloza
Fonte
Museo etnográfico
Bodegas
Fervenza
Praia fluvial
Área recreativa
Espacio natural protexido
Antiguas minas

O futuro da comarca


Hórreo en Lamas de Moreira, Seoane J.S

XA que o despoboamento –por avellentamento e emigración– é un dos principais problemas que aqueixan a esta comarca, cómpre actuar a curto prazo, antes de que a situación sexa irreversible. Un primeiro obxectivo ha de ser fixar a poboación, convertendo a Comarca da Fonsagrada nun lugar atractivo para os propios residentes, mediante a mellora da calidade de vida. E iso pódese conseguir mellorando as infraestructuras e os equipamentos locais (moi caros, por certo, debido á dispersión dos núcleos), e se a poboacion autóctona se implica activamente, concentrando todos os seus esfornos no asociacionismo cooperativo e na modernización do sistema productivo, é labor no que se pode axudar mediante campañas informativas e por medio de subvencións e axudas oficiais. O Plan de Desenvolvemento Comarcal, aprobado polo Consello da Xunta o 10 de maio de 1995, define as directrices a seguir nesta comarca. Cara ó futuro e, polo menos durante os próximos catro anos, ata o ano 2000, co plan comunitario LEADER, concedido á Fundación para o Desenvolvemento da Comarca da Fonsagrada, onde se presentarán proxectos por valor de 1.650 millóns de ptas., é de esperar que se promovan novas iniciativas. De todos é sabido que o clima frío, as fortes encostas e os solos débiles limitan a aptitude das terras para seren cultivadas. Estas condicións naturais non poden ser modificadas, as que ten que ser o propio campesiño o que salve ó solo da degradación, perfilando unha estratexia económica alternativa acorde coa realidade. Á vista de que aínda quedan grandes extensións de mato e monte pelado, é aconsellable potencia-la explotación do monte, mediante a reposboación de coníferas e árbores autóctonas, estudiando as especies máis axeitadas, en función dos pisos altitudinais e a profundidade dos solos. A venda de madeira de calidade (castiñeiros, carballo) e de piñeiros para as industrias de tranformación, onde se converten en aglomerado e pasta de papel, aumentaran os ingresos familiares. As zonas máis baixas e de menor gradiente topográfica poden reservarse para a cría de gando, cara á producción cárnica (rubia galega), nun momento en que se está a promocionar a tenreira galega de calidade. Tamén existen grandes posibilidades co aumento da cabana ovina. A reorientación das explotacións gandeiras pode ser un bo punto de apoio para a creación dalgunha pequena industria de tranformación cárnica.

Ó mesmo tempo, debe potenciarse a comercialización do botelo, e darlle publicidade como producto artesanal, igual que a outros traballos tradicionais. Nesta mesma liña, outros aproveitamentos interesantes son a apicultura e a recolleita de cogomelos e castañas. As novas espectativas de rendibilidade poden ampliarse aproveitando as condicións favorables para o turismo: o bo estado das augas fluviais, a existencia de especies de caza maior (porco bravo, corzo) espacios naturais (Bosque do Carballido, Bosque da Marronda, Fraga de Sanxás, Freixido). Non por iso, debe esquecerse o exercicio dun control adecuado para evitar o esgotamento dos recursos e o furtivismo. Poderase acondicionar as ribeiras da represa de Salime para a súa explotación turística, mediante a construcción dun peirao de amarre e unha praia fluvial, construír zonas de acampada, albergues ou refuxios de montaña, e rehabilitar algunha casa nobre para dedicala ó turismo rural. Na actualidade contan cunha praia fluvial en Naraxa (A Fonsagrada) e as áreas recreativas de Trabeiro (Baleira) e Loma da Pergua (A Fonsagrada).

Para que este recurso sexa adecuadamente explotado debe promocionarse a comarca, redescubrindo o primitivo Camiño de Santiago, sinalizando diversas rutas ecolóxicas e de sendeirismo, e recuperando os vellos labores dos teares e a artesanía da forxa, ademais de dar a coñecer o patrimonio artístico (mámoas, castros, igrexas e casas grandes) e a arquitectura popular (hórreos e muíños). ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

22

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xuño do 1996

Quiroga

Vista de Visuña, en Folgoso

José Salgado



A Comarca de Quiroga

A Comarca de Quiroga, encadrada entre as Serras Orientais de Galicia e o val do Sil, é unha terra de montañas abruptas e quebradizas que contrastan con amplos vales e con profundas gargantas. Xogos de bloques e fracturas tectnicas configuraron este territorio. Pola zona central e sur discorren o río Sil, e os seus afluentes, o Quiroga e o Lor que é un dos máis importantes ríos troiteiros de Galicia.

Ó longo do río Quiroga ata a súa confluencia co Sil, esténdese unha ampla conca fluvial. Esta flanqueada, ó leste, polas estribacións da Serra do Courel, da que descenden numerosos cursos fluviais e inventariada como Espacio Natural de Protección Especial. No sector occidental e norte, os perfís sinuosos da Serra da Trapa, os Montes de Luzara e a Serra do Rañadoiro, actúan como peche topográfico dun espacio interior dominado por vales pequenos, estreitos e oblicuos ó eixe do Sil. A estas peculiaridades paisaxísticas corresponde unha destacable riqueza ecolóxica, dun elenco faunístico, piscícola e arbóreo excelente.

Desde o punto de vista funcional este territorio está integrado na área de mercado de Quiroga, que é a cabeceira comarcal.

Agora ben, a proximidade dun centro administrativo e de servicios tan importante como Monforte de Lemos, co que os municipios desta comarca teñen relacións, propicia que os servicios administrativos non coincidan, polo menos en parte, coa organización natural do territorio nin coa organización funcional do mesmo. ¶

Paisaxe en Parada Vella J.S

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Todo se move ó redor do farturento río Sil

DÁ a impresión de que a Comarca de Quiroga non sería tal se non fose polos numerosos ríos que a atravesan, cal se fose o complexo sistema arterial de corpo humano. Pero sen dúbida a arteria principal da zona é o río Sil, que tracexa o límite entre os municipios de Quiroga e Ribas de Sil e forma un dos vales máis fermosos de Europa, e nas súas veraces veigas cría as cepas que logo son a orixe duns apreciados tintos. É dicir, a actividade económica da comarca móvese na conca do Sil, ás augas do cal van parar as dos afluentes como o Quiroga, o Soldón ou o Lor, que baixa desde O Courel e ten sona de ser un dos ríos máis troiteiros de Galicia.

Como non podía ser doutro xeito, a agricultura é unha das principais actividades económicas da comarca, sendo que unha parte moi importante da súa superficie cultivable se dedica ó cultivo da vide, froitas e legumes. Nas zonas altas de montaña hai unha vocación claramente gandeira, especializada en vacún, debido á existencia de abundantes pastizais naturais. E no monte baixo existen grandes áreas dedicadas ó cultivo da castaña.

No plano industrial, a explotación de canteiras de lousa, así como a situación de dúas importantes centrais hiodroeléctricas axudan a equilibrar o peso dos distintos sectores productivos. Esto, e mailo desenvolvemento do turismo de montaña, axudou á creación dun sector servicios cunha media poboación ocupado maior que a provincial.

No aspecto cultural é de subliñar que Quiroga achega unha das pezas máis importantes da época paleocristiá en Galicia. O *Crismón de Quiroga,* como xa se coñece, trátase dun disco de mármore circular de 95 centímetros de diámetro, datado cara ó ano 400. A placa amosa no centro un gran monograma de Cristo, e no bordo, unha inscrición rodeada ós dous lados por unha sarta de perlas.

A inscrición circundante contén gravada a bisel a seguinte lenda en latín, que traducida ó galego di: ''O ouro é vil para ti, as riquezas de prata abátense, máis é o que brillas pola túa propia felicidade'' (AURUM VILI TIBI EST ARGENTI PONDERA CEDANT PLUS EST QUOUD PROPIA FELICITATE NITES). ❦

Castiñeiros en Vilamor. Folgoso J.S

Só Quiroga frea a forte perda de habitantes

Dentro do forte descenso poboacional que se deu na comarca, só o municipio de Quiroga aguanta a penas a crise demográfica. En 1900, a zona tiña 19.069 persoas e, a partir dese censo, principia a perder habiantes de xeito constante, cunha lixeira recuperación do ano 1930 ó ano 1940, en que pasa de 17.323 a 18.109. Desde mediados do século XX volve ás andadas e vai minguando demograficamente ata que en 1991 anota 8.089 almas, das cales máis da mitade pertencen ó municipio de Quiroga.

No ano 1900, Folgoso do Courel tiña 6.413 persoas e mantense por riba dos seis mil habitantes ata 1930 e as dúas décadas seguintes, na que a poboación se move en torno ás 5.500 persoas. Desde 1960 ó 1991, o municipio pasa de 4.634 a 1.864 persoas.

En 1900 Quiroga tiña máis habitantes (8.889) que os tres municipios da comarca xuntos en 1991. En 1940, este municipio aínda rexistra 8.380 habitantes e aguanta nos 7.000 ata 1960. Desde o ano 1970 ata agora, bailan as cifras entre 4.500 e 5.000 persoas.

En Ribas de Sil, o número de habitantes permanece con lixeiras oscilacións en torno ós 3.800 habitantes desde o ano 1900 ata 1950. E nos catro decenios seguintes pasa de ter 2.992 persoas a 1.568.

Máis mulleres

Por sexos, en 1986 a comarca tiña máis homes (5.262) que mulleres (5.184), situación que se invirte cinco anos despois no que o número de mulleres (4.424) supera o de homes (4.339). Como consecuencia diso, a taxa de masculinidade baixa do 101,5 ó 98,1. Polo que fai referencia á taxa de natalidade, rexistra un forte caída de 1981 a 1991, ó pasar do 7,7 ó 5,1, mentres que a taxa de mortalidade a penas baixa, e queda no 12,7. A consecuencia é que o crecemento vexetativo é cada vez máis negativo e sitúase en 1991 no -7,6.

En 1991, a Comarca de Quiroga tiña 1.581 mulleres comprendidas entre os 15 e 49 anos, e nese ano o número de nacementos foi de 36, o que deu unha taxa de fecundidade do 22,77. Por municipios, Quiroga tiña 1.004 mulleres comprendidas entre 15 e 49 anos, rexistrou 25 nacementos e tivo unha taxa de fecundidade do 24,90. Folgoso do Courel rexistrou 7 nacementos entre un colectivo de 293 mulleres de 15 a 49 anos, e deu unha taxa de fecundidade do 23,89. Ribas de Sil só rexistrou en 1991 catro nacementos para un grupo de 284 mulleres comprendidas entre 15 e 49 anos, o que deu unha baixa taxa de fecundidade (14,08). En 1991 o índice de dependencia xuvenil era 21,7 e o de dependencia senil do 48,7. ¶









O seu futuro depende da terciarización

A Comarca de Quiroga presenta un proceso de terciarización crecente da súa actividade económica superior á media da provincia de Lugo e outro tanto cabe dicir da merma de entidade que sofre o sector agrario, en franco retroceso nos últimos anos.

Se en 1981, o sector primario tiña unha poboación ocupada na agricultura de gandería do 53 por cento, dez anos máis tarde esta porcentaxe será do 31%, o que supón unha diminución de 22 puntos.

As perdas de poboación activa no sector primario son compensadas, nunha pequena parte, polo crecemento que se produce no sector industrial, que pasa do 12,48 ó 18,77 por cento da poboación activa, e na construcción, que sobe do 12,45 ó 15,67% . Pero, sen dúbida, o gran salto cara a diante dáo o sector servicios que se en 1981 tiña o 22 por cento da poboación ocupada en 1991 anota o 34,78.

Por sexos, a poboación ocupada da Comarca de Quiroga repártese entre 1.704 homes e 970 mulleres. Un dato chamativo é que no sector agrario o número de mulleres que traballan (469) é maior que de homes (347). Na industria o reparto é de 414 homes e 88 mulleres. Na construcción hai só 11 mulleres e 408 homes. E nos servicios, 530 homes e 400 mulleres.

Folgoso do Courel. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario pasou do 76,45 ó 55 por cento. Os ocupados na industria aumentaron desde case o 3 ata o 12,5 por cento. Na construcción a porcentaxe de ocupados cambiou do 6 ó 11 por cento. E nos servicios aumentou do 14,5 ó 22 por cento.

Quiroga. En Quiroga o sector terciario aumentou 17 puntos, ó pasar do 21 ó 38 por cento da poboación ocupada. En sentido contrario, o sector agrario perdeu 25 puntos, do 49 ó 24 por cento da poboación ocupada. Tamén creceron a industria e a construcción.

Ribas de Sil. En 1981 a poboación ocupada no sector primario era do 40,5 por cento e en 1991 do 27%. A industria gañou un punto de poboación activa e situouse no 16 por cento. A construcción creceu ata 16 % e os servicios do 32 ó 38. ¶



Quiroga, un paraíso esquecido

A de Quiroga é, para quen queira visitala, unha comarca única, engaiolante, cuns valores naturais e históricos moi ricos e antigos. Os amantes do arqueolóxico ben poden principiar por unha visita ao soado túnel de Montefurado, no Concello de Ribas de Sil. Este túnel (en realidade son dous) fíxose nos tempos da romanización para desviar o curso do Sil e extraer das súas augas ouro.

MÁIS ao norte, en torno ao río Lor consérvanse interesantes castros (o de Vilar, o de Romeor...) e explotacións mineiras romanas (minas da Toca e de Torubio), que reflecten un tipo de poboamento antigo moi peculiar. De todos os xacementos, o que máis paga a pena visitar é o castro de Vilar, enclavado sobre un espolón de rocha sobre un profundo meandro do río Lor.

Por outra banda, a espeleoloxía ten na zona un dos seus enclaves máis interesantes na nosa comunidade. As 'Covas do Oso', as simas de Aradelas ou Tra-la Costa, entre outras son pequenos mundos soterrãños e quedos que agardan a quen os queira descubrir.

Pero o Courel, sobre todo a zona que se coñece propiamente con este nome, é a terra da montaña, do ar libre e fresco, das vellas e fermosas devesas, como a da Rogueira ou a de Riocereixa. Na da Rogueira existe unha aula da natureza destinada á información sobre os moitos valores naturais e ecolóxicos desta masa forestal. Unha fermosa senda cruza a Rogueira ata as súas maiores altitudes e permite contemplar una sucesión de pisos arbóreos e toda a enorme riqueza botánica deste vello bosque. Nas alturas, as 'fontes da Rogueira', dous manaciais que manan xuntos, refrescarán aos excursionistas.

Uxío Novoneyra, poeta nado en Parada do Courel, Concello de Folgoso, cantoulles nos seus 'Eidos' a estas montañas. Aínda hoxe, por fortuna, a paisaxe retén boa parte desa fermosura e fondura intanxible que motivara ao poeta. O Caurel é un bo lugar para perderse un tempo.

Varias casas de turismo rural e mais un cámping permítenlles aos visitantes ter un axeitado aloxamento, como punto de partida para calquera das moitas excursions (a pé, dacabalo) que a zona permite.

No Concello de Quiroga téñense sinalado recentemente varias delas (Ruta do mel, Ruta da Encomenda).

Tamén en Quiroga, nos arredores da vila, e en San Clodio, teñen os afeccionados ao parapente o seu paraíso particular. Segundo o dicir dos entendidos, o Val de Quiroga ten as mellores condicións de toda Galicia para a práctica deste fermoso deporte. Vilañán (Quiroga) e A Moá (Ribas do Sil) son dous dos puntos privilexiados. Outro deporte trepidante que conta na comarca cun escenario idóneo é o piraguismo. As augas bravas do río Lor préstanse perfectamente para desfrutar desta actividade.



O Caurel J.S

RESTA tamén falar da etnografía da zona, da súa arquitectura típica das serras orientais e da súa arte. O tipo de poboamento, de aldeas pechadas, con casas pretas unhas doutras, con cubrición de 'lousa', compoñen estampas moi pintorescas. As aldeas de Vilar, Froxán, Outeiro, Visuña, etc. son bos exemplos disto.

Os nobres edificios que visitar non abundan nestas terras pero teñen todos eles un rústico encanto: a antiga abadía de San Clodio, a igrexa da Ermida (Quiroga) onde se atopou o célebre 'Crismón' de Quiroga, os castelos de Torrenovaes ou Carbedo amosan a sinxeleza das manifestacións humanas na comarca, fronte a unha natureza desbordante que se erixe na principal protagonista. ❦

COMARCA
DE QUIROGA
SITGA
SAMOS
O INCIO
PEDRAFITA
DO CEBREIRO
FOLGOSO
DO COUREL
ASTURIAS
A POBRA
DE BROLLÓN
QUIROGA
RIBAS
DE SIL
Noguerido
Penalva
Mao
Encoro de
Vilasouto
Louzara
Pequeno
Antigua
Lor
Sarria
Cubo
Serra da Trapa
Piñeiro
528
Froxán
Folgoso
do Courel
Serra do Courel
Fervenzo
Quiroga
Soldón
Serra dos Cabalos
Montouto
Vilamel
Barreiros
Portillo
Lama
Xulián
Eiros
Encoro de
Pumares
Sil
Covas de
Mostad
Ponte de
Barxa de Lor
Mirador de
Aldriz
A Ermida
Quiroga
S. Clodio
Hospital
Castelo de
Torresnovaes
Sequeiros
Torbeo
Encoro de
Sequeiros
Igrexa de
Montefurado
Pinchelas
Túnel de
Montefurado
Encoro de
Montefurado
Alto de
Figueiro
861
S. Fiorido
Navea
Encoro de
Guistolas
Encoro de
Moureda
S. Lázaro
Encoro de
S Martiño
Baldío
Candins
Xares
Encoro de
Santa Olaia
Riomao
Encoro de
Prada
Casa
Valín
Casa
Ferreiro
Castelo de
Carbedo
Esperante
Devesa de
Rogueira
Covas de
Visuña
Lagoa de
Lucenza
Seixas
Salmo
Casa
Dósinda
Casa
Comesaña
Vilar de Castro
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Sendeirismo
Pobo típico
Casa de turismo rural
Igrexa
Castelo
Ponte
Aula da natureza
Camping
Lagoa
Bosque
Miradoiro
Fervenza
Covas
Tunel
Parapente

Actuacións a promover na comarca cara ó futuro


Mina abandonada en Vilarbacú J.S

AS características xeográficas da comarca condicionaron a evolución socioeconómica da mesma. O illamento físico propiciou tamén un illamento económico, favorecendo a emigración e o despoboamento progresivo deste territorio, dun modo especial nas zonas máis montañosas. O resultado foi un elevado grao de envellecemento da poboación.

Na actualidade, a dicotomía val-montaña é ben manifesta. Nas zonas de veiga obsérvanse as maiores concentracións de poboación, os núcleos urbanos máis importantes e, o maior movemento económico, mentres que as terras montañesas permanecen tan inamovibles como a austeridade dos seus picachos.

NOCES, castañas, viño, aceite, centeo, vacún..., e, fundamentalmente, ferro, antimonio e chumbo, foron productos básicos na economía comarcal. Hoxe en día, a lousa, o viño e a madeira son as producións máis representativas, e cara ó futuro, as potencialidades desta comarca son evidentes en diversos ámbitos. A potenciación dos seus viños, baixo a Denominación de Orixe Ribeira Sacra, debe continuar, ligándose á investigación para manter unha calidade constante. Deben analizarse tamén posibles cultivos e actividades alternativas, tales como producións hortofrutícolas e explotación apícola. O aproveitamento forestal e de productos do monte (cogomelos, arandos, érbedos...), así como unha actividade gandeira centrada na explotación extensiva de vacún, caprino e ovino, abren unha vía productiva que debe terse moi en conta. É preciso acometer unha ordenación e planificación adecuada do extenso terreo forestal, para organizar o uso madeireiro, pastoril e recreativo do monte, e, simultaneamente, organizar os propietarios e productores. Un réxime de explotación de tipo cooperativo, pode contribuír ó desenvolvemento harmónico dos recursos endóxenos e, simultaneamente, a fixar poboación, todo iso sen alterar a calidade do espacio natural.

A extraordinaria calidade do medio ambiente natural, a riqueza cinexética, piscícola, e faunística, ofrecen un marco idóneo para o turismo de natureza e a práctica dunha ampla gama de deportes. A actividade turística, pode constituír unha fonte de ingresos complementaria das rendas familiares sempre e cando se prepare unha boa e organizada oferta. En 1990 a Xunta asumiu a posta en marcha do Plan Caurel, un plan de desenvolvemento rural da Serra do Courel, o seu obxectivo centrouse en promover o desenvolvemento integral destes municipios lucenses de montaña e evitar o seu despoboamento, mediante accións encamiñadas a potenciar e desenvolver o turismo rural, a comercialización de productos agrícolas de calidade e productos artesanais e, basicamente a concienciación da poboación para motivala a actuar. Os programas de rehabilitación de vivendas rurais, recuperación do patrimonio etnográfico e sinalización, centraron os investimentos efectuados. O máis destacado é a rehabilitación integral das aldeas de Froxán e de Seceda, en Folgoso do Courel.

Creáronse tamén un centro de interpretación da natureza na Devesa e outras actuacións diversas están mellorando a oferta de aloxamentos e de actividades complementarias.

Actualmente esta comarca é unha das beneficiadas pola Iniciativa Comunitaria Leader II.

A industria extractiva, nas tres canteiras de lousa existentes, converteuse nun revulsivo para a economía comarcal, xerando unha dinámica interna de gran transcendencia. Non obstante, o futuro do tecido productivo, tanto no sector primario como no industrial, pasa por unha modificación das estructuras tradicionais.

A introducción de novas tecnoloxías, a reducción de custos, a profesionalización dos productores, e o mantemento dunha calidade constante nos productos, son os principais desafíos ós que debe enfrontarse a economía comarcal mirando o futuro. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

23

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xullo do 1996

Terra Chá

Paisaxe en Vilalba

José Salgado

A comarca da Terra Chá

ESTREMEIRA coa provincia coruñesa, a comarca lucense da Terra Chá está formada polos concellos de Vilalba, Cospeito, Xermade, Abadín, Begonte, Pastoriza e Muras que contabilizan un total de 52.652 habitantes, repartidos sobre 1.822,8 km2 e cunha densidade de 28,8 hab/km2.

Trátase dunha extensa comarca natural, dotada dunha grande uniformidade debido, en gran parte, á súa planitude topográfica, soamente interrompida polos rebordos montañosos que a encadran. Dentro dela diféréncianse claramente dúas unidades topográficas:

1 Os vales interiores: Por unha parte destaca o val do Miño e a súa densa rede de afluentes (Ladra, Parga, Támega, Azmara) que ocupan a maior parte do territorio comarcal; ó norte, o curso alto do río Eume que ten a súa cabeceira na Serra do Xistral e que abre a comarca cara á depresión das Pontes. As vías naturais de comunicación que facilitan as relacións dos espacios chans coas terras montañosas e ➪



FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

➪
Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Vista do centro de Vilalba J.S

➪ coas comarcas adxacentes, e asemade que encarrilan o trazado das infraestructuras viarias.

2 Os rebordos montañosos delimitan a comarca de sudoeste a nordés. Facendo de límite natural coa provincia da Coruña esténdense a Serra da Loba e cara ó sudoeste a Serra de Coba da Serpe, ámbalas dúas con altitudes superiores ós 700 metros; e ó norte, a Serra do Xistral (con alturas superiores ós 1.000 metros), a Serra da Carba e o Cordal de Neda (entre 800 e



600 metros). Por outra parte, a organización funcional do territorio comarcal ten o seu centro principal en Vilalba, co cal o resto dos concellos manteñen fortes vinculacións relacionadas coa súa importante dotación de servicios. A súa influencia é especialmente palpable sobre os concellos de Abadín, Cospeito, Guitiriz, Begonte, Muras e Xermade. Ademais, tódolos concellos manteñen unha importante vinculación funcional coa capital, Lugo, aínda que de modo máis intenso os de Begonte e Castro de Rei. ❡

Rendas para poder comer capón sempre

As actividades económicas predominantes na Terra Chá situánse no sector agrario, ben con explotacións de leite ou de carne ou cunha agroindustria de preciados productos. Pero, sen dúbida, a ave que máis sona lle ten dado a Vilalba e demais municipios desta comarca é o capón, definido como polo que se castra cando é pequeno e se ceba para comelo. O feito é que os capóns de Vilalba son famosos en medio mundo e non só en España, e Manuel Fraga tivo a ocorrencia de incorporalos en 1974 como menú principal nunha comida oficial da embaixada de España en Londres durante a súa etapa de embaixador no Reino Unido. Álvaro Cunqueiro, no seu receitario sobre *A cociña galega* (Vigo, 1973) escribe: ''Falo dos de Vilalba, dos capóns das aldeias veciñas, e da Terrachá, ata da Terra de Pallarés e de Melide, e da Terra de Miranda'' e alude a unha serie de parroquias da comarca para sinalar que ''se xuntan o dazanove de Nadal na feira capoeira de Vilalba, ben estribados nas cestas, sobre blancos manteis, ben pelados e limpos, coa enxundia cravada con seis pauiños de abidueira mesmo no bispiño''.

Unha boa ceba

Como apunta Cunqueiro, a Feira dos Capós ten lugar en Vilalba, desde tempos xa non lembrados, o 19 de decembro de cada ano, repetíndose ó día seguinte. Antes os capóns poñíanse á venda na Praza de Santa María, colocados sobre panos brancos, e á súa beira, nun prato, poñían os miúdos cos que se pode prepara-la soupa de camerani ou ''soupa de caldo de ave con figados de capón, xamón, champiñóns e cristras'', segundo un dos receitarios máis clásicos. En Vilalba, os miúdos prepáranse con arroz. Nos últimos anos, a Feira dos Capós faise no Campo da feira de Vilalba para evita-lo mal tempo.

Desde o seu nacemento, contra o mes de abril, ata o seu encerro na *capoeira,* en novembro, os capóns reciben todo tipo de coidados: procúrase que non collan frío nin se mollen coa chuvia, reciben alimentación selectiva para que chegado o tempo da ceba xa teñan un peso aproximado de 3 quilos. Os capóns son alimentados dúas veces ó día. A alimentación faise individualizada, ave a ave, e a persoa encargada desta tarefa introduce na boca de cada animal unha bóla de alimento, metendo a man polo pescozo do animal para facilitarlle a dixestión, pois do contrario corre o perigo de morrer asfixiado. Nas derradeiras semanas, subminístraselles tamén un copa de coñac. Despois de matalo cunha coiteliña especial, faise o escaldado en auga fervendo e desplúmase. Unha vez separadas as vísceras, a operación conclúe cravando a ensuña co raquis das plumas maiores, e fixándoa na parte traseira do capón, entre o cu ou sobrecú e os zancos da ave.

Segundo Salustiano Portela Pazo, o capón foi utilizado como medio para pagar rendas, e sospéitase que Fernán Pérez de Andrade recibía o suficiente número de capóns en concepto de rendas e vasallaxe como para poder comelos tódolos días do ano. Eduardo Lence-Santar conta que despois da execución do Mariscal Pardo de Cela, en Mondoñedo, os prexurados que o entregaron, así como os seus descendentes quedaron obrigados a pagarlles ós Pardo de Cela un par de capóns de renda. Dunha acta oficial de prezos correspondente ó ano 1840, en poder do Concello de Vilalba, despréndese que un par de capóns tiña unha cotización semellante –12 reais– a un bo carneiro, limpo, e que daquela as feiras dos capóns se celebraban, ademais de polo Nadal, nos meses de xaneiro e febreiro. ➪

Gando en Roupar J.S

A Terra Chá é unha das zonas de fonda tradición migratoria. Xa no século pasado destacaba a emigración estacional das cuadrillas de segadores cara a Castela –un feito extensible a gran parte de Galicia– ós que con tanta delicadeza defendería Rosalía de Castro. Na presente centuria os movementos migratorios procedentes da comarca van variando de destino segundo as circunstancias económicas que atravesan os países receptores. Hai unha diáspora latinoamericana, con especial preferencia por Cuba. E hai unha emigración continental europea cara a Suíza, Francia e Inglaterra. Evidentemente, todos estes cambios poboacionais por razóns de traballo, provocaron na Terra Chá un gran decrecemento no seu número de habitantes que afectará a evolución demográfica da comarca nos lustros seguintes. Sen embargo, a partir de 1975, o decrecemento vexetativo orixinado polas baixas taxas de natalidade substituirá a emigración como causa principal da caída demográfica. Nunha visión xeral da situación interna, desde a perspectiva económica da zona, compróbase que Vilalba exerce de centro comercial e de servicios ó que acoden xentes dos outros municipios. Guitiriz segue sendo un centro atracción turística polos seus balnearios de augas sulfurado-fluoradas sódicas, indicadas contra os trastornos hepáticos e do aparello dixestivo. Bonxe achega a creatividade artesá da cerámica de calidade. En conxunto, tódolos municipios da comarca presentan un elevado grao de modernización das explotacións gandeiras, sobre todo en vacún de leite, que aproveitan a boa calidade dos pastos.❦



Cruceiro en Fonmiñá, Pastoriza J.S

Decrecemento vexetativo da poboación

Se nos anos sesenta a emigración foi a causante da perda de habitantes, na actualidade o decrecemento vexetativo da Terra Chá é consecuencia da baixa taxa de natalidade. O feito é que ningún dos oito municipios que conforman a comarca teñen máis habitantes en 1991 dos que rexistraban dez anos atrás.

No plano demográfico, a Terra Chá presenta dúas etapas diferenciadas. Desde o inicio do século ata 1950, a poboación crece ininterrompidamente e pasa das 61.263 persoas ás 72.544, sendo o período de maior aumento os anos trinta, no que o número de habitantes aumenta en máis de 5.000 almas e pasa de 65.071 a 70.482. Polo contrario, nos anos sesenta prodúcese o maior descenso da poboación na zona no que vai de século, ó perder algo máis de 10.000 habitantes e situarse en 60.599 persoas. E aínda que nas dúas décadas seguintes esta forte caída da poboación se reduce á metade, en 1991 o padrón anota 50.116 habitantes.

O máis poboado

O municipio máis poboado da Terra Chá segue sendo Vilalba, o único da conarca que en 1991 (15.643) ten máis habitantes que en 1900 (13.572). A terra natal do actual presidente da Xunta, Manuel Fraga, alcanza o seu mellor rexistro demográfico no padrón do ano 1960 con 20.264 habitantes, e a partir desa data de referencia empeza a perder poboación. Guitiriz tiña ó comezar o século XX 10.028 persoas, e con pequenas oscilacións nas décadas seguintes a poboación crece ata o ano 1940 (11.909), e logo empeza a perder poboación ata os 6.786 habitantes de 1991. Abadín tiña 5.005 persoas a principios do século, rexistra 6.352 no ano 1950, o seu mellor dato, e 3.942 en 1991. Begonte móvese por riba dos 6.500 habitantes, con algunhas oscilacións, ata o 1960, e logo inicia un descenso continuado nas tres décadas seguintes ata rexistrar 4.493 habitantes en 1991. No ano 1900, Castro de Rei anotaba 7.211 persoas e 7.667 sesenta anos máis tarde, e na actualidade ten 5.748. Cospeito tiña 7.113 habitantes en 1900 e 8.090 no ano 1960, data a partir da cal comeza a descender a curva de poboación ata quedar en 6.166 persoas en 1991. A Pastoriza era o tercerio municipio da comarca en canto a número de habitantes en 1900, e nas décadas seguintes moverase en torno ós 7.200, para inicia-lo decrecemento poboacional continuado que o levará ás 4.294 persoas que rexistra na actualidade. Xermade segue sendo o municipio con menor número de habitantes da Terra Chá: no ano 1900 anotaba 4.059 persoas, 5.267 cincuenta anos despois e 3.044 habitantes no ano 1991.





Praia fluvial. Vilalba J.S

En canto á estructura por sexos, de 1986 a 1991 a Terra Chá pasou de ter 27.143 habitantes a 25.534 e de 27.780 mulleres a 26.245. Aínda que as cifras indican un descenso do número de persoas nos dous sexos, nese período continúa o descenso da taxa de masculinidade, que pasa do 97,7 ó 97,3. Sen embargo, dentro da zona hai que salientar dúas excepcións: Pastoriza no que mulleres e homes rexistran un empate de 2.246 persoas por cada bando, e Castro de Rei no que o número de homes (2.955) é lixeiramente superior ó de mulleres (2.924) o que dá unha taxa de masculinidade do 101,1. Pola contra, Abadín rexistra a taxa máis baixa de masculinidade, 92,8.

De 1981 a 1991, a taxa de natalidade baixa desde 9,9 ata o 7.7, mentres a taxa de mortalidade crece un chisco e sobe do 12,5 ó 12,6. A consecuencia disto o crecemento vexetativo é máis negativo, e pasa do -2,6 ó -4,8. Nese mesmo período, Abadín convértese no municipio con maior decrecemento vexetativo da comarca, -6,4, consecuencia de rexistra-la taxa de natalidade máis baixa dos oito municipios, 6,0. Vilalba ten a taxa de natalidade máis alta da Terra Chá 8,4, e Pastoriza a taxa de mortalidade maior, 13,6. Cospeito rexistra a taxa de mortalidade máis baixa, cun 11,8. Este municipio e o de Vilalba sofren un menor decrecemento vexetativo que o resto da comarca, con taxas do -3,9 e -4,2 respectivamente.

Segundo o censo de 1991, a Terra Chá conta 10.149 mulleres comprendidas entre os 15 e os 49 anos, rexistrándose ese ano 361 nacementos. A taxa de fecundidade para ese ano foi do 35,57. Por municipios, Vilalba tivo o maior número de nacementos (138) e a maior taxa de fecundidade (40,37) da comarca, así como 3.418 mulleres en idade de fecundación. ¶

POBOACIÓN DE FEITO DE 1900 A 1991 COMARCA DE TERRA CHA

CONCELLO	1.991	1.981	1.970	1.960	1.950	1.940	1.930	1.920	1.910	1.900
ABADÍN	3.942	4.881	5.247	6.129	6.352	6.049	5.590	5.413	5.363	5.005
BEGONTE	4.493	4.630	5.151	6.679	6.963	6.952	6.335	7.270	6.730	6.541
CASTRO DE REI	5.748	6.447	6.920	7.667	7.513	7.559	7.123	6.978	7.359	7.211
COSPEITO	6.166	6.931	7.472	8.090	7.921	7.615	7.407	6.817	7.005	7.113
GUITIRIZ	6.786	7.496	8.961	10.406	11.476	11.909	10.275	10.628	10.199	10.028
PASTORIZA (A)	4.294	4.952	5.338	6.238	6.848	7.249	7.251	7.206	7.341	7.734
VILALBA	15.643	16.485	17.301	20.264	20.204	17.935	16.308	15.194	14.101	13.572
XERMADE	3.044	3.502	4.209	5.139	5.267	5.214	4.782	4.216	4.101	4.059
TOT COMARCAL	50.116	55.324	60.599	70.612	72.544	70.482	65.071	63.722	62.199	61.263

Resistencias á terciarización da economía

A Terra Chá presenta forte resistencia aínda á terciarización da súa economía e segue dependedo en maior proporción da actividade agraria, fundamentalmente do sector gandeiro e da industria agroalimentaria. En 1981, o sector agrario tiña unha poboación ocupada que representaba o 72,51 por cento do total. Esta proporción, pese a descender 15 puntos en dez anos, e situarse en 1991 no 57,16 % dos ocupados está 14 puntos por riba da media provincial e 34 máis que a media para toda Galicia.

En 1981 o sector industrial tiña o 6,57 por cento dos ocupados e dez anos máis tarde o 9,41. Un aumento semellante dáse na construcción que pasa de te-lo 5,64 por cento da poboación ocupada en 1981 ó 9,79 en 1991. O sector servicios é o que máis aumenta, pois crece do 15,27 ó 23,64 por cento da poboación ocupada neses dez anos de referencia. No caso dos servicios, o grao de terciarización da Terra Chá está 12 puntos por debaixo de media lucense e a 22 puntos da media galega.

Homes e mulleres

Por sexos, a actividade económica da comarca repártese entre 12.095 homes e 8.263 mulleres. Das 11.822 persoas que traballan no sector primario, a maoría son mulleres (6.429), un proceso que se vén dando con moita regularidade na comarca de interior de Galicia. A industria dálles ocupación a 1.636 homes e só 313 mulleres. Na construcción unicamente traballan 33 mulleres das 2.029 persoas que teñen ocupación neste sector. No caso dos servicios, hai 3.050 homes e 1.848 mulleres. En termos xerais, 75 de cada 100 mulleres ocupadas da comarca pertencen ó sector primario, mentres que no caso dos homes esta propoción cae a 45 de cada 100.

ABADÍN. En 1981 o sector agrario tiña case o 84 por cento da poboación ocupada do municipio, e dez anos máis tarde esta cifra rebaixouse ó 71 %. O cal, pese ó evidente descenso do papel da economía agraria, esta segue a ter moita forza. Na década dos oitenta, o sector que máis crece é o terciario, que pasa do 9,81 % da poboación ocupada ó 15,13. A industria crece algo, do 3 ó 5 por cento da poboación ocupada, pero non tanto como a construcción que aumenta cinco puntos e pasa do 3,4 ó 8,5 por cento da poboación ocupada. O número total de ocupados en Abadín en 1991 era de 1.811 persoas, das cales 994 son homes e 817 mulleres. Na agricultura a poboación feminina ocupada (684) supera a poboación masculina (600) e representa o 84 por cento do total de mulleres que traballan fóra do fogar. Na industria traballan 69 homes e 25 mulleres. Das 154 persoas que ocupa a construcción só 4 son mulleres. E no sector servicios, hai 170 homes e 104 mulleres, segundo o segundo sector con máis poboación feminina ocupada.

BEGONTE. Na década dos anos oitenta, o sector primario perdeu vintedous puntos na poboación ocupada de xeito que pasou do 64,62 ó 42,41 por cento. A industria ten un apreciable pulo ó pasar dunha poboación ocupada do 6,59 por cento en 1981 ó 13,42 % en 1991. Na construcción apréciase tamén un interesante crecemento desde o 7,38 % de poboación ocupada ata o 12,90 %.

O sector servicios continúa o seu avance desde o 21,41 do total de ocupados en 1981 ata o 31,27 por cento do 1991. Begonte é o segundo municipio de Terra Chá en canto a proceso de terciarización da súa economía. Das 1.535 persoas que conforman o total da poboación ocupada, 973 son homes e 562 mulleres. Como no caso anterior, tamén en Begonte o maior ➪

Queixos de San Simón J.S





➪ número de mulleres ocupadas se dá no sector primario, 362, mentres que o número de homes queda en 288. Na industria traballan 187 homes e 19 mulleres. Das 198 persoas que teñen ocupación na construcción só 2 son mulleres. E no sector servicios hai 301 homes ocupados e 179 mulleres.

CASTRO DE REI. Trátase dun dos municipios da comarca máis resistentes á perda de protagonismo do sector agrario. En 1981, a economía agraria tiña unha poboación ocupada do 72,51 por cento e dez anos máis tarde do 63,21 %. Nesa década a penas variou a porcentaxe de ocupados na industria, que pasou do 8 ó 9 %, e outro tanto pode dicirse da construcción que creceu desde o 6,70 ó 7,85 por cento da poboación ocupada. O maior crecemento ten lugar no sector terciario, que pasa de representa-lo 12,80 por cento da poboación ocupada ó 20,05 %. En cifras absolutas, Castro de Rei reparte a súa poboación ocupada entre 1.412 homes e 1.007 mulleres. Das 1.528 persoas que traballan no sector primario, 766 son homes e o resto mulleres. A industria dálles ocupación a 158 homes e 57 mulleres. Das 190 persoas que traballan na construcción só unha é muller. E no sector servicios o número de ocupados repártese entre 298 homes e 187 mulleres.

COSPEITO. É outro dos municipios da Terra Chá no que segue primando a actividade agraria por riba das outras. En 1981, o sector primario dáballe ocupación a case o 80 por cento do total, e dez anos máis tarde esa proporción diminuíu ó 67 %. Nesa década o sector industrial pasou de ter case o 5 por cento da poboación ocupada a pouco máis do 6 %. No caso da construcción, o número de ocupados duplicouse, pasando de representa-lo 4,29 % a case o 9 por cento. E o sector servicios tivo un crecemento de 6 puntos, ó pasar do 11,41 ó 17,63 por cento da poboación ocupada. O número total de persoas ocupadas en 1991 era de 2.915, das cales 1.581 son homes e 1.334 mulleres. En Cospeito o número de mulleres ocupadas no sector primario (1.122) e susceptiblemente maior que o número de homes (839). Na industria traballan 152 homes e 27 mulleres. Das 260 persoas ocupadas na construcción só 8 son mulleres. No caso do sector servicios, a poboación ocupada é de 337 homes e 177 mulleres, para un total de 514 persoas. De calquera modo convén salientar que Cospeito é o segundo municipio da Terra Chá, despois de Vilalba, que máis mulleres ten ocupadas na actividade agraria: de feito 83 de cada 100 mulleres con traballo dentro do municipio están neste sector primario. Proporción que chega ata 97 de cada 100 se se engade o sector servicios. ➪



Igrexa na Feira do Monte, en Cospeito J.S

⇨ **GUITIRIZ.** Nos anos oitenta Guitiriz perdeu 18 puntos de poboación ocupada no sector agrario, así se en 1981 a agricultura lle daba traballo ó 71 por cento da poboación ocupada, dez anos máis tarde esa porcentaxe será do 53. Neses anos, o sector industrial aumenta o seu peso desde o 8 ó 13 por cento da poboación ocupada. A construcción tamén presenta un lixeiro crecemento, e pasa de representa-lo 3,50 ó 7,47 da poboación ocupada. Pero, sen dúbida, o pulo máis forte experiméntao o sector servicios que na década dos oitenta crece dez puntos e pasa de te-lo 17 por cento da poboación ocupada ó 27 %.

Das 2.623 persoas que constitúen a poboación ocupada de Guitiriz, 1.630 son homes e 993 mulleres. Neste municipio rexístrase un empate entre o número de mulleres e o número de homes que traballan no sector primario, 688 en cada caso. Das 348 persoas situadas no sector industrial, 315 son homes e o resto, mulleres. E só unha muller rexistra a construcción entre as 196 persoas ás que lles dá ocupación. Despois do sector agrario, nos servicios é onde maior número de mulleres traballan (271); o número de homes ocupados neste sector é de 430.

PASTORIZA. Segue sendo o municipio con maior número de ocupados no sector agrario, sobre todo na gandería, gracias á modernización das súas explotacións. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no campo descendeu 10 puntos, e pasou de te-lo 86,48 por cento de poboación ocupada ó 76,55 %. Outro risco diferenciador dos outros municipios da Terra Chá é que neses anos o peso do sector servicios a penas medrou, desde o 7,49 ó 10,88 por cento da poboación ocupada, 12 puntos por debaixo da media comarcal. Para eses mesmos anos, a actividade da industria increméntase e pasa de ter case o 3 por cento dos ocupados ó 7 %. O crecemento é menor no caso da construcción que pasa do 3,42 por cento da poboación ocupada en 1981 ó 5,22 en 1991. ⇨

POBLACION OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDAD EN LOS AÑOS 1981 Y 1991.

****

Cod: 0020 - - Comarca de: TERRA CHA

****

MUNICIPIOS	% SECTOR PRIMAR.81	% SECTOR PRIMAR.91	% SECTOR INDUSTR.81	% SECTOR INDUSTR.91	% SECTOR CONSTR.81	% SECTOR CONSTR.91	% SECTOR TERCIAR.81	% SECTOR TERCIAR.91
ABADIN	83.81	71.18	2.99	5.19	3.39	8.50	9.81	15.13
BEGONTE	64.62	42.41	6.59	13.42	7.38	12.90	21.41	31.27
CASTRO DE REI	72.51	63.21	7.99	8.89	6.70	7.85	12.80	20.05
COSPEITO	79.50	67.31	4.80	6.14	4.29	8.92	11.41	17.63
XERMADE	70.33	55.55	6.96	10.55	9.64	11.36	13.08	22.54
GUITIRIZ	70.90	52.54	8.30	13.27	3.50	7.47	17.30	26.73
PASTORIZA	86.48	76.55	2.62	7.35	3.42	5.22	7.49	10.88
VILALBA	62.59	45.42	8.80	10.23	7.30	12.78	21.31	31.58
TOTAL.....	72.51	57.16	6.57	9.41	5.64	9.79	15.27	23.64
TOTAL COMARCAL	72.51	57.16	6.57	9.41	5.64	9.79	15.27	23.64
TOTAL PROVINCIAL	57.97	43.35	9.88	11.45	6.21	9.22	25.94	35.98
TOTAL REGIONAL	36.16	23.71	18.19	18.28	10.22	13.01	35.44	45.00

FINAL DE LA TABLA

.STOP1+servih91+serv # M

15.27

Plantación de coníferas en Abadín J.S

En termos absolutos, Pastoriza ten unha poboación ocupada de 2.068 persoas, das que 1.127 son homes e 941 son mulleres. No sector primario o número de mulleres ocupadas (834) supera o de homes (747), o que supón que 89 de cada 100 mulleres que traballan fóra do fogar o fan neste sector. Das 152 persoas que traballan na industria, 136 son homes e o resto, mulleres. A construcción acolle só 2 mulleres das 108 ás que lles dá ocupación. No sector servicios o reparto é de 136 homes e 89 mulleres: só 9 de cada 100 mulleres ocupadas.

VILALBA. Centro comercial por excelencia da Terra Chá, Vilalba aproxima a súa porcentaxe de poboación ocupada no sector primario, que pasou de representa-lo 62,59 por cento ó 45,42 %, á media provincial (43,35 %), se ben aínda representa o dobre da galega. En sentido contrario, o sector servicios goza dun prudente aumento da poboación ocupada, que desde 1981 a 1991 pasou do 21,31 ó 31,58 por cento, superior en 8 puntos á media comarcal (23,64 5), aproximándose á media provincial (35,98 por cento), pero aínda 14 puntos por debaixo da media galega (45,0 por cento). Polo que fai referencia ó sector industrial, pasa de te-lo 9 por cento da poboación ocupada en 1981 ó 10,23 por cento en 1991. E no sector da construcción hai un lixeiro repunte na actividade, ó pasar de te-lo 7 por cento da poboación ocupada no ano 1981 ó 13 por cento dez anos máis tarde. Unha porcentaxe que está por riba da media provincial (9,22 por cento).

Vilalba ten unha poboación ocupada de 6.229 persoas, das que 3.740 son homes e 2.489 mulleres. Globalmente, este municipio achega o 30 por cento dos ocupados de toda a comarca: o 31 por cento no caso dos homes e o 29 % no caso das mulleres. Tamén o sector primario acolle a maior número de mulleres ocupadas (1.592) que de homes (1.230). No caso da poboación ocupada feminina, a actividade agraria dálles traballo a 64 de cada 100 mulleres, unha proporción menor que noutros municipios da comarca, pese a que non obstante o municipio achega 25 de cada 100 mulleres ocupadas na agricultura. Na industria, os ocupados repártense entre 512 homes e 125 mulleres, sen embargo hai que salienta-lo feito de que Vilalba acolle o 40 por cento das mulleres da comarca que traballan na actividade industrial. No caso da construcción, das 796 persoas que ten ocupadas, só 13 son mulleres. Despois do sector agrario, o servicios é o que maior man de obra feminina ocupa, 759 mulleres sobre un total de 1.967 persoas. Un dato a ter en conta é que no caso de Vilalba, 30 de cada 100 mulleres traballan no sector terciario, e respecto da comarca enteira representa o 41 por cento do total de mulleres dedicadas a esta actividade económica.

XERMADE. A modernización das explotacións agrarias foi parella á perda de entidade do sector primario que se en 1981 tiña unha poboación ocupada do 70,33 por cento en 1991 rexistraba o 55,55 %. Nese mesmo período, o sector industrial pasou de case o 7 por cento da poboación ocupada a preto do 11. Mentres que a construcción a penas variou, desde o 9,64 ata o 11,36 por cento dos ocupados. Na década do oitenta o maior grao de crecemento dáse no sector terciario, que pasa de te-lo 13,08 % ó 22,54 por cento da poboación ocupada.

A poboación total ocupada de Xermade é de 1.118 persoas, das que 638 son homes e 480 son mulleres. Como no caso da maioría dos municipios da Terra Chá, no sector agrario traballan máis mulleres (385) que homes (235). De feito, 80 de cada 100 mulleres ocupadas corresponden á actividade agraria. Na industria traballan 118 persoas, das que 117 son homes e o resto, mulleres. Só hai 2 mulleres entre as 127 persoas que se dedican á construcción. E nos servicios, a relación é de 170 homes e 82 mulleres.

Nivel de instrucción

A educación e a formación profesional, son dous aspectos esenciais para o desenvolvemento territorial e de clara incidencia na economía de cada zona, de aí que o nivel de instrucción sexa un parámetro máis á hora de valorar cada comarca. A comarca da Terra Chá ten unha porcentaxe de analfabetos do 4,33 por cento, unha porcentaxe 1 punto por riba da media provincial. Sen embargo ese dato oscila moito segundo cada muncipio: así, por exemplo, en Vilalba 3 de cada 100 persoas son analfabetas, o índice máis baixo, e polo contrario o analfabetismo afecta a 7 de cada 100 persoas en Xermade; a 6 de cada 100 en Guitiriz; a máis de 5 por cada 100 en Pastoriza; a case 5 de cada 100 en Abadín e Castro de Rei; e pouco máis de 3 de cada 100 en Begonte e Cospeito.

O Castro de Viladonga, en Castro de Rei J.S

Para o conxunto da comarca, 48 persoas de cada 100 non teñen certificado de estudios primarios. Os datos oscilan desde o 40 por cento de Begonte; o 45 por cento de Vilalba, Pastoriza e Guitiriz; o 52 por cento de Xermade e Cospeito e o 61 por cento de Abadín.

O 24 por cento dos habitantes da Terra Chá teñen estudios de primerio grao: 24 por cento en Vilalba; 27 por cento en Pastoriza; 25 % en Guitiriz; 18 % en Xermade; 23 por cento en Cospeito; 24 % en Castro de Rei; 30 por cento en Begonte e 17 % en Abadín.

De cada 100 persoas, 21 teñen estudios de segundo grao para o conxunto da comarca: 15 por cento en Abadín; 20 por cento en Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz e Pastoriza; 21 por cento en Xermade e 24 por cento en Begonte e Vilalba.

O nivel medio da comarca, en canto a estudios de segundo grao, está por debaixo da media provincial (25) e galega (30 por cento).

No apartado de estudios de terceiro grao, só 2 de cada cen habitantes alcanzan unha titulación media ou superior na Terra Chá. Unha porcentaxe que está moi por debaixo da media provincial (4,5 %) e da media galega (5,1 por cento). Por municipios; Vilalba, Guitiriz e Castro de Rei aproxímanse a unha proporción de tres titulados superiores por cada cen habitantes; Abadín, Castro de Rei e Cospeito non chegan a dous titulados superiores por cada 100 habitantes; e Pastoriza e Xernade roldan a proporción de un titulado por cada cen habitantes. ¶

Os segredos da Chaira

A comarca da Terra Chá vista desde algún dos montes que a delimitan polo norte (Monseibán, Xistral...) semella tan só unha vasta extensión de terra monótona e lixeiramente ondulada. Lonxe de ser certo, a monotonía dificilmente existe nestas terras de bo xantar, de verdes praderías, inzada de cruceiros nas encrucilladas e na que a auga, o elemento vital por antonomasia, xorde por tódolos recunchos.

De feito, aínda que tal privilexio o disputan tamén as xentes de Meira, o río Miño amosa as súas primeiras augas na Fonmiñá, no Concello de Pastoriza. Os visitantes teñen alí unha fermosa área recreativa que rodea a pequena lagoa coma se dun berce se tratase. E Fonmiñá non é máis que unha mostra. Toda a Terra Chá reborda auga, mesmo nas altas serras do Xistral e o Cadramón, onde abundan as turbeiras, pero sobre todo nas moitas lagoas e brañas; a lagoa de Cospeito, a do Alligal que ten efectos beneficiosos para a saúde, a Charca de Pumar, etc, que son unha boa escusa para, quizais, percorre-la comarca nunha especie de 'ruta da auga'.

O pasado seductor amósase tamén en moitas partes da comarca, a sinxela vida campesiña de antano, moi presente aínda nos concellos máis montesíos e fragosos, Abadín , Muras, Xermade... muíños que nalgún caso son de vento, igrexas de sinxelo encanto coma a de Abadín, Santiago de Baamonde ou a de Bretoña, fundada polo bispo bretón Maeloc. A prehistoria, igualmente, descóbrese aínda no 'dolmen' da 'Roza das Modias' en San Xoán de Alba ou na 'Pedra Chantada', menhir que se atopa non lonxe de Vilalba, pero, sobre todo, paga a pena achegarse ós dous museos que a comarca ten dedicados a esta disciplina: o máis modesto Museo de Prehistoria de Vilalba, cunha interesantísima área dedicada ó período pleolítico, do que existen vestixios en Muras e Abadín, e o espectacular xacemento do Castro de Viladonga, co seu Museo anexo, un dos monumentos máis importantes da nosa comunidade. Outro museo de interese é o do escultor Víctor Corral, na vila xacobea de Baamonde.

E é que pola Terra Chá cruza un dos Camiños do Norte da peregrinación a Compostela. Penetra na comarca por terras de Abadín, toca Vilalba e vai cara a Santiago de Baamonde para logo, tras seguir un treito o antigo Camiño Real de Castela (hoxe estrada N-VI) cruza-la ponte gótica de San Alberte, sobre o río Parga e continuar rumbo a Santiago.

Naturalmente, unha comarca con historia e campos fértiles ten que ser axeitada para o bo xantar. Os verdes pastos dan un leite excelente co que, na parroquia de San Simón da Costa, Vilalba, elaboran o tan afamado e exquisito queixo de San Simón, afumado sutilmente con madeira de bidueiro. En Guitiriz ten sona a torta de millo, en Muimenta as filloas, pero a outra estrela da gastronomía chairega son os capóns de Vilalba, criados con esmero para surti-las mesas do Nadal, nunha vella tradición que vén do Medievo. A hostelería ten tamén un buque insignia no Parador dos Condes de Vilalba e o turismo rural, cun representante en Sistallo, Cospeito, debe medrar máis para o desfrute dos forasteiros que queiran engaiolarse con estas terras.

Unha última e inevitable suxerencia é a obrigada visita ós dous nucleos historicos mellor conservados na comarca: o máis pequeno en Castro de Rei, e o principal, atalaia durante séculos da vida destas xentes, o centro histórico da vila de Vilalba do Rei, denominación esta que aparece nalgún documento medieval. As fermosas casas tradicionais, as quedas rúas e praciñas da vella Vilalba teñen e terán sempre a robusta protección da solemne Torre dos Condes. ¶

Igrexa de San Xoán de Alba, en Vilalba J.S

COMARCA
DA TERRA CHA
SITGA
MANON
OUROL
SOMOZAS
VALADOURO
ALFOZ
FOZ
BARREIROS
MONDOÑEDO
LOURENZÁ
Burgo
Muras
MURAS
Lousada
Balsa
AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ
Cabreiros
A Costa
Queixo de S. Simón
ABADÍN
Abadín
Xermade
VILALBA
MONFERO
Pedra Chantada
Alligal
XERMADE
Vilalba
Breteña
RIOTORTO
Pastoriza
A PASTORIZA
"Fonmiña"
MEIRA
Roza das Modas
"Lagoa de Cospeito"
Cospeito
GUITIRIZ
ARANGA
Castro de Rei
Caldaloba
COSPEITO
Sete Muiños
Guitiriz
Baamonde
"S.Alberte"
BEGONTE
CASTRO DE REI
"Lagoa de Bardancos"
Viladonga
Parga
CURTIS
Begonte
RABADE
As Rozas
OUTEIRO DE REI
FRIOL
CASTROVERDE
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Balneario
Festas gastronómicas
Casa de turismo rural
Menhir
Igrexa
Ermida
Anta
Castelo
Castro celta
Pazo
Museo
Lagoa
Nacemento de río
Praia fluvial
Área recreativa
Minas
Cova
Miradoiro
Aeródromo

Futuro da Comarca da Terra Chá

A regresión demográfica e a escasa diversificación económica constitúen as maiores restriccións ó desenvolvemento da Terra Chá. Sen embargo, a elevada accesibilidade da comarca é unha das súas vantaxes; ó cruza-lo seu territorio a autovía do Noroeste, vai de primeira orde entre as comunicacións entre Galicia e o resto de España, e a N-634, que serve de enlace entre Galicia e Asturias. As actividades productivas máis destacadas están vinculadas ó sector agrario, cunha forte especialización gandeira. Tendo en conta as magníficas condicións naturais da comarca para a gandería, o futuro económico está ligado a este sector, sendo primordial a continuidade da súa modernización, ampliando os procesos de producción existentes e unha maior racionalización da producción.

Por outra parte, para ➪

Igrexa de San Alberte, en Parga J.S

Vista xeral do núcleo urbano de Vilalba J.S

➪ lograr diversifica-la producción a Fundación de Desenvolvemento Comarcal, adscrita ó Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia, proponse os seguintes obxectivos:

1 Partindo da riqueza forestal da comarca débese potenciar un aproveitamento forestal das zonas infrautilizadas e apoia-las iniciativas de cara á transformación da madeira.

2 Apoiar tódalas iniciativas que se orienten á mellora da calidade da pataca, así como a ampliación do seu cultivo e o aumento da cota de mercado.

3 Potencia-la ampliación das superficies dedicadas a praderías e dos cultivos forraxeiros que sirvan para a mellora da gandería, con criterio selectivo.

4 Intensifica-la transformación láctea na propia comarca, liña iniciada gracias ós establecementos industriais nela localizados.

5 Incentiva-la comercialización do tradicional queixo San Simón, producto singular desta comarca.

PERO a busca da diversificación da estructura productiva pasa tamén por promover novas iniciativas. Nesta liña encádrase o desenvolvemento do turismo, que conta con amplas posibilidades ó contar a comarca cun non desbotable patrimonio histórico-artístico da comarca, o discorrer do camiño de peregrinación Camiño do Norte, complementado con múltiples e ricos coutos de caza e pesca. A recuperación medioambiental dos espacios naturais, coma as brañas, a valiosa arquitectura popular (pazos, casas, cemiterios) e lugares tan destacados como o extraordinario castro de Viladonga, compoñen unha oferta que necesita da súa promoción e revalorización.

COMO apoio ten unha importante infraestructura hoteleira xa que conta co Parador de Turismo de Vilalba, que se construíu na emblemática torre vilalbesa dos Andrade, que despois da reforma que se prevé para a mesma terá case 50 habitacións, e modernos establecementos hoteleiros. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

24

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Agosto do 1996

Meira

Rincón de Meira

José Salgado

A Comarca da Terra de Meira

RAZÓNS históricas e factores socioeconómicos determinaron a existencia desta comarca do nordés lucense, que está configurada por un concello de mediana superficie: Pol (con 126 km), e outros tres bastante máis reducidos (Ribeira de Piquín, Riotorto e Meira). A Terra de Meira é unha comarca intramontañosa, que se estende a través de 312 km entre a Mariña lucense e as comarcas da Fonsagrada, Lugo e Terra Chá. Está emprazada, polo tanto, nunha zona de transición entre a costa e o interior, e entre a meseta e a montaña. Por ese motivo, comparte características propias de tan diferentes hábitats e, en xeral, mostra un ascenso altitudinal de Oeste a Leste e un recruamento do clima no mesmo sentido e cara ó Sur, máis afastado da influencia marítima.

O relevo, en liñas xerais, marca unha dirección N-S, dende a Serra do Pousadoiro, pasando pola Serra de Meira e chegando ás estribacións das Serras de Monciro, Mirador e Candá, con altitudes próximas ós 900 metros. Polo seu emprazamento no rebordo da ⇨



FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, José Manuel Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

⇨
Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ❦

Vista da Vila de Meira J.S

⇨ Terra Chá, estas aliñacións montañosas marcan o inicio das Serras Orientais de Galicia.

No occidente da comarca os cursos fluviais achegan as súas augas á conca do Miño. Isto sucede na parroquia de Aldurfe (Riotorto), co arroio Real; en Meira, cos arroios da cabeceira do Miño, e na maior parte de Pol (ríos Azmara, Pol e Lea). Pola contra, o sector oriental da comarca está drenado polos afluentes do Eo (Riotorto, Survial, Pousadoiro e La) e polo propio Eo que, procedente de Baleira, atravesa Ribeira de Piquín.

A Serra de Meira é a divisoria de augas máis nítida de toda a comarca, e precisamente alí, no Pedregal de Irimia, onde ten o seu nacemento o Miño, o máis longo dos ríos galegos, contradicindo así o vello tópico das clases de xeografía que situaban as súas fontes nunha lagoa da Pastoriza, na chamada Fonmiñá. O caudal do Miño engráxase, xa na súa cabeceira, coa fusión dos regatos do Porto da Pena e do Xirmeno.

Os materiais predominantes son as pizarras e as cuarcitas, alternancia que dá lugar a unha erosión diferencial, cun modelado no que os duros cristóns cuarcíticos quedan en resalte. Tamén fan presencia as formacións calcarias e son de gran interese xeomorfolóxico os relevos periglaciares, formados pola acción do xeo intersticial, que orixinou cóvados de bloques erráticos, como aconteceu no Pedregal de Irimia.



Dende o punto de vista demográfico, a Terra de Meira está escasamente poboada e a renovación padronal de 1995 só reflecte unha poboación de 7.449 habitantes de dereito. A emigración foi dende sempre unha sangría para este espacio xeográfico, que viu nela unha sada, unhas veces temporal e outras definitiva, para solventa-los desequilibrios entre poboación e recursos. O principal eixo de comunicacións na N-640, que pon en contacto Asturias con Lugo, e atravesa, ó seu paso pola comarca, os concellos de Riotorto, Meira e Pol. Ribeira de Piquín ten acceso alí por medio dunha estrada de menor entidade. A mellora das comunicacións e o cambio das relacións económicas van reforzando a atracción da capital que, na actualidade, está a se-lo principal centro funcional de referencia para esta comarca. ❦

Berce onde nacen os ríos Miño e Eo

A Comarca de Meira é o berce dos ríos Miño e Eo. O pai Miño nace nas estribacións da Serra de Meira, no lugar coñecido polo Pedregal Irimia. O Eo serve de límite natural entre Meira con Ribeira de Piquín e A Fonsagrada no extremo oriental do municipio e ó longo de máis de dous quilómetros. En termos xerais, as condicións climatalóxicas e a orografía, así como as características dos solos e a abundancia de auga axudan á existencia de gando, preferentemente vacún e con vocación claramente leiteira.

Proceso de cambio

Se ben a comarca segue a ter unha vocación productiva primordialmente agraria, no caso dos municipios de Meira e Riotorto advírtese un proceso de cambio cara ó comercio e á industria. E, dentro do sector primario, hai un evidente cambio de mentalidade en favor da modernización e da especialización gandeira, unida a unha racionalización na xestión das explotacións. No gando vacún, predomina a raza frisona, á que a seguen a rubia galega e a pardo alpina. Aumentou a cabana de ovino e retrocedeu a de porcino. Nas serras críanse cabalos bravos.

As especies frondosas representan a vexetación clímax da zona, se ben o eucalipto é practicamente inexistente debido ás grandes dificultades que atopa para saír adiante porque non pode resisti-los invernos rigorosos da comarca. As principais especies autóctonas –carballo, bidueiro e castiñeiro– están en regresión como consecuencia da maior productividade das coníferas –piñeiro silvestre, piñeiro insigne e piñeiro marítimo–, que son agora as especies forestais dominantes. Todas estas materias primas provocaron a instalación de varias centrais leiteiras, serradoiros, carpinterías, explotación de canteiras e fábricas de louseiras, a concentración de ferreiros no lugar de Ferreiravella, que desenvolven unha actividade artesanal, hai anos especializada na elaboración de fouces.

Numerosos castros

No aspecto histórico é de destaca-la existencia de numerosas *medorras* en toda a comarca. No municipio de Pol hai que subliña-la existencia de moitos castros, entre os que cabe mencionar-los de Carazo e o de Suegos, construído nas proximidades do regueiro de San Bade; o de Rois-Cirio, de forma ovalada, rodeado pola banda do nacente dunha *raganta* na que chegaron a confluír ata hai uns anos as augas que baixaban do regato da Foz; o Castro e o Castro Maior situados nos cumios de dúas colinas, non moi lonxe do monte da Escrita, co seu foxo polo lado do nordés; o de Andión, ó que Amor Meilán describe como un dos máis característicos no seu xénero e onde seguramente estiveron un longo tempo as lexións romanas. Polo municipio de Pol pasaba unha vía romana que, procedente da Astúrica, se vifurcaba en Valonga cara Ribadeo e Viveiro, da que aínda existe unha ara votiva de tres fóculos, dedicada ós deuses viais e que está depositada no museo provincial de Lugo.

Mosteiro cistercense

Ó entrar na historia da comarca hai que referirse necesariamente ó Mosteiro de Santa María de Meira, cenobio cisterciense, sobre a data de fundación do cal non se poñen de acordo os historiadores. Frei Antonio Yepes dáo como existente baixo o instituto benedictino no ano 997, sen embargo a maioría dos autores cistercienses sitúan a súa creación en 1143, sen mencionar para nada a Orde Benedictina, e algúns tratadistas actuais entre 1151 e 1154.

Os autores alegan catro razóns para dar a data do 1 de xuño de 1143 como da ➪

Praza do Mosteiro J.S

fundación de Meira. As táboas do Císter, documento no que consta a data da fundación da casa; a cronoloxía das abadías saídas do Claraval, que tamén sinala a data do 1 de xuño de 1143 para a fundación de Meira; unha lápida que houbo no claustro baixo onde rezaba a data sinalada e unha tradición de séculos, tanto de historiadores da casa como de fóra, que coinciden tamén na mesma data de 1143, a pesar de que non hai ningún documento que fale dos monxes de Meira e do seu abade ata 1154.

A fundación de Meira atribúeselles a Álvaro Rodríguez e á súa dona Sancha Fernández, condes de Sarria, pero será Alfonso VII, a pesar de non se-lo seu fundador, o que principie o enriquecemento económico da casa, cunha serie de doazóns ó mosteiro e mais ó seu abade ás que se foron sumando as realizadas por numerosos fieis. A medida que se ían estendendo os lugares, ían xurdindo centros agrícolas promovidos polos monxes, que trouxeron para España un sistema de colonización vantaxoso para ales e para os labregos que traballaban ás súas ordes. Moitas veces as doazóns facíanse a cambio de ser recibidos como monxes. É o caso de Rodrigo Suárez, quen antes de ingresar como monxe, fora casado, e ó facer testamento conseguiu que a herdanza propia de Piñeiro se lle entregase ó mosteiro, o que provocou desavinzas entres os seus fillos e mailos monxes.

No aspecto artístico do Mosteiro de Santa María destaca o retablo que preside a capela maior, realizado a comezos do século XIX. Representa o Misterio da Ascensión de Nosa Señora, ó que está consagrado a Orde cisterciense. ¶



Mosteiro de Santa María J.S

Perde a metade da poboación de 1900 a 1991

Desde o inicio do século ata hoxe, a Comarca de Meira reduciu a súa poboación practicamente á metade, pese a que no ano 1900 aínda non fora creado o municipio de Ribeira Piquín. Ó contrario do que sucede na maioría dos municipios galegos, ó analiza-lo seu comportamento demográfico, resulta que nesta zona non se dan dous ciclos –un expansivo e outro reductivo–, senón que a perda de poboación é continuada decenio tras decenio.

En 1900, a Comarca de Meira –composta naquelas datas polos municipios de Miera Pol e Riotorto– tiña 14.444 habitantes, nas tres décadas seguintes perde poboación e o censo de 1930 rexistra 12.739 habitantes. Gracias á incorporación do recén creado municipio de Ribeira de Piquín, que achega 2.021 habitantes, a zona recupérase algo en 1940, e volve situarse lixeiramente por riba das 13.000 persoas. Pero dez anos máis tarde, rexistra un novo descenso e sitúase nos 12.623 habitantes. A caída de poboación seguirá nos anos seguintes ata que en 1991, anota só 7.529 persoas.

Por municipios

Por municipios, Meira tiña a principios de século 4.475 habitantes e mantense por riba das 4.000 persoas, se ben baixando de número, ata 1930, década en que a súa poboación se reduce case á metade –2.164 habitantes en 1940–. En 1991, rexistra 1.833 persoas. En 1900, Pol tiña 5.274 habitantes e en 1940, 4.812. Desde esta última data de referencia ata 1991, o municipio perde a metade da poboación e queda en 2.413. Cando Ribeira de Piquín nace como municipio rexistra 2.128 habitantes, a perda maior de poboación sófrea nos anos setenta –en 1970 tiña 1.859 persoas e en 1981, 1.296–, en 1991 anota 1.054 persoas. Riotorto ten tres etapas distintas: de 1900 a 1930, a poboación cae desde os 4.695 habitanteas ata os 3.875; entre 1930 e 1950, recupérase e chega ás 4.026 persoas; a partir dos anos 50 volve perder poboación ata situarse nos 2.211 habitantes de hoxe.

Estructura por sexos

En canto á estructura por sexos da poboación, de 1986 a 1991 a comarca perde habitantes masculinos e femininos: os homes pasan de ser 4.217 a 3.799 e as mulleres de 4.284 a 3.872. É dicir, a taxa de masculinidade sofre un leve descenso, e cae de 98,4 a 98,1. Por municipios, Ribeira de Piquín segue a ter máis homes que mulleres e anota unha taxa de masculinidade do 100,4 en 1991. No municipio de Meira, a taxa de masculinidade pasa do 95,8 ó 97,7; en Pol baixa do 98,7 ó 97,4 e en Ritorto segue unha tendencia semellante, do 99,4 ó 98,2 para as mesmas datas de referencia.





Paisaxe tradicional en Ribeira de Piquín J.S

De 1981 a 1991, a taxa de natalidade da Comarca de Meira baixou do 8,6 ó 7,1, mentres pola contra a taxa de mortalidade creceu do 12,8 ó 13,7. A consecuencia deste comportamento inverso da natalidade e da mortalidade foi o aumento do decrecemento vexetativo da poboación, que neses dez anos de referencia pasou do -4,2 ó -6,6. Para ter unha idea do que iso supón en termos de despoboamento do territorio, sirva o dato de que a media do crecemento vexetativo en Galicia é do -0,9, case seis veces menor.

Por municipios, Meira é o que mellor mantén o tipo cun crecemento vexetativo do -1,9, gracias a que acada a taxa de natalidade máis alta (8,8) e a taxa de mortalidade máis baixa (10,6) da comarca. Xusto no outro extremo atópase Ribeira de Piquín, cun crecemento vexetativo do -11,1: consecuencia dunha taxa de natalidade do 6,6 e dunha taxa de mortalidade do 17,7. Pol presenta un crecemento vexetativo negativo do -6,4 e Riotorto do -6,6. En 1991, a comarca tiña 1.440 mulleres comprendidas entre os 15 e 49 anos e nese ano rexistráronse 49 nacementos, o que dá unha taxa de fecundidade do 34,03 por cento, superior á media provincial (33,15) e á galega (32,66). Meira é o municipio da zona con maior taxa de fecundidade (40,61) e rexistrou 16 nacementos pese a non se-lo primeiro en canto a mulleres comprendidas entre os 15 e os 49 anos (394). Pol rexistra en 1991 439 mulleres en idade de fecundación e 16 nacementos, o que supón unha taxa de fecundidade do 36,45. Riotorto é o segundo municipio da comarca en canto a número mulleres en idade de fecundación (417), en 1991 tivo 14 nacementos e unha taxa de fecundidade do 33,57. Ribeira de Piquín só anotou 3 nacementos en 1991, e unha taxa de fecundidade do 15,79. ¶

POBOACIÓN DE FEITO DE 1900 A 1991 COMARCA DE MEIRA

CONCELLO	1.991	1.981	1.970	1.960	1.950	1.940	1.930	1.920	1.910	1.900
MEIRA	1.833	1.970	1.975	2.076	2.228	2.164	4.087	4.165	4.335	4.475
POL	2.431	2.851	3.457	4.097	4.261	4.812	4.777	4.931	5.118	5.274
RIBEIRA DE PIQUÍN	1.054	1.296	1.859	1.958	2.108	2.128	-	-	-	-
RIOTORTO	2.211	2.696	3.167	3.769	4.026	3.931	3.875	4.258	4.450	4.695
TOT COMARCAL	7.529	8.813	10.458	11.900	12.623	13.035	12.739	13.354	13.903	14.444

A forza dos servicios na vila de Meira

Pese ó irrefutable dato de que a comarca ten unha vocación productiva maioritariamente agraria, o municipio de Meira destaca polo forte proceso de terciarización da súa actividade económica nos últimos anos. No conxunto da zona, o sector primario tiña en 1981 o 73,71 por cento da poboación ocupada e dez anos máis tarde o 63,07 %, o que representa unha perda de dez puntos porcentuais, pero aínda moi lonxe da media provincial (43,35 5) e da media galega (23,71 por cento). Nesas mesmas datas, o sector industrial avanzou algo, e se en 1981 tiña case o 7 por cento da poboación ocupada en 1991 anota o 9,24 %. En termos moi parecidos evoluciona a construcción, que pasa de por debaixo do 3 por cento dos ocupados a case o 6. E, no que fai referencia ó sector servicios, a poboación ocupada pasa do 17 ó 22 por cento, un avance significativo, pero 14 puntos por debaixo da media provincial (36 por cento) e 24 menos que a galega (45 %).

Mulleres ocupadas

En termos absolutos a comarca ten unha poboación ocupada de 3.279 persoas, das que 1.856 son homes e 1.423 son mulleres. Por sectores, a agricultura e gandería dalles traballo a un total de 2.065 persoas, das que 999 son homes e 1.066 son mulleres. Esa presencia de maior número de mulleres que de homes nas actividades agrarias afecta a tres (Meira, Pol e Riotorto) dos catro municipios da zona. Na industria, das 303 persoas ocupadas neste sector 238 son homes e o resto mulleres. Na construcción traballan 185 homes e só 6 mulleres. No caso dos servicios a poboación ocupada repártese entre 286 mulleres e 431 homes. Entre o sector agrario e terciario suman unha poboación ocupada feminina de 1.352 persoas, o que representa o 95 por cento das mulleres que traballan fóra do fogar.

A taxa de actividade por grupos de idade para o coxunto da comarca é como segue. Preto do 60 por cento das persoas comprendidas entre 16 e 24 anos están traballando; de cada 100 persoas cunha idade comprendida entre 25 e 54 anos, 84 están ocupadas nalgunha actividade productiva; e no grupo de idade entre os 55 e 64 anos, o 71 por cento está ocupado. Por riba dos 65 anos, non chega a 3 de cada 100 persoas as que seguen conservando un posto de traballo, alomenos oficialmente. En conxunto, 54 de cada 100 persoas comprendidas entre os 16 e 64 anos traballa.

Nivel de instrucción

Por nivel de instrucción, a zona ten unha poboación analfabeta do 2,78 por cento, inferior á media provincial (3,24 %) e á media galega (3,06 %). Case 28 de cada 100 persoas non teñen certificado de estudios primarios. O 46 por cento dos habitantes da comarca acadaron o nivel de primeiro grao, moi superior á media provincial (28 %) e galega (34 %). Vinte de cada 100 persoas teñen estudios de segundo grao e algo por debaixo de 3 de cada 100 habitantes acadaron estudios superiores, porcentaxe que está por debaixo da media provincial (4,5 por cento) e galega (5,1 %).

MEIRA. A vila de Meira presenta un grao de terciarización da súa actividade económica moi superior ó resto da comarca. En 1981, o sector servicios tiña unha poboación ocupada do 34,18 por cento e dez anos máis tarde xa representaba o 38,10 %, dous puntos por riba da media provincial (36 %), se ben aínda sete puntos por debaixo da media galega (45,0 por cento). Neses dez anos, a poboación ocupada no sector agrario caeu do 55 ó 43 por cento, unha porcentaxe semellante á media ➪

Empresa láctea en Meira

J.S

SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



provincial. A poboación industrial tamén medrou ó pasar do 8,23 por cento en 1981 ó 11,47 % dez anos máis tarde. E a construcción deu un salto importante, pois se en 1981 tiña só unha poboación ocupada do 2,20 por cento, en 1991 esta porcentaxe era de case o 8.

Das 706 persoas que constitúen a poboación ocupada do municipio de Meira, 442 son homes e 264 mulleres. No sector agrario traballan máis mulleres (152) que homes (150); de feito supón o 58 por cento das mulleres ocupadas. Das 81 persoas ocupadas na industria, 69 son homes e 12 mulleres. Na construcción, só unha das 54 persoas ocupadas neste sector é muller. E nos servicios, das 269 persoas que ocupa 170 son homes e 99 mulleres.

Por grupos de idade, entre os 16 e os 24 anos, 54 de cada 100 persoas ocupan un posto de traballo. Das persoas comprendidas entre os 25 e os 54 anos, 74 de cada cen están ocupadas. Para a xente comprendida entre os 55 e 64 anos, a proporción é de 70 de cada 100. E por riba dos 65 anos, só 4 de cada 100 persoas continúan traballando. En total, desde os 16 ós 64 anos, a taxa de actividade é do 55 por cento, cinco puntos por riba da media provincial.

No muncipio de Meira a poboación analfabeta non chega ó 2 por cento, un punto menos que a media comarcal. De cada cen persoas, 28 non teñen certificado de estudios primarios. Corenta de cada cen habitantes acadan o nivel de estudios de primeiro grao. Con estudios de segundo grao Meira ten 26 de cada cen habitantes. E o 4 por cento da súa poboación acada o nivel de estudios superiores, unha cifra que se aproxima á media provincial (2,8 por cento).

POL. O municipio de Pol segue conservando o seu carácter agrario no plano da actividade económica. Os datos son elocuentes nese sentido, en 1981 tiña unha poboación ocupada de case o 82 por cento e dez anos máis tarde esa porcentaxe era do 75 %. Esa perda de poboación ocupada no campo, vese compensada por un lixeiro crecemento na industria, do 3 ó 5 por cento; na construcción a poboación ocupada pasa do 3 ó 4 por cento e no sector servicios rexístrase o maior crecemento ó pasar do 13,10 por cento da poboación ocupada en 1981 a case o 16 % en 1991.

En números absolutos, a poboación ocupada en Polo é de 1.146 persoas, das que 606 son homes e 540 mulleres. No sector agrario, as mulleres superan (435) en número os homes (421). Na industria, os ocupados divídense en 47 homes e 12 mulleres. Das 47 persoas que traballan na construcción, só 3 son mulleres. E os servicios case rexistran un empate técnico entre os

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



⇨ homes (92) a es mulleres ocupadas (90). Entre o sector agrario e o sector terciario representan o 97 por cento das mulleres que traballan fóra do fogar no municipio de Pol.

Por grupos de idade, 67 de cada cen dos comprendidos entre 16 e 24 anos traballan. Esta proporción é moi superior para os situados entre 25 e 54 anos que acada o 91 por cento. No grupo de idade comprendido entre os 55 e os 64 anos están ocupados 71 de cada cen persoas. E xa para o grupo de maiores de 65 anos, a porcentaxe de ocupados está un pouco por riba do 2 por cento. En total a taxa de actividade no municipio de Pol é do 56 por cento, unha porcentaxe seis puntos por riba da media provincial.

No que afecta ó nivel de instrucción en Pol, 3 de cada cen persoas son analfabetas, unha proporción semellante á media provincial e un chischo por riba da galega. A porcentaxe de poboación sen certificado de estudios primarios é de 26 de cada 100 habitantes. O 46 por cento acadou estudios de primeiro grao, unha porcentaxe que está moi por riba da media provincial e galega. O 16 por cento da poboación ten estudios de segundo grao. E preto do 3 por cento alcanza o nivel de estudios superiores.

Agricultura extensiva J.S

RIBEIRA DE PIQUÍN. Ribeira de Piquín segue sendo o municipio da Comarca de Meira con maior proporción de poboación ocupada no sector agrario, sen que na década dos oitenta producíronse cambios substanciais na súa estructura productiva . No ano 1981 o sector primario tiña unha poboación ocupada de case o 86 por cento, e en 1991 esa porcentaxe era do 78 %, de xeito que só perdeu 7 puntos porcentuais en número de ocupados. Se para ese período de tempo, o sector industrial a penas variou a súa importancia, ó pasar do 3 ó 4 por cento da poboación ocupada, a construcción reduciu a súa entidade como actividade económica no municipio, e caeu do 4,40 por cento da poboación ocupada ó 2,70 %, algo máis dun punto. ⇨

POBLACION OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDAD EN LOS AÑOS 1981 Y 1991.

****

Cod: 0031 - - Comarca de: MEIRA

****

MUNICIPIOS	% SECTOR PRIMAR.81	% SECTOR PRIMAR.91	% SECTOR INDUSTR.81	% SECTOR INDUSTR.91	% SECTOR CONSTR.81	% SECTOR CONSTR.91	% SECTOR TERCIAR.81	% SECTOR TERCIAR.91
MEIRA	55.39	42.78	8.23	11.47	2.20	7.65	34.18	38.10
POL	81.69	74.87	2.61	5.15	2.61	4.10	13.10	15.88
RIBEIRA DE PIQUIN	85.53	78.19	3.35	4.25	4.40	2.70	6.71	14.86
RIOTORTO	72.74	55.34	12.37	15.51	2.68	8.36	12.21	20.79
TOTAL.....	73.71	63.07	6.88	9.24	2.76	5.82	16.66	21.87
TOTAL COMARCAL	73.71	63.07	6.88	9.24	2.76	5.82	16.66	21.87
TOTAL PROVINCIAL	57.97	43.35	9.88	11.45	6.21	9.22	25.94	35.98
TOTAL REGIONAL	36.16	23.71	18.19	18.28	10.22	13.01	35.44	45.00

FINAL DE LA TABLA

.STOP1+servih91+serv # M

16.66

21.87

Industria madeireira J.S

⇨ Pola súa banda, o sector terciario, que en 1981 só tiña o 7 por cento dos ocupados no muncipio de Ribeira de Piquin, experimenta un importante crecemento na década dos oitenta e rexistra unha poboación ocupada do 15 por cento en 1991. Unha porcentaxe que está por debaixo da media comarcal e provincial e a trinta puntos da media galega.

O número total de persoas ocupadas no municipio é de 518, das que 288 son homes e 230 mulleres. Sen embargo, Ribeira de Piquín rompe a tendencia da comarca de que no sector agrario traballen maior número de mulleres que de homes, e así das 404 persoas ocupadas no campo, 209 son homes e 195 son mulleres. Na industria o reparto de poboación ocupada é 17 homes e 5 mulleres. E das catorce persoas que traballan na construcción só 1 e muller. No sector servicios as cifras aproxímanse con 48 homes e 29 mulleres. A cuestión está en que o sector primario acolle o 85 por cento das mulleres ocupadas fóra do fogar, o que dá idea do nivel de desenvolvemento económico en que se atopa este municipio.

No que fai referencia á taxa de actividade por grandes grupos de idade, nos comprendidos entre 16 e 24 anos están traballando 71 de cada 100 persoas, a porcentaxe máis alta da comarca. Igualmente sucede co grupo comprendido entre os 25 e os 54 anos, no que máis de 91 de cada 100 persoas están ocupadas nunha actividade económica. Pola contra, Ribeira de Piquín é o municipio da Comarca de Meira que menor taxa de actividade ten no grupo comprendido entre os 55 e 64 anos, cun 68,39 por cento, rexistro que non obstante e moi superior á media provincial (58,75 %) e á media galega (47,84 por cento). Tamén no caso dos maiores de 65 anos, Ribeira de Piquín ten unha proporción maior que o resto da zona, con 4 de cada 100. En canto á taxa de actividade media, dos 16 anos en diante, case 59 de cada 100 habitantes teñen unha ocupacion, proporción superior en 9 puntos á media galega.

Por nivel de instrucción, a poboación analfabeta en Ribeira de Piquín non pasa do 2 por cento, un punto por debaixo da media galega. Case 24 persoas de cada cen non teñen certificado de estudios primarios, unha proporción que está 15 puntos por debaixo da media provincial. Teñen estudios de primeiro grao o 46 por cento da poboación, porcentaxe 18 puntos por riba da media provincial e 12 da media galega. Con estudios de segundo grado, a proporción é de 27 por cada 100 habitantes, un pouco máis alta que a media provincial e un pouco máis baixa que a media galega. E xa por último, no que respecta ós estudios superiores, non chegan a 2 de cada 100 persoas as que acadan este nivel de instrucción, un rexistro que está case tres puntos por debaixo da media provincial e mais galega. ⇨

RIOTORTO. Dentro da Comarca de Meira, o municipio en que o sector primario perdeu máis poboación ocupada foi Riotorto. En 1981 tiña case o 73 por cento do total de ocupados e dez anos máis tarde a poboación ocupada caera ó 55 por cento. É dicir perdeu 18 puntos. Non obstante, a porcentaxe aínda é superior en 12 puntos á media provincial e en 22 puntos á media galega. Esta perda de entidade do sector agrario no muncipio vaise ver compensada polo crecemento que experimentan a construcción e os servicios. No primeiro caso, a poboación ocupada pasa do 2,68 por cento en 1981 ó 8,36 % en 1991, o que representa un incremento de case 6 puntos, e no segundo caso, o sector terciario crece desde o 12 por cento da poboación ocupada que anotaba en 1981 ata o 21 por cento que rexistra dez anos despois. Cifra que aínda está 16 puntos por debaixo da media provincial e 22 puntos arredada da galega.

En termos absolutos, Riotorto ten unha poboación ocupada de 909 persoas, das que 520 son homes e 389 mulleres. Na liña da comarca, o sector agrario rexistra un maior número de mulleres (284) que de homes (219) sobre un total de 503 persoas, de modo que o 73 por cento das mulleres que traballan fóra da casa o fan na agricultura e gandería. Das 141 persoas que traballan no sector industrial, 105 son homes e 36 mulleres, e convén subliña-lo dato de que Ritorto achega o 46 por cento das persoas ocupadas na actividade industrial na Comarca de Meira; no caso das mulleres encadradas neste sector, a contribución representa o 55 por cento. Das 76 persoas ocupadas na construcción só 1 é muller. E no sector servicios, os datos son un total de 189 persoas que se reparte entre 121 homes e 68 mulleres.



Plantación de coníferas en Ribeira de Piquín J.S

Na taxa de actividade por grandes grupos de idade, Riotorto ten unha proporción de 50 de cada 100 persoas para as comprendidas entre os 16 e os 24 anos. Esta taxa é superior en cinco e seis puntos, respectivamente, ás medias provincial e galega. Para o grupo comprendido entre as 25 e 54 anos, 83 de cada 100 están ocupados, unha proporción moi semellante á media da comarca, pero 10 puntos por riba da media provincial e trece da galega. Case 72 de cada 100 persoas traballan das comprendidas entre os 55 e 64 anos de idade. Unha proporción superior en 12 puntos á media provincial e en 23 á media galega. No caso dos maiores de 65 anos, pouco máis de 1 persoa de cada 100 segue a traballar. Unha proporción que é 7 veces maior no conxunto da provincia e 5 veces máis no conxunto de Galicia. En total a taxa de actividade no municipio de Riotorto sinala que a metade da poboación maior de 16 anos ten unha ocupación.

No nivel de instrucción da poboación, Ritorto ten algo máis de 3 analfabetos por cada 100 persoas, unha porcentaxe que é superior á media galega e provincial. A poboación sen certificado de estudios primarios é de 56 de cada 100 habitantes, unha cifra moi alta respecto do conxunto da comarca e que dobra a media galega. Con estudios de primeiro grao hai 20 de cada 100 habitantes, unha porcentaxe que se afasta 7 puntos da media provincial e 14 da galega. Con estudios de segundo grao hai 18 de cada 100 persoas. E só cadan o nivel de estudios superiores o 2,44 por cento da poboación do municipio, xusto a metade de media galega e dous puntos por debaixo da provincial. ¶

Onde nace o Miño

As terras de Meira, bravías, de limpos horizontes, teñen o privilexio de acubilla-lo berce do río galego por antonomasia: o Miño. Sempre co permiso das xentes da Pastoriza, que reivindican para si tal honor na Fonmiñá, a verdade é que as primeiras fontes do río manan no Pedregal de Irimia, impresionante resto dunha morrena glaciar que se esvae pola aba occidental da serra de Meira. Desde alí, outros regatos únense á aínda exigua canle para ir dar a Fonmiñá, e seguir logo cara ó afastado Atlántico.

A serra de Meira, na que moran bestas e fuxidíos lobos, é case a columna vertebral da paisaxe da comarca, un lugar axeitado para o desfrute dos valores naturais, do sendeirismo e das rutas dacabalo. Felizmente, ó pé mesmo da serra, na aldeíña de Grañanova, atópase 'Casa Cazoleiro', un entrañable establecemento de turismo rural que ofrece acubillo, bo xantar, a compañía agradable dos donos, ademais bicicletas e cabalos para percorre-los camiños desa serra na que, ben o sabía o mindoniense Cunqueiro, habita aínda algún mouro.

Xunto coa serra, a maior 'atracción' da comarca é o mosteiro de Sta. María de Meira, antano un dos máis importantes de Galicia, do que hoxe pervive a súa imponente igrexa, na que os monxes do Císter trazaron a súa sinxela e austera concepción do románico.

Coa excepción do mosteiro, edificio verdadeiramente imponente, os monumentos do resto da comarca son máis ben modestos, acordes cunha terra pouco coñecida. Abundan, iso si, as igrexas de maior ou menor valía artística: as de Arcos, Valonga ou Cirio (todas elas en Pol), a de Santalla de Piquín (Ribeira de Piquín), ou a capela de San Bernabé e a igrexa das Rodrigas en Riotorto.En realidade, a esencia da comarca concéntrase nas súas paisaxes, impresionante o son as montesías en Ribeira de Piquín, municipio fendido polas novas augas do Eo, apacibles e onduladas en Pol e Mosteiro.., e tamén nas súas manifestacións etnográficas moi suxerentes: as casas a forza de xisto e lousa, os hórreos ('cabazos' dinlle na zona) moitos deles de tipo asturiano, pozos, etc. En Riotorto, en concreto na parroquia de Ferreiravella, os viaxeiros non deben pasar sen facerlle unha visita a algún dos moitos ferreiros que aínda fan soa-la zafra cada día, mantendo unha tradición de séculos que aínda se manten moi viva.

Unha última suxerencia para os visitantes: nunha comarca sen demasiadas referencias monumentais e, ó mesmo tempo tan fermosa, o mellor é perderse en calquera fraga (especialmente en Ribeira de Piquín) subir ó cumio das serras ou pasa-la tarde sentado (existe unha sinxela área recreativa) escoitando como manan cantarinas as primeiras augas do Miño. ¶



Fouciño ó roxo en Ferreira Vella J.S


COMARCA
DE MEIRA
SITGA
LOURENZÁ
TRABADA
MONDOÑEDO
Valiñadares
Eo
Cabreira
Rodrigas
(Riotorto)
RIOTORTO
Ferreiravella
A PONTENOVA
Xudán
Muñotelo
Ubeda
Rigueira
Pequeno
A PASTORIZA
Magdalena
Miño
"Casa Cazoeiro"
Montefurado
Padregal de Irimia
Serra de Meira
MEIRA
Meira
S. Xoán
de Piquín
Chao do Pousadoiro
(Ribeira de Piquín)
Rodil
Torneiros
Azumara
Lúe
Santalla
de Piquín
RIBEIRA DE PIQUÍN
Pol
de Pol
Valonga
CASTRO DE
REI
POL
A FONSAGRADA
Martín
Ciro
As Neves
Serra de Monciro
Monciro
854
Serra de Serna
Serra do Mirador
1029
Serra do Pozo
935
BALEIRA
933
ASTROVERDE
Camiño de Santiago
Estrada estatal
Primaria complementaria
Secundaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Casa de turismo rural
Mosteiro
Igrexa
Ermida
Nacemento de río
Carballeira
Área recreativa
Horreo tipo asturano
Minas romanas
Artesans
Sendeirismo
Cicloturismo
Turismo ecuestre

Futuro da Comarca da Terra de Meira

OS principais obstáculos ós que se ten que enfrontar no futuro a Terra de Meira son de carácter demográfico, de orde física (a súa posición xeográfica marxinal no límite oriental da rexión), e tamén de índole socioeconómica, posto que a economía intracomarcal agocha marcadas diferencias entre os concellos cunha renda por habitante superior (Meira) ou similar (Riotorto) á media autonómica, por unha banda, e por outra, os concellos de Pol e Ribeira de Piquín, cunha situación moito máis desfavorecida.

Este desequilibrio ou heterexoneidade económica no seo da Comarca maniféstase en tódolos ámbitos e, por suposto, tamén na diferente dotación de servicios e equipamentos, sendo a vila de Meira o principal núcleo rector, que tradicionalmente vén conformando unha pequena área de mercado, que abrangue os concellos do contorno, situados entre a Terra Chá e a costa lucense. Esta concentración da vida económica xurdiu como resposta e necesidade de ordenar un territorio escasamente poboado, xa que Ribeira de Piquín e Pol encóntranse entre os concellos de menor densidade de poboación de Galicia, ó non acadar nin sequera os 20 hab/km. E precisamente porque non existen núcleos destacables, coa salvidade das capitais municipais (Meira, con 737 habitantes no censo de 1991; Mosteiro, con 204; As Rodrigas, con 151; e Chao de Pousadoiro, con 111), o futuro da comarca depende do desenvolvemento rural, que é o medio predominante.

A gandería segue a ser hoxe o principal soporte económico, ó que se lle suman os subsidios da terceira idade, nun marco de claro avellentamento poboacional. É, pois, neste sentido no que se deben concentrar tódolos esforzos e encamiña-las axudas para mellora-la eficacia do sistema productivo, que necesita máis investimentos. Así será factible o desenvolvemento de cooperativas agrarias, sociedades de transformación e comercialización de productos agrícolas, a mellora xenética das razas de bovino e a posta en producción de superficies incultas ou infrautilizadas (coa plantación de árbores autóctonas ou o cultivo de plantas de viveiro, por exemplo).

O escaso tecido industrial existente está minimamente diversificado, estando representado maioritariamente polas industrias agropecuarias. Aprovéitanse, deste modo, as materias primas endóxenas (lácteas, forestais e extractivas). Segundo demostra a experiencia estes son os subsectores que ofrecen maiores posibilidades e se cadra non será desafortunada a creación de pequenas plantas industriais ou empresas semiartesanais de transformación dos productos propios do campo (cárnicos, mobles, etc.). A existencia dun parque empresarial poder axudar á creación ou instalación ➪

Casa Cazoleiro J.S



Casa Tradicional en Meira J.S

de novas empresas.

Dado o escaso desenvolvemento dalgunhas zonas montañosas da comarca, que permaneceron máis illadas, a Terra de Meira presenta a vantaxe de ter un contorno medioambiental menos deteriorado que outras comarcas galegas.

O medio natural pouco transformado, e aínda ancorado no pasado, é un recurso aproveitable en aras de obter ingresos adicionais. Debe poñerse un especial coidado naquelas actuacións que poidan deteriora-la estética da valiosa arquitectura popular, como pode se-lo uso de materiais inadecuados como o aluminio, a uralita ou o ladrillo, que contrastan cos elementos tradicionais, máis nobres e fermosos, como a pedra, a pizarra e a madeira. Nesta liña de actuación, puidese aproveitarse a recente moda do agroturismo, un xeito diferente de concibi-lo tempo de ocio e lecer, que consiste en desfrutar da natureza. Encaixarán de cheo neste uso as casas de labranza, onde o visitante pode comparti-las labouras. As persoas interesadas en rehabilita-las casas con certo interese arquitectónico e/ou etnográfico, para acolle-lo turismo rural, contan con subvencións oficiais. Debe complementarse esta oferta, brindando outras alternativas para realizar actividades lúdicas: paseos dacabalo (xa se ofertan en Casa Cazoleiro), rutas sinalizadas de sendeirismo ou bicicleta de montaña. Para que esta engranaxe funcione é indispensable unha boa campaña de promoción, que achegue os atractivos desta terra ós posibles candidatos a coñecela.

Turismo ecuestre na Comarca de Meira J.S

A comarca conta ademais da sosegada paisaxe, que xa se amosou atractiva hai séculos para os ermitáns, con artesanía (obradoiros de gaitas e ferreirías), gastronomía (butelo) e mostras artísticas, entre as que sobresaen os restos do mosteiro cisterciense de Meira, que foi declarado Monumento Histórico-Artístico, e que presenta unha das igrexas monásticas máis sobresalientes de Galicia. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

25

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Setembro do 1996

Arzúa

Pazo de O Picón. O Pino

José Salgado

Arzúa

A Comarca de Arzúa, no extremo sueste da provincia da Coruña, constitúe unha unidade física e funcional dotada de gran uniformidade. Formas suaves e redondeadas con alturas comprendidas entre os 200 e os 500 m, só superados cara ó leste, nos sopés occidentais dos Montes do Bocelo (Couto Abieiras 773 m), definen o relevo comarcal, sobre unha superficie total de 485 km2, que engloba os municipios de Arzúa, Boimorto, O Pino e Touro. O territorio comarcal forma un grande interfluvio situado entre os leitos dos ríos Tambre, ó norte, e Ulla, ó sur. Cara ó leste péchanse ós sopés do Bocelo, mentres que polo oeste son os altos de Labacolla os que marcan o límite territorial. Precisamente, unha pequena parte do aeroporto está sobre terreos que pertencen ó municipio do Pino.

Son, daquela, tres as unidades naturais: a conca do Tambre, os Montes do Bocelo e a canle do Ulla. É este río o que define o límite comarcal e provincial con Pontevedra, e que transcorre, en moitas zonas, fortemente encaixado. Á súa entrada na comarca, o río Ulla, xunto cos seus afluentes Boente e Brandeso, forman o encoro de Portodemouros. Desde o punto de vista climático os trazos son os típicos dun clima temperado de zona interior, cun réxime pluviométrico abundante (1.400-1.900 mm anuais) e unha temperatura media anual que rolda os 12ºC. Tanto as condicións climáticas como as características físico-químicas do seu solo, son favorables para un grande número de aproveitamentos agronómicos.

A formación histórica desta comarca estivo estreitamente vencellada á designación, desde o século XIX, da vila de Arzúa como cabeceira de partido xudicial. Este feito levou consigo a localización, na mesma vila, doutros servicios administrativos, ós que se incorporaron outros de ámbito comarcal. A ausencia de relevos que formen barreiras físicas, favorece as relacións entre os municipios da comarca e coas comarcas circundantes, contribuíndo a definir un espacio funcional moi aberto. A vila de Arzúa, principal núcleo urbano, é o centro da área comercial e de servicios, organizando un espacio económico consolidado co tempo. Esta é unha das Comarcas Piloto do Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia. ¶



FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Terras de bo queixo regadas polo Ulla e o Tambre

Monumento á Leiteira, en Arzúa J.S

Numerosos ríos regan as terras da Comarca de Arzúa, e entre eles destaca a presencia do Ulla e do Tambre, pais das rías de Arousa e Muros-Noia. O inesquecible don Antón Fraguas diría que froito desas boas augas e mais da composición das terras nace unha exquisita herba, que consomen as vacas, das cales sae o inmellorable leite con o que experimentadas mans producen os recoñecidos queixos de Arzúa.

O certo é que a comarca ten unha base económica predominantemente vencellada ó sector agrario, e dirixa á gandería e silvicultura. No plano gandeiro, Arzúa é unha das áreas de maior rendemento na producción do leite, mercé á existencia de boas praderías, e que nos últimos anos vai desenvolvendo unha industria de derivados lácteos. Así mesmo, existen explotacións forestais de piñeiro, eucalipto, castiñeiro, carballo, biduiero e freixo. Se ben os cultivos tenden a desaparecer, aínda se produce trigo, centeo, maínzo, patacas, froiteiras e hortalizas. E conta, tamén, cunha variada fauna na da que cabe sinalar lobos, raposos, xabarís, lebres, coellos e perdices.

Á proximidade da comarca á cidade de Compostela, a súa situación na estrada que une a capital de Galicia con Lugo, e o feito de que o seu territorio sexa atravesado polo Camiño –no que un dos monumentos máis importantes é a capela de Madalena, fundada no século XIV, situada á beira do camiño francés– así como os cambios que se están operando na demanda de productos turísticos en favor da natureza, están axundando ó nacemento dun sector servicios complementario. Ademais, a vila de Arzúa aínda segue conservando a tradición de celebrar dúas feiras ó mes os días 8 e 22. E xa nun plano máis anecdótico convén cita-las campás de Rendal polo seu poder curativo contra a dor de moas. Segundo a tradición, o método curativo consiste en toca-las campás, tirando coa boca da cadea do badaxo das campás de Rendal o sábado de gloria. E hai tamén un dito moi popular, que di así: ''As campás de Rendal din: quen ten val''. ¶

Nos anos 50 tivo 32.000 habitantes

A Comarca de Arzúa alcanza nos anos 50 o seu maior número de habitantes ó situarse preto das 32.000 persoas. Ese crecemento demográfico truncarase na década seguintes polos efectos negativos da emigración, tanto cara a Latinoamérica como Europa. A principios do século XX, a comarca rexistraba 25.990 habitantes, repartidos entre Arzúa (9.036), Boimorto (4.044), O Pino (6.232) e Touro (6.678). De 1910 a 1920, a zona perde poboación, pero volve recuperarse na década seguinte e a partir de aí crece nos próximos lustros ata anotar no censo do ano 1950 31.365 habitantes. De 1960 a 1970 perde máis de catro mil persoas e de 1970 a 1980 máis de cinco mil: en conxunto, nos decenios dos anos sesenta e dos setenta, a Comarca de Arzúa reduce a súa poboación en case dez mil persoas.

Por muncipios, o de Arzúa é o de maior número de habitantes, e sempre mantivo este liderato dentro da comarca. Sen embargo, a realidade é que hoxe ten menos habitantes (6.932) que a principios de século (9.036). Entre 1910 e 1930, este municipios ten unha poboación estabilizada en torno á cifra de 8.700 persoas, logo nas tres décadas seguintes, tras da-lo salto, sitúase por riba dos dez mil habitantes. E a partir de 1970 inicia unha lenta caída ata os case 7.000 actuais.

Boimorto, é o municipio menos poboado dos catro que conforman a comarca de Arzúa, tiña no ano 1900, 4.044 habitantes e o seu mellor rexistro alcánzao en 1950 con 5.477 persoas, e consegue manterse ó redor desa cifra na dúas décadas seguintes. Pero, a partir do ano 1970 empeza a perder poboación, e xa no censo do ano 1991 só anota 2.685 habitantes. O Pino tiña en 1900, 6.232 persoas, e a súa poboación aumenta ininterrompidamente ata 1950 en que rexistra 7.768 habitantes. Desde esa data de referencia, o municipio perde poboación lustro tras lustro, de modo que no ano 1991 o seu censo é de 5.282 persoas. No caso de Touro, sucede tres cuartos do mesmo. Ó inicio deste século, o municipio anotaba 6.678 persoas, unha cifra que non conseguirá superar ata 40 anos despois, en que rexistra 7.371 habitantes. De 1940 a 1960, Touro experimenta lixeiros aumentos de poboación e chega ata os 7.774 habitantes. Como nos casos precedentes, nos anos sesenta prodúcese o punto de inflexión á baixa, e o municipio comeza a perder xente, e en 1991 rexistra 5.029 persoas.

Esta situación de perda de peso demográfico vese agravada por unha dependencia cada vez maior da poboación de maior idade. De 1986 a 1991, o índice de senilidade pasou do 25,6 ata case o 30. ❦





SECTORES DE ACTIVIDADE (1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE (1991)



O futuro está na industria alimentaria

O futuro da Comarca de Arzúa parece estar no firme desenvolvemento dunha industria alimentaria a partir das súas capacidades productivas no sector lácteo e no sector forestal. En calquera caso, é evidente que nos últimos anos se deu un proceso de regresión do sector agrario en termos de poboación ocupada e de terciarización da actividade económica. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario pasou de 65 por cento a cerca do 44 %, o que representa unha perda de 21 puntos certamente estimable. Esta perda de poboación ocupada compénsase co aumento dos ocupados no sector industrial, que crece desde o 9 ó 15 por cento; o crecemento da actividade na construcción, do 7 ó 13 por cento dos ocupados e os nove puntos que aumenta a poboación ocupada no sector terciario.

Arzúa. Este municipio tiña en 1981 una poboación ocupada no sector primario do 59 por cento e dez anos máis tarde do 43%, a maior parte desa perda de poboación agraria compénsaa co aumento de ocupados no sector servicios, que pasa do 22 ó 30 por cento.

Boimorto. A poboación ocupada no sector agrario diminúe en 18 puntos na década dos oitenta. A poboación industrial pasa de representa-lo 6 ó 15 por cento. Os ocupados na construcción aumenta do 6 ó 11 %. E o sector servicios pasa do 20 ó 25 % dos ocupados.

O Pino. O peso de sector primario no Pino perde 27 puntos e de 1981 a 1991 pasa do 64 ó 37 % dos ocupados. Pola contra a poboación ocupada no sector servicios pasa do 21 ó 31 por cento. E aumentan tamén os cupados no sector industrial e na construcción, neste úlitmo caso cerca de oito puntos porcentuais.

Touro. En 1981 a poboación ocupada no sector primario representaba o 71 por cento e dez anos máis tarde esa cifra reduciuse ó 47 %, unha reducción de 24 puntos. Para ese mesmo período de referencia, os ocupados na industria pasaron do 10 ó 15 por cento e na construcción do 5 ó 14 %. No caso do sector servicios, a poboación ocupada salta do 14 por cento ó 24 %, o que supón dez puntos. ❦

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Arzúa, prados e queixo

SE algunha ten que se-la imaxe arquetípica que identifique estas terras, habería que acudir a unha estampa de extensos pastos e abondoso gando vacún. Deses prados, desas vacas provén o tesouro destas terras, o tenro queixo de Arzúa, curmán irmán do da Ulloa. Outra das imaxes que se identifican coa comarca é a dos peregrinos nos seus derradeiros esforzos para chegaren á tumba de Santiago o Maior. Facendo unha semblanza dos lugares que se deben visitar na comarca de Arzúa, débese comezar falando do exemplar (pola súa restauración) albergue de Ribadiso. Respectando o contorno e maila arquitectura tradicional, consolidouse como un dos centros de acollida ós peregrinos máis fermosos e logrados de todo o Camiño Francés. O albergue atópase na beira do río Iso, a carón dunha ponte medieval.

Na vila de Arzúa, que medrou bastante nos últimos tempos, consérvanse aínda as rúas con soportais polas que desde sempre se transitou cara a Compostela. Practicamente sobre o Camiño, no centro da vila agáchase a capela da Madalena (século XVI), resto dun antigo mosteiro. Na praza, xunto á igrexa parroquial, un sinxelo monumento recorda ás mulleres que facían e fan do queixo unha arte.

Na comarca abundan tamén as casas nobres e pazos. O máis nomeado é o de Brandeso, marco que inspirou a Valle-Inclán a súa 'Sonata de Otoño'. Hai outros como o de Andeade, Daiño, ou Sedor, este último dedicado ó turismo rural, unha actividade en alza na comarca. O pazo de Sedor sitúase moi preto dun dos lugares míticos da ruta xacobea: A Castañeda ('Castaniola', como aparece no 'Codex Calistinus').

Nunha terra verde coma esta non poden faltar ríos e regueiros, o Ulla, o Tambre, o Iso, o Laña... que ás veces encadran acolledoras áreas recreativas: o Refuxio, no Pino; a area de Foxáns, en Touro á beira do Ulla... Tamén as varias ermidas que a comarca posúe permiten desconectar do presente en medio de paixases solitarias. Unha das máis importantes é a Fonte Santa, que cada ano atrae a moitos devotos. Pola Fonte Santa pasa tamén unha das rutas de sendeirismo sinaladas na comarca. A zona é apropiada para este tipo de excursións, sen que presente atrancos para nenos ou anciáns.

Do mesmo xeito, e a medias coa veciña Terra de Melide, a comarca mírase nas augas quedas do encoro de Portodemouros, lugar idóneo para o deporte e o lecer.

As terras arzuás, por fortuna, serven tanto para andalas, coñecelas como para descansar nelas, como non pode ser doutro xeito nunha terra xacobea. ¶

Labores agrícolas en Boimorto J.S


COMARCA
DE ARZÚA
SITGA
ORDES
FRADES
MESÍA
VILASANTAR
Pedregoso
Lagoa de Sobrado
437
Gandarrón
500
Forcada
Torre de Andabao
Arosa
Seixo
Pequeno
Ganderio
SOBRADO
BOIMORTO
Gándara
Dormeá
Montes do Bocelo
Lardeiros
Tambre
Sarria
OROSO
Tambre
Noa
Mera
436
Faguelra
484
806
SANTIAGO
465
Ferros
Cota de Susa
438
456
Arzúa
Reigosi
MELIDE
O PINO
"Pazo de Sedor"
Arca
Iso
Ribeiral
Boente
MELI
ARZÚA
Abelenda
483
Comado
Grandeso
Brandeso
453
Rozas
Encoro de Portodemouros
Andeade
Dombodán
SANTISO
Fonte-Díaz
TOURO
Beseño
Lunas
Ermida de Fontesanta
Quintans
Carballeira
Foxado
Calvos de Socamiño
Ulla
BOQUEIXÓN
VILA DE CRUCES
2.000 m
0
2
4
6
8 Km
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Diputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Igrexa
Mámoa
Pazo
Torre
Casa de turismo rural
Albergue de peregrinos
Museo
Ponte
Área recreativa
Praia fluvial
Sede da Fundación Comarcal

O futuro da comarca

A estructura da poboación comarcal presenta síntomas de envellecemento, e iso co tempo, pode supor un factor limitante dun desenvolvemento equilibrado. Non obstante, na actualidade, o reemprazo xeracional está asegurado, e existen recursos endóxenos susceptibles de aproveitamento para xerar procesos de desenvolvemento interno que contribúan a fixa-la poboación.

O Plan de Desenvolvemento Comarcal sinala que a posta en marcha de programas de formación adecuados ós recursos da comarca e dirixidos á promoción de iniciativas é básica neste sentido.

A actual paisaxe natural da comarca, altamente humanizada, transformada polo home e condicionada pola concentración parcelaria, evidencia a orientación económica da mesma: o sector agrario, cunha especialización gandeira e forestal moi clara. Este importante potencial agronómico debe ser aproveitado tendo tamén en conta as tendencias do mercado, as posibilidades de transformación e a dedicación e coñecementos dos profesionais da comarca.

O tamaño medio das explotacións agrícolas está por enriba da media galega; desenvolveuse un notable movemento cooperativo; xurdiron empresas agrícolas relacionadas coa tradicional industria artesá de queixos que, en base ó Queixo de Arzúa, están elaborando un producto diferenciado e de calidade.

Casa en Dormeá. Boimorto J.S

É dicir, como recolle o mesmo Plan de Desenvolvemento Comarcal, hai que potencia-lo sector primario buscando a diversificación da producción, e incidindo no aproveitamento dos recursos agroforestais e gandeiros, a súa comercialización e a posta en marcha de fórmulas asociativas. Esta necesidade de diversificar e de potencia-los productos xa existentes apréciase tamén na industria, á cal o novo parque empresarial ofrece novas oportunidades de localización.

Por outra parte, a situación xeográfica da comarca, próxima a Santiago e a outras capitais provinciais, pode se-la base para un desenvolvemento económico máis diversificado e equilibrado. Neste sentido cabe encadra-las posibilidades de aproveitamento dos recursos turísticos.

A oferta comarcal está baseada tanto no Camiño de Santiago, que atravesa a comarca, como no incipiente turismo rural. Este deberá afianzarse progresivamente en base a unha adecuada organización e a unha oferta complementaria de servicios e de actividades de ocio e de espallamento que revalorice os recursos medioambientais e paisaxísticos existentes.

Igualmente, as feiras monográficas (Festa do Queixo, Feira de Cans de Caza) deben potenciarse e promocionarse para conseguir unha maior proxección exterior, e abrir novas canles de comercialización.

A comarca presenta pois unha estructura económica consolidada, as actividades e productos do cal teñen posibilidades de potenciación cara ó futuro, e iso require un esforzo conxunto de tódolos axentes sociais e económicos. Esta é a liña de traballo da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Arzúa. O feito de ser comarca incluída na Iniciativa Comunitaria Leader II, debe facilita-la posta en marcha de moitas das necesarias iniciativas locais de apoio. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

26

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Setembro do 1996

Melide

'As Fervenzas', en Toques

José Salgado

A Comarca da Terra de Melide

A Comarca de Terra de Melide conta cunha extensión de 367,24 km2, sitúase no extremo suroriental da provincia da Coruña e engloba os concellos de Melide, Toques, Santiso e Sobrado.

Neste territorio poden distinguirse dúas unidades físicas diferenciadas, unha ó norte, que lle corresponde ó Concello de Sobrado, onde comezan os leitos dos ríos Tambre e Mandeo, e outra ó sur, nos concellos de Melide, Toques e Santiso, unidade que está drenada polo río Furelos, que pertence á conca hidrográfica do Ulla, o cal aparece represado en Portodemouros. Entre ámbalas dúas unidades interpóñense os Montes do Bocelo.

ESTAS terras presentan marcadas diferencias de altitude, que van desde os 200 metros da área do encoro de Portodemouros ata os máis de 800 da Serra do Careón, na denominada por algúns Dorsal Galega.

DIFERENCIAS altitudinais que se aprecian tamén no clima: as temperaturas, ademais de diminuíren pola ausencia de influencias oceánicas, descenden coa altitude. Así, ó sur da comarca, con altitudes que van desde os 200 ata os 400 metros, a temperatura media rolda os 13ºC, mentres que nos Montes do Bocelo, a temperatura descende ata os 10,7ºC. As precipitacións son abundantes, pasando dos 1.300 mm anuais en toda a zona. O territorio comarcal está drenado polos ríos Mandeo, Tambre e Ulla, os dous primeiros nacen en Sobrado e pertencen á conca hidrográfica do Tambre, e o Ulla, encorado en Portodemouros, recolle as augas da zona centro-meridional da comarca e organiza a súa propia conca.



A unidade histórica destas terras é máis clara cá unidade natural e comezouse a fraguar na Idade Media, cando Melide se converteu nunha vila vinculada ó Camiño de Santiago, con funcións de mercado e de cruzamento de camiños, función que continuou desenvolvendo ata a actualidade, en que desempeña un destacado papel de mercado que articula todo o territorio comarcal.

DEMOGRAFICAMENTE, desde os anos cincuenta deste século a comarca viu descende-los seus efectivos poboacionais, e na actualidade conta cunha poboación de dereito (segundo datos de 1995) de 15.762 habitantes, poboación que se pode considerar escasa, debido principalmente á dificultade de poboamento nas áreas montañosas. A principal vía de comunicación da comarca é a estrada N-547 Santiago-Lugo, que a cruza deste o oeste.

OUTRA importante vía é a estrada que enlaza Betanzos con Lalín, recentemente mellorada; cruza a comarca de norte a sur e facilita o acceso á capital provincial. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

O valor económico dun cruce estratéxico de vías

A comarca ten una valor estratéxico de comunicacións entre o norte e o sur ó leste e o oeste de Galicia, sobre todo no caso de Melide como encrucillada de camiños entre A Coruña, Santiago e Lugo cara á Meseta ou ben cara ó corredor do Cantábrico. Tamén destaca a súa proximidade ó aeroporto de Lavacolla. O feito é que se no conxunto da zona salienta a transformación do agricultor en gandeiro, especializado en vacún –carne e leite– e porcino, no caso da vila de Melide hai que subliña-la súa vocación nitidamente comercial e a importancia que ten a celebración da Feira Grande, o último domingo de cada mes, considerada como unha das máis importantes de Galicia, despois da de Santiago, en compra e venda de tenreiros. Respecto doutros municipios gallegos, Melide destaca porque foi un dos primeiros gremios do país, que reúne a zapateiros, curtidores e outros profesionais da pel na Confraría de Santa Catalina. Segundo os especialistas, a primeira noticia que se ten deste gremio é de 1421, xa que aparece na Irmandade Xeral de Gremios e Confarías de Santiago, que acollía a representantes doutras zonas, un tal ''Rei de Melide''. No convento de Sancti Spiritus de Melide había xa en 1418 unha capela dedicada a Santa Catalina, pero a proba con maior fundamento da existencia da confraría data de 1688 e consérvase no arquivo parroquial. O gremio tivo moita importancia a mediados so século XVIII e desapareceu en 1819.



No campo educativo, tivo moita transcendencia a Obra Pía de Santo Antón de Melide, fundada en 1671 polo arcebispo Mateo Segade. Contaba con cátedras de Filosofía, Gramática, lector de Arte e dous de Teoloxía no convento de San Francisco, ademais dun mestre que tiña por cometido ''ensinar a ler e escribir todo xénero de persoas que quixesen aprender''. Esta fundación durou ata o ano 1835. Posteriormente, no 1865, Rafael de Bustos y Castella, descendente de Mateo Segade, creou unhas bolsas que desfrutaron os fillos de Melide no Seminario de Mondoñedo. No 1885, aínda había na Obra Pía escola gratuíta, considerada a primeira escola púbica de Melide, a pesar que desde 1847 insinaba un mestre.¶

Mosteiro de Sobrado dos Monxes J.S

Melide achega máis da metade da poboación

NA actualidade, o municipio de Melide achega case a metade de poboación da comarca. Se no inicio do século XX, este concello representaba o 35 por cento do total de habitantes da comarca con 6.512 persoas; en 1991, supón o 53 por cento da mesma con 8.210 habitantes, debido ó proceso de concentración que se está operando. En 1900, a comarca anotaba 18.524 almas, e a partir desa data de referencia inicia un crecemento paulatino ata acadar cerca das persoas en 1950. Nos anos seguintes, a emigración vai provocar unha despoboación crecente, pois nos anos cincuenta a zona perderá máis de tres mil habitantes e cerca de catro mil na seguinte década, cun rexistro total de 17.836 persoas. En 1991, a Comarca de Melide ten 15.367 habitantes.

No caso do municipio de Melide, a poboación aumenta nas cinco primeiras décadas do presente século e acada o seu mellor rexistro en 1950 con 10.127 persoas. A partir desa data, decrece demograficamente nos vinte anos seguintes e en 1970 anota 7.491 almas. Contra todo prognóstico, o municipio de Melide recupera poboación nos anos oitenta e noventa: 8.210 habitantes en 1991. Santiso mantense entre os catro mil e cinco mil habitantes, sen chegar a tocar ningún dos dous extremos entre 1900 e 1960, data esta última a partir da cal principia a perder poboación para rexistrar en 1991 case 2.500 persoas. A comezos de século, Sobrado tiña case 5.000 persoas e a súa poboación vai crecendo ata acadar 6.459 almas en 1950. Nos anos seguintes inicia o retroceso demográfico que o levará ós 2.739 habitantes de hoxe.

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



En Toques, a poboación a penas sofre variación entre os anos 1900 e 1960, situándose ó redor dos 3.000 habitantes.

Nos anos sesenta rompe esa liña de estabilidade e comeza a perder poboación, de modo que en 1991 anota 1.949 persoas. De 1981 a 1991, a taxa de natalidade na comarca descende e pasa de case o 10 ó 7,5, sen embargo a taxa de mortalidade a penas varía, do 10,7 ó 10,3. O resultado é que o crecemento vexetativo é cada vez máis negativo e do -1 a case o -3. En 1991, a zona tiña 3.196 mulleres en idades comprendidas entre os 15 e os 49 anos, das cales máis da metade (1.856) vivían no municipio de Melide. Nesa data, o número de nacidos foi de 98 (61 na cabeceira da comarca). A taxa de fecundidade foi do 31, correspondendo ó municipio de Santiso a máis alta cun 48 por mil e ó de Sobrado a máis baixa cun 12 por mil. A zona tiña en 1991 7.912 homes e 7.722 mulleres, o que supón unha taxa masculina do 102,5, superior á media galega. ¶

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900 - 1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A terciarización dunha zona moi agraria

PESE á súa vocación agraria, a Comarca de Melide experimentou nos últimos anos un proceso de cambio nas súas estructuras productivas cara á terciarización da economía local. Así de 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario pasou de representa-lo 74,89 por cento ó 48,42 por cento, o que supón un perda de 27 puntos en dez anos.

Neste proceso de cambio, o municipio de Melide continúa a se-lo de menor presencia do sector agrario no conxunto das actividades económicas locais: entre 1981 e 1991, perdeu case 27 puntos, ó caer desde o 57 ó 30 por cento de poboación ocupada, aproximarse á media galega (24 %). Pero conviría subliñar tamén o retroceso espectacular que se produce en Santiso, onde os ocupados no sector agrario pasan do 92 por cento ó 51 %, o que supón unha perda de 41 puntos. Aínda que sen chegar a eses niveis, tamén Toques rexistra unha notable perda de entidade do sector primario, con case 30 puntos menos de poboación ocupada. Dentro da comarca a excepción é Sobrado, que aínda en 1991 anota unha poboación ocupada na agricultura e gandería do 79 por cento.

O sector servicios empeza a toma-lo relevo do sector agrario en canto a ocupación laboral. Na década dos oitenta, a poboación ocupada no sector terciario en Melide pasa do 23 por cento ó 43 %, cun aumento de 20 puntos. Esta tendencia é tamén patente en Toques, onde para as mesmas datas de referencia a poboación ocupada nos servicios pasa do 14 ó 37 por cento, cunha ganancia de 23 puntos. No caso de Santiso (do 6 ó 19 por cento) e Sobrado (do ó 13 %) a evolución é máis modesta. Para o conxunto da zona, os ocupados no sector terciario crecen desde o 14 por cento ó 32 %.

Nos anos oitenta, a industria crece 3 puntos, paso do 6 ó 9 por cento da poboación ocupada, sen embargo hai que facer nota-lo caso de Santiso que pasa do 1 ó 17 por cento. A construcción experimenta tamén un lixeiro crecemento, e de novo a nota de atención pona Santiso, que pasa do 1 ó 13 por cento da poboación ocupada, 12 puntos máis. ❦

Unha vella encrucillada

QUIZAIS sexa unha casualidade, pero na vila de Melide atópase o que, din voces autorizadas, é o cruceiro máis vello de Galicia. Non tería, dende logo, nada de estraño, pois nesta fermosa terra, en concreto na vila de Melide, confluén e xúntanse os dous principais camiños de peregrinación a Santiago: o Francés, ruta máis utilizada, e o de Oviedo. Este último cruza a Serra do Careón desde o Hospital das Seijas, na Ulloa, a través dunha paisaxe montesía. Pagaría a pena un esforzo para a súa recuperación.

O Camiño Francés, en cambio, olla pasar cada ano a milleiros de peregrinos, que entran na comarca polo Coto, para Leboreiro e Melide.

Esta dualidade de camiños xacobeos vén acompañada tamén por dúas paisaxes diferentes na Terra de Melide, dúas belezas distintas agardando unha mirada curiosa.

Na banda norde, en Sobrado e Toques, o relevo é máis tortuoso, con redondeadas cimas coma a do Bocelo, ou as serras do Careón e da Cova da Serpe.

Sobrado é un bo punto de inicio para un percorrido pola zona. A primeira visita, claro está, hai que facela ó magnífico mosteiro, do cal as súas orixes se remontan ó século X, e no que destacan os seus tres claustros e mailа imponente fachada barroca. Non lonxe, a menos de un quilómetro, atópase a lagoa artificial que construíron os monxes hai moitos séculos. Hoxe en día a lagoa constitúe un importante enclave ornitolóxico e un tranquilo lugar para o lecer, no que poñen un delicado punto de beleza os nenúfares das súas beiras.

No Concello de Sobrado non deben de esquecerse tampouco as ruínas escavadas do campamento romano de Ciudadela, onde durante dous séculos estivo acampañada a 'Cohors Prima Celtibérica'. Estes vestixios sacaron xa á luz importantes datos sobre a romanización da antiga Gallaecia.

Tamén en Sobrado nace o Mandeo e xusto no seu berce hai unha capela, a das 'Pías do Mandeo', na que se celebra unha importante romaría tódolos anos.

O Concello de Toques ten tamén unha paisaxe agreste, máxica, con moitas mámoas todo ó longo da corda do Bocelo, coa mítica 'Pena da Moura' e o dolmen 'O Forno dos Mouros', lugares ámbolos dous cheos de lendas. Máis abaixo, nunha umbría paraxe e xunto a unha pequena fervenza atópase a igrexa de Santo Antón de Toques, unha das primeiras manifestacións da arte románica en Galicia. A pouca distancia as augas frescas do río Salgueiras caen ó baleiro no lugar coñecido como 'As Fervenzas'. Preto de alí, na parroquia de Paradela, nas estribacións da serra do Careón subsiste o cruceiro de San Cidre coas ruínas dunha antigua capela. A outra paisaxe da comarca é a de Melide e Santiso, máis amable e achanzada, aínda igualmente verde e engaiolante. En Santiago consérvanse monumentos de singular interese disperso pola súa campiña: os pazos de Vilar de Ferreiros, Liñares ou do Ribeiro. Mostras do románico, que chegou a estas terras polo camiño de Santiago, móstrase en Pezobrés e albíscase na parroquia de San Román, lugar natal do bispo Mateo Segade.

Cruceiro de Santa Eulalia J.S

Moi perto da igrexa elévase o fermoso castro de San Román, un de tantos (case media centena) que vixían estas terras. Nas beiras do Ulla, en Portodemouros existe un interesante complexo deportivo que permite desfrutar dos deportes acuáticos nestas terras do interior.

En Melide, a cabeza da comarca parece te-las súas orixes nunha vila romana e nun castro pero non medrou ata o medioevo cando se converteu no eixe de confluencia de peregrinos que viñan de Oviedo e polo Camiño Francés.

En Melide quedan aínda mostras daquel esplendor pasado pasado, o convento de Sancti Spiritus, coa súa torre barroca, a fachada da igrexa da San Roque, Santa María de Melide cuns interesantes frescos... no resto do municipio existen moitos puntos de interese: a calzada, ponte a igrexa románica do referido lugar de Leboreiro, a igrexa de Vitiriz, o castro da Graña, o pazo de Tarrío ou a máis moderna e práctica praia fluvial en Furelos.

Ademais, nos últimos tempos, os catro municipios da comarca viron abri-las portas a varios aloxamentos de turismo rural, cousa pouco estraña nunha terra que foi lugar de paso desde tempos antigos. ¶


COMARCA DE MELIDE
SITGA
CURTIS
Exameado 609
R. Cabalar
Ciudadela
VILASANTAR
SOBRADO
"Fraga de Sixto"
R. Mandeo
Sobrado
Lagoa de Sobrado
R. Tambre
BOIMORTO
"Fraga de Sixto"
As Pías
Serra da Serne
Monte Coval 842
Monte Aro da Ponte das Bestas
Campelo 806
Montes Corno do Boi
"Pena da Moura"
"Forno dos Mouros"
Montes do Bocelo
"As Fervenzas"
Pena Armada 765
Pilar 806
"S. Antolín de Toques"
R. Salgueira
TOQUES
Serra de Careón
PROVINCIA DE LUGO
763
R. Iso
R. Rendal
"Pazo de Tarrío"
Pena Longa
MELIDE
Careón 802
Picón 664
Penaliñas 734
Castro 708
Boente
Vitiriz
Melide
"Pena do Raposo"
Furelos
R. Pedrouzos
R. Seco
ARZUA
San Román
R. Boente
R. Valverde
Calzada
Leboreiro
Liñares
R. Beseña
Vilar de Ferreiro
Pezobrés
Sar de Coiro
SANTISO
Encoro de Portodemouros
Ribeiro de Visantoña
R. Furelos
R. Ulla
Arcediago
Montes de San Silvestre
PROVINCIA DE PONTEVEDRA
2.000 m
0
2
4 Km
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Diputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Camiño de Santiago
Deportes acuáticos
Fervenza
Praia fluvial
Casa de turismo rural
Igrexa
Mosteiro
Ermida
Dolmen
Castro
Museo
Restos romanos
Pazo
Ponte
Fraga
Penedos
Área recreativa
Cabalos salvaxes
Sede da Fundación Comarcal

Carballeira en Sobrado J.S

O futuro

A Comarca de Terra de Melide é eminentemente gandeira, especialización que vai tomando auxe gracias á adopción de medidas innovadoras, relacionadas co rexuvenecemento que se rexistra nos xefes das explotacións agrarias.

Son exemplos diso a posta en marcha de industrias agroalimentarias, novas fórmulas cooperativas e a diversificación da producción gandeira, cunha recente orientación cara á aptitude cárnica, conseguindo un producto diferenciado e amparado por unha denominación de calidade.

Outro potencial do territorio é a actividade forestal, que posúe expectativas de desenvolvemento, tanto para o aproveitamento madeireiro como para a recolección de productos silvestres, especialmente nos municipios montañosos, como Sobrado e Toques.

Os recursos histórico-artísticos que a comarca posúe, como o propio Camiño de Santiago, proporciónanlle importantes oportunidades a unha incipiente infraestructura turística, baseada principalmente en establecementos de turismo rural. Por outra parte, Terra de Melide, polo feito de encontrarse nunha situación central con respecto ás principais cidades galegas, ten unha vantaxe comparativa á hora de exporta-los seus productos e atraer visitantes.

A estes factores de desenvolvemento opóñense unha serie de obstáculos. O principal deles é o factor demográfico: a poboación, que experimentou un considerable descenso, amosa síntomas de envellecemento e o reemprazo xeracional non está asegurado, o que representa un factor limitante do desenvolvemento. Asemade, o espacio rural tende a despoboarse en beneficio principalmente da vila de Melide. O sector forestal, que tantas potencialidades presenta, actualmente está desaproveitado a causa da inadecuada estructura da propiedade e á deficiente xestión do monte. O sector agroalimentario, a pesar da súa importancia, presenta disfuncionalidades que supoñen restriccións ó seu crecemento, como pode se-la atomización empresarial, a falta de homoxeneidade no producto final e a carencia dunha imaxe de marca definida.

Por último, cómpre dicir que a base económica da comarca está pouco diversificada e con escasa transformación do producto, o que impide a xeración de valor engadido.

Todos estes factores limitantes do desenvolvemento trátanse de paliar mediante a aplicación do Plan de Desenvolvemento Comarcal de Terra de Melide.

Este Plan pretende interrelaciona-las potencialidades e as disfuncionalidades enumeradas para deducir liñas estratéxicas directoras do desenvolvemento da comarca e propiciar canles de participación dos axentes económicos comarcais. ¶

XUNTA DE GALICIA

27

Comarcas

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Outubro do 1996

Ordes

Millo en Buscás. Ordes

José Salgado

Comarca de Ordes



A Comarca de Ordes ten unha superficie de 862.27 km2, sobre os que se asentan os concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia, Trazo e Val do Dubra. Este territorio presenta unha notable unidade física: trátase dun conxunto de terras amesetadas, inscritas na chamada penichaira galega. Esta superficie a penas se interrompe por pequenas formas de relevo e está claramente delimitada por escarpes no seu descenso cara ós vales que se abren cara á costa. Polo oeste aparece o río Dubra, que está instalado no accidente tectónico que é a foxa meridiana. A Serra de Montemaior, a da Tieira e o monte Xalo actúan como límite noroccidental da comarca e como divisoria coa veciña Comarca de Bergantiños e as Mariñas coruñesas. Por último, o río Tambre, que lle proporcionou a denominación histórica de Trastámara á comarca, conforma un claro límite e recolle as augas que descen pola meseta ata a súa conca. En definitiva, a comarca defínese pola suavidade nas formas, orixinadas sobre terreos xistosos e superficies de erosión. A altitude media da comarca de Ordes rolda os 300 metros e, polo norte e oeste, recibe influencias oceánicas, que se advirten principalmente nas precipitacións, que están por riba da media galega. Nas temperaturas medias rexistradas (12,3ºC) apréciase certo carácter propio das terras de interior, posto en evidencia por unha maior amplitude térmica, que chega ós 11ºC, pero que se mantén sempre en valores moderados debido á proximidade ó mar.

A comarca corresponde ó antigo partido xudicial de Poulo, que tomou o nome de Ordes en 1834. A mediados do pasado século, coa construcción das actuais estradas, Ordes consolidóuse como centro de mercado. O territorio comarcal está situado en posición central con respecto á provincia da Coruña e articúlase arredor de importantes vías de comunicación da comunidade autónoma, como son a estrada da Coruña e a autoestrada A-9. Tamén atravesa a comarca o ferrocarril da Coruña a Santiago.

A Comarca de Ordes conta cunha poboación de dereito (1995) de 45.493 habitantes e mostra unha tendencia regresiva en case tódolos municipios, só compensada en parte polo aumento de poboación que experimentan concellos como Oroso e Ordes. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

A metade de camiño entre A Coruña e Santiago

Escena no municipio de Ordes J.S

A Comarca de Ordes sitúase entre Santiago e A Coruña, de xeito que boa parte dos seus municipios son atravesados polas vías de comunicación ferroviarias e por estrada, incluída á Autoestrada do Atlántico que enlaza as dúas cidades. No caso da vila de Ordes, a equidistancia que garda entre a capital de Galicia e a capital da provincia convértea nun centro privilexiado de comunicacións para o conxunto de municipios da zona.

Froito precisamente desa inmellorable situación foi o desenvolvemento dun sector servicios, moi superior ás necesidades dunha área xeográfica marcada pola importancia productiva do sector primario, e que co paso do tempo tendeu a especializarse na producción de leite e de carne de vacún, alentado por unha forte mecanización das tarefas agrícolas. A vila de Ordes é tamén centro comercial da comarca e celebra dúas importantes feiras ó mes.

No caso do municipio de Cerceda, a presencia da central térmica de Meirama e a probable situación dunha planta de tratamento de residuos sólidos urbanos outorgalle unhas características especiais á hora de crear emprego industrial e crear empresas auxiliares en medios de transporte e talleres de reparación de vehículos e maquinaria. Doutra parte, a proximidade dalgúns dos municipios da comarca a grandes zonas urbanas, caso de Oroso a Santiago de Compostela, está axudando á transformación da zona en canto que forma parte de áreas metropolitanas en expansión. A mesma presencia da Autoestrada do Atlántico e a probable mellora das comunicacións ferroviarias, coa inclusión dos trens de velocidade alta, fai preve-la formación dun continuo urbano entre Santiago e A Coruña que afectará a unha parte importante dos municipios da comarca.



En calquera caso, cabe subliñar que a zona de Ordes é unha das fornecedoras de man obra para o sector da construcción e dunha pequena industria auxiliar do mesmo, caso das carpinterías de aluminio ou madeira, ou de distintos materiais utilizados nas obras, desde bloques ata ferraxe. ¶

A poboación descende e concéntrase

En dúas palabras poderíase dicir que a poboación da Comarca de Ordes nos últimos anos descende e concéntrase en torno á vila que lle dá nome á zona, un proceso semellante ó que se da na maioría doutras áreas do territorio galego. A comezos deste século a zona rexistraba 34.576 habitantes, e desde esa data inicia un crecemento demográfico sostido ata o censo de 1960 en que acada a cifra de case 53.000 persoas. Nos anos sesenta a emigración cobra forza, co que o número de habitantes empeza a descender, ata o punto de que o padrón de 1970 xa anota case 7.000 persoas menos. Nos vinte anos seguintes o ritmo de caída redúcese, non obstante en 1991 rexistra 41.828 persoas. En trinta anos, a Comarca de Ordes perde 11.121 habitantes.

No que fai referencia ó municipio de Ordes, este ten un comportamento semellante ó da zona nos seis primeiros decenios, de modo que en 1900 tiña 7.260 habitantes e en 1960, 11.770. Nos anos sesenta perde poboación e en 1970 rexistra 9.855 persoas, sen embargo a mediados da década dos setenta inicia o camiño da recuperación demográfica, e no censo de 1981 xa reborda os 11.000 habitantes, tendencia que continúa nos anos seguintes ata 1991, en que a cifra é de 11.693 persoas. Nos anos oitenta, tamén os municipios de Oroso, que pasa de 3.612 a 3.761 habitantes, e Tordoia, que vai de 5.267 a 5.350, aumentan as súas respectivas poboacións.

En canto á estructura de poboación por sexos, a comarca rexistra nos últimos anos un maior descenso do número de mulleres que de homes, pese a que aquelas seguen sendo máis que estes. En 1986, tiña 25.008 mulleres e 23.989 homes e cinco anos máis tarde a distribución era de 22.065 homes e 22.930 mulleres, dando lugar a un pequeno aumento da taxa de masculinidade, do 95,9 ó 96,2.



Crecemento vexetativo

No período 1981 a 1991 a taxa de natalidade descende desde o 11,4 ata o 8,1, mentres a taxa de mortalidade permanece fixa no 9,5. A consecuencia disto o crecemento vexetativo pasa dun valor positivo do 1,9 a un valor negativo do -1,4. En 1991, a taxa de natalidade máis alta da comarca tena o municipio de Oroso con cerca dun 11 e a máis baixa Cerceda cun 5 por mil. Nesa mesma data, a taxa máis alta de mortalidade tena Mesia, 11,2, seguida de Trazo (10,4) e Val do Dubra (10,7). O resultado é que salvo Oroso (1,7), Frades (0,3) e Ordes (0,2), o resto dos muncipios rexistran un crecemento vexetativo negativo: Val do Dubra (-3,6), Cerceda (-3,4), Mesía (-3,2), Tordoia (-2,1) e Trazo (-1,3). ¶







Cae o peso do sector agrario na economía

A década dos anos oitenta rexistra unha caída de 18 puntos na poboación ocupada no sector agrario da Comarca de Ordes, que pasa do 60 por cento ó 42 %. Paralelamente aumenta a importancia do resto dos sectores productivos. Así os ocupados na industria pasan do 9,5 ó 13 por cento, a poboación ocupada na construcción crece desde o 11 ata o 17 por cento e a dos servicios aumenta do 20 ó 28 por cento.

Cerceda. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no campo perde 24 puntos e sitúase no 35 por cento, sendo os servicios os que experimentan un maior crecemento do número de ocupados para acadar tamén un 35 % do total.

Frades. O municipio perde 31 puntos de poboación ocupada no sector primario na década dos oitenta e queda no 55 %. A poboación ocupada na construcción crece 11 puntos e no sector servicios pasa do 9 ó 21 por cento.

Mesía. Os 24 puntos que cae a poboación ocupada no sector primario gáñanos case a partes iguais a industria, a construcción e mailos servicios.

Ordes. Na década dos oitenta confirmouse a caída en picado do sector primario, do 47 ó 27 por cento dos ocupados. A industria e a construcción sitúanse en torno ó 20 por cento, e os servicios nun 33 %.

Oroso. De 1981 a 1991, o sector primario pasa do 50 ó 25 % da poboación ocupada. Os servicios sitúanse no 34 por cento, a industria no 21 e a construcción no 20 por cento.

Tordoia. Contra todo prognóstico incrementa a poboación ocupada no sector agrario, e pasa do 53 por cento ó 56 por cento. Pola contra descenden os ocupados no sector servicios.

Trazo. De 1981 a 1991 a poboación ocupada no sector agrario pasou do 74 ó 57 por cento. Nese período aumentan os ocupados nos outros sectores, sobre todo nos servicios e na construcción.

Val do Dubra. A agricultura acusa un descenso da súa poboación ocupada de 1981 a 1991, ó pasar do 55 ó 42 por cento. Tamén descende a industria, e dispárase a construcción que pasa dunha poboación ocupada 8 ó 22 por cento. ¶



Ordes, placidez esmeralda

A Comarca de Ordes distinguese polo seu, en xeral, plácido relevo e polo verde das súas extensas praderías, salpicadas de fermosas masas boscosas e non menos interesantes ribeiras como a do río Dubra, enclave de interese ecolóxico, e do río Tambre, o antigo río Tamara dos textos clásicos. Precisamente, na beira do Tambre, moi preto de Oroso existe unha engaiolante área recreativa nunha pequena insua que é coñecida como 'O Refuxio'.

O lugar é idóneo para o descanso, escoitando só o leve son das augas.

Non lonxe deste lugar consérvase a interesante igrexa da Gándara. A comarca non é excesivamente abondosa en monumentos pero cada un deles ten un encanto que o fai especial.

O máis antigo e suxerente é, sen dúbida a 'Casa da Moura' o dolmen de Cabaleiros, anta megalítica moi ben conservada no Concello de Tordoia.

Case igual de inquedante resulta a derruída torre da Pobra de Mesa, en torno á que abundan as lendas de pasadizos secretos e tesouros nunca atopados. Tamén no Concello de Mesa quedan restos do paso do Camiño Inglés de peregrinación a Santiago.

En Bruma sobreviven restos dun antigo hospicio para peregrinos e maila capela de San Lourenzo. Esta vía foi moi utilizada durante a auxe das peregrinacións polos devotos que chegaban ó porto da Coruña, principalmente dende o norte de Europa e especialmente desde as Illas Británicas.

Da época románica quedan algúns fermosos exemplos polos distintos concellos; nas Encrobas, en Cerceda, en Benza ou Campo, en Trazo, na igrexa de Pramos, no val do Dubra, en Poulo ou en Buscás, Ordes. Tamén nestas terras se pode aprecia-lo esplendor das antigas casas nobres e pazos como os de Galegos, Vilacoba, Viduedo, o Peñasco... que se distinguen polo xeral por unha espléndida arquitectura.

Cunha ben ponderada mestura de monumentos e paraxes de interese, as areas recreativas arriba citadas ou as de Pontecarreira ou Chaian, a comarca dispón dunha serie de reclamos capaces de atraer a aqueles visitantes que aparecen os encantos dunha terra fermosa e tranquila. ❦

Centro da vila

J.S


COMARCA
DE ORDES
SITGA
CULLEREDO
LARACHA
CARBALLO
Carballo
CARRAL
ABEGONDO
OZA DOS RÍOS
Meiraima
As Encrobas
Cerceda
Sta. Mª de Ordes
A Silva
Rodís
CERCEDA
CORISTANCO
Mesón do Vento
Bruma
CESURAS
Visantoña
CURTIS
Pazo de Vidueiro
ORDES
Mesía
Puebla
Bascoi
MESÍA
Dolmen de Cabaleiros
Pontepedra
Pedón da Cruz
▲508
TORDOIA
Buscas
Sta. Mª de las Parradas
Ordes
Poulo
Xanceda
Castro
VILASANTAR
Pazo de Vilacoba
Pazo e Igrexa de Galegos
FRADES
San Mauro
SANTA COMBA
Val do Dubra
(Bembibre)
Dolmen de Medorra
Viaño Pequeno
Trazo
Ponte Carreira
Buxán
Benza
Campo
VAL DO DUBRA
TRAZO
Gafoi
BOIMORTO
Páramos
Oroso
OROSO
Ribeiras do Dubra
Senra
Gándara
Portomouro
Chaián
Sigüeiro
O PINO
AMES
SANTIAGO
2.000 m
0
2
4
6
8 Km
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Diputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Camiño de Santiago
Sede da Fundación Comarcal
Cruceiro
Igrexa
Ermida
Castelo
Pazo
Dolmen
Ponte
Hospital de pelegrins
Espacio natural
Área recreativa
Escalada
Parapente
Sendeirismo

Futuro da comarca

UNHA vantaxe importante que ten a comarca é a sua posición relativa entre A Coruña e Santiago e a proximidade dos dous aeroportos, o que lle proporciona unha elevada accesibilidade. Ó mesmo tempo, obsérvase unha crecente tendencia da poboación a concentrase arredor da estrada, producindo un proceso de polarización económica e poboacional e conformado un eixe de desenvolvemento comarcal. As perspectivas de futuro están configuradas polos obxectivos contidos no Plan de Desenvolvemento da Comarca de Ordes.

Gracias ás súas boas condicións edafoclimáticas, os solos teñen unha gran capacidade productiva, o que, unido á proximidade a importantes mercados urbanos, lle proporciona á comarca unha importante vantaxe, que se debe ter en conta á hora de deseñar límites de actuación, potenciando principalmente a gandería, xa moi evolucionada no sector oriental, actividade hortofrutícola e cultivos especializados. Por outra banda, estanse a levar a cabo novas concentracións parcelarias que levarán a unha maior racionalización dos recursos agrarios.

O sector industrial tamén ten posibilidades, debido á xa citada accesibilidade que posúe a comarca, polo que parece necesario fomentar esta actividade mediante unha oferta de solo de calidade que complemente o potencial da comarca. Actualmente está en cosntrucción o polígono empresarial de Ordes.



Santa María de Ordes J.S

O sector téxtil é de enorme importancia para a comarca, tanto pola súa facturación como polo número de empresas. Neste sentido, a Fundación para o Desenvolvemento da Comarca dedícase, entre outras actividades, á promoción desta actividade, con asociacións, formación e creación de novas empresas.

No aspecto cultural cabe destaca-la atracción que pode supoñer a adecuación do Camiño Inglés, que podería ser soporte para actividades de ocio. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

28

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Outubro do 1996

Bergantiños

Torres de Mens, en Malpica

José Salgado

Comarca de Bergantiños

A Comarca de Bergantiños é unha das mellor definidas de Galicia. Ten unha extensión de 739,28 km2 e está formada polos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso. Trátase dunha comarca natural, con límites ben precisos, que contribuíron ó mantemento da súa individualidade. Por outra banda, a comarca coincide co partido xudicial formado en 1834. O territorio comarcal ábrese ó Océano Atlántico pola súa fronte setentrional. Ó sur aparece o rebordo meseteño do bloque do Xallas e ó leste, os montes de Santa Leocadia separan Bergantiños da Comarca Metropolitana da Coruña. Cara ó oeste, a delimitación é menos acentuada, e consiste nunha área de relevo moi compartimentada, que forma a divisoria de augas entre a conca do río Anllóns e a do río Grande. Existen dentro deste territorio tres grandes estructuras morfolóxicas, que condicionan o poboamento e as actividades productivas. A primeira delas é o rebordo montañoso meridional, cunha economía dependente da gandería e da explotación forestal. A segunda é a parte central, correspondente á conca do río Anllóns, que percorre a comarca de leste a oeste. É máis fértil, e nese amplo val aséntase gran parte da poboación e as súas actividades principais son a agricultura e a industria, concentrada principalmente no maior núcleo de poboación da comarca: Carballo, onde tamén confluén as principais vías de comunicación.



Por último, o litoral, separado do val de Anllóns por relevos de escasa altitude. Presenta variados contrastes: areais abertos ó mar, pequenas rías e cantís rochosos. A poboación aséntase preferentemente nas escotaduras e nos abrigos da costa, onde están os portos de Laxe, Corme, Malpica e Caión, a actividade pesqueira é moi importante, así como o turismo.

Dende o punto de vista climático, a comarca ten boas condicións para a agricultura, dada a súa proximidade ó mar e a escasa altitude, que se afasta do perigo de xeadas, o que permite unha ampla gama de cultivos. As temperaturas medias van dende os 13ºC das zonas costeiras ós 12ºC do interior, cunha amplitude térmica moderada, dada a suavidade das temperaturas ó longo do ano. As precipitacións son claramente oceánicas, chegando ós 1.600 mm no interior da comarca.

En canto a recursos humanos, Bergantiños configúrase como unha das de maior volume demográfico, con 74.395 habitantes de dereito (1995). Pese a todo, a tendencia demográfica xeral é regresiva, pero como existe un proceso de concentración, os principais núcleos de poboación están experimentando un forte crecemento, como é o caso de Carballo, Laracha, Coristanco, Malpica e Ponteceso.

Esta poboación está situada principalmente arredor da estrada A Coruña - Fisterra, que se configura como o principal eixo de crecemento demográfico e económico. ❦

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ❦

Terra de ondas e de olas, terra de pan e cebolas

Cerámica tradicional de Buño J.S

Pese ó crecente proceso de terciarización da súa economía, Bergantiños segue a ter unha base agraria e pesqueira notable, coas lóxicas modificacións que sufriron os procesos productivos por mor da mecanización e da incorporación de novas tecnoloxías. Así daquela base cerealística que lle deu boa sona ó pan de Carballo ou a cualifica-la comarca de *terra farta* ou de *graneiro bergatiñán* pasouse a un claro predominio das explotacións leiteiras e, en menor medida, cárnicas. Tamén mudaron a orientación hortofrutícola da zona en detrimento dos allos e mais das cebolas das áreas costeiras da comarca. No que fai referencia á pesca, é de destaca-la importancia da flota en portos como Malpica, Laxe e Corme e distintas fábricas de conservas que, nalgún caso concreto, evolucionaron ata converterse nunhas auténticas industrias alimentarias.

Peixes como o abaxedo, a pescada e maila pescada pequena, o ollomol, xurelo e sardiña conforman as capturas dos barcos da zona, sen esquecer prezados mariscos como os percebes do Roncudo, ou tamén as angulas de Ponteceso. Tanta fartura de peixes e mariscos é canalizada por unha completa rede de intermediarios cara ás cidades da Coruña, Madrid e Barcelona. En canto á minería, Bergantiños ten xacementos de estaño, xa explotados polos romanos; de volframio, que tiveron o seu gran apoxeo na Segunda Guerra Mundial; de caolín, do que o xacemento máis primitivo se atopa na praia Laxe, vila na que está situado o Instituto Xeolóxico, promovido no seu día por Isidro Parga Pondal; de cuarzo aurífero, explotado por unha compañía inglesa a principios do século XX. E tampouco se pode esquece-la arxila de Buño e Laracha que deu nacemento á industria artesá dos *oleiros*, coa producción dunha serie de obxectos de cociña e artísticos que gozan xa dun extenso mercado fóra das fronteiras galegas.

Por último, hai que subliña-la existencia de augas mineiro-medicinais en varios puntos da comarca. De feito, Carballo ten tradición de Casa de Baños desde mediados do século XIX. ❦

A poboación de Carballo crece desde o 1900

Dentro da Comarca de Bergantiños, o municipio de Carballo é o único no que a súa poboación crece ininterrompedamente desde o ano 1900, o que axuda a amortece-la perda de poboación que sofren o resto dos concellos, sobre todo a partir dos anos sesenta. A principios do século XX, a comarca anotaba 48.056 almas, e desde esa data de referencia a poboación crece década a década ata acada-lo seu mellor rexistro con censo de 1960 con 71.244 persoas. Nos vinte anos seguintes, Bergantiños conseguirá manterse lixeiramente por debaixo dos 71.000 habitantes, e do ano 1981 a 1991 caerá a pouco máis de 67.000 persoas.

Como xa adiantabamos ó principio, Carballo crece durante o que vai deste século: no ano 1900 rexistra 13.032 habitantes, cincuenta anos despois a cifra é de 20.965 persoas e en 1991, 24.898. É dicir, os movementos migratorios cara ó exterior, que si os hai, son compensados polo proceso de concentración interna da poboación da zona na capital de Bergantiños.

A principios de século, Cabana anotaba 4.727 habitantes, e a cifra vai en aumento ata o censo de 1970, no que rexistra 6.850, e nas dúas décadas seguintes empeza a perder poboación ata os 5.593 habitantes de 1991. Coristanto é capaz de manter un crecemento uniforme da poboación ata o ano 1981, en que acada 10.187 persoas, que se quebra nos anos oitenta e dá como resultado 8.388 habitantes en 1991. Laracha, o segundo municipio da comarca, en canto a número de habitantes, acada o seu mellor resultado en 1960 con 12.708 persoas, data a partir da cal comeza a perder poboación ata os 10.119 de 1991. Laxe, o municipio menos poboado de Bergantiños, mantense con moi pequenas oscilacións en torno ós 3.500 habitantes durante todo o que vai deste século. A poboación de Malpica crece desde o ano 1900 ata o 1970, en que anota 8.108 habitantes, e perde algo de peso demográfico nas dúas décadas seguintes, cun censo de 7.434 habitantes en 1991. Ponteceso aumenta a súa poboación entre o anos 1900 e 1940, nos que pasa de 6.987 a 9.780 habitantes, para logo empezar a perdelos ata chegar ós 7.382 de 1991.

En canto á estructura por sexos, a comarca rexistraba 38.897 homes en 1996 e 35.538 en 1991, para ese mesmo período de tempo o número de mulleres pasa de 38.760 a 36.105. Entre 1986 e 1981 a taxa de masculinidade decrece, e pasa do 100,4 ó 98,4. A taxa de natalidade cae do 12,7 ó 8,7, mentres que a taxa da mortalidade sobe do 8,7 ó 9,3. A consecuencia é que o crecemento vexetativo pasa do 4,0 por mil ó -0,6 por mil.❦





SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



O forte peso da construcción na economía

Dentro da estructura productiva da Comarca de Bergantiños chama a atención o peso que ten a construcción, pois de feito un de cada 100 ocupados pertencen a este sector. Constátase tamén unha estimable redución do sector primario e un afianzamento dos servicios.

De 1981 a 1991 a poboación ocupada na agricultura e na pesca pasa do 46 por cento ó 28 %. Para ese mesmo período, os ocupados na industria pasan do 12 ó 16 por cento; na construcción do 17 ó 25 por cento e nos servicios do 26 ó 31 %.

Cabana. A perda de poboación ocupada no sector primario nos anos oitenta, cae do 36 ó 29 %, é compensadas en gran medida pola construcción que pasa do 22 ó 28 por cento.

Carballo. A forte reducción do sector agrario, pasa do 29 ó 14 por cento da poboación ocupada, compénsase co crecemento dos ocupados na industria (do 16 ó 20 %), na construcción (do 20 ó 27 %) e nos servicios (do 35 ó 38 por cento).

Coristanco. A caída espectacular que sofre o sector agrario, pasa en dez anos do 79 ó 34 por cento dos ocupados, é compensada coa forte suba que experimentan a construcción (crece do 8 ó 29 %) e os servicios (pasa do 8 ó 24 por cento).

Laxe. Mantén a súa economía pesqueira mestura con faenas agrícolas (48 por cento da poboación ocupada), a penas crece no sector servicios e perde ocupados na construcción.

Laracha. A perda de ocupados no campo (cae do 36 ó 27 por cento) é compensada co crecemento dos outros sectores en termos semellantes.

Malpica. A súa vocación pesqueira permanece intacta, e a porcentaxe de ocupados no sector primario segue estando por riba do 40 por cento. Só a construcción aumenta, ó pasar do 11 ó 17 por cento dos ocupados.

Ponteceso. A poboación ocupada no sector primario pasa do 54 por cento en 1981 ó 42 % en 1991. Na industria o número de ocupados crece lixeiramente, do 8 ó 12 por cento. Na construcción pasa do 11 por cento ó 16 %. E nos servicios, o número de ocupados aumenta desde o 28 ó 31 por cento.❡

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



O que primeiro chama a atención do visitante a esta comarca é a fertilidade dos seus eidos e a paisaxe que se abre, en moitos vales nos que crece o millo, directamente ó mar. Nun percorrido pola costa (onde principia a case mítica Costa da Morte) o forasteiro desfrutará dunha axeitada mestura de natureza e arte, de beleza salvaxe e de sabor popular.

Terras abertas ó Océano

POLO leste, no Concello de Laracha, atópase a singular vila de Caión, noutro tempo porto baleiro, con algúns interesantes edificios antigos e situado nun pequeno saínte cara ó mar. A carón da vila esténdese a súa fermosa praia, moi concorrida no verán e, desde o alto, domina toda a perspectiva a ermida barroca dos Milagres, onde se celebra desde tempos inmemoriais, unha concorrida romaría.

Costeando, algo máis cara ó occidente e coas illas Sisargas xa á vista, ante os ollos do visitante ábrese o extenso areal de Baldaio, coa súa marisma e lagoa, importante espacio natural no que pasan a invernía diversas especies de aves. No final de Baldaio atópase a praia de Razo, lugar axeitado para a práctica do surf e mais do parapente. Costa adiante, ata Malpica a penas existe outra cousa que rochedos e litoral inhóspito pero dunha beleza moi especial. Malpica foi tamén, ó abrigo das Sisargas, un importante porto baleiro e ten no seu cabo San Adrián (coa ermida homónima) e nas citadas Sisargas os lugares de máis interese. Non lonxe, a fortaleza das torres de Mens, o centro oleiro de Buño e o dolmen da Pedra da Arca, en Cerqueda, agardan a visita dos viaxeiros inquedos. Cara a Ponteceso, a Costa da Morte mostra xa boa parte da súa lenda nas cruces que recordan, na punta do Roncudo, os que morreron na diaria loita contra o mar para procurarse o sustento. De aquí en diante, os baxos e cantóns da costa son as testemuñas de moitos naufraxios acaecidos ó longo do tempo. Con todo a zona presenta lugares máis apacibles e bucólicos, como a Enseada da Insa e a vila de Ponteceso, onde se conserva a casa natalicia do bardo Pondal a carón das augas mansas do Anllóns. Tamén no concello hai lugares dedicados á espiritualidade, aínda que ás veces de distinto signo, como a ermida do Monte Faro ou a Pedra da Serpe de Gundimil, claro exemplo da cristianización dun culto máis antigo. Por último, no Concello de Laxe hai que salienta-la lagoa e areal da Traba, moi preto da igrexa románica de Santiago de Traba e dos estraños 'penedos da Traba'. En canto á vila de Laxe, ten algunhas edificacións notables, coma a 'Casa do Arco', que ten un gran arco gótico e a igrexa de Sta. María de Atalaia. Laxe ten tamén sona pola súa fermosísima praia, unha das varias da zona, moi concorrida no verán.

Sen embargo, no interior da comarca, agáchanse lugares con moito encanto e monumentos de interese: O Mosteiro de Soandres, o dolmen de Aldemunde, Serras como a de Montemaior, igrexas (Cores), casas nobres (Pazo de Leis –Torre de Nogueira, Pazo de Vilardefrancos, etc.).

Desfruta-la comarca e coñecela a fondo non é unha tarefa de dous días. Por iso ben será lembrar que na proximidade da vila de Carballo se atopa o 'Pazo do Souto', establecemento de turismo rural. Existe tamén outro en Buño, o que lle permitirá ó visitante desfrutar dun xeito diferente da Comarca de Bergantiños. ¶

Casa de Pondal en Ponteceso J.S

COMARCA
DE BERGANTIÑOS
Desenvolvemento Comarcal
Illas Sisargas
Illa Sisarga Grande
Illa Malante
Illa Sisarga Chica
Cabo de San Adrián
Punta Langosteira
Cabo Cociñadoiro
A CORUÑA
Enseada de Becha
Encoro de Meicende
Ens. e Porto de Barizo
Punta Cherpa
Ermida de S. Adrián
Malpica
Punta de Achán
Punta de Nariga
Punta do Boi
Punta Lapachán
Praia de Razo
Praia de Baladaio
Punta das Olas
Caión
Praia de Barrañán
Punta Mortaza
Ermidas dos Milagros
Encoro de Rosadoiro
Enseada da Barda
MALPICA DE BERGANTIÑOS
Punta Eiras
Torre de Mens
Pedra da Arca
Igrexa de Mens
Igrexa de Cores
Razo
Miradoiro de Sta. Irene
ARTEIXO
Punta Roncudo
Corme
Illa a Ínsua
Illa da Estrela
Pedra da Serpe
Buño
CULLEREDO
Ría de Corme y Laxe
PONTECESO
Cances
Laracha
Lestón
Praia de Laxe
Ponteceso
Illa Tiñosa
Casa de Eduardo Pondal
Cabo de Laxe
Igrexa de Sta Mª da Atalaia
Meaño
LARACHA
Río Acheiro
Serra Montemaior
Mosteiro de Xoandres
Punta Catasol
Laxe
Carballa
Río de Baldaio
Refuxio de Verdes
Río Anllóns
Pazo do Souto
Carballo
Casa do Arco
Pazo de Leis
Praia de Traba
LAXE
Boaño
Castro de Borneiro
Río de Baldaio
San Roque
Ponte de Lubiáns
Río Bardaxoi
Laguna de Traba
Igrexa de Traba
Dolmen de Dombate
Río Cundíns
Río Calvar
Río de Calvelo
Penedos da Traba
CABANA DE BERGANTIÑOS
Torre da Penela
CARBALLO
Río Vao
Agualada
Río Grande
CORISTANCO
Cascada de Entrecruces
Torre de Nogueira
Río de Zas
Río de Mira
ZAS
Río Mra
SANTA COMBA
Autoestrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Pavillón Comarcal
Espacio natural
Cascada
Praia
Desembocadura
Surf
Porto
Faro
Pobo típico
Área recreativa
Miradoiro
Refuxio
Parapente
Dolmen
Penedos
Castro
Torre
Ermida
Igrexa
Mosteiro
Pazo
Aldea típica
Ponte
Casa de turismo rural
Oleiros

O futuro

NO Plan de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños sinálanse os principais recursos estratéxicos e vantaxes deste territorio que son, entre outros, a pesca, a madeira e a agricultura. Unha vantaxe comparativa da comarca, ligada á súa elevada accesibilidade á capital provincial, é que tende a recibi-la expansión da industria da área metropolitana da Coruña, o que, sen dúbida, favorecerá a localización de novas actividades económicas.

OUTRA cuestión son as grandes posibilidades que ofrece o sector primario. A pesca é un recurso importante e destaca Malpica de Bergantiños como o principal porto pesqueiro da comarca. O potencial agrícola que ofrecen os vales litorais e do río Anllóns é axeitado para a producción forestal e agraria especializada, orientada ós mercados urbanos próximos.

O potencial turístico de Bergantiños perfílase como outro recurso para o seu desenvolvemento, e baséase nun litoral de gran beleza e un interesante patrimonio histórico e arqueolóxico. Neste sentido, hai que sinalar que importantes espacios naturáis e reservas ecolóxicas sufriron deterioracións, se ben aínda poden ser recuperados. A isto hai que engadir unha escasa calidade urbanística, causada por un crecemento desordenado dos núcleos. ❦



Porto de Malpica J.S

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

29

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Novembro do 1996

A Coruña

Fondeadoiro da Marina

José Salgado

A metrópole da Coruña

A expansión da área urbana da Coruña produciu nos últimos tempos un efecto de difusión que xerou un fenómeno de urbanización periférica e mais de descentralización das actividades económicas, configurando unha área metropolitana. Esta comarca metropolitana é, en todo o seu conxunto, a área que maior dinamismo demográfico e económico amosou nos últimos anos, gracias fundamentalmente á súa diversificación funcional e á súa importancia como centro terciario.

A comarca ten unha superficie 385,81 km2 e unha poboación de 329.881 habitantes (censo de 1991), dos cales, case o 75 por cento viven na capital, o que a converte na maior entidade de poboación de Galicia. Forman a comarca metropolitana a propia cidade da Coruña e os concellos de Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. Estes concellos reciben a expansión urbana da Coruña, e polo seu nivel demográfico e desenvolvemento económico, foron incrementando paulatinamente os seus niveis dotacionais e converténdose en subáreas funcionais, con elevados fluxos de todo tipo co centro de gravidade, que é A Coruña, a influencia da que transcende con moito o seu propio ámbito comarcal, xa que estamos falando dunha metrópole de carácter rexional, con perfil propio e cada vez máis vinculada ó sistema productivo galego.

Se ben é o proceso de urbanización o que define o espacio metropolitano, no territorio desta comarca tamén se pode falar de certa unidade natural. En efecto, a comarca está formada por un conxunto de terras baixas, constituídas por unha serie de pequenos vales e interfluvios situados ó pé dos rebordos montañosos que rodean o val do río Mero e a Ría da Coruña, na que desemboca. O clima da comarca é de tipo oceánico na práctica totalidade do territorio, debido a que a disposición en anfiteatro das terras, permite que a influencia marítima chegue a tódalas partes.

Tamén a disposición do relevo e maila súa situación con respecto ós centros de acción atmosférica, explican a existencia dun microclima, que se caracteriza, fundamentalmente, pola suavidade das temperaturas, a relativa baixa pluviosidade invernal e a elevada frecuencia de días de vento, sendo esta unha característica da cidade da Coruña. ❦

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez❦

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ❦

Unha das grandes zonas comerciais de Galicia



Palacio de Congresos J.S

A comarca da Coruña é unha das grandes zonas comerciais de Galicia, na que o comercio pequeno moi especializado se combina coa oferta masiva das grandes superficies. Igualmente, é centro de servicios financeiros da comunidade galega. E, se ben nos últimos tempos foise reducindo os seu tecido industrial, a consecuencia de distintas reconversións, aínda conserva unha industria importante, sobre todo no caso de refinado de hidrocarburos. De cara ó futuro, o turismo aparece como unha das opcións con maior capacidade de desenvolvemento económico.

Pero, sen dúbida, a historia da cidade da Coruña está firmemente vencellada co seu porto. O chamado *Magnus Portus Artabrorum,* cunhas condicións excelentes para resgarda-los barcos dos ventos dominantes e cun calado que permite o atraque de grandes trasatlánticos. A pesca sempre foi unha das actividades da cidade herculina, sufrindo modificacións importantes na súa dimensión e na súa estructura. Así, pasou dunha pesca de baixura a unha pesca de grande altura, sobre todo da pesca de bacallao en Terranova. A flota pesqueira coruñesa despregouse polo Norte nos bancos e caladoiros do Gran Sol, Dogger, Bank, Hérbridas; e, polo Sur, pasou a Canarias e logo máis abaixo ata Sudáfrica. Asemade, a introducción de novas tecnoloxías pesqueiras, como a producción de frío, unida ó descubrimento de novos caladorios dá lugar a unha nova fase coa aparición dos buques factoría e dos arrastreiros, que surcan os mares dos cinco continentes.



O tráfico de pasaxeiros tivo tamén unha especial importancia na Coruña. O feito é que no primeiro decenio deste século embarcaron no porto preto de 265.000 persoas. Evidentemente, o tráfico marítimo de pasaxeiros estivo vececellado ás oscilacións dos movementos migratorios cara a Lationamérica.

E no caso do tráfico de mercadorías, a expansión principia a partir dos anos sesenta, en que tamén pasa a ser un porto de productos petrolíferos coa instalación da refinería. ¶

A poboación da comarca triplicouse

No que vai deste século a poboación da área metropolitana da Coruña triplicouse, ó pasar de 101.953 habitantes no censo de 1900 a 336.179 en 1991. O certo é que a comarca crece ininterrompidamente en tódolos decenios deste século, se ben o ritmo foi maior nas décadas dos anos trinta, cincuenta e, sobre todo, setenta. De 1930 a 1940, o número de habitantes pasa de 128.727 a 162.187; de 1950 a 1960 a poboación crece desde 191.043 ata 233.246; e entre os anos 1970 e 1981 pasa de 246.705 a 303.893 persoas.

Evidetemente, a cidade da Coruña xoga un papel determinante na configuración demográfica da comarca. De 1900 a 1991, a capital quintuplica a súa poboación e pasa de 53.615 a 252.694 persoas, pero se a principios de século tiña algo máis da metade da poboación da comarca, noventa anos despois representa o 75 por cento do total da mesma. Para as mesmas datas de referencias Arteixo pasou de 9.629 a 17.934 persoas; Bergondo de 5.869 a 5.443, sendo o único municipo da zona que ten agora menos habitantes ca ó iniciarse o século; Cambre de 6.722 a 12.383; Carral de 5.082 a 5.206; Culleredo de 7.495 a 14.602; Oleiros de 6.972 a 18.727 e Sada de 6.569 a 9.190.

Na estructura de poboación por sexos, a área metropolitana segue tendo maior número de mulleres ca de homes. De 1986 a 1991, o número de mulleres subiu de 165.875 a 173.432, mentres que o de homes pasou de 150.195 a 156.449. O feito é que de 1986 a 1995 a taxa de masculinidade a penas variou e permanece en torno ó 90 por cento. No caso da Coruña, o número de homes medran desde 112.553 en 1986 a 115.929 en 1991, e no caso das mulleres a cifra pasou de 126.599 a 131.024. A cidada herculina ten a taxa máis baixa de masculinidade da comarca, 88,5 por cento. A taxa de masculinidade máis alta da zona correspóndelle a Arteixo con case 101 por cento, é dicir, ten máis homes (9.003) ca mulleres (8.928).

Entre 1981 e 1991, a área metropolitana sofre unha caída da súa taxa de natalidade, do 11,4 ó 8,5, e, sen embargo, aumenta algo a taxa de mortaldade, do 8 ó 8,4. Isto fai que neses anos o crecemento vexetativo caia do 3,4 ó 0,2. Na Coruña, a taxa de natalidade descende do 11,4 ó 8,4 e a taxa de mortaldade crece do 7,7 ó 8,1. O crecemento vexetativo cae desde o 3,7 ata o 0,3. A comarca ten 88.496 mulleres comprendidas entre 15 e 49 anos e o número de nacidos en 1991 foi de 2.583, polo que a taxa de fecundidade é do 29,19. No caso da Coruña esta taxa é do 26,74. Arteixo ten a máis alta da zona, 43,25. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



Forte peso do sector terciario na economía

A área metropolitana da Coruña ten un forte peso do sector terciario na súa economía. En 1981, 59 de cada cen ocupados estaban no sector servicios e dez anos despois a proporción é de 63 de cada 100 ocupados. Pese a que nalgunha zonas aínda ten algún peso relativo, o sector primario só acolle 5 de cada 100 ocupados. Hai tamén un descenso da poboación ocupada no sector industrial, que baixa do 24 ó 21 por cento. Pola contra, na construcción crece algo, do 10 a case o 11 por cento.

A Coruña. De 1981 a 1991 a poboación ocupada no sector primario crece do 3 a case o 4 por cento. Na industria a poboación ocupada cae do 24 ó 20 por cento. A construcción permanece nun 8 por cento e o sector servicios pasa a ter 68 de cada 100 ocupados.

Arteixo. Na década dos oitenta descende o número de ocupados e sitúase no 9%, a industria segue ocupando o 29 por cento do total. A construcción cae do 28 ó 23 por cento. E o sector terciario dá un salto e pasa do 29 ó 40 por cento.

Bergondo. En 1981 tiña unha poboación ocupada no sector terciario do 27 por cento e en 1991 do 22. Nese mesmo período aumenta o número de ocupados na industria, que pasa do 19 ó 22%. A poboación ocupada na construcción (18 por cento) e nos servicios (37%) a penas varía.

Cambre. A poboación ocupada no campo é do 8 por cento. Na industria pasou do 28 ó 26 por cento. Na construcción rolda o 17%. E nos servicios pasou do 43 ó 49 por cento.

Carral. O número de ocupados no campos caeu en picado de 1981 a 1991, e pasou do 42 ó 19 por cento. Os servicios aumentaron do 25 ó 39 por cento.

Culleredo. O poboación ocupada no campo é do 5%; do 25% na industria; o 18 por cento na construcción e o 51 no sector no terciario.

Oleiros. Case 57 de cada ocupados están no sector servicios. Na industria o 20% e o resto entre o sector primario e a construcción.

Sada. Os 15 puntos que perde o sector primario, baixa do 30 ó 14%, van parar ó sector servicios, que pasa de ter o 35 a te-lo 49 por cento do total de ocupados. ❦

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Cando Xulio César desembarcou no norte da indómita Hispania escolleu o Magnus Portus Artabrorum, o gran porto do ártabros, xentilidade prerromana que habitaba daquela na zona coruñesa. O militar latino sen dúbida apreciou as inmellorables condicións de todo o golfo coruñés para un atraque seguro. Esas mesmas condicións motivaron tamén que na época flavia se construíse (ou segundo algúns) o faro coñecido hoxe como Torre de Hércules, o máis antigo, con moito, dos que funcionan en todo o mundo.

O gran porto dos Ártabros

ESTE monumento, o máis visitado da cidade, simboliza para algúns a singularidade do carácter coruñés dentro do contexto galego, o talante liberal, cosmopolita e europeo da urbe, desde que era vila de realengo. Xunto cunha zona vella de innegable regusto medieval, (na que os visitantes atoparán xoias do románico ou o gótico como a igrexa de Santiago e a Colexiata) A Coruña, no seu posterior ensanche pola Pescadería chegou a ter, a primeiros de século, un notable conxunto de edificios modernistas dos que a cidade se enorgullece. O primeiro entre todos, o Pazo Municipal, que domina a praza de María Pita e foi construído no emprazamento dun antigo baluarte defensivo. Moi preto, a Porta Real, pola que un sae ó peirao e principia un agradable paseo fronte ás fermosas casas con galerías da avenida da Mariña, nas que se reflecten as quedas augas da baía.

Desde alí hai moitas opcións nunha cidade sempre disposta ó entretemento e á cultura: o castelo de Santo Antón, que alberga o Museo Histórico e Arqueolóxico, a Domus, ou Casa do Home, un museo interactivo e vangardista, a Casa das Ciencias e o Planetario. A longa lista vaise completando tamén coas múltiples actuacións que teñen lugar ó longo do ano no Pazo de Congresos, no Coliseum, no Forum Metropolitano ou no teatro Rosalía de Castro. E aínda quedarán moitas máis cousas, desde unha exposición de arte a un viño con tapa nalgunha rúa típica, unha volta polo novísimo Paseo marítimo ou un baño nas frescas augas do océano, que cingue a cidade case por tódolos lados.

Ese mar amable bate tamén nas moitas praias das que pode desfrutarse na costa desta comarca. Desde as de Riazor e mailo Orzán, pasando por Santa Cristina, Bastiagueiro, Santa Cruz, co seu castelo, Mera, Lorbé ou Sada, cara ó leste. Cara ó poñente onde o mar é máis bravo, atópanse os areais de Valcovo, Bens ou Barrañán, onde existe unha praia dedicada ós amantes do naturismo. No interior, un lugar moi visitado polos afeccionados ós deportes na natureza é o Monte Xalo, na unión de Carral e Culleredo. Alí nos días de bo tempo é doado divisar o voo dos parapentes e das ás delta, ou practica-la escalada ou o rapel. Cecebre, pequeno encoro que fornece de auga a cidade é outro punto que se converteu nun enclave natural de primeira orde, ó darlles acubillo a diversas especies faunísticas, aves sobre todo.

A comarca ten así mesmo unha importante faceta monumental e artística que se atopa nada máis deixa-la urbe herculina e achegarse ata o Castro de Elviña, escenario da célebre batalla da Guerra da Independencia. O castro, parcialmente escavado, fálanos do pasado da zona durante a romanización. Seguindo polo que foi o Camiño de Castela, a Ponte do Burgo, lugar de tránsito inescusable antes da construcción da Ponte do Pasaxe. Pasada a Ponte do Burgo, felizmente restaurada, é posible tomar diversos camiños para coñecer algo máis a riqueza monumental destas terras. Ós dous lados da ponte consérvanse as igrexas románicas do Burgo e mais do Temple. A primeira pertence ó Concello de Culleredo que ten outros exemplos de románico rural nos templos de Rutis, San Cosme, Tarrío ou Celas de Peiro, xunto á torre medieval que acolle un pequeno museo. O Temple, pola contra, atópase xa no Concello de Cambre o cal completa o seu inventario monumental coa magnifica igrexa de Santa María, na capital municipal e coa de Sigrás. En Bergondo, onde non se deben esquecer paraxes como as praias de Gandarío ou o Pedrido e as mada rúa betanceira, os principais monumentos son o pazo de Mariñán, propiedade da Deputación provincial e o mosteiro románico de San Salvador. En Carral témo-lo monumento que lembra os mártires executados polas súas ideas liberais. Así mesmo, paraxes engaiolantes como o val do Barcia merecen, desde logo, unha atenta ollada. En Oleiros, terra de boas praias, destaca o xa citado Castelo de Santa Cruz. Mentres en Sada, o orgullo dos habitantes locais repártese entre a súa terraza modernista, o Pazo de Meirás, propiedade da familia Franco e mailo complexo cerámico artístico do Castro. Arteixo é o derradeiro concello. Atópase no paso da vía romana Per Loca Marítima da que pode ser un vestixio a Ponte, de feituras medievais hoxe, do Brozo. En Oseiro, Chamín, Monteagudo atópanse igrexas románicas de gran beleza, sempre no medio dunha paisaxe rural que anticipa xa a proximidade dos Bergantiños.❦



Paseo marítimo da Coruña J.S


COMARCA DA CORUÑA
Desenvolvemento Comarcal
OCÉANO ATLÁNTICO
A Coruña
Pta. Herminia
I. de San Pedro
Pta. Langosteira
Cabo Cociñadoiro
Enseada de Becha
Pta. das Olas
Praia de Barrañán
Pastoriza
Enseada de Mera
Enseada de Rusadoira
Arteixo
A Baluca
Lañas
Chamín
Monteagudo
ARTEIXO
LARACHA
A CORUÑA
Templo
Culleredo
Tarrío
CULLEREDO
Cambre
Acoxo
CAMBRE
Celas
Carral
CARRAL
Ria de Coruña
Pta. do Seixo Branco
I. A Marola
Pta. Torella
Pta. Pereiros
Mera
Meirás
Sada
OLEIROS
SADA
Oleiros
Sta. Cruz
Ria de Betanzos
MIÑO
Carrio
Bergondo
BERGONDO
Betanzos
BETANZOS
ABEGONDO
CESURAS
Casco histórico
Edificio Oficial, Concello
Museo
Biblioteca
Castelo-fortaleza
Pazo
Torre
Mosteiro, convento
Igrexa
Capela
Monumento conmemorativo
Ponte
Castro
aeroporto
Campo de golf
Clube recreativo
Balneario
Espacio natural
Observación de aves
Praia
Ría
Faro
Porto comercial
Porto pesqueiro
Travesías, excursions en barco
Porto deportivo
Saa de exposicións
Escalada
Parapente
Galerías típicas
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril

Futuro da comarca

Ó longo do tempo A Coruña foi configurándose como unha cidade de servicios cunha base industrial abondo diversificada, a expansión da cal afecta a tódolos concellos que engloban a comarca metropolitana, converténdose en eixes de crecemento, xa sexa como receptores da expansión urbana, xa como novas localizacións industriais, como é o caso do polígono de Sabón, o de Bergondo, ou os novos de Espírito Santo ou Alvedro, por citar exemplos recentes, o que converte este espacio metropolitano nun conxunto territorial interdependente.

A economía urbana logrou consolidar e expandi-la súa base económica ata chegar a ser un dos centros empresariais máis activos de Galicia, ocupando o primeiro lugar no que a empresas de servicios se refire. Actualmente conta con importantes entidades financeiras, grandes empresas de distribución e grupos empresariais con proxección internacional. Por outra parte, o porto está entre os primeiros de España e absorbe tres cuartas partes do tráfico portuario galego.



Praia de Riazor J.S

OUTRO aspecto importante é a profunda remodelación que se está realizando na fisionomía urbana, con plans de gran magnitude, que teñen por obxectivo proxectar cara ó futuro a súa función de cidade de servicios, mediante actuacións como a mellora da accesibilidade á cidade, potenciación da infraestructura cultural, recuperación da fachada litoral, desenvolvemento do turismo, especialmente marítimo, rexeneración do tecido urbano, construcción de novos polígonos de vivendas. Todo iso, xunto á oferta universitaria e sanitaria da cidade, proporciona unha gran calidade de vida e senta as bases para un futuro prometedor. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

30

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Betanzos

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Novembro do 1996

Ponte medieval do Lambre

José Salgado

A Comarca de Betanzos

A Comarca de Betanzos é unha das máis extensas e, á parte, é das máis consolidadas de Galicia. Tamén é unha das que engloba maior número de concellos: Abegondo, Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Monfero, Oza dos Ríos, Paderne, Vilarmaior e Vilasantar. Ten, doutra banda, 48.694 habitantes (1995) repartidos sobre unha superficie de 873,74 km2.

O territorio comarcal presenta unha gran variedade de formas topográficas, entre as que podemos distinguir tres espacios ben diferenciados. O primeiro é o rebordo oriental, formado polos derrames occidentais das serras da Loba e mais da Cova da Serpe, que forman o límite natural coa provincia de Lugo. No sector oriental, as terras chás da penichaira (Curtis, Teixeiro), con altitudes medias que roldan os 500 metros, terminan nun rebordo festonado onde se aloxan as cabeceiras da rede fluvial, principalmente dos ríos Mendo e Mandeo. Este último procede das terras de Sobrado, ó pé do monte Bocelo. Cara ó oeste, o terreo comeza a perder altitude, aparecendo un banzo intermedio que forma a área de transición entre as superficies de aplanamento de Montesalgueiro e maila costa. Por último, o sector occidental da comarca presenta un relevo máis movido, que se caracteriza pola sucesión de vales suavemente encaixados e interfluvios. A disposición altitudinal inflúe no microclima, que vai desde o clima netamente oceánico, de temperaturas suaves, invernos benignos e precipitacións abundantes do sector costeiro ata o clima máis continental do sector interior, con temperaturas máis acentuadas, pasando polo paso intermedio, onde as néboas son frecuentes e as choivas abundantes. Desde o punto de vista xeolóxico tamén se advirte variedade nos materiais que inflúen na gradación lonxitudinal do relevo. Na franxa oriental dominan os granitos e os materiais metamórficos, sobre os que se modelou a penichaira. Desde o centro e cara ó oeste da comarca dominan os xistos, materiais facilmente erosionables, nos que a rede fluvial se encaixou. Tal disposición do terreo favorece a existencia de numerosos cursos de auga, a orientación dominante da cal é sueste-noroeste. Os máis importantes destes ríos son os citados Mandeo e Mendo, que desembocan na ría de Betanzos e no Tambre, que o fai en Ponte do Porco, xa no municipio de Miño. A importancia histórica da vila de Betanzos, antiga capital dunha das sete provincias galegas, fai que tradicionalmente tódalas relacións do seu contorno, de carácter rural, conflúan nesta vila, dotada de servicios administrativos e centro dun activo mercado comarcal. Tamén a accesibilidade confirma esta organización, xa que tódalas vías de comunicación desembocan en Betanzos. ❦



Froiteiras en Salto J.S

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ❦

Unha vella cidade ó pé das fértiles marismas

Parque do Pasatempo J.S

Por Betanzos desemboca o Mandeo e o seu afluente, o Mendo, e a partir de aí comeza a ría, que tamén é coñecida como a Ría de Sada e Betanzos ou de Ares e Betanzos, rica en ameixa, ostra, mexillón, berberecho, longueirón, robaliza, muxel, lura, faneca, reo, xarda, lubina, solla, sardiña ou os seus ricos pateiros. Xa hai moitos anos que a cidade de Betanzos perdeu o tráfico marítimo pola zona das marismas, debido ó encenagamento e á aparición de extensos xuncais. De aí que tamén se coñeza como a Ría das Xunqueiras.

Son moi vellos os proxectos para canaliza-la ría e aproveita-los xuncais, mais sempre houbo unha forte oposición, en distintas fases dos séculos XVIII, XIX e XX. De feito, no 1941, o goberno declarou de interese nacional o aproveitamento das marismas betanceiras e en 1947 aprobou o expediente colonizador das mesmas e, oito anos máis tarde, planificouse o aproveitamento das marismas e a canalización da ría, pero sen que houbese resultados prácticos. É certo, nembargantes, que a construcción do ferrocarril Betanzos-Ferrol, inaugurado no 1913, obrigou ó recheo dunha zona de xuncos. De feito, o que hoxe é a estación de ferrocarril, o parque público, o peirao e a zona do Instituto foi antes xunqueira.

As fértiles terras que rodean a cidade asentaron ata mediados deste século unha poboación de base agraria. Nesas terras producíanse todo tipo de cultivos de horta: coliflor, pementos, chícharos, cebolas, allos, tomates, xudías e leituga. Un dato curioso é que o viño do país que hoxe se produce non tiña nada que ver co que había ata o remate do pasado século. O de antes tiña maior graduación có de agora, que é máis ben lixeiro, e subministrábaselles ás flotas que ían cara a América. Outro cultivo que tivo moita sona na comarca de Betanzos foi o lúpulo, que en 1963 acada a súa máxima producción con 240.000 quilos de lúpulo seco. Tamén ten industria da madeira, cerámica, mobles, licores e viño, aglomerados, xéneros de punto e artesanía, entre outras. ¶

A poboación só aumenta en Betanzos

Só Betanzos salva a comarca do descenso xeneralizado de poboación que sofren os municipios que a compoñen. No comportamento demográfico da zona detéctanse dúas etapas distintas: a primeira, de crecemento do número de habitantes, que vai desde o ano 1900 ó 1940, e na que pasa de 63.401 a 74.569 persoas; a segunda, de perda continuada de poboación, de 1950 a 1980, provocada pola emigración –pasa de 72.737 habitantes a 52.757–, e a partir dos anos oitenta causada pola caída da taxa de natalidade, de xeito que o censo de 1991 anota 48.240 persoas.

Ó comezar o presente século, o municipio de Betanzos anotaba 8.948 habitantes, e nas tres décadas seguintes permanece arredor a esta cifra. A partir do censo de 1930, a poboación reborda a barreira dos 10.000 habitantes e, con oscilacións arriba e abaixo, se mantén ata o censo de 1970. Nos anos setenta, Betanzos recuperase demograficamente e sitúase por riba das 11.000 persoas. En 1991, a cifra é de 11.871 habitantes.

Abegondo (5.448) e Miño (5.030) ocupan a segunda e terceira praza, respectivamente, en canto a número de habitantes. Os municipios menos poboados son Vilasantar (1.875) e Vilarmairo (1.413).

En 1986, a comarca de Betanzos rexistraba 25.213 homes e 26.954 mulleres o que daba unha taxa de masculinidade de case o 95 por cento. En 1991 había 25.059 mulleres e 23.658 homes e a taxa de masculinidade descendera lixeiramente ata o 94,4 por cento. No municipio de Betanzos, de 1986 a 1991 o número de mulleres crece desde 6.271 a 6.307 e o de homes de 5.448 a 5.623, co que a taxa de masculinidade pasa do 87 ó 89 por cento, sendo en calquera caso o municipio da comarca no que a taxa de masculinidade é a máis baixa. Os municipios coa taxa de masculinidade máis alta son Monfero (104,3) e Vilasantar (104,8).

Na década dos oitenta, a taxa de natalidade comarcal cae desde o 8,6 ata o 7,2 e, pola contra, a taxa de mortaldade sobe desde o 11,6 ata o 12,7. De modo que o crecemento vexetativo acentúa os seus valores negativos, pasa do -3 ó -5,5. No municipio de Betanzos a taxa de natalidade cae tamén do 9,6 ata o 8,1 e a taxa de mortaldade tamén cae, se ben moi pouco, do 12,2 ó 12. A consecuencia é que o crecemento vexetativo negativo avanza, do menos 2,6 ó menos 4.

En 1991, a zona tiña 10.057 mulleres comprendidas entre os 15 e os 49 anos. O número de nacementos nesa data foi de 307. Co cal a taxa de fecundidade situouse no 30,53. No caso do municipio de Betanzos a taxa de fecundidade é do 25,06. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



O campo perde parte do seu protagonismo

Na década dos oitenta o campo acelera a perda de protagonismo como fonte de creación de emprego e comeza a ser substituído polos servicios. Se en 1981 o número de ocupados no sector primario estaba 20 puntos por riba do sector terciario, dez anos despois esta vantaxe reducirase a sete puntos.

De 1981 a 1991, o sector agrario pasa do 50 ó 38% dos ocupados, mentres que para esas datas o sector servicios sobe do 24 ó 31 por cento. A poboación ocupada na construcción crece do 11 ó 14%, e na industria pasa do 15 ó 17 por cento.

Abegondo. A poboación ocupada total (2.148) repártese entre 956 no campo; 344 na industria; 378 na construcción e 466 nos servicios.

Aranga. Ten 768 ocupados na agricultura; 43 na industria; 103 na construcción e 152 nos servicios.

Betanzos. O 52% do total dos ocupados, é dicir, 2.036 persoas, están no sector servicios; 347 no campo; 928 na industria e 540 na construcción.

Cesuras. O campo ocupa 509 persoas; a industria 99; a construcción 159 e os servicios 190.

Coirós. O sector terciario ten 181 ocupados; a construcción 94; a industria 102 e o campo 182.

Curtis. O número de ocupados na agricultura é de 597; 245 na industria; 177 na construcción e 564 nos servicios.

Irixoa. O campo ten 471 ocupados; 93 a industria; 63 a construcción e 134 os servicios.

Miño. Ten 308 ocupados no campo; 295 na industria; 287 na construcción e 581 nos servicios.

Monfero. Os ocupados no campo son 857; 146 na industria; 104 na construcción e 143 nos servicios.

Oza dos Ríos. Na agricultura hai 419 ocupados; 204 na industria; 211 na construcción e 313 nos servicios.

Paderne. O campo ten 515 ocupados; 181 a industria; 170 a construcción e 299 os servicios.

Vilarmaior. Ten 256 ocupados na agricultura; 97 na industria; 61 na construcción e 110 nos servicios.

Vilasantar. O campo ten 310 ocupados; 106 a industria e 156 os servicios. ¶

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Terra dos Andrade, igual que a Comarca do Eume, toda esta comarca está marcada pola pegada indeleble da historia. A capital xa indica co seu nome, Betanzos dos Cabaleiros, que é un lugar co pouso dos séculos. Os atractivos turísticos da comarca céntranse en boa parte na arte e na paisaxe que lembran o esplendor e a beleza de tempos antigos. Así é todo, nos concellos costeiros atópanse fermosas praias para desfrutar do mar e do sol.

Unha terra de cabaleiros

UN percorrido por esta terra pode ben comezar cunha visita ó 'omphalos', o centro dela, a vila betanceira. Toda a zona vella, cinguida aínda por restos das vellas murallas, conserva no seu interior testemuños de distintas épocas históricas: a igrexa románica de Santa María do Azougue, o convento e igrexa dos franciscanos (que alberga un fermoso sartego dun dos señores de Andrade), antigas mansións de estilo gótico, a igrexa de Santiago ou a de San Domingos. De tódolos lugares típicos da vila, o máis concorrido e representativo é a praza dedicada ós Irmáns García Naveira, benefactores de Betanzos que lles deixaron de legado ós seus veciños, entre outras cousas, o magnífico Parque do Pasatempo. Pois ben, esta fermosa praza é o verdadeiro centro da vila, coas súas terrazas nos soportais, coa animación dos días de feira, o palco da música. Desde ela elévase tódolos anos o célebre globo de Betanzos cara ó estrelado ceo de agosto. E xunto co globo hai que falar da romaría dos Caneiros e das barcazas remontando o fermoso río Mandeo.

Pódese aínda ver moito en Betanzos, pero a comarca é extensa e non deben de descoidarse outros lugares. Mesmo no Concello de Betanzos cómpre falar da igrexa románica de Tiobre ou Betanzos Vello, do Santuario das Angustias e da marisma que desde este santuario se divisa. Pola costa en Paderne, témo-lo fermoso recuncho da Ponte do Lambre, moi preto de Ponte do Porco co seu areal. Existen tamén igrexas románicas como a de San Pantaleón das Viñas ou San Pedro de Obre.

Miño ofrécelles ós visitantes o sol e o mar nas súas praias de Miño e Perbes, moi concorridas no verán. De entre os monumentos do concello destaca especialmente a igrexa pre-románica de San Xoán de Vilanova, cunha fermosísima ábsida semicircular.

O románico tamén dota o Concello de Vilarmaior do seu monumento máis sobranceiro: a igrexa de Santa María de Doroña, do século XII.

Coirós, cinguido polos ríos Mandeo e Mendo ten paisaxes espectaculares como a da Espenuca e o couto de Chelo, cunha ermida dos tempos das invasións viquingas. Tamén aquí, o románico rural amósase nos distintos templos, Collantres e Ois. Outro tanto ten Oza dos Ríos. Porzomillos, Cuíña, Salto, San Pedro... todos bos exemplares das vellas artes dos canteiros. Pero, por riba de todos eles, destaca a igrexa monacal de San Salvador de Cinés, con moitos elementos góticos. A paisaxe de Oza dos Ríos, verde e quebrada, con serras coma os Montes do Gato, presaxia o que son os concellos de Curtis e Vilasantar, recollidos en si mesmos, con moita natureza por tódolos sitios e algúns monumentos destacados, caso da igrexa de Mezonzo, ou das de Paradela ou Santaia, ata onde chegaron as incursións viquingas. Aranga ten unha paisaxe de páramo solitario no que o visitante atopará poucas mostras do xenio humano. Pero paga a pena achegarse a Ponte Aranga, coa súa ponte e igrexa barroca ou ata a Ponte Castellana por onde pasou o célebre clérigo inglés George Borrow na súa accidentada viaxe por Galicia. En Irixoa, de camiño a Monfero, cabe destaca-la ermida románica de San Cosme de Mántaras. E no agreste Concello de Monfero non pode eludirse a visita ó magnífico mosteiro de Santa María, que agarda unha necesaria restauración e mais asomarse ó espectacular canón do río Eume.

Ría de Betanzos en Miño J.S

Abegondo, no oeste da comarca, ten unha paisaxe máis doce na que destaca o encoro de Cecebre, importante enclave natural. Hai no concello algúns monumentos tamén de certa importancia, como a torre de Figueroa, unha casa en Sarandóns na que se hospedou o rei Felipe II e as fermosas torres de San Tirso de Mabegondo. Por último, en Cesuras, no medio dunhas paisaxes rebordantes de verde, consérvanse algúnhas igrexas como a de Trasanquelos, Probaos, San Xoán de Medela, Figueirido ou Carrés, de certo interese. Outro edificio notable, aínda que inacabado é o Sanatorio Antituberculoso, de estilo modernista.

Resumindo, esta é unha comarca que mestura agarimosas paisaxes con abundantes monumentos, que, se ben non son xeralmente moi grandiosos, resultan sempre atractivos ó turista e viaxeiro. ¶


COMARCA
DE BETANZOS
Desenvolvemento
Comarcal
OCÉANO ATLÁNTICO
Ría da Coruña
Ría de Betanzos
Ría de ares
Ens. de ares
Cabo Prioriño Chico
Pta. do Segaño
Pta. Coitelada
Pta. de Miranda
Pta. Torella
Pta. Pereiros
Punta Hermiña
I. de San Pedro
I. A Marola
P. do Seixo Branco
ARES
CABANAS
A CAPELA
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
PONTEDEUME
SADA
MIÑO
VILARMAIOR
MONFERO
XERMADE
A CORUÑA
OLEIROS
BERGONDO
CULLEREDO
CAMBRE
BETANZOS
PADERNE
IRIXOA
COIROS
ARANGA
GUITIRIZ
ABEGONDO
CARRAL
OZA DOS RÍOS
CESURAS
ORDES
MESÍA
FRADES
VILASANTAR
BOIMORTO
SOBRADO
CURTIS
Patrimonio artístico
Museo
Castelo
Pazo
Torre
Mosteiro, convento
Igrexa
Capela
Cruceiro
Área recreativa
Observación de aves
Museo
Castelo
Pazo
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril

O futuro

POR tradición, a vila de Betanzos foi o núcleo rector da vida comarcal, centro administrativo, de servicios e económico dun espacio eminentemente rural onde a agricultura perdeu parte da importancia que tivo anos atrás, mais que nembargantes segue sendo fonte de rendas para gran parte da poboación desta bisbarra, non só por parte da agricultura, senón tamén polo sector da gandería e mais polo sector forestal. Por todo isto que lles acabamos de nomear, parece necesario orientar e especializar esta producción cara ós mercados urbanos próximos. Recentemente o Concello de Betanzos proxectou a creación dunha lonxa comarcal para productos agrícolas, o que se pode converter nunha canle idónea, ademais de dinamizadora, para a distribución destes productos.

O resto dos sectores productivos concéntranse practicamente en Betanzos, isto débese a varios factores, entre os que destaca a elevada nodalidade que posúe a vila, aumentada recentemente polos novos accesos abertos á autovía do noroeste, vía que enlaza coa autoestrada do Atlántico. Esto favorece especialmente a industria, baseada na madeira, na manufactura alimentaria e nos transformados metálicos, empresas que contan co polígono de Piadela como elemento dinamizador e que se converteu nun dos grandes centros de empresas de distribución. A función terciaria é moi importante e conta cunha longa tradición, función que contribuíu á cohesión comarcal. Outra cuestión é que a citada accesibilidade pode converte-la comarca en receptor dos fluxos de desconxestión que se empezan a dar na área metropolitana da Coruña, sobre todo no aspecto residencial.

Outra posibilidade da comarca é a axeitada xestión dos recursos turísticos, xa que a comarca posúe un excepcional patrimonio histórico-artístico, por ela pasa un tramo do Camiño Inglés; quedan interesantes mostras de arquitectura popular e hai numerosos espacios naturais de gran beleza e aínda ben conservados. Esta oferta precisa unha axeitada política de promoción e revalorización. ❦



Santa María do Azougue J.S

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

31

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Ferrol

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Decembro do 1996



Porto de Ares

José Salgado

Ferrol

ARREDOR da ría de Ferrol, once concellos –Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño– conforman a Comarca Urbana de Ferrol. Neste territorio, que ten unha superficie de 624,85 km, asentábanse no ano 1995, 172.415 habitantes de dereito, en 1.349 entidades de poboación. Destes datos despréndese que a densidade de 276 hab/km é,polo tanto, superior á media provincial e autonómica. A situación demográfica está íntimamente vinculada ás vicisitudes da cidade departamental e dos estaleiros de Fene e Ferrol, que absorberon poboación procedente doutras comarcas, sendo a inmigración unha constante na historia recente, e moi especialmente durante a etapa do desenvolvismo. E mesmo a súa reconversión foi a causa do estancamento demográfico.

Distínguense dentro da Comarca dúas áreas diferenciadas: unha aglomeración formada por un continuo urbano, na ribeira da ría, e unha orla interior periurbana, que vai adquirindo matices netamente rurais nos lugares máis arredados. Dentro deste conxunto comarcal, sobresaen algunhas cabeceiras municipais que organizan no seu contorno subáreas funcionais de ámbito local, atraer a poboación do seu propio concello, situación que é máis claramente observable en Cedeira, cunha vila que constitúe un subcentro comarcal. Todos estes concellos teñen como denominador común unha vinculación funcional preferente ou principal coa cidade de Ferrol, no que concerne ó comercio, servicios privados e administrativos e ós fluxos laborais.

Dende o punto de vista físico, esta é unha comarca marítima, bañada polo Atlántico en todo o seu contorno, e presenta en conxunto un litoral recortado, no que cabe distinguir tres unidades morfolóxicas: as rías, os acantilados e as praias. Tres son as rías existentes neste sector das Rías Altas: a de Cedeira, entre os concellos de Valdoviño e Cedeira; a de Ferrol, cunhas augas que bañan os concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Mugardos e Ares; e no Sur, a de Ares, separada da anterior pola península de Bezoucos. Entre as bocas das ría atopamos sectores de costa acantilada, onde se ofrecen panorámicas espectaculares, destacando as da Serra da Capelada, posiblemente os máis altos da Europa atlántica. Esta serra, polo seu interese xeolóxico, xeomorfolóxico e paisaxístico goza de recoñecemento como área de protección específica co fin de salvagarda-la súa conservación. Outros enclaves naturais salientables tamén localizados na costa son: a illa Gabeira, a punta Candelaria, a lagoa e o areal de Valdoviño, a illa de Santa Comba, cabo Prior, as illas Herbosa-Gabeiras, punta Coitelada, as illas Mirandas e a lagoa de Doniños. Entre os cabos esténdense amplios arcos areosos, sendo as praias máis concorridas durante o verán as de Cedeira, Vilarrube, Pantón, Frouxeira, Santa Comba, San Xurxo-Cobas, Doniños e Ares. As de mar aberto contan con sistemas de dunas de grande interese, ás veces relacionadas con lagoas costeiras (Frouxeira, Donios). En xeral, presentan un bo estado e pouca alteración.

A configuración topográfica comarcal é suave, ó alternaren os vales e os outeiros, alí onde afloran materiais de fácil alterabilidade, dando lugar a formas suavemente modeladas pola rede hidrográfica que se abre cara ó mar, sendo a val de Trasancos un bo exemplo. Pola contra, o relevo é máis accidentado onde os materiais son máis resistentes, sen acadar grandes alturas. Neste sentido, destacan accidentes xeográficos nos concellos de Cedeira (Serra da Capelada), San Sadurniño (Serra de Forgoselo) ou As Somozas (Pena dos Ladróns, Vilalbesa).

En termos xerais, a rede hidrográfica está formada por pequenos colectores, pola disposición do relevo e a proximidade do mar, destacando unicamente as bacas do Grande de Xubia e do Belelle, que desembocan na ría de Ferrol, e dos ríos Condomias e Porto do Cabo que levan as súas augas á ría de Cedeira.

Dende o punto de vista climático, esta Comarca de clima oceánico temperán recibe precipitacións de tipo medio (970 mm en Monteventoso, 1.376 en Narón, 1.388 en Fene), sendo habituais os días cubertos pola nubosidade.

As condicións anticiclónicas dominantes en verán dan lugar a un tempo máis seco e soleado, aínda que as temperaturas son bastante frescas e son frecuentes as néboas costeiras. Temperaturas suaves (13 C), escasa oscilación térmica e débil presencia de xeadas son, polo tanto, as características dominantes deste espacio xeográfico. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traducións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

A comarca xira ó redor do mar e do campo



Historicamente a vida económica da comarca de Ferrol Terra sempre xirou ó redor do mar e do campo.

Xa a mediados do século XVIII boa parte da comarca simultaneaba os cultivos agrícolas –cereais, patacas, hortalizas, liño e árbores froiteiras– coa gandería, sobre todo de vacún.

Toda esta producción era destinada ó consumo dos habitantes da comarcas, así como ó abastecemento das flotas que armaban en Ferrol. Unha das principais actividades industriais nesa época é a salazón de peixe destinado cara á exportación ó resto de España e de diversos países eurupeos. No século XVIII, a creación dos estaleiros así como a competencia dos otras zonas europeas vai a provocar unha profunda crise na industria ferrolá de peixe salgado, o que forza as autoridades a outogarlles privilexios ós comerciantes cataláns que queiran asentarse en Ferrol. Sen embargo, esta base económica comezará a desaparecer a partir do 1820. Curiosamente, a industria da salazón volverá a renacer en 1945 coa creación da factoría Pysbe, xa desaparecida, dedicada ó bacallao.



COA situación dos estaleiros en Esteiro, tamén comezarán a desaparecer a pequena industria artesanal dedicada a banastería, teares, curtidos, xarcias, seda, sombreiros e mailo famoso obrador de espadería que vendía os seus equipos militares ó resto da península.

Como sinalou o catedrático de Historia Económica, Jaime García Lombardero, en Ferrol dábanse as condicións para o desenvolvemento industrial e comercial, sen embargo ó fundirse os arsenais a finais do século impedirase que outras industrias poidan continua-lo papel económico representado pola construcción de barcos. A dependencia da industria local dos arsenais faise de novo patente a mediados do século XIX.

O problema volveu ser moi parecido ó da crise dos recentes anos oitenta, en canto que a reducción da actividade no sector arrastrará á pequena industria auxiliar ou dependente.

Nin que dicir ten que desde que Ferrol foi declarada capital de Departamento marítimo, a súa maior industria é a construcción naval. ❦

A ruptura do crecemento demográfico

Na pasada década dos oitenta Ferrol Terra rompe o crecemento demográfico sostido que viña mantendo desde principios de século. Esta ruptura é provocada pola reconversión do sector naval. En 1900, a zona rexistraba unha poboación de 78.048 persoas, e ata 1930 o número de habitantes crece a un ritmo medio de 8.000 persoas cada dez anos, pero desde esa data de referencia ata o 1940, producese unha explosión demográfica, de xeito que pasa de 101.740 a 134.018 almas.

Nos anos cincuenta, a poboación de Ferrol Terra estabílizase en torno ás 150.000 persoas, debido á emigración, pero a partir dos anos sesenta inicia unha fase expansiva, de xeito que no censo de 1970 anota 166.724 habitantes, e dez anos máis tarde 177.626. Sen embargo, o censo de 1991 rexistra xa un descenso importante de poboación con 170.005 persoas.

No caso do municipio de Ferrol, a gráfica é semellante á da comarca. A principios de século a cidade departamental ten 25.281 habitantes, que en 1940 son xa preto de 60.000. Nos anos cincuenta rexistra unha perda de poboación, debido tamén á emigración. Nos anos sesenta o municipio recupera habitantes e pasa de case 75.000 a preto de 88.000. Entre 1970 e 1980 o crecemento demográfico faise máis cativo, se ben a poboación aumenta e acada as 91.764 persoas. A crise económica de finais dos setenta e principios dos oitenta, especialmente dura no sector da construcción naval e industrias afíns quebra o crecemento demográfico de Ferrol, cunha poboación que descende ata os 85.132 persoas.

Fene, outro dos centros industriais da comarca, anotaba en 1900, 5.388 habitantes. Nos primerios trinta anos o municipio móvese entre os 6.000 e os 6.500 habitantes. De 1930 en adiante, a súa poboación aumenta ininterrompidamente e no censo de 1981 rexistra 15.040 persoas. Na década seguinte, Fene reduce o seu número de habitantes e pasa a ter 14.759.

Pese á crise xa apuntada, Narón rexistra un aumento continuado de poboación desde principios deste século. En 1900 tiña 8.333 habitantes e en 1950, 14.518. De 1960 a 1980, o municipio pasa de 16.436 a 28.984 persoas. Pero quizabes o dato máis interesante sexa que Narón é o único municipio da comarca que aumenta a súa poboación entre 1981 e 1991, e reborda os 31.000 habitantes.

Nesa última data de referencia, o municipio de Ares rexistra 4.447 habitantes; Cedeira, 7.450; Moeche, 1.749; Mugardos, 6.478; Neda, 6.289; San Sadurniño, 3.747; As Somozas, 1.678; e Valdoviño, 6.970 persoas. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A zona acusa a perda de tecido industrial

Os datos de poboación ocupada por actividade productiva reflecten de xeito claro que a zona perdeu tecido industrial nos anos oitenta. En 1981, 37 de cada cen ocupados en Ferrol Terra estaban na industria e dez anos despois esta proporción é de 28 de cada cen. Neses anos hai tamén un perda de peso do sector primario, que pasa do 12 ó 9 por cento da poboación ocupada. Pola contra, aumenta a poboación ocupada na construcción, que pasa do 8 ó 10 por cento, e esa mesma tendencia rexístrase no sector servicios que salta do 43 ó 53 por cento da poboación ocupada.

Ares. A poboación ocupada no sector primario descende e sitúase no 13 por cento. A poboación industrial cae en picado desde o 37 ó 26 por cento. E os servicios aumentan e anotan o 45 % do total de ocupados.

Cedeira. O sector primario aínda ten o 43 por cento dos ocupados, pese a que o sector terciario gaña terreo e anota o 34 % da poboación ocupada.

Fene. En 1981 a industria tiña o 67 por cento de poboación ocupada, en 1991 esta proporción reduciuse ó 43.

Ferrol. Na década dos oitenta o sector industrial perde 10 puntos e queda cunha poboación ocupada do 27 por cento, mentres que os servicios aumentan en 9 puntos e rexistra o 64 por cento dos ocupados.

Moeche. O sector agrario ten polo de agora máis do 50 % da xente ocupada.

Mugardos. A poboación ocupada na industria descende do 42 ó 31 por cento e a dos servicios pasa do 32 ó 43 por cento.

Narón. Perde 8 puntos de poboación ocupada no sector industrial e anota un 31 por cento. A poboación ocupada nos servicios pasa do 42 ó 50 %.

Neda. A poboación industrial cae do 57 ó 41 por cento. Os ocupados no terciario pasan do 31 ó 42 %.

San Sadurniño. O sector agrario perde 19 puntos en poboación ocupada e aumenta a poboación industrial en 10 puntos.

Somozas. O 55 por cento dos ocupados están no sector agrario e o 21 % nos servicios.

Valdoviño. A poboación ocupada no sector primario descendeu 22 puntos. ¶



Un miradoiro no Atlántico

O atractivo máis recorrente nesta ampla comarca é o mar. Ás veces é bravo, ledo, como no cabo Prior ou en Pantín (Cedeira), lugar escollido por moitos para a práctica de 'surf'. Noutras ocasións trátase dun mar máis tranquilo, como pode apreciarse nas rías de Ares ou de Ferrol, esta última cunha estreita entrada que flanquean os castelos de Palma e de San Felipe. Como comezo da visita a estas terras, Ferrol, cidade amiga cos océanos.

FERROL conta con diversos espozos que paga a pena visitar: a zona vella, a Rúa Real, todo o barrio da Madalena, o Paseo Marítimo... ou a zona do Arsenal, con abundantes construccións de tipo militar. Como monumentos a sinalar, poderían destacarse a igrexa concatedral de San Xiao, a igrexa de San Francisco e, nas proximidades, a afamada ermida do Chamorro. Non lonxe da capital están algunhas praias, como as de Doniños, San Xurxo ou Cobas. Cara ó nordés, pola costa, outros areais que son moi frecuentados no verán son os da Frouxeira, en Valdoviño, preto dunha interesante lagoa litoral, o arriba citado de Pantín, e as fermosísimas praias de Cedeira.

Máis aló da ría de Cedeira só os acantilados e a serra da Capelada. Esta é unha das zonas máis cheas de maxia de toda a comarca ferrolá: por unha banda, na serra celébrase anualmente o 'curro da capelada', unha das 'Rapas das Bestas' máis espectaculares de Galicia. Por outra, aquí atópase o Santuario de San Andrés de Teixido, nunha paraxe sen igual.

De volta a Ferrol, Narón, Neda e Fene, concellos que mesturan as augas quedas da ría cunha paisaxe verde ó tempo que moi humanizada. En Narón son monumentos destacados os muíños de marea e o antigo mosteiro de San Martiño de Xubia, de estilo románico. Neda posúe unha interesante zona antiga, na que se pode destacar a igrexa parroquial. Fóra da vila outros puntos de interese son o Pazo da Mercé, espléndido aloxamento de turismo rural (que ten un compañeiro máis modesto en terras de Cedeira), a área recreativa da mourela e a fervenza do río Belelle, que comparte cos veciños de Fene. Estes poden presumir da vella ponte das Ribeiras, do pazo de Maniños, ou da afamada festa do cabalo de Magalofes. Cara ó leste, no interior atópanse os concellos menos visitados, que non visitables da comarca: San Sadurdiño, no que hai que destacar o convento do Rosario e o castelo medieval de Narahío, encravado nun fermoso lugar, nas beiras do río Castro. Tamén un castelo ten Moeche, de maiores proporcións, no que se celebra tódolos anos o Festival Irmandiño, xunto coa 'Rapa das Bestas' o evento cultural de maior importancia. Teñen tamén importancia as igrexas de San Xurxo e Labacengos. En Somozas, o outro concello sen mar, os atractivos para o turista centranse na igrexa parroquial e na área recreativa de Queiroga. Por último, temos que falar da península de Ares, que divide os seus encantos entre Mugardos e Ares, mirando por unha banda cara á ría de Pontedeume e por outra cara a de Ferrol. En Ares hai moito que ver: visitar a vila durante o Corpus Cristi, cando os veciños cobren as rúas de alfombras florais, achegarse a Redes, pequeno porto pesqueiro, desfrutar do sol en praias como a de Chanteiro ou visitar algúns monumentos románicos que hai no concello. En concreto, a ermida da Mercede, tamén en Chanteiro, e as igrexas de Cervás e Santa Olalla de Lubre. E por último, Mugardos, coa súa Real Vila, co seu cantón da Mariña e, ao fondo, a urbe ferrolá. Esta estampa pode encarnar un ideal de desenvolvemento para a comarca: mirar cara ó futuro sen deixar de te-la vista no pasado. ¶

Castelo de Moeche J.S

COMARCA DE ORTEGAL
OCÉANO ATLÁNTICO
FERROL
MUGARDOS
ARES
NARÓN
NEDA
CABANAS
A CAPELA
SAN SADURNIÑO
VALDOVIÑO
CEDEIRA
CERDIDO
MOECHE
AS SOMOZAS
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
CARIÑO
ORTIGUEIRA
Desenvolvemento Comarcal
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Tipico pobo mariñeiro
Allombras florais
Muíño
Festival celta
Festival de teatro
Praia
Área recreativa
Fervenza
Casco antiguo
Mosteiro, convento
Igrexa
Ermida
Pazo
Castelo
Casa de turismo rural
Ponte
Curros

Futuro da comarca de Ferrol

Ó longo da historia, a Comarca de Ferrol vén manifestando –por extensión da cidade central– unha vulnerabilidade da súa base económica, en fases cíclicas e recorrentes. Isto débese, en gran parte, á excesiva dependencia respecto do capital público e da falta de iniciativas locais de envergadura, condicións que merman, en gran parte, a capacidade de reaxuste ás cambiantes fases de reestructuración económica.

Para paliar esta debilidade, que se vén arrastrando dende vai tempo, resulta imprescindible asumi-las potencialidades e debilidades existentes, esquecendo momentos anteriores –non moi arredados– de forte expansión e loitando por construír un novo modelo de desenvolvemento sostido.

Entre as posibles liñas de actuación para acadar unha recuperación económica, podemos menciona-las seguintes:

–Dinamiza-la iniciativa local, baseando a economía preferentemente no potencial endóxeno da cidade e a súa área de influencia, aínda que sen descartar posibles factores esóxenos.

–Cambia-la imaxe social e sociolaboral desta Comarca, para que os empresarios se animen a realizar investimentos.

–O emprazamento excéntrico confírelle á Comarca certo illamento físico. Polo tanto, cómpre mellora-la accesibilidade mediante un bo sistema de comunicacións que permita unha mellor estructuración do sistema de asentamentos intracomarcais e a conexión con vías rápidas para comunicarse co resto da rexión.



Curro da Capelada. Cedeira J.S

–A ruptura da monofuncionalidade reinante, en aras a diversifica-la estructura productiva. Este cambio de orientación debe ir unido ó fortalecemento e creación de pequenas e medianas empresas, que incorporen sistemas productivos, innovacións en canto á organización empresarial, tecnolóxica e de mercado. Neste aspecto, a comarca conta cunha boa base, xa que ten capacidade acumulada para asimilar novas tecnoloxías e novas ofertas de formación.

–Consolidación do eixe industrial Ferrol - Narón - As Pontes.

–Promoción dos recursos turísticos e actividades de ocio, tendo un especial coidado en preserva-la Comarca dos posibles impactos ambientais. Esta actuación pode ser moi interesante en concellos como Ferrol, Cedeira, Valdoviño e Ares, xa que brindan múltiples posibilidades en materia náutica e marítima, en xeral, ofrecendo praias de ría, extensos arenais abertos ó mar e pequenas praias, non exentas de encanto. Na actualidade hai varios proxectos neste sentido, pero carecen de viabilidade de non integrarse nunha estratexia global de renovación. Tamén será interesante fomentar unha intervención urbanística, que converta os espacios urbanos en lugares atractivos, aproveitando as frontes marítimas e tendo en conta que Ferrol xa herdou un patrimonio urbanístico moi interesante. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

32

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Decembro do 1996

Ortegal

Vista de Ortigueira

José Salgado

Ortegal



A Comarca de Ortegal localízase na zona máis setentrional da provincia da Coruña, nunha das fisterras galegas. Está formada polos Concellos de Ortigueira, Cario, Cerdido e Man que se estenden por unha superficie de 351,96 Km2, na que vivían, no ano 1995, un total de 19.364 habitantes de dereito, repartidos entre as 574 entidades de poboación. A densidade de poboación, que se reflecte dos datos anteriores, de 49,45 Hab/Km2, moi inferior á que presenta a provincia, froito da configuración montañosa da Comarca, mentres que a densidade de poboamento achegarse ós 1,5 Ent/km2, o que supón unha taxa por riba da media Provincial e Autonómica, do que se desprende a dispersión do hábitat e a escasa dimensión dos núcleos.

A rede de asentamentos está organizada pola vila de Santa Marta de Ortigueira, que presenta o maior nivel de servicios (grao de autosuficiencia local de 1,28), seguida polos núcleos de Cario, A Barqueira, Cerdido e O Barqueiro, que aínda que presentan índices menores, tenden a polariza-los continxentes demográficos das súas áreas. O relevo da Comarca está constituído por tres unidades principais; As aliñacións montañosas periféricas, Serra da Capelada (Oeste) e Serra da Faladoira-Coriscada (Leste), e a Ría de Ortigueira. Estas unidades dispóñense nunha sucesión de planos altitudinais, cara á ría de Ortigueira, adquirindo unha forma de anfiteatro producto dos encabalgamentos da oroxenia herciniana. As maiores altitudes atópanse nas serras periféricas, que presentan en ámbolos casos unha clara heteroxeneidade das súas vertentes, sendo máis suaves as que dan á citada ría de Ortigueira.

Aeroxeradores en Herbeira J.S

A excepción dos ríos Sor e Das Mestas, que desembocan nas rías do Barqueiro e Cedeira respectivamente, a maioría dos leitos fluviais insértanse neste anfiteatro vertendo cara á ría de Ortigueira, onde se foron acumulando os sedimentos aluviais e mariños ata formaren os humidais de Ortigueira-Ladrido, que se contemplan como área natural protexida dentro do convenio *Ramsar* para a protección de zonas Húmidas.

Dende o punto de vista climático, a Comarca pódese integrar dentro do dominio oceánico húmido, se ben pola súa situación abrigada dos ventos dominantes, prodúcese un lixeiro incremento da temperatura media anual, que oscila entre os 12C e os 14C. A temperatura descende gradualmente co ascenso en altura, incrementándose tamén o risco de xeadas.

As precipitacións varían moito debido á disposición do relevo, sitúanse as zonas baixas ó redor dos 1.300 mm, e chegando a superar os 1.600 mm nas zonas de montaña. Estas chuvias repártense, de maneira homoxénea, ó longo de todo o ano con máximo en Outono/Inverno, e mínimos no verán. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Conservas, mariscos e peixes; canteiras e madeira



O sector primario segue sendo a base económica da comarca de Ortegal, nunha combinación productiva do mar e da terra. A existencia de bos pastos facilitou que na comarca se desenvolvese unha interesante actividade gandeira para a producción de leite e tamén nalgunha medida de carne, cunha cabana renovada e unhas explotacións modernizadas e tecnificadas. Tamón existen granxas de ceba de porcos e de engorde de polos. Así mesmo, o sector forestal conta cunha abundante presencia de aserradeiros espallados pola zona.

A pesca ten o seu centro principal en Cariño e despois Espasante. Nesta actividade productiva hai que distingui-los pequenos motores que se dedican á pesca de cerco na ría, os barcos medianos que faenan no litoral galego e os pesqueiros preparados para a pesca de altura que faenan en augas comunitarias desde Portugal ata a Irlanda.

Entre a pesca desembarca no porto de Cariño destacan a pescada, o ollomol, a sardiña, o chicharro, a caballa e os mariscos, principalmente a centola. Á actividade pesqueira hai que engadirlle o marisqueo. O cultivo de mariscos na ría, dependentes das confrarías de Cariño e Espasante, destaca pola calidade do berberecho, a ameixa fina e maila babosa, así como os criadeiros de ostras, salmóns e lagosta.

Con esta base non é de estrañar que Ortegal conte cunha industria conserveira especializada en sardiña, chicharro e caballa, así como berberecho e bonito.

Existe tamén unha industria mineira de granito e dunita, en Landoi, así como de lousa en Céltigos, Loiva e Devesos, entre outros lugares. O que, asemade, axuda ó mantemento dunha importante flota de transporte por estrada e por ferrocarril.

No caso concreto da vila de Ortigueira, a actividade comercial está especializada na exportación a diversos lugares da península dos productos procedentes do sector primario. E, ademais dun comercio ben fornecido, a vila celebra diversas feiras e mercados, que se complementan coas de Cariño. Por último, a beleza natural da zona, cunhas paisaxes incribles, unidas á existencia de bos peixes, mariscos e carnes, outórgalle enormes posibilidades de desenvolvemento turístico. ❦



Vista aérea da Ría de Ortigueira J.S

Con menos poboación ca no ano 1900

A zona de Ortegal ten hoxe en día sete mil habitantes menos que en 1900, cando rexistraba 25.945 persoas. A poboación da comarca aumenta os primeiros lustros ata o censo de 1940, en que anota 29.850 habitantes. Na década seguinte a poboación permanece estancada, e a partir do anos cincuenta comeza a decrecer continuamente, en boa parte debido á emigración –primeiro de ultramar e logo continental– e pasa de 28.085 en 1960, 23.776 persoas en 1970, 20.282 en 1981 a 18.916 persoas en 1991.

O maior municipio da comarca é Ortigueira, que a comezos de século xa tiña 18.426 habitantes. Este municipio acada o seu mellor rexistro demográfico no censo de 1940, con 22.152 almas. A partir desa data, comenza a perder poboación de xeito constante (21.801 habitantes en 1950; 20.391 en 1960 e 17.559 en 1970) e o censo de 1981 suma 15.576 persoas, sete mil menos que coarenta anos atrás. A segregación de Cariño, ó converterse en novo municipio e anotar 5.288 habitantes, fará que Ortigueira quede en 1991 con só 9.658 persoas.

Cerdido tiña en 1900 pouco máis de 3.000 habitantes, e desde esa data ata o ano 1970 móvese cara a riba o cara a baixo sen acadar as 4.000 persoas pero tamén sen baixar das 3.000. O seu mellor rexistro corresponde ó censo de 1950, en que suma 3.696 persoas. Na década dos setenta, Cerdido sofre a maior perda de poboación no que vai deste século, e pasa a pouco máis de 2.000 habitantes, que serán 1.867 en 1991.

Mañón ten un comportamento demográfico semellante ó de Cerdido. En 1900 anotaba 4.459 persoas, e dez anos máis tarde a cifra será de 4.340, cunha pequena variación. Esta será a tónica dos anos seguintes, con altibaixos: en 1920, 4.048 habitantes; en 1930, 4.059; en 1940, 4.168; en 1950, 4.267 e en 1960, 4.548, cifra que supón o maior número de habitantes que acada o municipio no que vai deste século. Entre 1960 e 1970, Mañón perde máis de 1.300 habitantes, o 25 por cento do total, e queda en 3.198. En 1981 o rexistro será de 2.046 persoas, e dez anos máis tarde de 2.103 habitantes.

En canto á estructura da poboación por sexos, o 48,58 por cento do total de habitantes da comarca de Ortegal son homes e o 51,42 por cento mulleres. Por municipios, Cerdido ten 48,09 por cento de homes e o resto son mulleres; en Cariño a proporción é 49,05 homes e 50,95 % mulleres; en Mañón o 51,65 por cento da poboación son mulleres e o resto homes. E no municipio de Ortigueira, o 48,47 por cento da poboación son homes e o 51,53 por cento restante son mulleres. ¶

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A cabalo entre a pesca e a agricultura

A actividade económica predominante na comarca de Ortegal segue estando a cabalo entre a pesca e a agricultura. En 1981 o sector primario tiña unha poboación ocupada de 56,39 por cento, e dez anos máis tarde rexistra unha perda de 14 puntos e sitúase no 42,38 por cento. Para esas datas de referencia a industria pasa dunha poboación ocupada do 12 por cento ó 16; a construcción sobe do 7 ó 11 por cento dos ocupados; e o sector terciario gaña 6 puntos, e pasa do 25 ó 31 por cento da poboación ocupada. É dicir, o peso de sector primario aínda segue sendo moi forte.

Cariño. O 42 por cento da poboación ocupada está no sector primario, sobre todo na pesca. A industria acolle ó 17 % dos ocupados. O 9 por cento da poboación ocupada corresponde á construcción. E o sector servicios rexistra unha poboación ocupada do 32 por cento do total.

Cerdido. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario pasou do 68 ó 49 por cento, o que supuxo un descenso de 19 puntos. Pola contra, os ocupados na industria pasaron de representar o 7 ó 21 por cento. A porcentaxe de ocupados na construcción a penas se experimentou cambios: 11 por cento en 1981 e 12 % en 1991. E os ocupados no sector terciario pasaron do 14 ó 17 por cento.

Mañón. En 1981 o sector agrario tiña o 60 por cento do total de persoas ocupadas, porcentaxe que nos dez anos seguintes diminuíu máis ben pouco e quedou no 53 %, o que amosa a forza da economía campesiña. A industria pasou do 10 ó 134 por cento de poboación ocupada. A construcción deu un gran salto, do 3 ó 11 por cento do total de ocupados. E, sen embargo, caeron os servicios catro puntos, do 27 ó 23 por cento.

Ortigueira. En 1981, o sector primario tiña o 54 por cento da poboación ocupada, e dez anos despois esta porcentaxe era do 39 %, 15 puntos menos. A poboación ocupada na actividade industrial aumentou lixeiramente entre 1981 e 1991, pasando do 13 ó 14 por cento dos ocupados. A construcción creceu desde o 8 ó 11 por cento e os servicios do 26 ó 36 %. ¶

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



O primeiro que paga a pena salientar en Ortegal é que posúe unhas paisaxes excepcionais, probablemente únicas en toda Galicia, por non dicirmos en todo o estado. En primeiro lugar, lembrar que estas son as terras máis setentrionais da península e que a visión do mar en Estaca de Bares é unha desas experiencias que non se esquecen doadamente.

Ortegal, o Norte do Norte

IGUALMENTE espectacular resulta o cabo Ortegal cos illotes 'aguillóns' e maila ermida de San Xiao do Trebol nas súas proximidades. Como terceira paraxe en espectacularidade os acantilados próximos á Herveira, disque os máis altos da Europa continental. Precisamente por eses lugares atópanse modernos aeroxeradores que entroncan cunha tradición que aínda ten algúns vestixios na comarca: a dos muíños de vento e de marea. No primeiro caso lembra-lo muíños de vento de Bares e de Picón, idénticos ós arquifamosos do 'Quixote' e que, noutro tempo, estiveron amplamente estendidos polas nosas costas setentrionais. No caso das 'aceas' ou muíño de marea, este consérvase no fondo da fermosa ría de Ortigueira.

As terras de Ortegal contan tamén con outros vestixios de diversas épocas que nos lembran diversos pobos e culturas que chegaron ata aquí: as abondosas mámoas, principalmente na serra da Faladoira, unha delas cun dolmen, 'o forno dos mouros', no seu interior, que xa foran estudiadas por Federico Macieira. Este pequeno concello, dun relevo ondulado e suave, ten os seus monumentos máis importantes nas igrexas de San Martiño de Cerdido, dun espléndido gótico.

Observatorio ornitolóxico en Estaca de Bares J.S


COMARCA
DE ORTEGAL
Desenvolvemento Comarcal
OCÉANO ATLÁNTICO
Cabo Ortegal
P. dos Aguillós
P. do Limo
"S. Xiau de Trebol"
Cariño
P. Robaliceira
"Miranda"
Praia do Castro
A Pedra
CARIÑO
P. Tarroiba
P. Candieira
S Andrés de Teixido
Chimparra
Cervo
CEDEIRA
Codeira
Fantón
Esteiro
Vilarrube
Vila de la Iglesia
VALDOVIÑO
Encoro das Forcadas
Vilaboa
CERDIDO
Felgosas
A Barqueira
Abad
Moeche
MOECHE
Enchousas
Seixas
AS SOMOZAS
Somozas
Deveso
Insua
As Neves
Graña
"Forno dos Mouros"
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
Pé da Veiga
Sisto
OUROL
Ourol
Mihotos
Pombal
Brayos
Texos
Cabanas (Sta. María)
Cabanas (S. Pantaleón)
Caión
MAÑÓN
Vilariño
Couzadoiro
Corbelle
Sta. Marta de Ortigueira
Seara
Guiña
Mera
ORTIGUEIRA
Praia de Mourozos
Praia de Espasante
Espasante
Marisma do Ladrido
I. de S. Vicente
Figueiras
Sismundi
Seixo
Serra da Capelada
Ría de Sta. Marta de Ortigueira
P. de Estaca De Bares
Cabo de Estaca De Bares
Porto de Bares
P. Meda
Illa Coelleira
Ría do Barqueiro
O Vicedo
Valle
Porto do Barqueiro
Negrades
Ribeiras do Sor
Mosende
O VICEDO
Riobarba
Vilariño
Couzadoiro
Ría de Viveiro
Faro
Celeiro
Covas
Vieiro
VIVEIRO
Landrove
Chavín
Teixos
Pombal
Miñotos
Ourol
Serra do Sor
Ría de Cedeira
Patrimonio artístico
Museo
Castelo
Pazo
Torre
Mosteiro, convento
Igrexa
Típico pobo mariñeiro
Escollera
Muiño
Festival celta
Festival de teatro
Zona húmida
Praia
Área recreativa
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril

Futuro da Comarca

A localización excéntrica e a desconexión cos grandes eixes de desenvolvemento rexional provocou que a Comarca funcionara como zona subministradora de poboación e de materias primas, restando capacidade de iniciativa e mantendo unha poboación case residual, e ó mesmo tempo supuxo a carencia dunha base productiva diversificada, máxime cando a antes vizosa industria conserveira experimentou unha notable decadencia. De acordo con esto propóñense os obxectivos marcados no Plan Estratéxico de Desenvolvemento desta Comarca, elaborado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia, ó abeiro do que se pon en marcha a Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Ortegal, que ten como papel a promoción e dinamización das iniciativas locais para a consecución a medio e longo prazo dos fins citados.



Cabo Ortegal J.S

Estas condicións históricas desfavorables non deben pois supor un impedimento insalvable para o desenvolvemento axeitado da Comarca, debendo aproveitarse as características especiais que posúe como un bo estado de conservación do medio natural e a súa paisaxe, o que a converte nunha área de excepcionais condicións para xera-lo desenvolvemento dunha actividade en expansión como o turismo de calidade e ecolóxico, que debe ser enfocado cara ó respecto e coidado da paisaxe e ó mesmo tempo evite a urbanización intensiva destas zonas.

Amais, deben ser aproveitadas as boas condicións edafo-climáticas, que fan dos recursos forestais, xa hoxe, unha florecente industria manufactureira, constituíndo por iso, unha base sólida para a especialización productiva da Comarca, se ben sería necesaria unha maior elaboración da materia prima para así aproveitar o valor engadido da producción.

A tradicional actividade pesqueira e marisqueira baseada nas excelentes condicións do seu litoral, e a inmellorable calidade das capturas, proporciona outro axeitado soporte para o desenvolvemento do sector e a mellora da súa productividade. Todo isto debe acompañarse dunha adecuación da rede actual de estradas, tanto no referente ás vias que comunican os Concellos entre si verdadeiras arterias do desenvolvemento local, como as que unen a Comarca co eixe entre os dous espacios urbanizados e industrializados máis próximos (áreas da Coruña-Ferrol e A Mariña Occidental lucense), onde existe un importante potencial de poboación, constituíndo unha referencia importante para a atracción de visitantes durante todo o ano, así como para a venda dos productos comarcais. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

33

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xaneiro do 1997

Deza

Ponte Taboada

José Salgado

O Deza

RAZÓNS históricas e factores naturais e funcionais converxen na delimitación desta comarca. Situada no centro de Galicia e ó noroeste da provincia de Pontevedra, ten unha posición estratéxica pola súa elevada nodalidade. Está formada polos concellos de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces, cun total de 871,78 km2.

O espacio comarcal aparece fragmentado en varias unidades de relevo: unha depresión aberta cara ó río Ulla, moi encaixado nesta zona e que serve de límite natural coa provincia da Coruña. O resto da comarca está rodeada por un cíngulo montañoso de considerable elevación. Polo leste e polo sur aparece o macizo montañoso que se forma arredor da aliñación da serra Faro-Farelo, bloque que se inflexiona en dirección ó oeste, onde forma o límite entre as provincias de Lugo e Ourense. As alturas van descendendo de vagariño cara ó Ulla. A rede fluvial da comarca está organizada polo río Ulla, que transcorre pola comarca no seu tramo medio. Os outros ríos importantes son o Deza, que lle dá nome á comarca, e o Arnego, os dous tributarios do Ulla. O clima, aínda sendo unha comarca interior, participa de certa influencia oceánica, que se aprecia fundamentalmente na relativa suavidade das temperaturas. En canto ás precipitacións rexistradas –1.290 mm de media comarcal– estas son lixeiramente máis baixas en relación á costa, aínda que nas partes máis elevadas da comarca se supera este valor medio. Desde o punto de vista demográfico, o Deza ten unha poboación de dereito de 51.493 habitantes (ano 1995), concentrada maioritariamente no sector occidental (Lalín, Silleda e Vila de Cruces). Fronte ó contexto involutivo da poboación en moitas áreas do interior galego, a comarca presenta cifras positivas de crecemento ata aproximadamente 1975, entrando posteriormente nunha etapa de estancamento do seu volume de poboación, o que sitúa a comarca nunha situación media desde o punto de vista demográfico, de transición entre a costa, máis dinámica, e en interior, cunha poboación máis envellecida. Non obstante, dentro da comarca existen importantes diferencias entre o eixe Silleda-Lalín, onde se concentra o crecemento demográfico, e as parroquias dos montes que rodean os vales (en Dozón, Agolada e Rodeiro principalmente). ❦

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ❦

Cara a unha economía menos vencellada ó campo

Nos últimos quince anos a vocación económica da Comarca do Deza está mudando a grandes pasos. Trátase dunha economía cada vez menos vencellada ó campo e cada vez máis ligada á industria e ós servicios. Aínda a principios dos anos oitenta, a economía da zona caracterizábase pola fortísima dependencia do sector agrario, preferentemente da gandería, o predominio da cal fixo que as praderías e mailo cultivo de millo forraxeiro foran gañándolles-la batalla ós cultivos cerealistas –trigo e centeo–, hoxe en día practicamente desaparecidos. A mecanización do campo veu acompañada dunha mellora das explotacións leiteiras, coa introducción das muxidoiras mecánicas e dos tanques de frío e o saneamento da cabana. Doutra parte, nos últimos anos asistimos a unha recuperación da producción de carne de vacún. Igualmente hai que subliña-lo crecemento do gando porcino e o desenvolvemento incipiente das albarizas, das que se obtén un excelente mel. A potenciación do sector gandeiro serve de desculpa para sacar a colación a importancia que ten para a comarca e mesmo para Galicia a Semana Verde de Silleda, convertida nunha das mellores lonxas de contratación gandeira de España, onde o seu certame agrario ten sona en toda Europa. A mesma evolución da Semana Verde levouna a converter no gran recinto feiral da comunidade galega, onde xa se celebran certames de todo tipo, que van desde a utilización da enerxía ó turimo, pasando polo medio ambiente. Consecuentemente co exposto, o Deza vai camiño dunha industria agroalimentaria integrada, se ben con avances e retrocesos no seu desenvolvemento, que aproveite as vantaxes comparativas que ofrece a actividade agrogandeira. Dentro das actividades empresariais, destaca tamén a confección e o téxtil, con algunhas firmas de prestixio internacional, a carpintería metálica que xera máis de 700 postos de traballo, a construcción e as súas industrias extractivas, a fabricación de pensos e as panificadoras, que se ben familiares están moi tecnificadas. ❦



Granxa de Mouriscade J.S

A partir dos oitenta gaña poboación

SE ben entre 1900 e 1981 a Comarca do Deza perde poboación, sobre todo a partir dos anos cincuenta como consecuencia da emigración a latinoamérica, primeiro, e a centroeuropa, a continuación, a mediados da década dos oitenta inicia un período de recuperación demográfica. A principios de século, a zona anotaba 52.255 habitantes; en 1920 a cifra é de 55.464 e a penas sofre variación no seguinte decenio. Nos anos trinta a poboación crece e o padrón de 1940 rexistra case 59.000 habitantes que pasarán a ser máis de 61.000 en 1950, cifra récord de poboación da Comarca do Deza no que vai deste século XX. A metade da centuria marca tamén o punto de inflexión á baixa na curva demográfica da zona. De 1950 a 1960, perde máis de tres mil persoas e o censo de poboación queda en case 58.000 almas. Nos vinte anos que van de 1960 a 1980, a comarca perde 10.000 habitantes, de xeito que en 1981 rexistra algo menos de 48.000 persoas. A partir desa data de referencia, que marca o mínimo alcanzado pola poboación do Deza neste século, comeza un novo ciclo e a poboación crece lixeiramente e sitúase en 1991 preto dos 49.000 habitantes.

Dos seis municipios que conforman a Comarca do Deza, Lalín é sen dúbida o máis poboado, de xeito que na actualidade representa máis do 40 por cento do total dos habitantes da comarca. De 1900 a 1920, o municipio experimenta pequenos incrementos de poboación, e pasa de 16.238 a 16.818. Entre o 1930 e 1950, salta ata os 19.000 habitantes, e mantense lixeiramente por riba deste rexistro pero sen alcanza-los 20.000 ata 1970. A emigración masiva a centroeuropa xunto coa caída da taxa de natalidade fará que a poboación decreza e anote 17.666 en 1981. Sen embargo, nos anos oitenta Lalín gozará dunha notable recuperación demográfica e no censo de 1991 aproximarase ós 20.000 habitantes.

Dentro da comarca, o segundo municipio por orde de importancia demográfica é Silleda, que en 1900 tiña 11.483 persoas e en 1950, 13.490, data a partir da cal leva perdendo poboación ininterompidamente, de modo que en 1991 anota 9.619 habitantes. Vila de Cruces tiña 9.924 persoas ó iniciarse o século, en 1960 ten o seu mellor resultado con 11.223 habitantes, cifra que en 1991 se reducirá a 7.192 persoas. En 1900, Agolada tiña case 4.800 habitantes e máis ou menos esa é a cifra que rexistra na actualidade. Ó longo deste século, Dozón a penas sufriu grandes oscilacións demográficas e rolda os 2.660 habitantes. Rodeiro alcanzou en 1940, 8.600 persoas, pero desde esa data vén perdendo habitantes. ¶

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991







Modernización dos sectores productivos

NA década dos oitenta a Comarca do Deza experimenta unha profunda renovación dos sectores productivos que continúa nos anos noventa e que se centra no desenvolvemento dunha florecente industria da confección, nas empresas de transformación e carpintería do aluminio a grande escada e na agroindustria. En 1981 o sector primario daba traballo na comarca a 66 de cada 100 ocupados e dez anos máis tarde esa proporción pasou a ser de 46 de cada 100, o que supón unha perda de 20 puntos. Pola contra o sector industrial, creceu, e pasou do 16 ó 26 por cento da poboación ocupada para as mesmas datas de referencia. En igual porcentaxe para as mesmas datas aumentou o sector servicios, que pasou do 18 ó 28 por cento da poboación ocupada.

Agolada. A súa poboación ocupada repártese entre o 62 por cento no campo, o 17 % na industria e 21 nos servicios.

Dozón. O sector agrario ocupa a 67 de cada 100 persoas e o resto repártese entre a industria (14 %) e os servicios (19 por cento).

Lalín. En 1981 algo máis da metade da súa poboación ocupada estaba no sector agrario (55,30 %) e en 1991, o número de ocupados no campo descendera ó 32 por cento, o que supuxo unha perda de 23 puntos. A maior parte desa perda é compensada pola industria, que pasa dunha poboación ocupada do 21 ó 35 por cento, o que por outra parte converte a Lalín nun dos municipios máis industrializados do Deza e tamén de Galicia. O número de ocupados nos servicios pasa do 23 ó 33 por cento.

Rodeiro. O 73 por cento dos ocupados traballan no campo; 12 de cada 100 na industria e o 15 por cento no sector terciario.

Silleda. O 48 por cento dos ocupados están no sector primario; o 21 por cento no secundario e 31 de cada cen están ocupados no sector terciario.

Vila de Cruces. A actividade agraria dálle traballo ó 46 por cento dos cupados, a industria acolle a 28 de cada 100 e no sector terciario hai o 26 por cento dos cupados. Vila de Cruces é o segundo municipio industrial da Comarca do Deza. ❦

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Deza, no centro de Galicia

A Comarca do Deza, o antigo condado Decense, atópase case que no centro xeográfico da nosa comunidade e, obviando a falta do mar, resume de moitos xeitos o que é Galicia, paisaxes verdes, vales abrigosos, serras, ríos, mosteiros, igrexas rurais espalladas aquí e acolá. Ademais diso, a comarca conta con diversas ofertas culturais, gastronómicas (caso do cocido) e turísticas que a fan moi atractivas. A Semana Verde de Galicia, que se celebra anualmente en Silleda é un foro axeitado para o encontro e promoción de Galicia con outras rexións e países. O recentemente inaugurado Pavillón Comarcal abre, acolledor, as súas portas en Lalín para informar e amosarlle ó visitante todo aquilo que a comarca ofrece.

En canto ós moitos monumentos que se espallan pola comarca, cabería sinala-lo mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, a Torre de Cira, a vella igrexa monasterial de San Pedro de Dozón, as igrexas de Camanzo, Donramiro, Taboada, moitas delas románicas. Ermidas coma a do Corpiño, lugar dunha célebre romaría, a do Faro, tamén con moitos fieis, no alto da serra do Faro, lindando con terras Chantadinas, ou Nosa señora da Pena da Sela. Da rica vida señorial desta terra fálannos os moitos pazos e casas señoriais: o pazo de Liñares, o de Figueroa, o de Dás, Borraxeiros, Trasulfe... por toda a comarca fan lembrar tempos moi distintos ós actuais.

Os espacios naturais, aptos para moitos deportes de natureza, teñen o seu máis fermoso expoñente no cadeiro ou fervenza do río Toxa, din algúns que a de maior altura de Galicia, nunha sombría paraxe chea de feitizo. A serra do Candán e o Couto de Zobra, préstanse para o sendeirismo, igual que outros moitos lugares. Unha ruta de especial interese é a que discorre ós pés do mosteiro de Carboeiro, nunha zona, ás beiras do río Deza, chea de vexetación. O rafting, descenso de augas rápidas, pode practicarse neste mesmo río, mercé a un club de Silleda. En canto ó parapente, o Faro é un lugar escollido por moitos afeccionados a este deporte para deixa-la terra e suca-lo ceo.



Invernadoiro J.S

Quen ama Galicia, ama tamén os seus costumes e etnografía. Nesta Comarca do Deza, pode o visitante ollar diversas manifestacions do saber e sentir populares. O caso máis vivo é o do entroido, ese Entroido do Ulla, cos seus soados e vistosos xenerais. Hai tamén outras expresións da alma popular, o saboroso cocido lalinense, a empanada de Silleda... como resto dunha cultura que hoxe xa desapareceu, consérvanse en Agolada e mais na aldea de Gouxa (Dozón) os antigos pendellos da feira, construcións moi singulares destas terras.

Terras que viron nacer e gardan hoxe as cinzas do pintor Laxeiro, terras nas que tamén houbo sitio para a arte moderna e contemporánea. Xunto co pintor recentemente finado, hai que lembrar a Lamazares, a Neira Vilas e a Fundación dedicada a el en Gres, a súa aldea natal, amais da Solaina de Piloño, pequeno pero interesante museo que amosa á perfección as ansias da comarca de vivir no presente.

Na comarca hai tamén dous balnearios e varias casas de turismo rural repartidas polos distintos concellos. O encoro de Portodemouros acolle tamén a turistas e, como conxunto, as terras do Deza agardan preparadas os visitantes que se achegan ata elas.

Sen dúbida, a figura do aviador Loriga, que ten un monumento dedicado no centro de Lalín encarna axeitadamente o espírito da comarca, vivo e encarado ó futuro. Só resta que, contando coas boas infraestructuras viarias que posúe, galegos e non galegos se achegen ata aquí, tentado descubrir algo diferente e estimulante. ¶

San Pedro de Dozón J.S

COMARCA DO DEZA
Desenvolvemento Comarcal
ARZÚA
SANTISO
TOURO
PROVINCIA DE A CORUÑA
Encoro de Portodemouros
Monte de Serra ▲ 520
Monte de San Silvestre da Costa 516▲
AGOLADA
Borraxeiros
Vila de Cruces
VILA DE CRUCES
Igrexa de Camanzo
Pioño
Solelana
Merza
Fervenza do Toxa
Mosteiro de Carboeiro
Monte As Serras ▲ 653
Monte de Castelo ▲ 827
A Golada
Monte das Mámoas 764▲
ANTAS DE ULLA
PROVINCIA DE LUGO
Monte das Fontelas ▲ 649
A ESTRADA
Silleda
LALÍN
Taboada
Monte de Guilar ▲ 784
TABOADA
RODEIRO
Golás
"Feira do Cocido"
Monte de Outeiro
Lalín
Monte de Ventosela 829
Pazo de Soutolongo
Monte de Costado ▲ 735
Alto de Nesperera 728▲
"Pazo de Trasulfe"
Rodeiro
SILLEDA
Monte Chamor ▲ 824
"Pazo de Camba"
"Nosa Sra. do Faro"
Porto
CHANTADA
DOZÓN
Pena de Francia 914▲
PROVINCIA DE PONTEVEDRA
Zobra
Castro
Vidueiros
FORCAREI
Cima de Valdeperiza 747
O IRIXO
PIÑOR
PROVINCIA DE OURENSE
Alto do Coto 826▲
Pabellón Comarcal
Igrexa
Ermida
Mosteiro
Pazo
Torre
Casa de turismo rural
Museo
Ponte
Pendello
Área recreativa
Balneario
Rafting
Fervenza
Antroido
Feira do cocido
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Diputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Camiño de Santiago

O futuro

ESTA comarca presenta un importante papel de encrucillada, potenciado pola grande accesibilidade que lle proporcionan as novas vías de comunicación, tanto as existentes como as proxectadas, o que conforma o Deza como unha área de equilibrio entre a Galicia costeira e a interior.

Este mesmo papel de encrucillada produce unha diferenciación interna do territorio, pois as partes menos poboadas e accesibles da comarca teñen menos oportunidades para o seu desenvolvemento, polo que aparece como prioritaria a corrección destes desequilibrios, mediante a información, orientación e innovación do medio rural, con accións como o fomento e desenvolvemento do aproveitamento agroforestal mediante a concentración parcelaria e a potenciación da especialización gandeira.

Lalín e Silleda, situados no eixe central de comunicacións, teñen grandes posibilidades de funcionar como polos de desenvolvemento e crecemento comarcal, e nestes centros funcionan xa importantes infraestructuras dinamizadoras, como a Fundación Semana Verde de Silleda e os parques empresariais de Lalín 2000 e Área 33 de Silleda, que presentan excelentes condicións para a implantación de novas actividades económicas, que sen dúbida van xerar un importante efecto multiplicador que pode incidir no resto dos sectores productivos da comarca. O sector terciario posúe así mesmo un bo potencial para o seu desenvolvemento, sobre todo o turismo rural, gracias ás boas condicións paisaxísticas e medioambientais da comarca. Por outra banda, no Plan de Desenvolvemento da Comarca do Deza sinálanse os principais recursos estratéxicos e as vantaxes deste territorio. Este, redactado pola Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, pretende interrelaciona-las potencialidades e as desvantaxes da comarca para deducir liñas estratéxicas directoras do desenvolvemento da comarca.

Fervenza da Toxa J.S

NESTE sentido, a Fundación para o Desenvolvemento da Comarca do Deza trata de promove-las accións, xenéricas ou específicas, previstas no Plan de Desenvolvemento, así como promover programas e actuacións que incidan no desenvolvemento integral da comarca.

Outro instrumento para a dinamización comarcal é o Centro de Exposición de Recursos da Comarca do Deza, situado no parque empresarial de Lalín, dedicado a múltiples actividades, entre as que destacan a organización de cursos de interese xeral, exposicións culturais, promoción de rutas turísticas e visitas guiadas á comarca. ¶

XUNTA DE GALICIA

34

Comarcas

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xaneiro do 1997

Tabeirós Terra de Montes



Curro de Sabucedo

José Salgado



Tabeirós e Terra de Montes

ESTA dobre comarca interior da provincia pontevedresa está formada polos municipios da Estrada, Cerdedo e Forcarei. Se ben en canto a superficie está entre as máis extensas da provincia de Pontevedra (cos seus 529,01 km2), non ocorre así no que á súa poboación respecta, porque con 31.403 habitantes (no 1991) é das menores desta provincia. O medio físico determina, en gran medida, esta baixa densidade de poboación (59,4 hab./km2).

Efectivamente, esta comarca está formada por dúas unidades naturais, e en gran medida tamén históricas: ó norte, a terra de Tabeirós, que forma parte do val do Ulla; e ó sur, a Terra de Montes, cabeceira dos ríos Umia e Lérez. A primeira destas unidades constitúe un anfiteatro montañoso que de sur a norte se resolve nunha serie de chanzos topográficos, desde os bordos de Terra de Montes ata o propio val do Ulla; o río Liñares actúa como vertebrador deste territorio, e a vila da Estrada constitúe o seu centro organizativo. Ó sur está o dominio de Terra de Montes, conxunto de zonas montañosas que forman parte da porción sur da Dorsal Galega, e que rexistran alturas por enriba dos 900 m na serra do Candán ou nos montes do Testeiro; nestes relevos teñen as súas cabeceiras arterias fluviais como o Umia ou o Lérez, que forman encaixados vales ó percorrer en dirección noreste-suroeste a comarca, antes de abrir amplos vales nas comarcas litorais, no seu camiño cara ás rías. Esta segunda unidade, Terra de Montes, inclúe os municipios de Forcarei e Cerdedo.


Cruceiro de Sabucedo J.S

A disposición da topografía ten o seu reflexo nas características climáticas ou bioxeográficas. As temperaturas descenden de norte a sur, mentres que as precipitacións teñen un considerable aumento nesa mesma dirección, chegando nalgúns casos a preto dos 2.000 mm anuais nas cotas máis elevadas; igualmente, as xeadas intensifícanse no mesmo sentido que as precipitacións. A máis intensa ocupación do solo no val do Ulla fixo retroceder a vexetación autóctona, mentres que en Terra de Montes, ó longo dos ríos aínda se conservan fermosos bosques galería, con vexetación ripícola, mentres que nas maiores alturas é a matogueira a característica da paisaxe.

AÍNDA que coa constitución dos partidos xudiciais no século pasado, o territorio desta comarca formou un conxunto único (partido de Tabeirós), a Terra de Montes tivo entidade propia, sendo o mosteiro de Acibeiro o seu centro de referencia histórica, engadindo as actuais terras ourensás de Beariz. Esta dicotomía mantense en parte, e hai claras mostras diso, como o basculamento de Tabeirós cara a Santiago e o de Terra de Montes cara a Pontevedra, ou a organización territorial de determinados servicios administrativos, pero tamén é certo que A Estrada está reforzando a súa función como centro aglutinador deste territorio para convertelo nun dos eixes vertebradores da Galicia interior. ❦

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ❦

O valor económico de ser un cruzamento de camiños

Dentro da Comarca de Tabeirós-Terra de Montes hai que subliña-la importancia que ten A Estrada como centro industrial e de servicios. Un factor determinante no crecemento da vila estradense foi o feito de atoparse nun importante cruzamento de camiños, pois, segundo contan os cronistas, por alí pasaban os peregrinos camiño de Santiago de Compostela, os arrieiros do Ribeiro, os viaxeiros cara ó mar de Arousa, os comerciantes casteláns e leoneses e as xentes que ían toma-las augas termais dos Baños de Cuntis. Coas novas comunicacións terrestres, A Estrada está a media hora de Pontevedra, a vinte minutos de Santiago e outro tanto de Vilagarcía. Polo seu municipio pasan a N-525 de Santiago a Ourense; a N-640 de Vegadeo a Pontevedra e a C-541 cara a Compostela.

O feito de que boa parte da comarca sexa bañada polos ríos Ulla e Umia, entre outros, posibilita o desenvolvemento dunha agricultura de primor, na que o cultivo de flores se mestura coas hortalizas e os legumes, así como a froita selecta, entre elas a mazá, pera e melocotón. As explotacións de gando, tanto de vocación de leiteira coma cárnica, esténdese polos municipios da comarca –A Estrada, Forcarei e Rodeiro–, tamén a ceba de porcos e as granxas de polos. No aspecto forestal, hai abundancia de piñeiro, eucalipto e bidueiro e, en menor proporción, de castiñeiro e carballo. A madeira deu orixe á existencia dunha importantísima industria do moble, con case un centenar de empresas, e que fixo posible a creación dunha feira exposición anual de mobles de deseño, única en Galicia. A confección é outra actividade, unha gran parte da cal se realiza a domicilio, que xera centos de postos de traballo na comarca. A vila da Estrada ofrece un comercio especializado e unha importante oferta hosteleira, así como todo tipo de servicios administrativos. De feito é capital de Partido Xudicial e conta cunha compañía da Garda Civil e cunha Comisaría de Policía, ademais de te-la situación da Escola da Policía Autonómica. Neste municipio celébranse ademais diversas feiras e mercados. Cabe cita-las do martes de Pascua e a do 13 de novembro coñecida coma a do San Martiño. ❦



Pazo de Oca J.S

A Estrada ten o 71 por cento dos habitantes

A importancia, tamén demográfica, da Estrada na Comarca de Tabeirós-Terra de Montes está fóra de toda dúbida, en canto que supón o 71 por cento do total de habitantes. Na zona hai que destacar dúas fases: na primeira, a poboación crece, desde case os 37.000 habitantes ó comezo do presente século ata os 43.000 que alcanza no censo do 1950, o que supón un incremento medio de aproximadamente 1.200 persoas en cada década; na segunda, a partir de 1950 a comarca empeza a perder poboación a un ritmo máis acelerado do que aumentou nos cincuenta anos anteriores e a consecuencia é que en 1991 terá 6.000 habitantes menos que a principios do século, ó anotar 30.868 persoas. Nas causas dese despoboamento están a emigración e, nos últimos tempos, a baixa taxa de natalidade. O caso é que os tres municipios que conforman a Comarca de Tabeirós-Terra de Montes teñen hoxe menor número de habitantes que no 1900.

A principios desta centuria, o municipio da Estrada rexistraba case 24.000 habitantes, e na primeira década a penas variará a cifra. En 1920, anota xa 25.471 persoas e dez anos máis tarde o rexistro aumenta a 26.623. En 1940, a Estrada rebordaba xa lixeiramente os 27.000 habitantes; unha década despois superará os 28.000 e en 1960 aproximarase ós 29.000. Sen embargo, é a partir do principio da década dos sesenta cando o municipio comezará a perder poboación: en 1970, anota 27.550 persoas; 25.719 en 1981 e 21.947 en 1991. En total, de 1960 a 1981, A Estrada perdeu case 7.000 habitantes.

O segundo municipio da zona, en termos de poboación, é Forcarei. En 1900 anotaba 7.751 persoas, e desde esa data de referencia ata o padrón de 1920, a poboación aumenta e pasa a 8.396 e, posteriormente, a 9.172. Na década dos anos vinte sofre unha pequena recesión demográfica e en 1930 rexistra 8.987, perda que recupera na década seguinte para alcanza-lo seu máximo de habitantes en 1940 con 9.244.

A partir de aquí inicia un descenso imparable: se ben en 1950 aínda se mantén por riba das 9.000 persoas, en 1960 a cifra xa será de 8.000, en 1970 rexistrará 7.000, número de persoas no que permanecerá estabilizado ata 1981. Non obstante, é nos anos oitenta onde Forcarei perderá máis poboación, de modo que en 1991 o número de habitantes xa só é de 5.224.

En Cerdedo a evolución da poboación sera semellante. Nos primeiros corenta anos deste século o número de habitantes xira arredor dos 5.300; en 1950 acada o seu mellor resultado con 5.888 persoas, e logo descende ata 3.697. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991







A industria ten maior número de ocupados

A perda de poboación e o envellecemento da mesma provocou un fenómeno curioso, o sector secundario ten maior número de ocupados que o primario pese a que non se poida falar dun forte e crecente proceso de industrialización nos últimos quince anos. Se en 1981, a Comarca de Tabeirós-Terra de Montes tiña 45 de cada 100 ocupados traballando no sector primario, dez anos despois esa proporción é de 32 de cada 100, producíndose o feito de que o campo pasa a se-lo sector que menos ocupados ten. A industria crece lixeiramente a pasa do 33 ó 34 por cento do total de ocupados na zona. E o sector servicios dá o gran salto cara a diante na década dos oitenta a pasa de te-lo 22 ó 34 por cento da poboación ocupada.

Cerdedo. Entre 1981 e 1991, o sector agrario perde case a metade da súa poboación ocupada, e pasa do 63 ó 34 por cento. Pola contra, o sector secundario aumenta ostensiblemente a súa porcentaxe de ocupados na estructura productiva do municipio e pasa do 22 ó 38 por cento do total. Un comportamento semellante anota o sector terciario que pasa de ter 15 de cada 100 ocupados a 29 de cada cen.

A Estrada. En 1981, o sector primario tiña o 41 por cento dos ocupados do municipio, cifra que na década dos oitenta se irá reducindo ata o 29 por cento que anota en 1991. A porcentaxe de ocupados no sector primario a penas variará nas datas de referencia, e permancerá sobre o 33 % dos ocupados. Será, pois, o sector servicios o que protagonizará o maior aumento porcentual de ocupados nos anos oitenta, ó pasar do 26 ó 38 por cento. A Estrada é o municipio da comarca que ofrece máis e mellores servicios.

Forcarei. Ó contrario dos outros dous, entre 1981 e 1991, a poboación ocupada no sector agrario permanece case invariable, descende do 45 ó 42 por cento. Aínda que dun xeito un pouco máis acusado, tamén o número de ocupados na industria cae, e faino desde o 39 ó 34 por cento. Os dous descensos son compensados polo sector terciario, que pasa do 16 ó 24 por cento do total de ocupados no municipio. ¶



As terras máis montesas da provincia

A comarca que de Tabeirós - Terra de Montes contén algunhas das paraxes máis montesas e engaiolantes de Pontevedra, lonxe desas típicas de mar quedo, sol e marisco que parecen asociarse á provincia. A serra do Candán con máis de mil metros sobre o nivel do mar, o berce do Lerez e o Umia, a Lagoa Sacra de Olives ou os montes do Seixo conforman algúns dos enclaves naturais que ofrecen estas terras para o desfrute da natureza.

APROVEITANDO precisamente estes potenciais, xunto coa existencia de numerosas pontes nas súas beiras, a Fundación Comarcal Tabeirós - Terra de Montes ten preparada e sinalizada a Ruta das Pontes do Lerez, unha proposta de sendeirismo chea de interese que permite cruzar estas terras por vellas sendas, tralas pegadas dos devanceiros. Aínda que por recuperar, quedan tamén os restos dunha célebre vía de arrieira, o chamado Camiño Breeiro, por onde os viños do Ribeiro chegaban a Santiago noutro tempo, cruzando as serras solitarias nas que, soamente ás veces, as bestas ceibas lle dan un pouco de vida a unha paisaxe inmóbil. Bestas como as de San Lourenzo, as que tódolos anos baixan os veciños de Sabucedo ata o curro, nun ritual máxico e iniciático no que o home porfía co animal nunha loita chea de pica. O santo, por fortuna, vela para que ningún dos bravos loitadores resulte mancado ante os ollos dos moitos visitantes que este acto atrae.

E se a natureza da comarca ten un dos seus maiores atractivos no Curro de Sabucedo, declarado de interés turístico, arte e historia teñen dous monumentos sobranceiros que ofrecerlles ós visitantes: trátase do pazo cos seus xardíns de Oca, coñecido como o Versalles galego, e o magnífico mosteiro de Acibeiro, situado nas alturas da comarca e que, antes da desamortización controlaba numerosas propiedades en todo o Reino de Galicia. Tiña tamén o mosteiro un lucrativo negocio: a venda da neve das serras para a conservación de alimentos. A obra do edificio, en boa parte románica, leva anos sendo recuperada por unha escola taller e, hoxe en día, vai tendo o aspecto que debeu ter en tempos.

Terra tamén de célebres gaiteiros (existe un monumento dedicado a eles en Soutelo) e canteiros, a arte popular pode atoparse en moitos recunchos. A canteira deixou para sempre, ademais dunha sincrética linguaxe coñecida coma verbo dos arxinas, testemuños coma a do conxunto de hórreos da Ermida ou a espléndida aldea de Pedre.

Outros moitos monumentos de diversos estilos agardan á beira dos camiños, nas vilas da comarca, nas pequenas aldeas, a ser descubertos polos visitantes. A inusual torre de alarma de Barciela, superviviente do tempo medieval, a igrexa de Loimil, a de Codeseda, a de Cerdedo... ou ermidas como a de Castrovite, sita nun outeiro que foi cidadela prerromana. Quedan restos tamén de construcións militares como a Torre de Guimarei, non lonxe da animada vila da Estrada. Nesta importante localidade (a maior de toda a comarca) cómpre visita-la súa zona antiga e o cruceiro primixenio da localidade, ou achegarse ata a casa do concello, de elegante estilo modernista, o mesmo que se pode admirar nunha nobre vivenda de Soutelo de Montes. Ermidas, cruceiros, pazos, pontes coma o de Pontevea, carballeiras... a esencia profunda da terra asoma por tódolos recunchos. Como axeitado complemento, unha surtida oferta de hostelería na que non se esquecen os variados e numerosos establecementos de turismo rural que, especialmente neste concello, agardan ó visitante coa súa coidada presencia e trato, coidando que todos leven un agradable recordo desta Pontevedra un pouco diferente, brava e fermosa. ¶

Muíño no Lérez J.S


COMARCA DE
TABEIRÓS - TERRADE MONTES
Desenvolvemento Comarcal
TOURO
BOQUEIXÓN
VILA DE CRUCES
PROVINCIA DE A CORUÑA
TEO
VEDRA
PADRÓN
Ponteveia
Santeles
Berres
Oca
Igrexa de Lomit
Sta. Mariña de Castrovite
Orazo
Balcira
Vea
Trasmonte
Monte Arbela
Vilas
Foxo
Monte Xesteiras
Monte Sebastián
749 m
Lamas
Olives
Lagoa Sacra
SILLEDA
A Estrada
Alto da Cruz
"Torre medeval de Guimarei"
Visneiro
Pardemarín
Couto do Espiño
A ESTRADA
CUNTIS
Monte Arca
Nigol
Fillois
813 m
Codeseda
777 m
Acebeiro
Nacemento do río Lérez
1014 m
As Igrexas
Sabucedo
Forcarei
"Torre de Barciela"
Cachafeiro
Berrozo
O Cádabo
CAMPO LAMEIRO
FORCAREI
CERDEDO
MORAÑA
Vilar
do Castro
"Ponte Parada"
Folgoso
Madanela
"Monumento os Galteiros"
Viladouca
Soutelo
BARRO
Pedre
Cerdedo
1014 m
Monte do Beixo
PROVINCIA DE OURENSE
BEARIZ
COTOBADE
Doade
A LAMA
Pobo típico
Edificio Oficial, Concello
Pabillón Comarcal
Pazo
Torre
Mosteiro, convento
Igrexa
Capela
Casa de turismo rural
Monumento conmemorativo
Ponte
Sendeirismo
Curros
Lagoa
Nacemento do río
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril

O futuro

DE modo semellante ó que ocorre no mundo rural de boa parte das rexións europeas, esta comarca sufriu un proceso de despoboamento e un descenso na actividade que ata o momento lle era propia (a agraria), os dous moi intensos.

Este proceso xeral vese agudizado neste caso por dúas razóns; dunha banda polos condicionamentos medioambientais (estamos ante un espacio maioritariamente montañoso) e, doutra, polas características de Galicia (tradición emigratoria secular).

Agora ben, o medio rural adquiriu novas funcionalidades (localización de actividades non agrarias, función turística ou medioambiental) o que levou á diversificación da súa base económica e á pluriactividade dos habitantes para crearen máis oportunidades de xerar ingresos non agrarios. As políticas aplicadas ó medio rural camiñan nesta dirección, deixando de ser sectoriais (aplicadas á agricultura) para convertérense en territoriais.

O Plan de Desenvolvemento Comarcal responde a estas expectativas, e no que a esta comarca se refire, conta xa cos instrumentos necesarios (Fundación para ou Desenvolvemento da Comarca de Tabeirós e Terra de Montes, Xerente de Desenvolvemento), cos que se está poñendo en práctica un plan estratéxico aplicado a este territorio, utilizando as propias potencialidades da comarca, entre as cales podemos resalta-las seguintes:



Pazo de Oca J.S

I. A primeira potencialidade é a súa posición en relación ós centros de gravidade da rexión, xa que polo norte conflúe coa zona de expansión da capital rexional, polo oeste co corredor meridiano, principal eixe económico e demográfico de Galicia, e polo leste limita co eixe interior de 'crecemento-equilibrio' Santiago-Lalín.

II. A existencia dun centro urbano como é A Estrada, concentrador de poboación, actividade e servicios, é outra das vantaxes deste territorio; por outra banda, este centro ten unha elevada accesibilidade dentro da rexión.

III. Unha das singularidades desta comarca é a tradición empresarial, enfocada á fabricación dun producto: o moble. A partir desta actividade xerouse unha importante ocupación, así como a organización de certames xa cunha certa tradición.

IV. O patrimonio natural, monumental e cultural supón unha importante potencialidade. As paraxes de val fluvial ou as de serra teñen un valor incalculable, o mesmo que a riqueza piscícola dos seus ríos; conta cun dos pazos máis emblemáticos de Galicia: o de Oca; a tradición na canteira sementou de belas mostras de arte maior e menor tódolos recunchos desta comarca, destacando o mosteiro de Acibeiro.

XA por último, non podemos deixar de sinala-la existencia de múltiples asociacións culturais, recreativas ou con outros obxectivos, que lle confiren á poboación desta comarca un espírito asociativo que cabe considerar tamén como unha potencialidade de cara ó seu desenvolvemento integral. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

35

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Febreiro do 1997

Baixo Miño

Desembocadura do Miño, en A Guarda

José Salgado

Baixo Miño

O esteiro do Miño é o accidente xeográfico que lle dá unidade a esta comarca, situada no extremo sudoeste da provincia de Pontevedra. Forman parte deste territorio os concellos de Tui, Tomiño, Oia, O Rosal e A Guarda, cunha superficie total de 322,8 km2 e con 46.339 habitantes (poboación de dereito, no ano 1995). Cara ó noroeste, as serras de Groba e do Galiñeiro forman un claro límite natural, límite que se esvae cara ó sector oriental da comarca e, neste caso, a delimitación obedece a factores históricos e mais funcionais. Efectivamente, esta comarca formou parte da antiga provincia de Tui, e está poboada desde os mesmos albores da historia: restos do paleolítico, asentamentos castrexos e documentos medievais falan dunha pronta e intensa humanización deste territorio, que se traduce nun rico patrimonio cultural, manifestado a través de numerosos restos arqueolóxicos e dun importante patrimonio arquitectónico e mais etnográfico. En época anterior adquiriu o seu carácter fronteirizo a causa das guerras con Portugal, carácter que actualmente perdeu en parte gracias á integración de ámbolos dous países na Unión Europea. En canto ó medio natural, o Baixo Miño presenta un enorme valor ecolóxico, principalmente no esteiro de Miño, onde poden encontrarse numerosas especies de grande interese botánico e faunístico. Aquí está o Parque Natural do Monte Aloia e os espacios protexidos do esteiro do Miño, de interese internacional, parte das gándaras de Budiño e a serra de Argallo. ¶



O Parque Natural do Monte Aloia, en Tui J.S

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Favorecida polo efecto fronteira e a proximidade con Vigo

Detalle da catedral de Tui J.S

A comarca do Baixo Miño está favorecida polo efecto fronteira que supón o ser lugar de paso entre España e Portugal, así como pola relativa proximidade da área industrial Vigo-O Porriño. Historicamente, a industria da zona estaba ligada ás materias primas procedentes do sector primario e ó desenvolvemento das explotacións agropecuarias. Os aserradoiros e a industria da madeira, que lles daba emprego a 3.000 persoas, sufriu unha crise a finais dos anos cincuenta ata case a súa desaparición, posto que en 1976 o número de traballadores non chegaba ó cento. Pola súa importancia, cabe tamén subliña-la industria da cerámica, que aproveitaba as arxilas das ribeiras do Louro, cuns procesos de fabricación que se centraban principalmente na porcelana, ladrillo e tella.

A existencia dun clima suave e de solos de aluvión formados por sedimentos do Cuaternario con arxilas de gran fertilidade son a base fundamental da boa calidade dos productos agrarios: o viñedos e os cultivos de primor e de horta, además das froitas –limón, laranxa, mirabel, kiwi, etc– serviron para desenvolver unha industria alimentaria de alta calidade, sobre todo no val do Rosal, famosa fóra de Galicia.

A proximidade á area industrial de Vigo-O Porriño, provocaba que miles de persoas da comarca do Baixo Miño se desprazen diariamente cara a esa zona para traballar. Non obstante, nos últimos quince anos constátase un aumento de industria local, con varias empresas dedicadas a materiais de construcción, transformados metálicos e productos químicos. Por suposto, toda a comarca benefíciase do feito de converterse en lugar de segunda residencia da área metropolitana viguesa.

No caso particular da vila de Tui, considerada como o centro administrativo e comercial do Baixo Miño, cómpre significar que conta coa Cámara de Comercio, Industria e Navegación. A cidade, que se desenvolveu en torno á catedral no século XII, ten ademais unha forte oferta comercial, que se beneficia do efecto fronteira con Portugal. A riqueza do patrimonio artístico de Tui e do resto da comarca posibilita o desenvolvemento dunha oferta cultural con atractivo turístico, á que hai que unirlle as grandes posibilidades que ten a desembocadura do Miño para a realización de todo tipo de deporte náutico. Unha oferta que se potenciará coa culminación das obras da autoestrada. ¶

Fin dun ciclo demográfico expansivo

A evolución demográfica da comarca do Baixo Miño pasa por tres etapas diferenciadas, desde o ano 1900 ata o 1940, a poboación crece ininterrompidamente e pasa de 35.101 a 41.165 persoas, se ben na década dos anos trinta prodúcese unha perda de poboación provocada pola masiva saída de emigrantes cara a América. Desde 1940 a 1970, a zona perde poboación e queda con 39.612 persoas. No decenio dos setenta, a comarca gaña 3.649 habitantes e sitúase nos 43.261, pero a partir do censo de 1981 a crecemento é máis cativo, e nos dez anos seguintes non chega a 500 persoas máis. O rexistro de 1991, con 43.706 habitantes, indica a fin dun pequeno ciclo demográfico expansivo e entrada noutro ciclo caracterizado polo estancamento debido á caída da taxa de fecundidade.

Dos cinco municipios que conforman o Baixo Miño, Tui é o de maior número de habitantes. Ó inicio do presente século, Tui tiña 11.113 persoas, e rexistra un crecemento constante ata 1950, salvidade feita da década dos anos vinte en que polas razóns que para o conxunto da comarca –a emigración– descende o número de habitantes en 310 persoas. En 1950, Tui acada preto de 14.000 habitantes. Pero a partir de aí, nos anos cincuenta e sesenta, perde poboación a consecuencia da emigración cara a Europa e no censo de 1970 anota 12.600 habitantes. Nos setenta, o municipio inicia o camiño da recuperación demográfica, en 1981 sitúase á beira dos 15.000 (14.975) e, dez anos máis tarde, xa está nos 15.346 e comeza o inicio dunha nova fase de estancamento.

A segundo municipio do Baixo Miño en importancia demográfica é Tomiño. Un risco peculiar deste municipio é que ó longo de todo século a súa poboación se move en torno ós 10.000 habitantes, sen grandes oscilacións cara a riba ou cara a baixo. Entre 1900 e 1950, a cifra de habitantes de Tomiño bailará entre os 10.025 de 1910, que é a cifra máis baixa, e os 10.412 de 1950, que é a cifra máis alta. Nos anos sesenta e setenta a poboación cae lixeiramente por debaixo dos 10.000 habitantes e rexistra 9.817 (1960) e 9.865 (1970). A partir do censo de 1970 a poboación crece e chega ás 10.499 persoas en 1981, e nos dez anos seguintes volve perder habitantes e anota 10.130.

A Guarda tiña 6.000 habitantes en 1900, crece ata os 9.311 en 1940, a partir de aí perde poboación e, no censo do 1960, anota 7.727 persoas. Na décadas seguintes gaña habitantes e rexistra 9.727 en 1991. Oia tiña 2.639 persoas ó inicio do século e en 1991 anota 3.017. E o Rosal segue por riba dos 5.000 habitantes.❡

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991







A ocupación no sector primario baixa á metade

De 1981 a 1991, a ocupación no sector primario da comarca do Baixo Miño descendeu practicamente á metade, o pasar do 42 ó 21 por cento. Nese mesmo período de tempo a poboación ocupada na industria creceu desde o 19 ó 22 por cento; a construcción pasou do 14 ó 18 por cento e o sector servicios gañou 14 puntos, ó pasar do 25 ó 39 por cento do total da poboación ocupada na comarca. En conxunto, o grao de industrialización do Baixo Miño é algo superior á media provincial e está catro puntos por riba da media galega.

A Guarda. Entre 1981 e 1991, o sector primario caeu 4 puntos e quedou nun 35% de poboación ocupada. A industria pasou de te-lo 22 ó 15 por cento dos ocupados. A construcción permeneceu nun 10%. Os servicios aumentaron a poboación ocupada en 11 puntos e anotaron o 39 por cento do total.

Oia. O número de ocupados no sector agrario descendeu 34 puntos, ó pasar do 65 ó 31%. Na industria creceu desde o 9 ata o 15 por cento. Na construcción duplicáronse os ocupados, do 9 ó 18 por cento. E nos servicios do 17 ó 36 por cento.

O Rosal. A poboación ocupada na agricultura reduciuse á metade e quedou nun 20 por cento. Os ocupados na industria aumentaron case dous puntos e quedaron nun 21 por cento. A construcción pasou do 16 por cento ó 26 por cento, e os servicios do 21 ó 33% dos ocupados.

Tomiño. O sector terciario pasou do 55 ó 25 por cento de poboación ocupada. A industria deu un salto espectacular: do 14 ó 23% dos ocupados. A construcción pasou do 15 ó 22%. E os servicios practicamente duplicaron a poboación ocupada: do 16 ó 30%.

Tui. Os 24 puntos de poboación ocupada que perdeu de 1981 a 1991 converten a Tui nun dos municipios intermedios galegos con menos poboación agraria, o 6 por cento. Entrementres, a industria cobra máis peso e rexistra o 28% dos ocupados. A construcción gaña tamén ocupados e pasa do 15 ó 18%. O sector servicios sitúase á cabeza, de xeito que 48 de cada 100 ocupados están no sector. ❡

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Onde o Miño morre

AÍNDA que Fisterra foi de sempre a fin do mundo coñecido, de certo xeito, Galicia tamén ten o seu remate na Guarda, alí donde a terra fende o mar e o Miño vai morrer. Desde as alturas do monte de Sta. Tegra a panorámica do río fundido co mar é espectacular. O que na serra de Meira, no seu berce, non é máis ca un ledo regato, chega ó seu derradeiro tramo levando auga de moitos outros ríos galegos, o sangue desta terra. Xusto no monte de Sta. Tegra ten tamén o visitante un dos xacementos arqueolóxicos máis sobranceiros de Galicia, a Citania que leva o nome do monte. Un pequeno musco no cumio pretende explicar tamén algo do antigo espírito galaico.

Para entendermos un pouco mellor o que foi Galicia, serve tamén unha visita á magnífica cidade de Tui, capital provincial en tempos e sede dun bispado. A espléndida catedral-fortaleza románica explica ben a dualidade de poder temporal e espiritual que detentou a igrexa no antigo reino de Galicia.

A catedral, que semella o palacio papal de Aviñón en pequeno, ten un aspecto sobrio e solemne que aumenta cando cae a noite e a zona vella tudense se enche de encanto. É quizais nesas horas, cunha luz indecisa, cando máis se pode desfrutar dun calado paseo polas estreitas rúas, descubrindo igrexas como a de San Domingos, a capela de San Telmo ou conventos como os das Clarisas ou o das Monxas Encerradas. Algo máis lonxe, dende onde se sitúa o templo de San Domingos, divísase o quedo vagar do Miño nos seus tramos finais.

Xunto a todo isto, a comarca do Baixo Miño parece sempre iluminada polo sol que a fai brillar con forza, a mesma luz do océano batendo na súa face occidental, no concello de Oia, que ten no seu mosteiro o monumento principal. Aínda que a praia de Area Grande ou o muíño de vento de Mougás ben merecen unha visita. Ten tamén en Oia certo interese a 'Rapa das Bestas' que se celebra tódolos anos.

San Domingos, en Tui J.S

Na Guarda, a vila mariñeira ten case todo o protagonismo, se exceptuámo-la citania e o monte de Sta Tegra. O porto pesqueiro, o castelo de Sta. Cruz, a igrexa parroquial de Sta. María... tódolos elementos fan da vila un lugar apetecible para interminables paseos, coa brisa mariña sempre nos beizos e na faciana.

Cara ó Rosal e Tomiño hai tamén pequenas xoias que descubrir.

No Rosal, concretamente, os muíños do Folón constitúen un interesante conxunto destas construccións tradicionais, case sen par en Galicia. Tamén son de interese as visitas á ponte Tamuxe e ó Museo municipal.

En Tomiño, o desfrute na natureza pode facerse nas serras de Argalo ou na do Galiñeiro, ou nas praias fluviais de Goián ou Forcadela. Os monumentos tampouco faltan: Castelo de Goián, igresias de Tebra, Tomiño ou Figueiró. Todo iso acompañado polas mansas paisaxes que brinda o Miño.

Tamén se padería falar da gastronomía, do parapente, do sendeirismo, do simple repouso... pero cadaquén pode atopa-lo seu xeito de desfrutar desta terra ó límite, onde morre o Miño. ¶

Acampada no Monte Aloia J.S

COMARCA
DO BAIXO MIÑO
OCÉANO ATLÁNTICO
PORTUGAL
BAIONA
GONDOMAR
O PORRIÑO
TUI
SALCEDA DE CASELAS
SALVATERRA DE MIÑO
OIA
TOMIÑO
O ROSAL
A GUARDA
Illa Carral
Cabo Silleiro
Illa Negra
Punta Centinela
Punta Pedra Rubia
Illas Orelludas
Punta Orelludas
Punta Langosteira
Illa Axoeira
Praia de Area grande
Citania y museo de Sta. Tegra
Punta dos Picos
Illa de Ariño ou Pasaxe
Illa Moraceira
Monte Aloia
631
Facho
430
Grova
654
Alto das Pozas
606
Cruz de Pao
533
Corrubedo
599
Lousado
615
Pedrada
518
Torroña
Burgueira
Tetón
474
A Devesa
Pexegueiro
Catedral
Tui
Areas
Cristelos
Tebra
Ponte Tamuxe
Tomiño
Vilachán
Forcadela
Loureza
Figueiró
Tolo
Goián
Vilardevatos
Acebedo
San Xián
553
Muiños do Folón
O Rosal
Ponte Tamuxe
Panchelo
Tetroso
363
A Gándara
A Guarda
Sta. Tegra
343
O Pasaxo
Río Miño
Chain
Vilas
Vacaria
Budiño
Pandemburiss
Salcedas de Caselas
Páramos
Caldelas
Porto
Baredo
Baiona
Donas
Nanda
Area
Belesar
San Cibrán
Torre
Couso
Mougas
Viladesuso
Cristelos
Serra de Grova
Serra do Galiñeiro
Serra de San Simón
Serra de Arnelo
Serra do Rego
Serra da Groba
Serra de Morgadans
Serra da Rasa
Serra de Furna
Serra da Bouza
Autovía autonómica
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Conxunto histórico-artístico
Pobo típico mariñeiro
Praia marítima
Praia fluvial
Parque natural
Muiño de auga
Catedral
Mosteiro
Igrexa
Capela, santuario
Castelo
Museo
Citania
Ponte
Muiño de vento
Parapente
Rapa das bestas
Desenvolvemento Comarcal

O futuro

UNHA vantaxe da comarca é a súa potencialidade turística, que experimentou un notable avance nos últimos anos gracias á mellora da infraestructura.

Esta vantaxe baséase na existencia de variados recursos paisaxísticos en diferentes ámbitos da costa e do interior e nun rico patrimonio histórico e mais artístico, ademais dunha importante gastronomía.

Este atractivo turístico pode incrementarse, tal como se indica nas directrices fixadas polo Plan de Desenvolvemento Comarcal, mediante accións que tendan a mellora-lo medio ambiente e mailo patrimonio cultural, dirixidas a corrixir deficiencias existentes, á creación de áreas recreativas propias e mais a protexe-los espacios naturais.

Outra vantaxe do Baixo Miño é o seu sector primario, caracterizado por unha alta productividade potencial. Actualmente existen explotacións agrícolas, principalmente de froitas, de hortalizas e mais de flores, productos de gran rendemento e orientados ós mercados urbanos próximos á bisbarra. A pesca é tamén un importante recurso que, proximamente, contará cun novo porto na Guarda.

No marco do Plan de Desenvolvemento Comarcal, para pór en marcha as accións xenéricas enunciadas no mesmo e, basicamente, para integrar no proceso de desenvolvemento da comarca ó sector público e privado, creouse a Fundación para o Desenvolvemento da Comarca do Baixo Miño. Informar, animar, asesorar e incentiva-la participación de tódolos axentes sociais e económicos, e a concreción de proxectos son algunhas das tarefas básicas que se están a acometer.


J.S

Buscando obte-la máxima rendibilidade dos recursos e das potencialidades que a comarca posúe, a Fundación Baixo Miño centrou o seu traballo na elaboración e na promoción de iniciativas e de proxectos e a súa posterior presentación en programas rexionais, nacionais e comunitarios, sempre tratando de conseguí-la implicación dos diversos organismos, empresas e entidades comarcais e coordinando esforzos e actuacións para alcanzar un desenvolvemento comarcal integrado e sostible.

O proxecto Hortomulier (Iniciativa comunitaria NOW) de emprendedoras na agricultura biolóxica; o programa operativo Interreg II; o Programa de Diversificación Económica; proxectos como a Ruta do Viño do Rosal; o Plan de Animación Sociocultural no mundo rural ou Sesións Formativas e Informativas xerais e específicas, son algúns exemplos das accións promovidas desde a Fundación Comarcal, que ve o futuro da bisbarra con ilusión e con optimismo. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

36

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

A Paradanta

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Febreiro do 1997

Cabalos en Serra do Faro. Avión

José Salgado



A Paradanta

A Paradanta está situada no extremo sudoriental da provincia de Pontevedra, limitando coa provincia de Ourense e con Portugal. Compoñen a comarca os concellos de Arbo, da Cañiza, de Covelo e mais de Crecente, cunha superficie total de 333,1 km2 e cun total de 21.692 habitantes (poboación de dereito, no ano 1995).

A comarca, que toma o seu nome dos Montes da Paradanta, corresponde a un conxunto topográfico formado por unha depresión aberta e inclinada cara ó río Miño e rodeada de montañas nos somontes da serra de Suído. Nestes somontes nacen unha serie de cursos de auga que forman pequenos vales que descenden cara á canle do río Miño. Verbo da topografía, a comarca organízase sobre bloques tectónicos afectados polas extensas superficies de erosión da Cañiza, de Tilleira, de Montouto e mais de Aranda, entre os 600 e os 1.000 metros, superficies que dan paso, no seu sector oriental, a zonas máis elevadas, como a serra de Faro de Avión. Esta topografía tradúcese nunha paisaxe monótona, de formas suaves, desenvolvidas sobre materiais graníticos que se interrompen nos vales dos ríos Tea, Deva e mais Ribadil. ¶

Pazo de Almuíña, co Miño ó fondo J.S

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Unha zona estrada de vales e de ríos moi fermosos

A Paradanta é unha zona estrada de fermosos vales atravesada por numerosos ríos que van desembocar ó Miño, o que lle confire un forte atractivo paixasístico aínda por explotar no plano dun turismo ecolóxico. En calquera caso, a comarca leva xa uns anos en que foi descuberta como lugar de segunda residencia para os habitantes de Vigo. Esta evolución verase probablemente fortalecida polo desenvolvemento das comunicacións entre Vigo e Madrid, sobre todo a construcción da autovía do sur de conexión coa Meseta, pero tamén as melloras que se poidan producir no ferrocarril.

Unha curiosidade da zona son as presas de regadío, coñecidas como *levadas*, entre as que sobresae a que pasa polo Gurgullón, construída por orde da condesa de Sande, segundo outros pola viúva de Albeo, no 1715. Ten unha lonxitude de 20 quilómetros, e vai desde a parroquia das Achas (A Cañiza) ata o Miño. Os encargados de vixiaren a *levada* son os *levadeiros* e os fiscais levan o *Libro das levas*. Ámbolos dous cargos elíxense en xuntas que se celebran tódolos anos no mes de maio. As horas de rego poden comprarse e venderse e os usuarios de presa arriba teñen dereito á auga, aínda que os de máis abaixo queden, mentres, sen ela.

Para os amantes da natureza quizais lles interese saber que na alta montaña da Paradanta predominan as rochas núas ou cubertas de pequena vexetación. Nos chans ou planices, hai piñeiro, carqueixa, uces e toxos.



A zona intermedia está poboada de carballos, piñeiros, eucaliptos, castiñeiros, amieiros e salgueiros. E nas ribeiras aparecen as vides, sen esquecer especies como a sobreira, laranxeira e limoeiro. A fauna é tamén variada con coellos, perdices, raposos, lobos, gatos bravos e ata corzos. Hai que subliñar, ademais, a importancia que ten a pesca da lamprea –a de Arbo ten sona dentro e fóra de Galicia–, que xunto co salmón e co cazapo, se colle en *pescos* ou *peixerías*, nas que se pon unha rede cónica para captura-lo peixe. E tampouco convén esquece-la variedade de viños, coa nota característica de ter *agulla*. Entre as distintas variedades de uva utilizadas cabe citar Caíño, Brancello, Picarpolo, Pedral, Collón de Galo, Espadeiro, Tarentei e Rei Gloria, entre os tintos. E Treixadura, Albariño, Palomino e Torrontés entre os brancos. ❦

Pazo de Valeixe. A Cañiza

J.S

Ten menos habitantes ca no ano 1900

A comarca da Paradanta ten agora menos habitante ca no ano 1900. A principios de século rexistraba 25.318 persoas e 91 anos despois a cifra era de 20.462. O comportamento da súa gráfica demográfica é sinuoso. Nos dez primeiros anos, a poboación da zona crece e sitúase en 25.422 habitantes. Nas dúas décadas seguintes perde xente e anota 24.329 persoas no censo de 1930. Nos anos trinta a poboación aumenta e en 1940 rexistra 27.194, acadando o seu máximo poboacional neste século. A partir desa data descende a poboación e en 1960 anota 25.855, se ben nos dez anos seguintes se recupera outra vez e pasa a ter 26.618 persoas. Desde 1970 en adiante, perde habitantes continuamente, ata que en 1991 a cifra é de 20.462 persoas.

O municipio máis poboado da Paradanta é A Cañiza, que no ano 1900 tiña 7.923 habitantes. En torno a esta cifra, se ben por debaixo dela, moverase ata o censo de 1930, en que anota 7.655. En 1940 a poboación deste municipio é de 8.743 persoas, o seu maior rexistro, e a partir de aí comeza a perder de novo poboación. En 1960 aínda se mantiña por riba dos 8.000 habitantes (8.221), pero a tedencia á baixa continúa nas décadas seguintes con algunhas oscilacións. En 1991 o número de habitantes é de 7.387, cifra por debaixo dos que tiña 90 anos atrás.

Nos primeiros trinta anos, o municipio de Arbo mantense en torno ós 5.300 habitantes con algunhas oscilacións arriba e abaixo. Entre 1930 e 1950 a poboación crece e acada o seu punto máximo con 6.442 persoas. Pero nos anos seguintes comeza o camiño de baixada, de modo que en 1960 anota 5.502 persoas; 5.476 en 1970; 4.975 en 1981 e 4.965 en 1991.

Ó comezar o presente século o municipio do Covelo era o segundo en canto a número de habitantes da comarca, tiña 6.881. Con lixeiros cambios cara a riba a cara a baixo, xirará en anos sucesivos sobre os 6.500. Nos anos sesenta, hai un repunte demográfico e a poboación sobe ata os 7.738 en 1970, de tal xeito que nese momento é o municipio máis poboado da Paradanta. A partir desa data de referencia inicia unha caída en picado, e as cifras son concluíntes, perde máis de 3.500 habitantes e sitúase nos 4.230 en 1991.

Crecente rexistra 5.247 persoas no ano 1900, e próximo a esa cifra mantense ata 1930. En 1940 anota 5.575 habitantes, e a súa poboación vai crecendo pouco a pouco ata que en 1970 se aproxima ós 6.000, máis exactamente 5.927. Nas dúas décadas seguintes, o municipio sufrirá unha forte perda de efectivos, e no censo de 1991 a cifra será de 3.880 persoas. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991







A terciarización económica do medio rural

Un dos rasgos máis vistosos da comarca da Paradante é a terciarización da súa actividade económica, pese a que segue dominada polo mundo rural. En 1981 o sector primario acollía 54 de cada 100 ocupados, mentres que no sector terciario a proporción era de 26 de cada 100. Dez anos máis tarde a situación deu a volta, e se o sector agrario acollía 30 de cada 100 ocupados, os servicios ocupaban 40 de cada 100. De 1981 a 1991, os ocupados na industria pasaron do 8 ó 11 por cento, e no caso da construcción pasaron do 11 ó 20%.

Arbo. Na década dos oitenta, a poboación ocupada no sector primario redúcese á metade e pasa ó 31 por cento. Na industria, o salto é do 7 ó 13 por cento dos ocupados. E o sector da construcción máis que duplica a súa porcentaxe de ocupados, paso do 11 ó 23. No caso dos servicios, medra desde o 19 ata o 33 por cento.

A Cañiza. En dez anos, de 1981 a 1991, pasou de que 55 de cada 100 ocupados estivesen no sector agrario a 24 de cada 100. Xusto o contrario, nese mesmo período os ocupados no sector servicios pasaron do 25 ó 45 por cento. O que supón a definitiva ruptura coa economía campesiña e a terciarización da súa economía. A poboación ocupada na construcción foi do 7 ó 11 por cento e na industria do 12 ó 20%.

O Covelo. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario a penas variou, baixou do 39 ó 35 por cento. Outro tanto pasou na industria, do 10 pasou ó 12%; na construcción non variou, 9 por cento, e nos servicios medrou lixeiramente, do 35 ó 37 por cento da poboación ocupada.

Crecente. Na década dos anos oitenta a poboación ocupada no sector agrario caeu máis da metade, e pasou do 55 ó 25 por cento. Tamén aquí se dá un proceso de terciarización da actividade económica neses anos, así se en 1981 os servicios tiñan 24 de cada 100 ocupados, en 1991 pasa a ter 37 de cada 100. Chama tamén a atención o forte impulso da construcción, que multiplica por un e medio o número de ocupados respecto de dez anos atrás, e anota o 26%. ❦

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



A Paradanta, miradoiro de terras portuguesas

A comarca pontevedresa da Paradanta, pola súa paisaxe, que descende cara ás ribeiras do río Miño, semella un outro miradoiro sobre as terras lusitanas de enfronte. Polo nordés, as serras do Suido e do Faro de Avión constitúen unha arisca e montesía atalaia na que contempla-las terras máis baixas desta comarca. Nestas apartadas serranías viven ceibes as bestas nunha paisaxe na que os elementos principais son toxos e pedras.

SON lugares axeitados para os afeccionados o sendeirismo ou, case podería dicirse, montañismo. Dende os cumes deste terreo accidentado baixan os regatos e torrentes tributarios do río Lea. Ó seu carón atópanse moitos doces recunchos nos que entregarse ó lecer e ó paseo.

Sendo os valores paisaxísticos desta comarca moi marcados, a riqueza monumental dos catro municipios vai parella con eles para completar un marco pouco coñecido xeralmente pero de sumo interese. Pode que o monumento que máis se relaciona con estas terras sexa o santuario serrano de Nosa Sra. da Franqueira, que reúne gran cantidade de fieis nos primeiros días de setembro. O edificio, situado nunha pintoresca aldea, data alomenos do século X e a súa fisonomía actual é unha mestura de estilos románico e barroco. A zona de montaña no que se atopa, polos montes da Paradanta, constitúe un lugar axeitado para o sendeirismo.

EXISTEN tamén outros singulares e, xeralmente, elevados lugares. Valen de exemplos os de San Fins, que ofrece unhas amplísimas vistas, e o da Nosa Señora da Guía, situado no predio dun castro prerromano. Outro monumento que ocupa as alturas dun cerro é o arruinado castelo de Fornelos, no concello de Crecente, do que aínda se mantén a Torre da Homenaxe. Outros vestixios do pasado na comarca son as célebres 'pesqueiras' na beira do Miño, que, supónse, axudaban na captura dese peixe tan repulsivo á vista pero atractivo ó padal: a lamprea. Esta delicia gastronómica ten unha festa propia, igual có viño do Condado, que medra nas viñas das terras baixas, en Arbo e en Crecente. Na Cañiza teñen tamén sona os xamóns, malia non ser un producto totalmente autóctono.

Queda pois claro que facer unha viaxe á Paradanta non presenta o problema dunha merma na alimentación, máis ben todo o contrario. Iso axuda, sen dúbida, a continuar na procura dos demais monumentos e paisaxes que aínda restan e que sería moi longo enumerar. No Covelo non poden esquecerse o Cristo dos Aflixidos da capital municipal, nin a igrexa e casa restoral, que ostenta un fermosísimo brasón, de Barciadernera. Así mesmo, nesta parroquia existe unha praia fluvial que, xunto con outra en Maceira, serven para alivia-los secos veráns desta comarca.



Cruceiro dos Aflixidos. O Covelo J.S

Na beira do río Tea existe tamén outro fermoso recuncho, no que sobrevive unha ponte de orixe medieval, a de Fofe.

Na Cañiza merecen tamén unha visita as igrexas da capital municipal e a de Parada de Achas. Igualmente, teñen algún interese artístico as de Arbo (fronte ó 'Chan da Forca', o lugar onde se executaba os reos) e as de San Pedro e Albeos, en terras de Crecente. Tamén existen na comarca algúns pazos de interese. Entre eles pode quizais destacarse polo seu emprazamento, no medio dunha ampla explotación de vides e co Miño como fondo, o de Alumiña de Arbo.

A comarca e os seus habitantes agardan, pois, o descubrimento detallado dos seus atractivos, nunca estridentes pero indubidables. A unión de montaña e de ribeira, xunto cuns veráns secos e soleados fan da Paradanta un destino axeitado para fuxir por tempo da tensión da vida moderna. ❦


COMARCA
DA PARADANTA
Autovía estatal
Rede estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Camiño da Raiña
Ruta do viño
Espacio natural protexido
AVIÓN
FORNELOS
CARBALLEDA DE AVIA
RIBADAVIA
MELÓN
O COVELO
MONDARIZ
A CAÑIZA
ARNOIA
CORTEGADA
CRECENTE
PONTEDEVA
SALVATERRA DE MIÑO
AS NEVES
ARBO
PORTUGAL
Parada
Serra do Suído
1.105 m
Pena Aranda
911 m
A Graña
1.042 m
Pózo de Piñeiro
San Pedro
O Campo
Serra do Faro de Avión
1.151 m
Cataño de Piñeiro
Ermida da Guía
Piñeiro
Ponte Nova
Praia fluvial de Maceira
Prado
Fofe
Godóns
1.061 m
Alén
Tea
Conxunto Barroco Barciademera
Maceira
Bo
Achas
908 m
Alto da Guía de Maceira
Monte Pedroso
1.073 m
Casa Doña Erea
830 m
Alto de Tilleira
Chan de Moiras
799 m
Taberneira
Arnoia
790 m
O Burgo
Alto de Fontefría
O Covelo
A Cañiza
Ameixeira
Filgueira
Chabriña
Alto de Montouto
948 m
As Achas
Encoro de Frieira
Vilariño
Fontefría
Ponte Nocelos
Os Padrosos
A Coutada
640 m
Nosa Sra. da Franqueira
Miño
Deva
Bibei
O Castro de Valeixe
Ribadil
Pazo de Queimadelas
Uma
Santa María de Luneda
Valeixe
Santa Cristina de Valeixe
Vilar
Montes da Paradanta
Luneda
Ponte Pintelos
A Levada
Crecente
Chan do Rei
954 m
A Lomba
Morgadio
Cequeliños
Pazo de Amoeira
San Fins
650 m
Cea
Cabeiras
Arbo
Marques de Vizhoja
Termes
Casa Grande de Sela
Sela
As Laxas
Pazo de Almuiña
Casa Cruceiro
Desenvolvemento Comarcal
Oficina Comarcal
Piscina
Conxunto histórico-artístico
Casa de turismo rural
Pazo
Citania celta
Ponte
Adega
Curros
Museo etnográfico do viño
Cruceiro
Igrexa
Santuario
Lagoa
Pena de interés
Praia fluvial
Vista panorámica
Área recreativa
Catamarán
Ráfting

O futuro comarcal

A situación da comarca, no centro mesmo do corredor Vigo-Ourense, proporciónalle a este territorio unha vantaxe comparativa, como é a da grande accesibilidade ás devanditas cidades, o que lle confire unha boa situación para o asentamento de poboación que traballa nos centros urbanos próximos, principalmente coa entrada en funcionamento da autovía das 'Rías Baixas'.

ESTA mesma potencialidade, unida á elevada calidade paisaxística e mais a un destacable patrimonio artístico, poden favorece-lo aumento de vivendas de segunda residencia.

OUTRO factor de desenvolvemento da comarca é o seu sector primario, adecuadamente desenvolvido e orientado cara á explotación dos importantes recursos locais.

ENTRE estes recursos destaca a cabana gandeira de aptitude cárnica con denominación de orixe e destinada a mercados nacionais; plantacións fructícolas nas terras baixas e forestais nas montañosas. Para lograr unha adecuada competitividade destes recursos, tal como se fai patente no Plan de Desenvolvemento Comarcal, é preciso incrementa-la producción extensiva da gandería, potencia-lo cultivo de viñedos de calidade e desenvolver plantacións de froiteiras en solos apropiados, así como reforesta-los montes desta comarca.

Igrexa de Valeixe J.S

NESTE sentido, a Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Paradanta traballa na liña marcada polo Plan de Desenvolvemento Comarcal, iniciando accións destinadas a conseguir un desenvolvemento equilibrado e duradeiro da comarca baseado nos seus recursos endóxenos. A Fundación puxo en marcha e apoia proxectos de moi diversa índole, como a tutela e xestión do plan Leader, programas de emprego e de formación ocupacional, constitución de cooperativas e de asociacións gandeiras, proxectos piloto de acción rural dirixidos cara á identificación e cara ó aproveitamento de recursos.

ASÍ MESMO, a comarca posúe un Plan Integral de Turismo para a promoción e divulgación dos seus recursos, creación de rutas turísticas e para a xestión dos recursos cinexéticos. A posta en marcha dun museo e da ruta do viño é unha das principais accións que o Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial está a realizar na Comarca.

TAMÉN está en proxecto a construcción do Centro de Exposicións Permanente de Recursos Comarcais, que se vai situar na Cañiza e cunha misión, entre outras, que é a de promove-los recursos turísticos, productivos e artesanais da comarca. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

37

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Marzo do 1997

Mariña Oriental

Ponte dos Santos, en Ribadeo

José Salgado

A Mariña Oriental



No extremo nororiental da provincia de Lugo, na fronteira entre a comunidade autónoma galega e o Principado de Asturias, encóntrase a Comarca da Mariña Oriental, que forma parte dunha unidade territorial máis ampla denominada Mariña lucense, constituída pola franxa litoral desta provincia e o seu pospaís.

Aría de Foz, ó oeste, e a de Ribadeo, no leste, delimitan esta comarca que está integrada polos municipios de Barreiros, A Pontenova, Ribadeo e Trabada, ocupa unha superficie de 399,78 Km2 na que viven un total de 18.430 habitantes (poboación de dereito de 1995), destacando o municipio de Ribadeo con 9.100 habitantes, dos que case a metade corresponden ó núcleo urbano.

CONSTITÚE unha comarca natural perfectamente individualizada formada pola plataforma litoral que se estende ó pé das serras litorais e as terras que forman a marxe esquerda do río Eo, os seus límites naturais son: o val do río Masma, polo oeste; o do río Eo, polo leste; a serra de Cadeira e as estribacións setentrionais da serra de Meira; polo sur; e o mar Cantábrico, polo norte.

É tamén unha comarca histórica que ten a súa orixe no desaparecido Partido Xudicial de Ribadeo, cuns límites que coincidían cos actuais, anque trala súa desaparición quedou integrado no de Mondoñedo.

TOPOGRAFICAMENTE, estas terras ofrecen unha paisaxe contrastada: ó norte formando a ampla chaira litoral que corresponde á denominada rasa cantábrica, e ó sur pequenos relevos montuosos que se prolongan cara ás terras interiores de Trabada e A Pontenova, que actúan de divisoria de augas entre as cuncas do Masma, Eo e os pequenos ríos que desembocan directamente ó mar, como o Esteiro, San Xulián, Moreira, etc.

O litoral concentra boa parte da poboación e son numerosas as vivendas de segunda residencia para o veraneo principalmente no municipio de Barreiro en tramo a Benquerencia e Reinante. Entre as súas extensas praias, que con baixamar forman un areal case continuo, hai que destaca-la de Carricelas, máis coñecida como a das 'Catedrais' polo suxestivo modelado das rochas, así como a dos Castros.

Cara ó interior a paisaxe adquire tons montañosos coas máximas altitudes no monte Cerrochán (776 m), monte Torrontorio (545 m) ou o monte Contal (578 m).

En canto ó clima, as características máis sobresaíntes son a suavidade térmica (12º C de media anual), así como unha precipitación anual escasa (1.019 mm), se ben cara ó interior, co incremento da altitude, estas condicións recrúan sensiblemente, descendendo as temperaturas e aumentado as precipitacións a súa posición setentrional, o que fai que as condicións climatolóxicas estean moi afectadas polos frescos ventos mariños.

DOMINAN os días cubertos. Desde o punto de vista económico Ribadeo é o centro organizador da Mariña Oriental, tanto pola súa dotación comercial como de servicios públicos e privados, polo que exerce unha forte atracción sobre o seu contorno rexional e sobre as comarcas do occidente asturiano. Constitúe ademais un importante enclave de turismo de calidade, ó que hai que engadirlle a súa localización nunha zona de paso entre a nosa comunidade autónoma e a cornixa cantábrica, comunicadas pola N-634 e a liña de vía estreita de Feve. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traducións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

O Eo forma a primeira ría galega ós pés de Ribadeo

A Pontenova J.S

O río Eo, despois de percorrer máis de 90 quilómetros, forma coa desembocadura no Cantábrico a primeira ría galega, a de Ribadeo, fronteiriza con Asturias. Un río sinuoso, que alterna longos tramos estreitos con pequenos tramos abertos, que se localizan na confluencia con seus afluentes máis importantes, o Rodil e o Turia, pola dereita, e o Riotorto, pola esquerda. Unha vez superados os tramos montañosos, entra no amplo val desde San Tirso de Abres, por terras asturianas, ata desembocar en Ribadeo, non sen antes recibi-las augas dos ríos Grande, Quiris e Suarón. Na ribeira galega, o paso do Eo é saudado por milleirais e plantacións de piñeiro e eucalipto.

En consecuencia nada ten de estraño que unha das actividades económicas da zona estea vinculada á pesca de baixura e ó marisqueo, se ben nunha proporción inferiro á doutras partes de Galicia, caso das Rías Baixas. Se na pesca cabe sinalar que esta se dedica principalmente á captura de sardiña, pescada, pescadiña e xurelo, na zona de baixamar hai que subliña-la recollida de algas para a industria química. No caso concreto de Ribadeo, o sector económico máis desenvolvido é o terciario cun forte incremento do turismo e cunha interesante oferta hosteleira, ademais de contar cos correspondentes servicios administrativos e comerciais de todo tipo.



En termos xerais, na comarca producíronse cambios importantes no sector agrario, de cara a unha espacialización no gando vacún de leite en base a pasto, e de abandono dos cultivos cerealísticos, caso do trigo e do centeo. Ese proceso de especialización agropecuaria está provocando, asemade, un proceso de mecanización e de crecente concentración de terras nas explotacións leiteiras, para que dese xeito sexan economicamente máis rendibles.

Nos vales e nas terras próximas ó mar abundan os cultivos de froitas, hortalizas, legumes e patacas cara á comercialización. E nas zonas de montaña, cara ós municipios do interior da zona, ademais de gandería, reviste certa importancia a producción forestal. ¶

Ribadeo non variou a súa poboación

A principios do século XX, a Comarca de Mariña Oriental tiña 23.448 habitantes, noventa anos despois a súa poboación descendera en 5.367 persoas e rexistraba un censo de 18.081. Desde o ano 1900 ata o 1950, a zona mantense cunha oscilación entre os 23.000 e 24.000 habitantes. Da metade do século en diante comeza unha perda continuada de poboación, máis acusada entre os anos sesenta, posiblemente como consecuencia dos movementos migratorios cara ó exterior, principalmente a Europa. O caso é que entre 1960 e 1970, a comarca perde algo máis de dúas mil persoas e pasa de 22.654 a 20.528 habitantes.

Dos catro municipios que conforman a Mariña Oriental, Ribadeo é o máis grande en canto á poboación. O detalle é que no transcurso de centuria a poboación ribadense mantívose ó redor dos 9.000 habitantes, unhas veces por riba e outras por baixo. No ano 1900, o municipio tiña 8.847 persoas; o seu mellor rexistro anótao no censo de 1950 con 9.567 habitantes; e seu rexistro máis baixo corresponde ó ano 1991 con 8.761 persoas. Na práctica pode dicirse que Ribadeo ten hoxe os mesmos habitantes que ó princpio do século.

Ata os últimos dez anos, A Pontenova foi o segudo municipio en importancia demográfica da Mariña Oriental. No ano 1910 anotaba 6.700 almas, e a partir desta data de referencia sofre un descenso constante do número de habitantes: 6.367 no 1920; 6.294 no 1930; 6.201 no 1940; 5.875 no 1950; 5.529 no 1960; 4.841 no 1970; 4.298 no 1981 e 3.647 no 1981. É dicir, vai camiño de reduci-la súa poboación á metade.

No caso do municipio de Barreiros danse dúas etapas claramente diferenciadas: de 1900 a 1950 a poboación crece, de 1950 en diante a poboación decrece. O feito é que en 1900 tiña 4.394 persoas e vinte anos despois rexistra 4.901. Nos anos vinte hai un pequeno baixón e descende o número de habitantes a 4.804, segundo recolle o censo de 1930. Sen embargo, nos vinte anos seguintes recupera poboación e rexistra 5.197 no ano 1950. Esa data supón ó mesmo tempo que o máximo demográfico a ruptura da tendencia, pois a partir de aí Barrerios empezará a perder habitantes. Entre 1960 e 1981, pasa de 4.918 a 4.083 persoas. E xa en 1991 cae por debaixo da cota dos 4.000 e anota 3.763 habitantes. Trabada, o menos poboado dos municipios da zona, tiña 3.862 habitantes no ano 1900, cifra que non volverán alcanzar nos noventa anos seguintes, posto que desde esa data de referencia non fai máis que perder poboación. No ano 1950 rexistra un censo de 3.186 persoas e en 1991, baixa a 1.910 habitantes. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



O proceso de modernización vai paseniño

O proceso de modernización da estructura productiva da Mariña Oriental vai pasesiño cara a unha terciarización que se resiste a chegar. Entre 1981 e 1991, a comarca perdeu empregos no sector primario e pasou dunha poboación ocupada do 57 por cento ó 43 %. Nese mesmo período de tempo, a industria medrou do 9 ó 13 por cento do total dos ocupados. O sector da construcción experimentou tamén un lixeiro crecemento ó subir do 8 por cento ó 11 por cento da poboación ocupada. O maior incremento tivo lugar no sector servicios, pois se en 1981 tiña 26 de cada 100 ocupados, dez anos máis tarde esa proporción era de 33 de cada 100.

Barreiros. Se en 1981, de cada cen persoas 67 traballaban no sector primario, en 1991 a porcentaxe situábase en 50 de cada 100. Para ese mesmo período, o sector industrial creceu do 5 ó 10 por cento da poboación ocupada. No caso da construcción, o número de ocupados aumentou desde o 10 ó 14 por cento. E o salto máis grande, de 1981 a 1991, deuno o sector terciario, do 17 ó 26 por cento da poboación ocupada.

A Pontenova. Entre 1981 e 1991, o sector agrario perde 15 puntos en canto a poboación ocupada e cae desde o 61 ata o 46 por cento. Aumentan os ocupados na industria, do 11 ó 15 por cento; na construcción, do 7 ó 10 por cento; e nos servicios, do 21 ó 29 por cento.

Ribadeo. É o municipio da comarca con menor porcentaxe de poboación ocupada no sector primario –contabilizando agricultura e pesca–, 32 de cada cen empregados. É tamén o de máis ocupados no sector terciario: acolle o 42 por cento do total da poboación ocupada. Entre 1981 e 1991, baixa a proporción de persoas empregadas na construcción, do 8 ó 12 %, e sobe algo no caso da industria, do 11 ó 14 por cento.

Trabada. É o municipio da Mariña Oriental que ten maior porcentaxe de ocupados na agricultura, pese a que entre 1981 e 1991 pasou do 75 o 62 por cento. Pola contra, a poboación ocupada no sector servicios permanece invariable no 17 por cento. Medra na industria e na construcción. ¶

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Un miradoiro do Cantábrico

A comarca que nos ocupa, a Mariña Oriental caracterízase pola súa veciñanza paisaxística e case espiritual co Principado de Asturias. Así mesmo, o seu tramo costeiro, o correspondente ós concellos de Barreiros e Ribadeo constitúe un interesantísimo 'miradoiro' sobre as augas cantábricas. Neste litoral cheo de encanto atópanse algunhas das praias máis fermosas de todo o litoral galaico. Ten sona especialmente a coñecida como 'As Catedrais', así, en maiúsculas, pola maxestuosidade das formas que a oleaxe tallou na rocha, con arcadas que semellan unha catedral. Outros areais de grande interese neste litoral son os de Benquerencia e Reinante, no Concello de Barreiros e os de Esteiro e Os Castros en Ribadeo. Cómpre dicir que varias destas praias ostentan a bandeira azul da Unión Europea.

O esteiro do Eo marca a fronteira coas fermosas terras de Asturias. Cruzando a ancha desembocadura deste río célebre polos seus salmóns e polas súas troitas, a Ponte dos Santos, inaugurada no 1986. Cara ó interior a ría de Ribadeo intérnase nove quilómetros, constituíndo a de máis lonxitude do cantábrico. A ría constitúe un importante enclave faunístico e brinda paisaxes cheas de beleza. Algúns miradoiros, como o que se atopa na Ría de Abres (Trabada) ofrece magníficas vistas da zona. Con todo, a maior 'atracción' de visitantes prodúcea a sen par vila de Ribadeo, señorial e mariñeira na que a elegancia e o sabor do pasado impregnan as rúas, prazas e o seu porto típico 'O Porcillón, ó que descenden empinadas calellas cheas de encanto. No centro da vila, na praza do campo atópanse algúns dos monumentos de máis interese, o pazo do Marqués de Sargadelos, hoxe Casa do Concello, a igrexa de Sta. Mª, o convento das Clarisas ou o edificio emblemático da vila: a 'torre' ou palacete modernista construído polos irmáns Moreno, dous indianos filántropos, aló polos primeiros anos do século vinte. Outros puntos que ha de atopar o visitante son a capela de san Miguel, o Auditorio da Cabanela, situado ó aire libre no paseo marítimo, a antiga fortaleza de San Damián. Nos arredores da vila temos o faro e illa Pancha, que se atopa moi preto de Ribadeo e se presta perfectamente para un tranquilo paseo. Tamén no concello é posible practicar diversos deportes na natureza, como a equitación (en Huerta de Obe, onde tamén existe un aloxamento de turismo rural) ou os voos en ultralixeiro ou avioneta (no aeródromo de Ollo de Villaframil), que permitirán admirar a vista de paxaro esta costa singular.

Cara ó interior da comarca, nos municipios de Trabada e Pontenova cabería destaca-los moitos recunchos arredor da riberia do Eo, os antigos fornos da Pontenova, os restos do dolmen da 'Pedra da Arca' e a igrexa de Xudán, sita no paso dun dos camiños asturianos de peregrinación a Santiago.

Hai, pois, diversos motivos polos que un pode sentirse atraído pola Comarca da Mariña Oriental. Cadaquén, seguro, atopa varios deles nunha terra onde a paisaxe humana e natural ten algo de señorial. ❦



Antigos fornos na Pontenova J.S

COMARCA
DA MARIÑA ORIENTAL
Desenvolvemento Comarcal
MAR CANTÁBRICO
Praia de San Cosme
Praia de Benquerencia
Praia de S. Pedro
P. do Castro
Praia de Arealonga
Praia das Catedrais
P. Corbeira
P. Niño do Corvo
Ría de Foz
Ría de Ribadeo
FOZ
Viaronte
Barreiros
Reinante
A Devesa
Monte Sts Cruz
Ribadeo
Ove
Barranca
Noceda
Alto do Mondigo
570
RIBADEO
Penedo dos Gafos
432
BARREIROS
Insua
Vilela
Reme
Vilamar
Aramte
Cadofeita
Cabarcos
Lourenzá
San Fernando
511
Vilafernando
LOURENZÁ
364
Navallo
Ría de Abres
Trabada
Sanfe
Alto de Cadeira
Cárcel
Pena do Lobo
432
Liñeiras
626
Pico Grande
540
Eo
Baxe
Baldán
755
Campelas
Cadeira
TRABADA
Carreiracha
PRINCIPADO DE ASTURIAS
Maior
Cruz Grande
763
Serra do
Serra de Carracedo
Meilán
"Artesanía en navallas"
578
Contal
"Festa da Troita"
"Pedra de Arca"
A Pontenova
Vilaodriz
Carreira
Contorto
Riotorto
Bretoña
Vilamea
A PONTENOVA
632
Daviella
Muñotelo
RIOTORTO
Serra do Pousadoiro
Vilaboa
Couto de Frades
960
Valinquete
666
Xudán
641
Couto de Regocorto
Cruz de Barreiros
Vilarmide
A PASTORIZA
Cruz de Lentomil
845
A FO
Estrada estatal
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
2.000 m
0
2
8 Km
Igrexa
Fortaleza
Parador Nacional
Casa de turismo rural
Campamento xuvenil
Mámoa
Tear artesanal
Rutas a cabalo
Miradoiro
Información e Turismo
Faro
Pobo típico mariñeiro
Praia
Praza, xardín
Área recreativa
Camping
Romería
Artesanía
Festa gastronómica

O futuro

A Mariña Oriental é unha comarca de contrastes físicos e naturais, que condicionan e/ou favorecen a diversidade do sistema productivo. Desde a riqueza pesqueira e tráfico portuario do sector litoral, ata o aproveitamento forestal e agropecuario do interior.

EN ámbolos casos hai que engadi-la potencialidade turística que xa alcanzou un notable desenvolvemento ó redor da costa.

Por contrapartida a infraexplotación das súas vantaxes diferenciais provocaron ata o momento un gran contraste entre os municipios litorais (Barreiros e Ribadeo) e os interiores (Trabada e A Pontenova), ó se-las deficientes infraestructuras de comunicación unha das principais causas deste desaxuste.

Sirva polo tanto esta situación como un incentivo para procurar optimiza-los recursos da comarca, en favor dun maior desenvolvemento conxunto e equilibrado que free a despoboación do interior e o seu estancamento económico.

NESTE sentido cabe destacar que as maiores potencialidades da comarca se centran basicamente nos sectores primario e terciario.

Respecto do sector primario hai que destaca-la potencialidade dos recursos madeireiros, para o que é imprescindible a repoboación dos espacios ocupados por matogueira, un adecuado mantemento das zonas de arboredo para protexelas contra os incendios e en xeral un uso racional do monte, respectuoso co medio ambiente.

A praia das Catedrais, en Ribadeo J.S

Tamén dentro deste sector cabería engadi-la potencialidade da gandería extensiva orientada á producción cárnica, así como a promoción de cultivos específicos como os legumes, ou outros hortícolas que teñen xa un incipiente desenvolvemento nestas terras.

Igualmente son importantes outras experiencias piloto como a realizada pola granxa escola Pedro Murias que desde hai xa algún tempo desenvolve estudios de investigación do cultivo do caracol, para o cal o norte de Galicia parece ofrecer unhas boas condicións.

Tamén de innovadoras hai que cualifica-las experiencias de cultivos mariños como as ostras ou o aproveitamento das algas mariñas, que poden constituír un importante complemento á diversificación económica.

Pero é, sen dúbida, o turismo o que presenta unha maior potencialidade futura, pois parte xa dunha boa infraestructura (hoteis, porto deportivo, aeródromo, cámpings e proxéctase un campo de golf, etc.).

Evidentemente a oferta sempre é mellorable, e especialmente o acondicionamento e explotación dos múltiples puntos de interese que van desde a variedade paisaxística (litoral, de montaña ou ribeireña) e a riqueza ecolóxica, piscícola ou gastronómica ó patrimonio cultural que converten a comarca nun lugar idóneo para o descanso e o ocio.

Por outra parte o carácter urbano de Ribadeo é outra vantaxe; pois as súas dotacións e equipamentos prepárana para acolle-las potenciais actividades económicas.

Todo iso complementado coa súa posición xeográfica e a mellora das comunicacións que suporá a construcción da autovía do Cantábrico. Cómpre pois reunir esforzos co fin de establecer un plan conxunto de actuacións encamiñadas a optimizar estes recursos, actuacións que con respecto a turismo pasan pola súa promoción, unha adecuada sinalización dos puntos de maior interese, centros de información, organización de rutas temáticas, restauración e conservación do patrimonio histórico-artístico, así como da natureza, que constitúe unha das maiores riquezas da comarca. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

38

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Marzo do 1997

Mariña Central

A Catedral de Mondoñedo

José Salgado

A Mariña Central



A Mariña Central está situada no norte de Galicia, na beira do mar Cantábrico, e forma parte dun amplo espacio denominado Mariña lucense, dentro do cal ocupa, como o seu nome indica, unha posición central.

Esta comarca encadrada entre os vales do río Ouro polo oeste e Masma polo leste, ten unha superficie de 560,39 km2 e intégrana un total de seis municipios: Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo e O Valadouro, que contan cunha poboación de 31.797 habitantes (poboación de dereito de 1995).

Desde o punto de vista físico, a Mariña Central constitúe unha comarca natural formada polos vales dos ríos Ouro e Masma, xa mencionados, e os rebordos montañosos que polo sur a separan da de Terra Chá (serra do Xistral e montes de Neda) que, xunto coa serra da Cadeira, que pecha o val de Lourenzá polo leste e os montes de Cabaleiros polo oeste, forman un anfiteatro case perfecto no que se encadra a comarca.

As máximas altitudes corresponden pois ó sector meridional (Cadramón, 1.600 m) desde onde o relevo descende rapidamente, pola súa proximidade á costa, provocando o encaixamento dos cursos fluviais, que teñen o seu nacemento nestas serras.

Destacan pola súa importancia o río Ouro e o Masma, este último desemboca na ría de Foz.

O sector litoral presenta unha costa fortemente batida polo mar pero con entrantes pouco marcados, na que abundan dous tipos de praias: as formadas ó pé dos acantilados e os areais propiamente ditos, ás veces separados por farallóns, destacando a praia da Rapadoira, como unha das máis premiadas de Galicia, e unida á de Llás por un fermoso paseo marítimo, outras praias son as Pampillosa, Xuncos, Polas, Area Brava, Areoura e Arealonga.

O clima típico do cantábrico ofrece suaves temperaturas (14º C de media anual) e unhas precipitacións arredor dos 1.000 mm, na costa, mentres que cara ó interior a temperatura descende 12º C e as precipitacións alcanzan os 1.400 mm, abundan os días nubrados.

Estas condicións climáticas favorecen o desenvolvemento dunha densa vexetación especialmente nos vales, onde predomina o bosque mixto de carballos, bidos e ameneiros, ó que hai que engadi-las especies de repoboación basicamente de piñeiro e eucalipto.

En canto á organización funcional, a Mariña Central é un espacio multicentro, debido á descentralización dos servicios públicos que paralelamente xeraron outras dotacións comerciais e de servicios privados, poñéndose destacar tres núcleos económicos e de poboación importantes: Mondoñedo, Foz e Burela. Mondoñedo, antiga cidade episcopal e capital dunha das sete provincias do Reino de Galicia, é ademais cabeceira histórica de Partido Xudicial.

Pola súa parte Foz é un importante centro turístico de calidade.

A importancia pesqueira do seu porto, así como a localización aquí de importantes servicios entre os que destaca o Hospital da Costa de Lugo.

A instalación en 1975 do complexo industrial de Alúmina-Aluminio na próxima vila de San Cibrao propiciou un crecemento demográfico ó dinamizar e diversifica-la economía local.

Burela destaca pola rede de estradas, o que determina en certo modo a área de influencia de cada un destes centros, destacando a N-642 (Ribadeo-Viveiro) que percorre o litoral e a N-634 que pasa por Mondoñedo e Lourenzá.

Tamén suca a comarca a liña de ferrocarril de vía estreita FEVE (Xixón-Ferrol), facendo un bonito percorrido pola costa. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Unha vila romana e unha capital de provincia

A Mariña Central debátese entre unha vila prerromana, Foz, e unha antiga capital de provincia, Mondoñedo, o que a súa vez é un diálogo entre o mar e o campo. Un discurso entre a Galicia inteiror e a Galicia costeira.

Segundo os historiadores, hai evidencias de que polas terras de Foz andaron os celtas, coma a chamada *Pena do Altar,* situada na boca da ría, e que algúns especialistas relacionan con prácticas druídicas. Unha mostra máis pode se-lo achado do torques do Marzán e restos de castros ou doutras fortificacións. Polo tanto, cando os romanos chegaron aquelas terras xa estaban poboadas. Non obstante, o topónimo Foz (fouce) é de orixe romana e no seu contorno quedan vestixios das explotacións auríferas e das fundicións de ferro. No século IX establécese na súa demarcación a sé episcopal mindoniense, cando Sabarico, bispo de Dumio (Portugal), veu refuxiarse neste lugar da costa lucense escapando dos musulmáns. Deste xeito foi fundada a actual diócese de Mondoñedo, con capitalidad en San Martiño de Mondoñedo, e que posteriormente se trasladaría a Mondoñedo.

Son de grande sona as lendas e romances sobre o milagre obrado gracias á intercesión do bispo Gonzalo, logo coñecido como *O Bispo Santo* (finais do século XI e principios do XII) con-



tras as naves dos piratas normandos que asolaban estas costas. Consta, tamén, que os Reis Católicos libraron a vila de Foz dos tributos e vexacións impostos polos señores feudais. Nestas datas a vila contaba cun dos estaleiros máis importantes de Galicia.

A cidade de Mondoñedo créase no ano 1156, por decisión do rei Alfonso VII. Non se trata da fundación dun núcleo poboacional, senón, como subliña Fernando López Alsina, da elevación a categoría de cidade da poboación existente, coñecida polo nome de Villa Maior, na cal se situaba a sé episcopal desde o 1117. A decisión de darlle a Vilamaior o carácter de cidade non é casual, senón que obedece a razóns políticas e económicas, tales como o interese do monarca por fomenta-la repoboación e os territorios de realengo. Ós cincuenta anos da fundación de Mondoñedo aparecen outros núcleos urbanos como Ribadeo e Viveiro. A principios do XVI, a cidade de Mondoñedo pasará a ser capital da provincia, logo desaparecida no XIX. ❦

Ponte romana sobre o río Ouro J.S

Foz toma o relevo de Mondoñedo

No plano demográfico, pode dicirse que Foz tomou o relevo de Mondoñedo, en canto ó municipio máis poboado da Mariña Central. A principios de século, Mondoñedo rexistraba 10.590 habitantes mentres que Foz anotaba 6.525. No transcurso do tempo, ámbolos dous municipios sufriron procesos inversos. Así Mondoñedo foi perdendo habitantes década a década, excepto nos anos trinta que experimenta un lixeiro crecemento e pasa de 8.673 a 9.153, ata quedar en 5.774 persoas en 1991. No caso de Foz, o aumento da poboación foi continuado, salvo nos anos sesenta nos que reduce algo o número de habitantes –pasa de 8.369 a 8.274–, de xeito que en 1991 alcanza os 9.446 habitantes.

En 1900, o municipio de Alfoz tiña 3.173 persoas e máis ou menos mantense ó redor desa cifra ata o censo de 1940 en que rexistra algo máis de 4.000 habitantes, e o mesmo sucede en 1950. Sen embargo, a partir de aí empeza a perder poboación e en 1991 anota 2.645 persoas. O comportamento demográfico de Lourenzá é semellante ó de Alfoz, co cal o seu trazo característico é unha perda sucesiva de poboación: no ano 1900 tiña 5.105 persoas; 4.348 en 1950 e 3.100 en 1991.

No caso do Valadouro, o seu comportamento demográfico é diferente ó do resto dos municipios da Mariña Central. Do ano 1900 ó 1950, o número de habitantes crece ininterrompidamente, agás un pequeno descenso nos anos vinte, e pasa de 3.856 a 4.351 habitantes. Pero, a partir da metade so século comeza a perder poboación ata quedar en 1991 en 2.721 habitantes.

Para o conxunto da comarca, hai tres fases demográficas subliñables. A primeira vai desde 1900 a 1930, catro décadas nas que a perda de poboación é continuada: 29.778 habitantes en 1900; 29.333 en 1910; 28.862 en 1920 e 28.633 en 1930. Nos anos trinta, a Mariña Central cambiou de rumbo e no censo de 1940 alcanza o seu máximo histórico demográfico con case 30.000 habitantes. Na década seguinte perde algo de poboación, pero aínda se mantén por riba dos 29.000 habitantes. No censo de 1960 rexistra 28.831 persoas, e nesa década dos anos sesenta sofre a maior perda de poboación, case 3.000 habitantes, para situarse en 1970 con 25.416 persoas.

Nos anos setenta, a comarca consegue mante-lo número de habitantes algo por riba dos 25.000, pero nos anos oitenta volve ter unha forte recaída, perde case 1.400 persoas, e no censo de 1991 anota 23.686 habitantes.

O resultado é que dos cinco municipios soamente Foz ten na actualidade máis habitantes que a principios de século. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991

SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



Unha zona que se resiste á terciarización

A Mariña Central é unha zona que se resiste á terciarización da súa economía, pese a que o sector primario perde entidade. En 1981, agricultura e pesca dábanlle traballo ó 52 por cento da poboación ocupada, e dez anos máis tarde esa proporción caera ata o 39 %. Nese mesmo período rexístrase un lixeiro crecemento na actividade industrial, que pasa do 17 ó 19 por cento dos ocupados. Outro tanto sucede na construcción, que de 1981 a 1991 pasa do 9 ó 12 por cento dos ocupados. O maior crecemento de poboación ocupada anótao o sector servicios que, de 1981 a 1991, pasa do 22 ó 31%.

Alfoz. Entre 1981 e 1991 cae o número de ocupados no sector primario e pasa do 59 ó 47 por cento. Na industria aumenta a poboación ocupada do 16 ó 20 %. A construcción pasa do 8 ó 13 por cento. E os ocupados no sector terciario aumentan algo, do 17 ó 20 por cento.

Foz. En 1981, o sector primario tiña unha poboación ocupada do 31 por cento, dez anos máis tarde rexistraba un 29 por cento. Nese mesmo período, a industria perde ocupados e pasou do 27 ó 20 %, e a construcción tamén baixa, do 16 ó 14 por cento. O único sector que aumenta a proporción de ocupados é o servicios, que pasa do 26 ó 37 por cento.

Lourenzá. O sector agrario perde poboación ocupada entre 1981 e 1991, e pasa do 65 ó 48 por cento. No caso da industria, aumenta a porcentaxe de ocupados do 12 ó 14 %; e na construcción pasa do 5 ó 12 por cento. O salto máis grande dáo no servicios, ó subir do 18 ó 25 por cento dos ocupados.

Mondoñedo. Perde poboación ocupada no sector primario, e cae do 55 ó 42 por cento. Aumenta ocupados na industria, do 15 ó 19 por cento; na construcción, do 6 ó 9 por cento; e no sector terciario, do 24 ó 30%.

Valadouro. O número de ocupados no sector servicios pasa do 20 ó 29 por cento. Tamen aumenta a poboación ocupada na industria, do 8 ó 15 %, e a penas varía na construcción, do 12 ó 13 por cento. No sector primario perde poboación ocupada e pasa do 60 ó 43% entre 1981 e 1991. ¶

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Unha terra chea de maxia

A comarca que nos ocupa da Mariña Central é un recuncho setentrional da nosa xeografía cargado dunha maxia moi particular, moi semellante á que amosan moitos relatos do xenial mindoniense Álvaro Cunqueiro. Non é raro que nesta zona as néboas cubran de súpeto a paisaxe dándolle un aspecto irreal, na que mouros e meigas parecen moverse ó lonxe. Quizais o lugar que mellor encarna esta misteriosa cualidade da comarca sexa a vella cidade de Mondoñedo, no fondicio dun val, na que o sol é un estraño visitante. Mondoñedo semella ancorado nun pasado que foi máis esplendido que o presente. A súa imponente e escura catedral parece dominar toda a vida, queda, da localidade, sempre baixo os ollos vixiantes da estatua dedicada a Álvaro Cunqueiro. Curiosamente, o monumento atópase máis ou menos onde, uns centos de anos antes fora axustizado por orde dos Reis Católicos o mítico Mariscal Pardo de Cela. A figura deste nobre sobrevoa coa súa lenda outros lugares da comarca como as ruínas da fortaleza da Frouxeira, na que se refuxiou o Mariscal, a torre da homenaxe do seu castelo en Alfoz, hoxe en día Casa do Concello, ou a ponte mindoniense do Pasatempo, sita no barrio dos Muíños. Na ponte, conta a historia, os prelados da catedral interceptaron a muller de Pardo de Cela que acudía co perdón real. Dese modo o indulto non chegou a tempo e Pardo de Cela foi axustizado.

Tamén hai lendas moi curiosas ó redor dun misterioso lugar en Argomoso, Mondoñedo. Tratase da Cova do Rei Centoulo, unha referencia ineludible para os amante da espeleoloxía que en Galicia non contan con demasiadas simas nas que practicar este deporte.



Castelo de Castro do Ouro J.S

Outro monumento dacabalo entre a historia e a lenda é a catedral da San Martiño de Mondoñedo, en Foz, a máis antiga de España e na que estivo a sé mindoniense ata o seu traslado cara ó interior, ó seu actual emprazamento. Conta este interesante edificio ó seu carón co museo municipal. Outro museo de arte sacra atópase en Lourenzá, no magnífico mosteiro de San Salvador, o monumento máis destacable do municipio. Xunto ó Museo catedralicio de Mondoñedo forman unha terna moi interesante para os afeccionados ós bens culturais. Outro punto de grande interese é o castro litoral de Fazouro, sito nun pequeno espolón no que baten con forza as ondas do cantábrico, ese mar que no verán fai destas costas un destino para moitos turistas e emigrantes.

Non resulta estraño, pois que praias coma a da Rapadoira en Foz contan coa correspondente bandeira azul da Unión Europea e están consideradas as mellores de Galicia.

Quizais tamén por eso, no estío a comarca parece alegrarse, encherse de festas, 'rapas das bestas' en Mondoñedo e o Valadouro (no recinto deste curro atópase un dolmen), un Mercado Medieval tamén en Mondoñedo e outras celebracións por toda a comarca, que conta cun acabado de nacer Concello de Burela, tamén interesante pola súa costa e porto típico.

Así pois, a Mariña Central mestura, arte e maxia galaica cen por cen, cunha oferta turística de primeira orde, conxunción que a fai moi atractiva para moi diferentes padais. ❦

Vista de Mondoñedo J.S


COMARCA
DA MARIÑA CENTRAL
Desenvolvemento Comarcal
Madeiro
Cabo Burela
A Pedra de Burela
Cervo
Encoro do Río Cobo
Castelo
Sargadelos
Burela
Rigueira
XOVE
Estivada
Vilaestrofe
CERVO
BURELA
P. das Cabras
VIVEIRO
Cobo
A Xunqueira
Cangas
Viveiro (S. Pedro)
Monte
Rua
Pico de Xirgo
A Mariña
P. do Morago
Nogarido
Montes de Cabalelos
Praia de Arealonga
Praia de Sarrido
Fazouro
Couto Lagoa 315
Praia de Peizás
Praia de A Rapadoira
Viarmea
P. do Cabo
Pan da Vella 702
Moucide
Lebre 358
Foz
P. de San Bartolomeu
Chao de Moil 645
Buridán
Valadouro (S. Acisclo)
354 FOZ
Monte Maior
Mondoñedo
Requerez
Vilacampa
Ría de Foz
OUROL
Ferreira
Vialadouro
"Curro de Sto. Tome"
"Dolmen de Sto. Tome"
Baca
Rua
Barreiros
802 Penido Novo
Bedoré
Castillo de A Frouxeiras
Alto de Viriln
"Pazo de Gradaille"
Alfoz
Pardo de Cela
Carballido
Pena do Buitre 484
Corneira 432
O VALADOURO
Frexulle
Oirán 457
BARREIROS
Ínsua
Adelán
Ría de Foz
Costoia 446
Vilamar
ALFOZ
MURAS
Xistral
Chao de Lamoso 1041
O Cadramón
Pereiro
Oirás
Convoeira
Cabarcos
Serra do
Chao da Lagoa 1000
Serra da Toxiza
Val do Lourenza
Masma
O Cadramón 1056
Lourenzá
Montemaior 749
Monte de Leboreiro 672
Toxiza 838
LOURENZÁ
Fraga Vella
MONDOÑEDO
Padornelo 620
Cárcel
Pedrido
Baleira
Liñeiras 626
Serra da Cadeira
Mondoñedo
Picato 746
738 Alto de Campogrande
Lindín
Pena do Porco 726
Chao Grande 763
Maior
A Fonte
Argomoso "Cova do Rei Cintolo"
Sasdónigas
Lourenza
Monte da Farrapa 746
Serra de
Galdao
Catedral
Igrexa
Convento
Igrexa
Castelo
Pazo
Palacio
Restos de Palacio
Museo
Fonte
Ponte
Praia
Casa de turismo rural
Castro
Miradoiro
Rapa das bestas, curro
Cova
Dolmen
Información e Turismo
2.000 m 0 2 4 Km
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril

Futuro da comarca

A Mariña Central, o mesmo có conxunto da Mariña lucense, caracterízase pola diversidade xeográfica entre un sector costeiro e outro interior e montañoso, que presentan fortes contrastes na súa densidade de poboación, dedicación productiva, etc. que a grandes liñas repercute nun maior desenvolvemento económico ó redor da costa, fronte a un interior menos poboado e dependente do sector agropecuario.

En calquera caso este aparente desequilibrio territorial supón por outra parte unha maior diversificación global, no que terra e mar constitúen unha simbiose perfecta enriquecendo o panorama económico da comarca.

Esta complementariedade económica permítenos proxectar varias potencialidades futuras, partindo das xa existentes, ou ben propoñendo novas iniciativas. Comezando polo sector agropecuario, a comarca é rica en pastos e prados que constitúen un marco idóneo para esta actividade, centrada no vacún.

A agricultura baseada nos productos hortícolas e en especial as fabas de Lourenzá poden complementar esta dedicación, pois cómpre a amplitude de mercados e mellora-las canles de comercialización.

Outro importante aproveitamento destas terras constitúeo o espacio forestal no que destacan o piñeiro e o eucalipto, bases dun posible incremento da industria derivada da madeira que xa conta con algún establecemento na comarca e que suporía a repercusión de todo o valor engadido do producto. A industria da madeira (aglomerados en Mondoñedo) e do moble que en Lourenzá adquiriu un importante incremento, cualificación e competitividade, supoñen unha base efectiva para a potenciación do sector forestal.



Mosteiro de Vilanova de Lourenzá J.S

O subsector pesqueiro, de vital importancia no porto de Burela, representa tamén un piar básico na economía comarcal, no que destaca a especialización nas capturas de bonito. A diversificación da oferta turística ten a súa base nunha diversificación paisaxística que constitúe á súa vez unha riqueza natural notable. Ó turismo de praia que ofrece a costa hai que engadirlle as aptitudes da comarca para o turismo verde e turismo rural que cada día está collendo un maior auxe. O excelente patrimonio histórico artístico (catedral e conxunto histórico de Mondoñedo, antiga catedral de S. Martiño de Foz, e o mosteiro de S. Salvador en Lourenzá ou as construccións históricas de Valadouro) constitúe un recurso susceptible de maior utilización.

Cara ó interior, os relevos montuosos son especialmente atractivos para a práctica de sendeirismo polas numerosas rutas trazadas, excursións dacabalo, ou simplemente excelentes miradores naturais sobre a costa ou os prácidos vales fluviais.

Os espeleólogos tamén poden encontra-lo seu paraíso na cova do Rei Cintolo, a cavidade máis grande que existe en Galicia. A pesca deportiva nos seus ríos supón un complemento máis, e hai tamén excelentes cumes para practica-lo parapente.

Neste sentido calquera acción que se vaia realizar ha de partir sempre do principo de conservación ecolóxica e respecto ó medio ambiente, porque este é unha das características que deben diferenciar esta comarca. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

39

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Abril do 1997

Mariña Occidental

Costa do Vicedo

José Salgado

A Mariña Occidental



A franxa de territorio do Norte da provincia de Lugo comprendida entre a costa cantábrica e os relevos paralelos á mesma constitúe unha zona que participa da paisaxe litoral e dos vales internos, e é coñecida coa denominación de Mariña Lucense. Nesta ampla unidade, de disposición lonxitudinal, distínguense, por razóns naturais, históricas e funcionais, tres comarcas: A Mariña Occidental, A Mariña Central e A Mariña Oriental. A Comarca da Mariña Occidental, como o seu propio nome indica, está no noroeste de Lugo, na estrema coa provincia da Coruña, separada desta última polo curso do río Sor e a ría do Barqueiro.

Conforman esta comarca os concellos do Vicedo, Ourol, Viveiro, Xove e Cervo, abranguendo unha superficie aproximada de 494 km2. Destaca polo seu tamaño Ourol (142 km2) e pola súa poboación Viveiro, que cos seus 15.493 habitantes de dereito en 1995, concentraba o 53% da poboación comarcal (28.936). O reparto demográfico dentro da propia comarca, reflecte a transición entre a costa, máis poboada e dinámica, e o interior, máis avellentado e cunha densidade de poboación moito máis débil. Os contrastes máis significativos danse entre os concellos de Viveiro (141,73 hab / km2) e Ourol (12,9 hab / km2). Dende o punto de vista físico, a característica común de todo este conxunto comarcal é que o territorio vai gañando altitude cara ó sur, onde queda bordeado por un contorno montañoso (as estribacións das serras setentrionais de Galicia), que actúa de peche natural, e frea, en gran medida, a acción suavizante do mar sobre as terras da meseta lucense. Na zona costeira a chaira litoral vese interrompida por pequenos montes e picoutos que, en moitos casos, van caendo directamente no mar. Varios ríos de pouca lonxitude e escaso caudal sucan os vales, vertendo as súas augas no Mar Cantábrico. Entre eles cabe destaca-lo Sor e o Landro, que forman na súa desembocadura, a ría do Barqueiro e de Viveiro, respectivamente. Outros ríos a citar, aínda que de menor entidade, son o Guillán, da Rigueira, Cobo e Xunco, ademais dunha densa rede de afluentes e regueiros.

A morfoloxía xeográfica que lle dá unidade á comarca é a ría de Viveiro, formada polo río Landro, que no seu descenso ó mar forma un dos máis fermosos vales galegos. A ría, aberta entre a punta do Embarcadeiro e a punta Mansa, é de forma triangular, albergando no seu interior fermosas praias (como Abrela, Covas e Area) e o porto de Celeiro, hoxe en día unido ó núcleo urbano de Viveiro, igual que a zona residencial que bordea o areal de Covas, que marca o paso do esteiro, e que mira á vila, e á ría propiamente dita.

No leste a costa faise máis abrupta. Neste tramo destaca a enseada de San Cibrao, que contén un dos principais portos industriais galegos, e péchase coa pequena península que aloxa á vila e remata nun faro, situado fronte a uns pequenos illotes que culminan o cabo. Todo o conxunto viuse moi transformado coa instalación da planta de Alúmina-Aluminio, que acelerou o proceso de urbanización.

A situación xeográfica ó norte das serras setentrionais favorece o abrigo fronte ás correntes perturbadas do sudoeste. Esto sumado á exposición directa ós fluxos inestables do norte e noroeste determinan o clima desta zona, que se caracteriza porque a temperatura media anual é das máis frescas de todo o litoral galego e a oscilación térmica das máis pequenas. O réxime climático vai matizándose penetrando cara ó interior, porque as condicións xeográficas contribúen a crear unhas situacións térmicas e pluviométricas de transición entre o clima cantábrico e o da meseta lucense. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonmín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Sargadelos, o frustrado intento da revolución industrial

Ó falar da Mariña Occidental hai que referirse, aínda que só sexa de pasada, ó que puido significar Sargadelos, de non frustrarse o seu proxecto, na revolución industrial de Galicia. Na parroquia de Sargadelos, pertencente ó municipio de Cervo, implantouse unha real fábrica de fundición e louza desde os últimos anos do século XVIII, confirmada pola real cédula de Carlos IV en 1791. A fábrica producía tamén olas e obxectos semellantes, así como bombas, granadas, balas e metralla, co mineral extraído do lugar de Reinante e doutras minas da provincia de Lugo. Nas proximidades da zona hai que subliña-la presencia de xacementos de caolín e arxila común. Antonio Raimundo Ibáñez foi o fundador da fábrica, labor logo continuado polos seus familiares. Cóntase que en 1808, saíron 40 barcos do porto de San Cibrao con cargamento de municións. As louzas de Sargadelos foron e son inconfundibles pola súa dureza e característico debuxo e colorido.

Precisamemte nas proximidades de San Cibrao, no municipio de Xove, aséntase o complexo fabril Alúmina-Aluminio, que favoreceu a industrialización da comarca, ademais de pola súa propia presencia pola creación de economías externas. Viveiro é cabeceira da zona, e conta cun próspero comercio e cun sector servicios, incluídos os administrativos, ben fornecido, e o desenvolvemento dunha frorecente oferta turística, que se aproveita das brancas e numerosas praias da área costeira. Aínda que a actividade agraria diminuíu fortemente en toda a franxa ribeireña, non é así nas terras do interior da comarca, onde a gandería leitería con base no pasto e nas praderías se ten desenvolvido moito nos últimos anos. Dependendo do sector forestal, existe tamén unha industria da madeira, sobre todo de serradoiros. No caso da pesca, o porto de Celeiro é o segundo da provincia de Lugo, por volume de capturas.

Entre as especies capturadas destacan a pescada, o ollomol e o bonito. A actividade pesqueira deu lugar ó establcemento dunha industria conserveira. ❦



Praia de Covas J.S

Forte aumento da poboación de 1970 a 1991

De 1970 a 1991, a Comarca da Mariña Occidental anota un forte aumento da súa poboación, así como un desprazamento relativo de habitantes desde os municipios de Ourol e Vicedo cara a Xove e Viveiro. A causa de todo iso é a industrialización da zona provocada pola posta en marcha do complexo Alúmina-Aluminio. A principios do século, a comarca anotaba 31.780 habitantes e aumenta nos dez anos seguintes ata situarse nos 32.266. A partir do censo de 1910, nos vinte anos seguintes descense a poboación, de xeito que no padrón de 1930 anota 29.962 persoas. Nos anos trinta recupera poboación, 32.472, pero a partir de aquí sofre un descenso demográfico alongado e sucesivo que conclúe no rexistro máis baixo, 29.884 habitantes en 1970. A partir desta data de referencia e coincidindo coa etapa de industrialización da área Cervo-Xove, comeza a crece-la poboación de novo e pasa a 33.140 habitantes en 1980 e a 36.076 no censo de 1991. En vinte anos, a Mariña Occidental gaña seis mil persoas.

Dos cinco municipios o salto espectacular prodúcese en Cervo. En 1900 este municipio tiña 4.836 habitantes e ó redor desta cifra mantense ata 1940. Dez anos despois, reborda por primeira vez as 5.000 persoas e inicia un crecemento demográfico lento pero sostido da poboación ata 1970, data en que rexistra 6.293 habitantes. O gran boom prodúcese entre 1970 e 1991, neses vinte anos a poboación de Cervo máis que se duplica e pasa a 13.129 persoas. Sen embargo, esa cifra non é hoxe real trala segregación de Burela e a súa transformación nun novo municipio. Viveiro é o municipio máis poboado da comarca, sen grandes oscilacións demográficas no que vai de século. En 1900 anota 12.843 almas, e dez anos despois acada 13.378. Das dúas décadas seguintes o municipio perde poboación e cae ata 12.429 en 1930. Nos anos trinta volve recuperar pulo demográfico e aproxímase ós 14.000 habitantes, pero a partir de 1940 empeza a perder poboación de forma continuada ata o censo de 1970 no que rexistra 12.942 persoas. Nos vinte anos seguintes, Viveiro recupera o terreo perdido ata situarse preto das 15.000 en 1991.

Xove tiña 3.816 habitantes ó principio deste século e mantense sobre esa cifra, ben arriba ben abaixo ata o censo de 1940 en que reborda os 4.000. En 1991 anota 3.483 persoas. Ourol tiña 5.720 persoas en 1900, e mantense por riba das 5.000 ata 1950. A partir de aí perde poboación e en 1991 rexistra 1.936 habitantes. O Vicedo rexistra 4.563 persoas a principios do século e 2.651 en 1991. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



Estructura productiva equilibrada

A Mariña Occidental presenta unha estructura productiva equilibrada entre os distintos sectores económicos, a pesar de que o sector primario perde protagonismo en prol do sector servicios, se ben a actividade ligada ó subsector pesqueiro e marisqueiro mantén o ton. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario pasou do 40 por cento ó 30 por cento, mentres que os servicios creceron desde o 29 ó 36 por cento do total. Nesa década a poboación vecenllada ó sector industrial a penas sofre variación, medio punto por debaixo do 23 por cento, e a construcción crece lixeiramente e pasa do 10 ó 12 % dos ocupados.

Cervo. Entre 1981 e 1991, antes da segregación de Burela, o sector primario pasou de 38 ó 26 por cento dos ocupados. A industria creceu desde o 25 ó 28 por cento. A construcción pasou do 13 ó 9 por cento da poboación ocupada. E os servicios aumentaron 14 puntos a procentaxe de ocupados ó pasar do 24 ó 38 %.

Xove. Na década dos oitenta a penas minguou a poboación ocupada no sector primario, que pasou do 49 ó 42 por cento. A poboación ocupada na actividade industrial caeu algo, do 30 ó 27 por cento, a construcción a penas variou e medraron os ocupados no sector terciario, do 15 ó 23 %.

Ourol. A pesar de descender algo, a poboación ocupada no sector agrario representa o 69 por cento do total. E o resto dos sectores non rexistraron variacións dignas de mención.

O Vicedo. A poboación ocupada no sector primario caeu do 64 ó 51 por cento. E o maior crecemento deuse no sector servicios, ó pasar do 13 ó 23 por cento da poboación ocupada. Na industria e na construcción non houbo modificacións relevantes.

Viveiro. O sector primario seguiu descendo en canto a poboación ocupada, e pasou do 26 ó 21 por cento. O número de ocupados na industria permanece ó redor do 23 % e a construcción case non varía, do 10 ó 12 por cento. No sector servicios, pasa do 41 ó 45 por cento da poboación ocupada, e sitúase na media da comunidade autónoma. ¶



A Terra do Mesma

A máis oriental das Mariñas lucenses, no límite coa Coruña centra boa parte dos seus atractivos turísticos na fermosa vila de Viveiro que, xunto co veciño porto de Celeiro forma un tándem de progreso na costa lucense. Viveiro ofrece a súa historia, a súa arte, asemade que as súas praias, costas e paisaxes. O esplendor dos tempos pasados apréciase en moitos pequenos recunchos de Viveiro. A porta plateresca de Carlos V, xusto onde arranca a Ponte da Misericordia, é unha das tres que se conservan do vello recinto amurallado e constitúe o símbolo verdadeiro da vila. A praza Maior, lugar dun concorrido mercado, estreitas rúas de aspecto medieval, como a calella das Monxas ou templo como o románico de Stª Mª do Campo, na parte alta da poboación, conforman un conxunto cheo de encanto. Extramuros da poboación atópase o convento de Valdeflores e non lonxe unha vella ponte sobre o río Landro. Cara ó exterior, Viveiro ofrece areais como o de Covas, cos célebres 'castelos', o de Abrela, no límite co Concelllo do Vicedo ou de Area na próxima Celeiro.

Cara ó leste, a costa de Xove ofrece amplas panorámicas sobre o cantábrico, ademais dalgúns lugares cheos de encanto mariñeiro, como son os pequenos portos de Morás e Portocelo, nos que amarran coloristas e endebles embarcacións pesqueiras. No Vicedo, o outro concello desta comarca que dá ó mar hai que reseñar algunhas praias como as de Xilloi e Arealonga, moi frecuentadas no verán polos bañistas, ademais da fermosa illa Coelleira, que engade unha nota interesante na paisaxe.

Ourol é o concello de interior, montuoso, que se derrama desde serras coma a do Xistral e que, dado a súa altitude e o forte desnivel coa costa fan que o litoral lucense reteña tan doadamente a nubosidade. En Ourol a riqueza monumental non é moi grande. Destacan as igrexas parroquiais de Ourol (que conserva interesantes pinturas murais) e a de Bravos. Na capital municipal atópase tamén, xunto con fermosos edificios do cambio de século, un emotivo monumento ó emigrante.

Nas partes altas de Ourol (que son as máis) e do resto dos concellos a paisaxe montañesa, tan diferente da do litoral, alberga bastante gando en liberdade. As bestas que sobreviven nestes montes permiten no verán celebracións distintas como a de 'Campo do oso' que repiten a ancestral loita entre home e animal.

A comarca en conxunto, ofrece unha variada oferta turística, turismo rural incluído, e de ocio que fai que os visitantes nas épocas estivais se conten por milleiros. ¶

Mosteiro de Valdeflores, en Viveiro

J.S


COMARCA
DA MARIÑA OCCIDENTAL
Desenvolvemento Comarcal
MAR CANTÁBRICO
ORTIGUEIRA
O VICEDO
XOVE
VIVEIRO
BURELA
CERVO
MAÑÓN
OUROL
FOZ
O VALADOURO
ALFOZ
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
MURAS
Illa Coelleira
Illa Ansarón
Os Farallóns
Punta Mansa
Punta Roncadoira
Punta de Morás
Punta do Faro
Punta das Cabras
Punta do Morago
Cabo Burela
Monte Faro 322
Pena das Seixas 429
Muro Novo 413
413 A Pena
Padro 512
Bidueiros 526
Chao de Vitoriño 519
Penido Gordo 525
Pena Luixe 548
659
734 Carballosa
Carballoso 734
Penido Novo 802
Chao do Lago 942
Pena da Vella 702
O Sarrapio 719
Pelobrincos 477
501 Cabaleiros
346 Medela
O Buio 418
Pedroso Novo 554
Monte Faro
Serra da Faladoira
Serra da Conscada
Serra do Xistral
Montes de Penedo
Montes do Buio
Montes de Cabaleiros
Montes de Montalván
Ría de Sta. María de Ortigueira
Ría do Barqueiro
Ría de Viveiro
Praia de Esteiro
Praia de S. Ciprián
Praia de Covas
Encoro de Rio Coso
Encoro de Rio Ouro
Encoro de Rio Landro
Encoro de Rio Xunco
Encoro de Rio Xancedo
Encoro de Rio Merla
Encoro de Rio Cabo
Encoro de Rio Cabalo
Encoro de Rio Cabalar
Encoro de Rio Cabaleiros
Encoro de Rio Cabaleiros
Encoro de Rio Cabaleiros

O futuro

NA actualidade a Mariña Occidental cimenta a súa economía principalmente no sector industrial e terciario. Cunha economía tanto mariñeira como agrícola, a pesca, as actividades agropecuarias e a riqueza forestal son os piares tradicionais sobre os que se desenvolven o resto das actividades, que se concretan na transformación e comercialización da madeira, así como na fabricación de conservas e conxelados, actividades que teñen saída tamén na exportación.

Neste aspecto, Ourol é o concello máis desfavorecido ó ter unha estructura productiva moi pouco diversificada. A compartimentada orografía e a fragmentación excesiva das explotacións agrarias dificultou dende sempre o despegue económico, o que deu lugar á emigración. Ó mesmo tempo, dentro da comarca fóronse producindo movementos migratorios de reaxuste, ó abandonar a poboación as zonas máis deprimidas e instalarse nos núcleos máis importantes e prósperos.

Sobresaen do contorno as capitais municipais, onde se foron desenvolvendo e concentrando o comercio e os servicios, ó beneficiarse da auxe económica experimentada cando se instalou a factoría de Alúmina-Aluminio en San Cibrao. Aínda así segue a destacar claramente Viveiro como cidade de servicios, centro industrial e residencial. No aspecto comercial é esta a localidade con máis porvir dentro da comarca.

Santa María do Campo, en Viveiro J.S

Partindo do potencial forestal existente no Concello de Ourol e nas zonas interiores, en xeral, deberíase reconverte-lo uso das superficies infrautilizadas, realizando a explotación da madeira dun xeito racional, o que contribuiría a incrementa-los ingresos familiares e dinamiza-la industria de transformación.

O turismo beneficia a economía, polo incremento que supón para a actividade constructora e polo aumento da demanda de servicios cando se multiplica a poboación na época estival, coa chegada dos veraneantes. A infraestructura hoteleira conta con 22 establecementos, ós que hai que sumar tres casas de turismo rural.

Un lugar emblemático é o conxunto da antiga Real Fábrica de Sargadelos e a actual fábrica, co seu laboratorio de formas, onde se elabora a famosa cerámica. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

40

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Abril do 1997

Eume

Ponte de Pontedeume

José Salgado

Comarca do Eume



UNHA comarca chea de matices que o río Eume fai súa ó vertebrar un territorio que personaliza, e caracteriza de xeito peculiar encaixándose nunha paixase montañosa, de bosques atlánticos que acubillan o encanto do natural, achegándose a unha costa, aberta ó Golfo Ártabro, sempre acolledora.

TERRITORIO cunha extensión de 722,21 Km2 comprende os concellos de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez onde viven algo máis de 30.000 habitantes repartidos de maneira desigual entre a costa e o interior.

O relevo de formas suaves sobre esquistos nas proximidades da beiramar, en tanto no interior superficies de moi diversa natureza, cunha diferente dureza litolóxica, xeran visibles resaltes e cresterías que dan unha paixase de vales e montañas, macizos e depresións. Organízase a súa topografía en sucesivos chanzos que se dispoñen dende o esteiro do Val do Eume ata alcanza-la superficie erosiva situada entre os 200 m e os 400 m.

A serra do Forgoselo polo norte, polo leste a Serra Faladoira e a Serra da Loba, e a depresión terciaria das Pontes (onde as escavacións mineiras alteraron de forma notable a paixase), e polo sur os montes de Bouzamaior, encadran a conca do Eume que entalla o seu val ata as proximidades da desembocadura no mar, onde un amplo esteiro determina unha paisaxe de mariña.

A rede hidrográfica está organizada polo río Eume e unha serie de regueiros, que no sector do Concello da Capela, van cara ó río Belelle. O encaixamento do río sobre materiais duros e resistentes testemuña a presencia desta rede fluvial anterior á deposición de lignitos na conca terciaria das Pontes.

A suavidade climática na costa cunha certa aridez estival e unhas baixas precipitacións contrasta cun aumento das precipitacións no interior debido á disposición do relevo, e un descenso das temperaturas medias. Esta interiorización maniféstase no aumento do risco de xeadas (superior a 3 meses), na diminución da temperatura media invernal (8,1) e unha maior oscilación térmica anual.

As condicións climáticas e a configuración do val definen a existencia dun corredor natural forestal de case vinte quilómetros, que medra ás beiras do río Eume onde a masa boscosa autóctona se estende sobre unha gran superficie. As fragas ascenden polas ribeiras, bifúrcanse cos afluentes constituíndo illas forestais que rodean os ríos que baixan ó Eume. Os carballos, freixos, árbedos, castiñeiros, bidueiros, etc., están presentes nunha fraga que é máximo expoñente do bosque atlántico.

É esta unha comarca de contrastes, unha zona costeira cun marcado carácter turístico, residencial e comercial, espacios montañosos escasamente poboados, de economía gandeira, e unha zona do interior cun desenvolvemento industrial reactivador da economía local e dunha ampla área de influencia.

NESTE ámbito os fluxos económicos repártense entre os centros das Pontes e Pontedeume. Esta dualidade funcional é unha constante que define un territorio onde por unha banca a orografía e pola outra o río Eume tanto separan como xuntan o conxunto onde a protección dun patrimonio natural e cultural implica a totalidade do seu territorio. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Entre a industriosa As Pontes e a señorial Pontedeume



A Comarca do Eume debátese entre a industrial As Pontes de García Rodríguez e a señorial Pontedeume: dous xeitos de vida que corresponden a dous modelos de desenvolvemento das forzas productivas. No primeiro caso, a industrialización ten os seus inicios coa construcción en 1908 dunha pequena central hidroeléctrica sobre o río Eume, a chamada Planta do Muíño Novo, que lle subministrou electricidade á vila das Pontes ata o ano 1949. En 1917, os estudios mineiros prestaron atención á riqueza carbonífera do municipio, iniciándose os traballos de explotación no lugar da Areosa. O único consumidor era o Arsenal de Ferrol, e os custos de explotación e transporte –en mulos e cabalos– non facían rendible o xacemento, polo que se abandonou.

En 1942, a empresa Encaso comeza os seus propios traballos de investigación da conca mineira e constrúe a térmica mediana, chamada de Nove Caldeiras, que utiliza lignito, ó mesmo tempo que prepara outra central térmica de 32.000 Kw, inaugurada en 1949 e que abastece a Ferrol de enerxía eléctrica. En 1959 inaugúrase unha fábrica de fertilizantes nitroxenados, Enfersa, e logo outra de fertilizantes orgánicos, Ceasa, en Vilavella. Cando en 1972 Endesa se fai con Encaso, comeza unha nova etapa de expansión industrial coa construcción dunha central térmica de 1.400 Mw, con catro grupos que entrarán en servicio entre 1976 e 1979. Con esta expansión o número de traballadores pasa de 159 en 1971 a 2.330 en 1982. As Pontes conta ademais con empresas de cerámica, canteiras, serradoiros, talleres mecánicos, etc.

En Pontedeume, á parte da actividade agraria e pesqueira, hai que destacar que unha parte importante dos seus habitantes se desprazan diariamente a Ferrol e ás Pontes a traballar. E merece mención o feirón dos sábados. É unha vila con forte presencia da Galicia medieval. Está fortemente vencellada á Casa dos Andrade. Fernández Pérez de Andrade *O Bo* é o primeiro señor de Pontedeume, por privilexio que lle outorga Enrique de Trastámara, que lle doa os señoríos de Ferrol e Pontedeume. O terceiro señor de Andrade é Nuño Freire de Andrade *O Mao,* contra que o se producirá a primeira rebelión burguesa, capitaneada por Roi Xordo. Logo durante o goberno de Fernán Pérez II estalará a revolución irmandiña. ❦

Coliseo García Novoa, en Pontedeume

J.S

Moi preto dos 30.000 habitantes

A Comarca do Eume está moi preto de alcanza-los 30.000 habitantes. Todo depende de que As Pontes e Pontedeume poidan compensa-lo efecto negativo da forte caída de poboación que sofren os municipios de Cabanas, A Capela e Monfero. A principios de século a zona tiña 23.566 habitantes, e nos próximos vinte anos producense altos e baixos na poboación de xeito que en 1920 anota 24.655. Do 1920 en diante, a poboación da comarca aumenta ininterrompidamente ata o ano 1960, no que rexistra 32.159 habitantes. A partir da década dos sesenta, a zona inicia unha nova caída demográfica, se ben nos anos setenta e oitenta é capaz de recuperar algo de poboación e o número de habitantes xa non rebordará os 30.000, exactamente 29.833 persoas.

As Pontes de Rodríguez, gracias á central térmica e ó seu desenvolvemento industrial converterase no motor económico e demográfico da comarca. No ano 1900, este municipio anotaba 4.626 persoas, pero hai que esperar ata o censo de 1930 para que supere os 5.000 habitantes. Nos anos trinta a variación é moi pequena, pero na tres décadas seguintes o número de habitantes vai crecendo ata acada-los 8.371 en 1960. Entre 1960 e 1970, As Pontes perde algo de poboación, e a medidados dos setenta inicia un forte despegue demográfico: 11.027 persoas en 1981 e 13.214 en 1991.

Despois das Pontes, o municipio máis poboado da comarca é Pontedeume. A principios de século o municipio rexistraba 5.943 habitantes, e desde esa data de referencia ata 1950 crecerá ininterrompidamente: 6.344 en 1910; 6.584 en 1920: 7.056 en 1930; 7.755 en 1940; e 8.286 en 1950. Nos vinte anos seguintes Pontedeume manterase ó redor desa cifra, con algunhas pequena oscilacións á baixa. Nas décadas dos anos setenta e oitenta, o municipio volve ter un certo pulo demográfico e no censo do ano 1991 sitúase en case 9.000 persoas.

Cabanas tiña 3.322 habitantes ó comezo deste século. A súa poboación crece, con algúns pequenos retrocesos ata 1960, en que anota 5.014 persoas. Esta cifra non varía nos dez anos seguintes, pero a partir do 1970 empeza a perder poboación, e no 1991 rexistra 3.074 habitantes. Algo semellante sucede na Capela: En 1900 tiña 3.960 persoas; 4.792 en 1950 e 1.719 en 1991. Ó principiar o presente século, o municipio de Monfero anotaba 5.715 persoas. De 1920 a 1940, pasa de 5.942 habitantes a 6.822, e a partir de aí inicia una longa etapa de perda continuada de poboación: 4.360 persoas no censo de 1970; 3.586 en 1980 e 2.975 no censo de 1991. ¶





SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



O poderío industrial das Pontes

Se algo cabe subliñar na Comarca do Eume, desde a perspectiva económica, é o poder industrial das Pontes de García Rodríguez coa central térmica e explotación da mina de carbón a ceo aberto. Gracias e esa industria extractiva de enclave, o sector industrial acolle o 36 por cento da poboación ocupada. Doutra banda cabe significar tamén o feito de que a comarca teña unha das porcentaxes máis baixas de Galicia en canto a poboación ocupada no sector primario, do 1981 a 1991, pasou do 25 ó 18 por cento. Esta reducción foi absorbida polo sector primario que pasou do 28 ó 34 por cento da poboación ocupada. Na construcción non se constata variación reseñable.

Cabanas. De 1981 a 1991, a poboación ocupada na industria pasou do 15 ó 29 % mentres que na construcción caeu do 27 ó 17 %. Tamén o sector servicios sufriu unha reducción do 50 ó 44 por cento. Curiosamente, o sector primario creceu do 7 ó 11 por cento dos ocupados.

A Capela. O peso do sector agrario reduciuse algo entre 1981 e 1991, do 44 ó 38 por cento da poboación ocupada. Na industria segue arredor do 30 por cento e na construcción no 9 %. Os servicios pasaron do 15 ó 22 % de ocupados.

Monfero. A dependencia do sector agrario é case total, pois ten o 69 por cento dos ocupados. Os demais sectores non presentan cambios subliñables na proporción de ocupados.

Pontedeume. A poboación ocupada no sector primario reduciuse case á metade desde 1981 a 1991, e pasou do 17 ó 10 por cento. Os ocupados na industria representan o 25 %. No sector servicios medrou 9 puntos, e pasou do 43 ó 52 por cento do total da poboación ocupada. A construcción ten o 13 % dos ocupados.

As Pontes. A poboación ocupada no sector primario baixou xa ata o 6 por cento. A industria perdeu ocupados, e pasou do 59 ó 51 por cento, desde 1981 a 1991. Na construcción, os ocupados pasaron do 7 ó 12 %. E no caso do sector servicios, a poboación ocupada pasou na década dos oitenta de supoñe-lo 22 por cento do total ó 30 por cento. ¶

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



O frondoso Eume

AS terras da comarca eumesa teñen como eixe e centro da súa paisaxe o curso do río que as nomea. Nado nas estribacións do Xistral, nas altas terras de Lugo, este río vai fendendo os montes e ofrecendo unhas das paraxes máis poéticas, á par que bravas, do país. Nun dos monumentos máis importantes da comarca, as ruínas da Colexiata de San Xoán de Caaveiro, sita en plena fraga do Eume, dise que pasou tres días coas súas noites Lord Byron, o gran poeta do romanticismo. Tamén, nas beiras do río, a fraga do Eume, hoxe Parque Natural, constitúe un dos máis importantes bosques caducifolios de Europa.

Con todo, na comarca pode o visitante atopar dúas faces distintas á hora de pasar, poñamos por caso, as súas vacacións. Pontedeume e Cabanas constitúen os enclaves con máis vida da zona e contan cunha oferta turística máis standar de sol e praias nos meses de estío. Aí atópanse os magníficos areais de Perbes, en Pontedeume ou A Madalena, en Cabanas, xunto con calas e praias máis pequenas, que se enchen de veraneantes nos meses do estío. Nas augas costeiras tamén é posible a práctica de diversos deportes acuáticos, como o wind-surf ou a vela. Pontedeume, a vila antiga e señorial, ten en si mesma un grande atractivo polo tipismo das súas estreitas e pinas rúas e polos importantes e abundantes edificios que alberga. O máis singular e recoñecible é o magnífico torreón dos Andrade no centro da vila, recordo dunha linaxe que controlou boa parte das terras coruñesas no medievo. A altiva igrexa de Santiago, coroando a vila, constitúe outro dos monumentos máis espectaculares. O convento dos Agostiños, no que se empraza unha estatua que lembra a Afonso X o Sabio, a Catedral de Latinidade... e outra multitude de edificacións que narran nas súas artísticas fachadas a historia desde o medievo ata este século. Saíndo da vila vella, a grande obra de enxeñería que supón a ponte de Pontedeume, cos verracos, seguramente prehistóricos, que pasaron a ser totems da familia Andrade. Non lonxe de Pontedeume, pero en direccións opostas, sitúanse dous monumentos máis da época medieval, a torre dos Andrade en Nogueirosa, que domina desde un outeiro toda a ría de Pontedeume e, tamén nun outeiro pero máis preto da vila a igrexa románica de San Miguel de Breamo. Cara ó interior da comarca os monumentos máis significativos son os mosteiros de San Xoán de Caaveiro, arriba citado, e mailo soberbio de Sta. Mª de Monfero, moito maior e no que aínda hoxe os seus claustros e a súa igrexa de fachada barroca falan dun poder e esplendor que se perderon, xunto con moitos documentos, a causa da Desamortización dos bens eclesiásticos no revolto século XIX. Entre ámbolos dous mosteiros existe unha ruta de sendeirismo moi interesante se un ten a forma física suficente. Nestas paisaxes de interior a poboación humana é escasa e os visitantes encóntranse inmersos nun fermoso mundo verde. Tirando cara a terras luguesas atopámo-lo outro núcleo de poboación importante na comarca, As Pontes de García Rodríguez, hoxe en día cun importante peso económico gracias ós xacementos de lignito e á central térmica que alí se atopa. Da vila vella das Pontes a penas quedan unhas poucas rías, a Ponte Vella e a igrexa parroquial.

Vista das Pontes J.S

Placiña de Pontedeume J.S

Todo o resto da poboación é froito do crecemento que propiciou a implantación da industria na vila. Con todo nas Pontes o turista pode visitar un interesante Museo Etnográfico Monte Caxado, no Colexio do mesmo nome e gozar da recente pero exitosa Festa do Cabalo das Pontes, na que teñen lugar diversas exhibicións e probas co nobre équido como protagonista.

O mellor para coñece-la comarca é, dispoñendo de tempo, perderse un pouquiño e, case sen mapas, ir atopando as xoias que por estes pagos se agachan.

Sen o relumbrón doutras zonas galegas, O Eume pouco ten que envexarlle de ninguén. ❦


COMARCA
DO EUME
Desenvolvemento Comarcal
CERDIDO
MOECHE
MAÑÓN
OUROL
VALDOVIÑO
NARÓN
FERROL
NEDA
FENE
SAN SADURNIÑO
AS SOMOZAS
ARES
MUGARDOS
CABANAS
A CAPELA
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
MURAS
PONTEDEUME
SADA
MIÑO
VILARMAIOR
MONFERO
XERMADE
VILALBA
BERGONDO
PADERNE
IRIXOA
ARANGA
GUITIRIZ
BETANZOS
Serra de Forgoselo
Serra da Faladoira
Serra da Loba
Serra de Queixeiro
Encoro da Ribeira
Encoro do Eume
Ria de Ferrol
Ria de Betanzos
Ria de Ares
Praia de Santa Comba
Praia de Ares
Praia de Madalena
Praia de Perbes
Praia Grande
Eume
Xubia
Belelle
Val Penedo
Maciñeira
Chamoso
Trimaz
Madanela
San Martín
Labrada
Lambruco
Porto
Fraile Bermuz
Monte dos Ladróns 624
Chao de Armada 665
Alto do Caxado 752
Tras da Serra 676
Bostelo 757
Penas Louseiras 465
Pena da Lama 482
Pena da Sombra 514
Racamonde 542
Couto das Modias 343
Pena das Camposas 607
Cruz de Ouroso 659
Carballeira 667
Fontardión 665
A Arricada 632
Pico da Auga 474
Penedo Gordo 529
Monte da Capela 518
Couto Allegue 414
Catasol 442
Monte Chouso 586
Pendella 721
Pena da Uz 708
A Portela 654
A Marola 661
Serrón do Lobo 700
A Pena Verde 709
Pico de Vales 699
Cruceiro da Loba 639
A Pena do Mosqueiro 554
Monte 566
2000 m 0 2 4 6 Km
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Feve
Igrexa
Capela, ermida
Mosteiro, convento
Castelo
Restos arquitectónicos
Torreón
Ponte
Aula da natureza
Miradoiro
Feira do cabalo
Parque natural
Fervenza
Praia
Aula da natureza

Futuro da comarca

ESTA comarca encóntrase na área de influencia de dúas zonas urbanas como son A Coruña e Ferrol, que definen e matizan as vinculacións intramunicipais no seu propio territorio.

A existencia de redes de comunicación de primeira orde como é, no futuro, o ramal da autoestrada A Coruña - Ferrol, e o corredor Ferrol - As Pontes, determinan os eixes de desenvolvemento apoiados pola creación dun espacio industrial no interior, ó redor do xacemento mineiro das Pontes; xunto coa maior accesibilidade da zona costeira e a súa posición con respecto ós fluxos poboacionais das urbes próximas en busca de esparexemento e ocio, definen o marco básico do futuro comarcal.

No interior a consolidación do foco industrial das Pontes, con alternativas de futuro, axudará ó desenvolvemento económico dos espacios do interior da comarca. A dinamización da gandería mediante o cooperativismo e a orientación productiva do subsector forestal, poden axuda-lo freo do éxodo rural e reduci-lo envellecemento da poboación nesta área.

No litoral o comercio e o turismo son as actividades principais. O sector turístico está bastante dinamizado na costa (Cabanas e Pontedeume) contando con espléndidas praias como Perbes, Ber, Centroña e o areal da Madalena, unha das praias máis fermosas. Son centros tradicionais de veraneo cunha oferta moi cualificada e que poden diversifica-lo seu atractivo a todo o ano, acrecentando o papel de área residencial.



Torre dos Andrade, en Pontedeume J.S

A comarca no seu conxunto posúe un patrimonio natural e cultural que de ser protexido, pódese converter nunha importante fonte de riqueza tanto polo que supón de potencialización dos distintos recursos endóxenos como pola consolidación dun espacio paisaxístico de primeira orde no val do Eume. A creación do Parque Natural do Eume constitúe unha extraordinaria posibilidade para o desenvolvemento da comarca, reforzando a oferta turística actual, e potenciando novas modalidades de actividades de tempo libre e turismo rural.

Neste sentido faixe necesaria e obrigada a protección da integridade dos ecosistemas existentes e a planificación da comarca no seu conxunto onde harmoniza-las actividades económicas e do medio ambiente no espacio natural das fragas do Eume asemade que serve para apoia-lo desenvolvemento económico da comarca. A riqueza do patrimonio natural e cultural desta comarca necesita ser conservado. A fraga do río Eume singulariza un espacio onde a frondosidade dos seus bosques, xunto coa riqueza piscícola das súas augas, as vivendas rurais que salpican os planaltos configuran unha paisaxe que é marco incomparable para o desenvolvemento de novas actividades. Sendeiros que nos levan ó mosteiro de Monfero onde a grandeza das súas ruínas se fai evidente, as carballeiras e soutos salpican as terras dos Andrade, e as sombras do cenobio de Caaveiro outean un dos espacios mais fermosos de Galicia.

Monfero, e A Capela no cerne da natureza; Cabanas e Pontedeume asomadas ó fondo da ría de Ares, e As Pontes de García Rodríguez paixase industrial de terra adentro, compoñen os escenarios do futuro desta comarca vencellada ó val do Eume.

A necesidade de actuacións puntuais que recuperen a riqueza artística e a monumentalidade destes edificios en ruínas e dos seus contornos, situados nun espacio natural de insólita beleza, necesitado dunha protección que ata o momento non alcanzou o nivel axeitado ás súas posibilidades. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

41

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Maio do 1997

Fisterra

Praia de Ézaro

José Salgado

Comarca de Fisterra

A Comarca de Fisterra, que toma o seu nome do Cabo de Fisterra, é a máis occidental de Galicia e marca o límite entre a Costa da Morte e as Rías Baixas. Estas terras están poboadas desde moi antigo e foron consideradas durante séculos como un referente na civilización occidental, coñecido desde a época romana e considerado por moitos peregrinos como o punto final da súa peregrinación a Compostela. Este territorio está conformado polos concellos de Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra e Muxía, cunha superficie total de 339,48 km2 e cunha poboación (cifras de 1995) de 27.034 habitantes. Esta comarca ten carácter marítimo –tódolos concellos se asoman ó mar– e organízase arredor dunha plataforma litoral formada por un conxunto de terras baixas costeiras, nas que se alternan vales, con pequenas rías, como a de Lira, e un conxunto de suaves elevacións que rodean o seo de Corcubión. Máis ó norte, a costa é moi recortada, con praias solitarias de augas tranquilas e tramos rochosos e cantís, o que ofrece unha gran variedade na paisaxe. O interior da comarca é montuoso e anticipa a morfoloxía da Galicia continental, cun relevo elevado e achanzado, cuberto por unha masa forestal e con recunchos de gran beleza paisaxística, como as beiras do río Xallas, que desemboca, en forma de salto, na pequena ría de Ézaro, onde o bloque da meseta homónima se interrompe bruscamente. Este fenómeno só pode contemplarse en contadas ocasións, debido ó encanamento do río para aproveitamento hidroeléctrico.

O clima da comarca ten claras influencias oceánicas, e as súas principais características son as temperaturas suaves e abundantes precipitacións repartidas ó longo do ano, aínda que existe un lixeiro déficit hídrico no verán, cando predominan as situacións anticiclónicas. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez.¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

O equilibrio económico na terra do belo sol poñente

POLA tardiña o sol baixa cara ó mar e incéndiao, o lume espállase no horizonte atlántico e as gaivotas voan silenciosas para despedi-lo día e recibir a noite sen présas de última hora. A comarca é un remanso de paz e ó fondo, bicando a raia azul do océano, debúxase a illa da Lobeira, co seu vello faro. É todo un espectáculo de luz e cores. Inda que só fose por isto, a Comarca de Fisterra, desde Cee ata a vila do Cristo, pasando por Corcubión, merecería aparecer nas guías turísticas como un dos lugares máis fermosos do mundo para agasallar o lusco e o fusco, mentres na ría resoa eco do to-to-to dos 'motores' das barcas dos pescadores que regresan á casa despois da faena. Pero o turismo non é a principal actividade da Comarca de Fisterra, cunha oferta de praias e lugares paisaxísticos para recreo de espírito que constitúen o mellor potencial dunha actividade aínda por desenvolver con criterios de eficiencia económica. A zona presenta unha equilibrada distribución localizada de vocacións productivas.

Cee cumpre a función de centro industrial e comercial da comarca, cunha potente industria de ferroaleacións, asteleiros, suministración de enerxía, instalacións eléctricas, empresas constructoras, una boa flota de transportes, así como un potente comercio, numerosas oficinas bancarias e servicios públicos en educación, sanidade e facenda e unha variadada oferta de establecemento de hostelería. A pesca a penas ten incidencia e a actividade agraria camiña cara a unha dobre especialización forestal e gandeira sobre a láctea. Corcubión, á parte dalgúns servicios administrativos e se-la sede xudicial da comarca, decantouse en favor do desenvolvemento do turismo e dunha oferta selectiva e perfilada cara a un turista de clase media que foxe das grandes concentracións mediterráneas. O encanto desta pequena vila é indiscutible. Fisterra e Muxía centran a súa actividade na pesca, cunhas capturas destinadas na súa maior parte cara ós grandes centros de consumo de España. O Cabo de Fisterra é o seu mellor atractivo turístico para viaxeiros de toda Europa. ❦



Vista de Cee J.S

A comarca volve perder poboación

A Comarca de Fisterra volve perder poboación, debido á caída da taxa de natalidade en termos semellantes ó que sucede nos países europeos e non tanto á emigración, que tivo os seus maiores efectos na década dos sesenta. A principios de século, a zona sumaba 20.387 habitantes, e aumenta ininterrompidamente ata 1960: en 1910, anota 21.045 persoas; 21.792 en 1920; 22.878 en 1930; 23.184 en 1940; 25.007 en 1950 e 25.297 en 1960. Nos seis decenios primeiros, o período de maior crecemento demográfico dáse nos anos corenta. De 1960 a 1970, a zona perde poboación e pasa a ter 24.671 habitantes. De novo recupérase na década dos setenta, e en 1981 rexistra 25.519 persoas. Os anos oitenta caracterízanse de novo pola perda de habitantes, de xeito que en 1991 a Comarca de Fisterra suma 24.421 persoas.

Na actualidade, o municipio máis poboado da comarca é Cee. A vila da Xunqueira tiña 4.060 habitantes no ano 1900. E desde que comeza o século XX ata o censo de 1981, a súa poboación aumenta década a década: en 1920 rexistra 4.280 persoas; 4.597 en 1920; 5.151 en 1930; 5.296 en 1940; 5.945 en 1950; 6.256 en 1960; 6.713 en 1970 e 7.234 en 1981. Nos anos oitenta, Cee perde poboación, e anota 6.921 habitantes no censo de 1991.

Ó iniciarse o século, Muxía era o municipio máis poboado da comarca, e desde aquela ata hoxe o número de habitantes sufriu lixeiras variacións, movéndose ó redor dos 7.000. O maior rexistro alcánzao no censo de 1950 con 7.612 persoas, e o menor en 1991, con 6.618 habitantes. Fisterra ten un comportamento demográfico semellante ó de Muxía, e desde 1900 a 1991, oscila ó redor das 5.000 persoas. En 1910 e en 1981, rexistra o maior número de habitantes con 5.034 e 5.147, respectivamente. En 1991, anota 4.964 persoas.

No ano 1900, Dumbría tiña 3.526 habitantes, e excepto nos anos vinte que sofre lixeira perda de poboación, nas décadas seguintes crece demograficamente ata situarse en 5.281 persoas en 1960. A partir desa data de referencia, empeza a peder poboación década a década (4.543 habitantes en 1970 e 4.408 en 1981), ata quedar en 3.967 no censo de 1991.

Corcubión é o municipio máis pequeno e con menor número de habitantes da comarca. A principios do século tiña 1.551 persoas e pasa a rexistrar 1.613 en 1930. Na década dos anos trinta perde poboación, e queda en 1.427 habitantes. A partir desta data, aumenta a poboación continuamente: en 1950 tiña 1.581 persoas; en 1960, 1.773; en 1970, 1.823; en 1981, 1.933 e en 1991, 1.951. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A industria e os servicios gañan peso económico

En termos comarcais, de 1981 a 1991, prodúcense cambios na actividade económica que afectan negativamente ó sector primario e favorecen a industria, a construcción e, sobre todo, o sector servicios. En 1981, o número de ocupados no sector primario –agricultura e pesca– representaba o 48 por cento do total e, en 1991, esta cifra reduciuse ó 33 por cento. Nesas mesmas datas a poboación ocupada na industria pasou do 13 ó 16 %, e na construcción do 14 ó 18 por cento. O número de ocupados no sector terciario creceu, desde o 25 ó 33 por cento.

Cee. É o municipio máis industrializado e cunha maior oferta de servicios da zona. Entre 1981 e 1991, a poboación ocupada no sector primario descendeu e pasou de representa-lo 22 ó 14 por cento; na industria aumentaron o número de ocupados do 24 ó 26 %; na construcción baixou algo, do 19 ó 17 por cento, e nos servicios creceu desde o 34 ó 42 por cento.

Corcubión. A maior parte da poboación ocupada concéntrase no sector terciario, se ben desde 1981 a 1991, baixou do 77 ó 68 por cento. A proporción de ocupados na industria non variou, e aumentou na construcción, desde o 5 ó 12 %. A poboación ocupada no sector primario non chega ó 5 por cento.

Dumbría. A poboación ocupada no sector primario sofre un forte retroceso e pasa do 54 ó 29 por cento. Case se duplican os ocupados na industria, do 10 ó 18%; aumentan do 16 ó 28 por cento na construcción e a penas varían nos servicios.

Fisterra. Malia o seu descenso, o número de ocupados no sector primario –fundamentalmente na pesca– é do 47 por cento. Na industria a penas hai variacións. Aumenta a poboación ocupada na construcción, do 7 ó 13 por cento, e nos servicios, do 24 ó 30 %.

Muxía. Pese a perder quince puntos de 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario –maioritariamente na pesca– representa o 54 %. O sector servicios duplicou o número de ocupados e pasou do 10 ó 22 por cento. A construcción ocupa o 13 %. ¶

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Nos confíns da Terra

DE sobra é coñecida dentro e fóra de Galicia a aura máxica que a comarca e o cabo Fisterra teñen o seu redor. Aquí dise que estivo a Ara Solis dedicada ó astro que morría no océano e aquí tamén, desde antigo ata o 1492 os homes pensaron que remataba o mundo e principiaba a nada.

Aínda hoxe que o racionalismo e a ciencia desentrañou o mundo, a contemplación do sol no seu ocaso no mar atrae a moitos visitantes, que se achegan ata o faro de Fisterra e outros lugares da costa con tal fin. Unha costa que se ben é coñecida polos seus naufraxios, ofrece magníficas praias para o desfrute estival. A praia do Mar de Fora, a do Rostro, a ría e praia de Lires (aldea que é un enclave de establecementos de turismo rural), o areal de Estorde ou a enseada de Ézaro, ó pé do Pindo. Esta dualidade fai da comarca un atractivo centro turístico, cun gran potencial.

Outro dos valores de Fisterra son, como non, os seus costumes e xeito de vida, moi apegados ó mar, máis as súas tradicións e arte. Cabería de todos estes elementos destaca-lo arquicoñecido santuario da Virxe da Barca en Muxía, centro mariano e mariñeiro por excelencia, no que a devoción cristiá parece mesturarse con certos ritos de ar pagán que xiran ó redor da célebre Pedra de Abalar e a Pedra dos Cadrís. No propio Concello de Muxía existen outros templos cristiáns de singular interese e beleza. O primeiro é o de Stª Mª, sito na vila de Muxía e de estilo románico. O templo ten a particularidade de non estar orientado, é dicir, non ten a portada cara ó poñente senón cara ó nacente.

Outro magnífico exemplar de románico é o antigo mosteiro de Moraime, no que se teñen realizado certas obras para mellor conservalo. San Martiño de Ozón, preto de Moraime é outro dos templos que paga a pena visitar.

Seguindo xa cunha enumeración de igrexas que na comarca teñen un interese artístico e arquitectónico, hai que lembrar, como non, a de Santa María das Areas en Fisterra, a igrexa de Duio, San Marcos de Corcubión, magnífico exemplo de arquitectura románica e a igrexa parroquial de Cee. Os Castelos do Cardeal e do Principe, un na costa de Corcubión e outro na de Cee completan, xunto co Pazo do Cotón un sucinto repaso ás construccións de interese en Fisterra.

O certo é que, con todo, a paisaxe é case a protagonista absoluta da comarca. As costas recortadas nas que asoman o cabo Fisterra, o da nave, o Touriñán (en realidade estes dous cabos atópanse nunha posición máis occidental que o devantido cabo Fisterra), son das máis espectaculares de Europa. O macizo do Pindo, Olimpo celta, axuda a completar este conxunto de costas incribles. O río Xallas morre aquí, tendo o privilexio de se-lo único río da Península Ibérica que desemboca nunha fervenza. Un mirador, estratexicamente construído axudará a unha axeitada contemplación deste anaco de costa.

Hai, polo tanto, que recomenda-la visita a Fisterra, costa máxica da fin do mundo, que ten moitas e fermosas cousas que ofrecer e que, sen dúbida, a ninguén pode deixar indiferente. ❦

Santa María das Areas J.S

COMARCA
DE FISTERRA
Desenvolvemento Comarcal
OCEANO ATLÁNTICO
Cabo Vilán
CAMARIÑAS
Camelle
Laguna de Traba
Ponte do Porco
Carantoña
Camariñas
Ría de Camariñas
Punta da Barca
Muxía
Monte Agudo 248
Carnes
Vimianzo
Salto
Cabo da Boutra
S. Martiño de Ozón
Moraime
O Facho 312
Petón de Uce 274
Monte Maior 224
VIMIANZO
Serrano
Cabo Touriñán
Enseada de Cuño
MUXÍA
Berdoias
Faro de Morquintián 312
Monte da Croa 439
Senande
Pena do Corvo 223
Alto da Cruz 536
200 Monte Meniña
Frixe
Praia de Lires
Ría de Lires
Lires
Dumbría
Barreiras 535
Pereiriña
Petón de Ferreñas 369
Petón de Armada 314
DUMBRÍA
Praia do Rostro
CEE
Buxantes
Olveiroa
Ponte Olveira
Encoro da Fervenza
Casa do Coton
Cee
Monte Seoane 246
Corcubión
Montes de Buxantes
Encoro de Castrelo
Encoro da Ponte Olveira
FISTERRA
Castelo do Cardenal
425 Montemaior
Alto da Pena 504
Castelo do Príncipe
CORCUBIÓN
Cabo da Nave
Praia de Langosteira
Enseada do Sardiñeiro
Ría de Corcubión
MAZARICOS
Beba
Fisterra
Enseada de Ézaro
Pindo
Cabo Fisterra
Illa Lobeira Grande
CARNOTA
Illa Lobeira Chica
Carnota (S. Mamede)
Vilares
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
2.000 m 0 2 4 6 8 Km
Casco antiguo
Alameda, xardín
Fervenza
Praia
Faro
Igrexa
Ermida, santuario
Mosteiro
Castelo
Pazo
Casa de turismo rural
Dolmen
Miradoiro

O futuro

A Comarca de Fisterra encóntrase nunha posición periférica respecto do resto de Galicia e ten unha relativamente baixa accesibilidade, aínda que actualmente se están mellorando as vías de comunicación que acceden á comarca, aspecto este que debe influír favorablemente no futuro desenvolvemento da comarca.

Outros potenciais deste territorio son unha estructura económica bastante diversificada, unha variada paisaxe e un rico patrimonio histórico e etnográfico. En cuanto á súa situación demográfica, tódolos municipios da comarca manteñen os seus efectivos, incluso con lixeirísimas ganancias ó longo do presente século, malia a emigración. Un caso excepcional é o municipio de Cee, que aumentou a súa poboación en forma notable (máis dun 50% de crecemento entre 1900 e 1991) e que ten a súa explicación nunha temperá instalación de diversas industrias emblemáticas. Os solos están formados por granitos e xistos, con abundantes depósitos aluviais, onde se desenvolve a agricultura e a gandería.

Hai diversas industrias, que tiveron como motor orixinal a pesca e mailo comercio. Actualmente, as actividades industriais máis importantes da comarca son as relacionadas coa producción de enerxía e a transformación metálica.

Estas actividades favoreceron o crecemento do sector terciario, principalmente en municipios como Cee e Corcubión.



Cruceiro en Fisterra J.S

A comarca reúne un variado potencial, como a pesca e a acuicultura, que xera ademais unha trama de actividades económicas relacionadas con este subsector, como son talleres, subministracións, fábricas de xeo, etc. Outro importante potencial é o turismo: esta comarca tradicionalmente está considerada como receptora de turismo estival, aínda que hoxe, a mellora das estradas, a oferta gastronómica e a variada paisaxe atraen a outro tipo de turista, cada vez menos estacional e que require un determinado nivel de servicios e infraestructuras.

Se se dan estas condicións, o turismo pode constituír un claro factor de desenvolvemento para a comarca. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

42

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Maio do 1997

Terra de Soneira

Castelo de Vimianzo

José Salgado

Soneira



A Comarca de Terra de Soneira comprende un espacio con grande unidade histórica, pertencente á antiga xurisdicción de Vimianzo, que se estendía polo amplo val do río Grande, unidade que tamén lle proporciona unidade física ó territorio. A Terra de Soneira está formada polos concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas, cunha superficie de 372,42 km2 e 23.733 habitantes (1995), repartidos entre as 34 parroquias dos tres concellos.

A unidade de relevo que organiza este territorio é o val do río Grande –o Vir Fluvium dos romanos–, o cal, desde as terras amesetadas do Xallas, ten un percorrido leste-oeste e desemboca na ría de Camariñas. Polo norte fan de límite unhas pequenas elevacións, que actúan como divisorias de augas co río Anllóns, mentres que o límite oriental e meridional é a meseta do Xallas. A paisaxe é suave, con aparencia de chaira ás veces, con predominio do aproveitamento forestal. O clima comarcal encádrase dentro da clasificación oceánica hiperhúmida, cunha tendencia a diminuí-la humidade cara ó interior, debido á existencia de pantallas pluviométricas. Os ventos dominantes do oeste proporcionan, ademais dun elevado grao de humidade, unhas temperaturas suaves e unha escasa oscilación térmica anual.

Tódalas épocas históricas deixaron a súa pegada nestas terras, desde as culturas megalíticas prehistóricas ata acontecementos recentes como foi a invasión francesa. De tódalas épocas existen restos que dan fe dun temperán e intenso poboamento: dolmens e antas, castros, pontes e vilas romanas, castelos señoriais e de defensa, igrexas románicas e barrocas e un faro centenario, conforman o extraordinario patrimonio histórico-cultural da comarca. Por outra banda, non se pode deixar de sinala-la influencia deste territorio, tanto política –o castelo de Vimianzo foi sede dunha extensa xurisdicción señorial– como económica –o porto de Camariñas mantivo lazos comerciais co norte de Europa–. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

O encaixe, unha fina artesanía de fama mundial

Os encaixes de Camariñas teñen recoñecida fama mundial, desde que séculos atrás os habitantes da zona importaron a técnica dos encaixes que utilizaban os Países Baixos. O feito é que o encaixe deu lugar nos últimos anos ó desenvolvemento dunha actividade artesá integrada nos circuítos comerciais e que cada ano celebra un feira de mostras para amosa-los seus productos, xa non só os clásicos manteis, xogos de cama ou panos da man, senón con contribucións á moda feminina. Noutro aspecto, a Comarca de Soneira é tamén campo experimental das enerxías renovadoras co Parque Eólico de Cabo Vilán, onde están instalados unha vintena de aeroxeradores, semellantes a estilizados muíños de vento, que conforman un escenario de moita beleza ó pé mesmo do Atlántico. En conxunto, o sector primario segue sendo a primeira actividade productiva de comarca. No caso do municipio de Camariñas hai unha clara vocación productiva pesqueira e marisqueira, así como fábricas de conservas.

A propósito da tradición pesqueira desta área da Costa da Morte, Esmorís Recamán fala da existencia de dous gremios de pescadores en Muxía e Camariñas, alá polo ano 1772, que fixeron causa común contra os de Corme, Fisterra e Laxe porque provocaban a súa ruína, tendo que intervir o Rei para evitalo.

No caso de Vimianzo, dentro do sector primario a actividade céntrase na agricultura, sobre todo na gandería, e na minería hai diversas explotacións dedicadas á extracción do caolín. Nos últimos anos medrou moito a construcción, e conta con numerosos serradoiros. No sector servicios, Vimianzo vai pouco a pouco especializándose nunha variada oferta comercial, sen esquece-la maquinaria agrícola. En Zas, onde o peso do sector agrario segue sendo determinante, hai unha especialización gandeira clara, máis en leite que en carne, e presenta grandes posibilidades para o desenvolvemento da silvicultura, en madeira de piñeiro e eucalipto, e con abundantes serradoiros. No caso do municipio de Zas, hai que distinguir entre a capital do mesmo (Zas) e Baio, convertido nun dos centros comerciais e de servicios da comarca, situados á beira da estrada que vai desde A Coruña ata Fisterra. En conxunto, a Comarca de Soneira ten posibilidades de desenvolver unha oferta de turismo rural e de praia. ❦

Palilleira. Castelo de Vimianzo J.S

A longa crise demográfica nace en 1970

A longa crise demográfica actual que sofre Soneira nace nos anos setenta como consecuencia dun aumento da emigración, por outra parte xa característica da zona, e da caída en picado de taxa de natalidade. Ese efecto combinado fará que entre 1970 e 1990, a zona perda 4.593 habitantes e a tendencia continúe. A principios da centuria, Soneira tiña 18.481 habitantes, e nas cinco primeiras décadas a poboación crece e pasa a rexistrar un número de 24.389 persoas no censo de 1950. Pese á forte taxa de natalidade, nos anos sesenta perde uns poucos habitantes a consecuencia do inicio dos movementos migratorios cara a Europa, de xeito que en 1960 rexistra 24.170 habitantes. Nos anos setenta, a comarca non só recupera o terreo perdido senón que os nacementos se disparan e a mortalidade se reduce, co cal pasa a ter 26.516 persoas no censo de 1970. A partir desta data de referencia, Soneira perde poboación, e anota 23.468 persoas en 1981 e 21.923 en 1991. En resumo, pódese falar de dúas etapas: unha de crecemento demográfico, que vai desde 1900 a 1970 e outra de perda de poboación, que abrangue desde 1970 ata hoxe.

O municipio máis poboado da comarca é Vimianzo desde principios do século XX. Desde o ano 1900 ata o 1950, a poboación do municipio aumenta, salvo un pequeno retroceso nos anos vinte: en 1900 tiña 8.637 persoas; en 1910, 8.767; en 1920, 9.391; en 1930, 9.222; en 1940, 10.131, e en 1950, 10.678. A partir de aí, comeza a perder habitantes, cun lixeiro repunte nos anos sesenta: en 1960 anota 9.803 persoas; 10.170 en 1970; 9.365 en 1981, e 8.433 en 1991. De modo que hoxe en día ten menos poboación que a principios do século.

No ano 1900, a poboación de Camariñas era de 4.153 persoas, e desde esta data ata 1970 a poboación segue aumentando: 4.591 habitantes en 1910; 5.042 en 1920; 5.288 en 1930; 5.729 en 1940; 5.707 en 1950; 6.269 en 1960 e 7.865 en 1970. A partir dos anos setenta prodúcese unha ruptura da liña ascendente, e Camariñas empeza a perder poboación: 6.818 habitantes no censo de 1981 e 6.930 en 1991. Zas tiña 5.691 habitantes en 1900, e desde esa data a súa poboación aumenta ininterrompidamente ata 1970. En 1910, o municipio anotaba 5.949 persoas; 6.177 en 1920; 6.177 en 1930; 6.275 en 1940; 7.171 en 1950; 8.004 en 1950; 8.098 en 1960 e 8.481 en 1970. Máis que a emigración dos anos setenta, a caída da taxa de natalidade provocaría que o número de habitantes descenda nos anos seguintes e pase a ter 6.560 persoas no ano 1981. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991







A construcción achega o 27 % dos ocupados

No conxunto da actividade económica, dividida por sectores productivos, a construcción achega o 27 por cento dos ocupados da comarca, case os mesmos que o sector servicios. Entre 1981 e 1991, a Comarca de Soneira perde poboación ocupada no sector primario, e pasa do 54 ó 37 por cento do total. A poboación ocupada na industria case se duplica, ó pasar do 5 ó 10 por cento. No caso da construcción, a proporción de ocupados pasa do 18 ó 27 %. En canto ós servicios, os ocupados aumentan tres puntos, do 23 ó 26 por cento.

Camariñas. En 1981, o sector primario rexistraba o 47 por cento da poboación ocupada, maioritariamente na pesca e no marisqueo. Dez anos despois, en 1991, esa proporción era do 32 por cento, 15 puntos menos. Nese período, a industria aumenta a porcentaxe de ocupados, pasa do 7 ó 11 por cento; a construcción leva unha liña semellante, e pasa do 18 ó 24 %. Polo que respecta á poboación ocupada no sector terciario, aumenta cinco puntos, do 28 ó 33 por cento.

Vimianzo. A fortaleza do sector da construcción no municipio está fóra de toda dúbida e vai camiño de se converter na actividade económica preponderante. En 1981, a construcción tiña o 16 por cento do total de ocupados, e dez anos máis tarde representa o 32 por cento, xustamente o dobre. Entre 1981 e 1991, a poboación ocupada no sector agrario pasou do 63 ó 37 por cento, o que supón unha perda de 26 puntos. Para esas mesmas datas, a industria pasa do 4 ó 9 por cento da poboación ocupada, e no caso do sector terciario dáse tamén un aumento da ocupación, do 17 ó 22 por cento.

Zas. Pese á tendencia dominante no conxunto de Galicia dunha acusada perda de ocupados no sector agrario, este non é o caso de Zas, municipio no que o sector primario conserva aínda a súa fortaleza: en 1981, rexistraba unha poboación ocupada do 47 por cento e dez anos despois anota un 41 %. A construcción dálle traballo ó 23 por cento do total de ocupados, a industria ó 10 por cento, e os servicios non sufriron variación e continúan no 27 por cento ❦

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Soneira, terra do encaixe

A comarca da Terra de Soneira, se tivera que ser descrita cunha frase, é o berce do encaixe tan afamado de Camariñas, coñecido alén das nosas fronteiras. De feito, no castelo de Vimianzo, tense consagrada unha parte da fortaleza a museo vivente desta fermosa producción artesá, e a estampa clásica da vila de Camariñas non é outra que as palilleiras traballando en plena rúa. Con todo, máis aló desta imaxe reducionista está a variedade de vistas e sabores que se poden alcanzar nesta terra que ten algo de bravía.

AQUÍ alumea o faro de Cabo Vilán, co de Fisterra, case o señor absoluto da mítica costa da morte. Non lonxe do cabo, na praia do Trece consérvase aínda o chamado 'Cemiterio dos Ingleses', no que foron sepultados os gardamariñas do buque-escola británico 'Serpent' tralo naufraxio nestas costas no ano 1890. As costas da comarca, ou o que é o mesmo, o litoral do Concello de Camariñas teñen algo de misterioso e estraño. Ás historias de navíos naufragados en noites mouras de temporal, de luces en terra que facían embarranca-los barcos, súmanse hoxe unha paisaxe agreste, moi fermosa, e personaxes envoltos un pouco na lenda como é o 'alemán' de Camelle, singular individuo que ten, neste punto da costa, o seu particular museo. Indo cara ó interior da comarca, comeza certo itinerario de carácter monumental, cunha primeira parada na igrexa románica de Xaviña e no pazo de Dor. Os seguintes fitos poden estar na fortaleza das torres de Cereixo (que datan do século XVII) e no monumental castelo de Vimianzo, sede, como xa se dixo anteriormente, dun museo do encaixe, xunto cunha parte etnográfica e histórica. Moi preto do castelo, na mesma vila de Vimianzo atópase tamén o interesante pazo de Trasariz, mostra dos pasados esplendores nobiliarios.



Casota de Berdoira J.S

O Concello de Vimianzo ten tamén outros monumentos como a capela da Peregrina, o pazo de Baldomir... pero algúns deles agrúpanse dentro dos restos chegados da prehistoria. Concretamente as antas da Pedra Cuberta, na parroquia de Treos e a Pedra do Altar en Baíñas, ámbalas dúas cámaras megalíticas con corredor, máis a Casota de Berdoias, unha 'cista' ou cámara máis sinxela e posterior ás devanditas. Os tres monumentos datan de entre cinco mil e catro mil anos de antigüidade e corresponden ó período neolítico e Bronce inicial.

O Concello de Zas é quizais dos tres que integran a comarca e menos coñecido. O certo é que, de tódolos xeitos, non desmerece en absoluto e ofrece algunha interesante oferta como é unha visita ás fermosas Torres do Allo e maila contigua igrexa renacentista do Allo, o Pazo de Loroño ou o Embalse da Fervenza, paraxe de grande interese paisaxístico. Tamén na localidade de Baio abriu hai non moito as súas portas un museo dedicado ó liño e toda a artesanía con el relacionada, facendo un interesante tándem co museo do encaixe de Vimianzo.

PODERÍA rematarse esta breve exposición dos atractivos da comarca dicindo que amañan un florido encaixe da arte, historia e paisaxe, que agarda unicamente a alguén que saiba apreciala. ¶



Río Baio, en Zás J.S


COMARCA
DE TERRA DE SONEIRA
OCÉANO ATLÁNTICO
CAMARIÑAS
MUXÍA
VIMIANZO
DUMBRÍA
LAXE
CABANA DE BERGANTIÑOS
ZAS
SANTA COMBA
Cabo Tosto
Cabo Vao
P. Capelo
Enseada de Trece
Enseada de Arou
Alto da Gurita
Arou
Camelle
Praia de Traba
Boaño
Dombate
Cereo
Valenza
Praia do Trece
Illa da Barca
P. Forcadas
Cabo Vilán
Cemiterio dos ingleses
Encaixes de Camariñas
Camariñas
Ponte do Porto
Carantoña
O Croado
Pena Tellada
Cotón de Carbún
A Galla de Pena Forcada
Gundar
Allo
Museo do Liño
Capela de Sta. Irene
Baio
Agualada
Pazo de Trasariz
A Pena
Vimianzo
Salto
Tines
Cuns
Pico de Meda
Torres de Cereixo
Carnes
Faro
Muxía
P. da Barca
Cabo da Buitra
Moraine
Pena de Frade
Berdoias
Serrano
Pazo de Loroño
Pedra Cuberta
Treos
Romelle
Zas
Mira
Pedra Branca
Alto de Pedra Longa
O Pedrido
Monte Roma
Pedra dos Cabalos
Pedra do Altar
Senande
Berdeogas
Baiñas
Grixoa
Santa
Frixe
Dumbría
Encoro da Fervenza
Buxantes
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
2.000 m
0
2
4
6
8 Km
Igrexa
Ermida, santuario
Torre
Castelo
Pazo
Museo
Dolmen
Cemiterio
Cerámica
Faro
Praia
Parque eolico

Futuro da comarca

A Comarca de Terra de Soneira tradicionalmente tivo unha economía baseada no sector primario.

En Camariñas, a pesca é a principal fonte de ingresos, aínda que xa non ten o peso que tivo antano e nos concellos interiores a actividade principal é a agropecuaria, que tamén está perdendo importancia. A comarca está pouco industrializada, e é o sector terciario o que actualmente ocupa a un maior número de poboación activa, debido ó notable nivel de dotación comercial que teñen os núcleos de poboación.

A comarca posúe unha indubidable vantaxe, que é a súa potencialidade turística, gracias á valoración que actualmente se fai dos espacios rurais por parte da poboación urbana: a 'Costa da Morte', a súa gastronomía, paisaxe, monumentos e artesanía conforman unha atractiva oferta turística, que nos últimos anos experimentou un notable avance. Incrementouse a dotación de infraestructuras, mellorándose a rede viaria e restaurando o patrimonio histórico - artístico.

OUTRAS actuacións que se desenvolveron son a creación e sinalización de rutas de sendeirismo e rutas monumentais; ou a potenciación da artesanía local, aspecto no que destaca a 'Mostra do Encaixe' de Camariñas ou os talleres de artesanía do castelo de Vimianzo, onde se pode ver desde a preparación do liño ata a elaboración do encaixe. Este recurso endóxeno debe ser convenientemente potenciado e orientado racionalmente, de xeito que sirva para afronta-lo futuro con garantías de éxito. ❦



Muíños eólicos. Cabo Vilán J.S

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

43

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xuño do 1997

A Barcala

Explotación forestal en Marcelle

José Salgado

Comarca da Barcala



FORMADA polos municipios da Baña e Negreira, cunha extensión total de 213,5 km2, a Barcala é unha comarca natural situada no tramo inferior do curso do río Tambre e que se estructura xeograficamente nunha serie de pequenos vales atravesados, entre outros, polos ríos Barcala, Baña, Corzán e Pequeno, todos eles afluentes do Tambre. En conxunto mostra unha topografía irregular resultado da evolución dunha peniplanicie achanzada que deu lugar á sucesión de outeiros moi redondeados pola erosión e vales encaixados.

Ó norte, no municipio da Baña, o relevo está máis compartimentado pois aquí localízase o banzo topográfico que marca o descenso da peniplanicie do río Xallas ata o Tambre. Este último sérvelle de límite ó territorio comarcal polo oeste, mentres que as alturas graníticas do Cornado, que enlazan cos cumes do Arades (521 m), vértice xeodésico, e os montes da Pena, pechan a comarca polo sur.

As súas verdes praderías e a abundante vexetación ripícola son resultado dunha edafoloxía favorable e da benignidade do seu clima oceánico, de suaves temperaturas e abundantes precipitacións, aínda que con matices propios da súa situación interior. A organización histórico-institucional da comarca realizouse en torno ó partido xudicial de Aro, actualmente Negreira, creado en 1834. Desde entón, e pese ás sucesivas oscilacións que alternaban fases de aparición e desaparición do partido, Negreira iniciou unha etapa de crecemento baseada na localización, na vila, de novos servicios administrativos e, así mesmo, na crecente actividade do seu mercado.

Deste xeito Negreira foise consolidando como o principal centro económico e funcional da comarca. Esta función tradicional viuse potenciada pola súa especialización gandeira e estendeu a súa área de influencia directa sobre os municipios da Baña e parte de Brión. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

A rugosa alfombra verde que atravesa o Tambre



Pasadizo do Pazo do Cotón en Negreira J.S

O Val de Barcala é unha rugosa alfombra verde, arrodeada de montañas, que atravesa o río Tambre, receptor das augas dos numerosos afluentes que regan as terras dos municipios da Baña e Negreira. As praderías e o cultivos forraxeiros atlánticos son a base da alimentación dunha cabana gandeira que constitúe unha das maiores riquezas da zona, sobre todo en canto á producción de leite e, en menor medida, de carne. A presencia do movemento cooperativo xurdido no outono de 1968 ó redor de Feiraco axudou moito o desenvolvemento do sector agrario na zona, ó converterse nunha das principais centrais leiteiras de Galicia e potencia-la liña de producción de pensos coa incorporación da tecnoloxía máis moderna, así como a comercialización de sementes, fertilizantes, herbicidas, etc. É tamén patente o grao de mecanización que alcanzou o sector agrario na comarca. Nas terras sen cultivar abundan os piñeiros, eucaliptos e carballos, pero sen que o sector forestal se convertera nunha auténtica alternativa capaz de desenvolve-lo potencial que acubilla.

No sector industrial destaca a presencia de talleres metálicos e mecánicos, como industria complementaria da construcción e de reparación de vehículos e maquinaria agrícola, serradoiros e empresas da madeira. No plano comercial, a vila de Negreira ten unha variada oferta de establcementos de distintos ramos e empeza a xurdir unha interesante oferta gastronómica, axudada pola proximidade da zona á capital de Galicia. Celébranse tres feiras ó mes –dúas en Negreira e unha na Baña– e falta por desenvolver unha oferta turística axeitada. ❦



Forte perda de poboación nos últimos anos

A Comarca de Barcala rexistra hoxe menos habitantes que a principios deste século. En 1900 tiña 11.644 habitantes e 91 anos despois 11.272. En canto á evolución demográfica da zona, hai dúas etapas claramente diferenciadas. Desde o inicio da centuria ata o censo de 1970 aumenta a poboación, salvo un pequeno retroceso nos anos cincuenta: en 1910 anota 12.182 habitantes; 12.462 en 1920; 13.107 en 1930; 14.766 en 1940; 15.787 en 1950; 15.033 en 1960 e 17.237 en 1970. Na década dos sesenta é cando se produce un maior crecemento demográfico, ó aumentar a poboación en máis de 2.200 persoas. A partir desa data de referencia, A Barcala empeza a perder habitantes: nos anos setenta perde máis de 2.000 persoas e sitúase en 15.100, e na década seguinte, o descenso de poboación faise máis acusado aínda e rexistra 11.272 habitantes en 1991, 3.838 persoas menos.

No caso do municipio da Baña, a situación demográfica presenta semellanzas coa da comarca. Comeza o século con 5.797 persoas, e nos trinta anos seguintes mantense algo por riba dos 6.000 habitantes: 6.043 no 1910; 6.023 en 1920 e 6.149 en 1930. En 1940 o censo rexistra 7.041 persoas e dez anos máis tarde 7.347. Na década dos cincuenta perde poboación e pasa a 6.495 habitantes. Nos anos sesenta, A Baña non só recupera o terreo perdido senón que en 1970 alcanza o seu máximo demográfico con 8.238 persoas. Pero ó entrar nos anos setenta comeza unha fase de perda continuada de poboación que o leva a anotar 7.913 habitantes en 1981 e 5.007 en 1991. Neses dez anos, o municipio reduce drasticamente o seu peso demográfico en case 3.000 persoas menos.

No censo de 1900, Negreira tiña 5.847 habitantes, e a súa poboación aumenta ininterrompidamente ata 1970: 6.139 persoas en 1910; 6.439 en 1920; 6.958 en 1930; 7.725 en 1940; 8.440 en 1950; 8.538 en 1960; 8.999 en 1970. É precisamente a finais da década dos sesenta cando o municipio alcanza o seu mellor resultado demográfico. Como no caso do seu veciño, o inicio dos anos setenta supoñeralle a entrada en fase recesiva: entre 1970 e 1981, reduce a poboación en case 2.000 persoas, e pasa a ter 7.197. Esa tendencia continuará nos anos seguintes, se ben a caída non é tan en picado. Entre 1981 e 1991, Negreira perde 932 habitantes, e anota no censo 6.265.

Tanto no caso da Baña como de Negreira prodúcense dous procesos simultáneos, dunha parte o traslado de números persoas a otras zonas, preferentemente Santiago; da outra, un forte descenso da taxa de natalidade e o envellecemento da poboación. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A terciarización dunha zona agrogandeira

Nos vinte últimos anos A Barcala está inmersa nun proceso de transformación dos seus sectores productivos, alomenos en termos de poboación ocupada. Nese sentido a perda de entidade do sector primario –non en canto a valor da producción– está sendo compensada, en parte, polo sector servicios e pola construcción. En 1981, a o sector agrario tiña o 79 por cento dos ocupados, dez anos máis tarde esta porcentaxe diminuíu ata o 47 %. Nesas mesmas datas, a poboación ocupada no sector servicios pasa do 11 ó 27 por cento; a construcción aumenta dende o 6 por cento dos ocupados ó 16 %, e a industria gaña protagonismo o crecer a súa poboación ocupada do 3 ó 10 por cento do total. En calquera caso, a actividade agrogandeira segue sendo dominante nunha zona de clara vocación leiteira, polas súas excelentes praderías, e cun sector forestal que vai a máis.

A Baña. En 1981, o sector agrario rexistraba unha taxa de ocupación do 81 por cento do total. En dez anos, perdeu 25 puntos e pasou ó 56 %. O sector industrial aumenta o seu peso relativo do 2 ó 7 por cento da poboación ocupada. No caso do sector da construcción, os ocupados crecen desde o 6 ata o 15 %. E o sector servicios duplica a súa poboación ocupada entre 1981 e 1991, e salta do 10,5 ó 22 por cento. Non obstante, o peso dos ocupados no sector agrario aínda segue sendo moi alto, e é moi probable que nos vindeiros anos siga descendendo este número.

Negreira. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario reduciuse á metade, ó pasar do 77 ó 38 por cento. Neses anos, o sector servicios goza dun forte impulso e aumenta a porcentaxe de ocupados desde o 12 ata o 33 %. De feito, a vila de Negreira agranda o seu papel de centro comercial e administrativo da comarca. Tamén a industria aumenta o seu peso, pois se en 1981 tiña o 4 % dos ocupados, dez anos máis tarde acolle o 13 por cento. Hai que subliñar, ademais, o paso que dá o sector da construcción, que no citado decenio pasa do 6 ó 16 por cento da poboación ocupada. ¶

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



A Comarca da Barcala

É esta unha comarca discreta, sen paisaxes espectaculares nin monumentos, salvo excepcións, demasiado coñecidos. Sen embargo, precisamente por iso, a Barcala é unha terra que respira tranquilidade e ten o discreto encanto do esquecido. Quizais o conxunto artístico que ten máis interese para os visitantes é o de Ponte Maceira ou Ponte Vella, no límite co Concello de Ames. Ademais da propia ponte, de cinco arcos e orixe romana, outros edificios, entre eles unha igrexa de estilo románico embelecen este fermoso lugar na ribeira do antigo Tamara, o actual río Tambre.

OUTRA paraxe ribeireña que paga a pena visitar cando un se achega ata estas terras é o encoro Barrié de la Maza, no que un tranquilo paseo en barca pode facer sentirnos no máis máxico dos lagos.

A capital comarcal, a vila de Negreira, pode tamén enorgullecerse dalgúns dos seus belos edificios, moi especialmente do pozo do Cotón, símbolo da vila, e da capela de San Mauro contigua a este, ata a que pode chegarse por un pasadizo aéreo que lembra un algo a ponte dos condenados, no palacio do Dux de Venecia. As orixes deste edificio remóntanse ó medievo, a pesar de que a súa face actual é posterior, en concreto do século XVII. Entre outras familias moi ligadas á historia galega, pertenceu ó señorío de Altamira.

No resto do concello poden admirarse sinxelos exemplos de románico rural, como é o caso da igrexa parroquial de Gonte (século XII), a de Landeira e a de Portor (século XIII). A riqueza paisaxística permite tamén o desfrute do contorno natural e a práctica dalgúns deportes como a pesca ou a equitación. Existe unha área recreativa en Cobas apta para unha merenda e descanso.

O outro concello que forma a Comarca da Barcala, A Baña, presenta unha paisaxe semellante que se derrama dende as alturas amesetadas da terra do Xallas ata o curso do río que fende estas terras: o Tambre. A paisaxe, fundamentalmente agraria e verde é, coma no caso do Concello de Negreira, un marco axeitado para as excursións, a pesca, a caza... oferta esta que pode complementarse coa visita a algúns monumentos de regular importancia que se espallan por todo o municipio. Os pazos, por exemplo: na parroquia de Barro atópase o pazo de Leis. Na de Corneira, o de Ferraces. No lugar de Cores conservase tamén a casa soarega de San Xoán de Barcala. No apartado das igrexas, teñen certo interese a de Lañas, con restos románicos, a do Monte, cun estilo gótico serodio, ou a de Santa Mariña. Existe tamén na Baña certa tradición artesá, de fabricación de útiles de vimbio e madeira nalgunhas parroquias, tradición que é necesario preservar da desaparición.

Resumindo, A Barcala permite doadamente desfrutar e coñecer, aínda que minimamente, os encantos do interior galego, cunha axeitada proporción de natureza e arte ó alcance de calquera. ¶



Capela de San Mauro, en Negreira J.S


COMARCA
DE A BARCALA
Desenvolvemento Comarcal
SANTA COMBA
VAL DO DUBRA
A BAÑA
MAZARICOS
NEGREIRA
AMES
BRIÓN
A Pereira
Artesanía en cestos
Suevos
Pazo de Lens
Barro
Artesanía en madeira
San Vicente
Pazo de Corneira
Corneira
Cornado
As Maroñas
Ordoeste
Covas
Lañas
Portomouro
Monte
Pazo do Catón
Gonte
Negreira
Ames
Aguapesada
Pino de Val
Cabanamoura
Chacón
Fontelos
Brión
Os Anxelos
Encoro de Barrié de la Maza
Río Abuín
Río de Barreira
Río Mazaricos
Río de Barcala
Río Baxoi
Río de Rosalía
Río Tambre
Río Sarela
Río Negro
Río Ponteo
Río de Cordón
Río de Faldó
Río de Portobar
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Igrexa
Ermida, santuario
Mosteiro
Pazo
Ponte
Cruceiro
Artesanía
Área recreativa
2.000 m
0
2
4 km

O futuro

A Comarca da Barcala padeceu, como o resto das comarcas galegas, a emigración. Pero lonxe de actuar como un factor excesivamente negativo, supuxo un reto para a poboación e o territorio, e a busca de solucións ós problemas que esta emigración presentaba contribuíu a reforza-la estructura productiva comarcal. A importancia dos cambios ocorridos desembocou na creación dunhas sólidas condicións para a actividade agraria e son diversas as circunstancias que contribuíron a iso.

Dunha banda cabe cita-la temperá realización da concentración parcelaria –foi das primeiras comarcas nas que este proceso reestructurador se realizou–. A existencia dunha tradición cooperativa e de asociacionismo agrario; e a creación, en 1968, da cooperativa agroindustrial Feiraco que actuou como motor de cambio e actualmente é unha importante empresa láctea. Por outra banda o dispoñer dunha área urbana –a de Santiago– no seu contorno próximo e a influencia ó seu redor doutros núcleos gandeiros relevantes como Santa Comba, foron factores xeradores do desenvolvemento comarcal.

A gandería, especializada na producción láctea, constituíu o principal recurso endóxeno. Proba diso é que o sector primario é a base fundamental da economía comarcal, e serviu de sustento para desenvolver unha activa industria de transformados lácteos e subministracións agrarias. No futuro e nesta mesma liña, esta especialización productiva debe manterse e consolidarse máis se cabe. A profesionalización dos traballadores agrarios e unha estreita unión da actividade gandeira coa investigación, teñen que xerar novas sinerxias locais para o desenvolvemento, favorecendo e potenciando a creación de novos empregos.



O río Tambre, ó seu paso por Negreira J.S

Simultaneamente, con racionalidade e criterios de mercado, debe incrementarse e mellorarse a explotación das extensas masas forestais, tanto de repoboación como de vexetación autóctona existentes na comarca, en base á explotación productiva da madeira e ó uso social do espacio forestal; e explotar, na medida do posible, as producións agrícolas para abastece-lo mercado urbano de Santiago, pois o futuro da economía comarcal pasa tamén por aproveitar ó máximo as posibilidades que brinda a proximidade da cidade de Santiago, tanto no referente á producción agropecuaria como no relativo á oferta de vivendas, xa sexan residencias secundarias ou vivendas principais, dado que a mellora das vías de comunicación así van permitilo.

Estas condicións poden orientar un fluxo turístico principalmente desde a área de Santiago cara á Costa da Morte, que atravesa a comarca a través da estrada que comunica Santiago con Muxía - Fisterra, repercutindo nunha mellora dos equipamentos da rede urbana, mellora que contribuirá a reequilibra-lo territorio.

Neste aspecto debe acometerse, nos núcleos principais, un proceso de modernización do terciario en canto a servicios e pequeno comercio. Hoxe en día a actividade comercial é xa subliñable e especialmente evidente nos mercados dos domingos, en concreto na vila de Negreira.

Sen dúbida a riqueza paisaxística é outro dos recursos que brinda excelentes posibilidades de futuro. Suavidade e beleza das paisaxes, abundancia de bos coutos para pesca fluvial e para caza, existencia dunha artesanía característica en vimbio, palla e madeira..., son recursos que organizados dun modo axeitado poden contribuír a xerar ingresos complementarios da principal actividade agropecuaria, sempre nunha perspectiva de desenvolvemento sostible e respectuosos co medio ambiente e co patrimonio cultural. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

44

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xuño do 1997

Xallas

Hórreo en Mazaricos

José Salgado

O Xallas

A Comarca do Xallas constitúe, polas súas características físicas, un espacio natural ben diferenciado, integrado polos municipios de Mazaricos e de Santa Comba, cun total de 18.453 habitantes.

O río Xallas dálle o seu nome a este territorio prelitoral pertencente a unha extensa penichaira. Planitude e horizontes suaves son as notas que definen o relevo amesetado desta comarca.

CONFORMA, nos seus 394,8 km2, un extenso altiplano erosionado pola que discorre o río Xallas nun curso divagante e por outros regueiros con escasas pendentes, formando amplos vales.

A comarca queda inscrita por pequenas serras ó norte (montes de Santa Bárbara), ó leste (monte do Castelo) e ó oeste (Runa, Guión...), prolongándose estas últimas ata o macizo do Pindo.

A altitude do relevo situado entre os 300 e os 600 metros e a súa posición aberta ó océano dá lugar a un clima morno e húmido, con abundantes precipitacións. Estes factores unidos ás características edáficas, explican o predominio da vexetación formada polas breixeiras, gándaras e outras formacións non arbóreas, que dominan con amplitude a paisaxe, intercalándose entre a matogueira bosques de árbores de repoboación –piñeiros e eucaliptos– e agrupacións de frondosas (carballos e castiñeiros).



Se desde o punto de vista natural a Comarca do Xallas presenta un carácter ben definido, non ocorre o mesmo desde o punto de vista organizativo, pois historicamente este territorio pertenceu en parte ó Partido Xudicial de Negreira e en parte ó de Muros.

Funcionalmente Santa Comba é o centro organizador do territorio comarcal aínda que comparte a súa atracción con outros centros da periferia, especialmente Santiago de Compostela e Muros. En Santa Comba localízanse os servicios administrativos básicos e é en base a eles e ás actividades productivas que se establecen vínculos de unión con Mazaricos; onde se sitúan outros dous núcleos de poboación: A Picota e mais Pino do Val. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traducións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Arrieiros e emigrantes que van a Portugal e Castela



No século XVIII a Comarca do Xallas, e sobre todo a zona de Santa Comba, é víctima da emigración e da gran crise do bienio 1768-69. A xente busca traballo no exterior, e a inmensa maioría sae cara a Portugal en busca de emprego de temporada, sendo Porto a cidade elixida para o seu destino, por outra parte a única cidade que é quen de absorber esa oferta de man de obra barata dedicada ás tarefas de recadeiro, augador e mozo de mercado. A outra corrente emigratoria temporal, moito menor, vai cara a Castela, traballar no campo, nos labores da sega e tamén de carboneo.

Lucas Labrada, no seu informe sobre o Reino de Galicia, fai tamén mención á existencia de máis de 250 arrieiros. En realidade dedícanse ó transporte de cereais, sal, viño, carbón e area. O trigo ía para Santiago, onde os conventos, cabido, Hospital e a fidalguía detentan a maior parte das propiedades das terras da Comarca do Xallas. Para A Coruña e Pontevedra, así como algo Noia e Muros, dirixíanse a mercar sardiñas como carga de ida dos arrieiros. O viño traíano desde Ribadavia e o sal viña de Malpica e Laxe, igual que a area.

O viño e o sal eran para vender nas feiras e nas tabernas, e o destino da area as terras próximas a Barcala. O carbón vexetal, obtido das cepas das uces tras un laborioso proceso, vendíano nas áreas de Compostela e Negreira.

Hoxe en día, as principais actividades productivas da Comarca do Xallas están vencelladas ó sector primario. A medida que se foi implantando a gandería extensiva de vacún de leite e, en menor, medida de carne, os cultivos de cereais de inverno –caso do trigo, centeo e avea– foron desaparecendo, e en parte algo semellante está a suceder co millo. As patacas e hortalizas son para o consumo familiar. A principios dos anos oitenta, pecháronse as minas de Varilongo, que constituían o centro de maior traballo asalariado da zona. A boa situación de Santa Comba, encrucillada de comunicacións entre a costa e o interior, axudouna a converterse no centro comercial da comarca, cunha interesante oferta de servicios. Nos últimos anos a feira de gando de Santa Comba, que se celebra cada semana, gañou importancia no conxunto de Galicia. Paralelamente o alto grao de mecanización do agro, axudou a desenvolver unha oferta complementaria de establecementos de venda e reparación de maquinaria. ❦



Igrexa da O, en Mazaricos J.S

En fase de estancamento demográfico

A Comarca do Xallas atópase nunha fase de estancamento demográfico con tendencia decrecente, iniciada a finais dos anos sesenta. Entre 1900 e 1960, a poboación crece ininterrompidamente, e o seu maior aumento rexístrase nos anos trinta: ó principio do século rexistra 15.111 persoas; 15.731 en 1910; 16.422 en 1920; 16.495 en 1930; 18.496 en 1940; 19.244 en 1950 e 20.035 en 1960.

Nos anos sesenta racha con esa tendencia e inicia unha etapa de recesión demográfica. Así no censo de 1970 anota 18.594 habitantes, des anos máis tarde o número é de 18.050 persoas e en 1991 rexistra 17.742 habitantes. Se na primeira etapa a emigración condiciona o crecemento demográfico, nos últimos vinte anos a reducción da poboación está ligada á caída da natalidade.

Mazaricos segue a tendencia da comarca. O maior número de habitantes alcánzao en 1960 con 7.920 e o menor en 1900 con 6.036 persoas. En 1910, o municipio anota 6.392 habitantes; 6.666 dez anos despois; 6.769 no censo do ano 1930; a finais dos anos trinta sitúase en 7.533 persoas; nos anos corenta sofre unha lixeira perda de poboación e queda en 7.183 habitantes. Desde o ano 1960 en diante, Mazaricos empeza a perder entidade demográfica, de xeito que en 1970 rexistra 7.102 persoas. Dez anos máis tarde o rexistro será de 6.665 habitantes que se reducirán ata 6.395 en 1991.

Santa Comba é o municipio máis poboado da Comarca do Xallas. Tamén, coma no caso anterior, hai dúas claras etapas demográficas. A primeira vai desde o ano 1900 ata o 1960, e caracterízase polo aumento continuado da poboación. A segunda abrangue desde 1960 ata hoxe e está marcada por un receso con perda e estancamento de poboación. Nos sesenta primeiros anos o censo pasa pola seguinte evolución: no ano 1900 anota 9.075 habitantes; 9.339 dez anos máis tarde; 9.756 en 1920; en 1930, 9.726 persoas, o que supón un lixeiro retroceso; en 1940 recupera o terreo perdido e rexistra 10.963 habitantes; 12.061 en 1950 e na seguinte década rexistra 12.115, amosando xa a tendencia ó estancamento. Nos anos sesenta perde poboación e no censo de 1970 rexistra 11.492 persoas. Con lixeiras variacións, conseguirá manterse por riba dos 11.300 habitantes nas dúas décadas seguintes.

Unha curiodade de Santa Comba é a nutrida colonia de emigrantes deste municipios que existe en Brasil, en moitos dos casos con estreitas relacións familiares entre si. En todo caso, nos anos sesenta e setenta a emigración cara ós países industrializados de Europa é dominante na comarca. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



Claro avance do sector da construcción

Xallas é unha comarca de forte presencia gandeira, especializada na producción do leite e, en menor nedida pero de xeito tamén importante, na producción de carne. Sen embargo, nos cambios operados na súa estructura productiva destaca o avance que se deu nos últimos anos no sector da construcción. Así, entre 1981 e 1991 este sector pasou de representa-lo 9 ó 20 por cento da poboación ocupada, de modo que o seu crecemento foi maior que o experimentado polo sector terciario, que para as mesmas datas de referencia aumentou 8 puntos porcentuais, do 15 ó 23 %. A industria a penas modificou a súa proporción de ocupados, fixada ó redor do 8 por cento. E no caso do sector primario, a ocupación caeu vinte puntos, desde o 68 ó 48 por cento.

Mazaricos. En 1981, o municipio tiña situado no sector agrario o 81 por cento do total da poboación ocupada, dez anos despois esta cifra reduciuse ata o 50 %, o que supuxo unha perda de 31 puntos, que vén subliña-la transformación que sufriu neses anos a economía campesiña local. Paralelamente, hai que significa-lo salto que dá o sector da construcción, pois neses dez anos pasa de te-lo 4 por cento dos ocupados ó 22 %, é dicir, case seis veces máis. É tamén relativamente importante o aumento dos ocupados no sector terciario, ó pasar do 10 ó 22 por cento. E é practicamente irrelevante o aumento do peso da industria en canto á poboación ocupada, que pasou do 5 ó 7 por cento.

Santa Comba. En 1981, o sector primario tiña o 61 por cento da poboación ocupada, dez anos máis tarde de esa porcentaxe situábase no 47 por cento, catorce puntos por debaixo do rexistro anterior. A proporción de ocupados no sector agrario é moi semellante á de Mazaricos. Nese decenio, a proporción de ocupados na industria permaneceu inalterable no 9 por cento. No caso da construcción, a poboación ocupada duplicouse, ó pasar do 12 ó 20 por cento do total. Sen embargo, dá a impresión de que o proceso de terciarización camiña de vagariño: en 1981 tiña o 18 % dos ocupados e en 1991 o 24. ❦

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Inmensidade verde

A pequena Comarca de Xallas, situada no occidente da provincia coruñesa, pero sen saída ó océano (o mesmo lle ocorre ó río Xallas, que desemboca nunha fervenza en Ézaro) caracterízase, nunha primeira ollada por unha paisaxe semellante a un mar verde que se perde de vista no horizonte. No medio dese verde infinito atópanse pequenos núcleos de poboación cun carácter netamente rural e tradicional. Aquí e acolá os monumentos relevantes desta terras fúndense perfectamente coa paisaxe, sen desentoar a penas. O máis antigo (agás diversas mámoas que se atopan en mellor ou peor estado) é o dolmen ou anta da 'Miña Parxubeira' que se conserva nun prado na parroquia de San Fiz de Eirón, Mazaricos. Por certo que na mesma parroquia cómpre visita-la súa interesante igrexa. En Castriz, Sta. Comba, subsiste, a toponimia non engana, un vello castro, ademais dun singular peto de ánimas e interesantes vivendas con

Santa Comba J.S

varios centos de anos. De diversas épocas tamén, agáchanse variadas edificacións pola comarca: o pazo do Pozo, o cruceiro de Cirolán, a ermida de San Xosé de Pino do Val ou a fermosa igrexa da Virxe da O, moi preto da Picota, a actual capital do Concello de Mazaricos. Son todos eles monumentos que harmonizan moi xeitosamente con diversas construccións tradicionais, especialmente hórreos de boa pedra, que abundan nestas terras.

Outro dos aspectos que os visitantes apreciarán e desfrutarán no Xallas é a pouca degradación da paisaxe e a existencia de diversas paraxes de interese natural. Tal é o caso do Pedregal do macizo do Pindo, compartido coas veciñas comarcas de Muros e Fisterra, un lugar no que a imaxinación dalgúns quixo ver nos penedos naturais altares, pías, monumentos dos vellos, e supostos celtas. A devesa de Anllares é outro dos paraísos naturais desta terra.

TRÁTASE dunha importante masa forestal autóctona de gran valor. Os montes da Ruña, os ríos Xallas e Beba son igualmente accidentes xeográficos que agardan ós amantes da caza, pesca ou sendeirismo. Mesmo para os que prefiren un sinxelo descanso a comarca conta con algunhas áreas recreativas (Pontenova ou Monte Aro, sobre un castro), onde deixarse arrolar pola tranquilidade que respira a comarca. Sen ser moi coñecida nin dotada de infraestructuras hosteleiras, Xallas ofrece, precisamente, o atractivo daquilo que está por coñecer. ❦



Dolmen de 'Miña Parxubeira' J.S


COMARCA
DE XALLAS
Desenvolvemento Comarcal
VIMIANZO
SENANDE
ZAS
SANTA COMBA
VAL DO DUBRA
(Bembibre)
DUMBRÍA
GRIXOA
VAL DO DUBRA
A BAÑA
MAZARICOS
NEGREIRA
OUTES
BRIÓN
AMES
Vimianzo
Salto
Tines
Treos
Romelle
Zas
Mira
Serrano
Berdoias
Berdeogas
Baiñas
Brandomil
Esmorode
As Salgueiras
538
Montes Santa Bárbara
Castriz
Santa Catalina
Santa Comba
Niveiro
Catelo
563
Dumbria
Pazo do Pozo
Buxantes
Encoro da Fervenza
Devesa de Anllares
A Picota
Igrexa da Virxen da O
Portomeiro
Olveiroa
Ponte Olveira
Encoro de Castrelo
Encoro de Ponte Olveira
As Maroñas
Cornado
Corneira
A Baña
Portomouro
Lañas
Dolmen de Corveira
Ezaro
Pedregal do Pindo
Pindo
Beba
Pino do Val
Cabanamoura
Chacín
Cruceiro de Cirolán
Negreira
Paxareiras
Suevos
Loios
Outes
Fontelos
Serra de Outes
Encoro deBarrié de la Maza
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Igrexa
Ermida, santuario
Pazo
Castro
Dolmen
Cruceiro
Peto de ánimas
Miradoiro
Área recreativa
Pedregal
Devesa
2.000 m
0
4 km

Futuro da Comarca



Hórreo típico en Santa Comba J.S

A Comarca do Xallas engloba os dous municipios que ocupan o primeiro lugar na provincia en canto a cabana vacúa. A rendibilidade do seu sector agropecuario e, especialmente, da explotación gandeira é o resultado do esforzo realizado ó longo dos anos para modernizar unha estructura económica e social tradicional que, coma no resto das comarcas galegas, se viu afectada pola constante emigración da súa xente.

EN primeiro lugar as favorables condicións agronómicas dos seus solos, a concentración parcelaria e, de modo simultáneo o a posteriori, a mellora xenética ou a mellora no manexo das explotacións e a mecanización, levaron esta comarca ós primeiros postos do ránquing agropecuario rexional, e asemade, a poboación e mailo parque de vivendas foron incrementándose.

SANTA Comba é a vila que vertebra o territorio e que polariza o crecemento por mor da súa centralidade e do propio trazado viario. Pero é necesario conseguir no ámbito comarcal unha axeitada vertebración territorial e por iso deben potenciarse núcleos de poboación intermedios como A Picota ou Pino do Val, en base a un desenvolvemento urbano harmonioso e coidado.

Para iso será necesario mellora-lo equipamento da rede urbana.

COMO na súa veciña Comarca da Barcala, mirando o futuro cómpre incrementa-la profesionalización dos empresarios e dos traballadores agrícolas, mante-la especialización productiva e mellorar en tódolos ámbitos posibles deste campo, tendo en conta a relación entre investigación e producción. Hai que manter criterios de mercado, racionais e rendibles.

DE igual xeito cómpre analiza-las posibilidades que ofrece o espacio forestal existente, afectado polos incendios dos últimos anos, e principiar accións orientadas a unha explotación forestal adecuada e rendible.

A proximidade no contorno comarcal de cidades e de núcleos urbanos destacables, como A Coruña, Santiago de Compostela ou Carballo, é un factor a ter en conta e que pode contribuír á posta en marcha de novas iniciativas de desenvolvemento comarcal, tanto no relativo á atracción de industrias e de empresas como na actividade agraria ou en actividades complementarias de carácter turístico.

OS recursos naturais comarcais e, concretamente, no sector occidental do municipio de Mazaricos, brindan amplas posibilidades para acometer diversas actuacións turísticas, sempre tendo en conta o respecto ó medio ambiente e ó patrimonio cultural.

Tendo como base estes recursos podería artellarse unha oferta atractiva centrada nas paisaxes naturais, na caza e, en especial, na pesca fluvial.

A riqueza arqueolóxica, os enclaves de frondosas –como por exemplo a reserva de Anllares en Mazaricos, ou as feiras e certames monográficos de vacún frisón e de gando cabalar, que se vén celebrando en Santa Comba– poden incidir na estructuración dun sector terciario que necesita organizarse e consolidarse. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

45

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xullo do 1997

Noia

Regueiro en Lousame

José Salgado

Comarca de Noia

CONTA a lenda que a comarca lle debe o seu nome ó ancián Noé, quen tralo diluvio universal recalou a súa barca no lugar chamado A Barquiña e sería a súa neta Noela, quen fundaría o asentamento actualmente chamado Noia.

CERTO ou non, é doado crer que esta conxunción de serra e mar, co esteiro do Tambre completando o conxunto, atraería a calquera viaxeiro que chegase a estas terras.

Esta comarca localízase na parte suroccidental da provincia da Coruña, situada ó fondo da ría de Muros - Noia e estendéndose ó longo da súa marxe esquerda. As súas comarcas limítrofes son as de Muros, Xallas, A Barcala, Santiago, O Sar e Barbanza e con todas elas mantén diversas relacións funcionais; nalgúns casos existe dependencia comercial específica, noutros é de tipo administrativo, educativo ou sanitario, como ocorre coa Comarca de Santiago.

A comarca de Noia compóñena os municipios de Lousame, Noia, Outes e Porto do Son, reunindo entre os catro unha poboación de 40.183 hab. de dereito, en 1995, asentada nun territorio de algo máis de 325 km2.



As dúas unidades xeomorfolóxicas máis sobranceiras son as formadas pola ría de Muros - Noia e a serra do Barbanza, as dúas de gran calidade medioambiental e paisaxística e que se mesturan sen a penas chaira litoral. As máximas altitudes rexístranse entre os municipios de Lousame e Porto do Son, co monte Iroite como punto máis alto, 685m, e a continuación A Muralla, xa en Lousame, con 674m.

O río máis destacable é o Tambre, que alcanza a comarca no seu tramo final ata a desembocadura, formando un marabilloso esteiro no que comeza a ría de Muros - Noia, entre os municipios de Noia e Outes. O clima é oceánico húmido, cun alto volume de precipitacións, producto do contacto das borrascas atlánticas coas terras galegas.

Os máximos estacionais prodúcense en outono-inverno e o mínimo no verán, acumulando un total anual superior ós 1500 mm, aínda que existen diferencias entre as zonas altas, máis chuviosas, e a parte litoral. As temperaturas son suaves, cunha media anual de 14ºC e cunha oscilación térmica moderada.

A comarca forma un conxunto bastante diferenciado, no que ademais da súa unidade xeográfica (cos cumes da serra do Barbanza que a separan da comarca veciña do mesmo nome e coa ría, que fai o mesmo coa de Muros), existe unha gran conexión entre os catro municipios que os fai interdependentes uns dos outros.

O punto central de confluencia é a vila de Noia, onde conectan as principais vías de comunicación da comarca: a C-550, Fisterra - A Guarda, que une Muros - Noia - Porto do Son - Ribeira; a C-543, Santiago - Noia; e comunícase con Padrón e Boiro por respectivas estradas locais cruzando as dúas o municipio de Lousame. Noia é o centro funcional da comarca e a súa importancia vén dada de moito tempo atrás, cando a época medieval era un dos enclaves máis importantes de Galicia.

ENGORDIÑAMENTE irá perdendo protagonismo pola colmatación do porto, que levou aínda cada vez menor movemento portuario, ata a actualidade, en que deixadas atrás as súas actividades portuarias, continúa sendo un centro económico, comercial e de servicios a considerar, tanto para os municipios da comarca como para os das comarcas veciñas. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Do mellor berberecho ó atractivo turístico da zona

Xardíns en Noia J.S

A pesca e o marisqueo son dúas das principais actividades da Comarca de Noia, pero a iso hai que uni-lo forte atractivo turístico da zona, no só pola inmellorable oferta de praias e paisaxes naturais, senón tamén pola existencia de importantes xacementos arqueolóxicos e un interesante patrimonio cultural.

Noia é mundialmente coñecida pola boa calidade do seu berberecho, que se cultiva nos bancos naturais do fondo da ría, e pola pesca. A importancia histórica da vila quedou reflectida polo licenciado Molina na súa *Descripción del Reino de Galicia*: ''A vila de Noia, que é xentil pobo e dos de máis antigüidade que hai neste Reino, é de xente nobre. Fanse aquí moitos e bos navíos, grandes e pequenos, porque ten sona a comarca de moi boa madeira, cárgase aquí cantidade de sardiña, a mellor de todo o Reino, e así, de onde queira que chega algunha sardiña preguntan de contado pola de Noia, porque habendo esta non se despacha outra''.

Na actividade pesqueira cabe tamén destacar a Porto do Son. A abundancia de captura fixo que Jerónimo de Hinojosa situase neste porto unha gran factoría para salga-lo peixe ó estilo Terranova. No século pasado, empresarios cataláns instalaron na zona fábricas de salgadura de peixe que logo foron pechadas debido á escaseza da sardiña. A súa segunda actividade é o turismo. Ademais das praias, ofrece unha variada mostra de restos arqueolóxicos. Abundan as mámoas, como as do conxunto do Cruceiro de Ramona, Montemuíño e Raña, na parroquia de Baroña, onde tamén se localiza Punta do Castro, máis coñecida como o Castro de Baroña. Trátase dun dos principais castros de Galicia. ¶



Noia mantén o crecemento demográfico

Só Noia, dentro do conxunto da comarca, mantén o crecemento demográfico, o resto dos municipios están a perder poboación. A principios deste século, a zona rexistraba 33.738 habitantes, desde o censo do 1900 ata do 1950, o crecemento da poboación é constante, ata alcanza-las 40.852 persoas, o seu máximo histórico. En 1910 anota 34.226 persoas; 35.644 en 1920; 36.539 en 1930 e 39.382 en 1940.

A partir de 1950, a comarca empeza a perder poboación, pasando a 39.577 habitantes en 1960 e a 37.193 en 1970. Na década dos setenta quebra esa tendencia á baixa, e experimenta un aumento demográfico que a fai situarse nas 38.796 persoas. Sen embargo, nos anos oitenta volve decrecer e o número de persoas queda en 37.018, segundo datos do padrón do ano 1991.

Como xa apuntabamos ó principio, Noia é o municipio máis poboado da comarca. No 1900 rexistra 9.791 persoas; 9.990 en 1910; 10.867 en 1920; 10.975 en 1930; 12.016 en 1940; 1.018 en 1950 e 12.241 en 1960. É dicir, nos primeiros sesenta anos deste século o número de habitantes increméntase paulatinamente. Nos anos sesenta, o municipio sofre un retroceso demográfico e pasa a ter 11.990 persoas. Desta perda recuperarase de sobras na década dos sesenta, na que anota 13.867 habitantes. En 1991, a cifra será de 14.082 persoas.

O segundo municipio en importancia demográfica da zona é Porto do Son. Ó principiar o século tiña 9.244 habitantes; 9.557 en 1910; 9.478 en 1920; 9.682 en 1930, 10.341 en 1940 e 11.303 en 1950, ano en que a curva de crecemento demográfico alcanza o seu punto máximo. A partir de 1950, comeza a perder poboación: en 1960 rexistra 10.598 persoas e 9.874 en 1970. Tamén como no caso de Noia, Porto do Son recupera poboación nos anos setenta e anota 10.453 habitantes. Na década dos oitenta prodúcese un pequeno retroceso, e queda en 10.414 persoas en 1991. Outes tiña 9.160 habitantes en 1900; 9.202 en 1910; 9.979 en 1920; 10.025 en 1930; 10.811 en 1940 e 11.303 en 1950. Desde 1960 en diante, a poboación do municipio comeza a descender: 10.734 en 1960; 9.968 en 1970; 9.815 en 1981 e 8.247 en 1991. Unha situación semellante vive Lousame, que en 1900 anota 5.543 persoas. En 1910 ten 5.477 habitantes; 5.500 en 1920; 5.857 en 1930; 6.214 en 1940 e 6.555 en 1950.

Se ata mediados do século rexistra un ciclo demográfico expansivo, a partir de aí cambia o sentido e perde poboación: 6.004 habitantes en 1960; 5.361 en 1970; 4.661 en 1981 e 4.275 no censo do ano 1991. ¶

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991







Os servicios relevan o sector primario

Na década dos oitenta a Comarca de Noia sofre un proceso de transformación da súa estructura productiva, de xeito que o sector primario deixa de ser hexemónico, en canto a poboación ocupada, e pásalle o testemuño ó sector terciario. En 1981 a agricultura e maila pesca tiñan o 45 por cento dos ocupados da zona, dez anos despois a porcentaxe baixou ata o 32 %. Nesas mesmas datas, aumenta lixeiramente a poboación ocupada na industria, que pasa do 10 ó 13 por cento; aumenta tamén o número de ocupados na construcción, desde o 13 ata o 18 por cento, e o sector servicios pasa a te-lo 37 por cento da poboación ocupada cando dez anos atrás tiña o 32%.

Lousame. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector agrario pasou do 58 ó 45 por cento. Nestes anos o sector que máis medrou foi a construcción, desde o 16 ó 22 por cento dos ocupados. Un aumento semellante tiveron a industria e os servicios: no primeiro caso, do 9 ó 13 por cento e no segundo, do 17 ó 21 % da poboación ocupada total.

Noia. Aínda conserva a importancia marisqueira, se ben a taxa de poboación ocupada no sector primario caeu do 28 ó 22 por cento. Cabe subliñar que entre 1981 e 1991 a penas aumentou a poboación ocupada no sector servicios, que pasou do 49 ó 50 por cento. A poboación ocupada na industria creceu 3 puntos e situouse no 15 por cento, e a construcción aumentou dous puntos, do 11 ó 13 %.

Outes. De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario reduciuse en 17 puntos, do 51 ó 34 por cento, correspondéndolles os maiores incrementos da taxa de ocupados ó sector servicios, do 23 ó 32 %, e á construcción, do 15 ó 20 por cento. A poboación ocupada na industria, pasou do 11 ó 14 por cento, entre os anos 1981 e 1991.

Porto do Son. A poboación ocupada no sector descendeu, desde 1981 a 1991, do 47 ó 39 por cento. A taxa de ocupados na industria creceu algo, do 10 ó 11 %. A construcción rexistrou o maior aumento de poboación ocupada, ó pasar do 12 ó 19 por cento. Os servicios permaneceron no 31 %. ❦

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Noia, terra cabaleiresca

EN Noia na vila cabeceira de comarca, tense unha lene impresión de retornar ó tempo dos cabaleiros e dos frades, ó mítico medievo. A vila costeira, que algún denominou a 'Pequena Compostela' rezuma un ar de antigüidade polos seus catro costados. Pode non ser certa a lenda que afirma que a súa fundación se debe ó biblico Noé, pero resulta máis que evidente que en Noia o visitante viaxa ó pasado. Rúas estreitas, arcadas góticas, un ar de misterio rodea a zona vella. Na praza principal o esplendor gótico da igrexa de San Martiño compite coa beleza de Sta. Mª a Nova, célebre polas lápidas gremiais que conserva no camposanto. Tamén nos acolledores xardíns de Felipe de Castro subsiste a sólida construcción da igrexa dos franciscanos, na parte da vila que moitos dos veciños empregan nos seus paseos. Pero claro, a comarca noiesa é isto e moito máis. É unha terra de serras que baixan cara ó mar, de amplos areais e fermosas paisaxes. Outes e Lousame son os concellos máis montesíos, sen a presencia do mar. En Lousame, o principal lugar de interese turístico atópase na parroquia de Toxosoutos. Trátase do antigo mosteiro de San Xusto, situado nun estreito e engaiolante lugar, polo que caen as augas dunha fervenza. Outros puntos merecedores dunha visita son as estribacións da serra do Barbanza, a ermida e mirador de San Lourenzo, na parroquia de Tállara, da que o seu templo parroquial ten algunhas partes de estilo románico. O principal monumento do Concello de Outes é o célebre e magnífico Pontenafonso, que aínda hoxe permite o tráfico rodado entre Outes e Noia. Tamén destaca na capital municipal o pazo dos marqueses da Serra. A paisaxe ten como principal accidente a desembocadura, de grande amplitude, do río Tambre.

De todos, Porto do Son é o municipio con máis espírito mariñeiro, e, de feito conta con dous importantes portos pesqueiros e deportivos, a capital municipal e máis Portosín e interesantes praias como a da Aguieira, Arnela ou Baroña, esta última dedicada ós amantes do naturismo. No mesmo lugar atópase o célebre castro litoral de Baroña, perfectamente visible e consolidado. Outro vestixio de tempos antigos é a ponte romana de Xuño.

NOIA é, xa que logo, un destino idóneo para quen queira empaparse de arte e historia asemade que desfruta da praia e do mar. ¶

Praia de Porto do Son

J.S


COMARCA DE NOIA
Desenvolvemento Comarcal
OCÉANO ATLÁNTICO
Ría de Muros y Noia
MAZARICOS
NEGREIRA
OUTES
CARNOTA
MUROS
NOIA
LOUSAME
PORTO DO SON
BOIRO
RIANXO
FONTE
MEIQUIZ
A POBRA DO CARAMIÑAL
PESQUEIRA
Beba
Pino de Val
Cabanamoura
Chacín
Paxareiras
Suevos
Arzón
Loios
Pazo Marqueses da Serra
Fonteio
Serra de Outes
Outes
Monte Agudo 477
Alto Vaqueira 460
Tremuzo 526
Pena de Ferro 629
Costoira
Ponte Nafonso
Roo
Serantes
Igrexa de San Xusto de Toxosoutos
Esteiro
Praia de Barraña
Tal
Illa da Cebra
Muros
Noia
Lousame
Vilacova
Aldariz
Minorfos
San Lois 363
Argalo
Portogravo
Minas de San Fiz
Monte do Sirona 535
Portosín
Praia de Aguieira
Dolmén de Argalo 483
Taliara
Muralla 678
Monte Freito 624
Ermida e mirador de San Lourenzo
Confurco
Monte Castelo 359
Nebra
Iroite 685
Fontefría 683
Mallón
Porto do Son
Praia de Arnela
Xofre
Igrexa da Atalaia 543
Punta do Castro
Castro de Baroña
Abuín
Praia de Baroña
Queiruga
Punta Calleira
Alto do Barazal 640
Graial 488
Barbanza 667
Tarragona
Burés
Camaño
Punta Prado do Río
Xuño
Forcadas 618
602
A Curota
Praia de Basoñas
Cabo Teira
Aldeavella
Boiro
Bianxiño
Praia de Barraña
Pobra do Caramiñal
Oleiros
2.000 m 0 2 4 km
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Igrexa
Ermida, santuario
Casco antigo
Pazo
Ponte
Cruceiro
Dolmen
Castro celta
Monumento conmemorativo
Baldaquino
Miradoiro
Xardíns
Fervenza
Praia

O futuro

NA Comarca de Noia confluén catro municipios moi relacionados e, ó mesmo tempo, con ampla diversidade en canto ás súas actividades económicas, o cal complementa e, á súa vez, lle permite albiscar un diversificado futuro a cada un deles.

A economía está orientada preferentemente nuns casos, ó sector agrario, como en Lousame e Outes; Porto do Son divide a súa orientación entre a pesca e os servicios, dada a súa cada vez maior importancia turística, na que tivo moito que ver a creación do porto deportivo de Portosín; e Noia, centro terciario por excelencia, no que se conxugan o comercio e os servicios, que son utilizados masivamente pola poboación do resto da comarca e de municipios extracomarcais.

Non deixa tampouco de ser representativo o alto número de habitantes que traballan fóra da comarca, ben por actividades relacionadas co mar (mariña mercante, pesca de altura,...) ou ben emigrantes desprazados cara a Europa e América.

É notable o número de persoas que traballan en Estados Unidos e en América do Sur. Isto implica unha entrada de cartos non xerados na comarca que pode ser moi importante á hora de realizar algún tipo de investimento.

Con estas características prevese un esperanzador futuro, pero cómpre analizar e canaliza-las diferentes posibilidades económicas que ofrece a comarca.



Igrexa de San Martiño J.S

DADA a importancia turística que os municipios costeiros foron adquirindo nos últimos anos gracias, entre outras cousas, á importante mellora das vías de comunicación, esta pode ser unha das actividades a desenvolver, potenciando a totalidade da excelente oferta turística, e que completa a xa existente centrada no verán e nas praias, co interese adquirido ultimamente cara ó turismo natural e deportes de natureza (sendeirismo, vela, cicloturismo,...) e que integra tamén o único municipio non litoral que é Lousame; este enfoque estendería os beneficios económicos do turismo a toda a comarca; pero para iso é necesario manter e potencia-la calidade medioambiental e arquitectónica, porque é unha das condicións básicas para que o devandito potencial se manteña.

De tódolos xeitos, un factor a destacar na economía local é a riqueza que ofrece a ría en múltiples aspectos (marisqueo, acuicultura, pesca) e que permite aínda un mellor aproveitamento.

POR último non debemos esquece-lo terceiro gran recurso que se debe manter, coidar e aproveitar: a serra, como gran recurso forestal, paisaxístico, arqueolóxico e turístico. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

46

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Xullo do 1997

Muros

Vista de Carnota e do Macizo do Pindo

José Salgado

Muros



NA costa suroccidental da provincia da Coruña, nun lugar de transición entre as rías altas e as baixas, aberta ó mar e encerrada na ría de Muros - Noia, localízanse os municipios de Carnota e Muros, que conxuntamente forman a pequena Comarca de Muros.

Terra de historia e lendas, estivo relegada ó esquecemento durante moito tempo (o afastamento dos centros económicos galegos e a mala calidade das vías de comunicación tiveron moito que ver nisto), cobrándose unha única vantaxe: a inmellorable conservación do medio natural e da arquitectura típica galega, coa vila mariñeira de Muros como unha das máis fermosas e mellor conservadas de Galicia e que está declarada conxunto histórico-artístico.

Forma –como dixemos– unha comarca de transición, sendo as súas relacións funcionais coas comarcas veciñas de Fisterra, Xallas e Noia constantes, debido a que en diversos aspectos se manteñen fortes vínculos entre uns e outros lugares (como ocorre cos servicios educativos, sanitarios, administrativos, comercio, etc...). Hoxe en día a comarca está adquirindo unha nova singularidade e personalidade, xa que nela se marca a imaxinaria divisoria entre a costa norte e a costa sur de Galicia. Ocupa unha extensión de 143,5 km2 onde en 1995 se asentaba unha poboación de dereito de 18.179 hab. A comarca sitúase nun accidentado terreo que pasa, nun breve espacio, dunha pequena rasa litoral a vertentes graníticas de fortes pendentes, que ascenden ata os montes que bordean a comarca, pertencentes ó macizo do Pindo - Serra de Outes, no rebordo levantado da meseta de Santa Comba, e onde se localizan as maiores altitudes: Pindo, 641m, ó norte da comarca, e o Medoña, no centro desta, con 581 m.

Caben destacarse dous espacios naturais específicos que polas súas especiais características fan necesaria a súa descrición.

O primeiro é a desembocadura en fervenza do río Xallas, no límite desta comarca coa de Fisterra; forma un dos espacios máis sorprendentes da costa galega, aínda que lamentablemente hoxe en día isto só ocorra contadas veces, ó construírse unha central hidroeléctrica no lugar; e o segundo espacio é o conxunto de Monte-Laguna e Cordón Litoral de Louro, de alto interese natural e paisaxístico.

A curta e densa rede fluvial descende desde os montes que bordean a comarca, formando estreitas e sinuosas canles que se dirixen transversalmente cara ó Atlántico nunha vertente e cara á ría de Muros - Noia, na outra.

O río máis importante é o Xallas, pero toca exclusivamente o extremo setentrional da comarca, actuando de límite coa veciña comarca de Fisterra e que é aproveitado, como se dixo anteriormente, para a producción de enerxía eléctrica. O resto dos ríos son de curso curto e escaso caudal, entre os que podemos nomea-lo Rateira ou o Valdebois.

O clima é oceánico como en toda a costa galega, con elevadas precipitacións na serra, próximas ós 2000 mm anuais, producidas pola chegada das borrascas atlánticas e o seu contacto cos relevos costeiros, e unha suavidade térmica que se observa na temperatura media anual, 14 - 15ºC, cunha oscilación térmica que non supera os 10ºC. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

O porto pesqueiro máis importante da ría



Muros é o porto pesqueiro máis importante da ría. Pero esta importancia xa vén de lonxe, cando en 1452 Juan II habilitou a vila como porto para importar e exportar. Anos despois, os Reis Católicos confirmarán o privilexio que Muros tiña desde tempo inmemorial, de que todo mariñeiro que fose condenado a morte tivese nesta pena a distinción de fillodalgo, salvo no delicto de traizón, este privilexio consistía en morrer degolado e non aforcado, pois a morte por forca considerábase infamante. Outro privilexio do que gozou Muros foi o de poder celebrar un mercado en domingo, concedido na 'carta puebla' de Sancho IV. Tamén en 1881, Carlos III concedeulle unha feira, a celebrar en domingo.

O porto

O porto de Muros ten unha incidencia notable na economía do municipio e da zona. A flota está formada, sobre todo, por embarcacións de arrastre e de superficie. Se ben nun principio estivo máis ben especializado no peixe que nos crustáceos, a tendencia evolucionou de cara nas dúas direccións. Entre os peixes, destaca a captura de xurelo, sardiña, pescada, pescada pequena e ollomol. No caso dos crustáceos, hai predominio case total da cigala, moi cotizado dentro e fóra de Galicia pola súa calidade. Tampouco se pode esquece-la pesca do polbo e a colleita de berberecho, coincidindo coas temporadas de veda aberta.

A actividade pesqueira e marisqueira favoreceu a implantación dunha industria conserveira local, ó mesmo tempo que a fortaleza da lonxa muradá axudou ó desenvolvemento do sector servicios.

No verán, a zona goza dunha ampla presencia de turistas, tanto na zona de cámpings de San Francisco e o seu contorno, como na parroquia de Esteiro, poboada de chalés que se mesturan coas casas dos pescadores.

No municipio de Carnota, a actividade agraria e pesqueira complementanse. Tivo, en tempos, fábrica de salgadura e, máis recentemente de conservas de peixe. Teñen moita sona as cetáreas de lagosta de Porto Cuvelo.

No plano turístico, o municipio ofrece abundantes praias e vistosas paisaxes. A praia de Carnota ten seis quilómteros de longo e unha anchura que nalgúns tramos ten un quilómetro. Existe unha variada oferta de apartamentos para turismo nas localidades de Lira, Caldebarcos e O Pindo. ¶

Bateas na costa de Muros J.S

A poboación espállase ó longo da costa

Unha das características da poboación da Comarca de Muros é o seu espallamento ó longo da franxa costeira que vai dende O Pindo, no municipio de Carnota, ata Esteiro, no municipio de Muros, debido a que está encastrada entre as montañas e o mar. En canto á evolución demográfica neste século, cabe distinguir dúas etapas diferenciadas: entre 1900 e 1950, a poboación crece ininterrompidamente; de 1950 a 1991 a poboación decrece, sobre todo nos anos cincuenta a consecuencia da emigración masiva cara a América, e de xeito especial cara ós Estados Unidos, onde existe unha colonia da zona.

En 1900, o número de habitantes era de 14.637; en 1910, 15.955; en 1920, 16.357; en 1930, 16.876; en 1940, 17.523; e en 1950, 18.351, o máximo número de habitantes alcanzado pola comarca no que vai desta centuria. Na segunda etapa a evolución demográfica varía segundo as décadas de que se trate, dentro da tendencia xeral de perda de poboación. En 1960, anota 16.661 habitantes; nos anos seguintes crece lixeiramente e pasa a 16.986 persoas no censo de 1970, tendencia que continuará ó longo da década dos setenta, ata situarse en 17.564 habitantes en 1981. De novo, entre 1981 e 1991, perde poboación e rexistra 16.156 persoas no último censo. Polo que fai referencia a taxas de actividade por sexos, actualmente a masculina sitúase no 64 por cento, mentres que a feminina no 22, 25 %. A taxa de actividade xuvenil é do 46,28 e taxa de actividade total do 42,08.

Muros é o municipio máis poboado dos dous que conforman a comarca. A principios de século este municipio tiña 9.130 habitantes; 9.728 en 1910; 10.026 en 1920; 10.282 en 1930; 10.475 en 1940; e 11.155 en 1950. A mediados de século rompe a tendencia alcista e comeza a baixista, con algúns repuntes demográficos polo medio: en 1960 anota 10.029 persoas; 10.305 en 1970; 11.060 en 1981; e 10.178 no censo de 1991. A taxa de actividade masculina é do 65 por cento e a feminina do 21 %. A taxa de actividade xuvenil está no 47 por cento e a taxa de actividade total no 42 %. Carnota rexistra 5.507 habitantes ó principio do presente século, e a súa poboación vai en aumento ata mediados do mesmo: en 1910 tiña 6.227 persoa; 6.331 en 1920; 6.594 en 1930; 7.048 en 1940 e 7.196 en 1950.

A partir dos anos 50 empeza a perder habitantes con algúns intentos de recuperación: 6.632 en 1960; 6.681 en 1970; 6.504 en 1981; e 5.978 en 1991. A taxa de actividade masculina é do 63 por cento e a feminina do 24 %. A taxa de actividade total e do 42%. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A construcción gaña peso na economía local

Entre 1981 e 1991 o sector da construcción gañou moito peso na economía da comarca, o que fai supoñer que boa parte dos excedentes do sector primario van parar aí. En 1981, a agricultura e maila pesca tiñan o 43 por cento do total da poboación ocupada; dez anos máis tarde, esta porcentaxe caerá ata o 31 por cento, é dicir 12 puntos porcentuais. Sen embargo, nesas mesmas datas de referencia non se produciu ningunha variación na taxa de ocupados no sector industrial, que segue situada entre o 10 e o 11 por cento. No caso dos servicios rexistrouse un pequeno aumento da taxa de ocupación, ó pasar do 35 por cento en 1981 ó 38% no ano 1991.

Carnota. En contra da tendencia xeral que se dá en Galicia, a poboación ocupada no sector primario neste muncipio medrou entre 1981 e 1991, pasando do 17 ó 23 por cento do total de ocupados. En sentido contrario, o sector industrial perdeu peso, e se en 1981 representaba o 16 por cento da poboación ocupada, dez anos máis tarde esta porcentaxe reduciuse ó 10. O sector da construcción gañou peso na estructura productica, e pasou do 15 ó 21 por cento da poboación ocupada. Na década dos oitenta, o sector terciario sofre unha pequena crise no municipio, sobre todo no que respecta á hostelería, que terá repercusión na taxa de poboación ocupada, ó descender cinco puntos, do 51 ó 46 por cento.

Muros. Segue achicándose o peso da pesca e da agricultura no conxunto da economía no municipio. En 1981 o sector primario rexistraba o 19 por cento do total da poboación ocupada, en 1991 anotaba dous puntos menos, un 17 %. A industria gañou algo de peso no conxunto dos sectores productivos, ó pasar do 10 por cento en 1981 ó 12 % en 1991. A construcción é o sector que máis creceu na década dos oitenta, cinco puntos, desde o 14 ó 19 por cento dos ocupados. Por último, igual que no caso de Carnota, o sector servicios padeceu unha lixeira recesión na década dos oitenta, cunha perda de cinco puntos na taxa de ocupados: do 57 ó 52 por cento. ¶

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



As amplitudes de Muros

A comarca muradá, sendo como é, catíva, ten ademais dunha incuestionable beleza paisaxística, unha querencia indubidable pola grandilocuencia e grandiosidade. E ¿por que? Pois ben, nesta terra enfrontada ó bravo océano temos os galegos, (e tamén, claro está, os visitantes) por unha banda, a praia máis longa de Galicia, a de Carnota, que describe un amplísimo arco. Por outra banda, os hórreos máis grandes de Galicia, atópanse tamén na comarca e, polo tanto, no municipio de Carnota.

Estamos a falar do moi célebre hórreo de Santa Columba de Carnota, reproducido mil veces en postais, libros e publicacións varias e do menos coñecido de Lira, do que o seu estado de conservación non é todo o bo que cumpriría agardar. Así, tendo como referencia, estes 'récords' que ostenta a comarca cabe esperar grandes cousas dunha visita a esta terra.

Sen saber moi ben qué é o primeiro, cabe a posibilidade de principiar por Muros, a vila cabeza de comarca. Declarada Conxunto Histórico Artístico no 1970, conserva perfectamente o regusto, e a arquitectura da vila mariñeira que foi e aínda é. Os soportais das fachadas mariñeiras, as estreitas rúas, os vellos edificios medievais, coa colexiata de Sta. María do Campo case no cume fan dun paseo por Muros unha viaxe a outro tempo, que, imaxinamos, ten hoxe algo de idílico.

Reter ese aroma agradable e mariñeiro, ese sol especialmente amable nestas terras próximas á fin do mundo é doado. Visita-la comarca no verán supón ter moitas posibilidades para o lecer. Vindo dende o norte, Ézaro é o primejro punto de recalada, sempre baixo a presencia do Pindo, o chamado 'Olimpo celta' que agarda os pasos dos avezados excursionistas. Costeando, chégase axiña ó comezo do inmenso areal de Carnota e ás Gándaras de Caldebarcos, interesante enclave natural. O visitante, nestas paisaxes, pode sentirse perdido ou illado da axitación da vida diaria. Pasando a Punta dos Remedios e a Punta Insua, o turista albisca a praia de Lariño e, máis aló o fermosísimo conxunto do areal, lagoa e Monte Louro, outro enclave de grande interese natural. Pasando Muros, aínda restan praias de finas areas como a de Esteiro, moi concorrida no verán.

O certo é que restan aínda diversos monumentos, os muíños de marea de Serres, as igrexas de Santa Columba e San Mamede de Carnota, etc.

Pero o importante non son xa os lugares ou monumentos concretos, senón a impresión que un ten nunha comarca tan pequena pero tan chea de cousas fermosas e grandes. ¶



Hórreo de Carnota J.S

COMARCA DE MUROS
Desenvolvemento Comarcal
MAZARICOS
CARNOTA
MUROS
Mazaricos
Beba
Río Beba
Montes da Rula
Ezaro
Praia de Ezaro
Pindo
635
A Moa
Punta do Fornelo
Monte do Pindo
Río Xallas
Lombo da Laxa
228
Río Xallas
Río Xallas
Río Xallas

O futuro da comarca



Muíño de marea en Serres J.S

O futuro da Comarca de Muros pasa por potencia-los seus recursos endóxenos, tendo en conta que o afastamento dos principais centros económicos de Galicia os obriga a ofertar productos de alta calidade, ademais de desenvolve-la pequena industria local xa existente, que mantén economicamente a unha alta porcentaxe de poboación da zona.

O primeiro recurso explotable, de sobras coñecido, é o medio natural nas súas diferentes facetas. En primeiro lugar, destaca a riqueza do mar e a súa industria derivada, que constitúe a base do sector productivo local e que se concreta ademais da pesca en si (cun porto pesqueiro en Muros de grande importancia, a escala de toda Galicia, pola calidade das capturas: cigalas, pescada pequena, congro, xurelo, faneca,...), no desenvolvemento dunha industria conserveira, granxas de rodaballo –nalgunhas das cales se lle engaden ollomol e robaliza–, cetáreas de marisco,... que lle deron na última década unha certa auxe á industria derivada e ó cultivo das especies mariñas. Tamén a posición fronte ós ventos atlánticos, servirá para situar nos altos da serra, centros de enerxía eólica.

Un segundo sector a desenvolver mediante un aproveitamento ordenado e regulado é o forestal, tendo en conta que a riqueza madeireira se pode multiplicar se realmente se cultiva e se traballa o monte. Se polo contrario se abandona, ocorrerá o que está pasando na actualidade: grandes incendios que están deforestando o monte.

En terceiro lugar e como recurso máis evolucionado nos últimos anos (entre outras cousas pola mellora das vías de comunicación), está o alto valor paisaxístico e natural do contorno, que leva a considera-la Comarca de Muros como unha das máis atractivas de Galicia, paisaxística, medioambiental e arquitectonicamente falando, reflectíndose no importante incremento do sector terciario coa creación de cámpings, hostais, restaurantes,... que transformaron certos núcleos en centros case exclusivamente turísticos na temporada vacacional, como é o caso de Louro e Esteiro, os dous do Concello de Muros.

O rosario de enseadas con preciosos areais como Ancoradoiro ou Carnota, espacios naturais como o citado conxunto monte - lagoa - cordón litoral de Louro ou a desembocadura do Xallas, e por suposto, o conxunto da vila de Muros, son suficientes razóns para que a potencialidade turística sexa un recurso destacado na comarca. ¶

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

47

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Santiago

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Agosto do 1997

A catedral compostelá

José Salgado

Comarca de Santiago



A Comarca de Santiago –no centro de Galicia Occidental– está organizada arredor da capital rexional. É unha comarca extensa como o reflicten o seus máis de 600 km2 de superficie (614,52), e cun importante potencial demográfico –164.701 habitantes– ó contar cunha das sete principais cidades de Galicia.

O territorio comarcal forma parte de dúas concas hidrográficas: a do Tambre no norte e a do Ulla no sur, situándose a divisoria entre as dúas na parte setentrional da cidade de Santiago de Compostela. Este emprazamento entre ríos condiciona a topografía; así, a parte setentrional correspondente á vertente do Tambre está constituída por un conxunto de terras elevadas (arredor dos 500 m) incididas polos seus afluentes, os ríos Sionlla e Dubra, e outros cursos de auga secundarios. Cara ó sur hai un descenso topográfico, que corresponde á vertente do val do Ulla incidida á súa vez por mútiples afluentes, dos que o Sar é o máis importante á par que o máis emblemático; este río forma un corredor natural que atravesa A Maía e abre esta comarca ó Ullán, no esteiro que se abre cara á ría de Arousa. A disposición das vías de acceso, tanto principais como secundarias, facilitou a cohesión comarcal, debido á estructura radial desde Santiago, o cal lle confire á cidade unha elevada centralidade, que non é allea a que desde sempre Santiago actuou como un importante centro de mercado e de servicios para unha extensa área de influencia e incluso, en segundo qué funcións específicas, para toda Galicia. Actualmente, as novas funcións derivadas da capitalidade política e administrativa proporcionáronlle unha relevancia maior. Ademais deste novo papel no sistema urbano galego, que se engade á súa especialización universitaria, á súa función cultural e relixiosa e altruísmo, a cidade irradia a súa influencia directa nun ámbito periférico que engloba os municipios próximos a Santiago; nuns casos, e debido á difusión do crecemento urbano, traspasou os limiares da cidade e deu lugar a unha urbanización descentralizada, sobre todo cara a Teo (con grandes urbanizacións como Os Tilos ou Montouto), Ames (co crecemento do Milladoiro sobre a N-550 ou Bertamiráns, na C-543) ou Brión (cunha expansión en vivendas unifamiliares e urbanizacións moi integradas na paisaxe) e, noutros casos, porque se ben esa difusión residencial non é tan marcada –salvo ó longo das vías de comunicación que conectan coa capital– Santiago é o centro de servicios de todo ese territorio próximo.

É así, pois, como se organizou a Comarca de Santiago que queda formada polos seguintes municipios: Ames, Boqueixón, Brión, Santiago, Teo, Val do Dubra e Vedra. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Capital política e centro relixioso de Galicia

Monte do Gozo J.S.

A economía da Comarca de Santiago depende fortemente de Compostela, coa súa triple condición de capital política de Galicia, cidade universitaria e centro relixioso con proxección mundial. Isto fai que o sector terciario sexa predominante na súa actividade económica.

Historicamente, a vida da cidade do Apóstolo dependía da universidade e da súa condición de ser un dos tres centros mundiais da cristiandade, xunto a Roma e Xerusalén. Esta dobre condición axudou o desenvolvemento dunha variada oferta hostaleira e de restauración, acorde coas necesidades da demanda, que mellorou a medida que ía crecendo a capacidade de consumo. Dentro de Universidade, o prestixio da Facultade de Medicina e, paralelamente, a posta en marcha de diversos centros hospitalarios públicos e privados, singularmente o Hospital Xeral de Galicia, fixo que a sanidade fose tamén un dos servicios con forte atractivo sobre o resto de Galicia. A todo isto hai que uni-lo efecto positivo que ten sobre o turismo o patrimonio histórico-artístico dunha cidade que é unha da capitais europeas da cultura e que a Unesco declarou Patrimonio da Humanidade.

A partir de 1981, coa confirmación de Santiago como sede das institucións autonómicas, foi consolidándose como centro administrativo da comunidade galega. Isto motivou, doutra banda, unha masiva presencia de medios de comunicación en prensa, radio e televisión, así como o establecemento dunha serie de empresas vencelladas ó mundo da información. Todo isto vén unirse á existencia en Santiago dunha próspera e innovadora industria das telecomunicacións.

Unha comarca de 150.000 habitantes

A Comarca de Santiago alcanza os 150.000 habitantes en 1991, gracias ó crecemento demográfico que experimenta a capital de Galicia na década dos oitenta, esta vaga expansiva afecta tamén positivamente os muncipios lindantes de Ames e Teo. A principios de século, a zona tiña 58.145 persoas, e desde esa data de referencia ata hoxe a poboación aumentou ininterrompidamente. En 1910 rexistra 58.993 habitantes; 61.141 en 1920; 75.649 en 1930; 91.015 en 1940; 98.911 en 1950; 100.684 en 1960; 113.321 en 1970; 136.100 en 1981 e 149.574 en 1991.

Evidentemente a traxectoria demográfica da comarca está marcada pola de Santiago de Compostela: en 1900 anota 24.120 persoas; 24.637 en 1910; 25.870 en 1920; 38.270 en 1930; 49.191 en 1940; 55.553 en 1950; 571.65 en 1960; 70.893 en 1970; 93.695 en 1981 e 105.581 en 1991. É dicir, nos últimos cincuenta anos, Compostela duplicou a súa poboación.

O segundo municipio en importancia en canto a número de habitantes é Teo, convertida nunha das vilas dormitorio de capital galega. Ó iniciarse o presente século Teo tiña 7.036 persoas; en 1910, 7.194; en 1920, 7.496; en 1930, 7.998; en 1940, 8.930; en 1950, 9.242; en 1960, 9.848; en 1970, 11.179; en 1981, 10.986 e en 1991, 13.066 habitantes. Algo semellante sucede no caso de Ames, cunha curiosidade demográfica: entre os anos 1900 e 1930, o municipio mantense por riba das 7.000 persoas sen alcanzar nunca as 8.000; así, 7.097 habitantes en 1900; 7.271 en 1910; 7.334 en 1920; e 7.602 en 1930. Entre 1940 e 1991, Ames aumenta a súa poboación por riba das 9.000 persoas, pero sen rebordar nunca as 10.000: así rexistra 9.153 en 1940; 9.425 en 1950; 9.597 en 1960; 9.833 en 1970; 9.166 en 1981 e 9.864 en 1991.

No caso de Boqueixón, a poboación crece entre 1900 e 1970, con algún que outro altibaixo, pasando de 4.232 a 5.154 persoas. Sen embargo, nás dúas décadas seguintes perde poboación: anota 4.978 persoas no censo de 1981 e 4.187 no do 1991. De 1900 a 1950 a poboación de Brión aumenta e pasa de 5.681 habitantes a 6.900, e a partir desta última data diminúe: en 1960 ten 6.642 persoas; en 1970, 5.679; en 1981, 5.942; e en 1991, 5.752. Val do Dubra principia o século XX con 4.409 habitantes a aumenta a súa poboación ano tras ano ata as 6.900 persoas en 1950. De aquí en diante perde continuamente poboación e en 1991 anota 4.959. Vedra tiña 5.570 persoas no 1900 e 5.900 en 1940. Nas décadas seguintes perde poboación, salvo no anos setenta que recupera algo.

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A primacía económica do sector terciario

A Comarca de Compostela presenta un forte grao de terciarización da súa economía debido ó papel que exerce Santiago como capital política e administrativa de Galicia e sede universitaria e ó desenvolvemento turístico que provoca a súa monumentalidade artística e cultural. En 1981, o sector primario comarcal tiña unha poboación ocupada do 22%, dez anos máis tarde esa porcentaxe reduciuse ó 12%. Nesas datas a industria mantívose no 17 % da poboación ocupada, mentres que a da construcción aumentaba algo e pasaba do 11 ó 12 por cento. O maior crecemento na década dos oitenta corresponde ó sector servicios que aumenta case dez puntos e sitúase no 60 por cento dos ocupados.

Santiago. De 1981 a 1991, os ocupados no sector agrario pasaron do 6 ó 4 por cento. Tamén o sector industrial diminuíu o seu número de ocupados, se ben en menor proporción que no campo, e descendeu desde o 17 ó 14 por cento. A construcción aumentou a poboación ocupada, desde o 8 ó 10 por cento. E a poboación ocupada no sector servicios pasou do 69 ó 72 por cento.

Ames. O municipio tamén vai perdendo a súa vocación agraria e decantándose polos servicios. En 1981 o sector primario tiña o 35 por cento dos ocupados, dez anos máis tarde esta cifra reduciuse ata o 18 por cento. Na industria permaneceron no 17 por cento, e no caso da construcción pasaron do 15 ó 18 %. Nos servicios, a poboación ocupada creceu 12 puntos e situouse no 47 %.

Boqueixón. Os ocupados no sector agrario caeron do 50 ó 44 por cento. E mentres a ocupación na industria pasou do 11 ó 18 %, no sector industrial caeu do 18 ó 10 por cento. Nos servicios pasou do 21 ó 28 %.

Brión. Perdeu poboación ocupada na agricultura, do 47 ó 32 %, a gañou no sector servicios, do 25 ó 35 %.

Teo. A caída da poboación ocupada no campo, do 31 ó 14 %, foi compensada polo sector terciario, que pasou do 33 ó 52 por cento.

Vedra. Caeu a poboación ocupada na agricultura e aumentou no servicios.

Val do Dubra. Creceu a ocupación na construcción.

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



O corazón de Galicia

SE algunha imaxe se conxugou infinidade de veces para ilustrar ou referirse á totalidade do noso país, esa é sen dúbida a de Compostela, o verdadeiro corazón espiritual de Galicia. Falando de Santiago e da súa comarca sería oufano pretender descubrir algo. O único descubrimento está no corazón de cada viaxeiro que vai a Santiago, e máis se o fai seguindo os pasos de miles e miles de peregrinos, por calquera dos camiños xacobeos.

O que resulta ben certo é que, chéguese por onde se chegue, á fin remátase ante a gloriosa fachada do Obradoiro que dentro da súa beleza acubilla a máis anterga do Pórtico da Gloria, a obra cume do Románico, debida ó Mestre Mateo. Xa visita-la catedral, a tumba de Xacobo, abraza-la súa figura no altar, contempla-lo botafumeiro, perderse nalgún recuncho, na Corticela... supón un tempo considerable, tantas son as marabillas que hai que ver; pero de volta ó Obradoiro (a praza máis fermosa do mundo, din), ou á Quintana ou por onde queira que se entrase, resta todo o microcosmos que é Santiago por visitar. San Martiño Pinario, San Paio de Antealtares, as rúas do Franco e do Vilar, Xelmírez, a Alameda... percorrer Santiago é unha ledicia para o corpo e para o espírito. Claro que, logo duns días percorrendo a cidade do apóstolo pode ocorrer que o visitante sinta curiosidade polas terras que circundan este verdadeiro 'omphalos' galego. Seguindo as agullas do reloxo, os municipios que rodean Santiago teñen tamén os seus pequenos tesouros, incomparables ós de Compostela pero sen dúbida interesantes.

En Boqueixón os puntos de maior interese son o mítico Pico Sacro (o Mons Sacer dos romanos) e maila Ponte Ledesma sobre as anchas augas do Ulla. Outros monumentos con certo valor artístico son a igrexa prerrománica da Granxa e a de Lestedo (románica).

Vedra caracterízase pola abundancia de casas nobres, como o pazo de Vista Alegre, o de Ximonde, ou o de Ortigueira no medio dunha fermosa paisaxe na que abundan as vides. Existe no concello unha ruta de sendeirismo sinalizada que leva, sen moitas dificultades desde Vedra ata a pequena fervenza de San Fiz de Sales. A igrexa de Santa Olalla de Vedra é tamén un monumento a destacar.

En Teo as pontes son case os puntos máis singulares de atracción turística. A magnífica de Pontevea, a minúscula ponte en Rúa de Francos, moi preto do que, din, foi o castro da raíña Lupa, ou a ponte colgante do Xirimbao sobre o Ulla. Os cruceiros de Rúa de Francos e Calo son ademais dous bos exemplares desta fonda manifestación popular presente nos cruzamentos de camiño. En Ames, Ponte Maceira e mailo pazo de Lens son os principais puntos que cabe recomendar. Brión conta coas ruínas das Torres de Altamira, co venerado santuario de Santa Minia, co magnífico pazo de Armental ou coa igrexa de Bastavales, cunhas campás das que nos falan uns versos de Rosalía.

Finalmente, no Val do Dubra, agradables lugares para un paseo son as ribeiras do Tambre e do Dubra, ou a igrexa románica de Páramos (séc. XIII). En calquera caso, ninguén poderá dicir que se acheguou ata a terra de Santiago e se sentiu defraudado, nin polos monumentos, nin pola xente, nin polas paisaxes. ¶

Paisaxe en Ponte Ulla J.S


COMARCA DE SANTIAGO
Desenvolvemento Comarcal
VAL DO DUBRA
Bembibre
Río Dubra
Río Tambre
AMES
Río Sionlla
Río Sarela
Santiago de Compostela
SANTIAGO DE COMPOSTELA
BOQUEIXÓN
Río Sar
Río Sarramo
Pedrouzos
Bertamiráns
Encoro Barrié de la Maza
BRIÓN
A Ramallosa
VEDRA
TEO
Forte
Río Pontillón
Río Ulla
Río Tella
Río de Santa Lucía
Río Arnego
Av. do Mestre Manuel Gómez
N-550
N-634
N-525
AC-453
AC-432
AC-283
AC-261
AC-252
AC-254
C-543
C-541
C-76
C-76
2.000 m 0 2 4 6 8 Km
Conxunto Histórico Artístico (Patrimonio da Humanidade)
Aeroporto
Equitación
Igrexa
Vistas panorámicas
Castro
Entroido
Pazo
Torre
Cruceiro
Ponte
Balneario
Sendeirismo
Límite comarcal
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril

O futuro

A singularidade desta comarca deriva loxicamente de contar cunha cidade tan emblemática e singular como é a de Santiago, de aí que calquera previsión de desenvolvemento teña que se basear neste feito. É unha comarca urbana, o seu futuro está unido ó da capital que, por outra parte, é un dos espacios con maior potencial de desenvolvemento de Galicia.

Por unha parte, o propio territorio comarcal será (xa está sendo) o que reciba a expansión urbana futura, tanto no que a uso residencial se refire, como a uso terciario ou industrial, o que fará necesaria unha estructuración do espacio supramunicipal e así procurar que a descentralización da residencia e dos servicios estea acompañada dunha elevación da calidade de vida e do medio ambiente no seu contorno periurbano e rural, neste momento carente dunha regulación adecuada.

Así mesmo, a unidade comarcal deberá fomenta-la organización e xestión dos servicios comúns, cun ámbito de actuación máis adecuado a esa dimensión comarcal que a cidade vai adquirindo. E aínda que empezamos dicindo que a singularidade desta comarca é ser urbana, isto non terá que levarnos á conclusión de que hai unha uniformidade neste sentido, xa que o propio municipio de Santiago ten unha grande pegada rural, cunha base económica na que a actividade agraria está presente e na que predominan as actividades a tempo parcial. Pero o motor do desenvolvemento é, como se dixo, o potencial urbano. Santiago é hoxe a máis internacional e europea das cidades galegas. A súa especialización universitaria –tralos 500 anos de andaina–, o seu papel e a súa proxección cultural, o excepcional potencial turístico, o seu significado relixioso e monumental, e a crecente terciarización cualitativa, son todos factores que se unen á súa elevada accesibilidade na rede viaria rexional, á existencia dun aeroporto internacional, e á crecente implantación de centros institucionais de decisión en relación coa súa capitalidade, para debuxar un futuro próspero e seguro. Polo demais, non faltan algunhas empresas industriais competitivas, nin centros de distribución rexional. Máis aínda, é un dos focos con poboación máis novo e con recursos humanos máis cualificados, o que no contexto dunha rexión demograficamente regresiva non deixa de ser unha vantaxe diferencial.

Se a todo iso lle engadímo-la existencia dun ben pensado proxecto de cidade, concluiremos afirmando que a capital galega e a súa comarca é, ante o futuro, unha das áreas de desenvolvemento máis consolidadas. O potencial é moi elevado –máis cualitativa que cuantitativamente– e o futuro prometedor. ❦

Igrexa de Santa Eufemia J.S

XUNTA DE GALICIA

48

Comarcas

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Agosto do 1997

Barbanza



Corrubedo

José Salgado

O Barbanza

É esta a comarca costeira máis meridional da provincia da Coruña e unha das máis dinámicas de Galicia dende o punto de vista económico e demográfico. Os seus 243,97 km2 distribúense entre catro municipios (Boiro, Pobra do Caramiñal, Rianxo e Ribeira) que engloban 66.084 habitantes en 1991. É polo tanto, no contexto de Galicia, unha comarca que se ben hai que clasificala de pequena en superficie, é importante en canto ó seu volume de poboación.



A delimitación da comarca ten moito que ver cos elementos configuradores do relevo, inda que existan outros factores culturais e económicos que son tamén determinantes. O seu territorio forma a porción meridional da península do Barbanza, que separa as rías de Noia-Muros, ó norte, e a de Arousa, ó sur. A elevada serra do Barbanza actúa de límite polo norte, límite moi ben definido por unha serie de terras altas e amesetadas que superan os 600 m na divisoria das augas. Nestas alturas nace un conxunto de pequenos e rápidos cursos fluviais que forman pequenos vales lonxitudinais; tras un curto percorrido, os ríos desembocan na ría de Arousa, dando lugar a unha alternacia de val – interfluvio que modela a vertente da serra na súa caída cara á costa. O basculamento da península do Barbanza cara ó sur impide que se formase unha ampla chaira costeira, sendo esta moi estreita, incidida polos pequenos regueiros e bastante recortada. Na fronte do litoral ábrense amplas baías, das que é clara mostra a enseada de Rianxo e a de Boiro, e cabos e penínsulas, como o cabo de Cruz. Cara ó oeste, e xa fronte ó mar aberto, a península resólvese non amplo arco areoso que constitúe un dos espacios naturais máis emblemáticos de Galicia: o parque natural de Corrubedo, que inclúe as dunas, lagoas e marismas.

A disposición do relevo fixo que a Comarca do Barbanza se centrase cara ó mar, do que é unha clara mostra o predominio das actividades económicas que a caracterizan, como a pesca de altura e baixura, o marisqueo ou a industria conserveira, que ten a salgadura na súa orixe, implantada polos cataláns no século XVIII; non obstante, no sector máis oriental da comarca, correspondente ó Concello de Rianxo e xa no esteiro do Ulla, as actividades relacionadas co mar complementanse coas agrarias, non en van a disposición do relevo permite un maior uso agrícola, e a bondade do clima favorece os cultivos. Outra das singularidades desta comarca é a súa organización urbana. Son varios os núcleos costeiros relevantes que actúan como centros complementarios de actividade económica, e que xeran o que puidesemos entender como un policentrismo urbano (Ribeira, A Pobra, Boiro e Rianxo).

Ademais, a súa expansión ó longo do eixe costeiro deu lugar a un crecemento lineal practicamente continuo, ó englobar asentamentos menores (Aguiño, Castiñeiras, Carreira, Palmeira, etc.). As principais vías de comunicación –C-550 e vía rápida do Barbanza– seguen este eixe costeiro e enlazan o conxunto comarcal coa rede principal de estradas. ❦

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L. Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E. Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F. Mirás e C. Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ❦

O mar é a primeira industria natural da comarca

A Comarca do Barbanza ten no mar o recurso natural da súa vocación productiva, tanto no que afecta á pesca coma ó marisqueo, como base do seu atractivo turístico. Non é estraño tampouco que o mar sexa tamén fonte de lendas populares, como as que falan da cidade de Valverde asolagada polas augas do océano e vencellada co mito da Atlántica. A pesca e o marisqueo deu orixe ó nacemento dunha industria conserveira, que estenden as súas fábricas desde Rianxio ata Ribeira, pasando por Boiro e Pobra do Caramiñal, e que máis recentemente está introducíndose no campo máis amplo da chamada industria alimenticia. A reconversión do sector conserveiro provocou a finais da década dos setenta e principios dos oitenta a desaparición de moitas pequenas empresas e a innovación, con tecnoloxía de vangarda, daquelas que foron capaces de resisti-los envites dos grandes grupos alimenticios foráneos. Estas alteracións na estructura productiva provocaron tamén unha dobre especialización da flota en peixe fresco e conxelado, o que converteu a Ribeira no primeiro porto pesqueiro de Galicia.

Historicamente hai que sinala-la presencia dos cataláns a mediados do século XVIII, dedicados á salgadura de peixe e a formación de circuítos de comercialización que chegaban ata Inglaterra e Italia. Por aquelas datas, as principais especies capturadas eran a pescada, abadexo, congro, polbo e, sobre todo, a sardiña. Os volumes de capturas en augas da comarca, xa sinaladas por Lucas Labrada, impulsaron que o empresario catalán, Ventura Pijoán, establecido en Ribeira, desenvolvese unha industria de salgadura en Fontán, e unha lonxa de transportes que foi a máis importante da ría de Arousa, segundo sinala Meixide Pardo. De feito, nos seus almacéns abastecíanse as flotas mercantes dos portos galegos e ata os navíos estranxeiros que alí recalaban para negociar sardiña, polbo e peixe curado. Tamén tiveron unha apreciable incidencia na zona os maragatos dedicados ó negocio do comercio e ó transporte. Segundo Meixide Pardo, hai que subliñar que o auténtico pioneiro da industria da salgadura na zona foi o famoso empresario Jerónimo Hijosa Rodríguez, natural de Medina de Río Seco, que chegou a se-lo máximo home de negocios en Galicia no século XVIII e descubridor de novos caladoiros en augas galegas.



Porto de Rianxo J.S.

En fase de estancamento demográfico

A poboación da Comarca do Barbanza atópase na actualidade en fase de estancamento demográfico debido ó descenso da taxa de natalidade. A principios de século anotaba 35.988 habitantes, e hai que subliñar que desde esa data non parou de crecer a poboación: 39.752 persoas en 1910; 43.394 en 1920; 45.620 en 1930; 48.736 en 1940; 49.980 en 1950; 51.291 en 1960; 54.692 en 1970; 60.998 en 1981 e 61.722 en 1991.

O municipio máis poboado do Barbanza é Ribeira. No ano 1900 rexistraba 12.218 habitantes; en 1910 tiña 14.228; en 1920, 15.834; en 1930, 16.870; en 1940, 18.760; en 1950, 18.280; en 1960, 20.697; en 1970, 21.716; en 1981, 23.081 e 23.255 en 1991. Entre 1981 e 1991, o aumento foi só de 174 persoas, unha cifra que anuncia que entrou en fase estancamento demográfico.

Boiro é o segundo municipio en canto a poboación da zona. Pero tamén como no caso de Ribeira constátase que nos últimos anos a poboación a penas crece. O maior aumento de poboación dáse nos anos setenta, de xeito que entre 1970 e 1981 pasa de 13.867 a 16.752 persoas, cun aumento de case 3.000 habitantes. Sen embargo, entre 1981 e 1991, a poboación só aumenta en 40 persoas, e pasa de 16.752 a 16.792. De 1900 a 1960, o número de habitantes crece ininterrompidamente: en 1910 tiña 8.953 e 12.661 en 1960.

A Pobra do Caramiñal atravesa por distintas fases demográficas. Desde principios de século ata o censo de 1930, a poboación aumenta: 6.540 habitantes rexistra en 1900; 7.506, en 1910; 8.584, en 1920 e 8.784, en 1930. A partir do 1930 comeza a perder habitantes nas seguintes décadas ata 1960: 8.337 en 1940; 8.010 en 1950 e 7.449 en 1960. Nos anos sesenta recupera lixeiramente poboación e no censo e 1970 anota 8.165 persoas. Nos anos setenta experimenta un forte ascenso demográfico a alcanza os 9.813 habitantes. Esta tendencia québrase nos anos oitenta, nos que a poboación só aumenta en 50 persoas e queda en 9.863 habitantes.

No caso de Rianxo hai tamén tres fases demográficas. Na primeira metade do século a fase é expansiva, aumenta o número de habitantes: 8.277 no ano 1900; 8.589 dez anos máis tarde; 8.987 en 1920; 9.461 en 1930; 9.971 en 1940 e 11.120 en 1950. Na década seguinte, perde poboación a pasa a ter 10.484 persoas. Nos anos sesenta recupera parte do terreo perdido e anota 10.944 habitantes. Esa tendencia continuará nas dúas décadas seguintes se ben a un baixo ritmo: 11.352 persoas rexistra no censo de 1981 e 11.812 no correspondente a 1991.





SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



Os motores da pesca e do marisqueo

A pesca e o marisqueo son os principais motores da economía da Comarca do Barbanza. Nese sentido as perdas de poboación ocupada no sector primario corresponden máis á agricultura. En 1981, a zona tiña o 36 por cento dos ocupados en actividades do sector primario, en 1991 esa porcentaxe era do 32 por cento. A poboación ocupada na industria permanece nunha porcentaxe do 19 por cento, e crece algo a correspondente ó sector da construcción que nos anos oitenta pasou do 9 ó 13 por cento. O aumento do peso da poboación ocupada no sector servicios é practicamente inapreciable, pasou do 36 ó 37 por cento.

Boiro. Entre 1981 e 1991 descende o número de ocupados no sector primario, e pasa do 36 ó 29 por cento. A poboación ocupada na industria permenece fixada ó redor do 22 por cento. A construcción aumenta algo a poboación ocupada no sector, do 12 ó 14 por cento. E os ocupados no sector terciario pasan do 31 ó 35 por cento.

Pobra do Caramiñal. Entre 1981 e 1991, a poboación ocupada no sector primario aumentou lixeiramente, do 14 ó 15 %. Un aumento semellante tivo a industria, do 25 ó 26 por cento. A construcción tamén gañou algo, do 8 ó 10 por cento. Un dato inquedante é que o sector terciario perdeu protagonismo, ó pasar de 1981 a 1991, do 54 ó 49 por cento da poboación ocupada, cando a tendencia xeral na comarca e en Galicia é xusto a contraria.

Rianxo. O sector primario tiña en 1981 o 44 % da poboación ocupada, dez anos máis tarde esa porcentaxe era do 31 por cento, cunha diminución de 13 puntos. A industria aumenta os ocupados en 2 puntos, do 18 ó 20 por cento, e a construcción rexistra un salto espectacular ó pasar do 10 ó 18 por cento dos ocupados. A poboción ocupada no sector servicios pasa do 28 ó 31 por cento.

Ribeira. Entre 1981 e 1991 os ocupados no sector primario permaneceron no 40 por cento. A industria tampouco sufriu variación e continuou no 14 % dos ocupados. Os servicios sufriron un leve retroceso, do 38 ó 37 % dos ocupados.



Os contrastes do Barbanza

CURIOSAMENTE hai algo que sorprende cando se chega á Comarca do Barbanza. Fronte ás súas vilas de aspecto adiantado e moderno, A Pobra, Ribeira, Boiro, cun importante desenvolvemento económico e urbano, consérvanse unhas paisaxes primitivas, salvaxes, nas que abundan (é o caso da serra que lle dá nome á comarca) restos prehistóricos de bastante antigüidade.

A prosperidade da economía e maila dozura que ás veces presenta o litoral coruñés na ría de Arousa fan que sexan moitos os visitantes que se achegan ata aquí na procura das praias e cámpings (unha das de máis sona é a de Cabío, na Pobra) ou da práctica dos deportes náuticos. As festas de agosto, ademais enchen de música e falas animadas as noites desta comarca.

Na outra cara do Barbanza, as paisaxes singulares conforman outro foco de atracción de visitantes que tentan atopa-lo diferente. As outas cimas da serra barbanzá presentan un aspecto desolado, no que só destacan algunhas bestas en liberdade e abundantes mámoas e antas (dolmens) como a Arca do Barbanza ou o Chan da Arquiña, que retrotraen o visitante ós difusos tempos do neolítico e a primeira agricultura. A serra, co seu abrupto desnivel ofrece impresionantes vistas tanto cara ó norte (cara ás terras de Porto do Son, na Comarca de Noia) coma ó sur. Desde un dos miradoiros, a efixie do xenial Valle-Inclán vixía que a vida da Pobra (a vista da vila é magnífica) non caia no esperpento. Máis arriba, no mirador da cima da Curota, a vista aínda é máis ampla e o vento, que xeralmente vén do mar bate no visitante con despiadada forza. Quizais iso explica que, dende hai pouco, nunha parte dos cumes da serra, os modernos xeradores eólicos adornen tan singular paisaxe.

Desde o Barbanza vese todo, vilas, parroquias e, como non, outra das xoias paisaxísticas desta terra: o Parque Natural da Lagoa e Duna de Corrubedo, enclave de hábitat e aniñada para moitas especies de aves e no que existe un interesante Centro de Interpretación do Sistema Litoral, que lles permitirá ós visitantes, comprender mellor o que teñen ante os ollos, así como ter se cabe unha conducta máis respectuosa co medio.

Para aqueles que prefiran unha visita máis centrada nos aspectos culturais, teñen estas terras tamén a súa oferta, aínda que menos característica que a centrada no medio natural. Un repaso a algúns dos monumentos que non deben deixar de visitarse pode principiar en Rianxo, vila que viu nacer a Castelao (no porto existe un monumento dedicado ó xenial galeguista. Alí atópase a igrexa de Santa Columba, unha fermosa amálgama de estilos gótico, prateresco e barroco, xusto a carón do Pazo de Martelo, dedicado hose en día a bibilioteca municipal. Tamén en Rianxo atópase o santuario da Virxe de Guadalupe na que se inspira a célebre peza folclórica de 'A Rianxeira'. Outro templo interesante dentro do concello é o da parroquia de Taragoña.

No Concello de Boiro poderíase destacar entre outras, a igrexa de Cespón, co seu correspondente cruceiro e a de Abanqueiro, e mailas torres de Goiáns, un fermoso pazo. Na Pobra do Caramiñal hai que deterse a contempla-la igrexa de Sta. María a Antiga e achegarse ata o Museo de Valle-Inclán. No concello hai pazos de moito interese, como as Torres de Xunqueira (en Xobre) e o pazo da Mercede. Finalmente, de entre os monumentos que atopamos no Concello de Ribeira, o máis singular é o chamado 'dolmen' de Axeitos, unha anta megalítica sobradamente coñecida e situada nun piñeiral na parroquia de Oleiros. ❦

Pazo de Aguieiras, en Boiro J.S

COMARCA DO BARBANZA
Desenvolvemento Comarcal
NOIA
Noia
ROIS
LOUSAME
DODRO
Muros
Illa da Cebra
Ría de Muros e Noia
Punta do Louro
OCÉANO ATLÁNTICO
Punta do Castro
PORTO DO SON
Río Quenlas
Río Castro
Río Maior
Río Pequeno
685
Incio
644
Fontefría
Dolmen de Arca do Barbanza
Fervenza de Cubelos
Río Barbanza
639
Eugas
Alto do Baraza
640
BOIRO
Río Corme
Río Gradaxe
Punta Calleira
Punta Prado do Río
658
Barbanza
687
Pedras Negras
555
Pedra Barreda
591
A POBRA DO CARAMIÑAL
Río Pedras
Serra
Praia de Basoñas
Lagoa de Muro
Cabo Teira
Forcados
602
A Curota
514
Igrexa de Santa Mª de Carolina
Cristo de Moldes
Pazo de Goiáns
Praia do Barraña
Igrexa de Arancelo
Illa de Cortegada
Encoro de Con
VILAGARCÍA DE AROUSA
Vilagarcía de Arousa
Dolmen de Axeitos
240
Túmulo de Oleiros
Pazo de Xunqueras
Pazo de Bermúdez
Dunas de Corrubedo
RIBEIRA
Río Xuvia
Praia da Cabio
Ría de Arousa
Cabo Corrubedo
Lagoa de Carregal
Monte Castro
213
Praia da Lagoa
Ribeira (Sta. Uxía)
A Illa de Arousa
Vilanova de Arousa
A ILLA DE AROUSA
VILANOVA DE AROUSA
Río Ribeira
Puerto romano de A Lanzada
Punta do Couso
Praia do Carreiro
Illa da Toxa
Punta Cabeza de Moro
O Grove
Praia de Arca Grande
Illa de Salvora
Enseada de Castañeira
O GROVE
Punta Abelleira
Praia da Lanzada
SANXENXO
Muralla
670
Val de Quintáns
Montes de Loira
327
O Castro
Hórreo da Rectoral de Araño
RIANXO
Loira
370
Igrexa de Ceoán
Pazo de Martelo
Cristo de Lake Pequena
Nª Sra. de Guadalupe
Boiro
Rianxo
Igrexa de Sta. Columba
CATOIRA
Hórreo
Fervenza
Porto Deportivo
Igrexa
Ermida
Pazo
Torre
Museo de Valle Inclán
Dolmen
Cruceiro
Monumento a Valle Inclán
Centro de Interpretación Ecolóxico do Litoral Galego
Camping
Miradoiro
Praia
Dunas
Límite comarcal
Vía rápida
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Diputación
Resto de estradas
Ferrocarril
2.000 m
0
2
4
6 km

Futuro da comarca

CALQUERA proxecto de futuro para o desenvolvemento económico desta comarca ha contempla-las súas singularidades, que poden resumirse nunha actividade económica relacionada co mar, na vocación empresarial, na importancia da potencialidade demográfica, na elevada accesibilidade da zona e na existencia dunha rede de asentamentos moi consolidada. Ben é certo que por unha serie de circunstancias económicas e políticas, tanto a pesca como a industria conserveira están nunha fase de axuste ou expansión, segundo os casos. Non obstante, o dinamismo que sempre caracterizou ás súas xentes está actuando como elemento chave para alcanzar un aumento da competitividade dos seus sectores productivos.

Ademais das importantes actividades tradicionais (pesca, marisqueo, industria, comercio), un dos maiores potenciais e que máis coidadosamente debe desenvolverse é o turístico. O turismo relacionado co mar –o clásico veraneo– é antigo e importante na comarca, pero hai outras ofertas turísticas complementarias susceptibles dun gran desenvolvemento, e para as que O Barbanza conta con importantes recursos que explotar. Cabe destaca-lo parque natural de Corrubedo, dende o centro de intrepretación do cal se poden efectuar diversos percorridos, nos que se combinan formacións dunares, lagunares, extensas praias e toda a flora e fauna asociada a eses espacios. Tamén as panorámicas dende as elevacións do Barbanza permiten albiscar varias rías e o recortado perfil da costa. O ascenso polos vales das pequenas correntes fluviais (río Pedras, por exemplo) constitúe un fermoso paseo para coñece-las belezas naturais da comarca. A riqueza histórica reflectida en pazos ou casas grandes, cruceiros policromados e as múltiples mostras de arquitectura popular complementan un marco natural tan ricaz coma o antes descrito, e do que o seu elemento máis emblemático pode que sexa o dolmen de Axeitos. E a todo iso cabe engadir que esta comarca foi berce de ilustres galegos que deixaron ampla pegada na cultura da rexión, o que achega unha imaxe de prestixio. Pero cómpre mellora-la calidade da oferta, un maior coidado dos contornos urbanísticos e un tratamento coidadoso do medio ambiente. ❦

Monumento a Castelao, en Rianxo J.S

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

49

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Caldas

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Setembro do 1997

Capela de Santiago, en Caldas de Reis

José Salgado

A comarca de Caldas

TERRA de augas termais, denominadas caldas xa polos romanos o seu nome permaneceu, a comarca ten neste elemento a súa singularidade e un dos seus maiores atractivos.

Ó longo dos anos creáronse diversos balnearios para o tratamento de múltiples afeccións, que atraeu xentes doutros lugares, o cal influíu moi directamente no seu desenvolvemento e, en particular, na expansión do sector terciario.

A comarca localízase no extremo noroccidental da provincia de Pontevedra, e ten no belo esteiro do río Ulla o límite comarcal polo norte ata a súa desembocadura na ría de Arousa, separando ademais as provincias da Coruña e Pontevedra. Compoñen a comarca os municipios de Caldas de Reis, Catoira, Cuntis, Moraña, Pontecesures, Portas e Valga. Limita coa comarca coruñesa do Sar e as pontevedresas de Tabeirós-Terra de Montes, Pontevedra e O Salnés. Reunía en 1995 unha poboación de dereito de 36.672 hab. asentados nun territorio de 288,68 km2. É, xa que logo, unha comarca densamente poboada (127 hab/km2).



As unidades xeomorfolóxicas máis destacables son tres: o tramo final do val do río Ulla e o seu esteiro, ó que se asoman os concellos de Pontecesures, Valga e Catoira; unha ampla depresión tectónica na que se asenta a rede viaria do interior da comarca e polo fondo da cal discorre o río Umia; e, en terceiro lugar, un reborde montañoso oriental ascende ata as terras de Cuntis e Moraña desde as terras do val de Caldas de Reis e Portas. Neste cordón montañoso destaca o monte Xesteiras no norte (710 m), os montes Arca (645 m) e Cregos (789 m) no oeste, e os cordais que forman o sector de transición entre a depresión central e as áreas de montaña do interior pontevedrés, no sudoeste.

O clima é oceánico húmido, cun alto volume de precipitacións, producto da entrada das borrascas atlánticas, ante a ausencia de relevos occidentais que o impidan. Os máximos estacionais prodúcense en outono-inverno e o mínimo en verán, acumulando un total anual superior ós 2.000mm nas cotas máis altas, anque a cantidade é algo menor no fondo da depresión. As temperaturas son suaves, cunha media anual duns 14ºC aproximadamente, cunha oscilación térmica moderada.

O punto central de confluencia é a vila de Caldas que, dada a súa situación nun cruzamento natural de camiños, tivo sempre fortes relacións funcionais cos municipios que forman a comarca.

Xa no antigo partido xudicial histórico, practicamente mantiña a mesma agrupación territorial que a comarca actual.

A maior accesibilidade que trouxo consigo a mellora nas vías rexionais de comunicación, fixo que Caldas perdese parte a súa importancia como centro comercial e de servicios comarcal, pero aínda cando todos os concellos teñen relacións coas cidades e vilas veciñas, segundo a súa proximidade territorial, como é o caso de Padrón, Santiago, Vilagarcía, A Estrada ou Pontevedra, manteñen considerables vinculacións nos servicios e, en menor medida, no comercio.

A cambio, a comarca ten un importante desenvolvemento industrial, centrado principalmente nas dúas vilas maiores: Caldas e Pontecesures, anque tamén en Catoira e Cuntis as actividades productivas manteñen unha actividade considerable, como despois se dirá. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

O inicio do Salnés e comezo da Ría de Arousa

A comarca de Caldas está situada entre o inicio do Salnés e o comezo da Ría de Arousa. Esa situación, unida ó feito de estar bañada polos ríos Umia e Bermaña, abundantes en troitas, confírelle unhas condicións climatolóxicas e medioambientais acaídas para os cultivos hortícolas e fructícolas, así como as vides e flores. A cabalo do interior e a costa da provincia de Pontevedra, a zona ten grandes posibilidades de desenvolver unha importante oferta hosteleira para un turismo que busque o pracer de desfrutar da natureza. A existencia de augas termais, con dous balnearios na vila de Caldas, o de Acuña e o Dávila complementan a oferta para un ocio que busque o descanso e a tranquilidade.

Tamén convén destaca-la existencia do Parque Xardín e Robledal, situado na ribeira do Umia, en terreos que foron propiedade do conde Canillas, que logo foron adquiridos polo concello, en 1883, polo prezo de 25.000 pesetas. Ten unha curiosa colección de especies arbóreas exóticas, e no ano 1962 foi declarado 'Paraxe Pintoresca'.

A comarca conta con industrias de materiais da construcción –prefabricados de hormigón, tubos, cubertas de fibrocemento– e fabricación de estructuras metálicas, así como de empresas auxiliares da industria do moble e numerosos aserradoiros. Hai tamén fábricas de productos químicos. No sector agroalimentario, cabe sinala-la presencia de dúas centrais leiteiras, fábricas de conservas de peixe e mariscos e de conxelados. En Caldas existe unha interesante oferta de servicios administrativos e comerciais e goza de boas comunicacións con Santiago e Pontevedra.



Ponte do Bermaña, en Caldas J.S.



Unha zona coa poboación estancada

Desde o padrón de 1950 ata hoxe, a poboación da comarca de Caldas permanece estancada en torno ós 32.500 habitantes, con lixeiras oscilacións arriba e abaixo. A principios de século, a zona tiña 26.264 persoas, e desde esa data de referencia medra demográficamente ata situarse nos 32.909 habitantes en 1960. En 1970 anota 32.298 persoas; 31.880 dez anos máis tarde e 32.253 en 1991. A mediados do século, rexistraba 32.582 habitantes.

O municipio máis poboado da comarca é Caldas e o menos poboado Pontecesures. Caldas tiña no ano 1900 7.505 persoas, e o seu número de habitantes aumenta ininterrompidamente ata o ano 1950: 7.836 en 1910; 7.825 en 1920; 8.319 en 1930; 8.949 en 1940 e 9.376 en 1950. A partir de aí perde poboación nas dúas décadas seguintes e volve recuperala en parte nos anos setenta e oitenta: en 1960 anota 8.983 persoas; 8.466 en 1970; 8.702 en 1981 e 9.042 en 1991. Pontecesures inicia a centuria con 1.775 habitantes, e consegue que a súa poboación vaia aumentando, aínda que en cifras moi modestas. En 1910 ten 1.811 persoas, 2.387 dez anos despois e, de novo, rexistra 1.811 habitantes en 1930. A partir de aquí crece demograficamente: 2.095 habitantes en 1940; 2.105 en 1950; 2.365 en 1960; 2.560 en 1970; 2.611 en 1981 e 2.915 no ano 1991.

Desde 1960 ata 1991, o municipio de Valga fluctúa algo por riba dos 6.000 habitantes: 6.094 en 1960; 6.075 en 1970; 6.108 en 1981 e 6.061 en 1991.

A comezos de século rexistra 4.227 persoas; 4.331 en 1910; 3.820 en 1920; 4.679 en 1930; 5.362 en 1940 e 5.674 en 1950. Entre 1900 e 1950, o municipio de Cuntis experimenta un crecemento demográfico ininterrompido: 5.866 en 1900; 6.552 en 1910; 6.714 en 1920; 6.569 en 1930; 7.221 en 1940 e 7.790 en 1950.

Desde o comezo dos anos cincuenta perde poboación: 7.689 persoas en 1960; 7.282 en 1970; 6.178 en 1981 e 5.927 no ano 1991.

O municipio de Moraña presenta a curiosidade de moverse preto dos 5.000 habitantes pero sen chegar nunca a acadar esa cifra: 4.975 en 1900: 4.792 en 1910; 4.855 en 1920; 4.421 en 1930; 4.654 en 1940; 4.810 en 1950; 4.658 en 1960; 4.578 en 1970; 4.698 en 1981 e 4.766 en 1991.

No caso de Catoira rexístrase tamén un paulatino aumento da poboación ó longo do século ata 1981: 1.916 persoas en 1900; 2.098 en 1910; 2.282 en 1920; 2.507 en 1930; 2.716 en 1940; 2.827 en 1950; 3.120 en 1960; 3.337 en 1970 e 3.583 en 1981.

Nos anos oitenta deixa de crecer, por primeira vez perde poboación e sitúase en 3.542 habitantes.

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



Forte descenso dos ocupados na agricultura

De 1981 a 1991, a poboación ocupada no sector primario descendeu vinte puntos, pasando do 35 ó 15 por cento do total da comarca de Caldas. Curiosamente, esa perda de protagonismo da agricultura na estructura productiva da zona foi compensada por un aumento proporcional da ocupación nos outros sectores. Para as mesmas datas de referencia, o sector industrial aumentou desde o 20 ó 27 por cento o seu número de ocupados; a construcción, do 17 ó 25 % e os servicios, do 28 ó 34%.

Caldas de Reis. A actividade agraria sofre unha fortísima reducción de man de obra, do 37 ó 10 por cento, mentres que a construcción e a industria aumentan a súa taxa de ocupados do 18 ó 27 % e do 16 ó 26 por cento, respectivamente. Os servicios tamén incrementan a súa proporción de ocupados en sete puntos, do 30 ó 37 %.

Catoira. O dato máis sobresaliente é que o número de ocupados no sector primario representa en 1991 só o 3,26 por cento do total. E entre a industria e o sector terciario repártense o 83 por cento da poboación ocupada.

Cuntis. En Cuntis apréciase un lixeiro crecemento da actividade na agricultura, que pasa do 16 ó 19 por cento dos ocupados. No resto dos sectores productivos hai lixeiras variacións respecto a 1981.

Moraña. De 1981 a 1991, prodúcese un espectacular reducción da poboación ocupada no campo, que pasou do 54 ó 15 por cento dos ocupados. Contrariamente a construcción aumenta a súa poboación ocupada do 17 ó 37 %.

Portas. O sector primario todavía conserva o 33 por cento da poboación ocupada, pese a descender, e a construcción aumenta o seu peso, co 37 % dos ocupados.

Pontecesures. O sector primario recupera poboación ocupada, do 9 ó 16 por cento. A industria acolle o 31 por cento dos ocupados e os servicios, o 44 %.

Valga. O sector primario perdeu, entre 1981 e 1991, case 30 puntos e pasou do 42 ó 13 por cento da poboación. A industria compensou boa parte da perda, ó aumentar do 20 ó 38 por cento.

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Caldas, terra de saúde e saudade

ESTA fermosa comarca pode sentirse orgullosa por combinar un doce clima, belidas paisaxes e monumentos que axudan a temperar o espírito e, ademais, uns célebres balnearios que axudan tamén a curar as doenzas da carne. Pode que, con toda seguridade, esta tradición e aproveitamento das augas veña da época da romanización, da que tamén deben datar algúns monumentos, a ponte sobre o río Bermaña en Caldas (que foi sen dúbida a mansión romana do Itinerario Antonino coñecida como Aquis Celenae), as bases da ponte de Pontecesures e mais a fortaleza que sen dúbida debeu protexer este paso, as torres do oeste en Catoira (Turris Augusti).

Os balnearios de Acuña e Davila en Caldas e o de Cuntis, son dos máis importantes da comunidade autónoma. Os dous primeiros, cunha composición moi variada e altamente radioactiva, están moi indicados para o reumatismo, afeccións do aparello respiratorio e trastornos na muller. No de Cuntis, a uns dez quilómetros tamén poden tratarse diversas doenzas.

No aspecto artístico e monumental, a comarca ten moito que ofrecer, desde o casco histórico de Caldas coa ponte romana, nobres edificios e rúas que a penas teñen cambiado o seu aspecto en moito tempo. Cara ó norte, o concello de Valga, con algunhas interesantes igrexas, como a de Louro ou a de San Miguel. No adro da primeira existe un pequeno monumento que lembra a figura do insigne estudioso galeguista Xesús Ferro Couselo. Tamén en Camporredondo consérvanse unhas antiquísimas insculturas rupestres. O pequeno concello de Catoira ten as súas maiores xoias nas torres do Oeste, de orixe romana como xa dixemos, pero de aspecto medieval hoxe en día. Xunto a elas a capeliña románica de Santiago, dun gran encanto. Todos os anos aquí ten lugar a festa viquinga que lembra as incursións dos normandos nestas costas. Remontando o Ulla consérvanse en pequenos illotes numerosos cruceiros que conforman a ruta xacobea marítima. Tamén en Catoira, uns muíños de vento ben conservados aportan un gran valor etnográfico á zona.

Pontecesures, patria de Carlos Maside ten bastante interese polo seu barrio mariñeiro, a igrexa parroquial e algunhas casas nobres. Saíndo da vila atópase o interesante templo románico de San Xulián de Requeixo, cunha airosa torre.

En Moraña a recomendación para unha visita sería unha visita a algún dos moitos conxuntos de insculturas rupestres que hai espallados polo concello, xunto coa 'Lapa de Gargantáns', case o único menhir de Galicia, e mais o santuario dos milagres de Amil. O pequeno concello de Portas ten algúns bos exemplares de románico rural nas igrexas de Stª Mª de Portas, do século XII, a de Romai e na de Lantaño. Tamén nesta parroquia se conserva unha ponte de orixe romana.

Como última recomendación para unha estancia na comarca, a visita ó conxunto de muíños de Segad, nun encanamento onde o Umia cae desde gran altura. Un lugar bucólico onde os haxa en contacto coa natureza. ❦

Igrexa parroquial de Cuntis

J.S


COMARCA DE CALDAS
Desenvolvemento Comarcal
ROIS
PADRÓN
DODRO
PONTECESURES
Infesta
Pontecesures
Barcala
A ESTRADA
Campaña
Ponte Valga
VALGA
Monumento a Xesús Ferro Couselo
Senín
Raxoi
Portela
RIANXO
Festa Vaquinga
Peto de Ánimas
Igrexa de Couselo
Alto da Cruz
Piñeiro
Igrexa de Arcos
Carrcedo
Coaxe
CATOIRA
Abalo
Casal
Estacas
CUNTIS
Lagos
CALDAS DE REIS
Vemil
VILAGARCÍA DE AROUSA
Sta. María de Caldas
Caldas de Rei
Cequeril
Moraña (S. Lucía)
Currás
Sta. María de Portas
MORAÑA
Igrexa de Lantaño
A capa de Gargantáns
Soar
Moraña (S. Lourenzo)
CAMPO LAMEIRO
PORTAS
Romai
Amil
BARRO
Monte Acibal
Encoro de Portillón de Castro o Acabal
Igrexa, santuario
Ermida
Pazo
Torre
Muiño de vento
Petroglifo
Menhir
Monumento
Cruceiro
Peto de ánimas
Ponte
Área recreativa
Festas tradicionais
Salto de auga
Antigo barrio mariñeiro
Balneario
Muiño de marea
2.000 m
0
2
4 km
Límite comarcal
Autoestrada estatal
Vía rápida
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril

O futuro

A situación da comarca no eixe económico máis importante de Galicia, no tramo Santiago - Pontevedra - Vigo, concédelle á comarca unhas características económicas distintas ás que serían de prever, se só se tivesen en conta os aspectos rurais da maioría das parroquias.

Así pois, encontramos unha comarca cunha poboación activa que está dedicada maioritariamente ó sector industrial, ben en empresas instaladas na propia comarca ou ben, desprazándose a comarcas veciñas onde a actividade industrial é maior.

DO mesmo xeito, ten un elevado volume de poboación dedicada ó sector terciario, froito do desenvolvemento do comercio e dos servicios, e tamén da riqueza termal existente na zona, que atrae a xentes de toda Galicia, e da gran demanda turística existente en municipios próximos costeiros, que fan da necesidade da man de obra temporal unha fonte de emprego.

POLA contra, a dedicación ó sector primario descendeu notablemente, anque se intensificou e se especializou a producción agraria e introducíronse novos productos como son os kiwis e as flores, incrementando á súa vez os beneficios procedentes deste subsector. Ademais mellorouse considerablemente o cultivo da vide, tanto en canto ás técnicas de producción como na creación de novos mercados, o que redunda positivamente no seu maior potencial de desenvolvemento.



O río Umia, en Caldas de Reis J.S

CON estas características, a evolución económica da comarca é esperanzadora, tendo en conta que a diversificación económica é bastante consistente co cal é máis fácil soster esa economía, aínda cando algún sector poida encontrarse en declive.

Por outro lado, hai que ter en conta o potencial termal (Caldas e Cuntis) con que conta a comarca, dado o gran atractivo que de novo está tendo o termalismo. Isto debe ser aproveitado para captar un turismo de calidade en busca de descanso e mellora da saúde, sabendo que se ten o privilexio de ser un dos lugares máis accesibles e máis próximos ós grandes destinos turísticos de Galicia, que pode ofertar este tipo de producto. Para isto débese crear unha boa infraestructura turística que reúna aloxamentos de calidade e lugares de esparexemento, así como actividades de ocio que complementen os tratamentos termais. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

50

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Setembro do 1997

O Sar

O Espolón, na vila de Padrón — José Salgado

O Sar

A comarca do Sar sitúase no extremo suroccidental da provincia da Coruña, limitando coa de Pontevedra.

ESTÁ formada polos concellos de Dodro, de Padrón e mais de Rois, conta cunha poboación de 19.365 habitantes (dato do ano 1995) e cunha superficie de 177,25 Km2.

ESTA comarca, atravesada polos ríos Ulla e Sar, ten un certo carácter montañoso, moi fracturado, polo norte e polo leste, con relevos que van desde os 400 metros ata os 600 do Monte do Pedregal, ó sur do concello de Rois.

O resto do territorio son terras baixas, chamadas 'veigas' nas ribeiras dos ríos, de gran fertilidade e potencial agrícola, sendo esta dicotomía val-montaña o risco físico máis característico destas terras do Sar.

A comarca goza dun clima oceánico hiperhúmido, con abundantes chuvias de outono e inverno e temperaturas relativamente suaves, aínda que non son infrecuentes as xeadas tardías.



ARREDOR de Padrón, unha das principais vilas históricas de Galicia, organízase esta comarca.

ESTE territorio estivo sempre presente ó longo da historia, principalmente no aspecto relixiosa. Segundo a tradición, a estas terras chegaron os restos do Apóstolo Santiago traídos por dous discípulos seus. Tamén coñeceu un importante desenvolvemento baixo a dominación romana, capitalizado por Iria Flavia, localidade situada nun importante nó de comunicacións da Galicia Romana.

POSTERIORMENTE, ó minguar o imperio romano, Iria converteuse en sé episcopal na época suevo-visigótica, ata o século XI, no que o arcebispo Teodomiro se trasladou á nacente Compostela por ser un lugar máis protexido contra os ataques dos piratas nórdicos.

A vila de Padrón, arredor da cal se estructura a comarca, principiou o seu desenvolvemento a partir do século XII, e tivo un importante papel, tanto administrativo como comercial.

EN consonancia coa rica historia da comarca, existen numerosos vestixios monumentais, como igrexas románicas e barrocas, casas de raíz, como a de Rosalía de Castro na Matanza, o convento franciscano de Herbón, do século XIV, a colexiata de Iria Flavia, antiga sé episcopal, o Alfolí ou almacén de sal, orixinario do século XII e antigo hospital de peregrinos; o pazo de Faramello en Rois; o pazo de Lestrove e maila casa do marqués de Bendaña en Dodro, por citarmos algúns exemplos. ❦

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ❦

Punto de encontro do Eixo Atlántico galego



Padrón, pola situación, é un centro neurálxico de comunicacións terrestres entre as provincias de A Coruña e Pontevedra e porta de acceso á Ría de Arousa, o que a converte nun dos puntos de encontro do Eixo Atlántico galego. A súa proximidade a Santiago, converte a vila de Padrón nunha das máis visitadas polo turismo. O feito de que alí se atope a casa onde morreu Rosalía de Castro, en A Matanza, e de alí é nativo o Premio Nobel de Literatura, Camilo José Cela, así como que se trata dunha das vilas máis monumentais de Galicia, cun importante patrimonio histórico e artístico, confírenlle á vila un forte atractivo cultural.

Na Idade Media, o burgo de Padrón foi pioneiro na renovación das técnicas de construcción naval, gracias ós esforzos do arcebispo Diego de Xelmírez. O móbil era facerlles fronte ós piaratas almorábides que arrasaban as Rías Baixas coas súas incursións. Foron construídas naves de guerra, copiadas dos xenoveses, capaces de saír a mar aberto. A idea de Diego Xelmírez era abrir esta zona costeira de Galicia ó tráfico marítimo internacional. A elaboración do aceite de peixe, tamén coñecido como aceite de saín, foi unha actividade importante para os padroneses, que o comercializaban en toneis e cubas. Tamén hai que subliñar a explotación da riqueza piscícola nas concas dos ríos Ulla e Sar, mediante o establecemento de canais ou pesqueiras para a lamprea e pesca do salmón.

Na agricultura, un dos cultivos de hortalizas máis prezados e o pemento, en especial o de Herbón, que agora se cultiva de forma intensiva nos invernadoiros, e que se venden en toda España e se exportan ó estranxeiro. Hai tamén unha ampla producción de variedades froiteiras, entre elas a de máis recente implatación, o kiwi. No conxunto da comarca, reviste certa importancia a industria madereira de aserradoiros e carpintería, así como as explotacións de gando vacún de leite e carne. Existe tamén unha próspera industria de transformados metálicos e de curtido e transformación de peles. Cada domingo celébrase en Padrón o mercado no paseo de O Espolón, ó que acoden xentes das áreas de Santiago e Pontevedra e da Ría de Arousa.Nos últimos anos, a comarca empezou a desenvolver unha interesante oferta hostaleira e de restauración e conta cun campo de golf, situado no municipio de Rois, favorecido pola súa proximidade a Santiago.

Paisaxe en Rois J.S.

A poboación se concentra en torno a Padrón

A poboación da comarca do Sar se concentra en torno ó municipio de Padrón. Un dato é ilustrativo, dos 19.023 habitantes que rexistra a zona en 1991, 10.147 corresponden á vila de Rosalía de Castro e Camilo José Cela, o que en términos relativos representa o 53 por cento das persoas da comarca. Entre o ano 1900 e o 1950, aumenta a poboación da comarca, pasando de 16.387 a 18.049 personas. Nas dúas décadas seguintes, perde habitantes como consecuencia da emigración a Europa e tamén de movimento migratorios internos cara Santiago, preferentemente. Así en 1960 anota 17.423 personas e 16.993 en 1970. No anos setenta volve a recuperarse demográficamente, e no censo de 1981 rexistra 18.921 habitantes. En 1991 o número de personas se eleva a 19.023.

Dodro presenta unha evolución demográfica singular, pois no que vai de século o seu número de habitantes apenas se se modificou: no 1900 tiña 3.181 personas; 3.208 en 1910; 3.259 en 1920; 3.213 en 1930; 3.320 en 1940; 3.262 en 1950; 3.250 en 1960; 3.176 en 1970; 3.358 en 1981 y 3.362 en 1991.

Un caso parecido é o de Rois, si ben detéctase unha tendencia nas últimas décadas a perder poboación pouco a pouco. En términos xerais hai dúas etapas demográficas. De 1900 a 1950 a poboación aumenta: 5.791 en 1900; 5.770 en 1910; 5.733 en 1920; 5.820 en 1930; 6.154 en 1940 e 6.282 en 1950. Dos anos cincoenta en adiante, o municipio perde habitantes: 6.003 personas en 1960; 5.715 en 1970; 5.767 en 1981 e 5.514 no censo de 1991.

Padrón comenza o século con 7.415 habitantes, e nás dúas décadas seguintes perde poboación, raxistrando 7.163 personas en 1910 e 7.148 no padrón de 1920. Entre 1920 e 1950, o municipio recupera poboación e rebasa a barreira das 8.000 personas: 7.351 habitantes en 1930; 8.189 en 1940 e 8.505 en 1950. Os movimento migratorios dos anos cincoenta e sesenta reducirán o seu número de habitantes. De xeito que os padróns así o atestiguan: en 1960 rexistra 8.170 personas e no 1970, 8.102. Na década dos anos setenta, Padrón recupera poboación e experimenta o maior crecemento demográfico do que vai de século, ó situarse en 9.796 personas, case 1.700 máis que dez anos atrás. No anos oitenta, esa tendencia alcista se ralentiza, froito dos cambios nos hábitos sociais familiares, que se traducen no descenso do número de matrimonios e na caída da taxa de natalidade. O feito é que en 1991, o municipio rexistra 10.147 habitantes. Polas evolución das cifras pode comprobarse a dependencia demográfica do resto da comarca.





SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A economía da zona tende a terciarizarse

Na comarca do Sar a economía tende a terciarizarse. Entre 1981 e 1991, o sector primario sofre un forte descenso da súa poboación ocupada, pasando do 45 ó 24 por cento, é dicir 21 puntos menos. Esa perda é compensada en boa parte polo crecemento do sector terciario, que en dez anos aumenta a súa proporción de ocupados en dez puntos, do 24 ó 34 por cento. A industria tamén incrementa o seu peso na estructura productiva da comarca, do 22 ó 30 por cento da poboación ocupada. No caso da construcción o crecemento é menos importante, do 9 ó 14 %.

Dodro. A estructura productiva deste municipio non sufriu grandes variacións entre 1981 e 1991. A poboación ocupada no sector primario caeu lixeiramente desde o 26 ó 23 por cento; a industria pasou do 29 ó 28 %; a construcción creceu lixeiramente, do 12 ó 15 por cento; e os servicios pasaron do 33 ó 35 %.

Padrón. Na década dos oitenta a vila de Rosalía de Castro afronta un intenso proceso de terciarización da súa actividade económica e de perda de entidade do sector agrario. Entre 1981 e 1991, a poboación ocupada no campo cae desde o 35 ó 14 por cento e paralelamente a correspondente ó sector servicios aumenta do 28 ó 40 %. O sector industrial, crece algo e pasa de ter o 28 % dos ocupados ó 33 por cento. Polo que respecta á construcción prodúcese un incremento de cinco puntos da poboación ocupada neses dez anos, do 9 ó 13 por cento do total.

Rois. En 1981, o municipio rexistraba unha taxa de poboación ocupada no sector agrario do 64 por cento do total; en só dez anos esa proporción caeu case a metade, de xeito que en 1991 representaba o 34 por cento. Pese a esta importante perda de poboación ocupada, Rois segue sendo o municipio da comarca cun maior peso do sector primario na súa economía. O maior aumento de poboación ocupada rexístrase no sector industrial, do 11 ó 26 por cento. Na construcción, os ocupados pasan do 8 ó 15 por cento. E no que fai referencia ó sector servicios, hai tamén un aumento dos ocupados, do 17 ó 24 %.

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



O Sar, paisaxe de Rosalía

AÍNDA que non deixa de ser un tópico, a comarca do Sar, as terras de Padrón permanecen fondamente ligadas á figura da poetisa Rosalía de Castro, esposa de Manuel Murguía. Tamén o apóstolo Santiago é outra figura moi relacionada con esta comarca. A suposta arribada dos seus restos á vella cidade romana de Iria Flavia (orixe de Padrón) fan do Sar o inicio dunha singradura histórica que continuará co descubrimento da tumba de Xacobe e a posterior peregrinación cristiá.

A igrexa parroquial de Padrón alberga baixo o altar o 'padrón' (trátase dunha ara romana) no que os discípulos do Apóstolo amarraron a barca de pedra na súa arribada desde Xudea. Este é, tan só, un de tantos recordos históricos que a vila de Padrón alberga e que o turista pode admirar. Na Alameda, contigua á igrexa, érguese un monumento dedicado a Rosalía e non lonxe pode visitarse tamén a chamada 'Casa da Matanza', o fogar da insigne escritora. Outro dos tesouros da vila é o seu parque botánico, no que, mentres se pasea, distintas especies vexetais fan máis agradable a vista e o olfato. Por entre as rúas do casco vello abundan tamén edificios señoriais e recunchos recollidos. Para ter unha perfecta panorámica deste engaiolante conxunto, cruzando as augas do río Sar, elévase o convento e igrexa do Carme, miradoiro privilexiado desde o que se divisan outros monumentos da comarca, tal é o caso da Colexiata de Iria Flavia. Pero antes de poñer rumbo cara aquel lugar, o turista ten que deterse un anaco a admirar a fermosísima fonte do Carme, construída en tempos de Carlos IV, na que se representan esceas da chegada dos restos apostólicos a Galicia.



Convento do Carme e centro histórico de Padrón J.S

A Colexiata de Iria Flavia atópase a pouca distancia. O edificio, de trazas góticas, albergou en tempos antigos a sé episcopal Iriense, que co paso dos séculos perdeu forza fronte a de Santiago. Xunto á colexiata esténdese o fermoso camposanto de Adina, unha estampa mil veces repetida.

Máis ou menos fronte ó templo atópase o edificio sede da fundación adicada ó Premio Nobel de Literatura, Camilo José Cela, nado en Iria Flavia.

OUTROS interesantes monumentos no concello de Padrón son o santuario barroco da Escravitude, camiño de Santiago e os restos do antigo mosteiro de Herbón, moi próximos ó ancho curso do río Ulla.

O concello de Rois non ten unha riqueza monumental comparable á de Padrón pero si é abondoso en paisaxes amables nas que as viñas son moitas veces as protagonistas. Cabería destacar, iso si, a igrexa parroquial e Vía Crucis de Sorribas, mais o pazo de Faramelo, que albergou a primeira fábrica de papel coa que contou Galicia.

NO concello de Dodro unha visita non debe pasar por alto a igrexa de Stª Cruz de Dodro, ou a cruz de Abelán. Para os amantes dos restos antigos consérvanse en Imo certas insculturas rupestres e, aqueles que desfrutan lembrando poemas de Rosalía, achegarse a Laíño e Lestrove permitiralles admirar fermosas casas nobres.

TERRAS poéticas estas do Sar, moi ben comunicadas con Santiago e ideais para o lecer, as excursions e, por que non a gastronomía.

O viño e os pementos son dúas das xoias que estas fértiles terras ofrecen. Xa se sabe, o viño é a bebida dos poetas e ¿quen sabe se os pementos axudan tamén? ❦


COMARCA DO SAR
Desenvolvemento Comarcal
Urdile
Ermedelo
Augasantas
ROIS
Aldariz
LOUSAME
Rois
Dices
Meana
Sombas
Via Crucis
Pazo de O Faramelo
Pazo de Antequeira
A Escravitude
Igrexa de Escravitude
TEO
Campo de Golf
Pazo de Angueira do Castro
Igrexa, mosteiro e fonte do Carme
Fundación Camilo José Cela
PADRÓN
Rumille
Carcacia
Área Recreativa
Colegiata de Iria Flavia
Padrón
Museo de Rosalía
Mosteiro de Herbón
Jardín Botánico
Pazo de Lestrove
DODRO
Manselle
Laiño
Pazos de Tarrío y Hermida
Sta. Cruz de Dodro
Dodro
Tallos (Dodro)
Hórreos de Irmo
Brañas de Laiño
VAL DE QUINTANS
RIANXO
PONTECESURES
VALGA
Río Naveira
Río Moares
Río do Monte
Río Liñares
Río Sóñora
Río Belaso
Río Tó
Río Ulla
Río Sar
Río Valga
Río Laudo
Río Tella
Río Vea
2.000 m
0
2
4 km
Área recreativa
Campo de Golf
Hórreo
Cruceiro
Brañas
Igrexa
Mosteiro
Castro
Pazo
Museo
Fonte
Petroglifo
Xardín botánico
Via crucis
Límite comarcal
Autoestrada estatal
Vía rápida
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril

Futuro da comarca

A comarca do Sar posúe unha importante vantaxe comparativa, que é a súa localización xunto a unha importante vía de comunicación como é a estrada Vigo-A Coruña (N-550) e maila autoestrada A-9. Tamén existe unha boa accesibilidade cara a ámbalas dúas marxes da Ría de Arousa. Esta situación permítelle á comarca acceder con rapidez a cidades como Santiago de Compostela ou ós centros urbanos da Ría de Arousa.

Este feito, xunto á fertilidade das terras e á súa aptitude para a producción hortofrutícola, fan da comarca un lugar apto para a producción especializada e orientada ós mercados urbanos, como é o caso do coñecido pemento de Padrón, de ampla difusión, e outros productos de alto valor económico, como o kiwi, de recente introducción. Este sector, adecuadamente orientado, debe contribuír á modernización das estructuras agrarias e proporcionarlle maiores ingresos a este sector.

Padrón é un centro de servicios para o resto da comarca, baseado principalmente no comercio e nos servicios de lecer, pero tamén é un centro industrial, sector que nos últimos tempos gañou peso.

Cómpre menciona-lo mercado semanal, cunha influencia que trascende de sobra os límites comarcais. As industrias máis relevantes están situadas en Padrón e destaca o curtido de pieis, o tratamento da madeira e mais do aluminio.



Busto dedicado a Don Camilo José Cela J.S

Un interesante potencial da comarca é o seu patrimonio histórico artístico. O territorio aparece en tódaas guías turísticas en dous itinerarios: a Ruta de Rosalía e maila ruta fluvial Xacobea do Ulla. A Comarca do Sar recibe cada ano miles de visitantes, centrados na Ruta Rosaliana e no seu museo, no xardín botánico de Padrón, declarado monumento do patrimonio artístico; e mais na Fundación Camilo José Cela, situada na 'Casa de los Canónigos', que contén un importante patrimonio cultural.

Todo este legado patrimonial, cultural e paisaxístico xera unha importante industria turística que, convenientemente xestionada, estructurada e conservada, pode contribuír ó desenvolvemento sostido desta comarca. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

51

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Outubro do 1997

O Salnés

Pazo de Fefiñáns en Cambados

José Salgado

A Comarca do Salnés



O Salnés, encadrado dentro da provincia de Pontevedra na vertente meridional da Ría de Arousa, constitúe unha comarca natural ben definida formada por nove municipios: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía e Vilanova de Arousa. Os seus 265,76 km2 de extensión engloban un elevado volume demográfico (104.624 habitantes) que alcanza as máis altas densidades na franxa litoral.

O Salnés é unha comarca con forte personalidade: a súa historia, a súa producción vinícola, a súa oferta turística, e outros atributos, convértena nun espacio singular. O territorio comarcal está formado por un medio xeográfico uniforme que se organiza arredor do val baixo do Umia, de grande amplitude, rodeado polos rebordos montañosos dos montes Xiabre, ó norte, e o Castrove, ó sur.

A súa costa articulada presenta innumerables enseadas que en ocasións ofrecen excelente abrigo para as embarcacións e que favoreceron a existencia de varios portos. En xeral, é unha costa baixa e areosa, con numerosas illas, praias e escasas zonas acantiladas ou rochosas.

O seu clima pódese definir como oceánico húmido, de variedade meridional, caracterizado por unha abundante pluviosidade, pero cun microclima, que fai do Salnés a comarca marítima de clima máis cálido de Galicia, aínda que cara ó interior, a medida que ascende o relevo as temperaturas descenden e as precipitacións aumentan, pero non ten especial significado.

A rede urbana comarcal adopta unha estructura policéntrica, o que fai que as interrelacións sexan intensas e multidireccionais. A densa rede viaria existente favorece una conexión intracomarcal moi boa, que facilita o desenvolvemento dos fluxos económicos e de servicios que hai entre tódolos municipios da comarca.

Ademais, a construcción da vía rápida do Salnés facilitou a relación interna e as conexións co resto de Galicia. Desde o punto de vista histórico, a delimitación actual da comarca coincide cos límites do Partido Xudicial de Cambados, constituído en 1834 polos municipios de Cambados, O Grove, Meaño, Meis, Sanxenxo, Vilagarcía, Vilanova de Arousa, Carril (que en 1912 se engade a Vilagarcía) e Lois (desapareceu en 1841 e fórmase no seu lugar, con outras parroquias, o municipio de Ribadumia). Posteriormente creouse (decembro de 1836) o Concello de Vilaxoán que dura ata 1912, ano no que se anexionou a Vilagarcía.

Xa no momento da creación deste Partido Xudicial, a comarca tiña un importante desenvolvemento económico, con centros dinámicos en Carril, Vilagarcía, O Grove, etc, aínda que para a súa capital comarcal se elixise a Cambados polo seu sentido simbólico, como vila histórica e señorial de indubidable importancia.

A vixencia destes factores históricos constátase actualmente ó comprobar cómo a organización antiga en partidos xudiciais, coincide coa do mapa comarcal de Galicia.

O principal núcleo de poboación é Vilagarcía que, co seu porto, configura unha das áreas urbanas máis sobranceiras das Rías Baixas. ❦

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ❦

O clima como o seu principal factor económico

NA Comarca do Salnés o clima é un dos principais factores de desenvolvemento económico, tanto no que afecta ó sector agrario como ó turismo. A principios do século XVII introduciuse na zona o cultivo de millo, que de contado se adaptou ó terreo e transformou a súa paisaxe. Na vide volvéronse recupera-las cepas autóctonas do albariño, despois de que a partir do ano 1879 ata mediados do presente século se implantasen variedades híbridas para loitar contra a filoxera. Os cultivos de horta e as flores aumentaron moito a súa producción gracias á implantación dos invernadoiros. Tamén a froita, e nos últimos vinte anos hai que subliña-la presencia do kiwi, con altos rendementos productivos mercé á súa boa aclimatación.

A pesca e mailo marisqueo, no que destaca o cultivo do mexillón, son tamén actividades importantes para Cambados, O Grove, Sanxenxo, Vilagarcía e Vilanova, ás que hai que uni-la industria conserveira e de productos conxelados. A existencia de bos viños, mariscos e peixes; de praias de fina area e impresionantes paisaxes costeiras, así como dun clima atlántico benigno con temperaturas suaves e pouca choiva no verán constitúen o forte atractivo turístico da comarca e posibilitan a existencia dunha variada oferta hostaleira que se concentra en Sanxenxo, no Grove, en Vilagarcía e mais en Cambados.

Vista de Carril, en Vilagarcía J.S

No plano industrial, a zona conta cunha variada presencia de empresas, que van desde os transformados metálicos, pasando polos pequenos estaleiros, ata fabricas relacionadas con materiais da construcción. O porto de Vilagarcía segue a manter unha actividade comercial importante. ❦

Unha zona de gran densidade demográfica

O Salnés é unha das comarcas de Galicia de maior densidade demográfica. De 1900 a 1991 máis que duplicou a súa poboación, e pasou de 43.142 a 97.921 habitantes. O período de menor crecemento demográfico da zona sitúase nos anos cincuenta, no que o número de persoas pasa de 74.839 a 75.414, e coincide coa saída masiva de emigrantes cara a Latinoamérica. Pola contra, o maior incremento da poboación ten lugar nos anos setenta, ó pasar de 81.524 a 95.917 habitantes, 14.343 máis. Sen embargo, a tendencia dos últimos anos camiña cara a un baixo crecemento demográfico como consecuencia da baixa taxa de natalidade e do envellecemento da poboación.

Vilagarcía é o municipio máis poboado da zona, con preto de 32.000 habitantes, segundo o censo de 1991. Ó iniciarse o presente século, anotaba 7.312 persoas, e desde aquelas datas ata agora multiplicou a súa poboación catro veces e media. Desde esa data de referencia ata o ano 1940, o número de habitantes aumenta ininterrompidamente e alcanza a cifra de 23.705 persoas. Nos anos corenta e cincuenta, sofre un perda substancial de habitantes e queda por debaixo do 21.000. Na década dos sesenta recupera o terreo perdido e rexistra 24.076 persoas. Nos anos setenta experimenta tamén outro forte crecemento, ata chegar ós 29.453 habitantes.

O segundo municipio da comarca sería Vilanova de Arousa, antes, claro está, de que se producise a segregación da Illa de Arousa, que coincidindo co inicio do ano 1997 se constituíu formalmente en municipio. Vilanova tiña 6.817 persoas no 1900 e no censo do 1930 alcanza as 8.614. Nos anos trinta sofre unhas fortes perdas de poboación e queda en 5.618 habitantes. No censo de 1991 anota 14.816 persoas.

Sanxenxo era en 1900 o municipio máis poboado do Salnés con 7.732 habitantes. No 1940 consegue reborda-la cota dos 10.000. Tras unha serie de subidas e baixadas nas tres décadas seguintes alcanza en 1981 as 13.899 persoas e 14.659 dez anos máis tarde.

No que vai desta centuria, o municipio de Cambados pasou dos 5.603 ós 12.503 habitantes, aumentado a poboación un 223 por cento. O Grove tamén rexistra un incremento semellante: en 1900 tiña 3.969 persoas e en 1991, 10.367, cun crecemento constante ó longo do século. O comportamento demográfico de Meaño é moi distinto, de 1900 a 1991 pasa de 4.149 a 5.142 persoas, e o mesmo sucede con Meis, que anota 4.503 habitantes ó inicio do século e 5.018 en 1991. Ribadumia, o municipio menos habitado, tiña 3.057 persoas no 1900 e 3.656 en 1991. ¶

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A economía de Vilagarcía terciarízase

NA década dos oitenta continuou o proceso de cambio na estructura económica do Salnés, coa perda de peso do sector primario –agricultura, pesca e marisqueo–, que pasou do 36 ó 24 por cento do total da poboación ocupada, e o avance imparable do sector servicios que xa alcanza o 40 % dos ocupados. A situación na industria a penas variou, do 20 ó 19 por cento, e a construcción aumentou a taxa de ocupados, ó pasar do 13 ó 17 %.

Cambados. De 1981 a 1991, a porcentaxe de poboación ocupada caeu do 51 ó 36 por cento. A industria a penas tivo variacións e os ocupados na construcción aumentaron en cinco puntos. O sector terciario creceu desde o 24 ata o 33 %.

O Grove. Nos anos oitenta, a pesca e o marisqueo a penas perderon forza de traballo, baixaron do 30 ó 27 por cento da ocupación ocupada. A industria permaneceu no 19 %, a construcción foi algo a menos e os servicios gañaron poboación ocupada e alcanzaron o 42 por cento do total.

Meaño. O sector primario segue sendo decisivo para a economía do municipio, supón o 39 por cento da poboación ocupada, mentres que a industria cedeu protagonismo en favor do sector terciario que rexistra o 28 % dos ocupados.

Meis. Nos anos oitenta prodúcese unha forte caída da ocupación no sector primario, do 60 ó 35 por cento, que foi compensada pola construcción e mais polo sector servicios.

Ribadumia. Tamén neste municipio se rexistrou unha importante perda de poboación ocupada na agricultura, ó pasar do 54 ó 36 por cento.

Sanxenxo. As altas perdas de ocupación no sector primario, do 41 ó 19 %, foron compensadas pola construcción, pasou do 15 ó 26 por cento, e os servicios.

Vilagarcía. A poboación ocupada no sector primario segue a caer e xa está no 7 %, mentres que o sector terciario xa acolle o 55 por cento do total da poboación ocupada.

Vilanova. A pesca e o marisqueo representaban en 1991 o 36 por cento da poboación ocupada. O sector servicios pasou do 19 ó 30 % dos ocupados. ❦

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



O Salnés, terra de mar e de sol

O máis definitorio desta acolledora comarca litoral é a presencia do sol e a morneza das súas augas mariñeiras. As costas do Salnés, abondosas en fermosos areais, son un marco clásico de turismo e lecer. A praia, o mar, o sol, unha luxuriosa gastronomía e uns inigualables viños son de por si valores que quixeran moitas zonas que buscan nos visitantes unha forma de prosperidade. Con todo isto, a comarca ofrece moito máis: a posibilidade de practicar diversos deportes en contacto coa natureza e admirar monumentos e vestixios do pasado que emerxen no medio dunha paisaxe moderna e fermosa.

Principiando polas praias, hai que lembra-las de Sanxenxo, animada poboación durante a temporada estival, Portonovo, Silgar, Montalvo, os areais da illa e, destacando sobre as demais, a Lanzada, mítico lugar onde tiñan lugar antano vellos ritos de fertilidade, os das nove ondas, e que hoxe serve para desfrutar do sol, dos baños e dos diversos deportes acuáticos. As testemuñas da historia teñen tamén un espacio na praia e non convén esquecelas, especialmente a ermida románica de Nosa Señora da Lanzada.

Moi preto do lugar, no Grove, ten lugar tódolos anos un dos moitos actos que animan a vida comarcal e atraen a moitos visitantes: a Festa do Cabalo do Grove, boa ocasión para contemplar tanto as razas autóctonas como foráneas. Pero esta non é a única celebración que pode o visitante atopar nesta terra.

Outras son a 'Festa do Marisco' do Grove, ou a do viño en Cambados. Esta é unha terra de mariscos e albariños inigualables que lle quere ofrece tan prezados dons ó resto do mundo.

As illas que un atopa no litoral do Salnés teñen cada unha o seu interese e encanto. A de Cortegada, fronte á mariñeira vila de Carril ten a plantación máis grande de loureiros de Europa. Cara ó sur, a Illa de Arousa, comunicada desde non hai moito tempo con terra gracias a unha moderna ponte. A illa ten un grande interese principalmente polas súas múltiples praias e polo enclave natural do 'Carreirón' que fan deste lugar o marco idóneo para afastarse do axitado mundo moderno e repoñer forzas dun xeito tranquilo.

A illa de Ons merece tamén unha visita, para coñece-la sinxela xente que aquí mora e para ter outra perspectiva das costas.

A illa da Toxa, pola súa banda, destaca como centro turístico e hostaleiro de primeira orde e polo seu famoso balneario. Existe tamén na Toxa un campo de golf que agarda ós amantes desta disciplina deportiva e para os visitantes ávidos de manifestacións artísticas, no medio dos xardíns da Toxa agáchase a ermida de San Sebastián, cuberta enteiramente de albas cunchas.

Naturalmente, este non é o único testemuño da historia e da arte na comarca. Ben polo contrario, diversos monumentos completan a oferta turística desta singular comarca. Quizais o Pazo de Fefiñáns, na praza do mesmo nome, no centro de Cambados sexa a referencia máis importante. Tamén hai que lembra-la arriba citada ermida da Lanzada, as románticas ruínas da igrexa de Stª. Mª. do Dozo, a igrexa monasterial de Leiro, en Ribadumina, o mosteiro de Armenteira, as ruínas da torre de San Sadurniño ou o fermoso románico de San Salvador de Meis.

O conxunto da oferta da comarca, nos distintos eidos, fan dela unha das máis completas e atractivas de Galicia, unha especie de faro ou punto de referencia na que moitos poden encomenda-los seus rumbos. ¶

Windsurf na Lanzada. O Grove J.S


COMARCA DO SALNÉS
Desenvolvemento Comarcal
OCÉANO ATLÁNTICO
Punta Pedrarrubia
Punta Sereira
Illa de Cortegada
Punta do Chazo
Punta do Rial
Punta das Sinas
Punta da cova
Illa de Arousa
A ILLA DE AROUSA
Carril
VILAGARCÍA DE AROUSA
Castrogudín
Vilagarcía de Arousa
Vilaxoán
Vilanova de Arousa
Caleiro
VILANOVA DE AROUSA
Vilanoviña
Nogueira
Monte
Leiro
Lois
Mosteiro
RIBADUMIA
Punta Revello
Punta Banqueira
Cambados
CAMBADOS
Punta Moldeira
Illa da Toxa
Escusa
O Grove
Meis (S.Martiño)
Meis (S.Salvador)
Barrantes
Padrenda
Covas
Couso
MEIS
Monte Castrove
Punta San Vicenzo
O GROVE
Castrelo
Armenteira
Praia da Lanzada
Punta Abelleira
Rouxique
Dena
MEAÑO
Vilalonga
Gondar
Meaño
As Covas
Simes
Punta Lapa
Punta Corveiro
Nantes
SANXENXO
Adina
Sanxenxo
Portonovo
Límite comarcal
Vía rápida
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Diputación
Resto de estradas
Ferrocarril
2.000 m 0 2 4 6 km
Centro Comarcal
Igrexa
Ermida
Pazo
Torre
Mosteiro
Concello
Restos arqueolóxicos
Petroglifo
Casa de turismo rural
Miradoiro
Praia

O futuro

O Salnés é unha comarca con amplas perspectivas de futuro, e o seu desenvolvemento terminará por consolidar un dos eixes de crecemento máis importantes de Galicia, tanto polo seu elevado peso demográfico como pola súa forte vitalidade económica.

Arredor dos municipios costeiros constátase un eixe de crecemento lineal e concentración demográfica, que está en estreita relación co trazado da estrada C-550 que discorre paralela á costa e que actúa como un corredor de dirección Norte-Sur que comunica a comarca coa súa capital provincial e con Vigo, polo sur, e polo norte, con Santiago e A Coruña. Posúe unha economía moi diversificada, cunha importante actividade pesqueira, industrial e turística, e as súas capitais municipais actúan como centros de servicios, nalgúns casos, bastante cualificados.

Entre todos estes núcleos hai que destacar a Vilagarcía que constitúe o centro de maior dimensión da comarca, cun crecemento poboacional sostido, onde o porto e o peso da súa industria e dos servicios fai que exerza unha grande influencia sobre o seu contorno. Esta cidade portuaria ten interesantes oportunidades para promocionarse.



Capela das Cunchas, na Illa da Toxa. O Grove J.S

A riqueza do solo da comarca permitiu o desenvolvemento dun rendible sector agrario baseado nos cultivos vitivinícolas e de horta, de gran calidade. Os productos hortofrutícolas teñen amplas posibilidades de futuro, anque se fai necesario establecer un dimensionamento máis adecuado das explotacións, unido a unha profesionalización do sector que permita lograr unha maior especialización e competitividade nos mercados. Así mesmo, a viticultura ten grandes perspectivas de expansión nos mercados tanto internacionais como nacionais, onde a súa presencia aínda é pouco significativa, pois o seu elevado prestixio alcanzado no exterior, pola calidade dos seus viños, non se traduce nunha corrente exportadora adecuada. As actividades relacionadas co mar (pesca, cultivos mariños, industria conserveira), posúen unha importante significación económica no seu sistema productivo. A sobreexplotación dos recursos mariños fixo que se formulase como prioritario unha racionalización na explotación dos mesmos, respectando os sistemas de vedas impostos, que se traducirá nunha mellora da productividade e rendibilidade.

De igual xeito, a viabilidade futura da maioría destes productos (moluscos, conservas...) deberá orientarse cara á regularización dos prezos e cara á potenciación da recentemente creada imaxe de marca de producto galego de calidade, que facilite a súa comercialización e introducción nos mercados selectivos mediante unha adecuada promoción. O turismo, debido ás condicións naturais que posúe a comarca, é outro dos piares sobre os que se asenta a economía comarcal.

Sen embargo, a oferta deberase adaptar ás novas demandas do turista, que esixe ante todo mellor calidade ambiental e de servicios, así como unha menor masificación.

Aquí están os principais centros do turismo estival galego: A Toxa, Sanxenxo, O Grove, etc.; pero precisan poñer en marcha un programa de calidade que deberá ir acompañado dunha estratexia de ordenación do territorio adecuada. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

52

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Outubro do 1997

O Morrazo

Cabo do Home. Cangas

José Salgado

O Morrazo

ENTRE as rías de Vigo e Pontevedra, O Morrazo é unha comarca natural ben definida, encadrada na península do seu mesmo nome. De 135,8 km2 de extensión, está constituída polos municipios de Bueu, Cangas, Marín e Moaña que en conxunto albergan 81.276 habitantes.

NO eido topográfico, o relevo da comarca está organizado por un bloque granítico elevado (Serra de Domaio) e basculado para o norte. A pesar da aparente masividade, este macizo presenta diversas fracturas de dirección meridiana e está incidido por regueiros que seguen as liñas de fractura. A cota máis importante da Península do Morrazo é o Faro de Domaio (634 m), situado sobre un escarpe que se proxecta cara á ría de Vigo e que constitúe un espléndido mirador. As abas, sobre todo as meridionais, presentan unha forte pendente nas proximidades da liña de cume, que se vai suavizando a medida que nos achegamos ó mar.

A costa, articulada e accidentada, alterna acantilados abertos ó Océano cunha costa baixa que desenvolve unha extensa plataforma litoral que descende suavemente ata as calas e as praias.

OS seus accidentes máis destacados son a ría de Aldán e a península de Donón, que a protexe do mar aberto.

DEBIDO á súa localización costeira, posúe un clima oceánico húmido cunha lixeira seca estival; as temperaturas manteñen valores medios situados arredor dos 15º, cun inverno morno (8º-9ºC) e un verán soleado e cálido (19ºC-20ºC).

A súa disposición aberta ó mar favorece a entrada dos ventos húmidos do sueste que, unido á disposición dos relevos prelitorais, determina chuvias elevadas (1400-1800 mm).



Esta unidade xeográfica plásmase na actual organización territorial, cunha densa rede viaria que favorece a cohesión e conexión intracomarcal, facilitando os fluxos económicos internos e coas comarcas urbanas de Vigo e Pontevedra, coas que se manteñen intensas relacións socioeconómicas.

MARÍN constitúe o principal núcleo de poboación, cun centro urbano portuario consolidado; o seu crecemento autónomo e expansión urbana fórono achegando a Pontevedra, coa que mantén importantes fluxos económicos e sociolaborais.

REAFIRMANDO esta división comarcal, desde o punto de vista funcional existe a Mancomunidade de Municipios do Morrazo que vencella tódolos concellos que conforman a comarca. ❦

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ❦

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ❦

A ponte de Rande cambiou a vida do Morrazo



HISTORICAMENTE as principais actividades económicas do Morrazo estiveron vencelladas ó sector primario, pesca e agricultura. Isto unido á boa implantación do cultivo do millo na comarca fixeron posible que esta non sufrise coa mesma intensidade as crises de subsistencia que padeceron outras zonas de Galicia.

Sen embargo o desenvolvemento da economía da marca vai estar condicionado ó que suceda ó outro lado da ría, en Vigo. Este proceso de dependencia, inicialmente industrial, vaise agrandar unha vez que se constrúe a ponte de Rande, o que leva a un aumento do sector servicios e a que a zona se converta en segunda residencia dos vigueses. A consecuencia é que a vida do Morrazo gravita cada vez máis sobre Vigo.

A actividade pesqueira concéntrase nos portos de Marín e de Cangas, principalmente, Moaña e Bueu, antano dedicados á pesca da sardiña, xurelo e pescada. Mentres que a importancia da pesca se reduciu, gañou o marisqueo, coa instalación de bateas no seu litoral e a instalación de numerosos viveiros de vieiras, nécoras e centolas. A iso hai que uni-lo auxe das modernas instalacións de frío. A actividade agraria reduciuse moito a partir dos anos setenta; non obstante ten certo pulo a relacionada co sector forestal.

Na industria hai que subliñar aquela que se refire á mecánica naval, coa existencia de varios estaleiros, sobre todo en Moaña e Marín. Marín conta, ademais, coa presencia da Escola Naval da Armada. Por outro lado están as fábricas de conservas. Tanto nun como noutro caso, construcción naval e conserveiras, sufriron unha longa crise que se iniciou a mediados dos setenta e continuou ata finais dos oitenta, da que a zona se vai foi recuperando paseniñamente.

Como xa adiantabamos ó principio, a proximidade de Vigo opera en dúas direccións para a comarca. Dunha parte, moitos dos habitantes da zona traballan en Vigo, se ben continúan residindo nos seus municipios de orixe; no caso de Marín, unha parte deses traballadores desprazados fano a Pontevedra. Da outra, fai que moito vigueses teñan no Morrazo a súa segunda residencia, o que provoca un aumento da construcción e da man de obra ocupada no mesmo. O turismo tamén provocou un importante aumento da oferta hostaleira de novos servicios relacionados co sector. ❦



Porto de Bueu

J.S

Máis de 73.000 habitantes no Morrazo

A Comarca do Morrazo ten 73.234 habitantes segundo o censo de 1991. A principios do século rexistraba 30.563 persoas, e desde esa primeira data de referencia non parou de crecer demograficamente, se ben con ritmos desiguais. En 1910 anota 35.144 persoas; 40.445 en 1920; 46.396 en 1930; 53.458 en 1940; 54.209 en 1950; 58.683 en 1960; 64.908 en 1970 e 72.459 habitantes en 1981. É dicir, nos últimos anos apréciase unha tendencia ó estancamento demográfico como consecuencia da caída da taxa de natalidade.

O municipio máis poboado da zona é Marín, que no ano 1900 tiña 9.228 persoas. Nos primeiros anos anota unha lixeira perda de poboación, de tal modo que no censo de 1910 rexistra 9.211 habitantes. A partir de aí, sen embargo, crece demograficamente nas seguintes décadas: 11.296 persoas en 1920; 13.194 en 1930; 16.294 en 1940; 17.592 en 1950; 18.515 en 1960; 19.816 en 1970; 22.647 en 1981 e 23.218 no censo de 1991.

O segundo municipio con máis poboación da comarca é Cangas. Inicia o século con 8.011 persoas. En 1910 anota 10.741 habitantes; 12.718 en 1920; 14.418 en 1930; 15.836 en 1940; 15.334 en 1950; 17.115 en 1960; 19.026 en 1970; 20.798 en 1981 e 21.729 no ano 1991. No que vai desta centuria gañou 13.718 persoas, o que representa un aumento do 271 por cento. En termos relativos é o municipio da zona que experimentou un maior crecemento demográfico.

Moaña comeza o século con 6.091 habitantes, e a súa poboación aumenta ata o ano 1981, excepto unha pequena focha que sofre na década dos corenta, a consecuencia da emigración a ultramar. Rexistra 7.812 persoas en 1910; 8.020 en 1920; 9.634 en 1930; 11.305 en 1940; 11.106 en 1950; 12.736 en 1960; 15.060 en 1970 e 17.053 en 1981. Sen embargo, nos anos oitenta perde algunha poboación a consecuencia da caída da taxa de natalidade, e no censo de 1991 anota 16.781 habitantes.

No ano 1900, Bueu tiña 7.233 persoas. Non obstante, é o único municipio dos catro que conforman a zona do Morrazo que no que vai do século non foi quen de duplica-la súa poboación. Ata o censo de 1981, o número de habitantes aumenta ininterrompidamente: 7.650 en 1910; 8.411 en 1920; 9.150 en 1930; 10.023 en 1940; 10.177 en 1950; 10.317 en 1960; 11.006 en 1970 e 11.961 en 1981. Desde esta última data de referencia ata o ano 1991, Bueu perde poboación e anota 11.506 habitantes froito, como nos anteriores casos, da baixa taxa de natalidade que rexistra nese decenio. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



A pesca segue a se-la base económica

A pesca segue a ser un sector económico básico na Comarca do Morrazo, pese a que perdeu algo de peso nos anos oitenta. En 1981 o sector primario tiña o 39 por cento dos ocupados da zona; dez anos máis tarde, esa porcentaxe baixou ó 34. Para as mesmas datas de referencia, o sector industrial a penas modificou a súa taxa de ocupación: en 1981 era do 18 % e en 1991, do 16 por cento. O peso da construcción medrou algo, e pasou do 9 ó 11 por cento da poboación ocupada. O sector terciario foi o que, en realidade, creceu en maior medida: do 34 ó 39 por cento do total da poboación ocupada.

Bueu. O sector primario segue a ser predominante, pese a que na década dos oitenta perdeu poboación ocupada, case dez puntos. Non obstante aínda ten unha taxa de ocupación do 46 %. A industria e a construcción non variaron a súa poboación ocupada, e o sector servicios gañou dez puntos e rexistrou en 1991 unha taxa de ocupados do 32 %.

Cangas. De 1981 a 1991 a poboación ocupada no sector primario –fundamentalmente pesca e marisqueo– permanece nunha porcentaxe moi semellante, arredor do 38 por cento. A industria perdeu algo, baixou do 20 ó 18 por cento dos ocupados, mentres que a construcción gañou dous puntos, situándose no 11 %. A poboación ocupada no sector servicios alcanza o 34 por cento do total.

Marín. Pese á importancia da súa flota pesqueira, a poboación ocupada no sector primario continúa descendendo: do 35 ó 31 % entre 1981 e 1991. Sen embargo, a poboación ocupada no sector terciario xa se aproxima ó 50 por cento. A taxa de ocupación no sector industrial permanece invariable no 11 %, e a construcción creceu algo: do 8 ó 10 por cento dos ocupados.

Moaña. É o municipio da comarca no que o sector primario perdeu máis poboación ocupada entre 1981 e 1991: baixou do 33 ó 24 por cento. A industria rexistrou un pequeno descenso, do 27 ó 25 %. A taxa de ocupación na construcción aumentou cinco puntos e pasou do 9 ó 14 por cento. A poboación ocupada no servicios incrementouse: do 31 ó 37 %. ¶

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



A singular península do Morrazo

ESTA pequena comarca, que mira tanto cara á ría de Pontevedra como á de Vigo, semella o espiñazo dalgún estraño monstro mariño medio mergullado nas augas oceánicas. Nas partes altas, na serra de Domaio, nas áreas recretivas de Chan de Arquiña (no enclave do dolmen do mesmo nome) e Lagoa de Castiñeiras, é posible desfrutar dun ar algo máis fresco e montesío, tendo así mesmo amplas panorámicas das costas pontevedresas. Ó nivel de mar, o litoral do Morrazo forma un rosario de praias, Mogor, Portocelo, Lapamán, Agrelo, Menduíña... nas que as temperadas augas invitan ó baño e ó sol. A illa de Ons é outro dos puntos que máis turistas atrae na época estival. No Cabo do Home, fronte ás Cíes e mailo océano, pola tardiña son moitos os que acoden a olla-lo sol afundirse na auga. O lugar, batido polas ondas, e toda a escena, son dos que non se esquecen doadamente.

No aspecto monumental, tamén a comarca está ben servida de diferentes ítems que abranguen desde os tempos neolíticos (como é o caso das antas de Chan de Arquiña e Mámoa do Rei), pasando por esculturas rupestres en Mogor (Marín) e a ponte romana en Soaxe. De tempos máis recentes perviven na comarca distintos edificios que presentan un interese artístico e arquitectónico. O máis coñecido é o conxunto que forma a igrexa románica e mailo cruceiro de Hío, obra do escultor Cerviño. De gran valor artístico é tamén a igrexa románica de San Martiño de Moaña, as de Coiro e Darbo en Cangas e a de Stª. María de Cela, situada en Bueu e rodeada por un curioso camposanto.

Respecto das modernas formas de ocupa-lo tempo de lecer, en Domaio existe un campo de golf, e os distintos portos da península están axeitados á utilización por parte de embarcacións deportivas. Un dos recentemente habilitados é o de Aguete, no Concello de Marín. Sobra pois, dicir, que estamos a falar dunha comarca netamente mariñeira. Non hai que esquece-la presencia na próspera vila de Marín da Escola Naval Militar. Como atracción para tódolos afeccionados ós deportes e disciplinas náuticas en Bueu ten abertas as súas portas o Museo Masso, que data de principios deste século e que expón nas súas vitrinas reproducións a escala de embarcións, vellas cartas mariñas e outros aparellos relacionados coa navegación. Naturalmente esta comarca ten unha gastronomía chea de interese, na que os diferentes froitos mariños, especialmente o marisco son as xoias principais. O mexillón, por exemplo fai patente a súa presencia nas numerosas bateas que permanecen ancoradas nas costas da comarca. Outro modesto manxar e o 'Bocho' (mazá asada), típico da comarca.

Así pois, arte, lecer e unha atractiva gastronomía conxúganse nesta pequena comarca da provincia de Pontevedra. ¶



Igrexa e cruceiro de Hío. Cangas J.S


COMARCA DO MORRAZO
Desenvolvemento Comarcal
OCÉANO ATLÁNTICO
Illa de Ons
Illote do Centolo
Illote de Onza
Illa de Bascuas
Adina
Sanxexo
Portonovo
Punta Montalvo
Praia de Montalvo
Punta de Elvo
Punta de Cabicastro
Punta de Festiñanzo
Punta de Festiñanzo
Raxó
Illa de Tambo
Punta da Moa
Praia de Aguete
Punta Chireu
Aguete
Mogor
Marín
Río Lameira
Río Tomeza
Área recreativa de Castiñeiras
Praia de Loira
Seixo
Moledo
Campo
MARÍN
Vilaboa
Río Loira
Cadrelo
Couto Redondo
Piñeiro
VILABOA
Praia de Lapamán
Illa de San Clemente
Ardán
Pastoriza
Cobres
Enseada de San Simón
Lombo da Besta
Punta Mounisca
Cabo Udra
Punta Arbosa
Praia de Portomior
Cela
Museo Masso
Beluso
Bueu
BUEU
Península do Morrazo
Illa de San Simón
Punta de Couso
Punta de Osas
Ría de Aldán
Ermelo
Portela
MOAÑA
Río de Portillón
Río da Fraga
Domaio
Meira
Vilanova
Praia Menduíña
CANGAS
Coiro
Moaña
Punta Vixía ou Soavela
Donán
Aldán
Hío
San Martiño de Moaña
Tirán
Santiago de Cangas
Cangas
Darbo
Nerga
Punta Escodelo
Praia de Barra
Cabo Home
Punta subrido
Praia Rodeira
Punta Rodeira
Punta de Balea
Illas Cíes
Vigo
Lavadores
2.000 m 0 2 4 6 km
Límite comarcal
Vía rápida
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Igrexa, santuario
Pazo
Museo
Torre
Cruceiro
Ponte
Dolmen
Gravado rupestre
Petroglifos
Área recreativa
Campo de golf
Club náutico
Praia
Paseo marítimo

Futuro do Morrazo



Vista da Illa de Tambo. Marín J.S

AÍNDA que a parte setentrional ten unha vinculación funcional con Pontevedra e todo o conxunto depende da súa capitalidade, desde o punto de vista sociolaboral o sector meridional da comarca do Morrazo insértase cada vez máis na área de influencia de Vigo, polo que se viu fortemente convulsionada pola crise industrial que viviu esta cidade nos anos 80. Así, trala crise do sector pesqueiro, verdadeiro motor de arrastre da economía da península durante décadas, e comprobada a complicada rendibilidade das explotacións agropecuarias, o contexto socioeconómico actual presenta unha transformación relativa dos seus principais motores económicos, cunha orientación cada vez maior cara ó sector terciario, anque mantendo a forte vinculación co mar.

A actividade portuaria é cada vez máis un elemento clave na economía da comarca, sendo o porto comercial de Marín o que ten unha maior proxección. As principais transaccións son os conxelados, conservas e o peixe fresco. De cara ó futuro deberase manter unha xestión centrada na ampliación do volume de negocio, diversificando a oferta, á vez que se tería que establecer un sistema de comunicacións integrado, onde as rupturas de cargas sexan mínimas. Esta actividade compleméntase con cámaras frigoríficas, mexilloeiras, depuradoras de moluscos, estaleiros de pequeno tamaño e talleres de construcción de artes de pesca, empresas todas elas que están experimentando unha importante reactivación nos últimos anos, dándolle emprego a un volume considerable de persoas. A oferta de solo empresarial que facilite a instalacion destas e doutras empresas, tanto da comarca como dos mercados urbanos próximos, pode favorece-lo desenvolvemento da actividade empresarial.

As favorables condicións climáticas, a extensión da súa costa con magníficas praias e os seus acolledores lugares naturais son unha oferta para o goce, difícil de superar, e que capta un turismo cada vez máis numeroso.

Atraída pola influencia da metrópole viguesa, este sector deriva cada vez máis cara a unha potenciación do turismo local e á expansión residencial de Vigo. Sen embargo, a súa oferta débese mellorar, facendo especial fincapé no saneamento do litoral, no mantemento e mellora das zonas naturais e de esparexemento existentes, á vez que se deberá consolida-la crecente oferta hoteleira.

TODO iso terase que complementar necesariamente cunha estratexia de ordenación do territorio axeitada, pois se a oferta perde calidade o turismo retráese. ❦

XUNTA DE GALICIA

53

Comarcas

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Novembro do 1997

Pontevedra

Fonte da Ferrería — José Salgado

Comarca de Pontevedra

DESDE o interior das altas terras pontevedresas ata toca-lo mar, nas rías de Pontevedra e Vigo, esténdese a comarca urbana de Pontevedra, composta polos municipios de Barro, Campo Lameiro, Cotobade, A Lama, Poio, Ponte-Caldelas, Pontevedra e Vilaboa. Ocupa unha extensión de 623,92 km2 e reunía, en 1995, unha poboación de dereito de 120.198 persoas, sendo o núcleo principal e centro neurálxico da comarca a cidade de Pontevedra que, ademais, é a capital provincial.



A comarca queda individualizada por unha serie de unidades naturais, que serven de límite coas comarcas veciñas. As serras do Cando e do Suído, esta última límite oriental da comarca e da provincia, alcanzan altitudes que superan os 1.000 m; cara ó norte aparece a zona montañosa de Campo Lameiro, cos montes Cregos que se aproximan ós 800 m. O monte do Castrove e maila serra de Domaio, polo oeste, actúan de límite coas comarcas do Salnés e do Morrazo, respectivamente, e polo sur, é o río Verdugo - Oitavén o que actúa de límite coa comarca de Vigo, en parte do seu percorrido.

A rede fluvial, densa e de abundante caudal, nace nas serras orientais da comarca e teñen a súa desembocadura nas rías de Pontevedra e Vigo. Como ríos máis sobranceiros cómpre sinala-lo Lérez, co seu afluente o Almofrei, que desemboca na cidade de Pontevedra e o río Verdugo - Oitavén que, por Pontesampaio, o fai na ría de Vigo.

O clima é oceánico pero cunhas características peculiares dada a súa posición meridional dentro do contexto galego. Pola disposición aberta e frontal das serras ante o avance das frontes atlánticas e a súa situación ó fondo da ría débese facer fincapé nas diferencias existentes entre as terras altas interiores cun inverno longo, fresco e cunhas precipitacións moi elevadas (1.800-2.200 mm) e a zona litoral e prelitoral da comarca, cun inverno suave (9-10ºC) de abundantes precipitacións e un verán cálido (20-21ºC) e seco. A cidade de Pontevedra é o centro neurálxico da comarca e foco de atracción da poboación dos restantes municipios, tanto con respecto ó comercio especializado como ós servicios administrativos, sanitarios, xurídicos, etc... derivados da súa condición de capital de provincia.

ESTAS relacións intracomarcais víronse intensificadas pola disposición das vías de comunicación en dirección radial cara a Pontevedra e que melloraron a súa accesibilidade, o que favoreceu a estructuración da comarca coa incorporación e conexión das terras altas coas da ría. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L. Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E. Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F. Mirás e C. Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Pontevedra centra a economía no sector servicios

O municipio de Pontevedra presenta o maior grao de terciarización da economía de toda a provincia, pese á proximidade de Vigo –a cidade de maior número de habitantes de Galicia–. De feito, 65 de cada 100 ocupados corresponden ó sector servicios. O feito de se-la capital de provincia, e polo tanto sede das delegacións das administracións central e autonómica, así como da Audiencia e mais da Deputación lle permite concentra-los servicios administrativos.

A construcción sempre foi un sector tradicional na economía da zona, con algunha empresa de ámbito galego que nos últimos anos puxo en marcha estratexias de cooperación empresarial cos grandes grupos constructores españois. Nembargantes, a maioría está composto por pequenas empresas de menos de vinte traballadores.

A industria manufactureira céntrase nas empresas de elaborados metálicos, maquinaria e bens de equipo, tamén hai que subliñar algunhas empresas do téxtil e mais do coiro. O que destaca sobre todo na actividade económica da comarca é a industrias da madeira e do papel. No caso da madeira está Tafisa, situada na ribeira do río Lérez; a de fabricación de pasta de celulosa, Ence, está asentada en Lourizán, ó bordo da ría, e ó seu carón atópanse as instalacións da factoría de productos químicos Elnosa. Pontevedra conta tamén cunha parte monumental de evidente atractivo turístico. Nese sentido cabe mencionar o Museo Provincial e diversos edificios civís e relixiosos. E, como tal, conta coa única praza de touros que existe en Galicia, así como unha boa oferta hosteleira, axudada por un clima benigno. ¶

Centro de Pontecaldelas J.S



A poboación aumenta en Pontevedra

A comarca de Pontevedra medra demograficamente en torno ó eixo que forman a cidade de Pontevedra e Poio, pois o resto dos municipios que a compoñen perderon habitantes. A comezos deste século a zona tiña 59.280 persoas; 62.155 dez anos despois; 65.954 en 1920; 67.898 en 1930; 76.430 en 1940; 82.025 en 1950; 88.056 en 1960 e 91.895 en 1970. Entre 1970 e 1981 prodúcese o maior crecemento demográfico comarcal, ó pasar de 91.985 a 105.859 habitantes. De 1981 a 1991, a súa poboación aumenta en algo máis de 10.000 persoas e sitúase en 115.873.

O municipio de Pontevedra rexistra no ano 1900 un censo de 22.330 habitantes; en 1950, duplica xa a súa poboación con 43.221 habitantes, sen embargo os maiores crecementos demográficos tenos nas décadas dos anos setenta e oitenta. Na primeira das dúas, pasa de 52.452 a 65.137 e na segunda acada os 75.148 persoas. Unha tendencia parecida dáse no municipio limítrofe de Poio: ó principiar o século anota 5.028 habitantes, aínda que desde esa data ata 1940 se produce unha perda de poboación nos anos vinte, de xeito que entre 1920 e 1930, pasa de 6.231 a 5.921 persoas. A partir de aquí aumenta o seu número de habitantes ininterrompidamente: en 1960 rexistra 7.493 persoas, e en adiante crece a un maior ritmo. En 1970 anota 9.051 persoas; 11.573 en 1981 e 12.978 no censo de 1991.

Pontecaldelas a penas si tivo grandes oscilacións ó longo da presente centuria. En 1900 tiña 7.103 habitantes; en 1950, 7.025; en 1970 acada os 8.022 e en 1991 baixa a 7.467. No caso de Cotobade o comportamento demográfico é distinto: arranca o século con 7.978 persoas e mantense por riba das 8.000 nos censos de 1910 e 1920, logo volve baixar algo por debaixo dos oito mil na década seguinte e dez anos despois recupérase lixeiramente para situarse nos 8.046 habitantes. A partir de 1940 empeza a perder poboación de forma continuada, de modo que en 1991 rexistra 5.458 persoas. Vilaboa anotaba 4.179 habitantes no 1900, e ten que esperar sesenta anos para rebordar os 5.000. No censo de 1981 acada as 6.001 persoas, pero nos anos oitenta perde poboación e en 1991 rexistra 5.785. A Lama non conseguiu pasar dos 4.000 habitantes en todo o século: en 1900 tiña 3.405; 3.779 en 1950 e 3.567 en 1991. A poboación de Campo Lameiro decreceu no transcurso do século: no 1900 anota 3.952; 3.350 en 1950 e 2.486 en 1991. E no caso de Barro, a súa poboación rozou as 4.000 persoas, pero sen alcanzalas: en 1981 rexistrou 3.845 e en 1991 baixou a 3.567. ¶

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



Os servicios teñen o 60 % dos ocupados

Entre 1981 e 1991 na comarca de Pontevedra acelérase a descomposición do sector primario, na medida en que a taxa de ocupados descende do 23 ó 12 por cento do total. A poboación ocupada na industria a penas varia, do 15 ó 16 %, e outro tanto sucede coa construcción, do 14 ó 15 por cento. O maior aumento rexístrao o sector servicios, que neses dez anos pasa do 47 ó 56 por cento da poboación ocupada total.

Barro. Na década dos oitenta sofre unha espectacular caída na taxa de ocupados na agricultura, do 43 ó 19 por cento, esta perda é compensada case a partes iguais pola industria, a construcción e servicios.

Campo Lameiro. En 1981 tiña o 56 % dos ocupados no sector primario, en 1991 esa porcentaxe cae o 38%. O maior aumento de ocupados rexístrase na consstrucción, ó pasar do 13 ó 23 por cento do total.

Cotobade. Entre 1981 e 1991 os ocupados no sector primario diminúen en máis da metade, do 57 ó 23 por cento. Pola contra, a construcción e os servicios aumentan a súa poboación ocupada en altas porcentaxes.

A Lama. A Lama perde 16 puntos na taxa de ocupados no sector primario e aumenta en 17 puntos na correspondente á poboación ocupada nos servicios.

Poio. A penas se rexistran variacións importantes na porcentaxe de ocupados nos sectores productivos entre 1981 e 1991. Non obstante a poboación ocupada no sector terciario xa rebasa o 50 por cento.

Ponte-Caldelas. A reducción na taxa de ocupados polo sector agrario é compensada pola construcción (21 %) e os servicios (44 por cento).

Pontevedra. A distribución da poboación ocupada por sectores non sufriu modificacións nos anos oitenta. A taxa de ocupados no sector primario caeu do 7 ó 5 % e no sector terciario creceu do 62 ó 65 por cento.

Vilaboa. Perdeu catorce puntos na taxa de ocupados no sector agrario entre 1981 e 1991, do 34 ó 20 %. A poboación ocupada nos servicios pasou do 25 ó 37 por cento e no caso da industria, do 23 ó 26%. ¶

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



Lembranzas de pedra

PONTEVEDRA e a súa comarca é unha terra chea de fermosura, na que a pedra parece estar sempre presente, coma un símbolo de intemporalidade e pervivencia. Nin que falar dos espléndidos monumentos da capital provincial (as ruínas de Sto. Domingo, o santuario da Peregrina, San Francisco, basílica de Stª Mº co seu esplendoroso retablo pétreo na fachada...) que aparecen ante os ollos do turista mentres este pasea polas rúas e prazas (non deben esquecerse a de Teucro, a da Leña e a da Ferrería) nas que tamén a pedra, finamente traballada, asoma por tódalas partes.

A mesma pedra que, nas terras de Cotobade, fixo célebres os seus canteiros, e que hoxe en día pode admirarse en moitas construccións tradicionais. Cotobade, ademais de monumentos que datan de tempos históricos, como a igrexa de Stª Mª de Sacos, Santa Mariña de Augas Santas, San Martiño de Rebordelo... conta con algúns petroglifos perdidos nos seus montes, algo que o pon en común co veciño concello de Campo Lameiro, célebre, precisamente, pola alta concentración de gravados rupestres cos que conta. Os conxuntos de insculturas, en Penalba, en Paredes, no Campo de Matabois, etc, representan normalmente unha serie de motivos que se repiten, cervos, puntos ou labirintos, elementos simbólicos que se encontran tamén noutras partes do mundo.

Se buscasemos pedra no concello da Lama ¿onde a atopariamos? Pois ben, en estado natural nas serras que, como a do Suído lle confiren ó concello certo aire montesío, as mesmas pedras que serviron para levanta-lo santuario do Santo Cristo de Xende ou a 'Casa do Pazo', na parroquia de Gaxate. Tamén de pedra pode admirarse un trozo de camiño medieval e mais unha vella e fermosa ponte na parroquia de Berducido, preto xa do límite das provincias de Pontevedra e Ourense.

No concello de Poio a pedra historiada atópase no magnífico mosteiro de San Xoán e no conxunto histórico artístico de Combarro, onde os belísimos hórreos se apiñan na beira do mar.

Os outros dous concellos que restan por mencionar da comarca non teñen quizais tantos monumentos dos que gabarse pero aínda así respiran a mesma atmosfera saudable e luminosa das Rías Baixas e iso xa case é suficiente como reclamo para unha, aínda que sexa breve, interesante visita. En Barro merecen certa atención as igrexas de San Martiño de Agudelo e a de Curro. A primeira é de estilo románico e data do século XII, mentres que a segunda presenta un estilo oxival serodio, xa entrando no século XVI.

Vilaboa, pola súa banda, ten como principal monumento a igrexa románica da capital municipal. Ademais o concello ten interesantes valores paisaxísticos apreciables en paraxes como o lago de Castiñeiras, que conta cunha área recreativa moi concorrida.

Queda pois achegarse ata a comarca pontevedresa para desfrutar calmadamente de tódolos atractivos (que non son poucos) que esta nos ofrece. ¶

Mosteiro de Poio J.S


COMARCA DE PONTEVEDRA
Desenvolvemento Comarcal
PORTAS
MORAÑA
BARRO
RIBADUMIA
MEIS
PONTEVEDRA
CAMPO LAMEIRO
CERDEDO
FORCAREI
COTOBADE
POIO
MARÍN
VILABOA
PONTE-CALDELAS
A LAMA
SOUTOMAIOR
PAZOS DE BORBEN
FORNELOS DE MONTES
MOAÑA
Santa Lucía
Curras
Mosteiro
S. Martiño de Agudelo
San Antoniño
Curro
Esquela
Encoro de Portillón de Castro o Acabal
Santa María de Moimenta
A Lagoa
Cerdedo
Sacos (Santa María)
Sacos (S. Xurxo)
A Chan
S. Martiño de Rebordelo
Restos do Mosteiro de Tenorio
San Salvador de Poio
O Convento
Pazo A Pedreira
San Benito de Lérez
Combarro
Samieira
Illa de Tambo
Raxó
Praia do Laño
Praia de Raxó
Praia de Mogor
Punta da Moa
Marín
Praia de Aguete
Punta Loira
Praia de Lapamán
Pazo de Lourizán
Igrexa de Tourón
Ponte Caldelas
Ermida do Sagrado Corazón
A Lama
O Xende
Santuario y romería de Xende
Gaxate
Santa María de Augasantas
Ermida de Sta. Comba
Embalse de Eiras
Berducido
Igrexa
Vilaboa
Couto Redondo
Toural
Serra de Domaio
Illote de Albedosa
Enseada de S. Simón
Illa de S. Simón
Cobres
Rial
Río Lérez
Río Verdugo
Río Oitaven
Río Ulló
Río Barranco
Río Xesta
Río Quireza
Río Vantioxo
Río do Castro
Río do Seixo
Río Barbeira
Río Calvelle
Río Almofrei
Río de Fontans
Río de Ríons
Río de Granxa
Río Gafos
Río Gafas
Río Lameira
Río Maceira
Río Pradelo
Río Pardo
Río Ferreiros
Río Ulla
Río Umia
Río Agüa
Río Serpentes
Río Verdugo
Serra do Suído
Límite comarcal
Autopista estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Carreteras da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
2.000 m
0
2
4
6
8 Km
Conxunto histórico-artístico
Igrexa, santuario
Mosteiro
Ermida
Pazo
Restos arqueolóxicos
Petroglifos
Ponte
Miradoiro
Área recreativa
Carballeira
Festas tradicionais

Vista da Lama J.S

O futuro

PONTEVEDRA é unha cidade terciaria de tamaño medio que mànten coa maior parte dos municipios que conforman a súa comarca fortes relacións de interdependencia, que se traducen, cada día, en intensos movementos pendulares cara á capital.

O seu tecido productivo condiciona o dos restantes municipios, sendo patente a fraxilidade da estructura industrial, que se ve acentuada pola proximidade da cidade de Vigo, que polariza a maior parte do proceso-industrializador.

De cara ó futuro, a revitalización do seu comercio minorista especializado e das actividades comerciais en xeral, unido ás funcións económicas derivadas da súa condición de capital de provincia, propiciarán o mantemento dun crecemento sostido.

Toda a comarca, para rompe-la dependencia dun sector terciario pouco dinámico, deberá traballar no desenvolvemento do turismo, onde a calidade monumental do núcleo histórico de Pontevedra ou de Combarro é de obrigada referencia.

Ademais, o potencial para o turismo rural en toda a comarca é moi amplo, pois en calquera dos municipios que a conforman encontramos interesantes monumentos, gravados rupestres, conxuntos etnográficos de interese ou fermosas paisaxes con lugares pintorescos e hábitat axeitado para especies de caza e de pesca.

Esta calidade medioambiental fai que os municipios máis montañosos (A Lama, Cotobade, Campo Lameiro) formen parte da área de descentralización urbana da capital, sendo a súa axeitada conservación e maila súa ordenación urbanística un dos obxectivos a conseguir, xa que o desenvolvemento inmobiliario, tanto por razóns residenciais coma turísticas, deberá atende-la racionalidade urbanística. Dada a posición xeográfica da comarca e a calidade dos seus solos non debe deixar de facerse fincapé na necesidade de mante-las explotacións agrícolas, intensificando os cultivos de horta para surti-lo mercado urbano, o que permitirá alcanzar sostidas alzas de rendas.

Con todo isto, o dominante da economía comarcal seguirán sendo as actividades terciarias. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

54

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Novembro do 1997

O Condado

Muíño fluvial nas Neves

José Salgado

O Condado

NO interior da provincia de Pontevedra, no seu extremo sur, onde o Miño discorre entre Galicia e Portugal, aparece O Condado, terra de termalismo e bos caldos onde o desfrute da paisaxe e a sanación coas súas augas, fan dela unha singular comarca. Estes factores, xunto coa súa proximidade á cidade de Vigo, conferíronlle unhas especiais características que fan máis factible o futuro económico e social desta comarca.



O Condado agrupa os municipios de Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Pontareas e Salvaterra de Miño, reunindo un total de 38.238 habitantes de dereito (censo de 1995). A súa extensión é de 340,99 km2 e limita coas comarcas de Baixo Miño, A Paradanta e a comarca metropolitana de Vigo. O río Miño fai de límite no sur co veciño Portugal.

A unidade natural máis representativa é o val do río Tea, afluente do Miño, que atravesa toda a comarca desde o nordés ata o sur en dirección oblicua adoptando, despois de entrar no municipio de Pontareas, un sentido meridiano.

A comarca encóntrase rodeada por uns cordeis montañosos que delimitan perfectamente o seu contorno. Polo leste aparecen os montes da Paradanta e os seus somontes, onde as altitudes nalgúns lugares como 'O Chan de Padrón' alcanzan os 950 m.

NO norte, son os somontes da serra do Suído, onde o Couto Eira alcanza os 883 m. Polo oeste, os somontes da serra do Galleiro culminan con altitudes que superan os 700 m. O clima é oceánico de variedade meridional, cunhas temperaturas suaves que se tornan cálidas no verán dada a súa situación latitudinal, dentro do contexto galego, e ó abeiro topográfico; e unhas altas precipitacións, que varían notablemente entre as serras e o val, pero que están entre uns 1.500 mm anuais.

A temperatura media é suave, 14-15ºC e a oscilación térmica moderada. O abrigo dos ventos do norte e a apertura ó mediodía favorecen a insolación e as altas temperaturas, o cal propicia o cultivo da vide e doutros productos agrícolas.

O centro económico, funcional e de mercado é Pontareas, cabeceira de partido xudicial, que foi constituído cos mesmos municipios que o actual cando se crearon os partidos xudiciais históricos; de aí que o partido histórico de Pontareas coincida cos municipios que na actualidade forman a comarca do Condado.

NESTA poboación confluén as máis importantes vías de comunicación que conectan Pontareas co resto da comarca.

Tamén é o centro dos servicios administrativos e doutros servicios diversos.

De tódalas formas, cada vez é máis intensa a relación con Vigo e co seu contorno, tanto no que se refire a relacións laborais, como comerciais e de servicios especializados. De aí que adopte a forma dunha comarca urbana.

Ademais existen, aínda que en menor medida, relacións coas comarcas veciñas e con Portugal.

A comarca ten como elementos emblemáticos as románticas ruínas do balneario de Mondariz e o agora restaurado castelo de Sobroso. ¶

FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luís Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

Zona de vocación hortícola, fructícola e vinícola



A comarca do Condado tivo historicamente unha triple vocación hortícola, fructícola e vinícola. O famoso viño do Condado, que se comercializa en toda Galicia e, principalmente, na área de Vigo, está dando paso nos últimos anos á introducción das cepas de albariño. Esta triple vocación vén determinada en boa parte pola existencia do amplo val que atravesa o río Tea cara á súa confluencia co Miño. Dáse tamén o cultivo da pataca de regadío, maínzo e, desde hai vinte anos, o kiwi. A maioría destes cultivos están explotados en réxime de invernadoiro.As principais actividades industriais da comarca están relacionadas coa carpintería metálica e de aluminio, serradoiros, alimentación, prefabricados de construcción, hormigoneras e metalurxia. Unha das actividades máis peculiares da comarca estivo representada pola extracción de areas dos ríos. O dano que producían no contorno ecolóxico as chamadas 'graveiras', obrigou a Administración a regula-lo seu uso para evitar a erosión que provocaban.O feito de ser unha comarca fronteiriza con Portugal e cunha interesante actividade mercantil entre as dúas ribeiras do Miño levou a un desenvolvemento maior das infraestructuras viarias e á construcción da nova ponte entre Salvaterra e a localidade portuguesa de Monçao, que tamén serve para ponten-cia-las comunicacións entre Galicia e o norte do país veciño, aspecto moi importante de cara á conformación dunha zona económica e social común.

A comarca do Condado é rica en pazos e casas grandes, así como en múltiples restos arqueolóxicos, que teñen un evidente atractivo de cara a unha oferta de turismo cultural e de lecer. No caso de Ponteareas, sobresae a igrexa parroquial de Angoares, levantada a mediados do século XII, única en Galicia pola súa planta de cruz latina. Son tamén románicas as de Cumiar, cunha interesante porta datada entre o 1184 e o 1204, e restos escultóricos; a de Padróns, que destaca pola súa beleza arquitectónica a porta principal; e a de Paredes, que aínda conserva importantes restos do século XII, entre eles a cruz antefixa. Noutro aspecto, hai que destacar que pola festa do Corpus Christi se celebra en Ponteareas a confección das alfombras de flores, na realización colabora toda a vila. En Salavaterra son dignos de ver os pazos de Porto, Arentei, Petán e Lira e a Casa da Inquisición. ¶



Ponte de Salvaterra J.S

Un baixo crecemento demográfico

A comarca do Condado presenta un baixo crecemento demográfico ó longo deste século, pois se en 1900 rexistraba 33.915 habitantes noventa e un anos despois a cifra é de 35.954, dúas mil persoas máis. Sen embargo hai que subliñar dúas etapas; entre 1900 e 1950 a poboación aumenta e acada a mediados da centuria as 39.352 persoas; de aquí en adiante empeza a perder poboación: 37.942 en 1960; 36.101 en 1970; 36.807 en 1981 e o dato xa antes apuntado de 35.954 en 1991.

Dos cinco municipios que conforman a comarca, Ponteareas é sen dúbida o que maior peso ten ó representar o 43 por cento do total da poboación. Ó principiar o século anota 13.452 habitantes, e con altibaixos consegue a finais da década dos anos trinta remonta-los catorce mil para situarse no censo de 1940 en 14.634. Dez anos despois roza os quince mil habitantes, pero sen chegar a sobrepasar esta cifra, e volve sufrir outra caída demográfica: 14.552 en 1960 e 14.497 en 1970. Nos anos sesenta empeza a recuperarse de novo e no censo do 1991 rexistra 15.630 persoas.

Salvaterra de Miño tiña 9.242 habitantes no 1900, e salvo nos anos vinte, nos que perde algo de poboación, consegue aumenta-lo seu número de habitantes, aínda que lixeiramente, ata acadar 9.871 en 1940. A partir de aquí perde ano tras ano: en 1950 anota 9.791 persoas; 9.266 en 1960 e 8.093 en 1970. Nos anos sesenta ten unha pequena recuperación e no 1981 rexistra 8.765 habitantes. Pero de novo cae demograficamente: 8.252 persoas no 1991.

A poboación das Neves aumenta desde 1900 a 1940, cunha lixeira inflexión no primeiro decenio, ó pasar de 6.008 a 6.861 persoas. A partir desta última data comeza a perder habitantes: en 1950 anota 6.852; en 1960, 6.573; en 1970, 6.224 e en 1981, 6.026. Non obstante, a maior perda prodúcese nos anos oitenta, de forma que en 1991 rexistra 5.150 persoas.No caso de Mondariz, rexístrase un aumento de poboación desde principios ata mediados do século: 5.213 persoas en 1900; 5.952 en 1910; 6.764 en 1920; 6.687 en 1930; 7.001 en 1940 e 7.093 en 1950. De aquí en adiante comeza a perder poboación: 6.978 en 1960; 6.641 en 1970; 6.443 en 1981 e 6.260 en 1991.Trala su súa segregación e nacemento como novo concello nos anos vinte, Mondariz-Balneario rexistra en 1930 a cifra de 774 persoas. En 1940 acada os 785 habitantes e nas dúas décadas seguintes perde poboación: 629 anota no 1950 e 573 no 1960. Nos anos sesenta recupérase demograficamente: 646 habitantes en 1970; 650 en 1981 e 662 no censo de 1991. ❦

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN 1900-1991



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



O campo perde o seu histórico protagonismo

Entre 1981 e 1991 o número de ocupados no sector agrario pasa do 43 ó 22 por cento na comarca do Condado, de forma que o campo perde o seu histórico protagonismo na actividade económica da zona. Contrariamente, gaña peso o sector servicios que consegue unha taxa de ocupación do 42 % do total. A porcentaxe de ocupados na industria sitúase no 21 por cento e na construcción no 15 %.

Mondariz. Nos anos oitenta diminúe a poboación ocupada no sector primario do 41 ó 28 por cento, mentres que os ocupados no sector terciario pasan do 32 ó 41 %, acelerándose o cambio que se viña operando desde anos atrás nas súas actividades productivas.

Mondariz-Balneario. A actividade agraria ten o 7 por cento dos ocupados. Nos anos oitenta acentuouse a terciarización deste municipio gracias a súa especialización nun turismo de descanso. Entre 1981 e 1991, a poboación ocupada no sector servicios saltou do 44 ó 59 por cento.

As Neves. A poboación ocupada no campo diminúe nos anos oitenta do 46 ó 25 por cento e a correspondente ó sector terciario aumentou do 28 ó 40 %. Na construcción, pasou do 15 ó 21 por cento e na industria, do 11 ó 14 %.

Ponteareas. En 1981 o sector primario tiña unha poboación ocupada do 38 por cento, dez anos máis tarde caeu ata o 23 %. Nesas datas de referencia a industria a penas sufriu variacións e a construcción pasou a ter do 12 ó 15 por cento dos ocupados. O maior crecemento deuse no sector servicios que aumentou en catorce puntos a súa poboación ocupada, ó pasar do 30 % en 1981 ó 44 por cento dez anos máis tarde.

Salvaterra de Miño. Neste municipio produciuse unha caída da poboación ocupada no sector agrario. En dez anos perdeu 39 puntos e a porcentaxe de ocupados nesa actividade quedou no 15% no 1991. A industria pasou do 17 ó 28 % da poboación ocupada; a construcción tamén tivo un aumento semellante, do 11 ó 20 por cento e os servicios duplicaron o número de ocupados ó pasar do 18 ó 37 %. ❦

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



O Condado, terra agarimosa

A comarca fronteiriza do Condado semella un miradoiro privilexiado sobre o ancho Miño e as veciñas terras de Portugal.

A fortaleza de Salvaterra foi en tempos un punto defensivo de primeira importancia nas disputas cos veciños lusos. Lonxe daqueles tempos guerreiros, hoxe en día esta terra parece aberta ós visitantes para ofrecérlle-la súa cultura, os seus monumentos e, como non, o seu delicado viño.

Unha viaxe por estas terras pode comezar en moitos puntos pero unha suxestión é facelo na vila de Salvaterra, paseando pola súa fortaleza, hoxe un lugar tranquilo e agradable, dende o que se divisa o curso do Miño. No interior do recinto consérvanse as chamadas 'covas de dona Urraca', maila igrexa parroquial de estilo renacentista. Xusto diante, a ponte internacional e as hoxe inútiles barreiras fronteirizas. Outra ponte de menor relevancia pero tamén maior valor histórico é a de Fillaboa, de feituras góticas.

Tamén nas beiras miñotas, o Concello das Neves, ten agradables sorpresas para os viaxeiros: a paisaxe, os monumentos (igrexas románicas coma as de Vide, Taboexa o Sta. Marta de Ribarteme) pero, sobre todo, unha excelsa gastronomía, na que a lamprea (aínda quedan 'pescos' nos que se capturaban nos tempos antigos), as angulas e os salmóns se irmanan cos bos viños desta terra.

Cara ó norte, o Concello de Ponteareas, célebre entre outras cousas polo vistoso Corpus Christi, con alfombras florais nas rúas, que se celebra na capital municipal. Tamén nela, hoxe en día unha vila de importantes proporcións, paga a pena achegarse á fermosa ponte gótica dos Remedios, sobre as augas do río Tea, en torno á que se contan moitas lendas. Moi preto da vila consérvase tamén a igrexa románica de San Pedro de Angoares. Con todo, a edificación que realmente preside a vila é o mosteiro de San Miguel do Canedo, sito nun lugar elevado. Xa fóra da vila, no monte da Picaraña poden visitarse insólitas penas oscilantes, como a coñecida 'dos Namorados'. Tamén dentro dos límites do concello atópase o interesante castro da Troña, un recinto prerromano de vivendas circulares que xa foi escavado e consolidado e, polo tanto, é axeitado para unha interesante visita.

Balneario da Gándara J.S

MONDARIZ e mais Mondariz - Balneario traen na memoria popular lembranzas de esplendores pasados, tanto no medievo (como testigo o rehabilitado castelo de Vilasobroso) coma en tempos máis modernos, cando a familia Peinador impulsou o desenvolvemento do célebre balneario e dependencias anexas (como o Gran Hotel) que, hoxe, sen rematar a súa construcción, presentan un aspecto romántico e melancólico. Se tras unha visita ó castelo e mais ó fermosísimo enclave termal, o visitante non ten suficiente, pode quizais pescudar un pouco e atopar outros monumentos de interese como a ponte de Cernadela.

EN calquera caso, o que seguramente ocorrerá é que non deixará estas terras cun recordo baleiro e sen personalidade. Polo contrario, O Condado mantense na memoria dos que o visitan dun xeito moi doado.

Calquera pode vir e comprobalo. ❦


COMARCA DO CONDADO
Desenvolvemento Comarcal
SOUTOMAIOR
FORNELOS DE MONTES
REDONDELA
PAZOS DE BORBÉN
MONDARIZ
MONDARIZ-BALNEARIO
PONTEAREAS
MOS
O COVELO
A CAÑIZA
COUSO
O PORRIÑO
AS NEVES
ARBO
SALVATERRA DE MIÑO
SALCEDA DE CASELAS
Encoro de Eiras
Coto Eira
883
Monte Castelo
Alto de Padrán
▲376
Serra de Galleiro
Río Pequeno
Río Barragán
Río Borbén
Río Xinzo
Río Umia
Río Xabriña
Río Tea
Río Tripes
Río Tea
Río Caselas
Río Tea
Río Tripes
Río Cas
Viso
Moscoso
Ventín
Aoedo
Pazos de Borbén
Redondela
Cepeda
Nespereira
Sequeiros
Paredes
Padróns
Rúa
Barciademera
Redondo
Piñeiro
Fofe
Maceira
Barro
Vilar
Mondariz
Mondariz (Mondariz-Balneario)
Lougares
O Covelo
Santa Cruz
A Lamosa
Parafios
Meirol
Vilasobroso
Prado
Castro da Troña
Gillarga
Mos
Bugarín
Pazo de Portobarreiro
Festa do Corpus Cristi
Pontareas
Areas
Xinzo
Mosteiro do Canedo
Mouriscado
A Franqueira
Guillade
Igrexa de Angoares
Pazo de Lira
Lira
Vilacova
Guláns
Atios
Cristiñade
Fornelos
Nogueira
Lerrado
Taboexa
Igrexa de Taboexa
Meder
Luz
Rubiós
Ribarteme (S. Xoán)
Ribarteme (Santiago)
Miradoiro de San Fins
Montes da Paradanta
Cabeiras
Casa de Barros
Sela
Casa Grande de Reguengo
Vacaria
Alxén
Budiño
Salceda de Caselas
Parderrubias
Castelo de Salvaterra
Pazo das Barreiras
Pazo da Mercede
Linares
O Castelo
Oleiros
Outeiro
As Neves
Pazo do Souto
Pazo de Porto
2.000 m
0
2
4
6
Límite comarcal
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Carreteras da Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Igrexa, santuario
Igrexa, santuario
Mosteiro
Castelo
Restos arqueolóxicos
Castro
Monumento conmemorativo
Ponte
Festas tradicionais
Área recreativa
Praia fluvial
Balneario

Futuro da comarca

Praia fluvial en Mondariz J.S

Os cinco municipios que forman a comarca teñen unha ampla diversidade en canto ás súas actividades económicas; feito que os complementa. Nuns casos, a economía comarcal está orientada preferentemente ó sector agrario, como ocorre en Mondariz, As Neves e Salvaterra de Miño; o pequeno municipio de Mondariz-Balneario está orientado prioritariamente ó sector servicios, dada a súa dedicación ó turismo de saúde e descanso, no que destacan as súas modernas instalacións hoteleiras e balnearias, que teñen gran calidade e difusión; o crecente número de visitantes está xerando un aumento do emprego nas actividades complementarias no propio municipio e no de Mondariz. Ponteareas é o centro terciario por excelencia, onde os servicios e mailo comercio son –coa industria– os principais motores económicos. En efecto, a industria e maila construcción teñen xa importancia na comarca, pero é máis notorio o gran continxente de poboación que se despraza a traballar ás áreas industriais de Vigo, Porriño e Mos, que a ocupada na comarca no devandito sector.

Con estas características, que implican unha base económica diversificada, pódese agardar un futuro prometedor, aínda que se deben canalizar de forma correcta os recursos para conseguir un mellor desenvolvemento e unha maior competitividade. Dada a importancia que foi adquirindo o turismo de saúde e de descanso, e o aceptable nivel dos equipamentos existentes para atraer turismo de calidade, esta constitúese como unha actividade de futuro.

En efecto, hai boas instalacións para os tratamentos termais; variedade nas categorías dos aloxamentos para os diferentes tipos de visitantes; e actividades de ocio e esparexemento para as horas libres, tanto dos que acoden á balnearioterapia como para aqueles que só van buscando relaxación e descanso.

Ademais, cóntase na comarca con grandes atractivos naturais que poden ser ofertados a un turismo xeral, tendo en conta que se poden utiliza-las mesmas infraestructuras turísticas para o turismo de saúde que para o turismo rural ou o da natureza.

Noutro contexto destaca pola súa calidade, máis que pola súa extensión, o desenvolvemento da viticultura, que co paso dos anos foi adquirindo unha calidade hoxe recoñecida baixo a denominación de orixe 'Rías Baixas'.

Tamén a comarca ofrece excelentes oportunidades para a instalación de industrias, servicios e urbanizacións residenciais orientadas a capta-la descentralización da comarca metropolitana de Vigo. Hoxe xa é un feito patente, pero no futuro –gracias á autovía– pódeo ser moito máis.

Por último, non debemos esquecer un recurso non por recoñecido menos importante e cada vez máis escaso: os mananciais de auga, hoxe en día ben aproveitados no seu envasado e moi expandidos na súa distribución, que manteñen ó mesmo tempo esa categoría de saúde da comarca e axudan ó seu recoñecemento e distinción. ❦

XUNTA DE GALICIA

Comarcas

55

El Correo Gallego ❦ O Correo Galego

GABINETE de PLANIFICACIÓN
e Desenvolvemento Territorial

Monográfico coordinado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Decembro do 1997

Vigo

Castelo de Soutomaior

José Salgado

A Comarca de Vigo

NA marxe sur da ría de Vigo, ensanchándose cara ó interior ata o val do río Louro e pola costa ata o Val Miñor, esténdese a comarca metropolitana de Vigo, que está formada polos municipios de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior e Vigo.

OCUPA unha extensión de 608,34 km2, sumando toda a área metropolitana, en 1995, cunha poboación de dereito de 404.606 persoas. O medio natural caracterízase pola sucesión dun conxunto de unidades xeográficas de acusada individualidade:

O Val Miñor, que abrangue os municipios de Baiona, Gondomar e Nigrán, debe a súa orixe á conxunción de fenómenos tectónicos e á erosión diferencial. O río Miñor, formado pola confluencia do Zamáns e do Morgadáns, alóxase nunha falla e, nos 16 km do seu percorrido, cruza o val en diagonal ata a súa ⇨



FICHA TÉCNICA

Dirección: Andrés Precedo Ledo, *Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela*
Coordinación: Eugenio Caeiro González e Montserrat Villarino Pérez
Equipo redactor: Antonio Doval Adán, Arturo Revilla Bonnín, Pilar Patiño Portas, Concha Otero García, Charo Álvarez Cao, Pablo Bustillo Freijido, Antonio Quintana García, Berta Román Díaz, Fernando García Pazos, J.L.Dorrego Taín, J.M. Salgado Mosquera e Elena Bernárdez ¶

⇨
Edita: Editorial Compostela, S.A.
Editor: Feliciano Barrera Fernández
Director: José Manuel Rey Nóvoa
Coordinación xeral: Luis Pousa Meréns
Deseño gráfico: Xurxo Fernández
Fotografía: José Salgado e Manolo Blanco
Infografía: Xoán Carlos Cea, Antonio Maneiro, Teresa Tojo, E.Fernández-Xesta e María Precedo
Traduccións: Andrés Tarrío e Miguel Seoane
Dixitalización: F.Mirás e C.Seoane
Imprime: Artes Gráficas Portela, S.L.
Encaderna: Encuga, S.L. **D.Legal:** PO-93/95 ¶

➪ desembocadura, formando unha marisma de fondo de ría.

– O Val do Fragoso, que corresponde á conca do río Lagares (o cal desemboca en Samil formando un pequeno esteiro). Era coñecido antigamente pola fertilidade das súas terras e hoxe aparece incorporado á extensa área periurbana de Vigo.

Este val presenta unha clara desimetría, sendo a vertente meridional moito máis elevada, pois corresponde ós somontes da serra do Galiñeiro, a cal se levanta bruscamente sobre o val, ofrecendo fermosas panorámicas sobre a cidade e a ría.

– O Val do Verdugo-Oitavén, que bordea os municipios de Fornelos de Montes e Soutomaior. Campos de fallas orientan a rede hidrográfica no seu curso alto, formando vales profundamente encaixados. Trala súa confluencia, os dous ríos percorren xuntos uns 7 kms polas terras de Soutomaior e Arcade, escorregándose por Sampaio ata o fondo da enseada de San Simón.

– A depresión topográfica na que se asentan os municipios de Mos, Porriño e Redondela, corresponde a unha conca terciaria orixinada a partir de fracturas tectónicas que encadran a depresión coñecida como Val do Louro, río que desemboca no esteiro do Miño.

AS maiores alturas localízanse no extremo oriental da comarca, nos somontes máis occidentais da serra do Suído, con altitudes que superan os 1.000 m (Couto Minuto 1.059 m; Outeiro Vello 1.007 m). Cara ó sur, a altitude vai diminuíndo suavemente ó longo dun cordel montañoso que se estende ata o val do río Louro (911 m en Pena Aranda; 883 m en Couto Eira; 621 m en Pico Salgueirón e a 631 m Serra). As serras da Groba e do Galiñeiro, ámbalas dúas por riba dos 600 m, actúan de límite meridional da comarca.

A ría de Vigo é o marco litoral da comarca. Na súa costa alternan tramos abertos ó mar, con amplos areais (Samil, O Bao, Canido, Patos, Panxón, Praia América, Ladeira, Sabarís..). Á súa entrada érguense maxestosas as illas Cíes que, ademais de darlle abeiro ó porto, constitúen un asombroso parque natural.

O clima, oceánico marítimo de variedade meridional, é moi agradable, aínda que rexistra diferencias entre a ría e as serras. Así, aínda que en xeral as precipitacións anuais son elevadas, aumentan cara ó interior, desde os 1.400-1.600 mm de toda a franxa litoral e prelitoral, ata os 1.800-2.000 mm que se recollen na vertente occidental da serra do Suído. Aínda que as precipitacións se reparten ó longo de todo o ano, é patente o mínimo estival que se produce en xullo-agosto –o verán é cálido e seco– e, polo contrario, aparece un claro máximo en outono-inverno, época en que as borrascas atlánticas afectan á fronte marítima.

AS temperaturas son suaves, cunha amplitude térmica moderada que non supera habitualmente os 11ºC. Tamén aquí existen diferencias entre a costa e mailo interior, dada a variación altitudinal. En xeral, a temperatura media anual alcanza os 14-15ºC, diminuíndo a 12-13ºC nas terras do interior próximas ás serras, e alcanzando os 11ºC no municipio de Salceda de Caselas. Sobre a multiplicidade de espacios naturais foise superpoñendo o fenómeno da metropolización que, en fases sucesivas, abrangueu a tódolos municipios nun espacio urbanizado único. Co paso do tempo, a medida que se foi producindo a descentralización das funcións urbanas, fóronse intensificando as relacións entre os municipios que forman a comarca. Así, os municipios que tiñan unha independencia funcional e económica, e incluso desenvolveran unha pequena área de influencia local sobre os municipios veciños, foron acollendo funcións da cidade, como ocorreu nun primeiro momento con Redondela que, dadas as características do relevo e das vías de comunicación, foi o receptor da primeira expansión urbana de Vigo; a continuación incorporouse Porriño, coa creación do polígono industrial e, nunha terceira fase, os municipios que forman o Val Miñor: Baiona, Gondomar e Nigrán, polas súas funcións turísticas e residenciais.

ASÍ MESMO, a creación de emprego industrial, a descentralización terciaria, a mellora das vías de comunicación, os municipios periféricos fóronse vinculando paseniñamente a Vigo, consolidando o proceso de metropolización.

De aí que a comarca teña unha estructura urbana policéntrica. Á parte da cidade de Vigo, a gran cidade do sur de Galicia, existen uns subcentros en Redondela, Porriño e Baiona, cada un dos cales mantén a súa propia personalidade. ❦

O mar, peza clave do seu desenrolo

A situación de Vigo e comarca á beira do Atlántico, o calado da ría e maila existencia dun extenso porto con zona franca son factores determinantes no desenvolvemento económico da zona. A pesca e os estaleiros son dúas actividades interrelacionadas que, unidas o relanzamento da industria da conserva, foron base de cara á súa posterior industrialización. Outro factor non menos importante foi a presencia na área de Vigo dunha importante colonia de empresarios cataláns, vencellados nunha primeira fase á industria de salgado de peixe, e que o se asentar difinitivamente na comarca deron lugar o nacemento dunha clase empresarial moi activa, a cal será o xermolo de novas iniciativas e da asunción dunha cultura dos negocios e o do risco moi por riba da que se deu noutras zonas de Galicia.

Dentro das actividades , destaca a pesca, cunha alta capacidade extractiva ligada á presencia nos caladoiros internacionais. Nese sentido é obrigado dici-lo papel que xogou na racionalización dese sector Pescanova, e o que supuxo na modernización do mesmo a na adopción das novas tecnoloxías pesqueiras. Sen esquece-la axuda que supón o traballo de investigación que realiza o Instituto Oceanográfico. Ese salto cualitativo deu paso á aparición dunha industria alimentaria, independentemente da conserveira, con proxección internacional e capaz de competir no escenario da globalización. Polo tanto, xa non se trata só de producir, senón de innovar e ofrecer novos productos, así como de comercializalos, aspecto este relevante dadas as deficiencias estructurais e culturais que sempre tivo o empresariado galego na comercialización.

Nos anos oitenta as restricciónS impostas por Namibia sobre as súas augas xurisdiccionais e a política pesqueira impulsada polos británicos incidiu negativamente provocando unha crise que tivo consecuencias directas sobre o emprego, ó reduci-los postos de traballo. A pesca de altura dirixiuse entón á conquista de novos caladoiros nas Malvinas, Gran Sol e as augas do Atlántico Norte. A presencia de pesqueiros galegos nas augas da NAFO provocou duros enfrontamentos con Canadá, do que o último episodio máis relevante foi a chamada 'guerra do fletán', singularmente a abordaxe en augas internacionais do pesqueiro *Estai* por patrulleiras canadenses, e que en realidade se trataba dunha montaxe do Goberno canadense para expulsar das augas próximas a Terra Nova ós pescadores galegos.

Nos últimos anos, o sector emprendeu unha profunda renovación da flota e demostrou a súa capacidade de iniciativa para adaptarse ó novo marco internacional de reparto das augas, coa firma de novas fórmulas de colaboración con terceiros países. Non obstante, un novo problema vai ser nos vindeiros anos os intentos de Marrocos por controla-lo banco saharauí e a tendencia da UE a non permitir que a pesca se converta nun punto de conflicto, usado por tercieiros países para conseguir situacións vantaxosas de cara ás negociacións comerciais dos seus productos con Bruxelas.

A crise do sector naval de mediados dos oitenta afectou os estaleiros da ría de Vigo e a toda a industria auxiliar, e en menor medida á zona franca e as factorías situada no contorno do río Lagares. Non obstante, a partir do 1994 a cousa comeza a cambiar para ben e o sector inicia o camiño da recuperación. A partir de Citroën, que viu reforzada a súa producción, é moi interesante o nacemento do *clúster* do automóbil que afecta tamén a Porriño e outros municipios da comarca.

Guindastres no porto de Vigo J.S

No caso de Porriño, ademais da súa vinculación industrial con Vigo, hai que destaca-las explotacións de canteiras de granito rosado tamén coñecido como o *rosa Porriño,* convertido nun sector exportador que, aínda que nun principio, tivo en Italia o seu mellor mercado abriuse a outros países do contorno comunitario, Alemaña e Francia, así como hacia ó outro lado do Atlántico, Estados Unidos. Hai tamén explotacións de arxila de caolín; no val de Louro existen unha reservas de medio millón de toneladas, entre arxilas tipo bay-clay e fire-clay e sedimentos de áreas caoliníferas. As minas máis importantes atópanse en Cerquido-Casal, con minerais de alta calidade para a producción de refractarios silicoaluminosos, e en Orbelle-Gándaras de Budiño. Vigo converteuse a partir dos anos oitenta nun dos principais centros comerciais de Galicia pola instalación de grandes superficies comerciais, que atraen a consumidores non só procedentes da provincia de Pontevedra senón de Ourense, así como de Portugal. No ambito educativo, a consolidación da Universidade constitúe tamén un factor de atracción hacia o sur de Galicia. Conta ademais cunha industria editorial florecente. E xa, por último, o turismo axudou a impulsar no conxunto da comarca unha importante oferta hosteleira e de lecer, sobre todo de cara ó verán. Nese sentido, municipios como os de Gondomar e Baiona, sobre todo este último polo pulo que colleron as competicións náuticas promovidas polo Club de Iates, son centros de atracción turística que aumentan moito a súa poboación flotante non meses de xullo, agosto e setembro. ❦

Vista aérea do porto

J.S

A comarca máis poboada de Galicia

A comarca de Vigo é a máis poboada de Galicia, e pódese dici-lo mesmo de Vigo, en canto que é o municipio con maior número de habitantes dentro da comunidade galega. A principios de século a zona tiña 79.249 persoas, e desde esta data de referencia non parou de crecer demograficamente. Entre 1900 e 1960, o aumento de poboación cífrase en 140.000 habitantes, e o maior crecemento ten lugar nos anos corenta, con 54.371 persoas máis. En 1910 anota 101.300 habitantes; 115.713 en 1920; 130.014 en 1930; 157.245 en 1940; 211.616 en 1950 e 219.250 en 1960. A partir de mediados do presente século, ese crecemento demográgico acelerarase nos seguintes vinte anos. Así de 1960 a 1970, a poboación gaña 63.452 persoas, ó pasar de 219.250 a 282.702 habitantes; de 1970 a 1981 o incremento cífrase en 78.671 habitantes, ó saltar de 282.702 a 361.673 persoas. Nos anos oitenta, o crecemento ralentízase , de forma que en 1991 rexistra 384.646 habitantes.

O peso de Vigo

Vigo representaba en 1900 o 29 por cento da poboación da comarca, en 1991 esa porcentaxe é do 72 %. Este maior peso da cidade olívica na zona explícase polo seu maior crecemento demográfico. Nos primerios cincuenta anos case sextuplica o seu número de habitantes: anota 23.259 en 1900; 41.213 en 1910; 53.100 en 1920; 65.012 en 1930; 85.272 en 1940 e 137.873 en 1950. Nos anos cincuenta o aumento de poboación é moito menor pois remata a década con 144.914 persoas, segundo o censo de 1960. Nas dúas décadas seguintes Vigo experimenta un crecemento demográfico de 114.000 habitantes: en 1970 anota 197.144 e dez anos despois, 258.724. Pese ó cambio que se opera na taxa de natalidade, esa caída non lle impide continuar aumentando a súa poboación, pois no censo de 1991 rexistra 278.050 persoas.

O segundo municipio máis poboado da comarca é Redondela. Ó iniciarse o presente século conta con 10.843 habitantes; 11.895 en 1910; 13.644 en 1920; 14.996 en 1930; 16.927 en 1940; 17.024 en 1950 e 17.206 en 1960. Nos anos sesenta, a poboación de Redondela dispárase e pasa a ser de 22.128 persoas, temán experimenta un incremento semellante nos anos setenta, de modo que en 1981 acada 27.202 habitantes. O crecemento neses vinte anos coincide coa tendencia de Vigo e con a expansión industrial desta cidade. Seguindo a tónica demográfica de Galicia, tamén neste caso a caída da taxa de natalidade fai que a súa poboacion aumente pouco nos anos oitenta. ➪







Illa de San Simón. Soutomaior J.S

➪ O Porriño vén ser unha prolongación do entramado empresarial de Vigo. No 1900 anota 7.243 habitantes e non é quen de pasa-los oito mil ata 1940: 7.510 en 1910; 7.421 en 1920; 7.758 en 1930 e xa 8.613 en 1940. No 1950 rexistra 9.310 persoas, e sofre un lixeiro retroceso nos anos cincuenta, de xeito que en 1960 anota 9.218 habitantes. Nos anos seguintes non só recupera poboación, senón que a aumenta a un maior ritmo: 10.044 en 1970; 13.517 en 1981 e 15.093 en 1991.

Nigrán rexistra 6.180 persoas no 1900 e a súa poboación medra paulatinamente ata 1960: 6.493 en 1910; 6.918 en 1920; 6.974 en 1930; 7.768 en 1940; 7.968 en 1950 e 8.085 en 1960. A partir de aquí o número de habitantes crece a maior velocidade: 9.048 en 1970; 12.336 en 1981 e 14.008 en 1991. Gondomar tiña 7.842 persoas ó inicio deste século, e a súa poboación aumenta ata 1950, data na que rexistra 9.037 habitantes. Nos anos cincuenta perde poboación e nos anos sesenta ten unha lixeira recuperación, aínda que non é capaz de consegui-los nove mil habitantes. Nos anos setenta alcanza esa recuperación e acada as 10.009 persoas, que pasarán a ser 10.440 en 1991. Mos rexistra 6.094 habitantes no 1900; a súa poboación aumenta ata 1940, data na que anota 8.942 persoas. Sofre unha pequena recaída nos anos corenta, pero recupérase na década seguinte para continuar crecendo demograficamente ata alcanza-los 13.414 habitantes no 1991.

Baiona anota 4.423 persoas no 1900; 6.420 a mediados do século e 9.690 en 1991. Fornelos de Montes tiña 2.795 persoas a principios de século, 2.691 en 1950 e 2.194 en 1991. Pazos de Borbén rexistra 2.887 habitantes en 1900 e 3.403 en 1991. Nas mesmas datas, Salceda de Caselas pasou de 4.408 a 5.696. ¶

POBOACIÓN DE FEITO DE 1900 A 1991
COMARCA DE A. M. DE VIGO

CONCELLO	1.991	1.981	1.970	1.960	1.950	1.940	1.930	1.920	1.910	1.900
BAIONA	9.690	9.702	7.887	6.585	6.420	6.075	5.596	5.318	4.828	4.423
FORNELOS DE MONTES	2.194	2.377	2.340	2.564	2.691	2.712	2.817	2.940	3.047	2.795
GONDOMAR	10.440	10.009	8.679	8.133	9.037	8.570	8.219	8.219	8.281	7.842
MOS	13.414	13.102	11.183	10.014	8.876	8.942	7.367	7.084	6.753	6.094
NIGRÁN	14.008	12.336	9.048	8.085	7.968	7.768	6.974	6.918	6.493	6.180
PAZOS DE BORBÉN	3.403	3.652	3.411	3.596	3.394	3.486	3.324	3.134	2.959	2.887
PORRIÑO (O)	15.093	13.517	10.044	9.128	9.310	8.613	7.758	7.421	7.510	7.243
REDONDELA	27.751	27.202	22.128	17.206	17.024	16.927	14.996	13.644	11.985	10.843
SALCEDA DE CASELAS	5.696	5.618	5.063	4.737	4.791	4.880	4.411	4.411	4.556	4.408
SOUTOMAIOR	4.907	5.434	5.775	4.288	4.232	4.000	3.630	3.524	3.405	3.275
VIGO	278.050	258.724	197.144	144.914	137.873	85.272	65.012	53.100	41.213	23.259
TOTAL COMARCA	384.646	361.673	282.702	219.250	211.616	157.245	130.104	115.713	101.030	79.249

A zona máis industrializada de Galicia

A comarca de Vigo é sen dúbida a zona máis industrializada de Galicia e a que mellor soubo sobrepoñerse á crise provocada pola reconversión industrial de mediados dos oitenta, que afectou a unha parte importante do sector da construcción naval e da súa industria auxiliar. Non é casualidade, polo tanto, que sexa tamén a comarca máis poboada da comunidade galega e que os municipios que a compoñen conformen a primeira área metropolitana do país. A existencia dunha grande industria compleméntase cun variado tecido industrial de medianas e pequenas empresas e co desenvolvemento dun sector de servicios que vai gañando peso na actividade económica. A cidade de Vigo é o centro vital, o corazón, desde o que irradia ó resto dos municipios a expansión do seu sector productivo.

Sector primario

No 1981 o sector primario –contando agricultura e pesca– tiña unha poboación ocupada do 10 por cento; dez anos máis tarde caeu ó 6 por cento. Os cambios profundos que se están dando na agricultura e mesmo na pesca, por distintas razóns, orixinan a expulsión da xente máis moza e a xubilación daqueles que están en torno ou por riba dos sesenta anos. Un efecto que tamén está unido ó envellecemento da poboación.

Sector industrial

Entre 1981 e 1991, como consecuencia da crise do sector naval antes apuntada e da provocada polo conflicto no Golfo Pérsico, a taxa de ocupados na industria descende, e pasa do 34 ó 28 por cento. É probable, non obstante, que esa perda de peso na poboación ocupada se compensara nos anos seguintes, sobre todo a partir de 1995, data na que xa se empeza a detectar unha recuperación notable da actividade empresarial.

Construcción

No caso da construcción, aínda que a nivel comarcal o aumento da ocupación é case irrelevante, do 9 ó 10 por cento, hai que subliñar que aqueles municipios cunha menor tradición empresarial e cun maior peso do sector primario experimentan crecementos maiores nese sector e confirman o proceso reiterado de que boa parte dos excedentes de man de obra do campo buscan acomodo na construcción, entre outras cousas debido á súa maior adaptabilidade a ese novo tipo de traballo, sobre todos naqueles postos que requiren unha menor cualificación.

Terciarización

O proceso de terciarización da actividade económica avanzou moito nos anos oitenta. Ese avance explícase, en parte, polos efectos conxunturais da crise económica, que provoca desprazamentos cara a ese sector daquelas persoas que ó perderen a súa condición de asalariados proban a converterse en empresarios autónomos, mais tamén pola tendencia xeral das economías inseridas no marco europeo comunitario a un aumento de peso do sector servicios. En 1981 a poboación ocupada no sector terciario representaba o 47 por cento do total, dez anos máis tarde xa alcanzaba o 55 %. Hai que facer notar, sen embargo, que os maiores saltos non se producen en Vigo, senón no resto dos municipios, onde o peso da actividade terciaria supera na maioría dos casos o 40 %. Estas transformacións nas vocacións productivas dos municipios teñen tamén algo que ver coa expansión do modelo de vida urbana ó conxunto da comarca e co nacemento de novas necesidades e a desaparición de antigas actividades. A tendencia seguirá a consolidarse nos próximos anos e de xeito xeralizado ó conxunto comarcal. ➪



Vista do paseo de Samil

J.S

SECTORES DE ACTIVIDADE
(1981)



SECTORES DE ACTIVIDADE
(1991)



➪ **Baiona.** De 1981 a 1991 a poboación ocupada no sector primario caeu do 36 ó 29 por cento, pese ó cal segue sendo o municipio da comarca de Vigo cun maior peso deste sector na súa estructura productiva. Nos anos oitenta rexistra perdas na taxa de ocupación do sector industrial, de forma que pasa do 16 ó 13 %. Polo contrario, a construcción acolle un maior número de ocupados, do 9 salta ó 16 por cento. A poboación ocupada no sector terciario tamén aumenta, do 39 ó 43 %, non obstante ese incremento antóllase cativo se se ten en conta as grandes posibilidades coas que conta Baiona para se converter nun dos grandes centros turísticos de Galicia. En 1991, a taxa da actividade masculina era do 71 por cento; a feminina do 23 e a xuvenil do 49. A taxa total de actividade que rexistraba nesa data era do 46 por cento.

Fornelo de Montes. Aínda no 1981, o municipio tiña unha das taxas de poboación ocupada no sector agrario máis altas de Galicia, o 67 por cento, drasticamente reducida no transcurso dos anos oitenta ata chegar ó 26 %. Non menos sorprendente é que neses anos a poboación ocupada no sector terciario pasara do 22 ó 49 por cento. Rexístranse tamén incrementos apreciables na taxa de ocupación da industria, do 5 ó 12 por cento, e da construcción, do 6 ó 13 %. Sen esquecer que eses cambios de ocupación nos sectores productivos están medidos en términos relativos, e as modificacións non se poden separar do feito de que a poboación vai a menos e o envellecemento da mesma a máis. En 1991, a taxa de actividade masculina era do 71 por cento; a feminina, do 23 % e a xuvenil do 61 por cento. A taxa total de actividade roldaba o 45 %.

Gondomar. Entre 1981 e 1991 a poboación ocupada no sector primario diminúe á terceira parte: do 30 ó 11 por cento. O maior crecemento experiméntao o sector servicios, que para ese mesmo período pasa do 28 ó 40 por cento do total de ocupados no municipio, en parte debido ó turismo. A industria rexistra un lixeiro aumento de poboación ocupada, do 22 ó 24 por cento, e a construcción pasa do 20 ó 25 %. No caso da construcción, Gondomar é por esas datas o municipio da comarca de Vigo no que este sector ten un maior peso relativo, froito non só da demanda interior senón, desde logo, dos traballos que realizan para outros concellos. No que fai referencia á actividade por grupos de idade e de sexo, destaca a alta taxa de actividade masculina, o 72 por cento. A taxa de actividade feminina aproxímase ó 25 por cento e a taxa xuvenil sitúase no 54 %. En conxunto a taxa de actividade total é do 48 %, tres puntos por debaixo da media. ➪

TAXAS DE ACTIVIDADE SEGUNDO GRUPOS (1991)



➪ **Mos.** É o segundo municipio da comarca e presenta a segunda taxa de ocupación no sector primario máis pequena. Entre 1981 e 1991, a poboación ocupada no campo descendeu do 10 ó 5 por cento. Tamén o sector industrial perdeu poboación ocupada, do 44 ó 40 %, aínda que segue a ser predominante na actividade económica do municipio; non hai que esquecer que Mos forma parte do cinto industrial que foi creando Vigo na súa expansión fóra dos seus límites municipais. A construcción a penas variou a proporción da súa poboación ocupada entre 1981 e 1991, pasou do 14 ó 15 %. Os servicios medraron nunha proporción maior, do 31 ó 40 por cento da poboación ocupada e sitúanse á par da taxa de ocupación na industria. En 1991, a taxa de actividade masculina alcanzaba o 71 por cento, mentres que a taxa da actividade feminina se situaba no 32 %. A taxa de actividade xuvenil aumentou nos anos oitenta ata situarse no 56 por cento. A taxa de actividade total é do 51 %.

Teatro García Barbón J.S

Nigrán. En 1981 a poboación ocupada no sector primario supoñía o 24 por cento do total; dez anos máis tarde rexistra unha caída de dez puntos e colócase no 14% . A industria e a construcción a penas sufriron variacións nese decenio: a primeira pasa do 22 ó 21 por cento da poboación ocupada, e a segunda do 20 ó 19 %. Esa estabilidade fai que os excedentes do sector primario se dirixan ó sector servicios, que entre 1981 e 1991 gaña trece puntos e rexistra o 46 % do total da poboación ocupada, o que, en parte, se explica polo desprazamento de poboación dende Vigo a esa localidade, e a acentuación do seu carácter de municipio *dormitorio* dentro da área viguesa. En canto á taxa de actividade por grupos de idade e sexo, os datos referidos a 1991 reflicten que a taxa de actividade masculina está en torno ó 70 %, a taxa de actividade feminina sitúase no 27 % e taxa de actividade xuvenil no 48%. A taxa de actividade total está no 48 %. ➪

CONCELLOS	% SECTOR PRIMAR,81	% SECTOR INDUSTR,81	% SECTOR CONSTR,81	% SECTOR TERCIAR,81	% SECTOR PRIMAR,91	% SECTOR INDUSTR,91	% SECTOR CONSTR,91	% SECTOR TERCIAR,91
BAIONA	36,19	16,11	9,01	38,69	28,62	12,72	15,70	42,96
FORNELOS DE MONTES	67,40	4,93	6,12	21,55	26,35	11,99	13,01	48,65
GONDOMAR	29,82	22,19	20,39	27,59	10,58	24,15	25,43	39,83
MOS	10,21	44,39	14,00	31,40	4,51	40,26	15,13	40,09
NIGRAN	24,39	21,81	20,19	33,60	13,54	20,72	19,27	46,48
PAZOS DE BORBEN	54,50	8,88	16,51	20,10	27,28	16,70	14,42	41,60
PORRIÑO (O)	17,89	39,11	13,10	29,90	3,91	38,88	13,69	43,52
REDONDELA	21,30	38,00	11,00	29,70	8,83	32,57	14,53	44,08
SALCEDA DE CASELAS	37,32	25,07	17,71	19,90	9;00	36,87	21,96	32,17
SOUTOMAIOR	26,61	34,72	6,89	31,78	12,66	25,32	11,98	50,03
VIGO	3,30	35,60	7,20	53,90	4,07	28,09	7,90	59,94
TOTAL COMARCAL	10,03	34,14	9,08	46,75	6,00	28,42	10,22	55,37

Obra de Laxeiro no pazo museo Quiñones de León J.S

Pazos de Borbén. Entre 1981 e 1991 o municipio reduciu á metade a poboación ocupada no sector agrario, ó pasar do 54 ó 27 por cento. Paralelamente, o sector terciario saltou do 20 ó 40 % do total de ocupados. Noutros términos, esa alteración nos dous citados sectores supón un cambio dunha sociedade dominada pola economía campesiña a outra na que a actividade económica dominante lles corresponde ós servicios. Ese cambio tampouco se entende sen o envellecemento da poboación nun concello rural, a baixa taxa de natalidade e o esgotamento dun sistema económico tradicional.

O sector industrial dáballe ocupación no 1981 ó 9 por cento do total; dez anos despois a taxa de ocupados neste sector era do 17 %. En canto á construcción sufriu unha pequena perda de ocupados, ó pasar do 17 ó 14 por cento. A taxa de actividade por grandes grupos de idades e sexo era en 1991 como segue: a taxa de actividade masculina acadaba o 70 %, a taxa de actividade feminina o 34 por cento e a taxa de actividade xuvenil o 66 %. A taxa de actividade total era do 50 por cento.

O Porriño. É un dos centros industriais da comarca de Vigo. Na década dos oitenta o proceso de modernización da súa economía concretouse nunha perda case total da poboación ocupada no sector primario, que pasou do 18 ó 4 por cento. O gran salto prodúcese no sector servicios, de forma que nesa década rexistra un forte proceso de terciarización, ata converterse na primeira actividade económica en canto ó número de ocupados. Nesas datas pasa do 30 ó 44 por cento do total de poboación ocupada. O sector industrial non sofre variacións, pois entre 1981 e 1991 permanece estable co 39 por cento dos ocupados. Outro tanto cabe dicir da construcción, cunha taxa de ocupación que a penas variou neses dez anos: do 13 ó 14 por cento. En calquera caso, O Porriño é un dos centros industriais de Galicia.No que fai referencia á súa taxa de actividade por grandes grupos de idade e sexo, referidos a 1991, a taxa de actividade masculina situouse no 74 por cento; a taxa de actividade feminina no 30 % e a taxa de actividade xuvenil no 49 por cento. A taxa de actividade total está no 50 por cento.

Redondela. E outro dos municipios punteiros no seu desenvolvemento industrial. Nos anos oitenta os efectos da crise déixanse notar no seu tecido empresarial co peche dalgunhas empresas e o menor grao de actividade. O resultado de todo isto é que a poboación ocupada na industria baixa do 38 ó 33 por cento. É probable, non obstante, que se recuperase algo a partir de 1995, e sobre todo no 1996. No que respecta ó sector primario, a poboación ocupada diminuíu en doce puntos e caeu do 21 ó 9 por cento. A construcción aumentou catro puntos, do 11 ó 15 por cento da poboación ocupada.

Redondela rexistrou o maior aumento na taxa de ocupación do sector servicios, que nese decenio gañou catorce puntos ó pasar do 30 ó 44 por cento. O que denota un claro proceso de terciarización da súa economía.

En canto á taxa de actividade por grandes grupos de idade e sexo, correspondentes a 1991, a taxa de actividade masculina aproxímase ó 71 por cento, a taxa de actividade feminina é do 36% e a taxa de actividade xuvenil alcanza o 54 por cento. A taxa de actividade total está no 52 %.

Salceda de Caselas. O municipio tiña no 1981 a maioría da poboación ocupada no sector primario, que alcanzaba unha taxa do 37 por cento, sen embargo nos anos seguintes se produce un cambio profundo na súa vocación económica e o número de ocupados queda no 9 %, 28 puntos menos. Esa notable perda de protagonismo do sector primario é compensada polo crecemento dos outros sectores, aínda que cabe subliña-lo incremento que se produce na industria, pois entre 1981 e 1991, pasa do 25 ó 37 por cento da poboación ocupada, converténdose na primeira actividade económica do municipio.

A construcción anota un lixeiro incremento, do 18 ó 22 por cento da poboación ocupada, e o sector servicios aumenta tamén a súa taxa de ocupación, do 20 ó 32 %. No que fai referencia á taxa de actividade por grandes grupos de idade e sexo, segundo datos de 1991, a taxa de actividade masculina é do 71 por cento, a taxa de actividade feminina está no 22 %, unha das máis baixas da comarca, e a taxa de actividade xuvenil no 53 %. A taxa de actividade total queda no 46 por cento.

O Berbés J.S

Soutomaior. Nos anos oitenta o municipio rexistra un proceso de terciarización da súa economía como o revela o feito de que entre 1981 e 1991 a poboación ocupada no sector servicios pase do 32 ó 50 por cento, o que representa un incremento de 18 puntos. A poboación ocupada no sector primario descende do 27 ó 13 por cento, unha tendencia que tamén se dá no sector industrial, ó pasar do 35 ó 25 % dos ocupados. A poboación ocupada na construcción crece desde o 7 ata o 12 por cento. A taxa de actividade por grandes grupos de idade e sexo, referida ó ano 1991, distribúese da seguinte maneira: a taxa de actividade masculina é do 68 %, a taxa de actividade feminina está no 31 por cento e a taxa de actividade xuvenil no 55 %. A taxa de actividade total é do 49%.

Vigo. A cidade máis industrializada de Galicia experimenta nos anos oitenta unha perda significativa de tecido empresarial no sector industrial e un aumento equiparable a esa perda no sector servicios. No primeiro caso a poboación ocupada na industria descende do 36 ó 28 por cento; polo contrario, os ocupados no sector terciario aumentan do 54 ó 60 %. A taxa de ocupación no sector primario a penas si ten variacións, permanece no 4 %, e a construcción pasa do 8 ó 9 %da poboación ocupada. Pódese dicir que Vigo é unha sociedade moderna, cada vez máis terciarizada pero con un potente sector industrial que se reactivou nos últimos tres anos. En canto á taxa de actividade por grandes grupos de idade e sexo, datos de 1991, a taxa de actividade masculina está no 69 %, a taxa de actividade feminina rolda o 37% , e a taxa de actividade xuvenil –a máis baixa da comarca– sitúase en torno ó 41%. A taxa de actividade está no 52 %, das máis altas da zona. ❦

Vigo, a modernidade

AÍNDA que lles pese a algúns, a cidade de Vigo e a súa comarca son o foco de maior avance no noso país, en rifada competición coa capital herculina. A urbe viguesa e tódolos seus arredores respiran certa modernidade que só é posible cun aceptable desenvolvemento económico, pero que dentro do aspecto urbano da comarca (hai outra face máis verde e paisaxística no interior) se respira e é posible atopa-la presencia dunha variada oferta de lecer. Desde o fútbol, pasando por diversos actos culturais (aí están por exemplo o teatro García Barbón ou o parque de Castrelos) e as numerosas feiras e congresos que teñen lugar no recinto feiral de Cotogrande. Vigo, a pesar de ser unha grande urbe, ten tamén zonas e recunchos nos que pasear e admira-las pegadas do pasado; a zona do Berbés (primitivo porto), os arredores da Porta do Sol ou da concatedral de Vigo, ou a concorridísima rúa do Príncipe. Tamén en Vigo pode desfrutarse do parque do castro, do zoolóxico ou da animada praia de Samil, fronte á que, no horizonte, se divisan as illas Cíes, importante
reserva natural e concorrido punto ó que acoden no verán os turistas. Costeando cara Redondela, algún dos lugares de irrenunciable visita é a enseada de San Simón, fronta á illa, cargada de historia e lenda, do mesmo nome. Na vila redondelá, o que quizai sorprende máis os visitantes é a ponte metálica do ferrocarril. Tamén a ermida do Viso ten algún atractivo para achegarse ata ela.

O Concello de Soutomaior ten na formidable fortaleza do mesmo nome o seu monumento máis emblemático, símbolo do esplendor da casa fidalga dos Soutomaior. O castelo, hoxe en día lugar de acceso público, domina unha impresionante vista e ten, nas súas costas uns engaiolantes xardíns nos que deixar correr o tempo. A célebre ponte de Pontesampaio é outro monumento capaz de facerlle sombra ó castelo. Para os amantes da atractiva gastronomía das rías baixas, Arcade ten merecida sona polas súas ostras. Cara ó interior, en Fornelos e Pazos de Borbén abundan as insculturas rupestres prehistóricas, espalladas aquí e acolá no medio da fermosa paisaxe. En Pazos tamén merecen certa atención as igrexas de Nespereria e Amoedo, mentres que en Fornelos teñen interese a área recreativa de Pontevilán e mais unha antiga vía medieval no lugar de Estacas.

No sur da comarca, Nigrán, Gondomar e mais Baiona, concellos cun clima moi agradable durante a estiaxe. Entre os monumentos que deben visitarse está o pazo de Gondomar, o templo Votivo do Mar en Nigrán, obra do arquitecto Palacios, preto dunha capela prerrománica e, sobre todo, na vila de Baiona o castelo de Monterreal, no que se atopa o Parador de Turismo e os seus arredores, nos que se lembra a memoria do descubridor Cristóbal Colón, nun fermoso monumento e na réplica da carabela Pinta, que permanece ancorada no porto baionés.

Edificio Museo Laxeiro J.S

Cara ó interior, en Mos, aínda se conservan os restos do pazo de Mos. A interesante igrexa de San Salvador de Mos foi reconstruída mantendo no posible o seu legado románico. Tamén no concello se celebra a popular e concorrida 'Festa da Rosa'.

Porriño, pola súa banda, é a terra do granito. Granito que se eleva con singular beleza na casa do concello, obra do arquitecto Palacios, natural desta vila. E granito que domina as fachadas de moitos edificios do casco antigo. Porriño ten tamén un interesante enclave natural nas Gándaras de Budiño, que acolle numerosas especies da fauna, especialmente aves e no que se atoparon ademais restos moi antigos do home paleolítico.

Este espacio natural é tamén compartido co Concello de Salceda de Caselas, no que abundan espléndidos pazos, como o da Casa Grande da Picoña ou o de Pegullal en Salceda.

E todavía ó longo e ancho da comarca seguirá habendo edificios, paraxes, festas, cheos de interese para os turista.

Todo isto, unido ó clima agradable da zona, fan das terras de Vigo un destino máis que atractivo. ❦

Monumento Arquitectónico
Casco histórico
Casa de turismo rural
Catedral
Igrexa
Baldaquino
Fortaleza
Museo
Porto deportivo
Petroglifos
"Cruceiro"
Ermida
Monumento conmemorativo
"Pazo"
Folclore
Festas gastronómicas
Paraxe natural
Ponte
Restos arqueolóxicos
Castro
Zoo
Barrio mariñeiro
Praia fluvial
Praia
Área recreativa
Desenvolvemento Comarcal
Límite camarcal
Autoestrada estatal
Estrada estatal
Primaria básica
Primaria complementaria
Secundaria complementaria
Estradas de la Deputación
Resto de estradas
Ferrocarril
Camiño de Santiago
2.000 m 0 2 4 6 8 Km
COMARCA DE VIGO
PONTE-CALDELAS
VILABOA
MARÍN
SOUTOMAIOR
FORNELOS DE MONTES
PAZOS DE BORBÉN
MOAÑA
CANGAS
REDONDELA
MONDARIZ
O COVELO
MOS
MONDARIZ-BALNEARIO
VIGO
PONTEAREAS
O PORRIÑO
NIGRÁN
AS NEVES
ARBO
SALCEDA DE CASELAS
SALVATERRA DE MIÑO
BAIONA
GONDOMAR
TUI
Castro do Monte da Cividade
Pazo de Falcato
Pazo de A Levada
Illa de San Simón
Illa de Monteagudo
Illa del Faro
Illa de Toralla
Illa de San Martiño
Illas Estelas
Illa Canal
Ría de Vigo
Praia de Samil
Praia América
Encoro de Zamans
Encoro de Eiras
Barranco de Portanzo
Río Ulla
Río Verdugo
Río Lagares
Río Lérez
Río Xiabre
Río Tea
Río Louro
Río Caselas
Río Miñor
Río Xinzo
Río Uma
Río Parada
Río Cabalo o Pilleiro
Río Alto
Río Ro
Río Cea
Río Arnoia
Río Tripes
Río Tamuxe
Río Tripes
Vilaboa
Rial
Soutomaior
Igrexa
Fornelos de Montes
Redondela
Pazos
Mondariz
Mondariz (Balneario)
O Covelo
Mos
Ponteareas
O Porriño
Nigrán
Baiona
Gondomar
Salceda
Estampada
Consistorio Arbo
As Neves
Salvaterra do Miño
Tui

O futuro da Comarca de Vigo

A comarca metropolitana de Vigo constitúe a máis extensa e poboada das comarcas galegas, que ten na cidade de Vigo o seu centro de gravidade. A súa localización xeográfica fai que o ámbito de actuación socioeconómico se estenda tamén cara ó espacio transfronteirizo do norte de Portugal. Dada a súa extensión, conviven nela sistemas productivos contrastados e diversos, aínda que o turismo, a pesca, a industria (granito, alimentación, químicas, metalúrxica, naval) e o tráfico comercial son os soportes principais da súa economía.

A situación presente e as perspectivas de evolución futura da súa estructura económica presentan unha serie de puntos fortes e debilidades, producto dun proceso de axuste industrial moi importante, que afectou ás ctividades básicas sobre as que se apoiou o despegue urbano da cidade.

En Vigo e, en xeral, en toda a comarca constátase a concentración sectorial da oferta de traballo, o que supón unha forte dependencia do seu sistema productivo. Tal é o caso da industria automobilística, da que o seu peso polariza a súa estructura económica con máis dun tercio do emprego, directo e indirecto, da comarca metropolitana.

O sector da construcción naval, a pesca e o porto tamén tiveron que afrontar unha conxuntura difícil. Hoxe conseguiron unha reestructuración productiva necesaria para seguir competindo nos mercados mundiais. Así, Vigo, reforzouse como centro de liderato indiscutible na pesca, tanto en fresco como en conxelado. Aínda que actualmente, o sector pesqueiro estea moi condicionado pola internacionalización dos mercados e o papel cada vez máis influínte das organizacións multilaterais de xestión das pesquerías, a evolución das empresas locais e do porto é positiva. De feito, o seu porto pesqueiro ten unha proxección mundial, especializado no ramo do peixe conxelado e o seu preparado industrial que está experimentando unha importante expansión. A capacidade frigorífica do porto sitúao entre os primeiros do mundo, sendo a combinación de peixe fresco e o refrixerado o que lle dá peso específico ó porto.

A estas cifras hai que engadirlle o do tráfico de colectores, cun volume que experimentou un crecemento moi importante, aínda que unha elevada proporción deste tráfico esta relacionado coa planta de automóbiles de Citroën.

DE cara ó futuro faise necesario avanzar na potenciación do porto, traballando na modernización das súas instalacións e servicios, nunha maior competitividade das súas tarifas e nunha mellora das infraestructuras para o transporte e comunicacións que enlazan co exterior, gañando en eficacia, o que permitirá mante-lo porto entre os primeiros ➪

Praza de Compostela J.S

o ránking da actividade pesqueira e seguir gañando postos no transporte de mercadorías.

A industria naval, con experiencia pesqueira centenaria, é unha actividade ateigada de altos e baixos, aínda que na actualidade vive un momento de auxe. Para garanti-lo mantemento destes postos de traballo e prever premas futuras procúrase amplia-la carteira de pedidos, o que indirectamente permitirá mante-la industria auxiliar do sector. Toda esta proposta de futuro pasa por unha estreita colaboración entre tódolos estaleiros existentes na comarca, evitando duplicidades de servicios, mantendo a alta profesionalidade do sector e unha adaptación tecnolóxica permanente que nos faga competitivos nos mercados internacionais.

A incorporación da alta tecnoloxía a todos estes procesos industriais e manufactureiros, ademais da innovación das súas liñas productivas son os piares básicos para consegui-la súa competitividade nos mercados. Así mesmo, hoxe en día estase a traballar na procura dunha maior diversificación económica encamiñada sobre todo cara a un terciario superior, onde os servicios de calidade avanzados a empresas é o seu reto máis importante. Ó seu favor ten a extensa e poboada área de influencia, aínda que ten que competir con outras cidades de especialización terciaria e función rexional. O turismo é outro potencial económico dentro da comarca. Vigo coa súa ría, Baiona e as Cíes



Concello de Porriño J.S

conforman unha oferta turística diferenciada de gran calidade, que experimentou un forte crecemento nos últimos anos e que, no caso de Baiona, provocou a especialización da economía local reforzando o seu contorno como principal polo de atracción turística da comarca. Sen embargo, o crecemento urbano non sempre controlado e unha forte presión constructiva sobre os núcleos costeiros está causando unha deterioración moi importante de cara á atracción turística. ❦

XUNTA DE GALICIA